





DOCUMENTOS DA CATEDRAL DE LUGO  
SÉCULO XIV

PORTELA SILVA, María José  
Documentos da Catedral de Lugo, século XIV /  
María José Portela Silva. — Santiago de Compostela :  
Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio  
Histórico, 2007. — 2 v. ; 24 cm. — (Fontes para a  
Historia de Galicia ; 5)  
D.L. PO 925-2007. — ISBN 978-84-96530-39-3 (o.c.)  
1. Catedral de Lugo-Historia-S. XIV-Fontes. 2.  
Patrimonio eclesiástico-Lugo (Diocese)-S. XIV-  
Fontes. 3. Lugo (Diocese)-Historia-Fontes. I.  
Consello da Cultura Galega. Sección de Patrimonio  
Histórico. II. Título

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel. 981 957 202 Fax 981 957 205  
correo@consellodacultura.org

Proxecto gráfico  
e deseño de cubertas  
MANUEL JANEIRO

ISBN 978-84-96530-39-3 (o.c.)  
ISBN 978-84-96530-54-6 (v. 1)  
Depósito legal PO 925-2007

Imprime  
Mabel Aguayo, CB  
Pontevedra

MARÍA JOSÉ PORTELA SILVA

DOCUMENTOS DA CATEDRAL DE LUGO  
SÉCULO XIV

Vol. I



CONSELLO  
DA CULTURA  
GALEGA

SECCIÓN DE PATRIMONIO HISTÓRICO



## NOTA LIMIAR

Toda cultura que se prece aspira a dispor dunha compilación ordenada e explicada da súa riqueza patrimonial. Poden ser monumentos arquitectónicos, epigráficos ou etnográficos, poden ser rexestos de cultura popular literaria e musical, poden ser mostras de cultura inmaterial e, por suposto, poden ser todas aquelas fontes documentais que dan testemuño da acción dos devanceiros. Con frecuencia, todo este patrimonio foi compilado desde vellos tempos na forma de «monumenta histórica», que son as colectáneas que se atopan na maioría dos países europeos, desde o século XIX.

No caso de Galicia, non dispomos exactamente destes «monumenta», por máis que fosen rescatadas e editadas moitas das fontes antigas, medievais (e mesmo modernas) do seu patrimonio epigráfico, etnográfico e documental, por parte de beneméritas institucións como a Real Academia Galega, o vello Seminario de Estudos Galegos ou as Comisións Provinciais de Monumentos. Como unha forma de contribuír a encher este vagantío, o Consello da Cultura Galega pretende, desde hai moitos anos, ir dando a lume este material documental baixo a forma de «Fontes para a Historia de Galicia». Non está publicado todo o que sería de desexar, pero a serie xa dispón dun notable acervo que, pouco a pouco, se irá agrandando ata volverse propiamente un exemplo de «monumenta histórica», por máis que non teña este nome no seu frontispicio.

A esta serie corresponde o libro que agora se publica. Trátase dos *Documentos da catedral de Lugo. Século XIV*, que segue a outro volume publicado hai varios anos, correspondente á documentación do século XV. Nunha e noutra entrega, a persoa encargada da súa transcripción e edición foi a profesora da Minerva compostelá María José Portela Silva, autora moi acreditada nesta laboría da edición de manuscritos da historia medieval e moderna de Galicia.

Infelizmente, este novo libro é publicado de forma póstuma, pois a profesora Portela finou antetempo a fins de 2006, na flor da súa sazón vital e profesional. Pero o traballo que deixou rematado, agora axudado a editar polo seu colega

de Departamento universitario e de obra investigadora, José García Oro, é a mellor mostra da súa profesionalidade e do seu entusiasmo investigador.

Coa publicación deste volume, o Consello da Cultura Galega quere recoñecer o empeño que María José Portela puxo na súa colaboración con esta institución e a relevancia que a súa obra ten, malia ser abruptamente truncada, para o coñecemento da historia de Galicia e, en xeral, da súa cultura toda.

*Ramón Villares*  
Presidente do CCG



## INTRODUCCIÓN

### A DOCUMENTACIÓN MEDIEVAL LUCENSE

Cando se inicia o século XIV, a Igrexa de Lugo xa ten unha densa e longa historia institucional representada pola curia episcopal cos seus diversos oficios e oficiais, o Cabido coas súas dignidades e estamentos, o señorío temporal episcopal e capitular cos seus titulares e oficiais, o sistema benefical coa súa rede de igrexas e títulos, os interlocutores eclesiásticos (mosteiros e conventos) e segres (nobres e cabaleiros lucenses). Todos eles, en teoría, comunicáronse en formas escritas e plasmaron os seus tratos sociais en documentos normativos, patrimoniais, contractuais, arbitraris, contables e epistolares. Sede preferente da produción documental foi a cidade de Lugo e, sobre todo, as súas instancias máis activas, o bispado e o Cabido. Houbo tamén outras sedes en que eventualmente se dataron documentos, como as poboacións maiores e as casas episcopais e señoriais existentes nas comarcas. Por tratarse de comunidades alfabetizadas, o exercicio da escritura en todas as súas formas foi unha función normal. Pero os documentos necesitaron cada vez máis de formalidades e garantías que lles asegurasen o valor xurídico. De aí a necesidade de recorrer na maior parte dos casos aos profesionais das escrituras e da publicidade documental que son os notarios. Nos séculos XIV e XV a profesionalización da escritura era xa un feito xeneralizado, mesmo na área lucense. Todas as institucións e cada persoa contan regularmente cun *escripván*, que redacta e formaliza a correspondencia escrita privada. Todas as persoas e institucións sêrvense dos notarios para dar valor público aos seus escritos.

#### 1. Escrituras privadas e actas da Igrexa de Lugo

Na práctica das corporacións e persoas eclesiásticas existía desde séculos atrás unha esfera privada da documentación. Esta documentación privada ten certa variedade. Pode carecer enteiramente de signos que a acrediten e ser unha

simple relación de contidos, como as noticias simples de acontecementos sen prentensións de publicidade; pode ter algunha forma notificativa que indique a disposición persoal ou comunitaria, presentando diso só testemuñas; pode estar referendada por selos e subscricións dos propios autores dos documentos; pode ter calquera destas formas privadas e recibir a publicidade coas fórmulas e os signos notariais.

Un rico mostrario destas escrituras privadas existe no *Memorial de aniversarios* da catedral lucense<sup>1</sup>. Os asentamentos alí contidos e dispostos pola orde do calendario eclesiástico conteñen na maioría dos casos noticias e mandas. As primeiras relatan en terceira persoa as mandas e legados dos fundadores de aniversarios. As formas máis correntes son:

«X asigno a los canonigos lucenses X sueldos para su aniversario sobre (propiedade inmoble gravada)»;

«Aniversario de X por X sueldos sobre (propiedade gravada e eventual reversión ao Cabido)»;

«Hoy se celebra el aniversario de X que legó al cabildo para sus honras X (propiedade ou rendas anuais)».

As *mandas* conservan a súa redacción típica testamentaria na que o doador expresa a súa vontade de encargar os sufraxios e de custealos. Nelas exprésanse con máis precisión os termos da disposición: autor, fundación, dotación en propiedade e rendas anuais. En caso de proceder, a iniciativa da corporación, en xeral en recoñecemento a un benfeitor, leva unha forma notificativa. As formas máis correntes son:

«En la era de..., yo, X, asigno a los canonigos lucenses para mi aniversario X sueldos sobre mi (casa, cortiña, herdade, etc. coa súa localización e usufrutuarios)»;

«En la era X... Conocida cosa sea a todos los que el dean y cabildo de Lugo disponen (honras fúnebres) en favor de X por renda anual X sueldos».

«Era X... seabean quantos este scripto viren, como euxe boo corazón dou et ourtorgo por mia alma et en doaçon ontre vivos ao Cabido de Lugo XXX... Testes... X qui *notuit*».

Unha forma intermedia é a que usan os notarios testificando en forma simple, sen formalidades textuais nin signos, a existencia dunha última vontade, talvez non consignada en testamento público, que dispón en favor do Cabido unha manda pía e as súas obrigacións. A forma máis corrente di:

«era X, en presenza de min X, notario publico, et das testes en esta carta escriptas, para isto chamamas et rogadas, estando en... X confessou et disso que...».

Nos primeiros anos do século XIV prosegue o costume de consignar por escrito moitos dos actos capitulares, coma os depósitos e préstamos de bens e obxec-

<sup>1</sup> Remitimos á edición de Santiago Jiménez, en *Jubilatio*, I, 161-227.

tos culturais, sobre todo dos libros<sup>2</sup>. Con máis frecuencia realízanse en forma privada os arrendos. A forma textual, en latín impersoal, iníciase pola data; segue coa noticia do acto e dos termos en que se estableceu (bens arrendados, renda que satisfacer, garantías especiais en caso de vasalaxe, bonificacións que realizar, fiadores e fianzas)<sup>3</sup>. Arréndanse bens, pero sobre todo oficios e funcións, como as administracións dos aniversarios, que se fan esixindo grandes garantías e fianzas e fixando a corresponsabilidade do Cabido nos casos de forza maior (por intervención do Rei, do meiriño maior, do conde ou cabaleiro e do infante) ou calamidade pública<sup>4</sup>.

Un dos campos propios das escrituras privadas con acento na *noticia* e na certificación mediante a subscrición autógrafa son as *Contas dos mordomos* capitulares, das que estudamos o seu contido noutro momento. Na terminoloxía do tempo levan o nome de *albalá*, no sentido de nota de constancia. Iníciase nuns casos con certa solemnidade pola data e na maioría dos casos pola noticia: «he pago X...». Preséntase como *conta rematada* ou carta-conta do mordomo con cada un dos capitulares: o estado de contas no que se atopa con respecto á administración comunitaria que leva ao día o mordomo, precisando conceptos, cantidades, prazos e tratos en curso. Remata cunha forma de *constancia*: «et porque esto he verdade, os ditos XX scripviron aqui seus nomes». Non obstante, case sempre consta só a subscrición do capitular debedor-credor<sup>5</sup>.

Vaise substituindo esta *noticia* impersoal por un contrato notificativo do Cabido a partir dos primeiros decenios do século. A nova escritura ten un teor amplo que segue de preto ao foro:

- notificación e intitución capitular, con indicación de sede;
- dispositivo contractual das partes: arrendo da administración e os seus termos, coas obrigacións mutuas (rendas a prazos con sancións para os eventuais

<sup>2</sup> O asentamento dun préstamo leva normalmente a data completa; as listas dos obxectos arrendados, ás veces coa indicación da súa procedencia, o destinatario e as garantías (prazos, penalizacións e fianzas). Un exemplo na escritura do 22 de xaneiro de 1200. *AHN*, Códice 1042 B, f. 41v. Ás veces consígnanse noticias de préstamo sen ningunha formalidade. Así, na escritura do 24 de abril de 1313, un arrendo en forma privada, anótase: «ten o archidiago, Maestre Affonso, do Cabidoo, hun Herbolario, et hun Tacuyno, os quaes tinna Maestre Estevo, et hunas Sentenças, as quaes tyna Maestre Fernando». *Ibid.*, f. 54v. Noutros casos os préstamos e depósitos exprésanse en forma de cédula de coñecemento ou de obrigación, indicando que o depositario reconece por escrito que ten no seu poder os obxectos que se enumeran. A forma é comunmente: «X conoçe et outorga que ten do Cabidoo...».

<sup>3</sup> Varias escrituras de arrendos a capitulares ou a parentes do Cabido, todas elas datadas ao longo de 1300, *ibid.*, ff. 41v-42r, 45v-55r.

<sup>4</sup> Un exemplo destes arrendos internos practicados polo Cabido con todas as garantías contense na escritura do 24 de xuño de 1308, pola que o Cabido arrenda por termo de dez días ao xuíz lucense Xoán Becerra os aniversarios vellos, establecendo unha serie de condicións tipicamente forais como a reconstrución das casas desta administración. *Ibid.*, 42v.

<sup>5</sup> Da documentación contable lucense dos séculos XIV e XV só nos chegaron os *Cadernos de contas* do mordomo Fernando de Cortiñas, nos anos 1420-1430, que hoxe se custodian no ACL.

incumprimentos: tutela capitular); aceptación e fianzas (con asentimento dos fiadores) por parte do titular do arrendo;

- data completa con indicación de sede e data;
- relación de testemuñas;
- fórmula notarial de copia para a súa validez pública<sup>6</sup>.

Nesta forma notificación tamén se desenvolven os acordos capitulares normativos, nos que a forza do dispositivo está garantida polos capitulares concorrentes ao acto e as testemuñas que referendan. Este documento evoluciona inevitablemente cara á forma notarial, que cobre regularmente un escribán da corporación ou un notario eclesiástico<sup>7</sup>. Pronto se fai necesaria a presenza permanente dun notario eclesiástico que dea forma pública ás normas acordadas pola corporación e na súa designación faise notar a súa condición episcopal coa forma «notario lucense dado por do obispo al cabildo de Lugo»<sup>8</sup>.

Malia a súa transcendencia xurídica, debida ao réxime de inmunidade que afecta aos bens eclesiásticos, as *doazóns* de bens fanse con frecuencia en forma privada, cunha carta notificación, ou semipública, ou mediante cartas seladas. Trátase, en xeral, de favores puntuais cos que recompensan méritos dun particular ou, noutros casos, simples doazóns internas que fan particulares á corporación. Utilizan esta forma as dignidades eclesiásticas e, sobre todo, os prelados, que coas súas cartas seladas poden salvagardar os dereitos. Non faltan casos en que o mesmo Cabido realiza unha graza desta forma<sup>9</sup>. Son cada vez máis excepcións porque o máis seguro para a corporación e para os que teñen tratos con ela é que os documentos leven forma pública completa, mediante o referendo notarial. Xa nos primeiros decenios do século XIV se nota esta preferencia pola forma notarial, mesmo

<sup>6</sup> Véxase como exemplo a escritura do 30 de maio de 1340: escritura particular do arcediogo de Abeancos en favor dun clérigo que o notario Fernando Pérez traslada en forma pública. *Ibid.*, Códice 416 B, f. 71r.

<sup>7</sup> Escrituras do 25 de marzo de 1305 (*ibid.*, Códice 1042 B, f. 43v); 6 de decembro de 1305, na que Arias Pérez, en calidade de còengo e notario de Lugo, «de mandato Domini Episcopi et Capituli, scripsi» (*ibid.*, f. 44r).

<sup>8</sup> Escritura do 8 de xullo de 1345 (*ibid.*, f. 83r), referendo (*ibid.*, f. 77r).

<sup>9</sup> Escritura do 21 de xaneiro de 1307, na que o Cabido realiza un aforamento, «con outorgamento de noso Sennor don Rodrigo» e válida «con noso seello colgado». Pola súa parte, o prelado reitera a aprobación do trato e apón o seu propio selo colgado. *Ibid.*, carpeta 1332 A/17. Na escritura do 16 de xullo de 1309 ofrécese, en cambio, un caso típico de dotación de aniversario que consiste nunha carta notificación do acto que termina na soa data, sen testemuñas de referendo. *Ibid.*, códice 1042 B, f. 48v. Ben expresiva de certa reserva nos favores e premios por servizos á Igrexa é a carta dada conxuntamente polo bispo, o deán e o Cabido en Fontenova, 2 de xullo de 1347, gratificando a Afonso Díaz de Germar cun foro de dúas voces, na que non se aducen testemuñas do acto nin recurso a notario público, senón que se dá como garantía «esta nosa carta seellada de nosos seellos». *Ibid.*, Códice 416 B, f. 54v.

en doazóns privadas e internas, como as que fan os membros do Cabido lucense para aumentar o patrimonio da corporación<sup>10</sup>.

Nin sequer a documentación procesual escapa a esta tentación de privatizar os tratos. Acontece frecuentemente cando as partes litigantes nomean un árbitro para dirimir a contenda e prometen atermosenteiramente ao seu ditame. Unhas veces o trato queda no ámbito familiar. Outras cinguese a un determinado estamento que xura acatar a decisión dun colega, elixido como árbitro. O caso máis típico ofréceno as sentenzas do xuíz lucense, nas que se alegan ás veces os documentos das partes.

A forma do documento é notificativa e ten dous teores ben diferenciados: o propio das sentenzas arbitrais, que se expresa nestes termos: «conusçuda cousa seia como contenda de juyço fosse entre X et X... et elles de se praçer meteronse en mao de min X... que eu vise as demandas que se façian... et se os podese aviir, senon que mandase entre elles o que achase por dereyto... et eu X vi as demandas... et raçoes... et o dereyto... et a plaçer deles mandey... et as partes presentes receveron este mandato»<sup>11</sup>. O de teor amplo, que ten estas partes:

— notificación: «sabean quantos esta carta viren como ante mi X, juy de Lugo, fosse contenda de juyso entre X et X...».

— demandas: «el logo o dito X presentou ante min contra o dito X huna demanda, feyta en tal maneira: ante vos, X, juy de Lugo... porque vos peço que en sentença lle mandedes... contra a qual demanda o dito X disso que... et para esto deu ante min testemoyas... ata que anbas las partes concludiron e pediron sentença».

— deliberación e sentença: «ende eu... vista et examinada a demanda... et a prova et o proçeso do pleito... et avendo de todo consello con omes boos letrados, sabedores de dereyto, dia asygnado aas partes para dar sentença, sendo en lugar de julgar as partes presentes, en estos escritos definitivae sententiae pronunçio que...».

— subscrición: «en testemoyo... esta carta seellada con meu seello pendiente».

— data: «que foy feyto...».

— testemuñas: «testemoyas que foron presentes...»<sup>12</sup>.

*Documentos privados* por definición son as *cartas persoais*, que poden ter forma notificativa ou intitulativa, caso típico das cartas misivas. É típico destes documentos o carecer de subscrición e pecharse coa data ou tela de só o escribán-secretario da persoa autora da misiva. Na documentación lucense baixomedieval

<sup>10</sup> Moi expresivas son neste sentido dúas escrituras do 28 de decembro de 1335. Nunha o deán don Fernando Arias doa ao Cabido o casal de Vileiriz. Foi expedida con signo notarial e copiouse no *Livro do cabidoo* sen esta formalidade. Non obstante, cumpríase na escritura de doazón que fai o tesoureiro lucense Arias Peláez dunhas casas na rúa do Burgo Novo, nas mesmas datas. Véxanse ambos os textos *ibid.*, ff. 3v-4r.

<sup>11</sup> Escritura do 1 de febreiro de 1302. *Ibid.*, carpeta 1332 A/1.

<sup>12</sup> Escritura do 23 de decembro de 1351. *Ibid.*, carpeta 1332 E/26.

non faltan estes documentos privados, que son o reflexo das relacións de personaxes influentes, como o infante don Filipe<sup>13</sup>, a alta nobreza que temporalmente se estableceu na área lucense e os prelados<sup>14</sup>. Polo demais, a *carta intitiativa* ponse de actualidade ao final da Baixa Idade Media co personalismo monárquico que ten os seus reflexos na documentación emanada da *chancelaría da puridade*, antesala das secretarías modernas e modelo directo tamén para as cartas misivas. De feito, os oficiais reais prefiren tamén esta forma intitiativa para as súas disposicións emanadas unhas veces en forma de cartas misivas<sup>15</sup> e máis frecuentemente en forma de providións reais.

## 2. A documentación solemne e institucional

A documentación corporativa e institucional da Igrexa de Lugo, que ten como autores o bispo, as dignidades nos seus distritos e o Cabido como comunidade eclesiástica e señorial, herda o teor tradicional das cartas públicas, pactos e concordias e validase regularmente mediante subscrición dos autores e aposición do selo persoal e institucional. É a forma normal de emisión dos documentos que agora, en plena época notarial, se reforza coa presenza e o signo notarial. Así, o notario funciona para estas persoas e corporacións como oficial das escrituras ao servizo das institucións e subscribe como escribán-notador á vez que se eleva a titular da fe pública no ámbito puramente civil.

Na Igrexa de Lugo teñen selo propio os prelados, as dignidades e o Cabido. Unha descrición do século XII recórdanos a efixie destes selos: «el sello del obispo es largo, contiene en su cara una imagen pontifical vestida con las vestiduras episcopales, cubierto con la mitra, manteniendo con su mano izquierda el

<sup>13</sup> Véxanse como exemplo as dúas cartas do Infante, unha datada en Lugo o 12 de decembro de 1312, na que se propón a si mesmo como mediador entre a Igrexa e o Concello lucense (ACL, Fondo Cañizares, pp. 1128-1131), e outra datada en Madrid o 13 de marzo de 1327, comprometéndose a entregar ao bispo a fortaleza edificada sobre a Porta de San Pedro (*ibid.*, *Tumbillo Nuevo*, f. 105D r-v). En ambas subscribe o escribán persoal do Infante. Por unha copia notarial sabemos a súa forma externa: «escrita en pulgameo, seellada con sello colgado do dito Ynfante Don Felipe et hun cordon verde, et escripto en ella o seu nome con sua mao, segundo en ella aparecía» (*ibid.*).

<sup>14</sup> Véxanse as cartas do bispo don Xoán Martínez, incluídas na escritura de Lugo, 24 de outubro de 1339 (*ibid.*, códice 416 B, f. 59r); de Don Fernando Ruiz de Castro, de Sevilla, 23 de xaneiro de 1351 (*ibid.*, carpeta 1332 E/24), Murviedro 1363 (*ibid.*, Códice 416 B, f. 106v) e San Fiz, 24 de xaneiro de 1371 (*ibid.*, Carpeta 1332 F/18); de dona Beatriz, aia de dona Xoana, esposa de don Fernando de Castro (*ibid.*, Códice 416 B, f. 53v); do conde don Pedro Enríquez de Castro, de Lugo, 23 de novembro de 1379 (*ibid.*, ff. 103v-104r); de don Pedro de Villandrando, gobernador do Reino de Galicia, de Lugo, 8 de outubro de 1477 (*ibid.*, Carpeta 1333 C/20).

<sup>15</sup> Escritura de Lugo, 26 de setembro de 1358, en forma de carta misiva do meiriño maior de Galicia aos oficiais reais e señoriais na que subscribe Pedro López en calidade de escribán-secretario (ACL, *Tumbillo Nuevo*, ff. 109Er-109Fr).

báculo pastoral; a ambos lados está la figura de un fraile y la figura de un lobo; a los pies de la imagen está la cabeza de un lobo». «El sello del cabildo de Lugo es cuadrado y dividido en cuarteles, con la cabeza de un hombre en cada cuartel; lleva la inscripcón o leyenda seguinte: + Si(gillum) Cap(itu)li Lucen(sis) Ecc(les)ie»<sup>16</sup>.

Usan estes selos xunto coas subscricións nas escrituras eclesiásticas, sobre todo para garantir os documentos de provisións, doazóns e acordos ou pactos. En primeiro termo, as dignidades lucenses que teñen competencias específicas coma os arcediagos, que realizan as provisións beneficiais dos seus distritos. O procedemento máis corrente é o dunha escritura notificativa na que se relata a vacante circunstanciada dun beneficio, indícase a presentación do novo candidato polo titular do padroado e procédese á institución do novo titular cunha cláusula dispositiva:

— «le confiero la posesion del beneficio X vacante...».

— «le instituyo rector de la iglesia X..., lo constituyo prelado perpetuo de la iglesia de X...».

— «para que conste lo hago sellar con el sello de mi oficio, con mi sello colgado».

— testemuñas presentes XXX.

— Data<sup>17</sup>.

Progresivamente, este formulario perfeccionouse poñendo en parangón os tres elementos de validación: a subscrición persoal, o selado e a certificación notarial. A forma máis usada será: «et porque seia certo, mandei delo dar esta carta firmada de meu nome et sellada de meu selo; et por mayor firmedume rogamos a X, notario publico en X, que fesese ende, esta carta et posese en ella seu signal»<sup>18</sup>.

Practícase tamén a forma intitiativa nas provisións beneficiais, seguindo un sinxelo esquema epistolar:

— intitulación do dignatario;

— dirección aos interesados (clérigos e fregueses dunha freguesía);

— saudación sinxela: «soude et boaventura»;

— notificación da vacante e da presentación patronal;

— colación do beneficio ao novo titular coas súas competencias e o acatamento que lle corresponde;

<sup>16</sup> O texto latino desta descripcón contense no proceso sobre a posesión das igrexas de Melide entre as igrexas de Mondoñedo e Lugo (25 de agosto de 1285). *Episcopologio*, 244.

<sup>17</sup> Exemplos destas provisións nas escrituras do 14 de maio de 1304 (*ibid.*, códice 1042 B, f. 50r); 8 de setembro de 1305 (*ibid.*, códice 416 B, f. 44r); 30 de maio de 1340 (*ibid.*, f. 71r); 16 de febreiro de 1346 (*ibid.*, f. 49v).

<sup>18</sup> Entre os moitos exemplos que se poderían aducir, véxanse as escrituras do 12 de xaneiro de 1337 (*ibid.*, códice 416 B, f. 11r), 11 de agosto de 1419 (*ibid.*, carpeta 1332 h/4) e 22 de febreiro de 1442 (*ibid.*, carpeta 1333 A/11). Obviamente, a referencia á subscrición refírese preferentemente aos escritos das personalidades eclesiásticas que roboran normalmente con este requisito.

— institución do beneficiado polo dignatario en persoa ou polo superior xerárquico do distrito, que é o arcepreste: «et mando a X, arcepreste de X, que o instituya por los libros et ornamentos de la (feligresia)»<sup>19</sup>.

Maior solemnidade teñen en teor e símbolos os tratos bilaterais de certa transcendencia: doazóns maiores, cambios de bens entre entidades, pactos de mutua defensa e axuda, avinzas e contratos de encomenda, sentenzas da audiencia episcopal. Este tipo de documentación ten unha solemnidade similar á dos privilexios. Lexitímase mediante un exordio moralizante. Formúlase o seu contido en cláusulas. Ofrecense fianzas e garantías maiores. Son subscritos por todos os concorrentes e sélanse cos selos das partes. Estes son algúns dos tipos máis frecuentes destas escrituras pactuais:

— *Doazóns solemnes* nas que se conceden a unha institución eclesiástica bens eclesiásticos maiores suxeitos a vasalaxe e tributación eclesiástica, nas que o texto se inicia por unha invocación verbal, proséguese cun exordio xurídico, céntrase no dispositivo (doazón coas súas condicións) e péchase coas acostumadas cláusulas de contravención e de roboración mediante a subscripción e o selado<sup>20</sup>. Como é natural, estas formas de doazón evolucionan, en paralelo coa diplomática real, cara a un tipo de carta que ten estreito parecido coas *cartas abertas* e coas *cartas plomadas*. Estas cartas teñen indistintamente formas intitativas e/ou notificativas. O esquema epistolar é elemental:

— breve invocación verbal: «in Dei nomine, amen»;

— intitulación breve: «nos Don X, por la graçia de Deus et da Santa Iglesia de Roma, obispo de Lugo»;

— dispositivo amplo que ofrece a noticia e o contexto do acto;

— orde de selado para roboración: «et porque esto seia çerto, nos lo bispo sobredito mandamos vos dar esta carta aberta et seellada con noso seello»;

— testemuñas;

— data<sup>21</sup>.

As formas intitativas manteñen o mesmo esquema, reducindo considerablemente o texto<sup>22</sup>.

*Cartas executorias dos bispos e dignidades*. Foron probablemente moi frecuentes estes documentos, se ben os libros capitulares recolleron moi poucos

<sup>19</sup> Véxase a carta de Lugo, 22 de febreiro de 1342, citada na nota precedente.

<sup>20</sup> Escritura do 15 de febreiro de 1303, pola que a igrexa de Lugo doa a San Salvador de Chantada a propiedade e o padroado das igrexas de Santo Estevo e Campo Ramiro (AHN, mazo 710; ACL, Fondo Cañizares, p. 922). Outro exemplo, manco, de doazón da igrexa lucense de San Román ao Cabido, *ibid.*, códice 1042 B, f. 46r.

<sup>21</sup> Carta do bispo frei Xoán sobre dotación da mestrescolía lucense, do 16 de agosto de 1317 (*ibid.*, códice 1042 B, f. 75r). Nas cartas capitulares insístease ás veces na necesidade do selo para a validez do documento. Así, na escritura do 26 de xullo de 1469, lese a forma: «mandamosla seellar con o seelo do dito cabildo et sen el non vos la outorgamos» (*ibid.*, códice 419 B, f. 41r).

<sup>22</sup> Escritura do 23 de abril de 1332, *ibid.*, carpeta 1332 D/4.



exemplos. Teñen as dúas formas, intitulative e notificativa, das *cartas plomadas e abertas*. Non insiren ningún dos textos que no seu día formaron o proceso, como as alegacións ou as sentenzas interlocutorias. Tampouco extractan o teor da sentenza definitiva. Ábrese nas dúas formas habituais: «sabean quantos esta carta viren... Nos Don X por la graçia de Dios...». O corpo do documento está constituído por un bloque textual que relata os pasos do proceso, incluída a sentenza episcopal. Conclúese o documento co anuncio da subscrición e do selado e eventualmente co encargo notarial que logo se referenda co selo pendente, a enumeración das testemuñas e a fe notarial<sup>23</sup>. No século xv, debido á institucionalización maior da audiencia episcopal, hai tamén un rito de publicación da sentenza: *pregón público* no lugar acostumado; *presenza notarial* e das partes comparecentes; demanda de *carta executoria*; xesto e testemuño de *apoderamento* da parte vencedora<sup>24</sup>.

*Avinzas entre entidades eclesiásticas e señoriais*. Este tipo de concertos sobreabundan na Baixa Idade Media, debido á puxanza dos cabaleiros, á necesidade de valemto que experimentan as igrexas e á conflitividade entre as casas relixiosas e as institucións diocesanas.

Os pactos de *encomenda* son documentos típicos do período. A Igrexa de Lugo subscribiunos nos primeiros anos do século co infante don Filipe, en 1315 con don Afonso, fillo do Infante don Xoán, e en 1328 e con don Pedro Fernández de Castro. Nos dous últimos casos a forma diplomática ten teor de doazón e graza do prelado lucense a cabaleiro agraciado. É unha *carta notificativa*, que se axusta estritamente ao teor das cartas partidas por A-B-C, na que nun único bloque de texto se expresa a disposición episcopal en todos os seus termos, á que corresponde o xuramento do cabaleiro de cumprir as condicións fixadas. A validación establécese coa inserción dos selos de ambos os pactantes: «et desto nos os sobreditos... mandamos ende faser duas cartas, tal a hua como a outra, escritas en pergameo de coiro, et seelladas con nosos sellos pendentes». Dada a transcendencia do documento, encárgase de inmediato ao notario que faga un traslado en forma para conservalo nos arquivos<sup>25</sup>.

Entre as institucións eclesiásticas, en frecuentes disputas por colisión de dereitos e intereses, subscribíense con certa frecuencia *concordias*, que poucas veces levan a forma de trato bilateral, pois os prelados e o mesmo Cabido prefiren a forma de *carta de doazón* para estipular estes tratos. Na primeira destas formas exprésase a concordia subsrita o 6 de maio de 1326 entre a Igrexa de Lugo (bispo e Cabido) e o convento de San Francisco sobre o pago da *cuarta funeraria*, ou

<sup>23</sup> Dous exemplos deste procedemento ofrecen as escrituras de Lugo, 29 de xullo de 1340 (*ibid.*, códice 416 B, f. 32v), e Lugo, 26 de agosto de 1412 (*ibid.*, códice 420 B, f. 22r).

<sup>24</sup> Dá fe deste rito de publicación o segundo dos documentos citados na nota precedente.

<sup>25</sup> Os textos destas cartas de encomenda, subsritos en Lugo o 15 de agosto de 1315 e o 15 de agosto de 1328, en ACL, *Tumbillo Nuevo*, ff. 103-104v e Fondo Cañizares, pp. 1007-1008.

cuarta parte dos emolumentos funerarios recibidos nesta casa franciscana. En forma máis sinxela adoita chamarse *amigable composición*: convenio polo que dúas partes litigantes se concertan nunha transacción sen necesidade de xuíz nin sentenza arbitraria. Exprésanse en forma notificativa conforme a este breve esquema:

1.- invocación; 2.- notificación universal; 3.- dispositivo que expresa o contido do convenio; 4.- cláusulas de garantía e subscrición por selado das partes concertantes, á que se engade a fe notarial<sup>26</sup>.

As concordias en forma de doazón úsanse con moita frecuencia para encubrir tratos maiores con cabaleiros e burgueses nos que se realizan cambios de propiedades ou outros tratos económicos. Son características dos pactos que interveñen entre a Igrexa de Lugo e o Concello, nos que a primeira expresa con conciencia señorial a súa concesión en forma de carta selada e nunca require ao municipio que corresponda co mesmo xesto. Son tamén as formas preferidas polos preladados nos seus tratos co Cabido e outras corporacións nos que prefiren expresar a súa participación en forma de graza ou outorgamento. Malia este teor de graza episcopal concedida ao segrar pactante, nas cláusulas de roboración establécese que as partes selarán un dobre exemplar do trato cos seus respectivos selos: «et nos o bispo et cabidoo sobreditos damosvos ende esta nosa carta, seellada con nosos seellos pendentés, et vos X devedesnos a dar outra tal carta como esta seellada con voso seelo colgado»<sup>27</sup>. O procedemento é seguido tamén polos particulares, sobre todo os nobres, que chegan a algún trato importante coa Igrexa de Lugo, como Gómez Aras de Pallares en 1357, ao realizaren un importante intercambio de bens co Cabido. As partes utilizan na roboración todas as firmezas legais: os selos episcopais e capitulares e tamén os de Aras de Pallares, nesta forma: «et por mayor firמידue mandamolas seellar con seellos de nos o dito Sennor Obispo, et cabidoo et de vos, o dito Gomes Aras»<sup>28</sup>.

Na cima destes pactos e concordias estiveron no século XIV as *cartas de irmandade* subscritas polos preladados das provincias eclesiásticas, como as de Compostela e Braga. Os bispos de Lugo participaron especialmente nas subscritas en Salamanca, o 23 de outubro de 1310, e en Valladolid, o 8 de xullo de 1314, que configuraban unha liga episcopal, a primeira a nivel da provincia compostelá con inclusión dos bispos galegos de xurisdición bracarense como o de Lugo; a segunda de todo o Reino de Castela. Estes textos teñen forma notificativa, na que os titulares das sedes episcopais no seu nome e no dos seus sucesores pactan e ofrecen garantías mutuas de defensa dos seus intereses. A parte dispositiva parcélese en cláusulas obrigativas. O documento péchase con cláusulas de xuramento de fidelidade

<sup>26</sup> Textos de ambas as formas en ACL, *Tumbo Nuevo*, ff. 266v-267r e AHN, Clero, carpeta 1332 E/8.

<sup>27</sup> Escrituras do 8 de agosto de 1314 (AHN, Clero, carpeta 1332 B/26); 9 de xaneiro de 1341 (*ibid.*, nn. 16 e 75).

<sup>28</sup> Escritura do 4 de xaneiro de 1357. *Ibid.*, códice 417 B, f. 55r-v.

mutua e sancións aos infractores e referéndase coa aposición dos selos e a subscrición de cada un dos prelados na forma: «yo N confirmo y subscribo»<sup>29</sup>.

### 3. O Livro do cabidoo e a súa función arquivística

A documentación capitular lucense da Baixa Idade Media atópase hoxe recollida en libros-rexistros levados con constancia pola corporación. Teñen nunha porcentaxe absolutamente maioritaria a vantaxe de seren trasladados notariais nos que se dá fe do acto e da súa escrituración. Con eles formouse o chamado *Livro do cabidoo*, que se prolongou en sucesivos volumes. Os nosos documentos permiten ilustrar algúns dos aspectos desta práctica capitular e notarial.

Non podemos precisar en que momento se ditou unha normativa estrita establecendo que a documentación capitular se rexistrase con todas as formalidades notariais, aínda que non cabe dubidar de que esta lexislación existiu e na Igrexa de Lugo practicouse con escrúpulo, polo menos na Baixa Idade Media. Ao final deste período, na primeira parte do século XVI, promúlganse normas constitucionais que esixen esta rexistración. O bispo tudense, don Diego de Avellaneda (1526-1537), coñecido polas súas iniciativas renovadoras nesta igrexa galega<sup>30</sup>, establecía en 1528:

Ordenamos y mandamos que el deán y cabildo de la dicha nuestra yglesia cathedral tengan continuo en el dicho cabildo en una archa los llaveros, un libro grande que sea *registro de todos los foros* que passaren y uviere mudança, allende del registro que la Yglesia tiene de su hazienda, y que en este libro se asienten los foros que se hizieren enteramente, y que se den signados del notario ante quien passaren, y quel libro este quedo en la dicha nuestra yglesia, y de alli no salga; y el notario capitular ante quien passaren trayga hecho su registro...

Otrosy mandamos que aya en la dicha archa del cabildo otro libro grande de *registro para todos los autos capitulares*, para que alli se scrivan y firmen por el notario; y el registro quede en el archa del cabildo como no se pueda perder.

Otrosi mandamos que aya en el dicho cabildo otro *libro grande de cuentas y repartimientos* de la hazienda del dicho cabildo, donde se ponga el cargo del mayordomo y su descargo de cada año y su alcance y lo que a cada uno cupo de su prebenda, para que aya claridad en las dichas cuentas de cada año y no pueda aver fraude, en qualquiera tiempo quel beneficiado quisiere saber lo que le cupo; y que las dichas cuentas no anden en cuadernos sueltos<sup>31</sup>.

Con estas disposicións un prelado reformador poñía en escritura algo que se viña practicando con relación á xestión das propiedades polo réxime de foros e arrendamentos, nas deliberacións e decisións institucionais que raramente se tra-

<sup>29</sup> Os textos destas cartas de irmandade en ACL, Fondo Cañizares, pp. 937-944, 958-962. Sobre estas ligas episcopais e o seu contexto castelán, véxase José García Oro, *Galicia en los siglos XIV y XV*, I, 69-70.

<sup>30</sup> Avelino Bouzón, «Diego de Avellaneda: un obispo reformador», *Tuy* 5, 1989, pp. 161-184; 6, 1992, pp. 103-147.

<sup>31</sup> *Synodicon Hispanum*, I, 466-467.

ducían en actas formais, debidamente referendadas, no amoreamento de rendas, tarefa específica dos mordomos, que en poucos casos se convertía nun verdadeiro *Libro de rendas*. O que se ditaba para o Cabido urxía con máis razón aos prelados, que en ocasións tomaron a iniciativa de ditar unhas constituicións sinodais de rendas e practicar regularmente a rexistración das súas rendas e o cadro beneficial das súas igrexas<sup>32</sup>. Non faltou na Igrexa de Lugo esta práctica, se ben a cadencia da súa realización foi dispar. Mentres a rexistración dos foros foi dogma inalterable nos séculos XIV e XV, a escrituración das contas capitulares, en cadernos e non en libros, é un uso que se fai constante no século XV e deixou para a posteridade os *Cadernos de contas*, que foron anotando os mordomos do Cabido<sup>33</sup>.

Nos primeiros momentos do século XIV o *Livro do cabidoo*, como rexistro de escrituras notariais, é xa un feito moi consolidado. Ninguén alude á súa novidade e só se cita este rexistro como o destino final das escrituras notariais. Parece que os traslados se fan con posteridade á realización do documento e á súa formalización polo notario. Este, na súa forma habitual, dá fe da súa función e da súa signatura no exemplar único ou dobre (caso típico das cartas partidas por A-B-C) e nun acto posterior realiza por encargo das autoridades capitulares o traslado ao libro capitular<sup>34</sup>. O encargo ou rogo, ao que fai sempre referencia o notario capitular, cita normalmente ao procurador do Cabido, de quen procede a disposición, e ao xuíz de Lugo, a quen corresponde o mandato dado ao oficial para que faga o traslado<sup>35</sup>. No caso de cartas partidas, as partes reciben cada unha o seu exemplar, que estará normalmente selado e autorizado polo notario, tras o cal o mesmo notario ou o xurado do Cabido fará o traslado<sup>36</sup>. O normal será neste momento que, cando o Cabido é parte nos tratos bilaterais, non reciba o seu propio exemplar por

<sup>32</sup> Estudamos un dos exemplos máis brillantes, que é o da igrexa de Toledo durante o goberno do cardeal Cisneros. Véxase José García Oro, *La Iglesia de Toledo en tiempo del Cardenal Cisneros (1495-1517)*, Toledo, 1992, pp. 40-50. Na igrexa lucense da Baixa Idade Media só coñecemos as contas do mordomo Fernando das Cortiñas, que exerceu o seu oficio durante o goberno do bispo don Fernando Palacios. Cobren unicamente o decenio de 1419-1429.

<sup>33</sup> Véxase sobre o tema a nosa exposición no noso estudo *Iglesia y ciudad de Lugo*, 45-53.

<sup>34</sup> Véxanse como exemplo as escrituras do 22 de xaneiro e 5 de setembro de 1500, *ibid.*, carpeta 1332 E/18, e 416 B, f. 39r. Nelas, o notario dá fe en forma expresa da orde recibida das xerarquías capitulares ou en forma abreviada: «et a rogo das ditas partes esta carta scrivir fiz en este libro do cabidoo et puge y meu synal en testemoyo de verdade». *Ibid.*, códice 416 B, f. 39r.

<sup>35</sup> Un exemplo ben expresivo na escritura do 14 de decembro de 1301, relativa a unha transacción nunha das propiedades que pasou a poder do Cabido. *Ibid.*, códice 416 B, f. 17r. Unha variante deste procedemento dáse cando o documento foi redactado fóra da sede capitular e debe ser incorporado na forma notarial ao Libro do Cabido, caso típico das provisións beneficiais realizadas polos arcediagos nos seus distritos, cuxo documento é trasladado nun segundo momento ao citado libro. Neste caso é o dignatario do distrito ou o seu vigairo o que fai o encargo e o xuíz de Lugo o que o ordena. Véxase a escritura do 8 de setembro de 1305. *Ibid.*, f. 46r.

<sup>36</sup> Véxase a carta partida do 5 de abril de 1329, pola que o Cabido e Vasco Pérez do Campo cambian certas propiedades, *ibid.*, f. 2r.

separado coas formalidades do selado e da subscrición notarial, senón que o seu exemplar sexa o escrito no Libro do cabido, que, desta maneira, deixa de ser trasladado para converterse en orixinal. O notario testificará daquela: «as ditas partes rogamos a X... que feçesse deste duas cartas en hun tenor... huna que posese no Livro do cabidoo, signada de seu signal, et outra que dese a min... signada de seu signal et seellada con seello do cabidoo»<sup>37</sup>; ou máis precisamente: «et por mayor firmidume, nos o dito cabidoo mandamos seellar a carta que o dito X leva de noso seello; et mandamos lançar esta en este noso libro»<sup>38</sup>.

No século xv prosegue citándose o *Livro do cabidoo*, pero xa como único repertorio documental da Igrexa de Lugo. As referencias a libros e depósitos arquivísticos reflicten que xa existen series documentais específicas como o *Libro dos aniversarios* ou máis precisamente o *Tombo dos beens et aniversarios*, no que se contiñan boa parte das escrituras forais do século xiv. A el recorriase por demanda de particulares para coñecer copias particulares con este exemplar auténtico<sup>39</sup>. Corenta anos máis tarde o Cabido, que seguía practicando a dobre expedición dos documentos notariais, con selo para os titulares dos seus tratos e coas formalidades notariais no seu libro ou tomo, chámalle a este rexistro *Libro dos foros et pensioes*<sup>40</sup>.

Non consta que os prelados lucenses seguisen esa mesma práctica de abrir un rexistro notarial de actos públicos antes da segunda metade do século xv. Na emisión dos seus documentos estivo presente un notario eclesiástico que no século xv se converte en *notario-secretario*. Por outra parte, na segunda metade do século xv tamén os prelados lucenses se axustan ao novo estilo das secretarías, o que supón o uso do selo segredo ou da puridade e o referendo dun *secretario* nos documentos intitutados por eles mesmos. Don García de Vaamonde (1440-1445), ben adestrado nestes usos durante a súa dilatada estancia na Corte, practica con normalidade este estilo. A nova forma di textualmente: «et Nos, el dicho Don Garçia... asy vos lo otorgamos et desto vos mandamos dar et dimos esta carta de... escrita en pergamino, et firmada de nuestro nombre et seellada con nues-

<sup>37</sup> Escritura do 10 de xuño de 1339, *ibid.*, f. 21v.

<sup>38</sup> Escritura do 8 de abril de 1347, *ibid.*, f. 52v.

<sup>39</sup> Un bo exemplo desta práctica documental é a acta do 26 de novembro de 1416, na que o notario lucense Pedro Fernández de Silvarrei dá fe da demanda do prior de San Domingos de Lugo ante o Cabido para que se lle concertase co documento do tomo catedralicio a copia que o seu convento conservaba do concerto no seu día feito polo bispo frei Pedro López de Aguiar co Cabido para a fundación do seu propio aniversario (escritura do 1 de xullo de 1379, *ibid.*, códice 420 B, f. 24v), peritaxe que el mesmo realizou e deu logo fe da correspondencia estrita de ambos os dous exemplares do mesmo documento. Escritura do 26 de novembro de 1416, *ibid.*, carpeta 1335/14.

<sup>40</sup> Escritura do 5 de novembro de 1456. *Ibid.*, Códice 419 B, f. 14r.

tro sello secreto, et signada del signo de X, nuestro secretario»<sup>41</sup>. Non continuarán alternando os usos típicos de secretaría e chancelaría os sucesores do bispo don García de Vaamonde. En cambio é certo que practicaron con máis orde o amoreamento de rendas. Desde 1478 citan os prelados lucenses a «matrícula de nuestras rentas»<sup>42</sup> ou «protocolo de nuestras rentas», ou «libro de nuestros fueros», como adoita designarse nos anos finais do seu episcopado. Mentres tanto, o Cabido abandona nos seus documentos notariais a referencia aos seus libros, que, con todo, seguen existindo, como demostra a documentación hoxe conservada<sup>43</sup>.

#### 4. Os notarios lucenses na etapa baixomedieval

En 1312 produciuse unha nova sentenza real pola que se establecía que ao bispo de Lugo lle pertencía, pola súa xurisdición señorial, «*la seña et los judgados et alcañerías et notarias et la cadena de la prisión et mayordomado et la fieldat et todo el señorío*»<sup>44</sup>. Coa nova carta real reiterábase a práctica lucense de que todos os oficios públicos eran providos polo bispo e exercíanse en nome do bispo, sen que o Concello lucense puidese atribuír a si mesmo potestade para crear oficiais propios e conferir-lles competencias. Entre eles estaban os notarios. A estes gustáballes titularse *notario público* sen alusión á autoridade que os constituía e contratara. *Notario público de Lugo* noméanse os notarios dos primeiros anos do século XIV, sempre que os particulares lles encarguen un documento. Pero cando nos seus documentos se asoman persoas ou bens eclesiásticos expresan con reiteración a súa filiación episcopal. *Notario público dado pello Bispo de Lugo ao Concello dese mesmo lugar* subscriben regularmente os oficiais lucenses<sup>45</sup>, incluso antes da citada data de 1312 en que o bispo frei Xoán conquista a confirmación solemne dos seus atributos señoriais con referencia explícita á exclusiva de nomear notarios públicos. Nos momentos de debilidade episcopal, os oficiais municipais (alcaldes, mordomos e notarios) prescindían da alusión á dependencia episcopal e signan os documentos cos instrumentos da súa exclusiva competencia: selo municipal e rúbrica do notario xurado<sup>46</sup>.

<sup>41</sup> Escrituras de Valladolid, 18 de agosto de 1364 (*ibid.*, carpeta 1333 B/20) e 14 de maio de 1466 (*ibid.*, n. 23). O uso do selo secreto, secularmente anular, non se debe á ausencia de Lugo do prelado, que daquela residía en Valladolid. Nesta cidade selou co selo ordinario, «nuestro sello pendiente», outros documentos. Véxase a escritura de Valladolid, 24 de maio de 1467 (*ibid.*, n. 25).

<sup>42</sup> Escritura do 2 de xaneiro de 1478, *ibid.*, códice 417 B, f. 57r.

<sup>43</sup> Durante o pontificado de don Afonso Enriquez (1476-1495) prevalecen os foros feitos polo prelado, un centenar longo, e redúcense notablemente os realizados polo Cabido.

<sup>44</sup> *Carta plomada* de Fernando IV, Salamanca, 23 de xuño de 1312. Deste documento existe o orixinal no ACL e infinidade de traslados notariais, ademais das confirmacións posteriores que o inseren. Véxase Luís Sánchez Belda, *Documentos*, n. 985, p. 419.

<sup>45</sup> Escritura do 14 de decembro de 1301. *AHN*, Clero, códice 416 B, f. 17r.

<sup>46</sup> Véxanse como exemplo as subscricións da escritura do 7 de xaneiro de 1281, que remata unha coñecida concordia entre os frades predicadores e os frades menores. O texto en Carme Manso, *Arte gótico*, II, 742.

Ao privilexio de constituír notarios seguiron as provisións dos titulares, que se realizaron regularmente mediante as *cartas de notaría*. Non cabe dúbida de que estas cartas foron expedidas regularmente polos bispos e os seus vigairos nos séculos XIV e XV. Así e todo, temos que esperar ata 1431 para atopar un dos textos que as exemplifica<sup>47</sup>. Nel encontramos as características dos notarios episcopais lucenses:

- reciben o oficio como *mercé episcopal*;
- ámbito dos seus oficios son a audiencia episcopal, en primeiro termo, e o exercicio da xurisdición episcopal, tanto eclesiástica coma secular na cidade de Lugo e os seus coutos e en todo o bispado de Lugo;
- específico da súa profesión é redactar notas, rexistros e escrituras públicas e validalas coa subscrición notarial «et este voso signo et nome que vos dou», para todo o que demostrou previamente suficiencia<sup>48</sup>;
- título notarial conforme a dereito, é dicir, con capacidade para realizar actos xurídicos de validez pública e ser requirido ou *rogado* para realizalos e goce de todos os dereitos e honores pertencentes ao seu oficio;
- xuramento de usar rectamente o oficio e de gardar fidelidade ao bispo de Lugo: «que ben et lealmente et verdadeiramente usedes do dito oficio et guardedes verdade a cada huna das partes... et que non denegedes voso oficio a qualquier persoa ou persoas que o mester ouveren et vos para elo requeriren... et que gardedes o servizo do dito Sennor Obispo».

Nesta carta de notaría sinálase en primeiro termo a Audiencia episcopal como destino preferente dos notarios, cabe pensar ante todo que a ela se destinan con preferencia os notarios clérigos polo seu maior coñecemento do latín e a súa máis intensa formación literaria. Sen dúbida, os notarios da Audiencia teñen unha pericia notable e son ben considerados. A eles recórrese á hora de validar importantes documentos como os cambios de bens que realiza o Cabido<sup>49</sup>. Na Audiencia ou audiencias episcopais tiveron, sen dúbida, o seu campo de traballo máis inten-

<sup>47</sup> Carta de notaría dada en Lugo o 11 de maio de 1431 pola que Afonso Ruiz de Beza, vigairo xeral do bispo don Fernando de Palacios (1418-1434), crea notario público ao clérigo Afonso Fernández de Gonça. *AHN*, Clero, carpeta 1332 H/25.

<sup>48</sup> A suficiencia baséase na pericia caligráfica e na práctica da redacción e no coñecemento das formalidades documentais: «por quanto sodes boos escripvan et de boa conversaçón et idonio et perteesçente para o dito oficio de notaría». *Ibid.*

<sup>49</sup> Un exemplo desta estima parece ofrecela unha escritura do 22 de xaneiro de 1500, validada polo notario Xoán Sánchez, que se intitula «notario publico enna audiencia do dito sennor Obispo, dado por su autoridad». O texto, moi deteriorado, en *AHN*, Clero, carpeta 1332 E/18. Con máis ampulosidade intitúlase, o 13 de febreiro de 1381, o notario Afonso Tourón: «notario publico en casa do dito Sennor Obispo, et ennas suas abdiências, et de seus vigairos et coutos et lugares de su Iglesia». *Ibid.*, Códice 417 B, f. 22v. Máis brevemente intitúlase o notario Aras Pérez, o 14 de setembro de 1344: «notario publico enna audiencia do honrado padre el sennor Dom Fray Pedro Lopes». *Ibid.*, f. 50v.

so; un traballo probablemente anónimo na maioría dos casos xa que o texto dos procesos que non nos chegaron por enteiro e a carta executoria das sentenzas que adoita recoller tan só as sentenzas definitivas e a súa execución ratifícase primordialmente coas subscricións e o selo do xuíz<sup>50</sup>.

Dada a atribución ao bispo desta prerrogativa de constituír notarios, cabería pensar que estes tan só actúan por autoridade episcopal e unicamente aos prelados deben a súa provisión. Esta hipótese reforzariase polo feito de que incluso o notario xurado capitular aparece con frecuencia coa cláusula *dado polo bispo*<sup>51</sup>. No entanto, non é así polo menos na segunda metade do século xv, momento en que existen notarios creados polos arceobispos. Así, en 1467, o arceobispo de Sarria, Gonzalo Pérez de Carballido, acompáñase no seu distrito do notario Afonso Conde, que se intitula «por mandado do dito Sennor Arceobispo et seu notario enna dita administración et en suas xurdições»<sup>52</sup>.

Nas cartas de notaría especificase a competencia dos notarios lucenses para facer notas e rexistros, pero nada se prescribe respecto á transmisión e custodia dos protocolos notariais, acaso porque os documentos de maior interese para a Igrexa trasladaríanse ao *Livro do cabido* sistematicamente, como queda demostrado. Porén, existiron estes protocolos e a súa custodia e transmisión foi controlada pola Igrexa de Lugo. Comprobámolo tras a morte do notario apostólico Gonzalvo Dourado, despois de 1477. Sucédelle no posto o notario Pedro Fernández de San Jullao e sonlle entregadas as notas e rexistros do defunto polo provisor de Lugo, Martín de Ocón, cóengo, segundo o mesmo notario testemuña, intitulándose «escrybano et notario que suscedy en las notas et registros de Gonçalo Dorado, notario apostolico, defunto, que Dios aya... por merçed et abtorydad que de las ditas notas et registros me hizo el Venerable Bachiller Martyn de Ocon, canonigo et provisor que a la sazón fue de la dita Iglesia et obispado de Lugo»<sup>53</sup>. É probable que Gonzalvo Dourado fose un dos *notarios dos abtos capitulares* que existen desde datas moi anteriores e que levaban notas e rexistros dos actos do Cabido. Así o fixo o cóengo e notario Pero Affonso nos anos 1432-1466 e tras a súa morte continuábo o seu sucesor, o clérigo Gómez García de Gayoso, «notario publico por las abtoridades apostolica et ordinaria» (1456-1481), que fixo fortuna neste posto, pois del ascendeu a arceobispo de Dozón<sup>54</sup>, e deixou este

<sup>50</sup> Sirvan de exemplo as escrituras do 28 de febreiro de 1336 (*ibid.*, códice 416 B, f. 7r); 29 de xullo de 1340 («carta de sentença seellada de noso seello pendiente», *ibid.*, f. 32v) e 23 de decembro de 1351 (sentenza do xuíz Vasco Díaz, selada igualmente co seu selo pendiente, ACL, Fondo Cañizares, p. 1063).

<sup>51</sup> Sobre estas relacións entre bispo e Concello e as súas repercusións, véxase *Iglesia y ciudad de Lugo*, 257-294.

<sup>52</sup> Escritura de Valladolid, 24 de maio de 1467. *Ibid.*, carpeta 1333 B/25.

<sup>53</sup> A escritura non leva data, pero é certamente posterior á data indicada na que aínda vivía e formalizaba escrituras, en *AHN*, Clero, carpeta 1333 C/6 e 19.

<sup>54</sup> Escritura do 9 de abril de 1456. *Ibid.*, códice 419 B, f. 45v.



traballo capitular ao citado Afonso Fernández de San Jullao, que en 1480 redactaba documentos a base das «notas et registro do dito Gomes García, arçediano de Deçon, et notario que foy do dito cabidoo»<sup>55</sup>.

Os notarios lucenses levan tamén os seus propios rexistros e protocolos. En todos eles asentan a documentación que expiden: un acto que forma parte da publicidade notarial. Así o expresan na subscrición notarial: «Et esta carta de... segundo ante min pasou, a pedimento das ditas partes fielmente escripvi et en meu registro et protocolo ha sentey», como din sempre os citados Gómez García de Gayoso e Afonso Fernández de San Jullao (1479-1499)<sup>56</sup>. Non cabe, non obstante afirmar que daquela a confección dos protocolos notariais sexa habitual en todos os notarios. Só estes dous citados expresan os seus protocolos e en anos en que están ao servizo do Cabido. Polo que parece seguro que só levan estes protocolos os notarios capitulares, que con iso proseguen a práctica tradicional dos rexistros, se ben agora a expresan con menos solemnidade e práctica como unha parte do seu traballo profesional sen aludir á orde ou rogo das autoridades capitulares.

Unha das tarefas de maior responsabilidade notarial son os traslados documentais totais ou parciais da documentación que atinxe á corporación capitular. Para realzalos, os notarios reciben ordes das autoridades xerárquicas. En cumprimento destes mandamentos do bispo e dos seus vigairos ou máis ordinariamente do xuíz de Lugo, comproban previamente a autenticidade do escrito e a súa forma, á que fan alusión precisa, dan fe de que é a correcta e da realización do traslado aos libros capitulares ou a unha nova copia notarial.

A forma máis ordinaria reza así: «Eu, X, notario publico de Lugo... vi et lei a carta sobredita en pulgameo enno tenor sobredito, et signada de sinal de X, notario, et a rogo de... que diso que lle conpria a dita carta et que se temia de a perder por fogo, ou por agoa, et porque envelleçia, et que a non poderia aver quando lle comprisse...; et por mandato et autoridade de X, juyz ordenario de Lugo, verbo por verbo a dita carta por minna mao trasladey... et en este traslado puge meu signal, en testemoyo de verdade»<sup>57</sup>. Nalgúns tratos debe o notario ofrecer garantías de que o documento goza de todos os signos de credibilidade sen vicio xurídico que lle afecte: «o qual non era roto, nen raso, nen cancelado, nem algunna parte

<sup>55</sup> Escritura do 10 de marzo de 1480. *Ibid.*, f. 76r.

<sup>56</sup> Escrituras do 14 de decembro de 1468 (*ibid.*, códice 416 B, f. 38r; códice 419 B, f. 38v; 18 de abril de 1469 (*ibid.*, f. 39r); 26 de abril de 1469 (*ibid.*, f. 39v); 25 de febreiro de 1471 (*ibid.*, Carpeta 1333 C/6) e outras escrituras dos anos seguintes nas que na forma notarial reitera a mesma afirmación. Os seus excusadores non seguen, non obstante, esta práctica, como se ve pola escritura do 26 de xullo de 1469 (*ibid.*, códice 419 B, f. 51v). Para Afonso Fernández de San Jullao véxanse as escrituras do 24 de xullo de 1482 (*ibid.*, carpeta 1333 D/11); 7 de xullo e 31 de decembro de 1483 (*ibid.*, códice 419 B, f. 27v e 76v).

<sup>57</sup> Véxanse como exemplo as Escrituras do 14 de decembro de 1301, *ibid.*, códice 416 B, f. 17r; 30 de xaneiro de 1336, *ibid.*, 1332 E/3; 9 de xullo de 1337, *ibid.*, f. 13v; 30 de maio de 1340.

sospeitoso»<sup>58</sup>. Con máis precisión indícanse os signos externos do orixinal, en caso de documentos das xerarquías eclesiásticas e civís: os solicitantes do documento, o selado da carta; a subscrición do autor<sup>59</sup>.

Maior compromiso supoñía para os notarios realizar traslados dos documentos reais, gardados con grande esmero pola Igrexa de Lugo e presentados á confirmación dos soberanos que se foron sucedendo no trono de Castela. Compréndese que, dado o delicado da operación, se designasen ás veces dous notarios para que realizasen conxuntamente os traslados. Do encargo solemne que reciben dan os notarios lucenses fe nunha verdadeira acta testifical. Non sorprende que, pola grande importancia que ten o privilexio confirmatorio dos privilexios da Igrexa de Lugo, dado en Burgos o 22 de marzo de 1304, os notarios Fernán Pérez e Fernán García ofrezan deles unha detallada acta:

Este he o traslado de hun privilegio do Sennor Rey Dom Fernando... feito en pulgameo et seellado con seu seello pendente de plomo en fios de sirgo, enno qual seello esta a figura de cavalleiro armado con sobre sinnaes de castelos et leones, et figura de espada enna mao; et de hun escudo ao lado dos ditos signaes; et huna coroa enna cabeza, et letereyro aderredor; et da outra dous castelos et dous leoes, et huna crus por entre elles, et hun letereyro aderredor; et enna fim do dito privilegio esta figurada huna roda enna qual iasen escritos dous letereyros, o primeyro he de leteras brancas que disen: Don... ago sennor de Viscada del Rey confirma... Et enno segundo letereiro estan leteras vermellas et careas que disen: Signo del Rey Don Fernando; et dentro enno medio desa roda estan figurados dous castelos et dous leoes et huna crus entre elles, segunto todo esto aparecía mays compridamente por lo dito privilegio<sup>60</sup>.

Noutros documentos de menor rango alúdese só ao selado. Así, as confirmacións dos privilexios da Igrexa de Lugo realizadas polo novo rei, Henrique II, en 1369, descríbense como «carta do dito Sennor Rey... en papel et firmada de seu nome et seellada con seu seello da poridade en las espaldas», datos que a identifican como *carta de mercede*<sup>61</sup>; ou as diversas cartas dos meiriños maiores e adiantados maiores, que están igualmente escritas en papel e «seelladas con seu seello nas costas»; ou os albarás reais, que están «en papel et firmado do seu nome»<sup>62</sup>.

Entre todos estes documentos reais os bispos tiñan a punto en todo momento os que establecían os seus dereitos señoriais sobre a cidade de Lugo e os seus coutos. Con este pequeno lote nos seus cofres viaxaban cantas veces se vían

<sup>58</sup> Escrituras do 18 de xullo de 1386, *ibid.*, códice 416 B, f. 9v e 30 marzo de 1396, *ibid.*, f. 115r.

<sup>59</sup> Escrituras do 13 de xaneiro de 1342, *ibid.*, códice 1042 B, f. 75v; o 19 de marzo de 1348, *ibid.*, códice 416 B, f. 58v.

<sup>60</sup> O texto consérvase orixinal no ACL. Sobre el, véxase Luis Sánchez Belda, *Documentos*, n.º 937, p. 399.

<sup>61</sup> Cartas de mercé de Zamora, 27 de xuño de 1369 (ACL, Fondo Cañizares, p. 1081) e Sarria, 16 de xullo de 1369 (*ibid.*, *Tumbillo Nuevo*, f. 118Br-118Cv).

<sup>62</sup> Cartas do meiriño maior Afonso García, de Lugo 9 de xuño de 1363 (AHN, códice 416 B, f. 112r) e 6 de marzo de 1364 (*ibid.*, f. 77v). Traslado do albará do 25 de febreiro de 1379 (*ibid.*, 417 B, f. 8r).

ante o reto de defender a súa xurisdición nos tribunais reais. Ata 1312 eran cinco documentos reais, dos que en todo momento se daba certificación notarial do eventual traslado e uso. Lémbralo un documento do 4 de abril de 1312<sup>63</sup>:

- 1.- A confirmación de Sancho IV do señorío episcopal.
- 2.- A confirmación e a sentenza de Fernando IV de 1312.
- 3.- O privilexio de Sancho IV, que confirma a xurisdición do bispo de Lugo sobre a cidade.
- 4.- Os traslados dos privilexios das moedas, feitos no seu día polo notario lucense Francisco López.
- 5.- O preito homenaxe dos homes bos de Lugo de non contradicir o señorío episcopal.

Non é doado aventurarse a sinalar signos da cotización social e estamental dos notarios lucenses. Cabe pensar que os notarios eclesiásticos atopasen na dedicación notarial un bo complemento dos seus ingresos beneficiais. De feito, nas súas subscricións sinalan a súa dobre condición de notarios e clérigos. Sen dúbida, cos seus títulos de racioneiro e cóengo, unidos aos de notario, conseguiron unha prestancia social notable: Arias Pérez, cóengo e notario nos anos 1300-1336<sup>64</sup>; Pedro Jácome, que era racioneiro lucense nos anos 1305-1334 e, desde a súa profesión notarial, conquistou os méritos que o elevaron a xuíz de Lugo desde 1334<sup>65</sup>; Juan Gonzalves, racioneiro lucense polos anos 1328-1342, que ascendeu a cóengo en 1342<sup>66</sup>, mentres que na segunda parte do século Roy Gonzalves exerce ao mesmo tempo de notario e racioneiro nos anos 1351-1360<sup>67</sup> e Arias Pérez exerce ambos os oficios nos anos 1359-1375 e pasa a ser cóengo nesta última data<sup>68</sup>.

No século xv multiplícanse os notarios clérigos e posúen, ademais, os títulos de notarios apostólicos, por concesión pontificia, e de notarios públicos, por autoridade episcopal. Inicia a lista o cóengo Rodrigo Ares, que exerce o seu oficio en Lugo nos anos 1400-1422<sup>69</sup>. Séguelle pouco despois o clérigo lucense

<sup>63</sup> *Ibid.*, códice 1042 B, f. 54v.

<sup>64</sup> Escrituras do 6 de decembro de 1305 e 18 de decembro de 1336, *ibid.*, f. 42r-v; carpeta 1332 E/5. É de notar que este notario só alude á súa condición de cóengo nos documentos internos do Cabido.

<sup>65</sup> Escrituras do 21 de xaneiro de 1305, 8 de maio de 1334 e 18 de novembro de 1342, *ibid.*, carpeta 1332/ 8; códice 416 B, f. 25v e 55v. Nestas últimas escrituras intitúlase *juyz et notario*.

<sup>66</sup> Escrituras do 15 de agosto de 1328, 31 de agosto de 1342 e 21 de agosto de 1345 (ACL, Fondo Cañazares, pp. 1007-1008; *AHN*, Clero, códice 416 B, f. 39v e 46v).

<sup>67</sup> Escrituras do 19 de abril de 1351 e 31 de decembro de 1360. *AHN*, Clero, códice 416 B, f. 75v; carpeta 1332 F/3. Na primeira destas datas intitúlase «raçoeyro, notario publico do dito cabidoo». Na segunda subscibe como «notario publico de Lugo dado por la abtoridade do Bispo» e cóengo.

<sup>68</sup> Escrituras do 19 de decembro de 1359; 5 de maio de 1375; 18 de xullo de 1379. *Ibid.*, carpeta 1332 E/12; códice 420 B, ff. 20v-21r; carpeta 1332 H/18. En 1379 era xuíz e notario público de Lugo (escritura do 10 de xullo de 1379, *ibid.*, códice 420 B, f. 23r).

<sup>69</sup> Escrituras do 24 de marzo de 1400 e 27 de abril de 1422, *Ibid.*, códice 416 B, f. 94v, 142r-143r.

Ruy Fernández de Mançoe nos anos 1419-1447<sup>70</sup>; os cóengos Xoán Díaz de Cordido (1421)<sup>71</sup> e Pedro Affonso de Mançoe, nos anos 1432-1466, enchen os decenios centrais do século<sup>72</sup>. Na segunda parte do século fanse presentes con insistencia Rodrigo Affonso de Camoyras (1451-1461)<sup>73</sup>, Diego Fernández de Luaces (1454-1477)<sup>74</sup>, Gómez García de Gayoso (1456-1481)<sup>75</sup> e Pedro Méndez de Foris (1453-1492)<sup>76</sup>. En menor escala comparecen nos documentos Álvaro Alfonso Jacob, en 1439; Pedro Fernández de San Jullao, en 1471; e Vasco Rodríguez de Parga, en 1487<sup>77</sup>.

Polo que atinxe aos notarios segrares, a documentación non reflicte signos particulares da súa prestancia social, que sen dúbida foi grande, situándoos entre os primeiros burgueses da cidade e entre os primeiros artesáns das vilas, á par dos comerciantes. Sen dúbida tiveron nos prelados e no Cabido lucense os seus clientes máis importantes e deles recibiron tamén as mellores gratificacións. Polo volume de escrituras realizadas en interese da Igrexa cabe sinalar entre os máis notables a Arias Affonso, notario público de Lugo nos anos 1304-1313; a Fernando García, notario público de Lugo polo bispo nos anos 1304-1371, con grande actividade escritoria na cidade; Fernando Pérez, autor tamén de gran cantidade de escrituras nos anos 1303-1381, acaso dous notarios homónimos, que non é posible diferenciar; a Francisco López, notario público de Lugo nos anos 1304-1309; a Afonso Pérez, notario público do Concello nos anos 1305-1354, que en 1312 aparece tamén como notario real en Castroverde; a Jácome Eanes, moi activo como notario público lucense nos anos 1325-1335; a Ruy Fernández, notario público polo bispo nos anos 1301-1341; a Afonso Fernández, que se intitula notario público polo Rei en Lugo, nos anos 1343-1402; a Jácome Guillelmes, notario público episcopal nos anos 1346-1375; a Gonzalvo Pérez, notario público polo bispo nos anos 1362-1391; a Domingo Pérez, que exerce polos anos de 1345-1373 como notario público de Lugo polo bispo; a Xoán Arias, que se intitula notario da cidade e couto de Lugo nos anos 1375-1385; a Pedro Rodríguez,

<sup>70</sup> Escrituras do 10 de decembro de 1419 e 30 de xuño de 1447. *Ibid.*, carpeta 1332 H/5 e 1333 A/19. Nas súas subscricións chámase «notario publico por las abtoridades apostolical et temporal».

<sup>71</sup> Escritura do 2 de xullo de 1421, *Ibid.*, Códice 416 B, f. 141v. Intitúlase «por la abtoridad apostolica publico notario».

<sup>72</sup> Escrituras do 24 de febreiro de 1432 e 5 de novembro de 1466. *Ibid.*, carpeta 1333 A/1; Códice 419 B, f. 33r. Intitúlase «canónigo et notario publico da dita çiudad e obispado de Lugo por lo Sennor Obispo».

<sup>73</sup> Escrituras do 3 de febreiro de 1351 e 8 de maio de 1461. *Ibid.*, códice 419 B, f. 17v-18r, 20v.

<sup>74</sup> Escrituras do 17 de febreiro de 1454 e 14 de febreiro de 1477. *Ibid.*, f. 1v e 5r.

<sup>75</sup> Escrituras do 9 de abril de 1456 e 26 de maio de 1481. *Ibid.*, f. 45v e 70r-v.

<sup>76</sup> Escrituras do 18 de 1453-19 de marzo de 1492, *ibid.*, carpeta 1336 /8; carpeta 1337/14. Pero Mendes de Foris intitúlase «canonigo... notario publico por la auctoridade apostolica et ordinaria et dos auctos capitulares do dito cabidoo».

<sup>77</sup> Escrituras do 19 de xullo de 1439 (carpeta 1333 A/6bis); do 6 de xaneiro de 1477 (Carpeta 1333 C/6; 17 de abril de 1487. *Ibid.*, Carpeta 1333 D/15bis).

notario episcopal en Lugo en 1379-1383; a Afonso Tourón, notario público «en casa do bispo» nos anos 1381-1405.

No século xv son máis numerosos e ostentosos os notarios eclesiásticos, como queda establecido. Non obstante, exercen con intensidade o seu oficio notarial para a Igrexa: Pedro Fernández de Silvarrey (nos anos 1414-1438), Álvaro Fernández das Camoiras (1421-1433), Arias de Neira (1479-1482) e Xoán de Villegas (1478-1479)<sup>78</sup>.

O prestixio dos notarios no ámbito eclesiástico tamén se pode constatar polos beneficios económicos obtidos do bispo e do Cabido en arrendos e foros de certa importancia. Só aparece esta *graza* eclesiástica ben subliñada nunha decena de exemplos. En 1349, o notario Fernando Pérez, tan activo no servizo da Igrexa, recibe en arrendo vitalicio unhas herdades dos aniversarios sitas en Saamasas e Riampro, recantos lucenses de grande aprecio, manifestándolle que a graza se lle fai polos seus méritos no servizo do Cabido<sup>79</sup>.

Foros de gran valor tamén recibiron outros notarios lucenses:

— o notario Gómez Pérez, tan activo na segunda parte do século xiv, foi agraciado co foro dunha casa capitular en Chantada<sup>80</sup>;

— os notarios Diego Méndez e Álvaro Fernández recibiron nos anos 1331 e 1332 senllos foros capitulares de casais<sup>81</sup>;

— o notario Fernando Arias recibía un século despois en foro unhas casas capitulares en Santiago de Lugo, como premio á obra que realizara nelas, reconstruíndoas<sup>82</sup>;

— os notarios Vasco Núñez e Xoán de San Martín —que traballaron ao servizo do bispo don García de Vaamonde— e o notario Xoán de San Martín —que serviu ao bispo don Afonso Enríquez— tamén recibiron foros de gran volume como o lugar de Lodeiro, en Santa María de Alta, os casais de Castro e Guntín e os casais de Taboelle e Vilar, pola razón especial de que estas propiedades estaban improdutiivas ou ocupadas e os novos foreiros daban esperanzas de rehabilitalas<sup>83</sup>.

Outros notarios recibiron favores para os seus fillos, en especial para que algún deles puidese seguir a carreira de seu pai. Este parece ser o caso do notario Pedro Fernández, clérigo e notario apostólico, que tiña un fillo *escollar* en 1400 e recibiu do Cabido en foro varios casais e herdades en Vilar de Cas, freguesía de Santa María de Moreira<sup>84</sup>.

<sup>78</sup> A documentación dos notarios aludidos suma aproximadamente as tres cuartas partes da documentación lucense hoxe coñecida.

<sup>79</sup> Escritura do 18 de febreiro de 1349. *AHN*, Clero, códice 416 B, f. 111v.

<sup>80</sup> Escritura do 6 de xuño de 1378, *ibid.*, códice 420 B, f. 13r.

<sup>81</sup> Escritura do 24 de febreiro de 1432. *Ibid.*, carpeta 1332 H/16 e 1333 A/1.

<sup>82</sup> Escritura do 26 de xullo de 1469, *ibid.*, códice 419 B, f. 51v.

<sup>83</sup> Escrituras do 24 de maio de 1467 (*ibid.*, carpeta 1333 B/25); 12 de xuño de 1469 (*ibid.*, carpeta 1333 C/3); 19 de xuño de 1490 (*ibid.*, carpeta 1333 E/5).

<sup>84</sup> Escritura do 24 de marzo de 1400. *Ibid.*, códice 416 B, f. 94v.

Por todo iso non é de estrañar que figuren numerosos notarios entre os fundadores de aniversarios na catedral lucense, honras para as que só os fidalgos e burgueses adineirados de Lugo<sup>85</sup> tiñan os medios.

## 5. A Igrexa lucense receptora de documentación

A Igrexa lucense non só emite documentación, senón que a recibe e arquiva coas garantías necesarias para a súa conservación e para a súa utilización. Dos seus procedementos receptores de documentación queda claro o máis usado: os traslados notariais aos libros capitulares dos documentos máis importantes. Privilexios e cartas reais, bulas pontificias, avinzas e pactos, compras e vendas, arrendos e foros de maior importancia, doazóns ordinarias e testamentarias. Vista a natureza desta documentación e comprobada a circunstancia histórica en se que foi orixinando, queremos agora referirmonos máis explicitamente a algúns destes documentos especialmente significativos: os documentos dos oficiais reais e os testamentos dos familiares do Cabido, en especial dos prebendados.

Por ser un verdadeiro epicentro dos apetitos nobiliarios, coidouuse a Igrexa de Lugo de conservar a documentación recibida de personaxes de tanto influxo na zona como o Infante don Filipe, de quen quedaron nos arquivos lucenses as súas cartas do 20 de abril de 1310, doando á Igrexa de Lugo os seus bens nas freguesías de Santa María de Castelo de Asma e de San Xulián do Campo<sup>86</sup>; do 12 de decembro de 1312, na que o Infante se prestaba a facer de intermediario entre a Igrexa, que xa posuía a confirmación dos seus dereitos xurisdiccionais sobre a cidade e o recoñecemento solemne destes polo Concello, e este que buscaba agora un entendemento pacífico co bispo<sup>87</sup>; do 13 de marzo de 1327, pola que se comprometía a entregar ao bispo de Lugo a súa fortaleza, levantada sobre a Porta de San Pedro<sup>88</sup>. Con esta mesma cautela conservaron os documentos que rebatían as pretensións do Infante sobre a Igrexa de Lugo: a concesión da encomenda da Igrexa de Lugo a don Afonso, fillo do infante don Xoán, polo bispo frei Xoán, o 15 de agosto de 1315<sup>89</sup>; a carta da raíña dona María de Molina, ordenando ao Infante que se ativese ao disposto pola Corte sobre o señorío da cidade<sup>90</sup> e, sobre todo, a designación de *encomendeiro* da Igrexa de Lugo en favor do prestixiado don Pedro Fernández de Castro, que podía borrar as malas lembranzas do paso do infante don Filipe por Galicia<sup>91</sup>.

<sup>85</sup> Véxanse como exemplo destas fundacións as Escrituras do 5 de maio de 1368 (*ibid.*, códice 416 B, f. 79r); 5 de novembro de 1368 (*ibid.*, f. 158r).

<sup>86</sup> No arquivo conservouse o orixinal e copia no *Tumbillo Nuevo*, f. 98v.

<sup>87</sup> O texto en ACL, Fondo Cañizares, pp. 1128-1131.

<sup>88</sup> O texto en ACL, *Tumbillo Nuevo*, f. 105Dr-v.

<sup>89</sup> *Ibid.*, ff. 103r-104v.

<sup>90</sup> *Ibid.*, f. 105 Br-v.

<sup>91</sup> *Ibid.*, Fondo Cañizares, pp. 1007-1008.

Non demostrou a Igrexa de Lugo a mesma precaución nos anos seguintes, cando lle chegaron, sen dúbida, documentos do conde de Trastámara, don Henrique, e do seu aliado, don Fernando Ruiz de Castro. Do primeiro non quedou nos arquivos lucenses ningún documento persoal ou institucional, mentres que do segundo se conservaron tan só documentos familiares que unicamente máis tarde viñeron a afectar á Igrexa de Lugo a causa das fundacións do bispo frei Pedro López de Aguiar<sup>92</sup> e do arrepentimento político do mesmo don Fernando, que o leva a doar o couto de Diomondi á Igrexa de Lugo e ordenar aos seus alcaldes de señorío que respecten con escrúpulo os dereitos da igrexa nos seus propios señoríos<sup>93</sup>.

A experiencia da suma conflitividade que levou ao ascenso da dinastía Trastámara puxo a Igrexa de Lugo en grave dificultade para seguir tutelando os seus dereitos xurisdiccionais. Durante o conflito, os oficiais de Pedro I publicaron disposicións propias en favor da xurisdición episcopal. Os adiantados maiores de Pedro I, Suero Yáñez de Parada e Andrés Sánchez de Gres, publicaron o 27 de febreiro de 1352 e o 16 de maio de 1358 senllas cartas misivas notificando as cartas precedentes de Pedro I en favor da Igrexa de Lugo e ordenando aos seus oficiais que a cumprisen<sup>94</sup>; xesto que, pola súa vez, repetiron os meiriños maiores Xoán Rodríguez de Rosales, que exercía en 1358 por Pedro Fernández de Velasco, adiantado maior<sup>95</sup>, e Afonso García de Mansiella, nos anos sesenta<sup>96</sup>.

Se dos oficiais de Pedro I podía esperarse esta actitude favorable, non sucedía o mesmo cos dos Trastámara, xa que malia as confirmacións reais dos documentos precedentes realizadas polo mesmo Henrique II reiteradamente<sup>97</sup>, os seus adiantados e meiriños en Galicia fixeron gala da súa prepotencia. A instalación dos homes de Pedro Ruiz Sarmiento no castelo de Lugo, en 1372, con Xoán Jiménez de Lisaveo como alcaide, levou a frei Pedro de Aguiar a demandar garantías de respecto aos seus dereitos. A súa reclamación respondía, sobre o papel, ao preito homenaxe de don Pedro Ruiz de Sarmiento de manter en Lugo a fidelidade á coroa e a salvagarda da xurisdición episcopal, subscrito en Portomarín o 20 de maio de 1372, do cal fixo inmediatamente traslado auténtico o notario episcopal Gonzalo Pérez<sup>98</sup>. Compromisos escritos desta índole solicitáronse con éxito do segundo magnate da Galicia Trastámara: don Pedro Enríquez de Castro. Certamente asinou compromisos persoais e institucionais de respecto da xurisdición eclesiástica lucense, como o que subscibía en Lugo, o 23 de novembro

<sup>92</sup> Así, a carta do 23 de xaneiro de 1351. *AHN*, Clero, carpeta 1332 E/24.

<sup>93</sup> Escrituras do 1363, sen día nin mes (*AHN*, Clero, códice 417 B, f. 106v) e do 8 de setembro de 1366. *Ibid.*, carpeta 1332 F/13.

<sup>94</sup> O texto en *ACL*, *Tumbillo Nuevo*, ff. 109Cr-109Dr.

<sup>95</sup> Escrituras do 16 de maio de 1358 e 26 de setembro de 1358. *Ibid.*, ff. 109Er-109Fr.

<sup>96</sup> Escrituras do 9 de xuño de 1363 (*AHN*, Clero, códice 416 B, f. 112r), 2 de marzo de 1364 (*ibid.*, f. 77v).

<sup>97</sup> Carta *plomada* de Toro, 23 de setembro de 1375 (*ibid.*, códice 417 B, f. 14r-18v).

<sup>98</sup> O texto, multiplicado inmediatamente en numerosas copias, no citado Códice 417B, f. 92r.

de 1379, ordenando aos oficiais dos seus señoríos que satisfíxesen puntualmente as rendas da Igrexa de Lugo<sup>99</sup>. O mesmo aconteceu coas cartas reais de Henrique II e Xoán I, que ordenaban a don Pedro Ruiz Sarmiento e a don Pedro Enríquez de Castro, conde de Trastámara, que respectasen os dereitos da Igrexa lucense<sup>100</sup>. Neste equipamento documental está presente o bispo frei Pedro López de Aguiar coa súa política señorial de potenciación económica da Igrexa e fortalecemento institucional fronte aos cabaleiros, un empeño que facía agora posible a política relixiosa reformista do rei Xoán I. Os seus sucesores conténtanse con procurar oportunamente as confirmacións dos privilexios reais lucenses sen alusión particular aos desaforos dos oficiais reais ata a chegada dos Reis Católicos ao trono, cando volve ser necesario conseguir novas sancións reais que limiten a súa prepotencia.

Co mesmo coidado de fortalecer os seus dereitos conservou a Igrexa de Lugo unha colección de sentenzas favorables emanadas dos xuíces reais ao longo do século xv e, especialmente, reiteradas a partir de 1475 polos oficiais dos Reis Católicos en Galicia, cos que se volvía reproducir a difícil situación vivida tras a ascensión ao trono de Henrique II. Pronunciaron sentenzas favorables á Igrexa lucense o alcalde real, Xoán Sánchez de Bóveda, en 1403; o alcalde maior no Reino de Galicia, Gonzalo Sánchez del Castillo, en 1404<sup>101</sup>; e o conde de Ribadeo e gobernador de Galicia, don Pedro de Villandrando, en 1477<sup>102</sup>.

Outro lote documental básico coleccionado pola Igrexa de Lugo son os *testamentos*: unha minoría no seu texto íntegro e a maior parte en cláusulas testamentarias recollidas mediante traslados notariais. Estas últimas exprésanse mediante unha data introdutoria; unha cláusula notificativa; o rito de verificación e extractación das cláusulas pertinentes, xeralmente por orde do prelado e dos seus vigairos, do Cabido ou do xuíz lucense, indicando o notario ante quen pasou a escritura e a data da súa emisión. Ao citar o testamento, algúns notarios preocupápanse de identificar o texto orixinal aducindo o seu *incipit* e o seu *explicit* e a lista das testemuñas<sup>103</sup>. Outros exemplares comezan pola notificación típica das cartas notariais e conclúen cunha data típica notarial: «que foron tiradas (estas clausu-

<sup>99</sup> *Ibid.*, Códice 416 B, f. 103v-104r.

<sup>100</sup> Escrituras do 15 de setembro de 1375 (*ibid.*, ff. 14r-18v) e 23 de setembro de 1375 (*ibid.*); provisión real do 15 de agosto de 1379; 20 de agosto de 1379 (ACL, *Tumbo Nuevo*, f. 232r); 23 de febreiro de 1380 (*ibid.*, Fondo Cañizares, p. 1090); 17 de abril de 1380 (AHN, Clero, códice 417 B, f. 8v); 20 de setembro de 1380 (*ibid.*, f. 14r-18v); 20 de novembro de 1380 (*ibid.*, ff. 32v-33r); 28 de decembro de 1380 (ACL, *Tumbillo Nuevo*, f. 124Hv); 30 de agosto de 1381 (*ibid.*, f. 124Jr-124Nr).

<sup>101</sup> Escritura do 14 de outubro de 1403 (AHN, Clero, carpeta 1332 G/19). Escritura do 10 de outubro de 1404 (ACL, *Tumbillo Nuevo*, ff. 139r-143v).

<sup>102</sup> Carta de Lugo, 8 de outubro de 1477, AHN, Clero, carpeta 1333 C/20.

<sup>103</sup> Escritura de Lugo, 18 de xaneiro de 1488, *ibid.*, n.º 19.



las) do dito testamento... días de... era de...» e ofrecen a lista das testemuñas presentes no encargo e na verificación do orixinal<sup>104</sup>.

Polo seu maior contido e transcendencia para a Igrexa de Lugo, o Cabido acolleu nas súas arcas e libros algúns testamentos. Trátase de familiares directos dos prebendados, que lles legan gran parte dos seus bens, como o facía Vasco Fernández de Parga, pai do cóengo Pedro Arias, no seu testamento, subscrito na afastada Sevilla, o 30 de xullo de 1340, estirpe que xa tiña unha capela funeraria na catedral lucense<sup>105</sup>. Un segundo tipo de testamentos están protagonizados por burgueses lucenses de grande iniciativa relixiosa e profesional na cidade, que se consideran particularmente ligados ao templo catedralicio e ás capelas e confrarías lucenses. Inés Fernández, esposa de Roy de Goyos, parece ser unha dama de grande ascendente relixioso no Lugo de mediados do século xv. Ten unha predilección moi marcada polo convento franciscano, no cal elixe sepultura e encarga aniversario; a nova comunidade de Freiras da Terceira orde Regular, a redención de cativos, a obra da catedral e da ponte e as confrarías e os hospitais lucenses que enumera puntualmente no seu testamento, pero non se esquece da catedral, na cal funda un aniversario o día de Todos os Santos. Como burguesa adineirada, tras establecer as principais mandas para o seu marido, Roy de Goyos, pode consignar doazóns de gran volume para as institucións citadas e mesmo para familiares, criados e amigos<sup>106</sup>. En 1463, o zapateiro Ruy Domínguez ofrece un notable exemplo desta piedade burguesa lucense: elixe sepultura no cemiterio de Santa María, «que esta encontra os fiees de Deus» e ordena que cubran o seu cadáver con «pano de color perteesçente»; encarga e sufraga os seus funerais; establece as mandas típicas ás confrarías lucenses de Santa Catarina, San Bertomeu, San Miguel e San Sebastián, a romeiros que vaian por el a Nosa Señora da Franqueira e a Nosa Señora de Guadalupe, dota o seu aniversario por San Bertomeu sobre unhas casas que posúe na rúa de Porta Miña; ofrece un elenco dos seus debedores e acredores

<sup>104</sup> Así o notario Fernando García nunha acta do 12 de decembro de 1345. *Ibid.*, códice 416 B, f. 47v. En forma máis precisa, o notario Gonzalo Pérez, nunha acta do 8 de maio de 1378: «as quaes clausulas, eu o dito Gonzalvo Peres, notario, tirey do dito testamento, a petiçon do dayan e cabidoo de Lugo, segundo que en el iasian. Por testemoyas Lopo Peres, porteyro do cabidoo, Fernando Affonso et Gonçalvo, escripvaes, testes». *Ibid.*, f. 92r. Un exemplo de traslado separado das diversas clausulas que afectan á Igrexa de Lugo, na escritura notarial de notario Ruy Fernández de Mançoe (28 de abril de 1434), *ibid.*, códice 419 B, f. 1r. Na certificación dalgúns dos testamentos interveñen varios notarios, por tratarse de personaxes que exercen cargos eclesiásticos en varias igrexas. Así acontece co testamento do cóengo Gonzalo García, xuíz de Luou, na Igrexa de Santiago e cóengo na de Lugo, do cal extractan clausulas relativas á primeira o notario compostelán Paio Fagúndez e clausulas tocantes á segunda o notario lucense Fernando García, que o fai con destino ao *Livro do Cabidoo* da catedral lucense. *Ibid.*, códice 416 B, f. 37v.

<sup>105</sup> O texto, que pasou ante o notario sevillano García Fernández, *ibid.*, carpeta 1332 E/12.

<sup>106</sup> Este texto é de gran riqueza informativa sobre a vida relixiosa lucense do século xv, *ibid.*, carpeta 1333 B/7.

e dispón a orde de sucesión nos seus bens<sup>107</sup>. Tamén os clérigos lucenses se mostran solidarios das súas institucións urbanas e relixiosas, aínda que non poidan gratificalas con doazóns tan cuantiosas. Demóstrao o clérigo Xoán Afonso de Castro Alfonsín, en 1487, que recorda no exordio do seu testamento os santos da súa devoción, establece as súas *mandas pías* sen esquecer as xa citadas en testamentos anteriores, funda o seu aniversario cada 21 de abril, lega importantes bens mobles aos seus numerosos criados segrares e clérigos e constitúe testamenteiros seus a unha tríade de representantes da familia, dos artesáns lucenses e da clerecía e chama a testificar a cóengos, clérigos e zapateiros, encarecendo que ninguén fóra deles se meta a dispoñer dos seus bens: «quero et outorgo que nen el papa nin el Rey, nin a Rayna, nen obispo nen arçobispo, nen cardenal nin outra persona ninguna que seja que tena poder para visitar los testamentos et mandas del, que non posa entender en este meu Testamento»<sup>108</sup>.

De quen máis podía esperar o Cabido lucense era dos seus bispos máis adiñeirados como frei Pedro López de Aguiar e dos seus prebendados ricos. Todos eles tiveron a gala fundar os seus aniversarios na catedral lucense e noutros templos da cidade, sobre todo nos conventuais de San Domingos e San Francisco. Na maior parte dos casos non quedou nos libros capitulares o texto íntegro da disposición testamentaria, senón tan só as cláusulas dela nas que se facían encargos, mandas e fundacións pías en favor do Cabido. Houbo tamén excepcións: dignatarios lucenses que llo confiaron todo ao Cabido e puxeron nas súas mans o seu propio testamento.

A expresión paradigmática destes prebendados parece representala o arcediago de Dozón Xoán Rodríguez (1400-1414), no seu testamento de 1414, que constitúe un documento singular polos datos de todo tipo sobre o personaxe, que non parece difícil extrapolar a moitos outros colegas dos que non nos queda esta certificación tan puntual. Destacamos algúns dos seus datos biográficos representativos<sup>109</sup>:

— arcediago de Triacastela en 1400-1403 e de Dozón nos anos 1403-1414, en que probablemente faleceu;

— home de confianza do bispo frei Xoán Enríquez (1409-1418), foi rendeiro dos bens da mitra, cargo que xa viña exercendo co bispo don Lope, o seu predecesor, acaba sendo vigairo xeneral aquel bispo franciscano. Nestes cargos non conseguira deixar todas as contas liquidadas e confesaba que frei Xoán Enríquez lle dera carta de pago, pero que o prelado «leyxou çertos quadernos de algunhas

<sup>107</sup> O testamento foi redactado en Lugo o 8 de xaneiro de 1463. Texto *ibid.*, códice 419 B, f. 36v-37r. Compréndese que chame a testemuñar da súa última vontade aos seus colegas os zapateiros lucenses, que en número de cinco dan fe no seu testamento: Afonso García, Gonzalvo Fernández, Vasco Grama, Ares de Castello e Afonso Saavedra.

<sup>108</sup> O testamento foi formalizado ante o cóengo lucense e notario apostólico Vasco Rodríguez de Parga, o 17 de abril de 1487. *Ibid.*, carpeta 1333 D/15 (bis).

<sup>109</sup> O texto deste importante documento *ibid.*, carpeta 1332 G/26.

cousas que lle eran devidas, dos quaes eu nunca reçoemy dineyro nen cousa alguma», sendo outro servidor do bispo, o cóengo Lope Fernández que fora o seu receptor, o que respondía destas cantidades;

— fora mordomo do Cabido desde xullo de 1413 a xullo de 1414, administración en que cumpriu cos seus subordinados os administradores e rendeiros da corporación, pero debíanselle aínda cantidades segundo constaba «enno meu libro escripto por Ares Peres, notario»;

— tiña casas de morada ben equipadas en Lugo e en Ponferrada, esta ben aderezada de roupas, obxectos e xoias, dos que encargaba un inventario preciso;

— por sentenza dos tribunais adxudicáraselle a rica ermida de Bravos e o seu *Paçio*, nos cales realizara grandes obras e organizara a recadación de esmola, enviando os seus *demandadores* ás poboacións próximas; bens que agora doaba aos aniversarios como base da súa capela funeraria de Santa Ádega e do aniversario que fundaba na catedral lucense;

— expoñente do seu status social eran as súas casas de Lugo e Ponferrada, nas que tiña numerosa servidume de clérigos, *omes* e criados, entre os que figuraban Aras Pérez e Domingos Pérez; os numerosos caseiros que tiña en diversas terras lucenses, aos que puxera gando e ás veces pan, entre os que destacaban Xoán Monteiro, a quen ofrecía para morada unha das súas casas de Ponferrada; e Fernando Martínez de Lobelle, que traballaba as súas herdades en Castro; os depósitos de pan que tiña en varios arcediagados e arciprestados (Goios, Narla, Parga, Triacastela e Castro), onde tiña arcas para recoller os seus cereais;

— en correspondencia coa súa riqueza ordenaba as súas exequias, aniversarios e mandas pías: as exequias realizaríanse conxuntamente nos conventos lucenses de San Domingos, San Francisco e Santa María a Nova, e no seu altar de Santa Ádega da catedral lucense, durante tres días sucesivos con vixilias, misas cantadas de Réquiem e procesión á súa tumba con responsorio, reservando para a catedral o máis brillante da celebración, que consistiría na gran mesa de altar, cuberta de pano e na que se depositarían unha ara, un cáliz, un misal para celebrar misa ininterrompidamente; un acetre para os responsos e dous breviarios da súa propiedade, un grande e outro pequeno, «para que resen por eles os capelaes et outros algunos da dita iglesia se os ouveren mester», celebracións ás que seguirían un oitavario e un trintenario e duascenas misas ordinarias por metade en Lugo e en Ponferrada; os aniversarios celebraríanse anualmente o día de Santa Ádega e os dous días seguintes con misas solemnes e responsorios;

— unha longa lista de mandas pías para familiares, de esmolos para os enfermos de San Lázaro e as confrarías lucenses en diñeiro e, sobre todo, en obxectos e enxoval doméstico enchían a disposición testamentaria.

En conclusión, a Igrexa de Lugo e en particular o Cabido catedralicio deron proba na Baixa Idade Media dun sentido moi vivo da importancia da escri-

tura para a súa memoria institucional, para a formulación xurídica dos seus tratos e, sobre todo, para posuír unha base segura na que apoiar as súas frecuentes reivindicacións fronte ao señorío segrar e incluso fronte aos oficiais reais que, debido á ausencia frecuente e prolongada dos prelados, invadían a xurisdición eclesiástica e mediatizaban os seus bens e rendas. Sen dúbida, o acicate máis vivo neste afán de atesourar probas documentais foi a sostida disputa co Concello lucense, que buscou con denodo a cota de autonomía que lle correspondía e, en determinados momentos, a condición reguenga.

*José García Oro*

## BIBLIOGRAFÍA

- ABAJO MARTÍN, T.: *Documentación de la Catedral de Palencia: 1035-1247*, Palencia, 1986.
- BARROS GUIMERÁNS, C.: *Mentalidad y revuelta en la Galicia irmandiña: favorables y contrarios*, Santiago de Compostela, 1989.
- BAUTISTA, M. e outros: *Documentación medieval de la iglesia catedral de León (1419-1426)*, Salamanca, 1990.
- BOLETÍN de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, 10 vols., 1947-1978. Citado: BCML.
- BONO y HUERTA, J.: *Historia del Derecho notarial español*, 2 vols., Madrid, 1979 e 1982.
- «Initia clausularum. La abreviación de cláusulas en el documento notarial», en *Las abreviaturas en la enseñanza medieval, y la transmisión del saber*, Barcelona, 1991, pp. 75-96.
- BORDEAUX, M.: *Aspects économiques de la vie de l'église aux XIV<sup>e</sup> et XV<sup>e</sup> siècles*, París, 1969.
- BOUZA, F.: «Orígenes de la notaría. Notarios en Santiago de 1100 a 1400», *Compostellanum*, V, 1960, pp. 585-760.
- CANELLAS, A.: «La investigación diplomática sobre cancillerías y oficinas notariales: estado actual», en *Actas de las I Jornadas de Metodología aplicada a las Ciencias Históricas, V, Paleografía y Archivística*, Santiago de Compostela, 1975, pp. 201-222.
- «El notariado en España hasta el siglo XIV. Estado de la cuestión», en *Actas del VII Congreso Internacional de Diplomática*, Valencia, 1989, pp. 99-140.
- CANIZARES DEL REY, V.: *Transcripciones*, 1314 cuartillas, ACL.
- CASADO ALONSO, H.: *La propiedad eclesiástica en la ciudad de Burgos en el siglo XV: el cabildo catedralicio*, Valladolid, 1979.
- CONSUELO BOUZAS, J.: *La guerra hermandina: siglo XV*, Santiago, 1926.

- DICCIONARIO de Historia eclesiástica de España, 4 vols., Madrid, 1972-1975.
- DURÁN GUDIOL, A.: *Colección diplomática de la catedral de Huesca*, 2 vols., Zaragoza, 1965.
- DURAMY y CASTRILLO, M.: *La Región del Bierzo en los siglos centrales de la Edad Media*, 1070-1250, Santiago de Compostela, 1989.
- DURO PEÑA, E.: «Las antiguas dignidades de la catedral de Orense», *AEM*, n.º 1, 1964, pp. 289-332.
- FERNÁNDEZ CATÓN, J. M.<sup>a</sup>: *Colección Documental del Archivo de la Catedral de León*, León, 1987-1991.
- FERRO COUSELO, X.: *A vida e a fala dos devanceiros*, Vigo, 1967.
- FLÓREZ, E.: *Teatro geográfico-histórico de la Iglesia de España*, Madrid, 1747.  
Citado: *ES*.
- FLORIANO CUMBREÑO, S.: *Curso general de Paleografía y Diplomática*, Oviedo, 1946.
- GALICIA en la Edad Media. *Actas del Coloquio de Santiago de Compostela*, 13-17 xullo de 1987, Madrid, 1990.
- GALINDO ROMERO, P.: *Tuy en la Baja Edad Media*, Zaragoza-Madrid, 1923.
- GARCÍA CONDE, A. e A. LÓPEZ VALCÁRCEL: *Episcopologio Lucense*, Lugo, 1991.
- GARCÍA GARCÍA, A. (dir.): *Synodicon Hispanum*, I, Galicia, Madrid, 1981.
- GARCÍA LARRAGUETA, S.: *Colección de Documentos de la Catedral de Oviedo*, Oviedo, 1962.
- «El fenómeno gráfico de la escritura cursiva en Navarra», *Anuario de Estudios Medievales*, n.º 21, 1991, pp. 513-525.
- GARCÍA ORO, J.: *Galicia en los siglos XIV y XV*, A Coruña, 1987.
- *Señorío y nobleza. Galicia en la Baja Edad Media*, Santiago de Compostela, 1977.
- GARRIDO GARRIDO, J. M.: *Documentación de la Catedral de Burgos: 1184-1222*, Burgos, 1983.
- GILISSEN, L.: «Analyse et évolution des formes graphiques», *Anuario de Estudios Medievales*, n.º 21, 1991, pp. 323-346.
- GIMENO, F. M. e J. TRENCHS: «La escritura medieval de la Corona de Aragón (1137-1474)», *Anuario de Estudios Medievales*, n.º 21, 1991, pp. 493-511.
- GUTIÉRREZ IGLESIAS, M.<sup>a</sup> R.: *La mensa capitular de la iglesia de San Salvador de Zaragoza en el pontificado de Hugo Mataplana*, Zaragoza, 1980.
- HEERS, J.: *Occidente durante los siglos XIV y XV*, Barcelona, 1968.
- INSTITUTO GEOGRÁFICO NACIONAL: *Mapa Topográfico Nacional*, 1:50.000.
- INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA: *Nomenclatores correspondientes a las provincias de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra y León*, Madrid, 1960.
- IZQUIERDO BENITO, R.: *El patrimonio del cabildo de la catedral de Toledo en el siglo XIV*, Toledo, 1980.

- JIMÉNEZ GÓMEZ, S.: *Guía para el estudio de la Edad Media gallega*, Santiago de Compostela, 1973.
- «Memorial de Aniversarios de la Catedral de Lugo», *Jubilatio*, n.º 1, 1987, pp. 161-227.
- KERN, H.: «La peste negra y su influjo en la provisión de los beneficios escolásticos», en *VIII Congreso de Historia de la Corona de Aragón*, II, 1: *La Corona de Aragón en el siglo XIV*, Valencia, 1969, pp. 71-83.
- LOJO PIÑEIRO, F.: *A violencia na Galicia do século XV*, Santiago, 1991.
- LÓPEZ ARÉVALO, J. R.: *Un cabildo catedral de la vieja Castilla, Ávila: su estructura jurídica. Siglos XII-XX*, Madrid, 1960.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, 11 vols., Santiago de Compostela, 1900-1909.
- *Galicia en el último tercio del siglo XV*, Santiago de Compostela, 1883.
- LÓPEZ PELÁEZ, A.: *El señorío temporal de los Obispos de Lugo*, A Coruña, 1897. Citado: *El señorío...*
- LÓPEZ DE SILANES, C.: *Colección diplomática calcetense. Archivo catedral (1125-1397)*, Logroño, 1985.
- LUCAS ÁLVAREZ, M.: *El Tombo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*, Santiago de Compostela, 1986.
- «El notariado en Galicia hasta 1300», en *Actas del VII Congreso Internacional de Diplomática*, Valencia, 1989, pp. 331-480.
- «Documentos notariales y notarios en el Monasterio de Osera», en *Actas de las I Jornadas de Metodología aplicada a las Ciencias Históricas*, V, *Paleografía y Archivística*, Santiago de Compostela, 1985, pp. 223-240.
- «Características paleográficas de la escritura gótica gallega. Escritorios notariales compostelanos», *CEG*, n.º 5, 1950, pp. 53-86.
- «Para unas normas complementarias de transcripción de documentación en gallego», *CEG*, n.º 4, 1949, pp. 95-110.
- «Paleografía gallega. Estado de la cuestión», *Anuario de Estudios Medievales*, n.º 21, 1991, pp. 419-470.
- «Evolución histórica del foro gallego», *Boletín de la Universidad de Santiago*, 1953-1954, pp. 61-62.
- LUCAS LABRADA, J.: *Descripción económica del Reino de Galicia*, Vigo, 1971.
- MADOZ, P.: *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico*, Madrid, 1845-1850.
- MANSILLA, D.: *El Archivo Capítular de la Catedral de Burgos. Breve Guía y sumaria descripción de sus fondos*, Burgos, 1956.
- MARTÍN FUERTES, S. A.: «Notarios públicos y escribanos del concejo de León en el siglo XIV», *Archivos Leoneses*, 75, 1984, pp. 7-30.
- MARTÍN MARTÍN, J. L.: *El Cabildo de la catedral de Salamanca (siglos XII-XIII)*, Salamanca, 1975.

- «*Documentos zamoranos: Documentos del Archivo Catedralicio de Zamora, 1120-1261*», Salamanca, 1982. (Documentos para la Historia del Occidente Peninsular durante la Edad Media).
- «Cabildos catedralicios del occidente español hasta mediados del siglo XIII», en *Homenaje a Fray Justo Pérez de Urbel*, Abadía de Silos, 2, 1977, pp. 125-136.
- MILLARES CARLO, A.: *Tratado de paleografía española*, 3 vols., Madrid, 1983.
- MIRALBES, R., M.<sup>a</sup> P. TORRES LUNA e R. RODRÍGUEZ: *Mapa de límites de las parroquias de Galicia*, Santiago de Compostela, 1979.
- «Normes internacionais pour l'édition des documents médiévaux», en *Folia Cesaraugustana*, Zaragoza, 1984, pp. 15-64.
- PALLARES MÉNDEZ, M.<sup>a</sup> C.: *Galicia en la Época Medieval*, A Coruña, 1991.
- «Los cotos como marco de los derechos feudales en Galicia durante la Edad Media (1100-1500)», *Estudios Compostelanos*, 5, 1978, pp. 201-225.
- PASCUAL MARTÍNEZ, L.: «El Notariado en la Baja Edad Media: escribas y documentos», *Miscelánea Medieval Murciana*, 1983, pp. 197-220.
- PEREDA LLANERA, P. J.: *Documentación de la Catedral de Burgos: 1254-1293, 1294-1316*, 2 vols., Burgos, 1984.
- PIÑEIRO CANCIO, J. V.: *Memorias y Colección Diplomática para la historia de la ciudad e iglesia de Lugo*, 5 vols., ACL.
- PORTABALES NOGUEIRA, I.: *Abecedario de la Catedral*, 2513 cuartillas, ACL.
- PORTELA PAZOS, S.: *Decanologio de la S.A.M. Iglesia Catedral de Santiago de Compostela*, Santiago, 1944.
- QUINTANA PRIETO, A.: *El obispado de Astorga en el siglo XI*, Astorga, 1977.
- RISCO, M.: *España sagrada...*, Madrid, 1775. Citado: *ES esp.*, tomo XLI.
- RISCO, V.: *Manual de Historia de Galicia*, Vigo, 1976.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A.: *Las fortalezas de la mitra compostelana y los «irmandiños»: Pleito Tabera-Fonseca*, A Coruña, 1984.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M.: *A Colección Diplomática do Mosteiro cisterciense de Santa Maria de Oseira (Ourense) (1025- 1310)*, Santiago de Compostela, 1989.
- SAN MARTÍN PAYO, J.: «El Cabildo de Palencia», *Institución Tello Téllez de Meneses*, 34, 1974, pp. 229-248.
- SÁNCHEZ BELDA, L.: *Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia*, Madrid, 1953, Citado: *Docs...*
- SÁNCHEZ HERRERO, J.: *Las diócesis del reino de León. Siglos XIV-XV*, León, 1978. (Fuentes y Estudios de Historia Leonesa, 20).
- «Vida y costumbres de los componentes del cabildo catedral de Palencia a fines de siglo XV», *Historia, Instituciones, Documentos*, 3, 1976, pp. 485-532.
- SANTA ROSA DE VITERBO, J. de: *Elucidario das palavras, termos e frases, que em Portugal antigamente se usaram*, 2 vols., Lisboa, 1798.
- SANTAMARINA LANCHÁ, M.: «La organización de la gestión económica del cabildo catedralicio de Segovia. Siglos XIII-XIV», en *La España Medieval I: Estudios en memoria del prof. D. Salvador de Moxó*, Madrid, 1982, vol. II, pp. 505-540.



et cardeas que disen: signo del rey don Fernando et dentro eno medio dessa roda estan figurados dous castelos et dous leoes et huna crus entre elles, segundo todo esto aparecia mayns compridamente por lo dito privilegio. O qual privilegio frey Gonçalvo Eanes vigario general do muyto onrrado padre et sennor don frey Pedro Lopes por la gracia de Deus obispo de Lugo presentou ante dom Vaasco Dias juys ordinario de Lugo en presenza de min Fernan Garçia et de Fernan Peres notarios publicos da dita cibdade disendo que avia mester de o enviar a o dito sennor don Pedro que o queria mostrar a noso senor el rey don Pedro, et por quanto se temia enbiandolo que se perderia o original enno caminno por toma ou força ou por furto ou por fuego ou por agoas ou por outra [ocasion] alguna pidio a o dito juys que desse autoridade et mandasse a nos los ditos notarios que sacassemos o traslado do dito privilegio et o signassemos con nosos signos porque valuessen et fesesen fe. Et o dito juys vio et examinou o dito privilegio ben et diligentemente et achou ho sen sospeyta segundo por el parecia, et mandou a nos notarios sobreditos que sacassemos del este traslado et o signassemos de nosos signos et deu autoridade a este traslado que valuese et fesese fe en todo lugar ut parece assy commo o verdadeyro original onde fuy sacado, o qual traslado eu Fernan Garçia notario sobredito con o dito Fernan Peres fise trasladar et sacar do dito privilegio i a minna presenza vervo por vervo et contesteyho nenhua coussa caduda nen mermada nen mingoadada por que a sustancia da verdade del podesse seer mingoadada et en este traslado puge meu nome et meu signal en testimonio de verdade,

Feyto este traslado en Lugo quince dias de fevreiro, era de mill et tresçientos et oyteenta et nove annos.

Testigos que foron presentes quando dito juys deu esta autoridade et viron et oyron leer dito privilegio: don Vasco Rodrigues, arçidiago de Deçon, don Lopo Domingues, thessoreyro, Johan Dias, Johan Ferrandes, coengos de Lugo; Ruy Gonçalves, Diego Gomes, raçoneros desa iglesia; Maestre Johan, fissico; Alfonso Aras das Cortinas, escudeyro, Lopo Peres, porteiro do cabidoo, et outros. Ts.

Et eu Fernan Peres sobredito publico notario da ciudade de Lugo e o dito Fernan Garçia, notario, vi et lii ho original do dito privilegio, et era seellado et rodado ena maneira hy sobre escripta pello dito Fernando Garcia notario, et a ruego do dito frey Gonçalvo Eanes, vicario do muy onrrado sennor don frey Pedro Lopes pela gracia de Deus obispo de Lugo, et de mandado et outoridade de don Vaasco Dias juys sobredito vervo por vervo aqui fis trasladar o dito privilegio nehua cousa enaduda nen minguada porque a sustancia da verdade del se podese mudar; et en este traslado puge y meu nome et meu signal en testemoyo da berdade.

Feito fuy este traslado en Lugo era et dia sobredito.

Testigos que a esto presente foron quando o dito juys deu esta outoridade et viiron et oyron leer dito privilegio: don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Dezon, dom Lopo Domingues, thesorero; Johan Dias, Johan Fernandes, coengos de Lugo; Ruy Gonçalvez, Diego Gomes, raçoeyros desa yglesia; Maestre Johan, fisico; Afonso Arias das Cortinnas, escudeiro, et Lopo Peres, porteiro do cabidoo, et outros muitos testigos.

## 27

1304, abril, 12

*María Pérez e a súa filla véndenlles a Fernando Martins e á súa muller a leira de Rebordelo por 360 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/4, perg. orix., galego, gótica cursiva, 135x143 mm.

Sabiam quantos esta carta viren commo eu Maria Perez de Villa Moure, muller que foy de Domingo Fernandez, et eu Maria Domingues, sua filla, presente et outorgante meu marido Domingo Perez, de boo curaçon et de boa vontade vendemos a vos Fernan Martines da rua de Vermun Sanches, et a vossa muler Maria Domingues, huna leyra que chaman de Revordello, que he duas oytavas semente a par d'outra vossa leyra; et se por mays ca estas duas oytavas sobreditas semente que se seia vossa et se for mynos que volla prefaçamos, sub signo de de (sic) San Pedro de Sonar; et reçebemos de vos en preço por esta vençon sobredita treçentos et LX soldos da moneda del rey don Fernando, de que somos bem pagadas et entregas, et que a nosso iur et a nosso poder passarun; et obligamos por nos et por todos nossos bees a façervos sempre esta vençon de paz, des oge mays avedea senpre en paz vos et a vossa voz o noso seniorio removudo et o poder.

Feyta a carta da vençon XII dias do mes d'abril. Era de mill et CCC et XLII annos, tenpo del rey don Fernando, bispo de Lugo don Rodrigo, moordomo Miguel Perez.

Et nos as sobreditas vendedores roboramos et confirmamos.

Os que presentes foron: Fernan Perez Bechon, Domingo Eanes de rua Minaa, Aras Gonçalvez ,clerigo, Iohan Martines de Boosende, Iohan Solaz, ts., Fernan Martines de Carvalido, ts.

Et eu Aras Affonso, notario publico de Lugo, presente foy et notey et escrivi esta carta et puge y meu nome et meu signal.

SIGNO

## 28

1304, abril, 28

*Lope Pérez e a súa muller véndenlle a Pedro Fernández media herdade no casal d'Eldonçares, Santa María de Neira, por 220 marabedís. Deseguido, Pedro Fernández véndelle parte do comprado a Nuno Álvarez por 220 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/5, perg. orix., galego, gótica cursiva, 110x285 mm.

Dous dias por andar de abril, era de mill et CCC XLII annos. Sabeam quantos esta carta viren commo eu Lopo Peres de Neyra con minna moller Mayor Eanes quitamonos a vos Pedro Fernandez dyto Greynon, da meatade de quanta erdade et voz nos aviiamos de vos comprado et de vossa moller enno cassal d'Eldonça Eres que e en Neyra, con todas suas dereyturas et pertenenças peru quer que vaa su signo de Santa Maria de Neyra, et su signo de Santa Ouffemea de Villar Moesteyro, por duzentos et viinte moravedis da moneda branca que mandou fazer el rey don Fernando, dos quaes resebimos de vos en dyneiros feytos de que nos outorgamos por ben pagados, et des oie este dya a tyramos de nosso iur et de nosso poder et a metemos enno vosso, et renuçamos toda eyçeison et todo dereyto que nos contra ella ouvessemos que a nos non preste en iuyço nen fora de iuyço, nen a vos non enpeesca en nenunna maneira. Et mays outorgamos que se veer en verdade que nos desta erdade deste cassal sobredito en nehun lugar, peru quer que ella vaa, vendemos ou sopinoramos ou enalleamos en nenunna maneira dos que a de vos compramos cuio es, aqui outorgamos de a lyvramos sempre a dereyto pelo al que ouvermos salvo de Nuno Alvares et de Orraca Viviaes. Et porque isto seia certo et non venna en dulta rogamos a Fernan Peres, notario publico del rey enna Pobra de San Jullao, que vos desse ende esta carta et possesse en ella seu sinal.

Testemoyas: Afonso Pelaes de Neyra et Iohan Peres de Paredes, clerigo; et Iohan Iohannes de Neyra et Rodrigo Fernandes de Willa/ Sante, et Areas Peres do Castro de Sant Andre.

Eu Fernan Peres, notario sobredito, foy presente et por rogo dos sobreditos Lopo Peres et sua moller fis esta carta et pus en ella meu sinal en testemoyo de verdade.

#### SIGNO

Era de mill et CCC XLII annos, dous dias por andar de abril. Conosçuda coussa seia a quantos esta carta viren commo eu Pedro Fernandes dyto Greynon de Pallares, vendo a vos Nuno Alvares et a vossa moller Orraca Viviaes de todo o cassal Delçaeres que e en Neyra et en San Jullao, da unna sessma del a sessma, et da una quarta et mea d'outra sessma a sesma, con todas suas dereyturas et pertenenças, a montes et a fontes, peru quer que a possades achar, su signo de Santa Maria de Neyra et de Santa Euffemea de Villar Moesteyro, assi igleriario commo leigario, a qual erdade et vos eu y aio per voz de meu padre Fernan Iohannes; et reçebi de vos preso por esta venzon duzentos et viinte moravedis a oyto en soldos cada moravedi da moneda branca que mandou faser el rey don Fernando, dos quaes me outorgo por ben pagado et outorgovos anparar con esta venson a todo tenpo per min et per todas minnas boces.

Testemoyas: Lopo Peres de Neyra et Affonso Peláez et Iohan Iohannes et Iohan Peres de Paredes, clerigo.

Et eu Fernan Peres notario publico del rey na Pobra de San Jullao foy presente et por rogo das partes fis esta carta et pus en ella meu sinal en testemoyo de verdade.

SIGNO

## 29

1304, maio, 14. Vilamaior

*Don Martiño Pais, mestrescola de Mondoñedo, concédelle sete oitavas da igrexa de Goiriz a Fernando, clérigo.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 50r.

Noverint universi que ego Martinus Pelagii, magisterscolarum mindonensis, ad presentationem dompni Pelagii Roderici, archidiaconi de Sarria, in ecclesia lucensis, tenentis prestimonium ecclesie de Goeriz, et possessionem vel quasi iuris patronatus eiusdem nomine lucensis ecclesie septem octavas cum cura ipsius ecclesie proxime vacantes per mortem Gundissalvi Roderici quondam rectoris ipsius; confero in beneficium canonicum possidendum [...] Fernandi clerico et ipsum rectorem instituo in eadem. In cuius rei testimonium presentem cartam sibi concessi sigilli mei munimine [...].

Datum apud Villam Maiorem pridie idus Madii. Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XLII<sup>a</sup>.

## 30

1304, xuño, 22

*Fernando IV dóalle ao bispo de Lugo, don Rodrigo, os bens incautados a André Arias, que foi rebelde ao Rei en tempos de Sancho IV e nos do monarca outorgante.*

LUGO, AC, est. 23, atado 5, orix. perg., 340x300 mm.

Ed., BENAVIDES: *Memorias*, n.º 272, pp. 405-406.

SÁNCHEZ BELDA: *Documentos...*, n.º 941, p. 400.

Sepan quantos esta carta vieren como yo don Fernando por la gracia de Dios rey de Castiella de Leon de Toledo de Gallisia de Sevilla de Cordova de Murcia de Jahen del Algarbe et sennor de Molina. Sepades que es derecho que el que bien fase que aya buen gualardon et el que mal fase que aya pena por ello. Et por que Andres Arias vas-

sallo de don Ferrad Rodriguez de Castro que fue, desservio mucho al rey don Sancho mio padre que Dios perdone, et a mi depues que yo regne aca, robando los campos et quemando et prendiendo los mios omnes de la mi tierra et matandolos et despechandos et fasiendo otras malffechorias muchas en la mi tierra, por que yo con derecho puedo tomar lo suyo et faser dello lo que quisier tengo por bien del tomar todos los bienes que a assi casas et herdamientos et cotos et eglisarios et derechos et rentas et toda la otra rays que tiene en el obispado de Lugo et en los otros logares doquier que los el aya et echarlos en rengalengo. Et por faser bien et merçed a don Rodrigo, obispo de Lugo, et a los obispos que fueren despues del en esse logar, et por que rueguen a Dios por las almas de los reyes onde yo vengo et por la mi vida et la mi salut, et por muchos serviçios et buenos que este obispo don Rodrigo me fiso des que yo regne aca et que aya alguna emienda de los males et dannos quel fiso este Andres Arias, prendiendolos sus vasallos et despechandogelos et matandolos et quemandogelas casas et robandogelos gannados et todo lo al que avia, do a el et a los obispos que fueren despues del en Lugo, todos los bienes assi casas et cotos et eglisarios et herdamientos et foros et derechos et toda la otra rays que este Andrea Arias a et deve aver en el obispoado de Lugo et en los otros logares doquier que los el aya, et dogelos que los aya por juro de hereditat para siempre jamas el et los obispos que fueren despues del en Lugo, para dar et vender et enpennar et enagenar et para faser dello et en ello toda su voluntad assi commo de la cosa que el obispo de Lugo a mas libre et mas quita de la su mesa, salvo que non pueda faser nenguna destas cosas sobredichas con omne de fuera de mio senorio nin con omne que este a mio deservicio sin mio mandado. Et deffiendo firmemente que ninguno non sea osado de yr nin de passar nin les minguar esta merced que les yo faso en ningun tienpo nin en ninguna manera por ninguna mi carta que muestren que contra esto sea nin por [...] el rey don Sancho mio padre fiso en que mando que non passasse abbadengo a rengalengo nin [...] ca qualquier que lo fisiesse pecharme ya en pena mill maravedis de la buena moneda et al dicho obispo don Rodrigo et a los otros obispos que vinyesen despues del todos los dannos et los menoscabos que por ende reçibieren doblados [...] mando al infante [...] et mio adelantado mayor en Gallisia [...] merino mayor [...] del coto de Lugo et a los merinos que anduvieren [...] bienes sobredichos et lo anparen et lo deffiendan con ellos et non consientan a ninguno que les passe contra esta merçed [...] a qualquiera que les contra ella passen que lo pendrn por la pena sobredicha et la guarden para faser della lo que yo mandar et que fagan emendar al obispo don Rodrigo et a los otros obispos que fueran despues del todos los dannos et menoscabos que por ende reçebiere doblados. Et non fagan ende al so la pena sobredicha a cada uno dellos. Et destol mande [dar] esta mi carta seellada con mio seello de plomo.

Dada en Burgos veynte et dos dias de junio. Era de mill et tresientos et quarenta et dos annos.

Yo Sant. M<sup>o</sup> la fis escrevir por mandado del rey.

Ferrand Yanes. Fernan Perez.

31

1304, outubro, 20

*Pedro Martins e a súa muller véndenlles a García Fernández e a Rui Fernández a cuarta parte dunha herdade en Riobó, Santa María de Alta, por 1400 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/6, perg. orix., galego, gótica cursiva, 186x127 mm.

Conosçuda coussa seia a quantos esta carta viren commo eu Pedro Martines en senbra con myna muler Thereyia Pelaes, de boo curaçon et de boa vontade, vendemos a vos Garçia Ferrnandes et a vossa muller Aldara Eanes, et a vos Ruy Fernandez et a sua muler Thereyia Perez, per meo a quarta parte de toda quanta herdade Marina Miguelez et seus fillos et fillas aviam en Rioboo, sub signo de Santa Maria Alta, con todas suas per-tenenças et dereyturas, a monte et a fonte, peru quer que vaan; et reçebemos de vos en preço por esta vençon sobredita mill et quatroçentos soldos da moneda branca del rey don Fernando de que somos bem pagados et entregos, et obligamos nos et todos nos- sos bees a façervos senpre esta vençon de paz de Marina Miguelez et de seus fillos; a qual quarta nos compramos da dita Marina Miguelez et de seus fillos, des oie mays avedeada senpre en paz vos et a vossa vos o nosso seniorio removouido et o poder.

Feyta a carta de vençon XX dias andados do mes de outubro. Era de mill et CCC XLII annos, tempo del rey don Fernando, bispo de Lugo dom Rodrigo, mordomo Affonso Ferrnandez de Carvallido.

Et nos os vendedores sobreditos roboramos et confirmamos.

Os que presentes foron: Pedro Aras clerigo de Lamas, Iohan Pelaes çapa-tyro, Pedro Eanes clerigo de Trastullfe, Fernan Martines d'Asteris, ts.

Et eu Aras Affonso notario publico de Lugo presente foy et notey et escri- vi esta carta por mia mao et puge y meu nome et meu signal.

SIGNO

32

1304, novembro, 5. Outeiro de Carracedo

*Dona María Rodríguez de Temes mándalle ao Cabido de Lugo, para o seu aniversario, o quiñón do couto de Santo Estevo e o casal de Insua.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 6r, traslado polo notario Francisco López.

Era de mill et CCC et XLII annos et quatum V dias andados de novembre. Conuçuda cousa a quantos esta carta virem commo en presenza de min Aras

Eanes, teente as vezes de Iohan Dominguez, notario publico del rey en terra de Temees, mandou a o cabidoo de Lugo por seu aniversario o seu quinon do couto de Santo Osevo et o seu casal que a en Ynsua, o qual casal ela comprou de fillos d'Estevo Perez ferruco, que lle façan anniversario por elle et por lo seu quinon do couto cada anno. Et se algen da sua parte contra esto quiseren passar que ouvesen a sua maldiçon et a de Deus que e padre poderoso, et a a voz do rey peyte mill moravedis, et a o cabidoo doble quanto le demandar et a carta valla en seu revor.

Feyto en Outeyro de Carrazedo eno bispadigo d'Ourense, su signo de Santiago de Carrazedo.

Que presentes forom et son testemoyas: Affonso Alvarez prelado de San Jullao; Domingo Perez d'Outeyro seu fillo; Pedro Dominguez, Pedro Dominguez da Soelleyra, Lourenço Eanes de Torvisquedo, Johan Passarino.

Eu Aras Eanes, teente as veses de Johan Dominguez notario sobredito, que a escrivi por seu mandado, et seu sinal y puge que tal este.

Eu Francisco Lopez, notario publico de Lugo, vi este instrumento de suso escrito feyto por Aras Eanes, notario, segundo que en el apareçia et por mandado do cabidoo de Lugo trasladeyo de vervo a vervo, [et en este] traslado puge meu signal meu [...]. Testemoyas Aras Peres [...].

### 33

1305, xaneiro, 21

*O bispo e o Cabido de Lugo outórganlles a Fernando Arias, á súa muller e a un fillo de ambos os dous sete casais no couto de San Martiño dos Condes, con determinadas obrigas tras a súa morte.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/8, perg. orix., latín, gótica cursiva, 340x235 mm.

In dei nomine amen. Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XLIII<sup>a</sup> et quotum XII kallendas februarii. Noverint universsi quod nos Rodericus, Dei gratia lucensis episcopus, de comuni consensu decani et capituli eiusdem ecclesie, damus et concedimus vobis Fernando Arie de Parrega et uxori vestre donne Maiori Velasci et uni filio vel filie quem vel quam in vita vel in morte duxeritis nominandum, septem cassalia nostra in cauto Santi Martini de Comitibus, et quartam partem quam habemus in cauto et ecclesia Sancti Martini predicti, in vita vestra et predictorum filii vel filie tenenda et possidenda, cum sex casallibus que Arias Petri et donna Maior Roderici, quondam parentes vestri et vos ratione cuiusdam contractus facti per predecessorem nostrum dominus Fernandum Arie quondam lucensis episcopum hactenus tenuistis et tenetis; que tredecim cassalia vos et filius vel filia superius nominati debetis in vita tan-



tum retinere et ad obitum vestrum et filii vel filie predictorum debetis nobis vel successori nostro dare cum predictis tredecim casallibus alia sex casallia in cauto Sancti Martini predicti vel in cauto lucensis quorum quodlibet debet habere tres tercias de semente ad unan manum et totidem ad alteram bene completas, et debent esse populata videlicet quodlibet casalle de duobus bobus et una vaca et XII rexellis. Que decem et novem casallia debetis tenere in vita vestra et filii vel filie predictorum prout superius est expressum et omnia supradicta debent post mortem vestram et dictorum filii vel filie libera et quita lucensis episcopo remanere cum omnibus conplis et gananciis quas in voce de couto vel de eclesia Sancti Martini predicti feceritis seu acquisiveritis. Et nos Fernandus Arie et uxor mea dona Maior Velasci predicta ad omnia ista predicta et singula ad implenda obligamus omnia bona nostra habita et habendam, mobilia et immobilia et semoventia, et in super ego Fernandus Arie predictus nomino tria casallia quorum unum est in Villa Suso sub aulla Sancti Stephani de Mota, in quo moratus est Iohannes Prior, et aliud a Torre in cauto Sancti Martini predicti, et aliud in Sancta Eollalia de Devesa, quod fuit Petri Mauri et Fernandi Michelle, et pro aliis tribus casallibus prestandis nomine meo et uxoris mee predictae praesto fideiussorem presentem et contententem dominus Fernandum Nuni, archidiaconum de Neyra in ecclesia lucensis ad quem fideiussorem relevandum obligo omnia bona mea habita et habenda. In quorum omnium testimonium nos episcopus et capitulum predicti et Fernandus Arie presentes literas fecimus sigillorum nostrorum appensione muniri. Et in super nos Fernandus Arie et uxor mea donna Mayor Vellasci rogamus Petrum Iacobi, publicum notarium lucensis, ut de promissis presentem cartam scribere et in ea signum suum duceret aponendum.

Presentibus: domino Martino Iohanne archidiacono de Decia, Magistro Alffonsus archidiacono de Deçon in ecclesia lucensis, domino Iohanne Bezerra iudice lucensis, Aria Petri et Nuno Martini canonicis lucensis, Fernando Fernandi canonico, Iohanne Martini prellato ecclesie Santi Martini de Comitibus.

Et ego Petrus Iacobi publicus notarius lucensis promissis omnibus et singulis interffui, et rogatus presentem cartam propria manu scripsi et signum meum apposui in testimonium veritatis.

SIGNO

### 34

1305, febreiro, 18

*Mariña Eanes «supinnora» a Xoán Pérez e á súa muller a terceira parte dunhas propiedades en Milleirós e Suyllay, durante cinco anos, por 300 marabedis.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/9, perg. orix., galego, gótica cursiva, 153x160 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Marina Eanes, filla que foy de Iohan Domingues carpenteyro da rua Nova, et meu marido Domingo Eanes dito Badallo, supennoramos a vos Iohan Peres, mercador de rua Nova, et a vossa muller Dominga Iohannis, a terça parte de todo quanto herdamento et vos Iohan Domingues sobredito avya et devya por aver a tenpo de sua morte en Milleyros et en Suyllay, su signos de Santiago de Meyllay et de Santiago de Sanmasas, et de San Lourenço d'Alveyros, et se nos mays avemos ou nos provem por parte deste Iohan Domingues, su estes signos, mays vos supennoramos con suas pertenenças et dereyturas, a monte et a fontem peru quer que vaan et con todo los iures et possioons, asy como os vos ora tragedes et possoydes. Et recebemos de vos por ende treçentos moravedis a XI dineiros minus treça dum por cada moravedi desta mone-da que el rey dom Fernando mandou faser, de que nos outorgamos por ben paga-dos, et supenoramosvolo por tal condiçon que vos tenades este herdamento deste janyero que ora passou a çinquo annos, et os çinquo annos passados quando quer de sy endeante de janeiro a janeiro novos alsados que vos nos dermos estos CCC moravedis que nosso herdamento nos fique livre et desenbargado, et entre tanto os novos del damosvolos en doaçon entre vivos por muyta ayuda que nos feçestes, et se vos algun este herdamento enbargar obligamos de vo-lo faser de pas.

Feyto foy isto XVIIIº dias de febreiro. Era de mill et CCC XLIIIº annos.

Testemoyas: Domingo Sordo, Pedro Eanes cuytelson, Affonso fillo deste Domingo Martines et outros.

Et eu Affonso Peres notario publico dado pelo bispo de Lugo a o conçello dese mismo lugar a esto presente foy et esta carta escrivi et puge en ella meu signal.

SIGNO

### 35

1305, marzo, 25. Lugo

*O bispo e o Cabido acordan os sufraxios que se celebrarán cando faleza algún dos seus membros.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 43v.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XLIII<sup>a</sup> VIII kalendas aprilis. Noscunt qui nos Rodericus, Dei gratia lucensis episcopus, unu cum venerabilibus viris domno Aria Petri decano et capitulo eiusdem, congregato per pulsationem campane loco solito ut est moris ad honorem Dei et beate virginis matris eius et ad honorem et utilitatem tocius capituli statuimus qui quando aliquis de personis canonicis et portionariis lucensis

ecclesie mori contingerit in civitate lucensis omnes de ecclesia cum cori habitu procedant in exitu completoris ad locum ubi repositum fuerit corpus eius ad vigiliam celebrandam et canonici anniversariorum et capellani habentes capellas ibi permaneant tota nocte, sequenti vero die omnes prefati corpus defuncti processionaliter ac honorifice ad ecclesiam deferant et intersint sepulture eius. Si quis autem ex predictis existens in civitate lucensis non impeditus impedimento legitimo que promissa sunt neglexerit observare careat legatis seu relictis ecclesie ab ipso defuncto et capellani puniantur arbitrio episcopi vel decani. Item volumus et mandamus qui legata seu relicta mobilia ab episcopo vel a personis canonicis et portionariis non dividantur usque ad terciam diem post sepulturam defuncti, exceptis denariis qui venerint supra lectum et qui de predictis die partitionis aliunde ad civitatem lucensis venerint recipiat partem suam. Statuimus etiam qui legata seu relicta mobilia capitulo sive canonicis ab aliis qua a superius nominatis dividantur hoc modo scilicet qui in pecuniam convertantur et ex ipsa pecunia XX<sup>ii</sup> solidus in prima et alii XX<sup>ii</sup> solidos in vesperis distribuantur qualibet die quousque ipsa pecunia expendatur inter venientes ad corum horis predictis ac studentes, minutos, debiles et infirmos.

## 36

1305, marzo, 25. Lugo

*O bispo e o Cabido de Lugo establecen que todos aqueles que teñen casais arrendados do Cabido deben deixalos poboados cun boi, unha vaca, cinco rexelos e media porca.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 43v.

Era supradicta et die prefato dominus episcopus et capitulum statuerunt quod omnes arrendatores capitulo tam administratores quam alii tam posteris quam [modernis] teneantur hoc modo casalia quod teneant ad presens seu de cetero tenuerint a capitulo arrendata in motione sive amotione sua dimittere populata [...] quolibet casale de uno bove, una vaca, quinque rexellis et media porca ad minus pro parte sua, hoc tamen non est intelligendum de casalibus et hereditatibus per capitulum aforatis.

Actum est hoc in capitulo lucensis presentibus domno R. episcopo, domno Arie Petri decano, ac aliis de ipso capitulo.

Ego Arias Petri canonicus et notario lucensis promissis omnibus interfui et de mandato domni episcopi et capituli scripsi.

## 37

1305, xuño, 5. Lugo

*O Cabido de Lugo dóalles a Arias Pérez e á súa muller unha casa situada na rúa da Cruz e recibe a cambio a terceira parte doutra no Campo.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 44v.

Era de mill et CCC et XLIII annos et quotum V dias de junyo.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo de Lugo con outorgamento de don Rodrigo por la gracia de Deus bispo de Lugo, entendendo fazer prol de nossa elesia et avendo tractado entre nos sobre ello, fazemos tal escamdeo con vosco Aras Perez da Cruz et con vossa moller Thereyia Peláez valedeyro por sempre, conven a saber que vos damos a nossa casa que esta a a Cruz cabo da outra vossa casa en que vos ora morades da una parte, et a outra casa que e da elesia en que ora mora Marina Trapella da outra, con todas suas pertenenças et dereyturas que a aiades et possuyades por sempre por iur d'erdamento vos et toda vossa voz des aqui adeante. Et nos Aras Perez et Thereyia Peláez sobreditos damos a vos o cabidoo de Lugo por escambio desta casa que vos ora nos dades a nos, terças d'aquella casa que ora nos ave-mos et possuymos enno Campo que e en dereyto a Pingueella et con o portal entey-ro da casa que foy de Mayor [Mariasoldo] na qual ora mora Domingo Fernandez, çapateyro, con todas suas pertenenças et dereyturas, et iaz da una parte a casa de fillos de don Iohan Miguelez et da outra parte casa que e de fillos de donna Toda, que a aiades et possuyades por sempre por iur d'erdamento, et damosvo-la con carrega de dous soldos da boa moneda cada anno, dos quaes e un do espital dos pobres et outro da candea, os quaes vos devedes a pagar et conven a saber que tres soldos de leoneses que vos o cabidoo sobredito avedes de aver por esta casa sobredita por anniversario et sex dineiros que y a a obra desta moneda que vo-los damos que os aiades per aque-lla casa que e de Mayor Fernandez, filla que foy de Fernan Domingo da rua de Vermun Sanchez et de Maria Perez, a qual casa e no carril que vay da rua Nova para a rua Travessa, na qual an os [pevedros] a quarta, et iaz esta casa da una parte a casa da obra et do cabidoo et da outra per o pennal dela na cortina da casa do forno d'Affonso Perez do Carvallal. Et se por la ventura vos o cabidoo sobredito et a obra non poderdes aver aquestes tres soldos et medio de leoneses per aquesta casa sobre-dita, nos nos obligamos a vo-los perfazer cada anno estes III soldos et medio de leo-neses per quanto avemos et espeçialmente per aquella casa que nos vos o cabidoo sobredito dades. Outrosi se acaecer que en esta casa que vos nos escambeamos aia mays anniversario ou renda ca esta que vos nos ora dizemos nos nos obligamos por esta outra casa sobredita et per todos los outros nossos beens movilles et rayz os pagar a todo tempo.

Et nos o bispo sobredito por que entendemos que este escambio e prolo do cabidoo outorgamoslo. Et que esto fosse certo et non vesse en dulta nos obispo et cabidoo et Aras Perez et Tareyia Peláez sobreditos mandamos a Françisco Lopez, notario publico de Lugo, que fezesse ende esta esta (sic) carta et posesse en ella seu sinal.

Os que foron presentes: don Martin Eanes, archidiacono de Deça, don Pay Rodriguez, archidiacono de Sarria, Maestre Affonso, archidiacono de Deçon, don Aras Fernandez, chantres, don Johan Bezerra, juyz de Lugo, don Johan Eanes, thesoueyro, Aras Perez et don Pedro Diaz, coengos de Lugo, et outros.

Et eu Françisco Lopez, notario publico de Lugo, a esto todo rogado presente fuy et esta carta escrivi et puge en ella meu sinal.

### 38

1305, setembro, 8. Lugo

#### *Título de Santo Estevo de Benade.*

ADRID, *AHN*, Cód. 416 B, fol. 46r, traslado ao Libro do Cabido polo notario Afonso Fernández: 1345-VII-8.

Noverint universi qui cum due partes ecclesie Sancti Esteffam de Benade, vacante ad pressens per inobidientiam ad Iohannis quondan rectoris eiusdem qui se infra annum voluit promovere. Ego Petrus Sebastianus canonicus lucensis gerens vices archidiaconi in cauto lucensis ratione administracionis mensis septembris ad presentacionem Iohannis Fernandi lucensis canonici tenentis prestimonium de Benade et patroni eiusdem ecclesie, conferro et concedo supradictas duas partes ecclesie supradicte Sancti Steffani de Benade Iohanni Ferrandi de Roys clerico, excepcione prestimonie patroni supradicti, et ipsum prellatum perpetuum instituo in eadem et nec hoc in dubium revocetur presentem cartam facio sigili mei munimine comuniri.

Datis Luci sexto idus septembris. Era millesima CCC<sup>a</sup> XLIII.

Et eu Affonso Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse lugar, vi et ley o dito tidoo scripto en pulgameo feyto enno tenor sobredito et seellado con seello do dito don Pedro Savasches, coengo et amiistrador sobredito, et a rogo de don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon et teente o dito prestamo de Benade, et por mandado et auctoridade de don Pedro Iacome juyz de Lugo, o dito tidoo por mina mao trasladey en este livro et puge en el meu signal.

Feyto o dito traslado VIII<sup>o</sup> dias de julio. Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et tres annos.

Testemoyas: don Affonso Eanes thesoreyro, Lopo Domingues raçoeyro, Iohan Fernandes clerigo do chantres.

### 39

1305, outubro, 5

*O Cabido arréndalle a Fernando Fernández, cóengo, a administración de xuño por 4550 marabedís anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 43v.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XLIII<sup>a</sup> et quotum III<sup>o</sup> nonas october. Capitulum lucensis arrendat Fernando Fernandi, canonico eiusdem, administrationem mensis iunii, et debet complere mensem iuxta novum statutum, et dare in super annuatim capitulo quatuor mille quingentos et quinquaginta moravedis istius monete domni Fernandi regis nostri vel ad valorem pro eis, pro quibus datur fideiussores capitulo videlicet magistrum Alfonsum archidiaconum de Deçon, et Iohannem Beçerra iudicem lucensis, et Rodericum Fernandi canonicum. Et capitulum non tenetur eum defendere cum ipsa administratione si aliquis fecerit sibi iniuriam seu violentiam nisi de domino rege et de maiorino maiore domini regis, et de comitis seu barone et infante. Et promiserunt iuvare eum cum censura ecclesiastica contra iniuriantes eidem super dicta administratione.

### 40

1305, decembro, 6

*O Cabido de Lugo determina os bens que cóengos e racioneiros lle deben deixar, tras a súa morte, á devandita igrexa.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 44r.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XLIII<sup>a</sup> VIII<sup>o</sup> idus decembris. Noverint universi qui nos capitulum lucensis cum consensu et auctoritate reverendi patris domini Rodericus episcopi nostri, statuimus et ordinamus qui quadocumque de cetero persona canonicus seu portionarius ecclesie nostre lucensi decesserit qui persona teneatur relinquere capitulo pro pannis et pro lecto CC morabitanos istius monete domini Fernandi regis nostri vel ad valorem pro eis, et canonicus mille solidus, et portionarius sexcentos solidos eiusdem monete relinquere teneatur et nichil amplius pro

pannis et pro lecto relinquere teneantur, de vestibis vero quas persona canonicus et portionarius habuerint tempore mortis sue teneantur relinquere unum par de melioribus vestibis et si capam de coro habuerit et tabardum ipsos capitulo relinquere teneatur.

Et ego Arias Petri canonicus et notarius lucensis premissis interfui et de mandato domini episcopi et capitulo scripsi.

## 41

1306. Lugo

*María Fernández dóalle ao Cabido de Lugo, para o seu aniversario, porcións de dúas casas na rúa Nova.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 5r.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XLIIII et quotum ut supra. Maria Fernandi de rua Nova legavit canonicis lucensis pro aniversario suo et opera beate Marie, per medium, tres quartas unius domus et quartam partem alterius quarte eiusdem domus quae domus est in rua Nova et stat in canto de carril, quod carril vadit de rua Nova ad [...] prope domos fratrum predicatorum.

Ego Franciscus Lupi publicus notarius lucensis vidi et legi testamentum predictae Marie Fernandi in presencia Fernandi Petri [companion], notarius lucensis, et manu sua subscriptum ut in eodem testamento approbat in quo legavit domun predictam ut superius continetur.

SIGNO

## 42

1306, marzo, 1

*Rui Fernández e Urraca Fernández dóanlles a García Fernández e á súa muller tres oitavas de cebada e catro soldos e medio que lles corresponden polo igrexario de Santa María de Alta.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/10 e 11, perg. orix., galego, gótica cursiva, 153x92 mm.

Conoçuda coussa seia commo nos Ruy Ferrnandes et Orraca Ferrnandes, fillos de Fernan García que foy de Progel, de bon coraçon damos en doaçon para sempre a vos García Ferrnandes et a vossa moler Aldara Yanes, moradores en Santa

Maria Alta, tres oytavas de çeveyra et quatro soldos et medeo que nos avemos cada ano de yglesario na yglesia dy, de Santa Maria Alta con seu padroadigo. Et esta doaçon vos damos para sempre que façades dello toda vossa voontade, et obligamos nos et todos nosos bees a vos fasermos senpre de paç esta doaçon.

Feyta a carta primeiro dia de março. Era de mill et CCC et XLIII<sup>o</sup> anos.

Testemoyas: Iohan Peres clerigo de Santa Maria Alta, Affonso Yanes carniçeyro, Ruy Ferrnandes escudeyro, Aras Peres de Ponferrada, Iohan Martines dito coutado testemoyas.

Et eu Iohan Domingues, notario publico dado pelo bispo de Lugo a o conçello desse mesmo lugar, a esto presente foy et por rogo dos ditos Ruy Ferrnandes et Orraca Ferrnandes esta carta escrivi et meu sinal y puge.

SIGNO

### 43

1306, marzo, 8

*Afonso Miguez e outros vèndenlles a Garcia Fernández e á súa muller a cuarta parte dunha cortiña en Santa María de Alta por 30 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/12, perg. orix., galego, gótica cursiva, 180x114 mm.

Sabiam quantos esta carta viren commo eu Affonso Miguellas por min, et eu Dominga Miguellas por min, et eu Iohan Sengello por mina muler Maria Migueles, et eu Fernnan Migueles por mina muller Dominga Miguellas et por Marina Miguellas mina cunada, de boo curaçon vendemos a vos Garçia Ferrnandes et a vossa muller Aldara Eanes, a quarta d'un terreo que ias na vossa cortina a a lagea et ven ferir na carreya que ven de Marcoe para a yglesia, sub signo de Santa Maria Alta, et reçebemos de vos en preço por esta vençon XXX soldos da moneda del rey don Fernando de que somos ben pagados et entregos. Et obligamos nos et todos nosos bees a vos fasermos senpre esta vençon sobredita de paç.

Feyta a carta de vençon VIII<sup>o</sup> dias de março. Era de mill et CCC XLIII<sup>o</sup> anos.

Testemoyas: Miguell Peres de Lamas, Pero Garçia, carniçeyro, Guilherme Martines, çapateiro, testemoyas.

Et eu Aras Affonso, notario publico de Lugo, presente fuy et notey et esta carta en mina presenza fis escribir et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

SIGNO



## 44

1306, marzo, 10

*Maior Arias véndelles a García Fernández e á súa muller «os novos» do casal de Matelo, en Santa María de Alta, por 250 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/13, perg. orix., galego, gótica cursiva, 170x135 mm.

Conosçuda coussa seia que Mayor Aras, filla que foy d'Aras Garçia, clérigo que foy do coro de Lugo, de boo curaçon vende a Garçia Fernandez de Santa Maria Alta et a sua muller Aldara Eanes, todos los novos de toda quanta herdade este sobredito seu padre Aras Garçia avya et aver devya enno casal de Matello, sub signo de Santa Maria Alta, et en toda a fiigregia de Santa Maria Alta, asy yglesiaria commo leygaria con todas suas perteenças et dereyturas peru quer que vaan, a monte et a fonte; et reçebe del en preço por esta vençon sobredita duçentos et L<sup>a</sup> moravedis da moneda del rey don Fernando a oyto soldos o moravedi de que he ben pagada et entrega. Et obliga sy et seus bees a faser senpre esta vençon sobredita de paç tirado ende todo o dereyto que sua madre Orraca Peres a en este herdamento sobredito en toda sua vida, et a sua morte desta Orraca Peres que fique venduda a o dito Garçia Ferrnandes et a sua muller Aldara Eanes.

Feyta a carta da vençon X dias de março. Era de mill et CCC XLIII<sup>e</sup> anos.

Testemoyas: Pedro Pelaes de Gonçe ts.; seu ienro Ruy Peres, Domingo Peres de Matello ts.; Fernnan Miguellas de Paytonmillos ts.

Et eu Aras Alfonso notario publico de Lugo presente fuy et notey et esta carta en mina presenza fis escribir et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

SIGNO

## 45

1306, abril, 12. Lugo

*Arias Pérez véndelle ao côengo Fernando Arias o casal de Lama, en San Salvador de Vileiriz, o padroado que aquí lle corresponde e as súas propiedades en San Xoán de Pena, por 2750 marabedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 36r, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando Pérez.

Eno nome de Deus amen. Eu Arias Peres de Paramo de boo corazon, vendo a vos Fernando Areas, coengo de Lugo, o meu o meu (sic) casal de Lama,

que he sub signo de San Salvador de Villaeyriç con todas suas pertenenças et dereyturas, a monte et a fonte. Outrosi vos vendo todo o dereyto do padroadigo que eu aio na eglesia sobredtia de Villaeyriç que he a meatade da eglesia sobredita. Outrosi vos vendo todo quanto herdamento aio en Sayoane de Pena no casal de Saa, sub signo de Sayoane sobredito, con suas pertenenças et dereyturas, a monte et a fonte, o qual casal foy de don Fernando Peres de Paramo meu avoo; et reço de vos en prezo por esto dous mill et seteçentos et çiquoenta moravedis en dineiros novees que el rey don Fernando mandou fazer, a XI dineiros menos terça d'un por cada moravedi, os quaes moravedis por min peytastes a don Fernando Ruys amo do infante don Fillipe, endeantado mayor por el rey en Galiza quando me teveron cercado na torre de Servyae. Et se por ventura estes herdamentos et este padroadigo mays valle ca estes moravedis sobreditos douvollo en doazon d'entre vivos por entrega dos dapnos et custas et maos tratos que por esta raçon reçoebestes, et metovos logo estes herdamentos et padroadigos en iur et en mao et en vosa posison todo meu seniorio et poderio removudos des oge mays avedeos senpre en pas vos et vosa voz pus vos.

Feyta a carta XII dias d'abril. Era de mill et CCC XLIII<sup>o</sup> annos, en tempo del rey don Fernando, bispo en Lugo don Rodrigo.

Et eu sobredito vendedor esta carta outorgo et confirmo.

Os que presentes foron: Affonso Martines cavalleyro, Iohan Arez escudeyro, morador en Alvares; Martin Peres clerigo, fillo de Pedro Miguellas que foy de Castro Verde [...] Fernando [...] Martin Peres mercador de Lugo.

Et eu Pedro Iacome publico notario de Lugo presente foy et notey et escrivi esta carta et puge y meu signal.

Eu Fernando Peres, publico notario da çibdade de Lugo, dado pel-la autoridade do bispo dese lugar, vi et lii huna carta signada con signal de Pedro Iacome notario sobredito a qual era escrita enno thenor que sobredito he et a pidimento do cabidoo de Lugo trasladey de vervo a vervo, et en este traslado puge meu nome et meu signal.

Testemoyas: don Alvar Dias arçidiago de Sarrea, o juys don Pedro [...] o tesoreyro Aras Pellaes, Iohan Fernandes de Valdayo, coego, et Iohan Fernandes, raçoeyro de Lugo, ts.

## 46

1306, abril, 22

*O bispo e o Cabido de Lugo afóranelles a Arias Afonso, á súa muller e a unha voz o casal de Breteos, en Santa María de Lamela, pola metade do labrado, criado e outros servizos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/14, perg. orix., galego, gótica cursiva, 136x205 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Rodrigo, por la gracia de Deus bispo de Lugo, con outorgamento do cabidoo desse miismo lugar, fazemos tal vervo con vosco Aras Affonso, fillo de Affonso Perez de Montouto d'Estiriz, do nosso casal de Breteos que e na fiigregia de Santa Maria de Lamela. Conven a saber que vos damos o dito casal a a tal condiçon con todas suas pertenenças et dereyturas por en todos vossos dias et da primeyra moller que ouverdes, et d'una pessoa simille de vos que nomeardes en vida ou en vosso passamento, que vos que o lavredes et moredes por vos ou por outro, et o paredes ben et façades y duas casas pallaças segundo os formaes que y estam. Et o nosso moordomo que vos de y da nossa madeyra et vos aiude con os boys et con os carros da terra, et vos pobredes por vos salvo da sesma de pobrança que vos nos avemos de pobrar, et nos dedes a meatade do que lavrardes et criardes, salvo dos porcos, et salvo dizimo et semente, et nos façades os foros segundo os nossos serviçaes da terraria de Servian. Et a a morte d'aquella pessoa que vos nomeardes que este casal nos fique livre et quito con todos los boos paramentos que en el foren feytos, et con a meatade da pobrança et das outras \couzas/ que y ouver. Et eu Affonso Perez, padre do dito Aras Affonso, me oblijo por min et por todos meus bees movilles et rayz de conprir estas cousas sobreditas. Et que esto seia çerto et non venna en dulta nos o bispo et cabidoo sobreditos mandamos seellar esta carta de nosos seellos colgados.

Dada en Lugo XXII dias de abril. Era de mill et CCC et XL<sup>a</sup> IIII<sup>a</sup> annos.

#### 47

1306, setembro, 16

*Rui Pérez reconece a propiedade da igrexa de Lugo sobre o herdamento das Cavadas de Felgueiras.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/15, perg. orix., galego, gótica cursiva, 164x158 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Ruy Peres de Gomian ningun costringendome, presente et outorgante meu fillo Pedro Rodriguez, conosco et outorgo que o herdamento das Cavadas de Felgueyras sobre que o ganno don Rodrigo, por la gracia de Deus bispo de Lugo, fezo pesquisa en Gomian que de la Lagoela commo van a dereyto a as lavradas vellas, et commo se van a iuso ata o porto de Carriças, que he seu herdamento et da iglesia de Lugo, o qual herdamento he su signo de Santiago de Gomian, et quitomelle del et de quanto en el cavey et lavrey por sempre iamays, et renunço todo dereyto et foro et exepçon que

nunca eu nen outro por min nen de myna voz demande mays este herdamento sobredito en iuyzo nen fora del. Et des aqui endeante tiro min et toda myna voz do iur et da possissom del et meto en el o bispo sobredito et a a eglesia de Lugo. Et que esto seia çerto et non venna en dulta roguey a Françisco Lopes, notario publico de Lugo, que desse ende este publico estromento a o bispo sobredito.

Feyto foy esto en Lugo, XVI dias de setembre. Era de mill et CCC et XL<sup>a</sup> IIII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas: don Iohan Eanes thesoreyro de Lugo; Andreu Peres clerigo, Affonso Eanes monge de Samaos ts.; Aras Peres de Lageosa ts.; Fernando Peres clerigo de Santiago de Raynche; Iohan Peres juys do bispo ts.; et outros.

Et eu Francisco Lopes notario sobredito a esto presente fuy et a rogo de Ruy Peres sobredito esta carta escrivi et puge en ela meu signal en testemoyo de verdade.

SIGNO

## 48

1306, novembro, 3

*Pedro Lourenzo e a súa muller dóanlle a García Fernández as súas propiedades en Santa María de Alta.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/16, perg. orix., galego, gótica cursiva, 211x116 mm.

In Dei nomine amen. Sabiam quantos esta carta viren commo nos Pedro Lourenço et Maior Fernandez mia muller, anbos de consuu, damos a vos Garçia Ferrnandes de Santa Maria Alta escudeyro, et a vossa muler Aldara Eanes, doaçon entre vivos por iur de herdade todo o herdamento que nos avemos et devemos por aver na yglesia de Santa Maria Alta, o qual herdamento eu Moor Ferrnandes aio de parte de meu padre Ferrnan Garçia de Progel, o qual herdamento rende cada anno tres oytavas minus terça de pan et quatro soldos desta moneda del rey don Fernando. Et esta doaçon vos fasemos por moyto ben et moyta aiuda que nos vos senpre fesestes. Et outorgamos et obligamos por nos et por todos nossos bees a vos fasermos senpre esta doaçon sobredita de pas. Et que esto seia çerto rogamus Areas Affonso notario de Lugo que vos fesesse desta doaçon este publico estromento en testemoyo de verdade.

Que foy feyto tres dias de novembre. Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XL<sup>a</sup> IIII<sup>a</sup>.

Testemoyas: Gonçalvo Gil de Villa Alvite ts.; Roy Sanches das Ribeyras, cavaleyro, ts.; Domingo Perez, clerigo do chantres, ts.; Pedro Peres de San Iulao ts.; et outros moytos testemoyas.

Et eu Areas Affonso, publico notario de Lugo, a esto presente foy et notey et escrivi esta carta por mina mao propia et puge y meu nome et meu signal en testimonio de verdade.

SIGNO

49

1307, xaneiro, 16. Lugo

*O Cabido de Lugo entrégalle a frei Fernando de Asma varios libros e garante este a súa devolución con 700 marabedís.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 45r.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XL<sup>a</sup> V<sup>a</sup>. Noverint universi qui capitulum lucensis [...] fratri Fernando Iohannis de Asma doctori ordinis fratrum predicatorum quasdam postillas super hystorias et Ysayan et partem questionum theologie in uno volumine. Item unum volumen sermonum item postillas super testamentum novum in uno volumine. Item apochalipsim et Ysayam grosatam in alio volumine. Item ystorias scolasticas in alio volumine. Item pastoraalem beati Gregorii cum quadam postilla super Iob in alio volumine. Quos libros si non dederit vel aliquo casu amiserit ruina, naufragio, incendio et sic de ceteris debet dare capitulo lucensis septingentos morabitanos monete regis domni Fernandi vel valorem ipsius. Et sciendum que si dictus frater Fernandus Iohannis non dederit hystorias scolasticas et librum pastoraalem debet dare pro ipsis CCC<sup>os</sup> morabitanos, et pro aliis quadringentos morabitanos predictae monete. Et ad hoc omnia supradicta et singula complenda, tenenda et servanda dat fideiussores Alfonsum Martini militem lucensis et Fernandum Alvari porcionarium eiusdem quilibet eorum in solidum ipsis presentibus et singulis omnibus consentientibus.

Qui presentes fuerunt: Magister Alffonsus archidiaconus de Deçon, dominus Iohannes Bezerra iudex, Arias Petri, Fernandus Fernandi et Petrus Didaci, canonici lucensis; frater Dominicus ordinis predicatorum; Alfonsus Roderici et Alfonsus Petri et Fernandus Martini, clerici cori.

Actum Luci in era predicta et quotum XVII<sup>o</sup> kalendas februarii.

Et ego Franciscus Lupi, publicus notarius lucensis, promisis omnibus rogatus interfui et notui et signum meum apposui in testimonium veritatis.

## 50

1307, xaneiro, 16. Lugo

*O bispo e o Cabido de Lugo entréganlle ao notario Pedro Xacobe unhas Decretais polas que deberá pagar un marabedi anual.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 44v.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XL<sup>a</sup> V<sup>a</sup> et quotum XVII<sup>o</sup> kalendas februarii. Episcopus et capitulum lucensis dant Petro Jacobi, notario lucensis, quasdam decretales sine apparatu tenendas in vita sua, et ipse debet dare annuatim in kalendis februarii unum morabitinum monete regis domni Fernandi, et ad mortem suam dimitere dictas decretales capitulo, et si forte eas non potuerit habere debet solvere pro eis CL<sup>a</sup> morabitinos monete predictae pro quibus. Dat fideiussor Arias Petri canonicum lucensis presentem et concedentem per omnia bona sua.

Qui presentes fuerunt: [...] archidiaconus de Deçon, donnus Iohannis Bezerra iudex [...].

(Notario Francisco Lopez +).

## 51

1307, xaneiro, 21

*O bispo e o Cabido de Lugo outórganlles a Xoán Domínguez e a outros unha porción de casa na rúa de Batitalas, e reciben a cambio media casa na rúa do Burgo Novo.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 A/17, perg. orix., galego, gótica cursiva, 242x142 mm.

Sabean quantos esta carta viren commo nos o cabidoo de Lugo con outorgamento de nosso sennor don Rodrigo, por la gracia de Deus bispo de Lugo, fazemos tal permutaçõ et tal escambio con vosco Iohan Dominguez de Burgo Novo et con vossa moller Marina Perez, et con vosco Fernan Martinez et con vossa moller Maria Perez, et con Tareyia Perez yrmaas, fillas que forom de Pedro Iohannes dito boffon et de Maria Iohannes, valedeyro por sempre. Conven a saber que nos o cabidoo sobredito vos damos aquellas nossas tres quartas minus a novima que avemos en aquella casa que esta na rua de Baticalas, cabo a casa que foy de Pedro Iohannes dito boffon sobredito da una parte, et a outra casa en que nos avemos a meatade et vos a outra meatade da outra parte, con todas suas pertencças et dereyturas por iur d'erdamento por sempre, et que façades en estas tres

assy commo a tynna d'ante, con o prestamo de Courel que era curado; outrossy disia que non devia aaver os fruytos d'aquela prebenda que era dada por rason do offiçio que avya de faser o maestrescolla, et que o cabidoo que fesera o offiçio en quanto a maestrescollia stevera vaga, et assy que non devya aaver os fruytos. De consintemento d'anba-las partes fuy feyta tal compossiçon entre nos, dayam et cabidoo, da unna parte, et Rodrigo Alvares, maestrescolla, da outra, conven a saber: que Rodrigo Alvares tenna aquesta amiistraçon commo a ante tynna, et pollo preço que a d'ante tynna, et que nos amiistre assy commo nos ante amiistrava ben et compridamente, et que se quite dos fruytos da prebenda sobredita que nos demandava. Et nos o dayam et cabidoo avemos-le a dar por esto oytoçentos moravedis desta moneda del rey don Fernando a oyto soldos cada moravedi. Et deste setembro primeiro que ven endeante nos o dayam et cabidoo sobreditos quitamos cada anno a o maestrescolla da renda que nos a de dar da dita amiistraçon duçentos moravedis, et el a de teer a dita amiistraçon por en todos seus dias, et amiistrar assy commo d'ante amiistrava a o cabidoo, et non diser nen allegar nengua cousa porque non deve teer a dita amiistraçon nen allegar outra força, se non aquella que se conten na primeira arrendaçõ. Et para esto comprir o mestrescolla obrigou a sua raçon en lugar de fiadoria et demays deu por fiador o archidiacono, don Fernan Aras, de Deça, que he presente et outorgante. Et de commo esto passou, estas partes sobreditas rogaron et mandaron a min Affonso Perez, notario publico de Lugo, que fesesse ende este instrumento.

Feyto foy esto no coro de Lugo, era et dias sobreditos, presentes foron: don Martin Eanes, dayam de Lugo; don Fernan de Deus, chantre; don Johan Beserra, juys; don Johan Eanes, thesoreyro de Lugo, et outros do cabidoo testemoyas.

Eu Affonso Perez, notario sobredito, fui presente et scrivi et puge meu sinal. (+).

## 184

1319, decembro, 30. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle a Afonso Eanes, racioneiro, a casa que habita por 100 soldos anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 59v.

Era M<sup>a</sup> CCC LVII<sup>a</sup> et quotum tercio kalendas ianuarii. donnus Martinus Iohannis, decanus, et capitulum lucensis dant et concedunt Alffonso Iohanni, porcionario eiusdem, domos in quibus moratus est Iohannes Roderici, quondam canonicus lucensis, in vita sua pro centum solidos annuatim, solvendis in duobus termi-



nis prout solvuntur alii de domibus capituli. Et idem Alfonsus Iohannis debet eas reficere propriis sumptibus nisi totaliter destructi vel combusti eius culpa extiterint.

Ts.: donnus [...], archidiaconus de Aveancis; donnus Fernandus Arie, archidiaconus de Deçia; donus Fernandus de Deo, cantor; donnus Magistri Alfonsi, archidiaconus de Deçon; donus Iohannes Becerra, iudex; donnus Iohannes Iohannis, thesaurarius, Fernandus Alvari, canonicus; Petrus Sebastiani et alii fuerunt ts.

Et ego Petrus Iacobi, publicus notarius lucensis, (+) interfui et scrippsi.

## 185

1320. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Pedro Eanes e a un fillo o casal de don Broollo por 50 marabedís anuais e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 60r.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LVIII<sup>a</sup> XIX dias de [...] morador en Goldariç por en todos dias deste Pedro Eanes, et d'un seu fillo ou filla [...] en morte, o casal de don Broyollo, que he da yglesia de Lugo, con suas pertenenças sub signo de San [...] Pedro Eanes, et aquela pesoa que pus el y ficar, an a lavrar et parar ben este casal, et dar cada ano a a yglesia de Lugo çinqueenta moravedis d'oyto soldos o moravedis en estes dineyros de rey don Fernando, ou a valia deles, a dous plazos do ano: os meos por Natal, et os meos por Pascoa, et parar ben o casal et teer as casas cobertas; et os que y moraren seeren vasalos da yglesia de Lugo, et a yglesia defender-los commo os outros; et a morte da postrimeyra pesoa este casal ficar livre et quito a a yglesia de Lugo con todas las boas paranças que y foren feytas, et poblado de dous boys et de huna vaca et de deç rexelos.

Testemoyas capelan et alii.

Et eu Pedro Iacome, notario de Lugo, notey et escrivi. (+).

## 186

1320. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle a don Fernando de Deus, chantre, a administración de abril.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 60v.

Era predicta. Datur administracio menssis apriliis donno Fernando de Deo, cantori lucensis, et debet dare pro ea quantum dabat donnus Martinus Iohannes, quondam decanus lucensis; et dare panem prout superius dictum est in mense madii. Et sunt fideiussores: donnus Fernandus Arie, archidiaconus de Deçia, et donnus Petrus Sebastiani, thessaurarius lucensis.

Presentibus: donnus Iohanne Bezerra, iudice; Fernando Alvari, Roderico Alffonsi, Aria Petri, canonicis.

Et ego Petrus Iacobi, predictus notarius, interffui et scripssi et signum meum apposui. (+).

## 187

1320. Lugo

*O Cabido arréndalle ao xuíz a administración de marzo por 310 marabedís anuais e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 72r.

Era de mill et CCC L[VIII...]. [Sabeam quantos esta] carta virem commo nos don Fernam Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo [...] iglesia de Santa Maria, aly hu he acostumado de façermos cabidoo, por campaa tanguida [arrendamos] Pedro Ruyz, juyz, amiistraçon do mes de março, por en toda vossa vida, con todas suas pertenenças et dereyturas, segundo se husam as outras rendas do cabidoo. Et ave-des a dar a o coengo quatro paes, et a o raçoeyro dous paes, et dar o vino et a sobreposta. Et demays avedes a a dar cada anno para os terços: treçentos et X moravedis. Et para o assi comprir obliga si et seus bees et a sua raçon; et demays da por fiador a Iohan Ferrnandes, raçoeyro, el presente et outorgouse por fiador. Et que esto seia çerto nos, as partes sobreditas, rogamos a Iacome Eanes, notario publico, que fecesse ende esta carta.

Testemoyas que presentes foron: don Fernan Aras, dayam; don Fernan de Deus, chantre; don Diego Ferrnandes, archidiacono de Neyra; Andres Peres, chantres d'Armentea, Aras Peres, thesoyeyro; Lopo Rodrigues, Affonso Gomes, Aras Pellaes, Alvar Dias, Fernan Affonso, coengos ts., et outros.

Eu Jacome Eanes, notario sobredito, a esto pressente foy, et a rogo do dayam et do cabidoo esta carta en mina presenza fis escribir et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 188

1320, xaneiro, 18

*O Cabido de Lugo afóralles a Afonso Fernández, Gonzalo Pérez e a unha voz o casal de Vilapedre, en Santalla de Devesa, por renda anual de catro terzas de pan, dúas libras de cera e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 49r.- Traslado ao Libro do Cab. polo notario Fernando Pérez: 1345-XII-2.

Era de mill et treçentos et çinquenta et oyto annos, XVIIIº dias de ianeyro. Sabeam quantos esta carta virem, commo nos Martim Eanes de Lugo, et o cabidoo desse miismo lugar, con outorgamento de don Johan Beserra, iuyz desse lugar, teente a amiistraçon do mes iullio en Narlla et en Parrega et en Goyos, a vos Affonso Ferrnandes, \clerigo/ de Villa Pedre, fillo de Fernan Iohanes de Villa Pedre, et Gonçalvo Peres fillo de Pedro Pellaes dito Barriga, et huna pessoa qual o pustrimeyro de vos para este vervo nomear en vida et en morte, damos et outorgamos a a tal vervo o cassal de Villapedre que he da iglesia de Lugo, que he sub signo de Santa Alla da Devesa, con suas pertenenças et dereyturas, conven a saber que vos et esta pessoa que para este vervo for nomeada metades en este cassal çinquo teegas semente de herdade et lavredes et paredes ben esta cassal et esta herdade que y meterdes, et dardes cada anno a este iuyz et a o amiistrador sobredito, ou a o amiistrador que for na iglesia de Lugo, quatro terças de pan duas partes de tempo-rao et a terça de serodeo por teega dereyta, et duas livras de çera cada anno. Et a morte de vos anbos et d'aquela pessoa que para este vervo for nomeada esta casal sobredito et esta herdade que vos y meterdes fiquen livres et quitos a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feitos, et provado de tres armen-tios. Et nos, dayam et cabidoo sobreditos, assi outorgamos et prometemos de non viir contra esto en ninhuna maneyra. Et outrossi nos, Affonso Ferrnandes et Gonçalvo Peres sobreditos, asi outorgamos et obligamos a cumprir por nos et por todos nosos beens. Et nos as partes sobreditas de conssuum rogamos a Pedro Jacome, notario publico de Lugo, que faça desto un publico instrumento en teste-moyo de verdade.

Feyto en Lugo era et dias et quotum soboreditos. Et foron presentes teste-moyas: don Fernando Aras, arçidiago de Neyra; don Meestre Affonso, arçidiago de Deçon; don Fernando de Deus, chantres de Lugo; don Johan Yanes, thesoreyro de Lugo, ts.; Pedro Savasches[...], coengos de Lugo.

Et eu Pero Jacome, raçoeyro de Lugo, notario sobredito, rogado pressete fuy et de commo por ante min passou escripvi ende esta carta et puge en ela meu signal en testemoyo de verdade.

Et eu Fernando Peres, notario publico por noso sennor el rey enna çibdade de Lugo, vi huna carta de hun vervo scripta et signada con signal de Pedro Jacome, notario sobredito, a qual era feita no thenor sobredito et por rogo do dayam et do cabidoo da iglesia de Lugo o fis trasladar de vervo a vervo, et en este traslado puge y meu nome et meu signal.

Feyto fuy esto dous dias de desembre, era de mill et CC L XXX III annos.

## 189

1320, xaneiro, 24. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo dóanlle a Afonso Pérez, cóengo de aniversario, unha casa na rúa de Batitalas.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 59v.

Era de mill et CCC LVIIIº annos XXIII dias de janeyro. Don Martin Eanes, dayam, et o cabidoo de Lugo, dan et outorgan a Affonso Perez, coengo d'anniversario, huna casa que esta na rua de Batycalas, que foy de Maestres Simon, que he dos aniversarios, et esta entre la casa do bispo, que ten Maria Arias criada d'Arias Nunez. Asy que a tena et a posoya por en todos seus dias d'este Affonso Perez et a mantena en boo estado et a pare ben, et a a morte deste Affonso Perez esta casa fique livre et quita a a yglesia de Lugo con os boos paramentos que en ela foren feytos.

Os que presentes foron testemoyas: don Fernando Arias, archidiago de Deça; don Maestre Afonso, archidiacono de Deçon; don Iohan Eanes, thesoreyro; don Fernando de Deus, chantres; don Iohan Bezerra, iuyç; Pedro Savaschaes et Fernando Alvareç, coengos de Lugo, ts., et outros.

Ego Petrus Iacobi, publicus notarius lucensis, interfui et scripssi.(+).

## 190

1320, maio, 6. Lugo

*Don Fernando Arias, arcediago, e Rodrigo Álvarez, mestrescola, devólvenlle ao Cabido unha Biblia, que recibira do devandito Cabido don García, bispo de Mondoñedo, o 13 de decembro de 1309.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 51v-52r.

[...] era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> XL<sup>a</sup> VII<sup>a</sup> et quotum idus dezember [...] recepit a capitulo lucensis unam breviam [...] gratia [...] tantum et promissit [...] capitullo ad volventem capitulo vel mille morabitanos istius monete regis donni Fernandi pro ea si aliqua causa eam admiserit sive incendio, dive ruina, sive neofragio seu quocumque alio causo fortuito. Et ad hoc sun fideiussores: donnus Fernandus Iohannis, archidiaconus de Sarria, et Iohannes Iohannis, thesaurarius lucensis.

Supradicta brevia fuit restituta decano et capitulo lucensis per donnus Fernandinus Arie, archidiaconus, et Rodricinus Alvari, magisterscolarum, ex parte domni Garcia, episcopus mindonensis. Et predicti decanus et capitulum lucensis receperunt ipsam breviam et liberaverunt fideiussores qui nos predictus dominus episcopus mindonensis pro ipsa brevia prestiterat superius nominatos.

Actum est hoc apud Lucum pridie nonas madii, era M<sup>a</sup> CCC LVIII<sup>a</sup>.

Presentibus: donnus Magistre Alfonso, archidiacono; Iohanne Bezerra, iudice; Iohane Iohannis, thesaurario; Fernandus Alvari, canonico, et aliis.

Ego Petrus Iacobi, publicus notarius lucensis, interfui et scripsi.(+).

## 191

1320, decembro, 4. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle a Xoán Martíns, cóengo, a administración de maio por 1025 marabedis.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 60v.

Era M<sup>a</sup> CCC LVIII<sup>a</sup> pridie nonas decembris. Datur administracio menssis madii Iohanni Martini, canonico lucensis, et debet dare quantum olim Arias Petri, qui eam tenebat, debebat dare et anplius [vigici] quinque morabitanos usualis monete, et quatuor panes cuilibet canonico, et decano duodecim, cantori octo pane, et magistroscolarum octo panes quolibet die. Et son fideiussores: donnus Fernandus Iohannis, archidiaconus de Neyra, et Vellasci Gomecii, canonici lucensis.

Actum est hoc [apud Pontem Myney], era et quotum predictis.

Presentibus: donno episcopo Roderico; donnis Fernando Arie, archidiacono de Decia; Fernando Iohannis, archidiacono de Neyra; donno Roderico Alvari, scolastico; donno Iohanne Bezerra, iudice; Petro Sebastiani et Fernando Alvari, Fernando Pardo, Aria Petri, canonicis lucensis.

Et ego Petrus Iacobi, publicus notarius lucensis, interfui et notui et scripsi et signum meum apposui. (+).

## 192

1320, decembro, 5. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle a Fernando Díaz, racioneiro, a administración de decembro por 3000 marabedis.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 60v.

Era predicta nonas december. Datur administratio mensis december Fernando Didaci, porcionario lucensis, et debet dare quantum dabat donnus Iohannes Iohannis, quondam thesaurarius lucensis, quem eam proximo tenuit, videlicet, tria milia morabitanos Alfonsi, et tenere menssem et dare panem prout superius dictum est in mense madii. Et sunt fideiussores ad hoc: donnus Fernandus Arie, archidiaconus de Decia; donnus Iohanne Bezerra, iudex; Fernandus Pardo, et Arias Petri de Parrega, canonici lucensis.

Presentibus: donno episcopo, et aliis supradictis.

Et ego Petrus Iacobi, predictus notarius, interfui et scripsi et signum meum apposui. (+).

## 193

1320, decembro, 19. Lugo

*O Cabido acorda que, se alguén do devandito Cabido ou alleo a el solicita unha graza, non se lle conceda sen o consenso de todos os da cidade ou diocese.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 51v.

Sub eadem era et quotum XIII<sup>o</sup> kalendas ianuarii. Capitulum lucensis statuit quod si aliquis de capitulo vel de extra capitulo peterit aliquam gratiam a capitulo que non fiat sibi gratia nisi de consensu omnium existentium in civitate vel diocesis. Et promiserunt bona fide hanc constitutionem servare.

Ego Alfonsus Petri, publicus notarius lucensis, de mandato capituli scripsi. (+).

## 194

1321, febreiro, 3

*Testamento de Urraca Pérez de Santalla.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/9, perg. orix., galego, gótica cursiva, 210x287 mm, traslado polo notario García Afonso: 1322-X-20.

Era de mill et CCC L<sup>a</sup> IX annos, tres dias de febreiro. Eu Oraca Peres de Santa Alla con todo meu siso et mina memoria faço meu testamento et mina manda. Logo primeiramente dou mina alma a Ihesu Christo, et a sua madre Santa Maria, et a San Migeel o angeo que ma recade quando me seyr da carne, et mina carne mando sutterrar en Lugo ante o altar de Santa Marina, et mando y conmigo CC soldos. Item que mando a a obra de Santa Maria de Lugo una terça et mea de pan, a os malates de San Laçero una terça. Item que [ouve do seleyro de Goyos] do bispo IIII<sup>o</sup> terças de çeveyra et mando-las entregar. Item que devo çen maravedis de aniversario a a iglesia de Lugo por que meu avoo don Rodrigo mandou X soldos da boa moneda cada anno por una herdade en Framir, et des que morreu mina nana eu non pagey a terça d'elles que me a min perteeçia. Item que devo a San Domingo V<sup>o</sup> oytavas de pan et mando-las dar con outras tres oytavas que le mando. Item a San Françisco IIII<sup>o</sup> oytavas. Item duas oytavas a a Ponte de Lugo. Item que mando nove anaes por la erdade de Pedro Broollo cada anno un anal ata que foren pagados et que entren a esta herdade os fillos de Andreu Aras se quisseren por meo con mina fillas, et paguen por meo, et os digan por la alma de Pedro Broollo, et por aquelas a que el era teudo. Item que mando a a see de Lugo o meu quinon da herdade de Paaços de sobreporto por lo escayro do souto a a suso. Item que mando a a iglesia de don Salvador de Santa Alla, una terça de çeveyra, et IIII<sup>o</sup> oytavas que le devo da manda de Roy Fernandes et mando-le a herdade de Vigo que compley de Peylin, et una colcha, et un travesseyro et quatro terças de çeveyra pra façer a boveda et un tovano grande con sua cabeşa. Item que mando seysçentos soldos et un tovado boo pra un anal, et o diga Iohan Rodrigues, capellam de don Salvador, a essa iglesia, ou outre se o el non quisser diçer. Item que mando o trigo et orio que eu tenno na iglesia de don Salvador a a confraria de Chamosso donde soo confrada, que son duas terças. Item a Marina Pellaes de Lancara una terça de millo por vino que eu et Roy Fernandes dela ouvemos. Item que mando X oytavas por la alma de Pedro Eanes, capellam que foy de Bande. Item a Fernan Rodrigues do Pedron X moravedis. Item que devo a Apariço de Villa Pape seys oytavas de çeveyra. Item e Fernan Iohanes d'Alençe IIII<sup>o</sup> oytavas. Item mando a a iglesia de Santa Maria de Penna Mayor X moravedis. Item a Mayor Peres, muller que foy de Pedro Martines, II oytavas de çeveyra. Item que mando nove varas de panno d'estopas a o salteyro que se fas a don Salvador por la alma de Tareyia Madeyra. Item una quarentenna po-la alma de Marina Louçaa na iglesia de Quinte. Item que devo a Aras Eanes de Beçoçe, et a outro seu ymao una terça de çeveyra. Item que me quito a Affonso Peres, clerigo de Lugo dito Gayo, da oytava do casal de sobre iglesia de Sayoane de Tereliste, que min et meu marido Roy Fernandes del tinamos, et da herdade de Sevirin que foy de Martin Eanes, et da herdade de Castello

que foy de Iohan Calvin; et esta quitaçon le faço destas herdades a este Affonso Peres por que se lle quitou delas o dito meu marido Roy Ferrnandes a ora da sua morte, et mandou a min que me lle quitasse delas et las entregasse, por quanto as non complaramos nen gaaramos asi commo deviamos, et eu si melles quito dellas, et las mando entregar. Item que devo a Iohan Rodrigues, clerigo, et a sua yrmaa Tareyia Rodrigues, XII oytavas de çeveyra, et pageas Tareyia Rodrigues por que mas deve, et mando o gaado que eu trago con Tareyia Rodrigues para pagar o anal que eu mandey. Item que mando o meu quinon da herdade de Vileyga a o espital de Portomarin. Item que mando a Affonso Lopes de Santo Estevan un anal de seyscentos soldos por la alma de meu padre et de mina madre, pe-lo que el connigo ten lavrado, et por lo gaado, et un porco dos melores que el connigo trage. Item que mando a a igrisia de Perrelinos IIII<sup>o</sup> oytavas de pan. Item a Santa Alla de Quinte IIII<sup>o</sup> oytavas. Item a Maria Peres de Rayros CL soldos por ovellas que eu et Roy Ferrnandes del ouvemos. Item a Affonso Eanes, meu criado, una terça de çeveyra. Item a Marina Iohanes de Quinte LX soldos por sua alma hu viren que le mays valedeyros poden seer, et outro meo anal mando a Affonso Lopes per aquello que connigo ten, et a quarentena de Marina Louçaa. Item que se la que veer en verdade dicendo que le eu alguna cousa devo pe-los santos avangeos, que seia de boa fama mando que lo pagen con estas outras devedas et mandas que aqui son escritas. Et este dou por postremeyro meu testamento valedeyro pra sempre, et que se cumpra todo ben et compridamente por lo meu aver, et por la mina herdade, en todas las cousas que en el dis, asi o que mando commo o que devo commo o de que me quito, asi movel commo rays, et leyxo minas fillas Mayor Rodrigues et Elvira Rodrigues por minas herees en aver et en herdade en quanto eu ey et devo por aver des que for todo esto pagado, assi commo sobredito he. Et leyxo por meu executor et compridor deste meus testamento o arçidiago don Fernan Aras de Paramo, et peçolle por Deus et por merçee que mo cumpla ou faça cumprir. Et que esto seia çerto et non possa viir en dulta rogey a Miguel Eanes, notario publico del rey na Pobla de San Iulao, que me feçesse ende este testamento.

Testemoyas: Martin Affonso, clerigo; Affonso Lopes de Santo Estevan, clerigo; Iohan Rodrigues, capellan; Pedro Pellaes, Fernan Rodrigues de Quinteella; Aras Deçe.

Eu Miguel Eanes, notario sobredito, a rogo de Oraca Peres escrivi este testamento et puge y meu sinal.

Et eu Garçia Affonso, notario publico de Lugo, vy o testamento sobredito scripto et sinado do sinal de Miguel Eanes, notario sobredito, segundo por el appareçia, nen era raso nen cancellado, nen entrelinado, nen en nenuna parte de si sospeyto segundo outrossi por el appareçia, et a rogo de Affonso Peres, clerigo dito Gayo, et por mandado et auctoridade de Garçia Manteyga, coengo de Santiago et vigario gearal de don Rodrigo, por la gracia de Deus bispo de Lugo, figeo trasladar en mina presença no tenor sobredito, vervo por vervo, nenuna coussa eaduda nen mudada, por que se podesse mudar a sustançia da verdade do dito testamento, et puge en este traslado meu sinal.



Que foy tirado do dito testamento XX dias d'outono, era de mill et CCC LX<sup>ta</sup> annos.

Testemoyas: Diego Ferrnandes, Roy Garçia, Pedro Eanes, Affonso Peres et outros ts.

## 195

1321, xullo, 15. Lugo

*O arcediago de Abeancos recibirá seis soldos pola súa casa de Portomarin.*

MADRID, *AHN*, Cód. 1042 B, fol. 65v.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LIX<sup>a</sup> et quotum idus iulii damus [...] Aveancis ecclesie lucensis, cotidie in nonis VI<sup>te</sup> solidos Alffonsis in moneta donni regis Fernandi [...] tribus solidos vel eorum valorem, per domun suam de Pontem Miney quam ipse fecit in arenale sub aula Sancti Petri, quod est inter domum domini episcopi lucensis ex parte una, et domum vocatam de sella ex altera, et per cassalem suum de Outeyro, quod est sub aula Sancti Iohannis de Loyo; et hoc post mortem Marie Fernandi, uxoris Petri Dominici dicti Testa, et de hoc precepit fieri codicillum.

Ts.: frater Arias Martini, prior; frater Vivianus Santii ordinis predicatorum; Alffonsus Iohannis, portionarius lucensis; Iohannes Fernandus, clericus Sancte Marie de Ferreyra; Fernandus Petri, allumpnus; Petri Iacobi, Petrus Iohannis dictus Abayça ts. et aliiis.

Ego Petrus Iacobi, lucensis notarius, interfui scribi fieri et signum meum apposui. (+).

## 196

1322, febreiro, 22. Lugo

*Arrendamento de administración a Fernando Pardo, cóengo.*

MADRID, *AHN*, Cód. 1042 B, fol. 61r.

Era M<sup>a</sup> CCC LX<sup>a</sup> VIII<sup>o</sup> kalendas marcii. Datur [...] Fernando Pardo, canonico lucensis. Et debet ipsam complere iuxta novum statutum, et dare in super [...] morabitos istius monete regis donni Fernandi, solvendos secundum novam constitutionem edictam in capitulo lucensis; et debet dare quatuor panes cuilibet canonico. Et capitulum non debet eum deffendere nisi de donno rege et de maio-

rino maiore domini regis, et de comite seu de barone tenentem illam terram. Et sunt fideiussores: donnus Iohannis Bezerra, iudex, et Arias Petri de Parrega, canonicus lucensis.

Presentibus: donnus Magistro Alffonso, archidiacono; Roderico Alvari, scolastico; Petro Sebastiani, thesaurario; Fernando Alvari, canonico lucensis, ts.

Et ego Petrus Iacobi, publicus notarius lucensis, interfui et scripsi et signum meum apposui.(+).

## 197

1322, marzo, 3. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afórannlle a Roi Vázquez, clérigo, e a unha voz un casal en Santa Mariña e San Verísimo de Barxa de Lor por 40 maravedís anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 61r.

Era de mill et CCC LX<sup>ta</sup> annos, tres dias de março. Don Fernan Areas, dayam de Lugo, et o cabidoo desse mismo lugar avervaron a Roy Vaasques, clerigo de Quintaa de Lor, en todos seus dias, et de huna pessoa qual nomear en morte ou en vida este Roy Vaasques, o casal que e dos aniversarios, que chaman de Ponte, que e na figregia de Santa Marina et de sam Vereyxemo de Varçea de Lor, con todas suas pertenenças et dereyturas per ut quer que vaam, assi commo o teveron os que ata aqui en el moraron, et a o de faser lavrar et parar ben, et a de dar de renda cada anno deste casal, el et a pessoa que nomear, quareenta moravedis d'oyto soldos o moravedi desta moneda del rey don Fernando que foy en Lugo, en salvo cada anno de toda cousa, por dia de Santi Spiritus, a aquel que tever os aniversarios, et non deve a descontar grando, nen geadá, nen rouba, nen força, nen outra coussa se non dar estes XL<sup>a</sup> moravedis en salvo en Lugo de toda cousa. Et para comprir assi obrigou si et seus beens iglesiarios et leygarios ut quer que os ouvesse. Et demays deu fiador: don Fernan Aras, dayam sobredito, el presente et outorgante. Et demays este Roy Vaasques renunciou et prometeu que nunca contra esto nenuna coussa podessem diser; et demays a a morte deste Roy Vaasques deve a dar outro fiador a pessoa que el nomear que cumpla esto que sobredito he que o dito Roy Vaasques a de comprir, et que page estos XL<sup>a</sup> moravedis, assi commo dito he, se non que lle reçeban o casal. Et a a morte d'aquella pessoa que el nomear deve aficar o dito casal livre et quito a o dito cabidoo con quantos boos paramentos que en el foren feitos.

Et eu o dito Roy Vaasques assy outorgo a comprir commo dito he.

Presentes foron: o dayam sobredito; Fernando de Deus, chantres; don Rodrigo Alvares, meestrescolla; Meestre Affonso, archidiacono de Deçon; don Johan

Beçerra, iuys de Lugo; Andreu Peres, Jacome Eanes, Francisco Guillelmes, Afonso Eanes, Afonso Peres, o thesoreyro Pedro Savasches.

Et eu Garçia Affonso, notario publico de Lugo, a esto presente foy et por mandado do dito dayam et dos [...] scrivi aqui esta carta et puge en ela meu sinal.(+).

## 198

1322, marzo, 4. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Gonzalo Sánchez, á súa muller e a unha voz un casal en Vilapedre, a condición de construír unha casa máis 50 marabedís anuais e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 61v.

Era de mill et CCC LX<sup>a</sup> annos, quatro dias de março [...] dese meesimo lugar avervaron a Gonçalvo Sanches de Riba de Neyra et a sua [...] huna pessoa qual o pus-trimeyro delles nomear na vida ou a a morte, que seia fillo [...]rios a que chaman da Villa, que e en Villa Pedre, con todas suas pertenenças et dereyturas sub [...] a lavrar et parar ben et façel-lo tirar de monte o mays que poderen, et faceren y huna cassa, et daren [...] renda elles, et a dita pessoa çinquenta moravedis desta moneda del rey don Fernando d'oyto soldos o moravedis en Lugo en salvo cada anno de toda cousa, por dia de Pascoa, a aquel que tiver os aniversarios; et non a an descontar grandos, nen geadas, nen rouba, nen força, nen outra coussa nenuna. Et demays am de dar logo huna terça de herdade semente et iuntal-la logo a este casal, huma mea terça semente, ou todo esta terça se y teveren a cerca deste casal, et se a y non teveren que a iunten a lugar outro do caboo ut a ouveren mays açerca del, assi que perfaçan esta terça de herdade semente commo dito he, et tragerenna en sua vida et da dita pessoa con este dito casal. Et o sobredito Gonçalvo Sanches assi o outorga todo a comprir por si et por todos seus beens movilles et rayses, por si et pol-la dita sua muller et pol-la dita pessoa que para esto for nomeada. Et demays para o comprir assi deu por fiador: Fernan Dias, raçoey-ro de Lugo, este Fernan Dias presente et outorgantese por fiador. Et a o passamento deste Gonçalvo et da dita sua muller a pessoa que ficar no dito lugar a de dar outro fiador que cumpla esto que elles an de comprir commo sobredito he, se non que o cabido receba o dito casal. Et a o passamento d'aquella pessoa que para esto delles for nomeada, o dito casal a de ficar livre et quito a os ditos aniversarios da iglesia de Lugo, con aquella terça semente de herdade et conna dita cassa, et con quantos boos paramentos y foren feytos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernando Aras, dayam sobredito; don Fernan de Deus, chantres; don Rodrigo Alvares, meestrescolla; don Meestre

Affonso, archidiacono de Deçon; don Johan Beçerra, iuys; don Pedro Savasches, thesoreyro; Fernando Alvares, coengo de Lugo; Jacome Eanes, Francisco Guillelmes, sanchristan.

Et eu Garçia Affonso, notario publico de Lugo, a esto presente foy et por mandado do dito cabidoo et con outorgamento do dito Gonçalvo Sanches scrivi esta carta et puge y meu sinal.(+).

## 199

1322, abril, 1. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo dóanlle a Xácome Eanes, contador das racións, unha casa nas cortiñas de San Román.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 61r.

Era de mill et CCC et seseenta annos, en dia de kalendas abrias. O dayam don Fernan Arias, et os homes boos do cabidoo da iglesia de Lugo, que enton eran presentes, por façeren gracia a Iacome Eanes, clerigo do coro et seu contador das raçoes, deron-le et outorgaron-le en todos seus dias d'este Iacome Eanes, a sua casa que e da messa do cabidoo con sua cortina que esta a as cortinas de sam Romao, en par connas cassas en que soya morar Iohan Peres, clerigo de Santa Maria Alta, que agora ten Domingo Eanes do cabidoo; ena qual cassa agora mora este Iacome Eanes, et este Iacome Eanes a de faser huna casa y cabo esta na cortina, ou alçar esta en sobrado, qual entenderen que e mays proveytosso para a cassa.

Presentes foron: don Fernan Arias, dayam sobredito; Meestre Affonso, archidiacono de Deçon; don Johan Beçerra, juys; don Pedro Savasches, thesoreyro; don Fernan de Deus, chantres; Fernan Alvares, coengo ts.; et Affonso Eanes, raçoeyro; Andreu Peres, Francisco Guilelmes ts.

Et eu Garçia Affonso, notario publico de Lugo, a esto presente foy et por mandado do dito dayam et dos outros scrivi aqui esta carta et puge y meu sinal. (+).

## 200

1322, abril, 6. Lugo

*O deán e o Cabido arréndanlles ao chanfre e ao cóengo Arias Pérez tres casais en Albeiros e Xián por dez terzas de todo os cinco primeiros anos; despois, doce terzas.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 61v.

Era de mill et CCC LX<sup>a</sup> annos, VI dias d'abril. Don Fernan Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo desse miismo lugar, arrendaron a don Fernando de Deus, chantre de Lugo, et Aras Peres de Parrega, coengo dessa iglesia, os seus casares todos tres que som en Alveyros, et en Giae, en todos seus dias; os quaes casares o dayan, don Martin Eanes que foy, mandou a o dito cabidoo por aniversario, et para proçisoes segundo commo se conta no seu testamento; et am de dar de renda cada anno en estes primeiros çinquo annos des terças cada en salvo en Lugo de toda cousa; et estes çinquo annos pasados deven a dar cada anno doçe terças outrossy en salvo en Lugo de toda coussa, et non an d'allegar força nen rouba, nen grando, nen geada nen outra cousa nenuna, se non aquello que e scripto nas rendas das amiistrações da iglesia de Lugo. Et esta renda sobredita an de dar para fazer as proçioes et os aniversarios sobreditos, que o dayam, don Martin Eanes, mandou faser segundo se contem no seu testamento. Et para esto comprir os ditos chantre et Aras Peres obligaron si et seus beens. Et demays o dito chantre he fiador por toda a renda. Et a a morte dos ditos chantre et Aras Peres, os ditos cassares am de ficar a a dita iglesia de Lugo con quantos boos paramentos, para se comprir por elles o que o dito dayam mandou. Et qualquer delles que ante morrer que a meatade desta renda fica a o cabidoo.

Et eu Garçia Affonso, notario publico de Lugo, a esto presente foy et esta carta scrivi et puge y meu sinal. (+).

## 201

1322, maio, 12. Lugo

*O Cabido de Lugo outórgalle ao notario Garcia Afonso, durante a súa vida, unha casa na rúa Miñá, coa condición de plantar árbores no horto e pechar a cortiña.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 62v.

Era M<sup>a</sup> CCC LX<sup>a</sup>, XII dias de mayro. Don Fernando [...] desse lugar, dan et outorgan a Garcia Afonso, notario de Lugo, por lle fazer ben [...] que lle feçer et ten de fazer, a sua casa que he dos aniversarios, que he ena rua Mynaa, entre la casa dos aniversarios da huna parte, et a casa dos malates et dos aniversarios d'outra, con seu orto et con sua cortyna et con suas pertenenças et dereyturas, por en toda sua vida de Garcia Affonso. Et este Garcia Affonso deve parar ben esta casa et sarrar a cortyna de parede, et chantar das arvores no orto, et fazer boos paramentos na casa et na cortynna, et non seer teudo de dar outra renda por esta casa en sua vida; et a morte deste Garcia Afonso esta casa ficar livre et quita a a yglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Testemoyas: don Maestre Affonso, archidiacono; don Rodrigo Alvareç, maestrescola; don Pedro Savasches, thesoreyro; Fernando Alvares, coengo de Lugo; Affonso Martines, clerigo de Sant Christovoo de Chamoso; Francisco Guillelmez, sancristan de Lugo; Iacome Eanes, clerigo do coro de Lugo, ts.

Eu Pedro Iacome, notario de Lugo, presente fuy et escrivi.(+).

## 202

1322, xuño, 2. Lugo

*O Cabido de Lugo faille entrega ao chantre do libro de custume, polo que pagará anualmente un marabedi.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 61v.

Era de mill et CCC LX<sup>a</sup> annos, dous dias de juyo. Dan a don Fernan de Deus, chantres, o libro de custume que foe de don Pedro Diaç, coengo, et deveo teer en sua vida, et dar cada ano por esto hun moravedi; et se se este libro por alguna occason perder, deve dar por el cinquenta moravedis; et a sua morte este libro fique livre et quito a a yglesia de Lugo. Fiador: Fernando Alvareç, coengo presente et outorgante.

Petrus Iacobi, notarius lucensis, interfuit et scripssit.(+).

## 203

1323, decembro, 10. Lugo

*Fernando Pérez dóalles aos cóengos 40 soldos anuais polo seu campo de Chave.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 65v.

Era M<sup>a</sup> CCC LXI<sup>a</sup>, X<sup>a</sup> die mensis deçenber. Fernandus Petri, dictus Bochon, legavit canonicis lucensis quadraginta soldos Alfonsi annuatim per agrum suum vocatum de Chave, qui fuit Marie Michaeli de Sarrea, quando idem ager fructum protulerit.

Ts.: Alffonsus Iohannis, porcionario; Francisco Guillelmi, sacrista lucensis; Alffonsus Petri, cappellano Sancti Petri; Iohanne Fernandi, Petro Fernandi, porcionariis; Fernando Iohannis, auriffice lucensis; Velasco Petri, allumpno, Dominicis Petri de Betote; Lupo Dominici, nepote Affonsus Iohannis supradicti ts., et aliis.

Ego Petrus Iacobi, lucensis notarius, interfui et scribi feci et signum meum apposui. (+).

## 204

1324, marzo, 13. Lugo

*O Cabido de Lugo dálle a Maria Arias o forno da Cöenga, ela fará bo pan e darallo cada día.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 14v.

Era de mill et treçentos et sesaenta et dous annos, XIII<sup>e</sup> dias de março. Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam et cabidoo de Lugo, da huna parte, et Maria Aras, criada d'Areas Nunes, da outra, façemos tal pleito entre nos. Conven a saber que nos, dayam et cabidoo, damos et outorgamos a vos, Maria Aras, o forno da coenga [et o moyno] chamado do iuys, aquello que nos y avemos; et han vos a dar cada hun amiistrador huna mea terça de boo çenteo et outra de voo trigo para o pan da coenga tal de que nos paguedes. Et se sobre-lo triigo for contenda [...] algun tri[...] que se [...] a mandado et esguardo do meestrescolla et do juys. Et se estes aqui non foren que se paren a mandado et esguardo d'outros dous do cabidoo quaes mandaren os do cabidoo que non seian meseyros. Et vos, Maria Arias, deve-des a faser boo pam et dar-lo cada dia commo he custume de o daren. Et esta carta sea firme et dereyta et sabuda. Et se asi non feçerdes que seiades teuda a condiçion que por esta raçon [...] segundo he custume da iglesia de Lugo de condenaren o meseyro por raçon de dar mao pam. Et nos ( o resto ilexible).

## 205

1324, abril, 18. Lugo

*O mestrescola lucense arréndalle ao chantre os casais de Bade e Forcados, en Sardiñeira, por 30 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 62r.

Era de mill et CCC LX<sup>a</sup> et dous annos, XVIII dias d'abril. Seendo o dayan, don Fernan Arias, et o cabidoo de Lugo que enton eran presentes, seendo iuntados eno thesouro da dita iglesia de Lugo ut he acostumbrado desse iuntaren a cabidoo, don Rodrigo Alvares, meestrescolla de Lugo, rendeyro dos anniversarios da dita iglesia,

con outorgamento do dito cabidoo, arrendou a don Fernan de Deus, chantres de Lugo, por en todol-los dias deste chantres, dous casares que som dos aniversarios, a hun delles chamado Bade et outro Forcados, que son en Sardineyra por triinta moravedis d'oyto soldos o moravedi desta moneda del rey don Fernando cada en salvo en Lugo por Natal. Et o dito chantres deu fiador que os pagasse commo dito he: Fernan Alvares, coengo da dita iglesia, el presente et outorgante.

Testemoyas: Francisco Guilelmes, sanchristan, Pedro Miguelles, Jacome Eanes, Pedro Ferrnandes, clerigos do dito coro.

Et eu Garçia Affonso, notario publico de Lugo, a esto presente foy et esta carta scrivi et puge y meu sinal.(+).

## 206

1325, xaneiro, 25

*María Eanes e o seu marido véndenlles a Xoán Martins e á súa muller a metade das súas propiedades en Suyllay e Milleirós por 200 marabedis.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/10, perg. orix., galego, gótica cursiva, 134x152 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Maria Yanes con meu marido Fernan Peres, que esta pressente et outorgante, de bom curaçon et de boa voontade vendemos, a vos Iohan Martines, correeyro, et a vosa muller Mayor Peres, a meatade de todo ho erdamento que nos avemos et aver devemos en Suyllay et en Milleyroos, et en todos seus termynos, assy de patrimonio commo de compras et de gaanças con todas suas pertenenças et dereyturas, a montes et a fontes, peru quer que vaan, su signos de Santiago de Meyllay et de sam Lourenço d'Alveyros; et recebemos de vos en preço por esta vençon duçentos moravedis desta moneda del rey don Fernando de que conoçemos que somos entregos et bem pagados. Et obligamos por nos et por todos nosos bees mobelles et rays a fazer-vos senpre esta vençon de pas et dessoie mays este dia seia fora de nosso iur et de nosso poder et metuda no vosso.

Feyta a carta da vençon XXV dias de ianeiro, era de mill et CCC et LXIII annos.

Testemoyas: Affonso Merchan, et Fernan Martines, et Domingo Eanes de Furoes.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo dado por lo bispo desse meesmo lugar, a esto pressente foy et esta carta escrivi et meu nome et meu signal y puge en testemoyo de verdade. (+).



## 207

1325, febreiro, 16

*Martiño Eanes e Afonso Eanes véndenlles a García Fernández e á súa muller as súas propiedades en Santa María de Alta por 100 marabedis.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/11, perg. orix., galego, gótica cursiva, 176x82 mm.

En nonme de Deus. Nos Martin Iohanes et Affonso Eanes yrmaos, fillos de Iohan Avascado que foe, a vos Garcia Fernandez criado de Fernando Arias de Villa Fiiç, et a Aldara Eanes vosa muller, de boo coraçon vendemos todo quanto herdamento avemos et aver devemos en Rioboo et en Marcoy, et allur sub signo de Santa Maria Alta, con todas suas pertenenças et dereyturas, a montes et a fontes. Et reçebemos de vos por el en preço cem moravedis a VIIIº soldos o moravedi, en dineyros novees del rey don Fernando, de que nos outorgamos por ben pagados, et obligamos por todos nossos bees a deffender-vos senpre con esta vençon en paç, des oge mays avedeo senpre en paç vos et quem veer en vossa voç, todo nosso seniorio et poderio removudos.

Feyta a carta XVI dias de febreiro, era de mill et CCC LXª et tres annos, en tempo del rey don Affonso, bispo en Lugo don Rodrigo, moordomos Lopo Fernandez et Pero Boquete.

Et nos sobreditos vendedores esta carta outorgamos et confirmamos.

Os que presentes foron: Fernan Perez et Iohan Perez, criados de Pedro Iacome, et Gonçalvo Garcia, fillo de Garcia Fernandez de Matelo, Ioham Perez, dito de Sante, ts.

Et eu Pedro Iacome, publico notario de Lugo, presente fui et notey et escrivi esta carta et puge en ela meu signal. (+).

## 208

1325, maio, 22. Lugo

*Xácome Eanes, notario de Lugo, dá fe de que Pedro Savasches, tesoureiro, lle enviou ao bispo por don Rodrigo Álvarez, mestrescola, tres cartas de emprazamento.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 62v.

Era de mill et CCC et LX et tres annos, IX dias por andar do mes de mayo. En presenza de min Jacome Eanes, notario publico de Lugo, et das testemoyas que

aqui son escritas, estando eno tessouro da yglesia de Lugo, Pedro Savasches, thesoreyro enviou a o bispo por don Rodrigo Alvares, mestrescola, tres cartas do enpraçamento que foy de Johan Gil d'Asma et sua muller Elvira Dias et do bispo don Fernan Perez.

Ts. que foron pressentes: o juyz don Johan Beçerra, juys (sic); Fernan Alvares, Françisco Guillelmes, Afonso Rodrigues, Tareyia Pellaes, Afonso Perez, dito Gayo, et outros.

Eu Jacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy et escryvy et puge meu sinal. (+).

## 209

1325, xuño, 16

*Xácome Afonso véndelles a Xoán Martins e á súa muller a leira do Espiñeiro, en San Lourenzo de Albeiros por 100 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/12, perg. orix., galego, gótica cursiva, 223x115 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Iacome Affonso de Meyllay de bom curaçon et de boa voontade \vendo/ a vos Iohan Martines, correeyro, et a vossa muller Mayor Peres, et a vossa voc, huna leyra de herdade assy como ias con seu pam et con suas pertenenças et dereyturas. A qual leyra he a o Espyneyro et ias tra-la Cova, et partesse por meo com Iohan Vertudeyro; et da huna parte ias a leyra de Pedro Domingues de Suyllay, et da outra parte ias a agra de sam Lourenço d'Alveyros, a qual leyra he signo de sam Lourenço d'Alveyros. Et recebo de vos en preço por esta vençon çen soldos desta moneda del rey don Fernando, a quatro dineiros novees por cada tres soldos, dos quaes soldos sobreditos conosco que soo entrego et bem pagado, et oblige por min et por todos meus bees de vos faser senpre esta vençom de pas. Et dessoie mays este dia avedea senpre en pas vos et toda vossa voç pus vos todo meu seniorio et poderio ende seia sacado et removudo et metudo nos vossos.

Feyta a carta da vençon XVI dias de iunyo, era de mill et CCC et LXIII annos.

Testemoyas: Iohan Fernandes, alffayate; Domingo Boyon, carniceyro; Affonso Eanes, beyneyro; et Fernan Domingues, coytelleyro, et outros moytos ts.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo, dado per lo bispo desse mees lugar a esta vençon presente foy et esta carta escrivi et meu nome et meu signal y puge en testemoyo de verdade.(+).

## 210

1325, agosto. Lugo

*O deán e o Cabido afóranlles a Fernando Pérez, á súa muller e a unha persoa unha casa no Barrio Falcón por 20 soldos anuais e a obriga de reconstruíla.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 63r.

Era de mill et CCC et LX et tres annos [...] de agosto. O dayam, don Fernan Aras, et os homees boos do cabidoo que enton [...] no tessouro da yglesia de Lugo, dan et outorgan a Fernan Perez, cryado de Pedro Jacome, huna cassa dos [aniverssarios] que he en barro Falcon, en que suya morar Fernan clerigo, a qual ora esta derribada, que a faça et correga, et a tenna en sua vida et de sua muller Maria Fernandes, et d'una persoa qual o pustrymeyro delles ambos nomear. Et an de dar cada anno a o que tener os anyversarios, elles et aquella persoa que for nomeada, vinte soldos desta moeda branca del rey don Fernando. Et a morte destas pesoas sobreditas a de ficar esta casa libre et quita a o cabidoo con todol-os boos paramentos que en ella foren feitos.

Testemoyas que presentes foron: don Fernan Aras, dayan, don Fernan de Deus, chantres; don Johan Beçerra, juyz; don Pedro Savasches, thesoreyro; Fernan Alvares, Aras Perez, Fernan Afonso, coengos de Lugo; Andreu Perez, Afonso Gayo, Francisco Guillelmes et outros.

Eu Jacome Eanes, notario de Lugo, presente foy escryvy. (+).

## 211

1325, agosto, 16. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao clérigo do coro, André Pérez, propiedades en San Xulián e na porta de San Pedro por tres terzas de pan anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 62v.

Era de mill et CCC et LX et tres annos, XVI dias andados do mes d'agosto. Don Fernan Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo dese lugar qu'enton estavan presentes, arrenda Andreu Perez, clerigo do coro de Lugo, toda a erdade que os aniversarios am en San Jullao et arredor da villa a a porta de San Pedro, a que soya trager Johan Martines o lavrador da porta de San Pedro, por tres terças de pam cada ano, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, asy como se sol husar enas outras rendas do cabidoo. En esta renda non vay a outra renda que el ten y,

et por que da cad'ano XX maravedis. Et a morte d'Andreu Perez a de ficar este erdamento livre et quito a yglesia de Lugo, con todol-los boos paramentos que y foren feitos.

Testemoyas: o chantres, \don/ Fernan de Deus; don Johan Johan (sic) Beçerra, juys; Pedro Savaschaes, thesoreyro; Aras Perez, Fernan Alvares, coengos; Afonso Gayo, Pedro Ferrnandes, clerigos.

Eu Jacome Eanes, notario publico de Lugo, a rogo de Andres Perez et por mandado do cabidoo esta carta escryvy, et puge en ella meu nome et meu synal en testemoyo de verdade. (+).

## 212

1325, agosto, 27. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo entréganlle en préstamo ao racioneiro Fernando Fernández un código e un dixesto.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 63r.

Era de mill et CCC et LX et tres annos, quatro dias por andar d'agosto. Don Fernan Aras, dayan de Lugo, et o cabidoo dese lugar que enton eran presentes, dan a Fernan Ferrnandes, raçoeyro dessa yglesia, dous livros enprestados: hun codigo et hun digesto aparados, que os tenna et bea et aprenda por elles, et que os garde ben, et que os de a o cabidoo quando-llos pedir o dayan et o cabidoo, ou a mayor parte del. Et se por ventura se estes livros perderen, que este Fernan Ferrnandes que de por elles a o cabidoo oitoçentos maravedis desta moeda branca del rey don Fernando. Et Fernan Ferrnandes para esto obliga sy et seus bees movelles et reys yglesiaros et leygarios, ganados et por ganar; el jurou sobre santos evangeos, por sy corporalmente tangudos, que asy o comprise. Er de mais deu por fiadores: don Fernan de Deus, chantres, et Arias Perez de Parrega, coengo de Lugo. Este fiadores presentes et outorgantes cada hun en quatroçentos maravedis.

Testemoyas: don Fernan Aras, dayan; don Johan Beçerra, juys; don Pedro Savasches, thesoreyro; Fernan Alvares, Aras Perez, Fernan Afoso, coengos de Lugo; Afonso Rodrigues, Pedro Ferrnandes, Françisco Guillelmes, clerigos do coro, et outros.

Eu Jacome Eanes, notario publico de Lugo, a esto presente foy escryvy. (+).

## 213

1326

*O bispo de Lugo, don Xoán, escribelle ao Papa, Xoán XXII, sobre o estado de ánimo de boa disposición en que se atopan os veciños de Lugo para o recoñecemento do señorío do bispo sobre a cidade.*

RISCO: ES, t. XLI, pp. 111-112.

## 214

1326

*O Cabido arréndalle ao cóengo Lope Rodríguez a administración de setembro por 500 maravedís anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 70r.

Era de mill et CCC LX<sup>a</sup> et quatro annos [...] [Sepam quantos] esta carta viren. Commo nos don Fernan Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo [...] iuro da iglesia de Santa Maria, aly hu he acostumbrado de façermos cabidoo, por campaa tanguda [...] Lopo Rodrigues de Rodeyro, coengo de Lugo, amiistraçon do mes de setembro, con todas suas pertenenças et dereyturas, segundo [Affonso] Alvares teve de nos arrendada; et segundo se husan as outras rendas do cabidoo; et ave-desnos a dar por ella cada anno quinentos moravedis, et teer-llo mes, et dardes quatro paes a o coengo, et dous a o raçoeyro, et pagar segundo pagan as outras rendas do cabidoo. Et eu, Lopo Rodrigues sobredito, assi reçoço en min esta renda, et oblige por min et por todos meus bees de a pagar et comprir en todo segundo dito he. Et demays douvos por fiadores a dom Fernam Aras, dayam sobredito, et Aras Perez de Parrega, estes fiadores presentes et outorgansse por fiadores. Et que esto seia çerto et non venna en dulta estas partes sobreditas rogaron a min Jacome Eanes, notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta.

Testemoyas que foron presentes: o dayam sobredito, et o meestrescola, don Iohan Beçerra, iuyz; don Pedro Savaschaes, thesoyeyro; Fernan Afonso, Aras Peres de Parrega, coengo de Lugo; Andreu Peres, Pedro Ferrnandes, Pedro Migueles, et Françisco Guillelmes, clerigo do choro, ts., et outros.

Et eu Iacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy et a rogo do dayan et do cabidoo sobredito esta carta en mina presenza fiz escribir, et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 215

1326. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle ao clérigo Afonso Rodriguez, durante a súa vida, os aniversarios por 3100 marabedis o primeiro ano e 3500 marabedis despois.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 64r.

Era de mill et CCC LXIII<sup>a</sup> annos [...] Affonso Rodriguez, clérigo de Foris, por en todos los dias desse Affonso Rodriguez, todos los aniversarios [...] de Lugo ata este dia da era desta carta. Este Affonso Rodriguez a de pagar por este primeyro anno [...] por dia de Sant Iohanne que ora passou, tres mill et çem moravedis et en cada hun dos outros annos a de pagar, tres mill et quinientos moravedis; et estes dineyros a de pagar cada dia a as oras commo he custume da yglesia de Lugo. Et esta renda le fazen con aquelas condiçoes que se conteen na renda que fezeran destes aniversarios a don Rodrigo Alvareç, maestrescola que foe de Lugo, salvo a condiçõn de Garcia Rodriguez de Valcarçer. Fiadores: o chantres, don Fernando de Deus, don Fernando Eanes, archidiacono de Neyra, Fernando Affonso, coengo.

Testemoyas: don Fernando Arias, dayam; don Johan Bezerra, juyç; don Pedro Savaschaes, thesoreyro de Lugo; Affonso Eanes de Ribadeo; Francisco Guillelmez; Garcia Bodelo, ts.

Eu Pedro Jacome, publico notario de de (sic) Lugo, presente fui et escrivi et puge meu signal.(+).

## 216

1326, febreiro, 15. Valladolid

*Confirmación de privilexios e resposta ás peticións dadas nas Cortes de Valladolid polo rei Afonso XI, as cales expediou e mandou dar traslado delas ao bispo de Lugo, don Rodrigo.*

En presenza de min Ruy Fernandes notario publico de Lugo et das testemoyas subscriptas, estando ante don Pedro Iacome, juys de Lugo, frey Aras de Paramo, frade da orden de San Domingo, mostrou et feço leer por min notario ante o sobredito juys hun testamento de Domingo Peres, dito alguaçil, que foy, signado con signal d'Aras Peres, notario de Lugo, o qual testamento se começava asy: «Eno nome de Deus amen. Era de mill et CCC LXV<sup>o</sup> annos, XXVI dias andados do mes freveiro (sic). Sabam quantos esta carta viren conmo eu Domingo Peres, dito alguaçil, iacendo doente et mendome (sic) de morte etc...» Eno qual testamento entre las outras se continua esta clausua que se segue: «item mando a meatade da minna casa que eu comprey en que eu mora (sic), que esta cabo as casas do thesoreiro, don Johan Longo, que foy, a a see de Lugo por aniverssario, item mando a outra meatade desta casa iadita para a obra da ponte de Lugo». Et o dito testamento fiiçiasse asy: «et que esto seia çerto et non vena en dulta roguey a Aras Peres, notario publico de Lugo, que feçesse hun publico instromento et que possessese en el seu signal. Que foy feito era et dia sobreditos. Testemoyas: Johan Martines, escri-



van; Pedro Eanes de Viris; Domingo Eanes de Villapena; Pedro Rodrigues, mouleyro; Fernando Bayo; Pedro Eanes do Campo; Pedro Afonso de Parrega; Fernando Eanes dito moreyro; frey Roy Tello; frey Jacome ts».

Et o dito testameto leudo, frey Fernando de Bollanno, procurador da obra da ponte de Lugo, que estava presente, pediu a o dito juys que dese auctoridade a min, notario sobredito, que tornase a dita clausula en publica forma porque podesse faser fe du pareçesse. Et o dito juys a pidimento frey Fernando (sic), procurador da obra da dita ponte, deu auctoridade a min notario que trasladasse a dita [clausula] en esta libro do cabidoo en publica (sic) signada con meu signal.

Testemoyas: Johan Gomes, raçoeiro de Lugo; Gomes Pellaes da Crus; Fernand Garçia, escrivan; Johan Peres, criado do juys, ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito, dado pella auctoridade do bispo desse missmo lugar, a esto commo dito he presente fuy, et vi a dita clausula enno dito testamento escripta enno tenor sobredito, et a rogo et a pidimeto de frey Fernando, procurador da obra da dita ponte, et por mandado et auctoridade do sobredito juys, vervo por vervo en este libro do cabidoo a trasladey et puge y meu signo en testemoyo de verdade.

SIGNO

## 227

1327, marzo, 13

*Cláusula testamentaria de María Rodríguez do Campo.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 69r.

Item vy outro testamento feyto pello o sobredito Fernan Peres, notario, o qual fecera Maria Rodriguez do Campo, XIII dias de março era de mill et CCC LXV annos, o qual se começava assy: «Sabam quantos esta carta viren commo eu Maria Rodriguez, muller que fuy de Pedro Fernandes do Campo, con todo meu sisso, mando meu corpo suterrar no moesteyro dos frades descalcos de Lugo etc...» Et entre-las outras cousas continasse no dito testamento: «Item mando por meu aniversario et de Pedro Fernandez, meu marido, a a iglesia de Lugo o meu quinon da casa das Kallendas».

## 228

1327, marzo, 13. Madrid

*O infante don Filipe comprométese a entregarlle a fortaleza da Porta de San Pedro ao bispo de Lugo cando morra.*

LUGO, AC, *Tumbillo Nuevo*, fol. 105 d r-e v, traslado autorizado por Francisco Martins, notario de Lugo: 1327-V-3, lib. 10, n.º 45.- Extr., *Tumbo Nuevo*, fol. 226r.

RISCO: ES, t. XLI, p. 112, ap. 2.

Sean quantos esta carta viren como yo el ynfante don Felipe, fijo del moy noble rey don Sancho, señor de Cabrera e de Riveyra, e pertigueiro mayor de tierra de Santiago, e mayordomo mayor del rey, e su adelantado mayor en el reyno de Gallica, conosco que tengo la fortaleza que yo mande faser sobre la puerta de San Pedro de y de Lugo, de vos don Johan por la gracia de Dios obispo dese mismo lugar, e juro por Dios e por Santa Maria de vos la mandar entregar a la mi muerte e mando a Roy Marques o a otro qualquier que tovier la dicha fortaleza por el o otro qualquier que la tenga por mi, que vos la entreguen a vos o a otro qualquier que sea obispo de Lugo, si de mi acaeciére muerte segund sobredicho es, e entregandolo asi yo les quito el omenage a qualquier que lo toviere fecho sobre esta rason.

Dada en Madrit trese dias de março era de mill e CC LX e cinco años.

Yo Johan Garcia la escribi por mandado del ynfante.

Yo el ynfante don Felipe.

Este he o traslado da sobredita carta, a qual eu Francisco Martines notario publico dado pelo bispo de Lugo a o conçello dese mismo lugar, vi escripta en pulgameo seellada con seello colgado do dito ynfante don Felipe en hum cordon verde, e escripto en ella seu nome con sua mao segundo en ella aparescia, e por mandado e autoridade de don Pedro Roys juis de Lugo et vigareo do onrrado padre e señor don Johan pe la gracia de Deus bispo de Lugo trasladea de verbo a verbo en aquesta presente carta et puge en este traslado meu sinal en testimonio de verdade.

Tres dias de mayo era sobredita.

Testigos que viron a dita carta et a oiron leer: Monin Fernandes, criado que foy de Fernando Fernandes, coego de Lugo; Martin Pelaes, carniceiro; Afonso Aras, fillo de Aras de Caceyas; Johan Dias, clerigo do dito juis.

## 229

1327, maio, 24. Santiago

*O bispo don Xoán dá cumprimento a unha bula de Alexandre VI (1259) relativa á venda e produción de insignias do Apóstolo Santiago.*

CAÑIZARES: pp. 1005-1006, con referencia ao Lib. B, fol. 173v.

Reverendis in Christo patribus dominis archiepiscopis et episcopis in Hispania et Vasconia constitutis ad quos presentes littere invenerint. Johannes, lucensis episcopus, ad infra scripta a sede apostolica delegatus, salutem et mandatis nostris imo verius apostolicis firmiter et humiliter obedire litteras felices recordationis, domni Alexandri Pape quarti, sua una bula in filo canapis bullatas ex parte archiepiscopi et capituli compostellani nobis presentatas recepimus tenoris et continentium subsequenter: «Alexander episcopus servus servorum Dei venerabilibus fratribus archiepiscopis et episcopis per Hispaniam et Guasconiam constitutis salutem et apostolicam benedictione. Occurrere debet apostolica sedes presumptionibus malignorum et eorum excessus pastoralis solitudine cohibere sane ad audientiam nostram venerabili fratre archiepiscopo compostellano significante pervenit quod quidam in Ispania et Guasconia comorantes detestande cupiditatis ardore succensi adulterina insignia beati Jacobi cudere ac vendere propria temeritate presumunt volentes igitur presumptores huiusmodi vestro studio cohiberi fraternitati vestre per apostolica scripta in virtute obedientie firmiter precipiendo mandamus quatinus singuli vestrum in civitatibus et diocesibus vestris per vos vel per alios presumptores huiusmodi quod a tali presumptione desistant monitione premissa per censuram ecclesiasticam appellatione remota cogatis alisquin venerabili fratri nostro lucensi episcopo litteris nostris iniungi[...] ut ipse per se vel per alios mandatum super hoc apostolicum exsequatur contradictores auctoritate autem nostra [...]datione postposita compescendo non obstante aliqua indulgentia per quam mandati mandatum nostri executio super hoc quomodolibet impediri valeat seu et retardari. Data anagnie XII<sup>o</sup> kalendas februarii, pontificatus nostri anno quinto», quibus publicatis et per lectis nobis ex partes predictorum archiepiscopi et capitulo conquerendo monstratum quod non nulli in vestris civitatibus et diocesibus comorantes detestande cupiditatis ac avaritie zelo succensi insignia beati Jacobi [...] conche in Galetia vulgariter nuncupatur adulterina cudunt faciunt ac peregrinis ad Sanctum Jacobum cuntibus sive santa peregrinatione reddeuntibus vendunt non in modicum dicte compostellane ecclesie preiudicium et gravamen propter quod fuimus ex parte dictorum archiepiscopi et capituli cun instantia requisiti ut contra predictos vendentes et talia facientes procedere deberemus. Nos itaque volentes sicut tenemur mandatis apostolicis obedire vos ac vestrum singulos rogamus ac virtute sancte obedientie auctoritate apostolica qua fungimur vobis precipiendo mandamus ut in vestris civitatibus et diocesibus per vos vel per alios inhibeatis ne deinceps aliqui presumant dicta Sancti Jacobi insignia adulterina cu[...] facere nec et iam vendere quod si secus fecerint censura ecclesiastica contra eos necnon aliis iuris remediis proceda[...] nos et iam apostolica auctoritate talia facere presumentes semel secundo tertio et peremptorie monemus assignando eisdem [...]atum quindecim dierum ut desistant apredictis quod si non destiterint in eos ac in eorum singulos trina monitione premissa excommunicationis sententiam ferimus

in his scriptis quam excomunionis sententiam volumus ut in vestris ecclesiis et diocesibus faciatis dominicis diebus et festivis solempniter publicari.

In quorum fidem et testimonium presentes litteras fieri fecimus sigilli nostri appensione munitas. Data Compostelle die XXIII mensis maii, anno Domini M<sup>o</sup> CCC<sup>o</sup> XX<sup>o</sup> VII.

Presentibus: venerabilibus viris dominis Magistro Iohanne, iudice; Martino Benardi, Cardinali; Aymerico de Anteiac, thesaurario; Fernando Martinez, canonico compostellano, ts. ad premissa vocatis specialiter et rogatis.

Ego Alfonso Iohanis, publicus notarius compostellanus, juratus subscripsi in eoque consueto signo signavi in testimonium premissorum.

## 230

1327, maio, 28

*Cláusula testamentaria de Xoán Romeo, veciño de Lugo.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 69r.

Vy outro testamento feyto por este Fernan Perez, notario sobredito, segundo que se en el continua, o qual feçera Iohan Romeu, odreyro, morador a a Porta Minaa; o qual testamento fora feyto XXVIII<sup>o</sup> dias de mayo enna era de mill et CCC LXV annos. O qual começava assy: «Sabam quantos esta carta viren commo eu Iohan Romeu, odreyro, morador na rua Minaa, que he na cibdade de Lugo, iacendo doente et agraveado por door forte, pero con todo meu sisso et entendemento qual mo Deus quisso dar, das mias cousas faço et ordino meu testamento etc...». Et entre-las outras que se no dito testamento continan dicia assy: «Item mando o meu quinon do orto da Lameyra, que iaç cabo a fonte de Iohan de Bobeda, que son seys leyras, por meu aniversario a a iglesia de Lugo, et que o tinna Lucia Perez husso froyto en sua vida».

## 231

1327, xullo, 31. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao bispo, durante a súa vida, a administración de setembro no couto de Lugo por 1400 marabedis anuais e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 64r.

Era de mill et CCC et LX et çinco annos, esta feyra, pustrimeyro dia de julio. O dayam et o cabidoo arrendaron a don Johan porlla graça de Deus, bispo de Lugo amistraçon do mes de setembro que e no couto de Lugo, deste setembro primeiro que ven en deante por en toda sua vida. Et a de dar cada ano mill et CCCC maravedis desta moeda branca del rey don Fernando, que façen onze dineiros menos terceira d'un por cada maravedi. Et a os de pagar assy como he husso et custume das outras amistrações da yglesia de Lugo. Et a de teer o mes et dar quatro paes et o vinno et a sobreposta enno seu mes commo he acostumbrado das outras amistrações. Et non deve a descontar grando nen geada ne rouba nen toma salvo de rey o d'infante ou de ricome que tenna o condado, ou de meyrino mayor. Et para esto assy conprir noso sennor obispo obriga sy et seus beens, et demais deu por fiadores: don Fernan Eanes, archidiago de Neyra, et don Pedro Roys, juys desta yglesia, elles presentes et outorgantes-se por fiadores.

Testemoyas: don Fernan Arias, dayam; don Fernan de Deus, chantres; don Fernan Eanes, archidiago, o juis fiadores sobreditos; don Pedro Savasches, thesoyro; Aras Perez et Afonso Gomes, coengos.

Eu Jacome Eanes, notario publico de Lugo, a esto presente foy et escryvi et puge y meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 232

1327, agosto, 19. Lugo

*O Cabido, aceptando a petición formulada polo arcediago de Abeancos, recibe a administración de xullo coa condición de que salde as débedas pendentes.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 71v.

Sabeam quantos esta carta [viren commo en presenza de min Iacome Eanes], notario publico de Lugo, et das testemoyas que en esta carta [son escriptas] [...] tesouro da yglesia de Santa Maria de Lugo a seyda da prima ante [...] et o cabidoo dese mesmo lugar, don Iohan Martines, archidiago d'Aveancos, rogou a este dayan et cabidoo sobredito que lle reçebesen a renda da amistraçon do mes de iulio que delles tinna arrendada, ca el non podia husar della por raçon que tinna de façer moito en Santiago et con seu sennor obispo; et enton o dayam et o cabidoo sobredito reçeberon-lle amistraçon por lle façer aquela graça que el mereçia, en tal maneira que lles pagase o pan et o vino do mes que lles non pagara; et demais que lles devia dos terços desta amistraçon. Et o archidiago sobredito diso que lles pagaria o que lles devese. Et logo en outro dia o dayam et cabidoo sobredito frontaron a este archidiago que lles pagase aquello que lles devia desta amistraçon, enton o archidiago mostrou-lles hun escrito en

que diçia que Aras Perez de Parrega que tomara d'amistraçon noventa terças de pan et duçentos LXVIIª libras, que montan en maravedis longos seysçentos et sesaenta et oito maravedis menos terça, et que llo feçesen entregar ou-llo collesen en conta desto que lle demandavan. Enton o dayam et o cabidoo sobredito diseron qu'elles non eran teeu-dos de lle colleren en conta o que lle tomara Aras Perez, mais que se querellase del a o bispo, et que lle chegaria del dereito, et por esto que non avia por qu'elles non pagar o seu. Et de commo esto pasou por min, notario sobredito, o dayam et o cabidoo pedironme ende hun estormento.

Foy feyto XIX dias do mes d'agosto, era de mill et CCC et LXV annos.

Testemoyas: don Fernan Aras, dayan; don Fernan de Deus, chantres, don Fernan Eanes, archidiago de Neyra; o thesoreyro, Pedro Savaschaes; Aras Perez, Afonso Gomes, Pedro Royz et outros moitos.

Eu Iacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy esta carta escrivi et a rogo do dayam et do cabidoo sobredito puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

## 233

1327, agosto, 19. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle ao deán a administración de decembro con Picato e Farnadeiros por 2550 marabedís anuais e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 70r.

Era de mill et CCC LXª et çinquo anos, XII por andar do mes de agosto. Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Fernam Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo desse miismo lugar, sendo no thesouro da iglesia de Santa Maria hu acostumamos de façermos cabidoo, por campaa tanguda, arrendamos a vos dom Fernan Aras, dayam sobredito, amiistraçon do mes de decembre, con todas suas pertenenças et dereyturas segundo a Fernan Dias tevo de nos arrendada, con Picato et con Farnadeyros, et segundo se husam as outras rendas do cabidoo. Et avedesnos a dar por ella cada anno, dous mill et quinentos et çinquenta moravedis desta moneda branca del rey don Fernando, et teerdes o mes sobredito, et dardes a o coengo quatro paes, et dous a o raçoeyro; et pagardes segundo pagan as outras rendas do cabidoo. Et eu dom Fernam Aras, dayam sobredito, assi reçoibo en min esta renda, et oblijo min et meus bees de pagar et comprir en todo segundo dito he. Et demays douvos por fiador: don Aras Peres de Parrega, el presente et outorgouse por fiador. Et que esto seia çerto et non venna en dulta estas partes sobreditas rogaron a min Iacome Eanes, notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta.

Testemoyas: o dayam sobredito et o meestrescola; don Iohan Beçerra iuyz; don Pedro Savaschaes, thesoreyro; Fernan Affonso, Aras Peres de Parrega, coengo de Lugo; Andreu Peres et Pedro Migueles, clerigos do coro ts.

Et eu Iacome Eanes, notario publico de Lugo, a esto presente foy esta carta en mina pressença fiz escribir, et a rogo do dayan et do cabidoo sobredito puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 234

1327, setembro, 16. Lugo

*Fundación de aniversario realizada por Afonso Pérez Merchán.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 68v.

Era de mill et CCC LXV<sup>a</sup> annos commo en presença [...] testemoyas subscritas, Affonso Peres dito Merchán, asigna por seu aniversario a a iglesia de Lugo dous [...] anno polla \casa sua/ da Correga en que el ora mora; conven a saber que lle façan cada anno por estes dineiros sobreditos hun aniversario por sua alma.

Feyto foy esto enno coro de Lugo XVI dias de setembro.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan Eanes, archidiago de Neyra; don Pedro Savaschaes, thesoreyro; Andreu Peres, Francisco Gilelmes, Johan Peres de Santa Maria Alta, Pedro Ferrnandes, Jacome Affonso et outros.

Eu Jacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy et a rogo d'Afonso Perez esta carta en mina presença fiz deitar en este livro et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 235

1327, novembro, 9

*Fernán Pérez e Tareixa Pérez vendenlles a Xoán Martins e á súa muller unha porción de casa en Suyllay, freguesía de Santiago de Meilán, por 140 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/17, perg. orixinal, galego, gótica cursiva, 167x144 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernan Peres, fillo de Pedro Moordomo, pedreyro, que foy, et de Tereyia Peres, de bon curaçon et de boa voo-tade vendo a vos Iohan Martines, correeyro, et a vossa muller Moor Peres, et a vossa voç, todo o meu quinon et voç et dereito que eu aio et devo aaver, por parte

deste meu padre sobredito, en una cassa que esta en Suyllay entre outras duas cassas vossas et nossas, a qual cassa esta par da cassa grande que feço Iohan Paes et meu padre Pedro Moordomo, a qual cassa he su signo de Santiago de Meyllay. Et reço de vos en preço por esta vençon çent et quarenta soldos desta moneda del rey don Fernando, a quatro dineiros por cada tres soldos, de que soo ben pagado et entrego. Et obligo por min et por todos meus bees mobelles et reys de vos fazer senpre esta vençon de pas, et renunço et prometo en boa fe que nunca contra esta vençon vena por min nen por outren, en iuyço nen fora del por raçon de engano nen de meorydade, nen por outra raçon nehuna que seia. Et se contra ella quisser viir mando et outorgo que me non valla nen seia oydo sobrello, et dessoie mays este dia avedea senpre en pas vos et toda vossa voç pus vos, todo meu poderio et seniorio ende seia sacado et removido et metudo nos vossos.

Feyta a carta da vençon nove dias de novembro, era de mill et CCC LXV annos.

Testemoyas: Pedro Eanes, peliteiro; Iohan Rodrigues, beyneiro; Iacome Pellaes, Fernan de Neyra, et outros ts.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo dado pello bispo desse mesmo lugar, a esta vençon foy pressente et esta carta escrivi et puge y meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 236

1327, decembro, 1

*Fernando Pérez véndelles a Xoán Martíns e á súa muller unha porción de herdade en Pedrido, freguesía de Santiago de Meilán, por 300 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/18, perg. orix., galego, gótica cursiva, 142x109 mm.

In nomine Domii amen. Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernan Peres, fillo de Pedro Eanes, dito Moordomo, pedreyro, que foy, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos Iohan Martines, correeyro, et a vossa muler Mayor Peres, duas oytavas semente de herdade na agra de Pidrido, na leyra chamada da Alamella, et de si a suso [atroes] o terro de Françisco Martines no outro herdamento que eu y aio po-llo dito meu padre assi que vos perfaça y duas oytavas de centeo semente no dito herdamento con suas dereyturas, sub signo de Santiago de Meylae. Et reço de vos en preço por esta vençon treçentos soldos desta moneda del rey don Fernando, que foy, de que me outorgo por ben pagado. Et obligo por min et por todos meus bees de vos facer esta vençon de pas a todo tempo. Et de mays iuro a os santos avangeos, que tango corporalmente con minas



maos que nunca contra esta vençon vena por min nen por outren por nenhuna rason que seia, desoge mays avedea sempre en pas vos et toda vossa vos pus vos todo meu senorio et poderio ende seia fora de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en dia de kalendas deçembras, era de mill et CCC LX<sup>a</sup> et çinco annos.

Testemoyas: Fernan Domingues, morador en Suyllam, dito Sayoane; Pedro Eanes dito Rascado; Domingo Eanes, mercador, Fernando Garcia.

Et eu Garçia Affonso, notario publico de Lugo, a esta vençon presente foy et esta carta scrivi et puge y meu sinal et vi commo o dito Fernando Peres iurou nos santos avangeos que nunca contra esta vençon veesse por raçon de meor ydade nen d'engano nenhun. (+).

## 237

[1328]

*O Cabido de Lugo arréndalle ao côengo Arias Pérez a administración de xullo por 800 marabedis o primeiro ano e en diante 1000 marabedis.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 70v.

Era de mill et CCC LX[VI] annos [...]. Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Fernan Aras, [dayam] de Lugo, [...] enno thesouro da iglesia de Santa Maria, hu he acostumado de façermos cabidoo por canppa [tanguda], arrendamos a vos Aras Peres de Parrega, coengo de Lugo, amiistraçon do mes de iulio, a qual ora leyxou o arcidiago, don Iohan Martines, por en toda vossa vida, con todas suas pertenenças et dereyturas, segundo husam as outras rendas do cabidoo. Et avedesnos a dar por este primeyro anno oytocentos moravedis et deste anno endeante pagardes cada anno mill moravedis desta moneda branca del rey don Fernando, a os terços do anno, segundo pagan as outras rendas do cabidoo, et teerdes lo mes et dardes a o coengo quatro paes et dous a o raçoeyros. Et eu, Aras Peres sobredito, reço en min esta renda et outorgo de a pagar et comprir en todo segundo dito he por todos meus bees. Et demays para o assi comprir et pagar dous por fiador a don Fernan Aras, dayam sobredito, el presente et outorgouse por fiador. Et que esto seia çerto et non venna en dulta nos as partes sobreditas rogamos a Iacome Eanes, notario publico de Lugo, que fecesse ende esta carta. Testemoyas: don Fernan Aras, dayam sobredito; don Iohan Beçerra, iuyz; don Fernan Eanes, archidiago de Neyra; don Fernan de Deus, chantres; Andreu Peres, Pedro Fernandes et Pedro Migueles et Françisco Guillelmes, clerigos do choro, ts., et outros.

Eu Iacome Eanes, notario sobredito, a todo esto pressente foy et a rogo do dayam et do cabidoo sobredito esta carta en mia presenza fiz escribir et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 238

[1328]

*O Cabido de Lugo dóalles a Diego Fernández e a Fernando Arias a comenda do couto de Picato baixo certas condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 72v.

Era de mill et CCC LXV[...]. [Sabeam quantos esta carta viren] commo nos don Fernan Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo dese [lugar] [...] de Santa Maria, aly hu he acostumado de façermos cabidoo. Damos [...] [Diego Ferrnandes et Fernan Aras], yrmaos, a comenda do couto de Picato, a qual he da iglesia de Lugo, por en todos vossos dias d'ambos con çinquo terças de pan cada anno, a a tal condiçõn que vos que defendades a dita comenda, et amparedes de vos et dos vossos et dos outros en maneira que a dita comenda seia deffessa et amparada. Et o moordomo que y andar por lo cabidoo que husse do seu dereyto segundo que husou ata aqui, et non seia por vos nen por outros enbargado, nen estorvado por ninhuna maneira; nen collades vassallos foreyros nen outros homes por que venna dano a a iglesia. Et se por la ventura ambos ou cada hun de vos contra estas cousas sobreditas pasardes, que o cabidoo que possa receber a comenda et da-lla a quen por ben teveren. Et nos, Diego Ferrnandes et Fernan Aras sobreditos, asi recebemos a dita comenda commo dito he et prometemos de a guardar et cumprir en todo. Et que esto seia çerto et non venna en dulta nos as partes sobreditas rogamos a Iacome Eanes, notario publico de Lugo, que faça ende fazer duas cartas en hun tenor.

Que foron feytas era et dia sobreditos.

Testemoyas que presentes foron: don Fernan Aras, dayam; don Fernan de Deus, chantres; don Aras Peres, thesoreyro; Andres Peres, Lopo Rodrigues, Aras Pellaes, Affonso Gomes, Alvar Dias, Fernam Affonso, Pedro Aras, coengos de Lugo ts., et outros.

Eu Jacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy esta carta en mina presenza a rogo do dayan et do cabidoo fiz escribir et puge en ela meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 239

1328, xaneiro, 15

*Maior Eanes véndelles a Xoán Martíns e á súa muller a metade das súas propiedades en Suyllay e Milleirós por 50 libras.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/19, perg. orix., galego, gótica cursiva, 267x121 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Mayor Eanes, filla de Iohan Peres et de Dominga Iohanes, que foron moradores en Lugo, de bom curaçon et de boa voontade vendo para senpre a vos Iohan Martines, correeyro, dito Maçaas, et a vossa muller Mayor Peres et a vossa voc, a meatade de todo ho herdamento et voç que eu Mayor Eanes et meu yrmao frey Fernan Eanes, da ordem dos preygadores, avemos et devemos aaver en Suyllay et en Milleyros, et en todos seus termynos de conpras et de gaanças, et de patrimonio con suas cassas et formaes, et arvores et chantados et con todas suas pertenenças et dereyturas, a montes peru quer que vaa, sub signos de Santiago de Meylay et de San Lourenço d'Alveyros, sacado ende o meu quinon da leira que ias tra-llo castro, que comprey a Affonso Amarello et a sua muller. Et reço de vos en preço por esta vençon çinquenta libras desta moneda del rey don Fernando, a viinte et sete dineiros mynos terça du por cada libra, de que soo bem pagada et entrega, et obligo por min et por todos meus bees, mobelles et reys, de vos façer senpre esta vençon de pas a todo tempo assy do dito meu hirmao commo d'outren quenquer que a enbargasse, et espiçialmente vo-lla obligo a façer de pas por todo o meu quinon et dereito que eu aio et devo aaver ena cassa et cortina et poonbar que foron do meu padre, Iohan Peres et de Dominga Iohanes mina nana, na qual cassa eu ora moro, a qual casa esta entre a cassa da Correga da una parte, et da outra parte esta a casa en que mora Mayor Ferrnandes, que se parte con esta cassa iadita. Et esta cassa et cortina et poonbar vos obligo en tal maneira que eu nen outren por min que a non possa vender ne supynorar nen façer dellas nenhuna coussa ata que vos faça esta vençon sobredita de pas, et mado que o espiçial non enbargue o geeral, nen o geeral o espiçial. Et dessoie mays este dia avedea senpre en pas vos et toda vossa voç pus vos todo meu poderio et seniorio ende seia sacada et removudo et metudo nos vossos.

Feyta a carta da vençon XV dias de ianeyro, era de mill et CCC LXVI annos.

Testemoyas: Affonso Merchan; Martin Eanes, correeyro; Domingo Eanes, mercador, morador na rua Minaa; Ruy Pellaes, correeyro de Pallares, et outros ts.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo, a esta vençon foy presente et esta carta escrivi et puge en ella meu nome et meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 240

1328, febreiro, 22. Lugo

*Ante a petición formulada polo bispo para que se computen nas racións dous membros do Cabido que o acompañen, o Cabido manifesta a súa desconformidade.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 72v.

Era de mill et CCC LXVI annos, seys dias por andar do mes de febreiro. Em presenza de min Iacome Eanes, notario publico de Lugo, et das testemoyas que en esta carta son scriptas, estando enno sobrado das cassas de nosso sennor obispo don Iohan, este sennor presente et o dayam, don Fernam Aras, et don Fernam de Deus, chantres, et don Diego Ferrnandes, arcidiago de Deçon, et don Pedro Ruyz, iuyz, Aras Pellaes, Lopo Rodrigues, Aras Peres, coengos, et outros do cabidoo, o dito sennor disso et mandou a estes omees boos do cabidoo que contassen cada dia ennos dineiros das oras, et na raçon a dous homes boos do cabidoo que fossen con el por hu el fosse. Et enton respondeu o dito dayam et os outros homes boos do cabidoo et disseron et protestaron que estas duas raçoes nin ninhuna dellas que nunca as deran a os que fossem con-llo bispo, nen nunca as deran. Et o dito sennor mandou que os contassem ca era seu dereyto. Et o dayam et cabidoo sobreditos protestaron de [graven] et de o mostraren ali hu fosse seu dereyto, et de appelar se lles mester fosse. Et de commo esto passou por ante min notario sobredito, o dayam et os outros homes boos do cabidoo sobredito, pedironme ende hun publico instrumento en testemoyo de verdade.

Testemoyas que presentes foron: o dayan et o chantres et o arcidiago et o iuyz et Aras Pellaes, Lopo Rodrigues, Aras Peres sobreditos; et Affonso Eanes, raçoeyro, Pedro Iacome et Iohan Aras, home do bispo ts., et outros muytos.

Eu Iacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy esta carta en mina pressença fiz escribir et a rogo do dayam et do cabidoo puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 241

1328, febreiro, 23

*Fernando Pérez ratifica a repartición de propiedades realizada con Xoán Martíns e véndelle agora as propiedades restantes en Pedrido, freguesía de Santiago de Meilán, por 50 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/20, perg. orix., galego, gótica cursiva, 154x285 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Fernan Peres, correeyro, fillo de Pedro Moordomo, pedreyro, que foy de Lugo, et de Tareyia Peres, outorgo et aio por firme para senpre a partiçon do herdamento que eu fige con vosco Iohan Martines, correeyro, por Domingo Peres de Suylay et por seu fillo, Pedro Domingues, morador en d'Esteriç, et por Fernan Sayoane, et por Affonso Martines, lavradores, moradores en Suyllay. A qual partiçon he esta, conven a saber que vos, Iohan Martines et vossa muller Mayor Peres et vossa voç, ficades para senpre en todo ho herdamento que eu aio et devo aaver ena agra do Pedrido et no Fontao, por raçon das duas oytavas semente de herdade que vos eu vendy, et que vos avia a perffaçer na dita agra de Pedrido et na leira chamada da Allamella, et desse a a susso ata o terreo de Françisco Martines, et no outro herdamento que eu y aio pollo dito meu padre. Et demays vendo a vos, Iohan Martines et a vossa muller Mayor Peres et a vossa voç, o mays herdamento que eu aio na dita agra de Pedrido, et no Fontao, mays ca estas duas oytavas semente que vos y avia a perffaçer, a qual agra et Fontao som en Suyllay, su signo de Santiago de Meyllay, con suas pertenenças et dereyturas. Et reçebo de vos en preço por esta vençon çinquenta soldos desta moneda del rey don Fernando, a quatro dineiros por cada tres soldos, de que soo bem pagado et entrego, et que logo reçebi en meu iur et en meu poder dos vossos en presença de Aras Peres, notario publico de Lugo, et das testemoyas suscriptas. Et obligo por min et por todos meus bees, mobelles et reys, de vos façer senpre de pas a todo tempo todo ho herdamento que eu aio et devia aaver na dita agra de Pedrido et no Fontao. Et iuro a os santos evangeos, que tango corporalmente con minas maos, que nunca contra esta vençon nen contra estas coussas que se en esta carta conteen, nen contra cada una dellas, vena por min nen por outren por raçon de meorydade, nen por raçon de engano, nen por outra raçon nenhuna que seia, en iuyço nen fora de iuyço, nen fora de iuyço (sic). Et dessoie mays este dia ave de toda a herdade sobredito senpre en pas vos et toda vossa voç pus vos todo o meu poderio et senorio ende seia sacado et removido et metudo et tornado enos vossos.

Feyta a carta XXIII dias de febreyro, era de mill et CCC LXVI annos.

Testemoyas: Affonso Nicollaes, Lopo Garçia da Veyga, Fernan Martines et Fernan Eanes et Ruy Pellaes et Affoso Martines dito Maçaas, correeyros, et outros ts.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo, dado pe-llo bispo desse mees-lugar, a estas coussas todas et a cada una d'ellas pressente foy et outrossy foy pressente quando este Fernan Peres sobredito, tangudos os santos evangeos, feço iuramento corporalmente, et esta carta con mina mao escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

*Fernando Pérez véndelle a Xoán Martíns porcións de dúas leiras e un casal en Santiago de Meilán e San Lourenzo de Albeiros por 70 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/21, perg. orix., galego, gótica cursiva, 160x152 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Fernan Peres, fillo de Pedro Moordomo, pedreyro, que foy de Lugo, et de Tareyia Peres, de bom curaçon et de boa voontade, vendo a vos Iohan Martines dito Maçaas, correeyro, et a vossa muller Mayor Peres, todo o meu quinon et dereyto que eu aio ena leyra que vos ora sacastes de monte, que ias tra-la tava et fere de una parte ena leyra de Françisco Martines, notario, et da outra parte fere na leyra de Iohan Domingues, alffayate. Et vendovos mays o meu quinon de una leyra que ias en toxal, et fere de una yllarga ena vosa leyra et da outra yllarga fere en outra leyra deste Iohan Domingues. Outrossy vos vendo mays o meu quinon do cassal que esta cabo a cassa nova que feço Iohan Paes et Dominga Iohanes et Pedro Moordomo, meu padre, que esta a par con a da mallata; os quaes quinoes de leyras et de cassal son su signos de Santiago de Meylay et de San Lourenço d'Alveyros. Et reço de vos en preço por estas vençoese seteenta soldos desta moneda del rey don Fernando a quatro dineiros por cada tres soldos, de que soo ben pagado et entrego, et oblijo por min et por todos meus bees, mobelles et reys, gaanados et por gaanar, de vos façer senpre esta vençon de pas. Et faço iuramento a os santos evangeos que nunca contra esta vençon vena por min nen por outren, por raçon de engano, nen de meorydade, nen por outra raçon nenhuna que seia. Et desoie mays este dia seia fora do meu iur et do meu poder et metuda nos vossos.

Feyta a carta VIII dias de abril, era de mill et CC LXVI annos.

Testemoyas: Affonso de Moulfe; Pay Martines, correeyro; Affonso Martines, dito Maçaas; Domingo Peres de Pallares, correeyro.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo, dado pe-llo bispo dese meesmo lugar a esta vençon foy presente et outrosy foy presente quando este Fernan Peres, tangudos os santos evangeos, feço iuramento corporalmente, et esta carta escrivi et puge en ela meu signal en testemoyo de verdade. (+).

243

1328, abril, 22. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao clérigo do coro Afonso Pérez, a administración da Capela de San Pedro, correspondente ao mes de outubro; deberalles pagar catro pans aos cóngos, dous aos racioneiros, mais o viño, as terzas e a sobreposta.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 70v.

Era de mill et CCC LX<sup>a</sup> VI annos, XXII dias d'abril. Sabeam quantos esta carta viren commo nos dom Fernam Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo desse lugar, seendo no thesouro da iglesia de Santa Maria hu acustumamos de fazer cabidoo por campa tanguda, arrendamos a vos Affonso Peres Ianeyro, clerigo do choro, por en toda vossa vida, amiistraçon da capella de sam Pedro do mes d'outono, con todas suas pertenenças et dereyturas asi commo he uso et custume das outras rendas do cabidoo. Et avedes a dar a o coengo quatro paes, et dous a o raçoeyro, et pagar o vino et os terços et a sobreposta cada anno, que som LX moravedis, et çento et viinte et III<sup>a</sup> moravedis da sobreposta, et pagardes asi commo pagan das outras rendas do cabidoo. Et eu, Affonso Peres sobredito, reçoibo en min a dita renda, et obligo por todos meus bees de a pagar et comprir en todo commo sobredito he. Et demays douvos por fiadores: o dayam, don Fernan Aras, et Lopo Rodrigues, coengo, presentes et outorgaronse por fiadores. Et que esto seia certo et non venna en dulta, nos as partes sobreditas rogamos a Iacome Eanes, notario publico de Lugo, que fessesse ende esta carta.

Testemoyas que foron presentes: dom Fernam Aras, dayam; don Fernam Eanes, arcidiago de Neyra; don Fernam de Deus, chantres; Alvar Fernandes, archidiago; don Iohan Becerra, iuyz; don Pedro Savaschaes, thesoreyro, Lopo Rodrigues, coengo ts., et outros.

Eu Jacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy, et a rogo do dayam et do cabidoo sobredito esta carta en mia pressença fiz escribir et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 244

1328, xuño, 17. Lugo

*Miguel Eanes e a súa muller dóanlle ao bispo de Lugo dúas leiras e outras propiedades en Santo Estevo de Atán. Deseguido, o bispo afóralles estes bens a perpetuidade pola metade do pan e viño, a cuarta parte do liño e dous capóns anualmente.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/22, carta part. por a.b.c., perg. orix., gótica cursiva, 241x180 mm.

A..B..C.. Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Iohan por la gracia de Deus, bispo de Lugo, da huna parte, et eu Migeel Iohane d'Atan, morador en Souto, por min et por mina muller Maria Martines, da outra, fasemos entre nos tal vervo et preyto valedeyro pra sempre. Conven a saber que eu Migeel Iohanes por min et por esta mina muller sobredito dou et outorgo a vos, sennor obispo sobredito, et

a vossa iglesia de Lugo pra sempre, duas leyras de vina que son sub signo de Santo Estevo d'Atan, das quaes una iaz cabo a fonte da Casta cabo a leyra d'una herdade que foy de Migeel Dias, et a outra iaz a o Revoredo cabo a leyra de Maria Sanchez. Et outrosi vos dou quanta herdade esta mia muller, Maria Martines, ha et lle perteeçe et perteeçer deve en toda a friigresia sobredita de Santo Estevo d'Atan, chanta-da et por chantar, con suas iures et pertenenças peru quer que vaa, et una cassa que esta en Alvardeo, cabo a cassa de Pedro Iohanes et a todoa d'Alvardeo. Et nos dom Iohan, obispo sobredito, por nos et por nossa iglesia et por nossos successores, damos et outorgamos avervo a vos, Migeel Iohanes et a vossa muller sobredita, Maria Martines, et a todos aquelles que veeren en vossa voz pra sempre iamays estas leyras sobreditas et este herdamento que nos vos agora dades, et esta cassa con sues iures et pertenenças, a a tal condiçõn que vos et aquelles que veeren en vossa voz lavredes et paredes ben estas leyras et este herdamento sobreditos et cubrades et endereçedes esta cassa et a tenades cuberta et endereçada, et aproveytedes et chantedes estes her-damentos assi commo aproveytaren os outros da vinçindidade os seus, et dedes a nos et a nossos successores a meatade cada anno en salvo do vino et do pan que y lav-rardes, et aproveytedes ben o dito lugar, tirada a semente de que vos avedes a entre-gar. Et outrosi nos avedes a dar cada anno a quarta do lino que y ouver et todas las outras cousas, avedesnos a dar cada anno dous capoes çevados por dia de San Martino. Et nos, obispo sobredito, et nossos successores, devemos a quitar de toda moeda et de todo pedido segundo os outros nossos serviçaes. Et nos as partes sobre-ditas outorgamos todo quanto aqui escripto he et prometemos et obligamos por nos-sos bees et prometemos a a boa fe et por pea de çem moravedis desta moeda del rey don Fernado de o comprir et guardar commo sobredito he en todo, et de non pa-szar contra ello en ninhuna maneyra. Et que esto seia çerto et non venna en dulta rogamos a Pedro Iacome, publico notario de Lugo, que fecesse ende duas cartas en hun tennor partidas por a.b.c.

Que foron feytas en Lugo XVII dias de iuyo, era de mill et CCC LXVI annos.

Et foron presentes: don Pedro Ruyz, iuyz de Lugo; Iohan Fernandes; Iohan Fernandes, clerigo de Vaariz; Estevo Peres, clerigo de Santa Marina de Roosende; Fernando Rodrigues, vicino de Lugo; Pedro Eanes d'Atan, moordomo do bispo, et Affonso Peres, escrivan ts., et outros.

Et eu Pedro Iacome, publico notario de Lugo, presente fui et a rogo d'es-tas partes sobreditas fige escribir duas cartas partidas por a.b.c. et puge en cada hunha delas meu signal e testemoyo de verdade. (+).



*Nomeamento de comendeiro feito polo bispo don Xoán a favor de don Pedro Fernández de Castro en virtude do que este toma ao seu cargo a defensa dos dereitos da igrexa de Lugo e do seu bispo.*

CAÑIZARES: pp. 1007-1008, con referencia ao perg. orix. conservado entre os soltos: LUGO, AC, 285x290 mm.

RISCO: *ES*, t. XLI, p. 112.

Sepan quantos esta carta vieren como nos don Johan por la gracia de Dios, obispo de Lugo, por muchos defendimientos et ayudas que recibio esta iglesia de aquellos donde vos, don Pedro Ferrandes de Castro, venides et que esperamos recibir de vos, et otrosi por [natalesa] que nos et esta nuestra eglefia convusco avemos, damosvos la comienda de Lugo con todos sus derechos, por en toda vuestra vida, con tales condiciones que Ferrant Martines de Cortinnas, nuestro hermano o otro nuestro pariente, que sea nuestro vassallo que la tenga de vos. Et si el dito Ferrant Martines o el otro nuestro pariente non fuesse en esta tierra o en nuestro servicio que vos el dito don Pedro que la dedes a nuestro pedimento a uno de los nuestros vassallos que nos escollieremos del dia que vos lo demandemos a vos lo enbiamos demandar por nuestra carta fasta VIII dias. Et si por aventura fasta estos VIII dias vos non le diessedes la comienda a aquel que nos escollesemos segun sobredito es que nos que gela demos por vos et vos que lo ayades por firme et por valedero. Et si este comendero que vos pusieredes por tiempo, a nuestro pedimento, non obrasse bien en la dita comienda o non nos deffendiesse bien segun devia, que vos que seades tenuto, a nuestro pedimento, de nos dar otro commendero que nos escollieremos segun sobredito es, et que nos ayudemos et nos deffendamos con el cuerpo et con los parientes et con los amigos et con los vassallos, quando en nuestra orden for dado, todavia guardando servicio del rey. Et vos, don Pedro sobredito, que nos deffendades et nos ayudedes a deffender contra todos los del mundo que mal nos fisieren et tomaren nuestras rentas, et si quisieredes entrar en esta villa de Lugo que nos que vos acollamos con quatro cavalleros o escuderos, quales vos escollieredes, et con quatro ommes, otrosi assi que por todos sean ocho sin el vuestro cuerpo, et que sala de la villa cada que nos mandaremos, et vos et aquellos que entren convusco e la dita villa nos fagades pleyto et omenage de nonnos engannar nin nos forçar del sennorio et de la villa nin de las llaves nin de ninguna cossa que tanga al sennorio, mas que nos las guardedes et nos las fagades guardar bien et complidamente segun que la eglefia sempre ovo o lo devia aver, contra todos los del mundo, guardado siempre servicio al rey segun dito es, et aquellos cavalleros et escuderos que ovieran entrar en la villa convusco que nos fagan pleito et omenage et se tornen nuestros vassallos en quanto en la villa moraren. Et para esto conplir vos, don Pedro, nos fasedes pleito et omenage et juro sobre santos evangelios corporalmente tannidos et vos Alvar Sanches d'Ulloa et Pedro Menendes de [Gundris] et Gonzalo Sanches de Riba de Neyra et Menen Peres de Parraga pleito et omenage nos fasedes otrosi de conplir et

guardar todo lo sobredito. Et otorgamos a vos, Pedro Lopes de Rodeyro, que tomades este pleito por nos, obispo sobredicho, al dicho don Pedro et a los otros que ditos son. Et estas condiciones vos fasemos en quanto nos fueremos obispo deste logar et despues que la dedes a quien tovieredes por bien ge la [...]. Et yo el dicho Pedro do la comienda segun que vos sennor me la dades al dito Ferrnan Martines, vuestro hyrman, et juro sobre santos evangelios, corporalmente tannidos por mi, de conplir todo esto que en mio poder fore et de non venir contra ello en ningun tiempo.

Fecho fue esto en Lugo XV del mes de agosto, era de mill et CCC LXVI anos.

Estando presentes: Vasco Ferrnandes de Castanneda, et Vasco et Ferrant Lopes de Parraga, et Andres Peres, chantre de Armenta, et otros muchos.

Et yo Johan Gs., notario publico de la cibdat et del obispado de Lugo, a todo esto que dito es presente fuy et por mandamiento del dito sennor obispo et de don Pedro fis ende dos cartas partidas por a.b.c. en un tenor en las quales pusieron sus sellos et por mayor firmitade puse en cada una mio signo en testimonio de verdat.

## 246

1328, setembro, 1

*Maior Fernández vendelles a Dominga Pérez e ás súas fillas toda a súa herdade en Galegos e Vilamour, freguesías de Santiago de Saa e Santa Marta, por 250 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/23, perg. orix., galego, gótica cursiva, 156x124 mm.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta virem commo eu Mayor Ferrnandes, filla de Fernan Miguelles, selleyro, morador ena rua de Vermun Sanches, que foy, presente et outorgante meu marido, Iohan Martines, selleyro, de boo corraçon, vendo a vos, Dominga Peres dita Ramalla, enna meatade, et Affoso Ferrnandez et Aras Afoso, vosos fillos, et criados d'Affonso Ferrnandes Ramallo, de por meo na outra meatade, toda quanta herdade et voz eu aio et devo por aver en Gallegos et en Villa Moure et en seus terminos, con todas suas pertenenças et dereyturas, cassas et formaes, arvores et chantados, montes et fontes peru quer que vaan, assy commo a min perteeçe et perteeçer deven por suçeçon et erança de Fernan Miguelles, meu padre sobredito, sub signo de Santiago de Saa et de Santa Marta, sacado ende o quion de Maria Iohanes que veer en [...] este meu padre tragia. Et reço de vos en preço por esta vençon duçentos et cinquenta moravedis, a XI dineyros minus terça d'un por cada moravedi, da moneda del rey don

Fernando, que foy, de que me outorgo por ben pagada et entrega, et obligo por min et por todos meus bees para vos fazer esta vençon senpre de paz, desoie mays a aiades senpre en pas vos et vosa voz pus \vos/ todo o meu senorio et poderrio ende seia removudo et posto no vosso.

Feyta a carta de vençon primeyro dia de setembro, era de mill et CCC LXª et seys annos.

Et foron presentes: Affonso Peres, selleyro, Domingo Peres, freeyro, moradores ena rua de Vermun Sanches; Domingo Pellaes de Villa Moure; Pedro Eanes et Pedro Miguellas de Bedurgos ts., et outros.

Et eu Fernan Peres, notario publico de Lugo, presente foy et esta notei et scrivi et ponno y meu nome et meu signal e testemoyo de verdade. (+).

## 247

1328, setembro, 16. Lugo

*Acta notarial pola que Oliva Romina reconece o dereito de Tareixa Pérez sobre a cuarta parte da casa e cortiña que habita.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 68v.

Era de mill et CCC LXVI annos, XVI dias de setembro. En presenza de min Fernando Peres, notario publico de Lugo, et das testemoyas que adeante son scriptas, Oliva Romina, muller de Afonso Ferrnandes, confesou et diso que d'aquella cassa et cortina en que ela estava et morava que Thereyia Peres [savia] que avia en ella a quarta parte, salvo as dereyturas da iglesia de Lugo, a qual quarta parte de cassa et cortina disia que lle perteesçia por parte de sua madre, Thereyia Romina, da qual connoçença, Thereyia Peres iadita, con seu marido Domingo Eanes, que presentes estaban, pidiron a min notario sobredito que lle dese ende testemoyo de verdade.

Testemoyas que presentes foron: Iohan Afonso, mercador de Monforte; Afonso Rodrigues et Afonso Ferrnandes da rua Minaa; et Afonso Peres, sobrinno do dito Iohan Afonso, ts.

Et eu Fernando Peres, notario sobredito, que a esto presente foy con as ditas testemoyas et a pidimento das partes sobreditas esta carta fiz escribir et puge y meu nome et meu signal.

## 248

1328, outubro, 31

*Tareixa Pérez e Fernando Pérez véndenlle a Xoán Martíns parte da súa herdade en Suyllay e Milleirós, freguesías de San Lourenzo de Albeiros, Santiago de Meilán e Santiago de Saamasas, por 90 libras.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/24, perg. orix., galego, gótica cursiva, 165x280 mm.

Eno nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta viren commo eu Taraysa Peres, muller de Pedro Moordomo, pedreyro, que foy morador en Lugo, et eu Fernan Peres, fillo do dito Pedro Moordomo, con mina muller Mayor Fernandes, nos todos tres de boos curaçoos et de boas voontades vendemos para senpre a vos, Iohan Martines dito Maçaas, correeyro, morador ena rua da Coytellaria, et a vossa muller Mayor Peres et a vossa voç, todo ho herdamento et voç que nos avemos et devemos aaver en Suyllay et en Milleyros et en todos seus termynos, et con suas cassas et formaes, et arvores, et chantados, et con todas suas pertenenças et dereyturas, a montes et a fontes, peru quer que vaan su signos de Santiago de Sammassas, sacado ende duas oytavas semente de herdade, que vendemos a Pedro Domingues de d'Estiric, et a quarta parte da cassa nova, et sacado ende o quinon que a min Fernan Peres sobredito perteese de aver ena cassa de fondo. Et reçebemos de vos en preço por esta vençon noventa libras desta mone-da del rey don Fernando, a viinte et sete dineiros mynos terças dun por cada libra, das quaes libras sobreditas outorgamos por bem pagados et entregos, et renunçiamos a excepçom das ditas libras non contadas, nen reçebudas, nen avudas que a non possamos diçer nen alegar. Et outrossy renunçiamos a lee que dis que o notario et as testemoyas deve a veer fazer a paga et contar a aver que a non possamos diçer nen alegar por nos nen por outren en iuyço nen fora del. Et obligamos por nos et pos todos nossos bees, mobelles et rays, gaanados et por gaanar, de vos façermos senpre de pas esta vençon a todo tempo, et espiçialmente vos-la obligamos a faser de pas et de livrar et dessenbargar de toda obrigaçon et supynoramento et vençon que nos d'ella ouvessemos feyto en qualquer maneyra ata aqui po-lla nossa cassa que nos avemos en rua Nova, a qual vos teedes entrada, a qual cassa esta entre a cassa en que mora Pedro Aras, carniçeiro, da unna parte, et da outra parte esta a cassa en que mora Affonso Eanes, et mandamos que o espiçial non enbargue o geeral, nen o geeral o espiçial, et mays que por todo tenades et aiades ata que vos fasamos de pas et vos dessenbargarmos et livramos esto que vos vendemos de toda obrigaçon et supynoramento et vençon que nos dela ouvessemos feyto ata aqui segundo sobredito he. Et dessoie mays este dia avedeia senpre en pas vos et toda vossa voç pus vos todo nosso poderio et seniorio ende seia sacado et removido et metudo enos vossos.

Feyta a carta da vençon postremeyro dia de outubro, era de mill et CCC LXVI annos.

Testemoyas: Iohan Muniis, mercador; Martim de Ramay, Pedro Aras et Pedro Eanes, carniçeyros, et outros ts.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo, dado pe-llo bispo desse miissimo lugar a esto commo dito he foy pressente et esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 249

1328, outubro, 31

*Tareixa Pérez confirma a venda que o seu fillo, Fernán Pérez, lle fixo a Xoán Mazaos de herdades e casas en Suyllay e Milleirós.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 C/25, perg. orix., galego, gótica cursiva, 214x104 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Tereyia Peres, muller de Pedro Moordomo, pedreyro, que foy de Lugo, outorgo et aio por firmes et por estavelles para senpre todallas vençoes dos herdamentos et cassas que Fernan Peres, meu fillo, feço a vos Iohan Maçaas, correeyro, et a vossa muller Moor Peres, en qualquer maneira que vo-llas el feçesse et vendesse, en Suylay et en Milleyros et en todos seus termynos et alur hu quer que vo-llas el fesesse, et renunçio et prometo en boa ve/ que nunca contra ellas vena nen passe, nen contra cada una dellas por min nen por outren, en iuyço nen fora de iuyço. Et se contra ellas ou contra cada una dellas veer ou passar, por min ou por outrem, mando et outorgo que me non valla nen seia oyda sobr'ello, nen aproveyte a min nen enpeesca a vos. Et que esto seia çerto roguey a Aras Peres, notario publico de Lugo, que fesesse ende esta carta.

Que foy feyta postremeyro dia d'outono, era de mill et CCC LXVI annos.

Testemoyas: Iohan Muniis, Fernan Eanes de Meylay, Pedro Aras et Pedro Eanes, carniçeyros, et outros ts.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo, dado pe-llo bispo desse miissimo lugar, a esto pressente foy pressente (sic) et esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 250

1328, outubro, 31

*O bispo don Xoán establece que o deán e os demais compoñentes do Cabido non poidan dar sentenzas de excomuñón e suspensión.*

MADRID, *AHN*, Cód. 1042 B, fol. 65r.

In nomine Sancte et individue Trinitatis Patris [...]ecens est rationi consonum illos honoris et gratie prerogativa gaudere quos Dei misericordia sciem donnis [...] idcirco nos Iohannes, Dei et sacrosante Romane sedis gratia, lucensis episcopus, considerans et atendens decanum, archidiaconos, canonicos aliosque in nostra lucensis ecclesia prebendatos in nostra nostraque lucensis ecclesie servicio quantum ipsorum permittit possibilitas laborare et dicte nostre lucensis ecclesie in spiritualibus et temporalibus prout ad ipsorum spretat officia deservire, volentes cum ipsis benigna agere ut tenemur ac gratiam facere specialem ipsorum supplicationibus inclinati de ipsorum consensu et assensu expresso hac perpetua constitutione et compositione inviolabiliter et perpetuo observanda. Statuimus ut decanus, archidiaconi et alii in nostra cathedrali ecclesia beneficiati pro debitis contratibus et quibuscumque aliis obligationibus non possint de cetero per nos nec per vicarium seu vicarios nostros, seu per alium vel alios nomine nostro nec suo, nec per litteras nostras nen suas excommunicationis nec suspensionis sententia seu sententiis [innodari] quia nos quantum ad hoc nostrarum restingimus [...]tem nec ecclesias suas et loca aliquatenus interdicti, dum modo ipsis seu ipsorum alteri alia bona \quod infra diem tertium estendere deberit/ inveniant per quod possint querelantibus si qui fuerint facere iusticie complementum. Si vero pro predictis debitis contratibus et obligationibus in decanum, archidiaconos et alios in dicta nostra lucensis ecclesia prebendatos seu ipsorum alterum per nos seu per vicarium vel vicarios nostros seu per predecesores nostros vel vicarios suos, seu per literas nostras vel suas excommunicationis seu suspensionis sentencie flu/erunt hactenus promulgate. Nos ipsos et ipsorum quilibet a predictis sententiis et ipsarum qualibet ad cautelam absolvimus et absolutos denunciamus atque etiam declaramus sentencias si qui in decanum, archidiaconos et alios sepefatos usque ad hoc tempora fuerunt promulgate nullas esse decernimus, immo eas cassamus, annullamus, irritamus, cassas nullas et irritas nuntiamus. Praeterea si contingat nos seu vicarium vel vicarios nostros in decanum et predictos alios seu ipsorum alterum suspensionis vel excommunicationis sententias promulgare, nos ipsas nullas esse decernimus et dictos decanum et alios per ipsas nullatenus innodari. Constitutione et compositione predictis nihilominus inventibus in sui roboris firmitate.

Era millesima CCC LX<sup>a</sup> sexta, ultima die mensis october, fuit supradicta constitucion et composicion per dictum dominum episcopum in mei, infrascripti notarii, et subscriptorum testium presenciam aprobata.

Presentibus: Didace Fernandiz, archidiacono de Deçon; Aria Pelagii, canonico; Andrea Petri, Petro Fernandi, Johanne Didaci, clericis cori lucensis; et aliis testis ad promissa.

Et ego Iacobus Iohannis, notarius lucensis predictis, rogatus presens fui et dicta constitutione et composicione in mei presentia scribi feci et signum meum

consuetum apposui in testimonium promisorum et consent mihi de emedadura super linea ondecima ibi qui infra dien[...] ostendere debet. (+).

## 251

1329, abril, 5

*Intercambio de propiedades entre o Cabido de Lugo e Vasco Pérez do Campo.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 2r, traslado polo notario Rui Fernández: 1335-V-13; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 2.

Sabeam quantos esta carta viren, commo nos don Fernan Aras, dayam dayam (sic) de Lugo, et o cabidoo desse miismo lugar seendo iuntados en cabidoo enno the-souro per canpaa taniuda commo he acostumbrado desse fazer cabidoo, con outorgamento dos coengos do aniversario, façemos tal escanbeo con vosco Vaasco Peres de Canpo, valedeyro para senpre, conven a saber que vos damos a nossa quarta parte do portal de fondo da nosa casa do Campo, que esta contra a casa da capella de San Migeel, da huna parte, et da outra parte iuntase con outra vosa casa. Et outrosy vos damos et quitamos para senpre todo o aniverssario que nos avemos en esta nosa casa sobredita donde quer et de quen quer que o nos en ella aiamos gaanado et por qual maneira quer, que aiades livre et quito para senpre por iur derdade para vos et para toda vossa voz. Et eu, Vaasco Peres sobredito, por esta escanbea dou a vos os sobreditos, dayan et cabidoo et coengos d'aniversario, por min et por meus yrmaos a leyra de Trasval, que foy de Maria Rodrigues, minna madre, et que-lle caeu por sua partiçon, que iaz entre los caminos: hun camino que vay para o Castineiro et outro para Alveyros; a qual leyra fere de testa da huna parte en hun dos ditos caminos, et da outra testa no outro, et da huna das ylargas ias outra leyra do casal de Bedurgos, et da outra ylarga cabo outra leyra do casal de Romae que eu, Vaasco Peres, agora tenno avervada do casal dos aniversarios, a qual leyra eu tenno en herença por min et por meus yrmaos. Et se vos esta adra quiseren demandar ou enbargar ou entrar algun dos meus yrmaos que eu que vos de et perfaça outra tanta herdade simil desta en esta agra de Trasval. Et este escanbeo façemos que seia valedeyro para sempre entre nos as partes sobreditas. Et obligamos per nos et per todos nossos bees de nos façermos estes escanbeos de pas huuns a os outros de quenquer que os enbargue. Et demays nos as ditas partes renunçiamos et prometemos en boa fe que nunca contra esto venamos per nos nen per outren, en juyço nen fora del, et se contra ello quissemos viir mandamos et outorgamos que nos non valla nen seiamos sobrelo oydos en iuyço nen fora del. Et que esto seia çerto et non vena en

dulta nos, o dito dayan et cabidoo, mandamos desto fazer duas cartas en hun tenor partidas por a.b.c. et mandamoslas seellar de nosso seello pendiente.

Que foron feytas V<sup>e</sup> dias d'abril, era de mill et CCC LX<sup>a</sup> et sete annos.

Testemoyas: don Fernan Aras, dayan; don Fernan Eanes, archidiago de Neyra; don Aras Peres, thesoreyro de Lugo; Aras Pellaes, Affonso Gomes, Alvar Dias, coengos de Lugo; Affonso Eanes et Iacome Affonso, raçoeyros da dita iglesia; Affonso Rodrigues, Francisco Guillelmes, Andreu Peres, Affonso Gomes, Affonso Aras, Affonso Peres, coengos d'aniverssario, et outros moytos ts. Et por mayor firמידue nos os ditos rogamos a Garçia Affonso, notario publico de Lugo, que escrivise estas cartas et possesse en cada huna dellas seu signal en testemoyo de verdade.

Et eu Garçia Affonso, notario sobredito, por rogo das ditas partes escriví esta carta et puge y meu signal.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, dado pe-lla auctoridade do bispo dese miismo lugar vi a carta sobredita escripta en pulgameo de coyro enno tenor sobredito et signada con signal de Garçia Affonso, notario sobredito, segundo por ella pareçia, et a rogo do sobredito cabidoo et por mandado et auctoridade de don Pedro Iacome, juys de Lugo, vervo por vervo a dita carta en este libro do cabidoo trasladey et en este traslado puge meu signal en testemoyo de verdade.

Que foy feito en Lugo XIII dias de mayo era de mill et CCC LXX III annos.

Testemoyas: don Aras Pelaes, thesoreyro; don Fernan de Deus, chantre; Iohan Fernandes, coengo, ts.

## 252

1329, xuño, 3. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Xoán Miguez e a unha voz un soar en Palas de Rei por cinco marabedis anuais e a obriga de construír unha casa.*

MADRID, *AHN, Cód. 1042 B*, fol. 67r.- *Cód. 416 B*, fol. 107v-108r, incluída en: 1358-VII-2.

Era de mill et CCC LX<sup>a</sup> et sete annos. Sabeam quantos esta carta virem commo nos o dayan et cabidoo da iglesia da iglesia (sic) de Lugo, damos et aforamos a vos, Iohan Migueles de Palas de Rey, alfayate, et a vosa muller Mayor Peres, et a huna pesoa qual vos en vida ou a voso pasamento o postrimeyro de vos nomear para esto, a nosa praça de huna casa que esta enno burgo de Pallas de Rey no Caminno Françes que he desta nosa iglesia; a qual casa esta en dereyto d'una casa que he do moesteyro de Vilar de Donas, a a tal pleyto et vervo conven a saber: que vos os ditos, Iohan Migelles et vosa muller sobredita, façades en esta



praça huna casa de paredes et con seus portaes et con seus sobrados semellavel a as outras casas que estan en ese burgo cabo dela; et esta casa avedes de fazer deste San Johan que ora ven a hun anno primeyro que se segue da era desta carta. Et avedes a dar cada anno vos et a dita persoa cinco maravedis, d'oyto soldos o maravedi, desta moneda del rey don Fernando, por cada dia de Santi Spiritus en Lugo en salvo a aquel que ouver de recadar os aniversarios da iglesia de Lugo por nos. Et a morte de vos et da dita pesoa devedes a leyxar esta cassa livre et quita con todo-llos boos paramentos que en ella foren feytos a iglesia sobredita. Et eu, Iohan Miguelles por min et por Mayor Peres, minna muller et por la pesoa que para esto for nomeada, outorgo et obliigo todos meus beens et de fazer et comprir esto commo sobredito he. Et que esto seia certo et non venna en dulta nos as partes sobreditas mandamos a Fernan Peres, notario publico de Lugo, que feçese ende duas cartas en hun tennor.

Presentes foron: don Fernan Aras, dayam; don Pedro Ruys, juys; don Diego Fernandes, archidiacono de Deçon; Aras Pellaes, coengo de Lugo; Afonso Eanes, raçoeyro; Nuno Pellaes, clerigo; Pedro Miguelles, Afonso Gayo, Domingo Eanes, Françisco Guillelmes, coengos do aniversario; Fernando Aras, procurador, testemoyas.

Et eu Fernan Peres, notario sobredito, a esto presente foy et esta carta scrivi et puge meu nome et meu signal. (+).

## 253

1329, agosto,[...] venres. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Martiño Eanes, á súa muller e a unha voz o casal de Soñariño pola metade ou o terzo do labrado, 30 soldos e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 69v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Areas, dayam de Lugo, et o os homes boos do cabidoo desse misssimo lugar, damos a vos, Martin Eanes de Sonarino et a vosa moller Elvira Peres, por en vossos dias d'anbos et d'una pesoa a pus vos qual o pustrimeiro de vos nomear en vida ou en morte, o nosso casal de Sonarino que Pedro Suarez, que foe, leixou a os aniverssarios, con todas suas dereyturas et pertenenças, a a tal vervo que vos et a pesoa sobredita que pus vos veer, que tenades esto dito casal [segundo] dito he, et que o lavredes et paredes bem, et que façades y das arvores. Et que dedes del cada anno a o que tener os aniversarios, a meatade de quanto y lavrardes, se vos deren semente, et se vos non deren semente dardes o terzo do que Deus der, salvo por nabos et por lino et por

fruyta porque avedes a dar cada anno triinta soldos da moneda branca del rey don Fernando, por foros; et manteerdes as casas en boo estado, et façerdes y outra enno lugar, et seerdes vasallos serventes et obedientes a iglesia de Lugo, et seerdes defesos commo os outros serviçaes da iglesia de Lugo. Et a a morte da pustrimeyra pesoa avedes a leyxar o dito lugar livre et quito a os aniversarios con todos seus boos paramentos, et con hun boy et con huna vaca et con huna porca et con quatro rexellos de pobro, et con huna mea terça d'erdade semente sacada de monte. Et que esto seia çerto rogamos a Ruy Vaasques, notario publico de Lugo dado pela octuridade do bispo desse mesmo lugar, que nos faça ende esta carta.

Que foy feyta quinta feyra [...] dias d'agosto, era de mill et CCC LXVII annos.

Que presentes foron: o dito dayam, don Diego Fernandes, arçidiago de Deçon; don Pedro [Ruyz], don Aras Peres de Parega, thesoreyro; Arias Pelaes, Afonso Gomes, o chantres d'Armetia, Alvar Diaz, Pedro Arias, coengos de Lugo.

Et eu Ruy Vaasquez, notario sobredito, escrivi et puge y meu sinal. (+).

## 254

1329, outubro, 2. Lugo

*O Cabido dóalles a Xoán Fernández e á súa muller medio soar na rúa lucense do Carballal e recibe a cambio propiedades en Santiago de Meilán.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 67r.

Era de mill et CCC LXVII annos, dous dias d'outubre. Sabeam quantos esta carta viren commo nos o dayan et cabidoo da iglesia de Lugo, da huna parte, et eu Johan Fernandes, pedreiro da obra dessa iglesia con Tereyia Peres mina moller, da outra, fasemos entre nos tal escambea valledeyra por senpre. Conven a saber que nos dayan et cabidoo damos et outorgamos a vos, Johan Ferrnandes et a vossa moller Tereyia Peres, para senpre por jur de herdade, a meatade d'un formal de huna casa que he na çibdade de Lugo ena rua do Carvallar sub a capela de San Marco, con todas suas pertenenças et dereyturas; do qual formal a outra meatade he de Pedro Savaschaes, lavrador, da porta de San Pedro et de seus fillos; et ias da huna parte a casa de Lopo Rodrigues, que foy do Carvallar, et da outra casa que he de vos o dito Iohan Ferrnandes. Et eu, Iohan Ferrnandes con mina muller Tereyia Peres, damos et outorgamos a vos, dayan et cabidoo sobredito, para senpre por iur de herdade o nosso herdamento et vos que avemos en Castro et en Meyllay peru quer que vaa, a monte et a fonte, no casal que foy de Pay Suares, sub signo de Santiago de Meylay; a qual herdade a nos perteeçe por Maria Domingues, madre de min Tereyia Peres

sobredita; et vos avemos a perffaser d'una mea oytava semente de herdade a cada mao et mays se o avemos en esta vos deste casal de Pay Suares sobredito. Et cada hun de nos as partes prometemos et obligamos a faser senpre de pas estas cousas sobreditas de que fasmus esta escanbea commo sobredito he por todos nossos bees. Et que esto seia certo et non venna en dulta rogamos a Fernando Peres, notario publico de Lugo, que faça faser desto duas cartas en hun tenor, et ponna en cada huna delas seu nome et seu signal en testemoyo de verdade.

Testemoyas que presentes foron: don Fernando Aras, dayan; don Pedro Ruys, juys; don Diego Ferrnandes, archidiacono de Dezon; Ares Pellaes, Andres Peres, Alvar Ferrnandes, coengos de Lugo; Fernando Ares, clerigo do coro et procurador dos aniverssarios, et outros.

Et eu Fernan Peres, notario publico de Lugo, chamado et rogado presente foy a esto commo dito he, et esta carta fige scrivir et puge meu nome et meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 255

1329, outubro, 12. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Vasco Rodriguez e a unha voz o casal de Lagoa, en San Fiz de Muxa, por tres terzas de pan anuais e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 26r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, estando iuntados en cabidoo enno coro desa iglesia de Lugo sengundo avemos de uso et de custume con outorgamento de don Aras Pellaes, thesoreyro da dita iglesia de Lugo, avervamos a vos, Vasco Rodriguez, fillo do mestreescola don Rodrigo Alvarez, et a huna pesoa semellavele de vos qual vos nomeardes en vosa vida ou en voso testamento pus vos, o noso casal dos aniversarios, o qual casal tina de nos don Aras Pellaes, thesoreiro de Lugo. Conven a saber o casal da Lagea que he sub signo de Sant Fiis de Muya, et avedesnos a dar cada anno por lo dito casal tres terças de pan, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, et home que en este casal morar ha seer vasalo servente et obediente da iglesia de Lugo, et ha a seer quito das monedas et dos outros peytos asi commo os outros serviçaes da iglesia de Lugo, et se este casal sobredito mays valuer que esta quantia destas tres terças sobreditas damos-volas de gracia que as tenades de nos en prestamo en vosa vida et da dita pesoa que nomeardes en vosa vida ou en voso testamento pus vos por moyto serviço et ajuda que nos senpre fezestes et prometedes a fazer a a iglesia de Lugo. Et a voso finamento et d'aquella pesoa que vos nomeardes, asi commo dito he, deve este casal sobredito, commo

quer vo-lo ora damos desprovado, ha de ficar provado d'un boy et de huna vaca et de cinco rexelos et de huna porca. Et avedes endereçar as casas et refaçe-las et tirar as herdades hu iouveren mal paradas en quanto vos poderdes; et este casal sobredito ha a ficar livre et quito con todos los boos paramentos que vos en el festerdes, et aquela pesoa que vos nomeardes de pus voso finamento, a a iglesia de Lugo. Et prometemos a a boa fe de non viir contra esta renda por min nen por outren. Et nos os ditos dayan et cabidoo quitamos a vos o dito thesoreyro o vervo que nos tinamos feito do dito casal, et damos-lo por quito por quanto o avervamos a o dito Vasco Rodrigues commo dito he, que vos non posamos demandar por razon deste vervo en nehun tempo a vos nen a vosos bees. Et eu, o dito Vasco Rodrigues, que estou presente asi recebo de vos, o dito dayam et cabidoo, o dito casal, et obligo meus bees para pagar a dita renda et comprir todo o que sobredito he. Et que esto seia certo rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que fezesse desto duas cartas tal huna commo outra.

Que foron feytas XII dias d'outono, era de mill et CCC<sup>os</sup> LX<sup>ta</sup> et VII annos.

Testemoyas: Fernan Eanes, Pero Fernandes, Iacome Afonso, Pedro Migueles, clerigos do coro de Lugo; et Iohan Peres, coengo d'aniversario; don Fernan de Deus, chantres; don Pedro Iacome, iuyz; Afonso Gomes, Pedro Aras, Vaasco Dias, Vaasco Rodrigues, Iohan Fernandes, Andres Peres, coengos ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, dado por auctoridade do bispo dese miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presenza fiz escrivir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 256

1329, novembro, 2. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle ao deán os casais pertencentes aos aniversarios en Ulloa e as tres cuartas partes do couto de Maceda por 60 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 67r.

Era de mill et CCC LXVII annos, dous dias de novembre. Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo de Lugo seendo aiuntados eno thessouro de Lugo como acostumado en cabidoo por campaa tanguda, arrendamos a vos don Fernando Ares, dayan de Lugo, deste San Johan primeiro que ven da era desta carta, por en todos vossos dias, todos los casares que nos avemos por razon dos aniversarios en Ulloa, et con as III quartas do couto de Mazeeda et da iglesia que he en Hulloa, a tal pleito, conven a saber que vos que os paredes ben, et

nos dedes deles cada anno por renda LX maravedis desta moneda que corre, et pagardesnos-los en Lugo en salvo: a meatade por Natal, et a outra meatade por Pascoa; et a vosso passamento deve afficar esta renda livre et quita a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que en ela foren feitos. Et eu, o dito dayan, assi o outorgo et obligo por min et por todos meus bees a comprirlo en todo como sobredito he.

Os que presentes foron: don Fernando Ares, dayan; don Pedro Ruys, juys; don Diego Ferrnandes, archidiacono de Dezon; Aras Pelaes, Andres Peres, Alvar Ferrnandes, coengos de Lugo; Fernando Ares, clerigo do coro et procurador dos aniverssarios, et outros.

Et eu Fernan Peres, notario publico de Lugo, chamado et rogado presente foy [a esto commo dito he, et esta carta fige] scrivir et ponno meu nome et meu signal. (+).

## 257

1330. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao arcediago de Dozón a administración de marzo por 310 marabedis anuais e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 68r.

Era de mill et CCC et LXVIIIº [...]. Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Fernan Arias, dayam [de Lugo, et o cabidoo] dese mesmo lugar, seendo juntados no tesouro por campaa tanguda segundo he huso et [custume], arredamos a vos don Pedro Royz, archidiago de Deçon, amistraçon do mes de março, asy commo he huso et costume das outras rendas do cabidoo, por en toda vossa vida. Et avedesnos de dar por ella cada ano treçentos et dez maravedis, da moeda branca del rey don Fernando, que façen oito soldos o moravedi; et avedellos de pagar commo se deven de pagar as outras amistrações da yglesia de Lugo; et avedes de teer a mas dar IIIIº paes a o coengo et hun quartillon de vinno et CXXIIIº maravedis da sobreposta; et non devedes a descontar grando nen geadá nen rouba nen toma, salvo de rey ou d'infante ou de ricome que tenna o condado, ou de meirino mayor del rey. Et eu, archidiago sobredito, obrigo min et todos meus beens de pagar et comprir commo sobredito e, et demais douvos por fiador a Johan Ferrnandes, raçoeiro, el presente et outorgante.

Testemoyas: don Fernan Aras, dayam, don Dyego Ferrnandes, archidiago de Neira; don Fernan de Deus, chantres, o chantres d'Armentia, o thesoreyro, Lopo Rodrigues, Aras Pellaes, Afonso Gomes, Alvar Dias, Fernan Afonso, coengos.

Eu Jacome Eanes, notario publico de Lugo, a todo esto presente foy et a rogo do dayam et cabidoo sobredito esta carta escrivi et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 258

1330,[...], 8 sábado. Lugo

*Cláusula testamentaria de Pedro Fernández do Campo.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 67v.

Era de mill et CCC LXVIII<sup>o</sup> annos, sabado VIII<sup>o</sup> dias [...], notario publico de Lugo, et das testemoyas que a jusso son escriptas, vy et lii un testamento de Pedro Fernandes do Canpo [...] segundo en el apariçia, et sinalado con seu signal, o qual testamento se começava asy: «Inno nome de Deus [...] que son tres pesoas et un Deus. Sabam quantos este testamento viren et oyren commo eu, Pedro Fernandes do Canpo, de grave infirmitade agraveado pero con todo meu sisso et con todo meu entendemento, qual mo Deus quiso dar, faço meu testamento en esta maneira. Primeiramente mando mia alma a Deus que ma meteu no corpo cuia he etc...», et fiiciasse assy: «et este he os testamento pustrimeyro que eu, Pedro Fernandes, faço et que mando que valla para senpre, et se outros testamentos alguuns ha feytos ante d'este revogoos todos et mando que non valla se non este», et iacian en el por testemoyas [...] Stevoo, coengo de Lugo, Fernando Alvares et Iohan Rodrigues, raçoeyros de Lugo; Afonso Martines, cavalleyro; Alfonso Aras de Burgo Novo, Aras Peres da Crus, Lopo Rodrigues, alcayde; Aras Perez, capellam do bispo. Et fora feyto segundo en el appareçia sete dias d'agosto, enna era de mill et CCC XL<sup>a</sup>IX annos. Enno qual testamento se continna entre las outras cousas: «Et mando a a eglesia de Santa Maria a meatade d'una casa que esta na rua dos Clerigos, a qual casa foy d'Orraca changada, et esta meatade desta casa mando por aniversario, et por consintemento de mina muller, Maria Rodrigues, que ay a sua meatade.

Eu Jacome Eanes, notario sobredito, vi o testamento sobredito o qual non era raso nen cancellado nen entrelinado nen en outra parte de sy sospeito, et por mandado et por autoridade de don Diego Fernandes, archidiago de Deçon, vigario geeral do moito onrrado padre et sennor dom Ioha por lla gracia de Deus, obispo de Lugo, que o viu leer todo et o asentou dillegentemente, de vervo a vervo en presenza das testemoyas subscritas fige escribir et tirar esta clausula sobredita, nenuna cousa encaduda nen mudada por que se a sustancia da verdade podese mudar. En este traslado que foy del tirado puge meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

Que foy tirado era et dia sobreditos. Presentes foron: o chantre d'Armentia, Alvar Dias, coengo; Iohan Dias et Pedro Fernandes, coengos d'aniversario, et outros. (+).

## 259

1330. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlles a Gonzalo Sánchez, á súa muller e a unha voz os casais de Carude e Quintá, en Tuimil, por 70 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 66v.

Era de mill et CCC LXVIIIº annos et quotum XVI [...] que adeante son escritas. Don Fernan Aras, dayan de Lugo, et o cabidoo desse arrendamos a [Gonçalvo Sanches] et a sua muller Maria Lopes, et a huna pessoa qual o pustrimeyro delles nomear por en todos seus dias o casal de Carude [...] o casal de Quintaa que he en Tuymir, con suas pertenenças et dereyturas, a a tal pleyto que os ditos, Gonçalvo Sanches et a dita sua muller et aquela pessoa que for nomeada como dito he, que lavren et paren ben os ditos casares, et façan as casas delles et as mantenan feytas et en boo estado et den cada anno en salvo a o cabidoo de Lugo setaenta moravedis da moneda branca del rey don Fernando, a meatade por dia de Nadal et a meatade por dia de kallendas mayas; et non o comprindo asy commo dito he Goçalvo Sanches outorga que este vervo et renda que non valla et se tornen no cabidoo os ditos casares sen condiçion ninguna, et demays por sy et po-lla dita sua muller renuncia todo quanto dereyto en estos casares ha, et demays da por fiadores nos ditos setaenta moravedis et por deveedores a cada un po-llo todo a dom Aras Peres, thesoreyro de Lugo, et a Lopo Rodrigues, coengo desse lugar, estes fiadores presentes et outorgantes et obligan por sy et por seus beens, et specialmente por-lla sua raçon das coençias, de o compriren asy. Et logo este Gonçalvo Sanches sobredito en presenza de min, notario iadito, et das testemoyas que a fondo estan escritas, quitouse a o cabidoo et a os aniversarios da eglesia de Lugo da plaça que o chantres, don Aras Ferrnandes, avia na pobra de San Jullao, con todas suas erdades et dereyturas et pertenenças a montes et a fontes, et alur u quer que fossen et que a dita plaça perteeçessen, et renuçiou todo quanto dereyto en ella avia que nunca por sy nen por outro o podesse demandar en iuyço nen fora del, et si o pe-lla ventura demandasse el ou outro por el que non fosen sobre ello oydos, et por raçon dos aniversarios a que perteeçia, ficou a tee-la en sua vida et dar d'ella cada anno çent moravedis da moneda del dom Fernando, a os aniversarios ou a aquel que os procurasse cada dia de Nadal. Et para esto comprir assy deu por fiadores et por deveedores sub obrigaçon de seus beens os sobreditos, thesoreyro, et Lopo Rodrigues, coengo, elles presentes et outorgantes.

Feyto foy esto era et dia sobredita presentes foron don Fernando Aras, dayan de Lugo; don Diego Ferrnandes, archidiacono de Deçon; don Pedro Ruys, juys; don Aras Peres, thesoreyro; Andres Peres et Alvar Dias, Lopo Rodrigues,

Pedro Aras, Aras Peláez, coengos; Andreu Peres, Pedro Migueles, Domingo Eanes, Francisco Gilelmes, Fernando Aras, Iohan Peres, Iohan Dias, Affonso Rodrigues, Affonso Peres, coengos de aniverssario, et outros.

Eu Jacome Eanes, notario sobredito, a esto pressente foy et a rogo do dayam et do cabidoo et do dito Gonçalvo Sanches esta carta fiz escribir en mina presenza et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 260

1330. Lugo

*O deán lucense nomea fiador na renda dos casais de Vilarpunteiro a Fernando Arias, clérigo do coro.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 66v.

Era et dia sobredito en presenza de min Iacome Eanes, notario sobredito, dom Fernan Aras, dayan de Lugo, da por fiador et devedor a Fernan Aras, clerigo do coro de Lugo, que el page cada anno por dia de Nadal sesaenta moravedis, d'oy-to soldos o moravedi, da moneda del rey don Fernando, a Aras Peláez, coengo de Lugo, et Affonso Eanes, raçoeyro desse lugar. Este fiador presente et outorgasse por fiador. Conven a saber que estes sobreditos sesaenta moravedis son da renda dos casares de Villar Ponteyro que o dayan arrendou a os ditos Aras Peláez et Affonso Eanes por estos dez annos compridos da era et dia desta carta.

Testemoyas que presentes foron: Andreu Peres, Rodrigo Vaasques, Pedro Eanes, Iohan Dias, Affonso Rodrigues, coengos de aniversario.

Eu Jacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy, en mina presenza esta carta fiz escribir et puse en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 261

1330, febreiro, 18. Lugo

*Dona Xoana Pérez dóalle á igrexa de Lugo 12 soldos anuais, que recibirán por unha casa situada en Vico de Campo, Lugo.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 66r.



Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LX<sup>a</sup> VIII<sup>a</sup>, XVIII<sup>a</sup> die mensis februarii. Donna Iohanna Petri, uxor quondan Petri Cipriani de Vico Novo, pro anima sua et cuiusdam hominis cui teneret, dat et assignat ecclesie lucensis XIIcim solidos, monete domini regis Fernandi, annuatim, habendos pro medietate cuiusdam domus qui est in civitate lucensis in vico de Campo, quam medietatem ipsam emit a Maria Guillelmi, per quam domum canonici eiusdem ecclesie habent XXX<sup>a</sup> solidos annuatim.

Testis: donno Didaco Fernandi, archidiacono de Deçon; Alffonsus Gomecii, Aria Pellagii, Alvaro Didaci, Petro Arie, canonicis lucensis; Iohann Petri, Petro Fernandi, Petro Michaeli, Iohanne Didaci, clericis chori lucensis, et aliis ts.

Ego Petrus Iacobi, porcionarius et notarius lucensis, interfui et scribi feci et signum meum apposui. (+).

## 262

1330, maio, 11

*Afonso Pérez, clérigo do coro de Lugo, comprométese a cumprir as condicións coas que lle foi arrendada a administración de outubro.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 2r, traslado ao Libro do Cab. polo notario Rui Fernández.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Affonso Peres, dito Ianeyro, clérigo do coro de Lugo, outorgo et oblige per todos meus bees a pagar et comprir a o dayan et cabidoo de Lugo a amiistraçon do mes de outubro segundo o estatuto novo et as condiçoes por que me foy arrendada quando a leyxou Rodrigo Affonso de Saavedra, et se conten enno livro do cabidoo. Et demays para esto conprir dou por fiador Fernan Affonso, coengo de Lugo, presente et outorgante. En testemoyo da qual coussa rogo a Pero Iacome, publico notario de Lugo, que faça desto faser hun publico instrumento en testemoyo de verdade.

Que foy feyto onse dias de mayo, era de mill et CCC LX<sup>a</sup> et oyto annos.

Et foron presentes: don Fernando Aras, dayan; don Pedro Royz, iuus; Aras Pelaes, coengos; Affonso Eanes et Iohan Ferrnandes, raçoeyros de Lugo; Pero Migueles et Pero Ferrnandes, clérigos do coro de Lugo ts., et outros.

Et eu Pedro Iacome, sobredito et publico notario de Lugo, rogado presente foy et de commo por ante min pasou fige ende escribir esta carta et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, vi a carta sobredita escripta enno tenor, signada de signal de Pedro Iacome, notario sobredito, et a rogo do dayan et cabidoo sobredito vervo por vervo en minna presença en este libro do cabidoo fiz trasladar.

## 263

1330, maio, 12. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao cóengo de aniversario, Afonso Rodríguez, unha casa por 60 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 68v.

Era de mill et treçentos et LXVIII<sup>o</sup> annos, XII dias de maio. Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Fernan Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo desse lugar, estando iuntados no cabidoo eno thessouro de Lugo segundo he usso et custume, arrendamos a vos Affonso Rodrigues de Burgo Novo, coengo de aniverssario, a cassa en que soya morar Garçia Affonso, a qual he dos aniverssarios, por LX moravedis cada anno, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Fernando; et a os de pagar segundo se pagan as outras cassas da villa; et este dito Affonso Rodrigues a as de refaser et mantee-llas en booo estado. Et esta renda sobredita vos façemos por en todos vossos dias et a vossa morte deve afficar esta cassa livre et quita a os aniverssarios cuia he, con todo-llos boos paramentos que vos y teverdes feytos. Et que esto seia çerto et non vena en dulta rogamos a Jacome Eanes, notario publico de Lugo, que faça ende huna carta.

Testemoyas: dom Fernan Aras, dayam; don Diego Fernandes, archidiago de Deçon; dom Pedro Ruys, juys; don Aras Peres, thesoreiro; Lopo Rodrigues, Affonso Gomes, Aras Pelaes, Alvar Diaç, Pedro Aras, Andres Peres, coengos; Pedro Iacome, Affonso Eanes, raçoeyros; Françisco Guillelmes, Andreu Peres, Pedro Miguellles, coengos da aniverssario, et outros.

Eu Iacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy et esta carta a rogo do dayam et do cabidoo puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 264

1330, xuño, 20. Toledo

*Afonso XI solicita do bispo e Cabido de Lugo un servizo extraordinario de 600 marabedis para o sostemento da guerra contra os musulmáns e comisiona a Diego Suárez para cobralos.*

SÁNCHEZ BELDA: *Docs...*, n.º 1045, p. 442. Copia incluída no testemuño notarial escrito para dar fe de que o comisario real realizara unha pescuda co fin de descubrir se os bispos de Lugo pagaron algunha vez tales servizos. LUGO, AC, atado 5.

Don Alfonso por la gracia de Dios rey de Castilla, de Tolledo, de Leon, de Galisia, de Sevilla, de Cordova, de Murcia, de Jahen, del Algarbe e sennor de Viscaya et de Molina, al dean et al cabildo de la iglesia de Lugo, salut et gracia. Bien sabedes en como el anno que yo fue por mio cuerpo a la frontera en servicio de Dios et mio que vos et los outros de la mi tierra a la ora que pose (sic) el puesto para me yr me avedes a dar por la mi yantar forera seyscientos moravedis que me avedes a dar por la mi yantar deste anno de la era desta carta, tengo por bien que me los dedes luego segunt que los diestes a los reys onde yo vengo, et a mi fasta aqui et a los de arrecabdar por mi Diego Suares mio escrivano que vos esta mi carta lieva. Por que vos mando vista esta mi carta que recudades et fagades recudir al dicho Diego Suares con estes seyscientos moravedis de la yantar deste anno en que estamos de la era desta cata bien et complidamiente en guisa qual non mengue ende ninguna cosa. Et tomad la carta de pagamento et mandarvos los he rescibir en cuenta. Et non fagades ende al por ninguna manera nin pongades y escusa nin alongamiento ninguno si non mando al dicho Diego Suares cal que lo oviere de recabdar por el que vos prende et vos torne todo que vos fallare, et lo venda luego por que se entregue desto los dichos seyscientos maravedis, et de la costa que oviere fecha en los recabdar. Et si por esto compir mester oviere ayudado a todos los conçeios, alcalles, jurados, jueçes, justiçias, merynos, alguacilles, maestros de ordenes, comendadores, et socomendadores, alcalles de los mios castillos, de los mios alcaçeres, et a todos los otros aportellados de las villas et de los lugares de mios reynos que esta mi carta vieren que ayuden al dicho Diego Suares o al que lo oviere de recabdar por el en guisa que se cumpla ysto que yo mando. Et sy mester oviere ayuda para faser las prendas que vayan con el et que le ayuden en guisa quel dicho Diego Suares cobre los dichos moravedis et que le scoian en los lugares con la prenda que por esta rason fiçiere. Et si non fallare quen conpre la prenda que la faga comprar a los cinco o a los seys omes mas [...] de la villa o del lugar do esto acaesçiere, et qualquier que la prenda compraren que por esta raçon fore vendida yo gela fago sana con el traslado desta carta signado de escrivano publico e seellada con el seello del dicho Diego Suares o del que lo oviere de recabdar por el. Et vos nin ellos non fagades ende al por ninguna manera et si non mando al dicho Diego Suares o al que llo oviere de recabdar por el que por qualquier o qualesquier que ficaren que lo asi non cumpliren que paresca ante a mi do quier que yo sea del dia que los emplasaren a quinze dias so penna de çient maravedis de la moneda nueva a cada uno, los conçeios por sus personas et los oficiales de cada lugar dellos con personia de los otros. Et de como los emplasaren et para qual dia mando a qualquier escrivano publico que para esto fuere llamado que de ende al dicho Diego Suares o al que lo ovier de recabdar por el testimonio signado con su signo por que yo sea cierto del enplasamiento. Et para qual dia es, et faga sobrelo escarmiento a quien toviere por bien et la mi merced fuere. Et non faga ende al so la dicha pena, et del offiço de la escrivania. La carta leyda datgela.

Dada en Tolledo veite dias de junio, era de mill et CCC LXVIII annos.

Yo Johan Gomes la fis escrivir por mandado del rey.

## 265

1330, xuño, 21. Lugo

*Afonso Rodríguez, clérigo do coro, asignalle ao Cabido dous maravedís anuais para un aniversario.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 65v.

Era de mill et CCC LXVIII<sup>o</sup> annos et quotum XXI dia de juyo. O dayan et o cabidoo quitaronse do aniversario que avian enno casal de Marçelle, que Affonso Rodrigues vendeu a seu hirmao, Affonso Rodrigues, et a sua muller Dominga Lourença, o qual esta Dominga Lourença vendeu a Aras Fernandes, scrivan, et por que este Affonso Rodrigues, clerigo do coro, era tiudo de faser este casal de paç a a dita Dominga Lourença et lo vendera sen carrega ninguna, assignou logo a o cabidoo, o dito Affonso Rodrigues, por XV soldos que avian de dar pe-llo dito casal que ouvesse dous moravedis longos cada anno pe-lla sua casa da Triparia por senpre iamays.

Testemoyas que presentes foron: don Fernan Aras, dayan de Lugo; don Fernando de Deus, chantre; don Pedro Ruys; don Aras Peláez, thesoreyro; Andre Peres, Aras Peláez, Lopo Rodrigues, Affonso Gomes, coengos de Lugo; Andreu Peres, Pedro Migueles, Francisco Guillelmes, Roy Vasques, Domingo Eanes, et todos os outros coengos do aniversario ts.

Eu Jacome Eanes, notario publico, a esto pressente foy en mina presenza esta carta fis escribir, et a rogo do dayam et do cabido et do dito Affonso Rodrigues puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 266

1330, xullo, 23. Ribas Altas

*O bispo e o Cabido de Lugo outórganlles a Afonso López e á súa muller o celeiro das Argeças e reciben a cambio un casal en Lemos, freguesía de San Salvador de Neiras. Os beneficiarios déixanlle libre á devandita igrexa o celeiro de Deade.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/1, carta part. por a.b.c., perg. orix., galego, gótica cursiva, 207x305 mm.

Sabeam quantos esta carta vieren commo nos don Iohan por la gracia de Dios, obispo de Lugo, con otorgamento del dean et del cabildo desse mesmo lugar,

et yo Alfonso Lopes de Lemos por min et por Tereyia Yanes, mina muller, fosemos tal vervo et tal emprasamento entre nos firme et valedeyro para sempre, conven a saber que nos don Iohan, obispo sobredito, damos a vos, Alfonso Lopes et a la dita Tereyia Yanes vuestra muller, el nuestro çelleyro de las Argeyças, con todas suas dereyturas et pertenenças, que lo tengades en toda vuestra vida d'ambos. Et yo, Alffoso Lopes por min et por la dita Tereyia Yanes mina muller, do a vos don Iohan, obispo sobredito, et a todos vuestros suçessores en nome de la iglesia de Lugo, para sempre iamays por esto que vos nos dades, hun casal de herdade que yo he en Lemos, en la frigresia de Sant Salvador de Neyras, el qual casal chaman d'Avangeliça, con casas et vinnas et terras et pobranças, et con todas suas pertenenças et dereyturas, segun que lo he yo el dito Alffonso Lopes, et meto logo el casal sobredito, segun dito he, en vuestra mano et en vuestro poder et en vuestro iur, salvo que retengo los novos et froytos del dito casal para en mios dias et de la mina muller. Et nos, Alffonso Lopes et Tereyia Yanes, avemos traher sempre el çelleiro por nos o por nuestro mayordomo et non lo dar a cavallero nin a escudero, nin casal del. Et si por aventura, yo el dito Alfonso Lopes en mina vida o Tereyia Yanes, diesemos el dito çilleiro o casal del a cavallero o a escudero, commo dito he, que por esse mesmo feito se torne el çillero con el casal sobredito que nos vos damos a vos senyor obispo et a la iglesia de Lugo. Et a nuestra morte de ambos assi el çilleiro que vos nos dades commo este casal que nos vos damos fincaran libres et quitos a la iglesia de Lugo, con todas las bonas probranças et melloranças que nos y fisieremos d'aqui endeante, et con tanta pobrança commo agora esta en essos logares sobreditos, assi en los que nos vos dades commo en el casal que nos vos damos. Et yo, Alffonso Lopes, prometo en buena fe de parar ben este cilleiro sobredito que nos vos dades et este casal que yo vos do, et prometo et otorgo por todos mios bienes ganados et por ganar, de vos anparar et de faser sano este casal que yo vos do, et prometo de faser assi otorgar a la dita Tereyia Yanes mia muller commo dito he. Et demas vos lexo libre et quito deste dia endeante et parto mano por mi et por toda mina vos del vuestro çilleiro de Deade que yo fasta agora tenia, con todas suas boas paranças et dereyturas segun la iglesia de Lugo lo gano de Iohan Gil d'Asma, et de sua muller Elvira Dias, et vos prometo demays de anparar et defender a todo mio poder que vos non tome ninhuno, nin vos ninguna [cousa] del dito çilleiro. Et la parte que contra este enprasamento quisser passar, peyte quinientos maravedis de la buena moneda a la parte [aguardante], et el enprasamento finque valioso. Et que esto sea firme et non poda venir en dubda, nos don Iohan, obispo sobredito, et el cabildo de Lugo, et yo Alffonso Lopes, mandamos a Arias Ferrnandes et Iohan Gonçalves, notarios [publicos de] Lugo, que feseran ende publicos instrumentos partidos por A.B.C. en testimonio de verdat. Et por mayor [firmidume] nos obispo et Alffonso Lopes posemos enellos nuestros sellos pendientes.

Feyto foy esto en Ribas Altas XXIII dias de iulio, era de mill et CCC<sup>os</sup> et LXVIII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego Garçia, abade de Monfforte; et don Pedro Roys, iuys; et Alvar Dias, et Predrarias, canonigos de la iglesia de Lugo; et Iohan Peres et Lourenço Peres, vesinos de Monfforte; et outros muytos.

Et yo Arias Ferrnandes, notario publico de Lugo, a todo o sobredito con lo dito Iohan Gomes con los ditos testigos, que ditos son, presente fuy, et a pidimento do dito sennor obispo et Affoso Lopes et de los ditos dayan et cabidoo por que no tinan eles seelo propio mandaron que possesse en estas cartas meu nome et meu signal en testemoyo de verdade. (+).

Et eu Iohan Gonçalves, notario publico de la çibdat et del obispado de Lugo, a todo lo sobredito con el dito Arias Ferrnandes, notario, et con las testemoyas [sobreditas] presente fuy, et a rogo et pidimento de los ditos sennor obispo et Affonso Lopes fis ende [escribir estas cartas] et en cada huna pus mio nome et meu sinal en testimonio de verdade.(+).

## 267

1330, agosto, 16. Lugo

*Lope Afonso comprométese a cumprir coa obriga de lle deixar á igrexa de Lugo a casa que habita.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 66r.

Era de mill et CCC LX VIII<sup>o</sup> annos, XVI dias d'agosto. Lopo Affonso, criado que foy de don Iohan Beçerra iuys de Lugo, disso et confessou el de sua boa vontade, non o costregendo ningun, en presenza de min Iacome Eanes, notario publico de Lugo, que aquela casa en que el ora morava, acerca das casas do archidiacono d'Aveancos, que a tinna et morava et pessuya po-lla eglesia de Lugo; a qual casa foy de Gil Peres et que, o iuys sobredito, don Iohan Beçerra, que lle mandara a este Lopo Affonso que a tevesse en sua vida, et a sua morte que a leyxava por seu aniversario a a eglesia de Lugo. Et o dito Lopo Affonso asi a desembarga et logo se quita della a dia de seu finamento con todos os boos paramentos que y foren feitos.

Testemoyas que presentes foron: don Diego Ferrnandes, arçidiago de Deçon; Iohan Peres de Santa Maria Alta; Iohan Dias et Pedro Eanes, coengos do aniversario; Aras Peláez, coengo, Affonso Eanes, raçoeyro ts.

Eu Jacome Eanes a todo esto commo sobredito e pressente foy et en minna presenza esta carta fiz escribir, et puge en ella meu nome et meu signal. (+).

## 268

1330, setembro, 12 luns

*Protesta do Cabido de Lugo contra a exacción do xantar que se lle esixía por carta do rei Afonso contra os usos e costumes daquela igrexa segundo información testifical.*

LUGO, AC, CAÑIZARES, pp. 1009-1010, con referencia ao perg. orix., 310x340 mm.

Sabeam quantos este testemoyo virem como en presenza de min Jacome Eannes, notarius publicus de Lugo, e das testimonias que aqui adiante seran scriptas, sendo o dayan e o cabidoo da yglesia de Lugo chamados por campaa tangida segundo que he uso e custume da dita iglesia, Diego Suares, escrivan del rey et colledor dos seus jantares do abbadengo e do regaengo de Galiça, mostrou e feço leer hua carta de noso sennor el rey escripta en papel e seellada con seu seello en costa, o tenor da qual carta he este que se segue:

Deseguido insire o documento expedido en Toledo: 1330-VI-20, (CD n.º 264).

a qual carta leuda o dito Diego Suares diso et affrontou a os ditos dayam et cabidoo que lle pagasem o dito jantar para seu sennor el rey se non que protestava de penorar tantos de seus bees por que se entregase do dito jantar con la costa que feçesse enno recabdar. Et os ditos dayam et cabidoo diseron que des que a dita iglesia fora fondada en esta cidade que elles nen seus antecessores que nunca pagaran jantar a os reys que foran ante d'este en este ata aqui, et que estaban en este huso, et que noso sennor el rey, a quen Deus mantenna, que lles confirmou todos los privilegios et libertades et boos hussos et costumes que avian ata aqui en estas cortes que agora feço en Madrid. Et diseron et afrontaron a o dito Diego Suares que os non desaforase, non lles pasasse contra a carta de nosso sennor el rey que el mostrava en que se continna que pagasem segundo que hussaram de pagar a os outros reis, e este ata aqui, o seu jantar, et se dito Diego Suares quisere que elles esto que diçian que o mostraran en qual manera el quisese, et entre tanto que os non penorase se non que protestavan de o yr mostrar et querelar a seu sennor el rey.

Et esto foy enna iglesia lunes XII dias de setembro era de mill et treçentos et sessaenta et oyto annos.

Et despoys desto XVIII dias de dito mes de setembro, era sobredita, o dito Diego Suares con Jacome Affonso, alcayde da dita cibdade de Lugo, et conmigo o dito Jacome Eanes, juramentou sobre sanctos avangeos a Johan Affonso da rua de Vermudo Sanches, et Pedro Eanes Pellam morador a a Cruz, et a Pedro Fernandes, et Afonso Torto, et a Pedro Eanes Torto, et a Pedro Eanes Cecus, et Affonso Fernandes, et a Fernando Peres, notario, as quaes testemoias juramentadas como

dito he o dito Diego Suares fiço pregunta a cada hum pe-llo iuramiento que avia feyto se sabian por vista ou por oyda que os ditos dayan et cabidoo que agora som, ou seus antecessores, pagasem jantar a os reys que foron ante d'este, ou a este en seu tempo ata aqui. Et cada huna de estas testemoias en seu cabo diseron pe-lla dita jura que avian feyta que nunca se aqui pagaram mais de duas jantares a os reys en esta manera: o obispo huum, jantar et oo conçello outro, et obispo que pagava por si et po-lo conçello, et mays que os ditos dayam el cabidoo que nunca pagaran jantar nen lles fora demandado ata aqui. Preguntados por que sabian diseron alguns delles que avian oyteenta annos que moravan enna dita cibdade de Lugo et que nunca viran nen oyran que os ditso dayam et cabidoo pagasen jantar en nehun tempo, et que o davan asy por çerto. Et estas testemoias rescibidas o dito Diego Suares pedio a min, o dito notario, que lle dese este testemoyo çerrado et seellado con seello a o dito alcaide, et signado con meu signo pola conta do dito jantar a noso sennor el rey.

Testemoyas: Aras Peres, notario; Johan Ds., çapateiro; Alvar Dias, escrivan galego do couto de San Martinno; Johan Suares de Oviedo, et outros.

Eu Jacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy en minna presenza fis trasladar a carta et testimoyo, et fuit presente a todo esto Diego Suares sobredito, escrita enna iglesia et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

## 269

1330, decembro, 4. Lugo

*O Cabido lucense arréndalle ao deán a administración de xuño por 3000 maravedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 71r.

Era de mill et CCC et LXVIIIº annos IIIº dias andados do mes de deçembro. Sabeam quantos esta carta viren, commo nos don Fernan Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo dese mesmo lugar, seendo iuntados por campaa tanguda no thesouro aly hu e acostumado de façermos cabidoo. Nos o cabidoo sobredito arrendamos a vos don Fernan Aras, dayam sobredito, por en todos vossos dias, amistraçon do mes de juyo, con todas suas pertenenças et dereituradas, por tres mill maravedis cad'ano d'esta moneda branca del rey don Fernando, que façen oito soldos o maravedi, et avede-llos de pagar segundo as outras rendas do cabidoo. Eu Fernan Aras, dayam sobredito, assy reço esta renda en min, et obrigo min et todos meus bees de pagar et comprir todo commo sobredito e. Et de mais douvos por fiadores: don Aras Perez, thesoreyro, et Lopo Perez, coengo, elles presentes et



outorgantes se por fiadores. Et demays ey de teer o mes, et dar IIII<sup>o</sup> paes a o coengo, II a o raçoeiro et o vinno, et a sobreposta. Et nos, o cabidoo sobredito, avemos a defender segundo as outras rendas do cabidoo. Et que esto seia çerto rogamus a Iacome Eanes, notario sobredito, que faça ende hun publico estormento, era do dia sobredito.

Ts. que presentes foron: don Fernan Aras, dayam; don Dyego Ferrnandes, archidiago de Neira; don Pedro Royz, archidiago de Deçon; Fernan Afonso, Lopo Rodrigues, Andres Perez, coengo; Afonso Eanes, raçoeiro; et outros moitos.

Eu Iacome Eanes, notario publico de Lugo, a esto presente foy [et esta carta] a rogo do dayam et cabidoo sobredito escrivi, et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 270

1330, decembro, 12. Lugo

*O Cabido arréndalle ao chantre a renda de Amandi por 560 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 72r.

Era de mill et CCC LXVIII<sup>o</sup> annos, XII dias de deçembre. Sabeam quantos esta carta virem commo nos don Fernam Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo desse mismo lugar, seendo enno thesouro da iglesia de Santa Maria, ali hu he acostumado de façermos cabidoo por campaa tanguda, arrendamos a vos don Fernan de Deus, chantres de Lugo, a renda d'Amande con todas suas pertenenças et dereyturas, por quinentos et sesseenta moravedis, et avedes de pagar segundo commo pagan as outras rendas do cabidoo, et seerdes deffesso commo os outros rendeyros do cabidoo. Et eu Fernam de Deus, chantres sobredito, reçoço en min a dita renda et obliço de a pagar et comprir commo dito he. Et demays douvos por fiador: don Pedro Iacome, raçoeyro de Lugo, el presente et outorgouse por fiador. Et que esto seia çerto rogamus a Iacome Eanes, notario de Lugo, que feçesse ende esta carta.

Testemoyas que presentes foron: don Fernan Aras, dayam; don Diego Ferrnandes, archidiacono de Neyra; don Pedro Ruyz, archidiacono de Deçon; Aras Pellaes, Andres Peres, coengos; et Affonso Eanes, raçoeyro, ts.

Eu Iacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy, esta carta a rogo do dayam et do cabidoo sobredito, en mina pressença fiz escribir et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 271

1331. Lugo

*Asenxo Sebastiani doa a terceira parte dun agro na Porta Nova.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 66r.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LX<sup>a</sup> VIII<sup>o</sup> [...] quondam Assenxii Sebastiani et [...] Dominici de Burgo Novo dat et concedit [...]medi predictorum suorum, terciam partem unius agri qui iacet ad Portam Novam inter carrariam qui vadit de ipsam Portam [...] Romae, et viam qui vadit ad Castinariam, sicut tenet se con senara domini episcopi, iure et hereditario possidendum.

Testis: donno Didaco Fernandi, archidiacono de Deçon; Alffonsus Gomecii, Aria Pellagii, Alvarus Didaci, Petro Arie, canonicis lucensis; Iohanne Petri, Petro Fernandi, Petro Michaelli, Iohanne Didaci, clericis chori lucensis; et aliis testis.

Ego Petrus Iacobi, porcionarius et notarius lucensis, interfuit et scribi feci et signum meum apposui. (+).

## 272

1331. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle ao abade Roi Vázquez e a dúas voces o casal da Ponte, na freguesía de Santa Mariña, por 40 marabedís anuais os primeiros beneficiarios e 65 a última voz.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 63v.

Era de mill et tresentos et L<sup>a</sup>;X<sup>a</sup> et nove annos [...] con outorgamento de Lopes Pelaes, coengo, et de Affonso Eanes, raçoeyro, rendeyros dos aniversarios [...] Roy Vaasques abbade de [...] o cassal chamado de Ponte, que he na fiigligia de Santa Marina et de San [...] pertenenças et dereyturas, peru quer que vaan, segundo commo o teveron os que ata aqui en el moraron assy commo [...] Roy Vaasques o tevo avervado por sua vida et de huna pessoa a pus el por quareenta moravedis cada anno. Et por faseren gracia a este Roy Vasques dan-lle et outorgan este cassal sobredito con estes boos paramentos que ora y estan feitos, por vida deste Roy Vaasques, et desta pessoa sobredita, et d'outra pessoa a pus morte d'este Ruy Vaasques et d'aquela pessoa sobredita, que se eno vervo sobredito conten. Et este Ruy Vaasques et estas pessoas sobreditas deven a lavrar et parar ben este cassal, et

teello lavrado et ben parado, et dar no tempo deste Ruy Vaasques et da pessoa que se eno outro vervo conten cada anno en salvo na villa de Lugo, por dia de Pentescote, a aqueles que recadaren os aniversarios, quareenta moravedis. Et aquela pessoa que poys deste Ruy Vaasques et d'esta outra pessoa en este cassal veer, a de dar por renda deste cassal a os rendeiros sobreditos, seseenta et cinco moravedis cada anno en Lugo en salvo en este termino sobredito. Et Ruy Vaasques nen estas outras pesoas non deven a descontar \grando/, nen geada, nen força, nen rouba, nen outra coussa, salvo pagar estes moravedis commo sobredito he, et aquela pessoa que terçeyramente veer en este vervo a de dar outro fiador que cumpla eno seu tempo esto que sobredito he. Et este Ruy Vaasques renunciou et prometeu que nunca contra esto vena nen possa outra cousa allegar. Et a morte desta terçeyra pessoa que se en este vervo conten este cassal deve afficar livre et quito a a iglesia de Lugo con todo-llos boos paramentos que y foren feitos. Et este Ruy Vaasques sobredito obriga por sy et por todos seus bees a comprir estas coussas segundo sobreditas som. Et o dayan et cabidoo sobreditos outorgan estas coussas sobreditas, et prometeron a a boa fe de nunca viren contra elas en nenhuna maneira por sy nen por outren. Et foron presentes: dom Fernan Aras, dayam; don Fernan de Deus, chantres de Lugo; don Diego Fernandes, archidiacono de Neyra; Arias Pelas et Andres Peres, coengos; Affoso Eanes, raçoeyro de Lugo.

Eu Pedro Jacome, raçoeyro et publico notario de Lugo, presente fui et a rogo d'estas partes fige escribir et puge meu signal. (+).

## 273

1331, xaneiro, 3. Lugo

*O Cabido lucense arréndalle ao deán a administración de xuño nos Brosmos, Santalla e Aguiar por 3000 marabedis anuais e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 68r.

Era de mill et CCC et LXIX anos, III dias do mes de janeiro. O cabidoo de Lugo sendo juntados por campaa tanguda assy commo he acostumado en essa yglesia, arrendaron a don Fernan Aras, dayam desa yglesia, por en toda sua vida, amistraçon do mes de juyo, que e nos Verosmos, et en terra de Santalla, et en terra d'Aguiar, et allur hu quer que pertesca a o mes de junyo. Et o dayam sobredito a de dar a o cabidoo por esta amistraçon cada ano, tres mill maravedis, d'oito soldos o maravedi, d'esta moeda branca del rey don Fernando, et a teer o mes, et dar IIII paes a o coengo et hun quartillon de vinno, et dar a sobreposta; et a de amistrar o mes et pagar os dineiros segundo os outros meseiros. Et o cabidoo sobredito

devenno a defender et guardar segundo que acostumbraton das outras rendas do cabidoo. Et o dayam recebe esta renda en sy et obriga por sy et por seus beens a pagar commo sobredito e. Et demais deu por fiadores a Fernan Afonso et a Lopo Rodrigues, coengos, elles presentes et outorgantes.

Os que foron presentes: don Fernan Aras, dayam; don Fernan de Deus, chantres; don Dyego Ferrnandez, archidiago de Neira; don Pedro Royz, archidia-go de Deçon; Andres Perez, Aras Pellaes, Fernan Afonso, Lopo Rodrigues, Afonso Gomez, Alvar Diaz, Pedro Aras, coengos, et outros.

Eu Jacome Eanes, notario publico de Lugo, a esto presente foy, esta carta escrivi et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 274

1331, xaneiro, 9. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo alúganlle ao cóengo Arias Pais unha casa na rúa lucense do Burgo Novo por tres marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 67v.

Era de mill et CCC et LXIX<sup>a</sup> annos, nove dias de ianeiro. O dayam et o cabiidoo de Lugo, ajuntados por campaa tajuda assy commo he acostumbrado en essa egle-sia, alugan a Aras Peláez, coengo dessa egle-sia, unna casa que he deste cabiidoo que esta enna çidade de Lugo, enna rua de Burgo Novo, entre-lla casa que foy de Pay Rodrigues, padre deste Arias Peláez, da huna parte, et a casa que foy de Pedro Miguellés, da outra, su a capella de Santiago, por en todos dias d'este Arias Peláez, por tres moravedis cada anno, d'esta moneda del rey dom Fernando ou a valia delles; et se mays val esta casa dan-lo et outorgan-lo que o tenna delles en prestamo por en toda vida do dito Arias Peláez. Et a passamento d'este Arias Peláez esta casa deve aficar livre et quita a a egle-sia de Lugo con quantos boos paramentos en ela foren feytos.

Os que foron presentes: dom Fernan Arias, dayam de Lugo; dom Diego Fernandez, archidiacono de Neyra; dom Pedro Royz, archidiacono de Dezon; dom Andres Perez, Affonso Gomez, Alvar Dias, coengos de Lugo, et outros.

Et eu Pedro Jacome, raçoeyro et publico notario de Lugo, presente fuy et fige escribir et puge meu signal. (+).

## 275

1331, xaneiro, 18

*Xácome Afonso véndelles a Xoán Martíns e á súa muller unha leira de herdade en Espiñeiro, freguesía de San Lourenzo de Albeiros, por 90 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/2, perg. orix., galego, gótica cursiva, 161x94 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Iacome Affonso de d'Estiriç de bom curaçon et de boa voontade vendo a vos Iohan Martines, correeyro, et a vossa muller Mayor Peres, huna leyra de herdade que he en Espineyro en la cava, et fere de testa na leyra de Françisco Martines, et de illarga fere en outra leyra deste Françisco Martines, notario, et da outra testa fere en outra leyra de Iohan Domingues, et da outra parte partesse con outra leyra de Martin Peres de Milleyros, su signo de sam Lourenço d'Alveyros. Et resebo de vos en preço por esta vençon noventa soldos d'esta moneda del rey don Fernando, a quatro dineiros por cada tres, de que soo ben pagado et entrego. Et oblige por min et por todos meus bees de vos façer senpre esta vençon de pas, et dessoie mays este dia avedea senpre en pas vos et toda vossa voç pus vos todo meu poderio et seniorio ende seia sacado et removido et metudo enos vossos.

Feyta a carta XVIII dias de ianeiro, era de mill et CCC LXIX annos.

Testemoyas: Çibran Ferrnandes d'Orvaçay, et Miguell Peres, morador en Orvaçay; Pedro Eanes et Garcia Ferrnandes, correeyros ts.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo, a esta vençon foy presente et esta carta scrivi et puge en ella meu signal.(+).

## 276

1331, febreiro, 15. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Gonzalo Sánchez, á súa muller e a unha voz dous casais en Somoza de Lemos, un en San Xulián da Veiga e o outro en Santalla de Bardaos e Santa María de Xián, por 35 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 69r.

Era de mill et CCC et [LX et] nove annos, XV dias de freveyro. Sabeam quantos esta carta viren, commo en presenza de min Roy Ferrnandes, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas, espeçialmente para esto chamadas et rogadas, estando enno coro da iglesia cathedral de Santa Maria de Lugo, estando y don Fernam Aras, dayam da dita iglesia, et huna peça dos homees boos do cabidoo d'ella, conven a saber: don Diego Ferrnandes, archidiago de Neyra, et don Pedro Royz, archidiago de Dezon, et Andres Peres, chantre d'Armenta, et Aras Pellaes, et Alvar Diaz, coengos desa miisma iglesia, feçeron vervo, a Gonçalvo Sanches de Riba de

Neyra, et a sua muller Mayor Lopes, por en todos seus dias d'ambos et dous, et de huna pessoa qual o pustrumeyro de cada hun d'elles nomear a tempo de seu finamento, de dous cassares que son enna Sumoça de Lemos, dos quaes hun destes casares he chamado o casal de Veyga, que he sub signo de Sant Iullao de Veyga, et o outro he chamado de Vermun, que he sub signo de Santa Ala de Bardaos et de Santa Maria de Giae; os quaes ditos casares lle avervaron con todas suas dereyturas et pertenças, a monte e a fonte, per ut quer que vaa. Et os ditos Gonçalvo Sanches et Mayor Lopes ou aquella pessoa que o pustrumeyro delles nomear a o tempo de seu finamento ha a dar et pagar, cada anno, en renda destes casares sobreditos, triinta et çico moravedis, d'oyto soldos o moravedi, d'esta moneda blanca del rey don Fernando, en salvo en Lugo a o dito cabidoo, ou aquel que os ouver a recadar por el, a meatade destes moravedis por kalendas mayas, et a outra meatade por cada Natal. Et demays han a lavrar et parar ben as herdades destes casares, et apostar et endereçar as cassas d'elles, et manteer-las en boo estado. Et a morte dos ditos Gonçalvo Sanches et Mayor Lopes et d'aquella pessoa que for nomeada, a o tempo da morte do pustrumeyro d'elles han de ficar livres et quitos et desenbargados os ditos casares a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et logo o dito Gonçalvo Sanches asy reçebou os ditos casares dos ditos dayam et homes boos sobreditos, et obrigou si et todos seus bees de comprir estas cousas sobreditas et cada huna d'ellas, et de pagar os ditos XXXV moravedis a os praços segundo commo dito he. Et para o asy comprir deu por fiador a Roy Vaasques de Sonar, clerigo da dita [yglesia], el presente et outorgantese por fiador. Et de commo esto passou por ante min, notario sobredito, o dito dayam et coengos et homes boos sobreditos, et Gonçalvo Sanches, rogaronme que feçese ende duas cartas tal huna commo outra, et dese a cada huna das partes a sua.

Que foy feyta era et dias sobreditos.

Testemoyas: Andres Peres et Diego Peres de Betote, clerigos do coro de Lugo; Nuno Pellaez, [...] Martines, escudeyro do bispo; et Françisco Guillelmes, sanchristan ts., et outros.

Et eu Roy Ferrnandes, notario sobredito, a esto commo dito he presente foy et a rogo destas [partes] sobreditas escrivi desto duas cartas tal huna commo outra. (+).

## 277

1331, setembro, 27. Lugo

*Cláusula testamentaria de Afonso Martins, mercador, veciño de Lugo.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 68v.

Era de mill et CCCLXIX<sup>e</sup> annos et quotum tres dias por andar de setembre. Sabam quantos esta carta virem commo eu Jacome Eanes, notario publico de Lugo, vy et ley un testamento d'Affonso Martines, mercador, morador na Coytelaria, o qual testamento fora feyto por Ruy Ferrnandes, notario de Lugo, segundo que se en el continua, o qual testamento se começava asy: «In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta virem commo eu Affonso Martines, mercador, morador na Coytelaria iacendo doente etc...» o qual testamento fora feito segundo que se en el [...] deç dias [...] enna era sobredita, enno qual iacian escriptas por testemoyas: Affonso Peres, scrivan; Pedro Andres, Domingo Mourao, beyneyro; Martin Eanes, Pasqualete Farneyro, Affonso Ares [...]. Enno qual testamento se continna entre las outras cousas: «Item mando doçe soldos cada anno por aniversario a a iglesia de Lugo pe-la mia casa do Forno que he en rua Nova que esta cabo da casa que foy de Pedro [coengo].

## 278

1331, setembro, 28

*Cláusula testamentaria dun veciño de Viveiro.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 74r.

Sabeam [quantos esta carta viren] [...] commo eu Iacome Eanes, notario publico de Lugo, vy et ley [hun testamento] [...], morador en Viveiro, o qual testamento fora feyto por Iohan Peres, notario de Lugo, [...] se começava assy: «En nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta viren [...], morador en Viveyro, iacendo doente etc...» o qual testamento fora feyto segundo se en el [continna era de mill et CCC LX] VIII<sup>o</sup> annos, dous dias por andar do mes de setembro. Enno qual iacian escriptas por testemoyas: Affonso Eanes de Villalba, et seu fillo Iohan Affonso, et Pedro Ferrnandes Cubiça, et Iohan Ferrnandes d'Avoz, et Domingo Martines pescado, et Iohan Ferrnandes de Vilalva, et outros. Enno qual testamento se continua entre las outras cousas: «Item mando por aniversario a mea de a leyra sarada que ias en Castello entre anbo-los caminos, a qual aio con Affonso Rodrigues, da qual me mandou o seu quiron Fernando Peres; et a qual aian depouys da morte de Affonso Eanes por mina alma, et de Fernan Peres a iglesia de Lugo. Testemoyas: Iohan Ferrnandes, raçoeyro; et Iacome Eanes, mercador, morador a a Crus; et Gomes Pelaes; et Affonso Eanes, clerigo da iglesia de Lugo, et outros».

Eu Iacome Eanes, notario sobredito, a esto presente foy esta clausulla en mia presenza fiz tirar do testamento et fige escribir en este livro, et a rogo d'Aras Pellaes puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 279

1331, decembro, 10 martes. Lugo

*O Cabido afóralle ao cóengo Arias Pais e a unha voz os casais de Barbaín e Lagoa, en San Pedro Fiz de Muxa, por seis terzas de pan anuais e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 73v.

En nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos dom Fernan Aras, dayam de Lugo, et cabiidoo dess lugar, seendo aiuntados por campaa taniuda eno thessouro hu he acostumado de fazermos cabiidoo, avervamos a vos Aras Pellaes, coengo de Lugo, et a unna pessoa qual vos nomeardes en vossa vida ou en vosso testamento a pus vos, os nossos cassares dos aniverversarios, os quaes cassares tinna de nos don Fernan Eanes, archidiago de Neyra, a que Deus perdoe. Conven a saber: o cassal de Barvaym a que chaman da Pena, con seus iures et pertenenças, enno qual morava Iohan Iohanes, fillo de Iohan Domingues de Lugilde, et sua muller Tereyia Affonso, su signo de sam Fiiç de Muia; outrossy o cassal de Lagea que he su este signo d'esta iglesia sobredita de sam Fiiç de Muia, no qual casal morava Iohan Amigo et sua muller Maria Iohanes. Et avedesnos a dar cada anno por los ditos casares seys terças de pam, as duas partes de temporoa et a terça de serodeo, et os omees que moraren en estes casares sobreditos an a seer vassalos serventes et obedientes da iglesia de Lugo, et an a seer quitos das monedas et dos outros peytos, assy commo os outros serviçaes da iglesia de Lugo. Et se estes casares sobreditos mays valueren ca esta quantia d'estas seys terças sobreditas damos-vollas de gracia que as tenades de nos en prestamo en vossa vida et da dita pessoa que nomeardes en vossa vida ou en vosso testamento de pus vos, por moyto serviço et ajuda que vos senpre feçestes et prometedes a façer a a iglesia de Lugo. Et a vosso finamento et d'aquella pessoa que vos nomeardes assy commo sobredito he, deven estes cassares sobreditos, commo quer que vo-llos ora damos desprovados, an a ficar provados de senllos boys et de senllas vacas et de çinquo rexellos et de senllas porcas cada hun; et avedes a refaçer as cassas et aderença-llas, et tirar as herdades u iouveren mal paradas en quanto vos poderdes. Et estes casares sobreditos am a ficar livres et quitos con todo-llos boos paramentos que vos en elles feçerdes et aquella pesoa que vos nomeardes de pus vosso finamento, a a iglesia de Lugo. Et prometemos a a boa fe de non viirmos contra esta renda por nos nen por outro. Et que esto seia çerto et non venna en dulta rogamos a Iacome Eanes, notario publico de Lugo, que vos desse unna carta signada con seu signal en testemoyo de verdade.

Feyta en Lugo martes dez dias de deçembro, era de mill et CCC et LXIX<sup>e</sup> annos.



Testemoyas: o dayam, don Fernan Aras; don Diego Fernandes, archidiacono de Neyra; don Pedro Royz, archidiacono de Deçon; Andres Peres, chantres d'Armentea; Affonso Eanes, Pedro Iacome, raçoeyros de Lugo, et outros.

Eu Iacome Eanes, notario sobredito, a esto pressente foy esta \carta/ en mina presenza fiz escribir, et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 280

1332, marzo, 6

*María Rodríguez véndelles a Diego Fernández e á súa muller todo o que ten en Sobrado, freguesía de San Pedro de Santa Cruz, por 70 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/3, perg. orix., galego, gótica cursiva, 202x62 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Maria Rodrigues, fila que fuy de Gonçalvo Rodrigues de Recesen, vendo a vos, Diego Fernandes de Neyra et a vos a muller Tareyia Ferrnandes, quanta herdade et voz eu compley en Sobrado, a quall eu compley de Dominga Peres dita Raboya, a montes et a fontes, et en todos los lugares que a vos y posades achar, asy commo vay su syno de San Pedro de Santa Clus, et reço de vos por ella en preço seteenta maravedis dos dineiros da moneda del rey don Affonso, dos quaes me eu outorgo por ben pagada, et outorgo por min et por todas minas boces a fazervo-la de pas a todo tenpo de quen quer que vo-la quiser demandar.

Feyta a carta VI dias de março, era de mill et CCC LXX anos.

Testemoyas: Affonso Peres de Francos, et Lourenço de Labruyo, Gonçalvo Fernandes, iuys da Prova de Ne[yra]; et Aras Peres, [alfayate].

Et eu Garçia Testo, notario na Prova de Neyra en lugar de Fernan Fernandes notario publico del rey en esta Prova sobredito, escrivi esta carta por huna nota que iazia enno registro de Rui [...], notario que foy deste lugar sobredito, et puge en ella meu synal que he a tal semelavile o de [...].is en testemoya de verdade. (+).

## 281

1332, marzo, 19. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle a Martiño Eanes propiedades por 100 soldos anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 69v.

Era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> XIX dias de março [...] outorgan a Martin Eanes de Sonarino, presentes os do aniverssario [...] mandou a a yglesia de Lugo, o qual don Iohan Eanes, thesoreyro, tevo en sua vida [...] deve teer este herdamento en seus dias, et lavrar-lo et parar-lo ben, et tyrar cad'ano [...] de monte da herdade deste herdamento, et morar nas casas deste herdamento, et dar cada ano a a yglesia de Lugo cem soldos de novees del rey don Fernando, a IIII dineiros por III soldos, ou a valia deles, et seer vasalo da yglesia de Lugo et seer deffeso de todo peyto commo os outros serviçaes d'essa yglesia. Et a morte d'este Martin Eanes este herdamento ficar livre et quitto a a yglesia de Lugo con aqueles boos paramentos que y foren feytos. Et para esto comprir este Martin Eanes obriga sy et seus beens.

Testemoyas: don Fernando Arias, archidiago de Deça; don Rodrigo Alvareç, maestrescola; don Pedro Savaschaec, thesoreyro; don Iohan Beçerra, iuyç; Fernando Alvareç, coengos de Lugo; Andreu Perez, Domingo Perez, Affonso Perez, clerigos, et outros.

Et eu Pedro Iacome notei et escrivi et puge meu signal. (+).

## 282

1332, abril, 23. Lugo

*O bispo de Lugo afóralles a Pedro Eanes e Pedro Fernández todo o que ten en Santa María Madanela de Sabarei por renda anual de 10 oitavas de pan e a obriga de construír unha casa.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/4, perg. orix., galego, gótica cursiva, 134x170 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Iohan por la gracia de Deus, obispo de Lugo, afforamos a vos Pedro Yanes dito Çevada, visino de Lugo, et a vos Pedro Fernandes [...] en toda vosa vida, toda quanta herdade avemos enna [...] de Santa Maria Magdenela de Samaree con suas dereyturas et pertenenças quantos y avemos ou devemos [por aver] a tal condiçon que a lavredes et tiredes de monte, et façades huna [cassa] en hun formal d'esses que y han, et nos dedes cada anno en Lugo en salvo, des oytavas de pan, as duas partes de temporao et a terça de sero-deo. Et depoyos de vossos dias que nos fique nossa herdade libre et desenbargada con todas as boas paranças que y foren feytas. Et nos avemosvos anparar de força et deffendervos [...] a todo tempo. Et eu, Pedro Yanes et Pedro Fernandes, sobre-

ditos obligamos por nos et por nossos bees de complir este foro et pagar esta renda segunt se aqui conten. Et por que isto seia çerto nos, lo bispo sobredito, mandamosvos dar esta nossa carta [aberta] et seellada con nosso seello.

Dada en Lugo XXIII dias de abril, era de mill CCC<sup>os</sup> LXX<sup>a</sup> annos.

A qual herdade vos damos [...] meo Fernandes Fernandes.

## 283

1332, xullo, 29. Burgos

*Afonso XI, en virtude dunha pescuda celebrada para os efectos, exime o bispo e o Cabido de Lugo do servizo extraordinario de 600 marabedís que lles esixira dous anos antes.*

LUGO, AC, est. 23, atado 5, perg. orix., 285x345 mm, CAÑIZARES, pp. 1011-1012.

SÁNCHEZ BELDA: *Docs...*, n.º 1060, p. 449. Copia notarial coetánea, LUGO, AC, atado 5.- Extr., *Tumbo Nuevo*, fol. 238v.

Don Alfonso por la gracia de Dios rey de Castiella, de Leon, de Toledo, de Gallisa, de Sevilla, de Cordova, de Murcia, de Jahen, del Algarbe, et senyor de Viscaya et de Molina. a vos Gonçalvo [...] nuestro despenseiro maior e a otros qualquier o qualesquiera que por nos o por vos an de coger et recabdar en renta o en fialdat o en otra manera qualquier las nuestras [...] que nos an a dar en Gallisa, agora et d'aqui adelante salu et gracia. Sepades que el cabillo della iglesia de Lugo se nos enbiaron querellar et disem que vos quelles demandades seisçentos maravedis que disedes que nos am a dar por la mi jantar et que ellos quella non pagaron en tiempo del rey don Sancho nuestro avuelo nin del rey don Fernando nuestro padre que Dios perdone nin en el nuestro fasta aqui nin an vasallos por quella devan pagar salvo labradores que labran las sus heredades de quelles da rentas et terradgos, et que por esta rason que reçeben moyt grant agraveamento et pierden et menoscaban mucho dello suyo, et enbiaronnos pedir merçet que mandassemos y lo que toviessemos por bien. Por que vos mandamos luego vista esta nuestra carta que si ellos non pagaron jantar en tiempo del rey don Sancho nuestro avuelo nin del rey don Fernando nuestro padre que Dios perdone, nin en el nuestro fasta aqui, nin an vasallos por quella devan pagar salvo labradores que labran las sus heredades de quelles dan rentas et terradgos segun dicho es, que gella non demandedes daqui adelante nin les prendedes nin les tomedes ninguna cosa dello suyo por que los dichos seysçientos moravedis que disedes que an a dar por la dicha nuestra jantar. Et si alguna cosa lles avedes prendado o tomado deloo suyo por esta rasion entregasgello luego todo bien et conplidamente en guisa que lles non mingue ende ninguna cosa. Et non fagades ende al so pena de çient morave-

dis della moneda buena a cada uno se non quanto dapnno et menoscabo el dicho cabillo reçibiesse por mengua de vos non conplir esto que nos mandamos dello vuestro gelo mandaremos entregar todo doblado. Et de como nos esta nuestra carta fuer mostrada et la complierdes mandamos a qualquier notario publico que para esto fuer llamado que de ende al hombre que vos esta nuestra carta mostrar testimonio signado con su signo por que nos seamos ciertos en commo conplides nuestro mandado. Et non faga ende al so la dicha penna et del officio de la notaria. La carta leyda dadgela.

Dada en Burgos viinte et nueve dias de julio, era de mill et CCC LXX annos.

Yo Sancho Ferrandes la fis escribir por mandado del rey. Ruis, Pero Ferrandis [Gutierrez] Afonso Gs. Roy Ms. [...], Johan Ferrandis.

Eu Fernan Peres con Jacome Eanes publicos notarios de Lugo vy et ly hunna carta en presencia das testemoias subescriptas, escrita en papel et seellada con seello do muy alto et muyt noble sennor don Alfonso rey sobredito, a qual era feyta no tenor que sobredito he, non rasa, non cancelada, non enterlynnada, non viçada, sospeita en nengua parte de sy, segundo por ella apparisia. Et a pitison de don Fernan Aras dayan do cabidoo da yglesia de Lugo parecendo a dita carta husada, et temendose dese gastar por vellese ou enviandoa a outras partes, temendose se perder en caminno ou en careyra mejor por toma ou por fogo ou por agua, ou en outra maneira qualquer, et por mandado et autoridade de don Fernando Jacome, juy ordynario enno couto de Lugo, que vvy et leeu et exsaminou a dita carta diligentemente et mandou et deu utoridade que valuese tanto o traslado da dita carta como ho original hu quer que apparese asy en juyso como fora del, en minna presença a fige trasladar vervo a vervo, nenua cousa enaduda nen mudada por que se a sustansia da verdade podese mudar. Et en este traslado pono meu nome et meu signal en testimonio de verdade.

Et foy feito en Lugo oyto dias de jullio, era de mill et CCC LXXI annos.

Testemonias que a esto presentes foron: don Pedro Roiz arcidiago de Deson; Aras Pelaes, Andres Peres coegos de Lugo; Affonso Eanes, Johan Fernandes, raçoeiros; Francisco [.....] sacristan, Alfonso Rodrigues, Pero Miguellas, Affonso Peres dito de Male clerigos do coro; Johan Peres criado do juy sobredito et Johan Peres porteyro do dito cabidoo ts., et outros.

Eu Jacome Eanes notario publico de Lugo a esto que presente foy con Fernan Peres notario sobredito en este traslado da carta sobredita do noso sennor el rey puge meu sinal y en testimonio de verdade [notarius] sobredito.

*Afonso López véndelles a Gonzalo García e á súa muller a terceira parte do casal de Matelo, nas freguesías de Santa María de Alta e San Vicente do Veral, por 240 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/5, perg. orix., galego, gótica cursiva, 154x121 mm.

Sabam quantos esta carta virem commo eu Affonso Lopes Ribeyra, fillo de Mayor Peres et neto de don Pedro Oares de Loussada, que foy, de bon curaçon vendo a vos, Gonçalvo García de Santa María Alta et a vossa muller Costança Lopes, mina hirmaa, et a vosa voç, conven a saber a terça parte do cassal d'erdade de Matello chamado de don Pedro Oares, sub signo de Santa María Alta, et de San Viçenço de Deral, con suas pertenenças et dereyturas, cassas, arvores, a montes et a fontes, peru quer que vaa, a qual terça parte do dito casal eu aio por parte da dita Mayor Peres, mina \nana/ que foy. Et recebo de vos en preço por esta vençon, duçentos et quaraenta moravedis, a VIII<sup>o</sup> en soldos por cada moravedi, da moneda blanca del rey don Fernando, de que me outorgo por ben pagado et entrego, et obliigo por min et por todos meus bees, assy mobel commo rayç, a vos faser sempre esa vençon de paç a todo tempo, oy may vos meto no iur d'ella et na propriadade.

Feyta a carta de vençon XX<sup>ti</sup> et V<sup>e</sup> dias d'outubro, era de mill et CCC<sup>os</sup> et LXX<sup>ta</sup> annos.

Testemoyas: Gomes Eanes d'Ossoric, Iohan Fernandez de Burgo de Negral, Pay Iohanes de Servian, Pedro Castano de Loussada, ts.

Et eu Vaasco Fernandez, notario publico dado pe-llo bispo de Lugo en terra de Pallares et no couto de Ferreyra, a esta vençon pressente foy a rogo das partes esta carta scripvi et puge y meu signal en testemoyo de verdade. Et esta carta he entrelinada que foy erro aly u diç nana. (+).

## 285

1332, novembro, 1. Lugo

*O bispo de Lugo, don Xoán, chega a unha concordia con Vasco Suárez e Fernán Gómez sobre o preito que mantíña pola igrexa de Santa María de Castelo de Asma e os décimos e froitos dela.*

RISCO: ES, t. XLI, pp. 113-114.

## 286

1332, novembro, 2

*Afonso González véndelles a García Fernández e á súa muller todo canto ten en Maceda e Arcos, freguesías de San Salvador e San Pedro de Arcos, por 50 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/6, perg. orix., galego, gótica cursiva, 130x104 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Affonso Gonçalves, filo de Gonçalves Eanes de Cotaie, que foy, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos, Garçia Ferrnandes, filo de Fernan Aras de Villa Fiiis, et a vosa muler Aldara Eanes, todo quanto herdamento et vos eu aio et aver devo por parte do dito meu padre en Maçaeda et en Arcos, su signos de San Salvador et de Sant Pedro d'Arcos, con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores, et formaes, a monte et a fonte per ut quer que vaa, et reço de vos en preso por esta vençon, çinquenta soldos desta moeda blanca del rey don Affonso que ora corre, de que me outorgo por entrego et ben pagado, et obligo min et todos meus bees de vos fazer senpre esta vençon de pas. Et desoie mays este dia todo meu poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon dous dias de novembro, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> annos.

Testemoyas: Martin de Romae, mercador; Pedro Santiago, carniçeyro; Affonso Eanes, correeyro ts.

Et eu Roy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esta vençon presente foy et esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 287

1333, marzo, 12

*García Pais, clérigo, e Maior Pérez véndenlle ao bispo de Lugo unha casa en Triacastela por 500 marabedis.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/7, perg. orix., galego, gótica cursiva, 183x144 mm.

Era de mill et CCC<sup>a</sup> seteenta et hun annos, doçe dias de março. Sabeam quantos esta carta vieren commo eu Garcia Pays, clérigo de Llynares, et eu Mayor Peres, vendemos a vos don Iohan, bispo de Lugo, a nossa cassa que nos feçemos en Triacastella, assy commo esta feyta con sobrados et con camaras, a qual cassa entre (sic) a praça da iglesia et da outra parte a cassa do forno de Fernan Rodrigues, clérigo, en que mora Iohan Calvelin; et vendemosvos a dita cassa con todas suas entradas et seydas, et reço de vos en preço sabudo por esta vençon quinen-tos marabedis da moneda del rey don Fernando, a oyto soldos cada maravedi, de que somos ben entregos et ben pagos, et oie este dia da era desta carta nos os

sobreditos Garcia Pays, clerigo, et Mayor Peres nos poemos fora do iur et da possession da dita cassa, et metemos logo en ella a Marcos, vosso onme, que a rezebio et entrou por vos et en vosso nome, et outorgamos por todos nossos bees de vos enpararmos con esta vençon a todo tempo; et quen vos contra esta carta quisser passar peyte a vos del rey mill maravedis et a carta seia senpre firme. Et por que todo seia certo et non vena en dullta mandamos a Iohan Garcia, notario publico del rey en Triacastella, que feçesse ende esta carta.

Testemoyas chamadas et rogadas que presentes foron: Domingo Garcia, Pedro Galego, alcalles de Triacastella; Iacome Eanes, iuys; Iacome Eanes, escudeyro; Martin Peres, Iohan Calvelin, Iohan Cotena, Iohan Peres, çapateyro, moradores en Triacastella; Garcia Affonso, Affonso Rodrigues, Fernan Peres de Grilfree.

Et eu Iohan Garcia, notario sobredito, a esto foy pressente, et por mandado dos sobreditos Garcia Pays, clerigo, et Mayor Peres escrivi esta carta et puy en ela meu signo que he tal en testemoyo de verdade. (+).

## 288

1333, abril, 8

*Xoana Pérez véndelles ao clérigo Pedro Fernández e a Tareixa Gómez a metade do casal de Fontao, en Santo Estevo de Trasulfe, por 200 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/8, perg. orix., galego, gótica cursiva, 145x103 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Iohanna Peres, filla que foy de Pero Peres dito Gordo de Peraredo et de Trastullfe, por min et por toda mia vos, a vos Pero Ferrnandes, clerigo de Santiago d'Entrambas Aguas, et a Tereyga Gomes, filla de Gomes Eanes de Vylamea, anbos per meo, et a todas vosas voçes, vendo toda a meatade do casal de Fontao que eu aio por parte do dito meu padre, a monte et a fonte, peru quer que vaa con todos seus dereytos et pertenenças, sub syno de Santo Estevo de Trastullfe, et outrosy vos vendo toda quanta outra herdade et vos eu aio por parte do dito meu padre sub este mysmo syno, a monte et a fonte, peru quer que vaa, con todos seus dereytos et pertenenças, et rezebo de vos en preço por esta vençon sobredita duçentos maravedis da moneda del rey don Affonso de que me logo outorgo por ben por ben (sic) pagada. Et se algen da mina parte ou da estraya a vos quiser enbargar ou demandar peyte a a vos del rey quatroçentos maravedis da dita moneda, et a vos quanto vos demandar en dobolo. Et eu por min et por todos meus bees que aio et devo por aver obligo de vos anparar con esta vençon a todo tempo.

Feyta oyto dias de abril, era de mill et CCC LXX et hun anno.

Testemoyas: Rodrigo Arias, Domingo Tangos, alffayate, Rodrigo [...] Guillelme de Vila Iuste, Pero Rodrigues, carniçeyro.

Et eu Tome Eanes, notario publico de Portomarin, a todo esto presente foy et esta carta escrivy et puge en ella meu nome et meu syno que tal he. (+).

## 289

1333, abril, 12. Lugo

*Maior Rodríguez véndelles a Diego Arias e á súa muller a oitava do couto de Betote por 500 marabedís.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 7v, traslado ao Libro do Cab. polo notario Rui Fernández: 1336-III-23.

Era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et hun anno, XII dias de abril. Sabeam quantos esta carta viren commo eu Moor Rodrigues de Villa Sancte, filla que foy de Pedro Rodrigues de Chamoso, vendo a vos, Diego Aras de Betote et a vosa muller Maria Fernandes, a oytava do couto de Betote asy iglesiario commo leygario, et todo o herdamento que eu y ey et me perteeçe de aver con todas suas casas et arvores et dereyturas et pertenenças, a montes et a fontes, per hu quer que o possades achar sub signo de San Viçenço de Betote, o qual me a min perteeçe por lo dito Pedro Rodrigues de Chamoso, meu padre. Et reçebi de vos en preço por esta vençon, quintos moravedis da moneda del rey don Affonso de que me outorgo por ben pagada. Et obligo min et todos meus bees de vos anparar con esta vençon a todo tempo.

Por testemoyas: Affonso Gil de Farnadeyros; Françisco Pellaes et Gomes Pellaes et Johan Eanes de Villa Sancte, Gomes Fernandes morador y.

Eu Vaasco Peres, notario en lugar d'Affonso Fernandes notario publico del rey na Pobra de Sant Iullao, a rogo destas partes esta carta escrevi et puge y este signal en testemoyo de verdad.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, vi et ley a carta sobredita escripta en pulgameo enno tenor sobredito, et signada de signal de Vaasco Peres, notario sobredito, segundo por ella pareçia, et a rogo de Diego Aras sobredito et por mandado et auctoridade de don Pedro Iacome, juis de Lugo, vervo por vervo a dita carta en este livro do cabidoo por minna mao trasladey et en este traslado puge meu signal.

Feyto foy esto XXIII dias de março, era de mill et CCC LXXIII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas: don Fernan Aras, dayam, don Fernan de Deus, chantre, don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; Diego Peres de Betote, clerigo, Ruy Peres Leyços.



## 290

1333, maio, 28. Lugo

*Carta de poder outorgada por Vasco Pérez, ante a inminencia da súa viaxe co bispo, a favor de Vasco Fernández.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 65r, traslado ao Libro do Cab. polo notario Fernando García: 1349-XII-1.

Eno nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta virem commo eu Vaasco Peres de Onbreyro, fillo de don Vaasco Peres, mestrescola que fuy de Lugo, faço et outorgo meu procurador certo, verdadeyro et avondante et geeral en todas las cousas que eu ey et a min perteescen et perteescer deven, a Vaasco Ferrnandes, meu coyрмаo, fillo de don Fernando Nunes de Montengro, arçidiago que fuy de Lugo, et dou-lle todo meu comprido poder que possa por min et en meu nome demandar, recadar, rezeber et pesuyr et teer todos los meus beens movilles et reyz, que eu aio et a min perteescen aaver en qual maneyra quer asy iglesiarios commo leygarios, et de quanto deren et en meu nome pagaren a este meu procurador eu me otorgo delo por ben pagado et entrego, ben commo se o a min mysmo dessen et pagassen. Et se acaescer meu pasamento et morte en este caminno que ora eu vou a afrontar con noso sennor obispo de Lugo, dou meu comprido poder a este Vasco Ferrnandes que possa fazer por min et ordinar meu testamento, et ordinar das minnas cousas segundo por ben tener et veer que he sua prol et salvamento da minna alma. Et qual testamento ou manda este Vasco Ferrnandes en meu nome feses et ordinar de meus beens, ou de parte d'elles, eu o dito Vaasco Ferrnandes o dou por firme et estavel et outorgo asy commo se o por min mysmo ordinase et feçese et presente fose. O qual testamento comprido qual esta Vaasco Ferrnandes fezer et ordinar, faço meu herel este Vaasco Ferrnandes sobredito en todas las minnas cousas et beens que remeeçeren comprido o testamento, et se esto non valuer commo herança dou-lle todas estas cousas et beens remanentes en doaçon valedeyra para senpre, que faça delas toda sua voontade asy commo do seu aver propio. Et collo vos a todo ome et muller, asy da minna parte commo da estraya, que contra esto nunca vaan en todo nen en parte en iuyso nen fora de iuyso. Et que esto seia certo et non venna en dulta roguey a Fernando Peres, notario publico dado per lo bispo de Lugo a o conçello dese mysmo lugar, que feçese desto faser publico estrumento et posese en el seu nome et seu sinal en testemoyo de verdade.

Feyto fuy esto en Lugo XXVIIIº dias de mayo, era de mill et CCC LXXªI annos.

Testemoyas que a esto presentes foron chamadas et rogadas: Afonso Ferrnandes das Camoyras, escudeyro; Rodrigo Eanes de Vilarinno; Rodrigo Arias

das Cortinnas de San Romao, clerigo; Pedro Vaasques de Paradela, scudeyro; et Nicolas Martines, scudeyro do bispo de Lugo, ts.

Eu Fernando Peres, sobredito notario publico dado per lo bispo de Lugo a o conçello dese mysmo lugar, a esto commo sobredito he chamado et rogado presente fuy con as testemoyas sobreditas, et este stromento en minna presença fiz scripvir et puge y meu nome et meu sinal.

Eu Fernando García, notario publico del rey en Lugo, vi huna carta escripta en purgameo et signada con signal do dito Fernando Peres, notario, feyta no tenor sobredito, et a pedimento de Iohan Ferrnandes, coengo, procurador do cabidoo de Lugo, et con autoridade de don Vaasco Dias, iuys, figea trasladar en minna presença et puge en este traslado meu sinal, X[...] dias de deçembro, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> VII<sup>a</sup> annos.

Testemoyas: Fernando Peres, Affonso Ferrnandes, notarios de Lugo; Diego Alvares de Bobeda, et outros ts.

## 291

1333, xuño, 13

*María Eanes véndelles a Diego Fernández e á súa muller a metade de canto ten en Sobrado, freguesías de San Pedro de Santa Cruz, San Cirilo de Recesende e San Tomé de Lebruxo, por 300 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/9, perg. orix., galego, gótica cursiva, 165x180 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Maria Eanes, muller que fuy de Gonçalvo Rodrigues de Reçesende, con outorgamento de mia filla, Aldara Rodrigues, que esta presente, vendo a vos, Diego Ferrnandes de Neyra et a vosa muller Tareyia Ferrnandes, a meatade de quanta herdade et vos eu ey en Sobrado, et vendovos a meatade de quanta herdade et vos eu ey en Reçesende, de complas et de gaaças et d'avoença, et de quall maneyra quer que a eu y aia, con todas suas dereyturas et pertenenças, fora ende de los carril dos frades a iuso contra Samamede, a montes et a fontes, et en todo los lugares que a vos posades achar asy commo vay su syno de San Pedro de Santa Clus, et su syno de San Quilles de Reçesende, et su syno de San Toome de Labruyo. Et reçebi de vos en preço por esta vençon desta herdade sobredita, tresentos moravedis dos dyneyros da moneda del rey don Affonso, d'oyto en soldo cada maravedi, dos quaes me eu outorgo por ben pagada, et outorgo por min et por todas mias boces a enpararvos con esta vençon desta herdade sobredita et a fazervo-la de paz a todo tempo de quen quer que vo-lo demande.

Feyta a carta XIII dias de iuyo, era de mill et CCC LXXI anno.

Testemoyas: Iohan Fernandes, clerigo de Vale; et Fernan Lourenço, clerigo de Labruyo; et Iohan Topete, clerigo de San Cibrao; et Martin Ferrnandes de Fereyros, et outros.

Et eu Ruy Martines, notario publico del rey na Pobra de Neyra, fuy presente et por mandado et por rogo das partes fis escribir esta carta de vençon et puye en ela meu synal en testemoya de verdade. (+).

## 292

1333, xuño, 19

*Xoán Fernández, procurador do Cabido de Lugo, solicita do notario Xoán Gómez un traslado dunha carta de partición.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 13r.

Sabeam quantos esta carta viren commo en presenza de min Iohan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo, estando enno choro da see de Lugo, Affonso Eanes de Negral, morador enno Campo et Aldara Affonso sua muller, sobre rason do escambio que fasian con lo cabidoo da dita iglesia, conven a saber por la casa do Canpo que les dava o cabidoo que le davan tres meas casas: huna mea en Burgo Novo, et outra mea enna rua de Coyteleria, et outra mea a a Porta Minaa, sigundo se conten enna carta ençima escripta. Iohan Ferrnandes coengo, procurador do dayam et cabidoo sobreditos, disso a os ditos Affonso Eanes et Aldara Affonso que les dessen as cartas das conpras ou da partiçon que feson con seus yrmaos por que guanaron as tres meas casas sobreditas, et los ditos Affonso Eanes et Aldara Affonso mostraron ante min notario huna carta feita por Roy Ferrnandes, notario, et signada de seu signo, la qual carta era de partiçon que fesian entre si Iohan Affonso et Pero Affonso et Tareyia Affonso, et Aldara Affonso, fillos que foron de Affonso Yanes et de Maria Rominna de Canpo, et pidironme que tomasse da dita carta aquelas clausulas por que foran dadas as meas de duas casas, huna en Burgo Novo et outra enna Ferreria, las quaes eles escanbiava con la iglesia de Lugo. Ha qual carta començava assi: «Era de mill et CCC<sup>os</sup> et LXXI annos, XIX<sup>e</sup> dias de iunyo. Commo en presenza de min Roy Ferrnandes, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas speçialmente para esto chamadas et rogadas Iohan Affonso et Pero Affonso et Tareyia Affonso et Aldara Affonso, fillos d'Affonso Yanes do Canpo et de Maria Rominna que foron, presentes Affonso Yanes marido de Aldara Affonso, todos de consuun en concordia feson entresi tal conposiçon et partiçon dos beens que les perteeçian por parte dos ditos seu padre et

madre, de que disian que non fesian eynda partiçon en esa maneira, conven a saber etc...outrossi Aldara Affonso que aia a meatade da casa da rua da Ferraria que se parte con los coengos et con fillos d'Affonso Yanes do campo, e mays si mays ouveren Affonso Eanes et Maria Rominna, et que aian a meatade da casa de Burgo Novo que se parte con Aldara Eanes da Crus et Tareyia». As quaes clausulas mandoo en este libro. O dito Affonso Eanes deu outra carta feita por lo dito Roy Ferrnandes notario, por que conprara as tres quartas da mea da casa que el dera en escambio commo dito he, et que a outra quarta desta mea disse que a herdara el de parte de seu padre, Johan Peres de [...] obrigava si et seus beens de a faser senpre de pas.

Feyto foy esto X dias de junyo, era de mil et [CCC LXXV annos].

[Testemoyas Arias] Pellaes, thesoreyro; Johan Ferrnandes, coengo, Affonso Yanes, Rodrigo Yanes, clerigos do choro, et outros moytos.

Et yo Johan Gonçalves, raçoeyro et notario, a esto que dito he presente fuy et vi et ley as cartas sobreditas et a pitiçon do dito Johan Ferrnandes torney as clausulas sobreditas aqui en publica forma et pus aqui meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

## 293

1333, xullo, 30

*Afonso López véndelles a Gonzalo García e á súa muller a terceira parte do casal de Matelo, nas freguesías de Santa María de Alta e San Vicente do Veral, por 280 marabedis.*

MADRID, *AHN*, Carp. 1332 D/10, perg. orix., galego, gótica cursiva, 175x104 mm, traslado polo notario Roi Fernández: 1333-X-12, Lugo.

Era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et hun anno, XXX dias do mes de julio. Sabeam quantos esta carta virem commo eu Affonso Lopes Ribeyra vendo a vos, Gonçalvo García de Santa Maria Alta, et a vosa muler Costança Lopes, minna yrmaa, a terça parte do casal d'erdade de Matello, que foy de don Pedro Oares, per hu quer que vaa, sub signo de Santa Maria Alta, et de San Viçenço de Deral, con suas dereyturas et pertenenças, a montes et a fontes, igleiario et leygario. Et reçi bi en preço, duçentos et oyteenta moravedis desta moeda, de que soo ben pagado. Et oblige etc...

Testemoyas: Pedro Vidal, clerigo de Freyxeo; Aras Vaasques, Esteveo Ferrnandes, Vaasco Rodrigues, homes do archidiago, ts.

Et eu Roy Ferrnandes, notario publico de Lugo, vi a nota da carta sobredita escrita enno registro de Vaasco Ferrnandes, notario no couto Novo de

Pallares, en terra de Servian, enno tenor sobredito, et escripta por sua mao segundo enno dito rigistro pareçia, et por mandado et auctoridade de don Pedro Iacome, iuys de Lugo, et a rogo da dita Costança Lopes que feço iuramento a os santos avangeos que avia pagado o preço sobredito que dera por la dita herdade, vervo por vervo a dita carta do rigistro sobredito trasladey, non eadendo nen minguando nehuna cousa por que a sustançia da verdade podese seer mudada, et puge aqui meu signal en testemoyo de verdade.

Que foy feyto en Lugo XII dias de outono, era sobredita.

Testemoyas: Pedro Ferrnandes de Portomarin, clerigo; Affonso Ferrnandes, clerigo; Affonso Martines, et Vaasco Ferrnandes et Pedro Escrivan, omes do dito juys, ts. (+).

## 294

1333, agosto, 15. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Pedro Afonso, á súa muller e a unha voz un casal en Xián, freguesía de Santiago de Saamasas, por tres terzas e media de pan anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 74r.

Era de mill et trecentos et LXXI anno XV dias d'agosto. Pedro Affonso, morador en Gian, lavrador, por sy et en nome de sua muller, Tereyia Domingues, por que se obriga a faser, arrendan et avervan.

Sabam quantos esta carta viren, commo nos dayan et cabidoo da iglesya de Lugo con outorgamento d'Aras Pelaes, coengo, et d'Affonso Eanes, racoeyro, rendeyros dos aniversarios d'esta eglesia, avervamos a vos, Pedro Affonso de Gian et a vosa muller Tareyia Domingues et a huna pessoa qual nomear o pustrimeyro de vos anbos en vida ou a seu pasamento, hun casal que he destes aniversarios, o qual he en Gian sub signo de Santiago de Sanmasas, o qual suya teer Fernan Aras, clerigo, avervado, et o qual foy de don Martin Eanes, dayan que foy de Lugo. Conven a saber que vos, Pedro Affonso et vossa muller Tareyia Domingues et aquella pessoa que for nomeada, de cada un de vos a aquelles que procuraren en ditos aniversarios tres terças et medea de pam, as duas partes de temporao et a terça de serodeo en salvo en Lugo, posta a semente do mellor que ouver no lugar, sacado trigo nen favas que non avedes a a dar ainda que o y aia; et devedes reffaçer a casa d'este casal et manteella en boo stado, et seerdes vasallos serventes et obedientes da iglesia de Lugo et seerdes deffesos commo os outros serviçaes d'esta eglesia; et a morte d'aquella pustrimeyra pessoa deve afficar esta casal a a dita eglesia con este pobro conven a saber: hun boy et huna vaca et huna porca por

povro, et con todos los outros boos paramentos que y foren feytos. Et nos as partes sobreditas obrigamos nos et nossos beens de gardar et manteer este vervo commo dito e. Demays eu, o dito Pedro Affonso, obrigo min et todos meus beens, movilles et reys, guanados et por gaanar, que compla esto por min et po-la dita mina muller et pesoa sobredita; et demays a parte que a esto pasar et o asy non comprir, peyte a outra parte por nome de penna L<sup>a</sup> moravedis da moneda del rey don Afonso, et o vervo fique firme et vala en todo. Et que esto seia çerto et non posa viir en dulta, nos as partes sobreditas rogamos a lacome, iuys et notario, que fecese ende senlos publicos stromentos.

Feyto foy esto tres dias de setembre, era de mill et CCC L[...].

Testemoyas: don Fernan Aras, dayan; don Fernan Deus, chantre; don Pedro Ruys, archidiacono de Deçon; don Andres Peres, coygo; Pedro Aras [...] Iohan [...] Gonçalves, raçoeiros; Pedro Miguelles, Affonso Rodrigues, Domingo Eanes, Francisco Guillelmes, Iohan Peres, Lopo Domingues, clerigos; et outros.

Outrosy avedes a dar [cada] anno por dia de sam Miguel cinco moravedis da moneda sobredita.

## 295

1333, setembro, 11

*Afonso Fernández véndelles a Dominga Ramalla e aos seus fillos todo canto posúe nas freguesías de San Pedro de Soñar e Santa Marta de Fixós por 800 maravedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/11, perg. orix., galego, gótica cursiva, 163x134 mm.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta virem commo eu Affonso Ferrnandes da rua Minaa, fillo de Fernan Martines, mercador, et de Maria Domingues, que foron, moradores enna rua de Vermun Sanches, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos, Dominga Ramalla et a vossos fillos, Affonso Ferrnandes et Aras Ferrnandes, todo quanto herdamento et vos eu aio et aver devo por parte et suçession dos ditos meus padre et minna nana, et d'outra maneyra qualquer, en Barreyros et en Villa de Meos et en Fonte Agrunde et en Villa Moure et en seus terminos, sub signos de San Pedro de Sonar et de Santa Marta de Foiuos, con todas suas dereyturas et pertenenças, cassas, arvores et formaes, a monte et a fonte, per hu quer que vaan, et reço de vos en preço por esta vençon oyoçentos moravedis, d'oyto soldos o moravedi, d'esta moeda branca del don Affonso, dos quaes oyoçentos moravedis me outorgo por entrego et ben pagado, et renunçio a exçeççon de non numerata pecunia, et obliigo min et todos meus bees, movelles et rays, de vos façer senpre esta vençon de pas, et logo por esta carta vos entrego et

meto enno iur et na possisson et propiedade do dito herdamento. Et dessoie mays este dia avedea senpre en pas todo meu poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon onçe dias de setembre, era de mill et CCC LXX et hun anno.

Testemoyas: Iohan Fernandes Alffagime, Nicolao Peres, selleyro; Domingo Ferro et Domingo Domingues, freeyros, ts., et outros moytos.

Et eu Roy Fernandes, notario publico de Lugo, a esta vençon pressente foy et esta carta notey et escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 296

1333, novembro, 6. Lugo

*Martíño Fernández, clérigo de San Xillao de Rubiás, dóalle ao racioneiro Xácome Eanes todo o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/12, perg. orix., galego, gótica cursiva, 152x168 mm.-  
*Tumbo Viejo*, docs. soltos, n.º 121.

Véxase CD n.º 297.

Sabeam quantos esta carta virem, commo eu Martin Ferrnandes, clerigo da iglesia de Sant Iullao de Ruivaes, dou et outorgo en doaçon para senpre por iur d'erdade a vos, Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, todo o iglesiario et leygario que eu aio et aver devo assy de conpras commo gaanças et de patrimonio et por meu yrmao Roy Ferrnandes, enna iglesia de Sant Viçenço de Pedreda, tanben pe-llo pe do altar commo enna dita iglesia, con todas suas dereyturas et pertenenças, et con todo o iur do padroadigo et vianda et renda et serviço que me perteeçe de cada anno enna dita iglesia. Et mays vos dou en doaçon en outra parte huna teega et mea de çeveyra que aio cada anno pe-llo pe do altar da iglesia de Sant Viçenço sobredito que conprey de Fernan Martines de Villa Nova, et de seus fillos. A qual doaçon dos iglesiarios sobreditos vos dou por moyto amor que de vos reçebi, et atendo de reçeber d'aqui adeante. Et renunçio et prometo en boa fe que nunca contra esta doaçon vena nenua revoge por raçon d'engraditude nen por outra raçon nen excepçon nenhuna, nen contra ella vena por min nen por outrem en iuyço nen fora del. Et por que esto seia çerto et non vena en dulta roguey a Roy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que feyta en Lugo, VI dias de novembro, era de mill et CCC LX et hun anno.

Testemoyas: Aras Affonso de Varçea; Gomes Aras de Boveda; Iacome das Galinas; Fernan Martines, concheyro; Vaasco Gil, Roy Martines tarego; Affonso Crespo, odreyro; Pedro Peales ts., et outros moytos ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, sobredito a esto commo dito he presente foy, et esta carta en minna pressença fis escribir, et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 297

1333, novembro, 6. Lugo

*Martiño Fernández, clérigo de San Xillao de Rubiás, véndelle ao racioneiro Xácome Eanes todo o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 250 marabedís.*

MADRID, *AHN*, Carp. 1332 D/12 (bis), perg. orix., galego, gótica cursiva, 209x134 mm. Véxase CD n.º 298.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Martin Ferrnandes, clerigo da iglesia de sam Iullao de Ruivaes, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, todo o iglesiario et leygario que eu aio et aver devo assy de conpras commo de gaanças, et de patrimonio enna iglesia de San Viçenço de Pedreda tan ben pe-llo pe do altar, commo enna dita iglesia, con todas suas dereyturas et pertenenças et con todo o iur do padroadigo et vianda, et renda, et serviço, que me perteeçe enna dita iglesia cada anno; et mays vos vendo en outra parte huna teega et mea de çeveyra que aio cada anno pe-llo pe do altar da iglesia de San Viçenço sobredito, que conprey de fillos de Fernan Martines de Villa Nova. Et recebo de vos en preço por esta vençon duçentos et cinquenta moravedis d'oyto soldos o moravedi d'esta moeda blanca del rey don Affonso de que me outorgo por entrego et ben pagado, et renunçio a excepçon dos ditos dineiros non avudos, et oblige min et todos meus bees, movelles et rays, gaanados et por gaanar, para vos faser senpre esta vençon de pas, et logo por esta carta vos meto enno iur et enna possisson et propiedade do dito iglesiario et çeveyra, et renda, et vianda, et serviço que aio enna dita iglesia. Et des oie mays este dia avede a senpre en pas vos et toda vossa vos pus vos todo meu senorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta en Lugo seys dias de novembro, era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et hun anno.

Testemoyas: Aras Affonso de Varçea; Gomes Aras de Boveda; Iacome das Gallinas; Pedro Pellaes ts., et outros moytos.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he rogado presente foy, et esta carta en minna presenza fis escribir, et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).



## 298

1333, decembro, 21

*Maior Fernández véndelle ao racioneiro Xácome Eanes todo o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 106 marabedis e cuarta.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/13, perg. orix., galego, gótica cursiva, 153x435 mm.

Sabeam quantos esta carta virem, commo eu Moor Ferrnandes, yrmaa de Martin Ferrnandes de Ruviaes, clerigo, et filla de Fernan Outao, que foy, de bon curaçon et de boa voontade, vendo a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vosa vos, todo quanto herdamento et vos iglesiario et leygario eu aio et aver devo en qual maneira quer, enna igrexa de Sant Viçenço de Pedreda, tan ben enna igrexa pe-llo pe do altar commo enna dita fregregia da dita igrexa, con triinta et dous soldos que aio cada anno pe-llo pe do altar da dita igrexa con a vianda et renda, et serviço, que me perteeçe de cada dia, et con todo o iur do padroadigo que aio et me perteeçe de presentar a a dita igrexa, et con todas suas dereyturas et pertenenças asy commo me perteeçe por parte do dito meu padre, et por outra maneira qualquer. Et reço de vos en preço por esta vençon çento et seys moravedis et quarta, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda blanca del rey don Affonso de que me outorgo por entrega et ben pagada; et renunçio a exçeççon do aver non contado et d'engano mays ca da meatade do dereyto preço. Et faço iuramento a os santos avangeos, que nunca contra esta vençon vena por min nen por outren en iuyço ne fora del; et oblijo min et todos meus bees de vos faser senpre esta vençon de pas, et douvos poder que vos por vosa auctoridade sen outra sollepnidade de dereyto posades entrar et tomar o iur et a possisson et a propiedade do dito iglesiario et herdamento. Et des oie mays este dia avede a senpre en pas vos et toda vosa vos pus vos todo meu poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta XXI dias de deçembro, era de mill et CCC LXX et hun anno.

Testemoyas: Fernan Ferrnandes, clerigo de Sant Viçenço de Deral; Aras Eanes, clerigo de Sant Çibrao; Gomes Eanes et Gomes Aras de Boveda; Pedro Ferreiro da Porta Nova; Affonso Ferrnandes de Sagraos ts., et outros moytos ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et vi commo a dita Moor Ferrnandes feço o dito iuramento, et esta carta en minna presenza fis escrivir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 299

1334. Lugo

*Os cóengos Arias de Parga e Velasco Díaz solicitan do Cabido licenza para estudar en Salamanca.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 74v.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> septuagesima secunda [...] Fernandi, publici notarii lucensis, congregato capitulo ecclesie lucensis in choro [...] Aras de Parrega ac Velascus Didaci, canonici predictae lucensis ecclesie, dixerunt quod ipsi proponebat ire ad studium Salamanticum, et petierunt licenciam a dicto capitulo pro duobus annis et quod concederent eis fructus porcionum suarum, quas habebant in dicta lucensis ecclesia pro tempore supradicto, quo proponebant in dicto studio remanere. Et tunc donnus Petrus Roderici, archidiaconus de Deçon et vicarius generalis reverendi patris donni Iohanni, Dei gratia lucensis episcopi, ac dictum capitulum, responderunt quod cum essent XXIII<sup>or</sup> persone et canonici numero solum in dicta lucensis ecclesia erant ad presens XII eorum absentes ab ecclesia et tamen porciones suas vel in studiis vel ex privilegiis in absentia percipiebant tamen quod recipiebant easdem porciones dicti absentes seu fructus dictarum porcionum, secundum constitutiones dicte ecclesie et secundum consuetudinem in dicta lucensis ecclesia a longis retroactis temporibus observatam. Et licet ipsi qui erant residentes in dicta ecclesia ac eadem ecclesiam fuissent et essent ex hoc quam plurimum agravati. Verum tamen dictorum canonicorum laudabile propositum approbantes cum secundum consuetudinem in dicta lucensis ecclesia a tanto tempore observatam cuius contrarium in memoria hominum non existit medietas panis et vini et dinerorum qui vocantur de condoytu cuiuslibet porcionis in dicta lucensis ecclesia pro cotidianis distributionibus teneatur habeatur, et etiam reputetur taliter quod etiam in eadem civitate et ecclesia personis et canonicis et porcionariis cotidie et continue residentibus non datur nisi venerint salutem semel in die ad horas ad coram ecclesie memorate. Idem cum protestacione quod salva integra et inviolata remaneat consuetudo predicta, et quod dicti canonici dictam licenciam petentes dum fuerint in studio nichil percipiant de dictis distributionibus cotidianis prout sunt superius declarare, nec de denariis orarum \medietis/ et quod alie constitutiones si qui sunt dicte ecclesie, eidem consuetudini annuentes similiter observentur, eisdem canonicis pro dictis duobus annis licenciam concesserunt taliter quod existentes per spacium primorum duorum annorum proximo sequencium in dicto studio salamantino vel alio studio generali habeant et percipiant alios redditus et fructus dictorum porcionum suarum prout eos alii canonici dicte ecclesie consueverunt percipere tempore bone memorie donni fratris Iohannis, quamdam eiusdem lucensis ecclesie episcopi et predecesorum suorum, et a tanto tempore citra cuius contrarium in memoria hominum non habetur. Et si dicti canonici, vel eorum aliquis, contra hoc venire temptassent super dictis distributionibus cotidianis superius declaratis, et dineriis orarum, dictum capitulum seu qualibet de capitulo inquietando in iudicio vel extra vel aliquialiter molestando quod dicta licencia pro non concessa penitus haberetur, et dicti canonici supradictis omnibus annuentes et

omnia expresse approbantes sub predictis modis et condicionibus dictam licenciam receperunt dictauerunt etiam tunc dicti vicarius et capitulum quod omnia ista servare teneantur omnis alii persone canonici et porcionarii dicte ecclesie tam presentes sive isto tempore et ipsa ecclesia existentes beneficiati quam etiam futurum qui de cetero recepti fuerint in dicta ecclesia memorata, et non alteriuscumque seu quibuscumque pro studiis licencia concedatur, quod statutum omnis beneficiati et beneficiandi in dicta ecclesia servare inviolabiliter teneantur ut alias constitutiones ecclesie sub penna [pre-fati] et prestandi iuramenti de constitutionibus et statutis dicte ecclesie observandis.

Qui fuerunt presentes in dicto capitulo: dictus vicarius donni episcopi; Fernandus de Deo, cantore; Alvarus Didaci, archidiaconus de Sarria; Gundisalvus Garsie, scolasticus; Arias Pelagii, thesaurarius; Andreas Petri, cantor de Armetia; Alfonsus Gomecii, Petrus Arie, Iohannes Fernandi et Velascus Didaci, canonici lucensis; et Iohanes Fernandi, portionarius; et Iacobus Iohannis, dispensator capituli, testis.

Et ego Rodericus Fernandi, publicus in civitate lucensis auctoritate episcopali notarius iuratus, promissis omnibus et singulis una cum dictis testibus interfui et de mandato dictorum vicarii et capituli in isto libro hoc publicum instrumentum scripsi et in publicam formam reddegi meoque signo consueto signavi in testimonium veritatis. (+).

Addicientes dicti vicarius et capitulum dicto statuto et statuentes pro constitutione sub pena iuramenti in perpetuum observanda et per me dictum notarium, Rodericum Fernandi, scribi et signari in isto libro facientes, quod quando dicta licencia pro studio fuerit aliquibus personis canonicis seu portionariis dicte ecclesie concedenda petentibus eam personaliter per se a capitulo dicte ecclesie et in capitulo, et non aliis absentibus quocumque modo directe vel indirecte concedatur, nec fructus portionis seu aliqua pars ipsorum fructuum pro studio eis seu eorum alicui alter assignetur seu etiam concedatur. Et isti adiciones ego dictus notarius signum meum apposui in testimonium veritatis. (+).

### 300

1334, xaneiro, 7. Lugo

*María Rodríguez e os seus irmáns vénxenlle ao racioneiro Xácome Eanes todo o que lles corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 150 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/13, perg. orix., galego, gótica cursiva, 153x435 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Maria Rodrigues de Barbain et Marina Rodrigues et Iohan Rodrigues, fillos que fomos de Rodrigo Eanes de

Barbain, et netos de Marina Ferrnades, que foy de Pedreda, de bon curaçon et de boa voontade vendemos a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, todo o iglesiario que nos avemos cada anno pe-llo pe do altar da iglesia de Santo Viçenço de Pedreda, o qual iglesiario he cada anno hunna oytava de çenteo, et con a vianda et renda et serviço que y avemos, et con todas suas dereyturas et pertenenças. Et reçebemos de vos en preço por esta vençon çento et çinquenta soldos d'esta moneda del rey don Affonso de que nos outorgamos por entregos ben pagados. Et renunçiamos a eçeççon do aver non contado et d'enganno, mays ca da meatade do dereyto preço, et toda outra boa raçon et eçeççon que por nos posamos aver para contra esta vençon viir, que as non posamos por nos diser nen alegar en iuyço nen fora del. Et obligamos nos et todos nosos bees de faser senpre esta vençon et especialmente por todo o herdamento et vos que nos avemos et aver devemos en Barbain sub signo de Santa Maria de Boveda et de Sant Fiis de Muia, et damosvos poder que vos por vosa auctoridade sen outra sollepnidade de dereyto posades entrar et tomar o iur et a posison et a propiedade do dito iglesiario et çeveyra. Et des oie mays este dia avedea senpre en pas vos et toda vosa vos, todo noso poderio et senorio ende seia sacado et removudo de nos et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo VII dias de ianeiro, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Affonso Martines et Iacome Afonso de Muia; Rodrigo Eanes, clerigo do coro de Lugo; Afonso Fernandes, escrivam ts., et outros moytos ts.

Et eu Ruy Ferrnades, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et esta carta en mina presenza fis escrivir, et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 301

1334, xaneiro, 13. Lugo

*Afonso Eanes e os seus irmáns véndenlle ao racioneiro Xácome Eanes o que lles corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 30 soldos.*

MADRID,AHN, Carp. 1332 D/14, perg. orix., galego, gótica cursiva, 117x421 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Affonso Eanes et Pedro Eanes et Fernan Eanes et Sancha Eanes, fillos de Iohan Carriço et de Maria Pelaes de Rimiae, por nos et en nome de nosas yrmaas, Maria Ferrnades et Tereyia Ferrnades, por que obligamos a faser de pas, de bon curaçon et de boa voontade vendemos a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vosa vos, hun dineiro cada anno pe-llo pe do altar da iglesia de Sant Viçenço de Pedreda conna vianda et

renda et serviço et iur do padroadigo de presentar que avemos enna dita iglesia. Et reçebemos de vos en preço por esta vençon triinta soldos desta moneda del rey don Affonso de que nos outorgamos por entregos et ben pagados, et renunçiamos a excepçon do aver non contado, et d'engano mays ca da meatade do dereyto preço, et toda outra boa raçon et excepçon que por nos posamos aver para contra esta vençon viir, que as non posamos diçer nen alegar por nos nen por outrem en iuyço nen fora del. Et para esto comprir et guardar et para contra esta vençon non viir, façemos iuramento a os santos avangeos, corporalmente taniudos con nosas maos, et obligamos nos et todos nossos (sic) de vos faser senpre esta vençon de pas, et des oie mays este dia avedeas senpre en pas vos et toda vosa vos pus vos todo nosso poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de nos et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo XIII dias de ianeiro, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Fernan Martines et Iohan Martines de Milleyros; Roy Ferrnandes de Rimiae, Affonso Eanes.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et vi commo os sobreditos feçeron o dito iuramento et esta carta fis escrivir, et puge en ella meu signal. (+).

### 302

1334, xaneiro, 17. Lugo

*María Pais vendelle ao racioneiro Xácome Eanes o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 40 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/14, perg. orix., galego, gótica cursiva, 117x421 mm.

Sabeam quantos esta carta virem, commo eu Maria Pellaes, filla de Marina Pascoella et de Pay Corçon, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, dous dineiros cada anno pe-llo pe do altar da iglesia de Sant Viçenço de Pedreda con toda a renda et serviço et vianda que me perteeçe y, et con todo o iur do padroadigo que me perteeçe de presentar a a dita iglesia, et con todas suas dereyturas et pertenenças. Et reçebo de vos en preço por esta vençon quaraenta soldos desta moneda del rey don Affonso de que me outorgo por entrega et ben pagada, et renunçio a excepçon que por min possa aver para contra esta vençon viir, que as non posa diser nen alegar por min nen por outrem, en iuyço nen fora del. Et para esto assy comprir et guardar et para contra esta vençon non viir faço iuramento a os santos avangeos, corporalmente taniudos con minnas maos, et oblijo min et todos meus bees, de vos faser senpre esta vençon de pas. Et

des oie mays este dia todo meu poderio et senorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo XVII<sup>e</sup> dias de ianeiro, era de mill et CC LXX et dous annos.

Testemoyas: Gomes Aras de Boveda; Iohan Eanes et Affonso Eanes, et Pedro Eanes Rimiae ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et vi commo a sobredita Maria Pelaes feço o dito iuramento et esta carta en minna presenza fis escribir et puge en ella meu signal. (+).

### 303

1334, xaneiro, 17. Lugo

*Pedro Eanes véndelle ao racioneiro Xácome Eanes o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 20 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/15, perg. orix., galego, gótica cursiva, 135x345 mm.

Sabeam quantos esta carta virem, commo eu Pedro Eanes de Rimiae, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vosa vos, hun dineiro cada anno pe-llo pe do altar da iglesia de Sant Viçenço de Pedreda, con toda a renda et serviço et vianda que me perteeçe enna dita iglesia, et con todo o iur do padroadigo de presentar a ella et con todas suas dereyturas et pertenenças. Et reço de vos en preço por esta vençon viinte soldos d'esta mone-da del rey don Affonso de que me outorgo por entrego et ben pagado; et renunço a exçeççon do aver non contado et d'engano mays cada meatade do dereyto preço, et toda outra boa raçon et exçeççon que por min posa aver para contra esta vençon viir, que as non posa por min diser nen alegar. Et para esto comprir et guardar et para contra esta vençon non viir en iuyço nen fora del, faço iuramento a os santos avangeos, corporalmente taniudos con minnas maos, et obligo min et todos meus bees de vos faser senpre esta vençon de pas. Et des oie mays este dia avedea senpre en pas vos et toda vosa vos pus vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo XVII<sup>e</sup> dias de ianeiro, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Gomes Peres, et Gomes Aras de Boveda; Iohan Eanes et Affonso Eanes de Rimiae, ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et esta carta en minna presenza fis escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

304

1334, febreiro, 3. Lugo

*Xoán Fernández véndelle ao racioneiro Xácome Eanes o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 40 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/15, perg. orix., galego, gótica cursiva, 135x345 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Iohan Ferrnandes do Tellado, morador en Rimiae, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vos a vos, hun coroado cada anno pe-llo pe do altar da igre-sia de Sant Viçenço de Pedreda, con toda a renda et serviço et vianda et iur do padroadigo que me perteeçe de cada ano enna dita igrelesia. Et reço de vos en preço por esta vençon quaraenta soldos desta moneda del rey don Affonso Affonso (sic) de que me outorgo por entrego et ben pagado, et renunçio a exçeççon do aver non contado et d'engano mays cada meatade do dereyto preço, et toda outra boa raçon et exçeççon que por min possa aver para contra esta vençon viir que as non posa diser nen alegar por min nen por outrem en iuyço nen fora del. Et para esto assy conprir et guardar et para contra esta vençon non viir faço iuramento a os santos avangeos, corporalmente taniudos con minnas maos, et obligo min et todos meus bees de vos faser senpre esta vençon de pas. Et des oie mays este dia todo meu poderio et senorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo, tres dias de febreiro, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Marcos Domingues; Fernan Eanes da Crus; Gil, omme de Fernando Martines de Cortinnas ts., et outros ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et esta carta en minna presenza fis escrivir et puge en ella meu signal. (+).

305

1334, febreiro, 13

*Fundación de aniversario realizada por Urraca Fernández, que lle doa á igrexa de Lugo a súa herdade na freguesía de San Miguel de Bacurín.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 1v, traslado polo notario Rui Fernández: 1335.

Era de mill et treçentos et LXX<sup>ta</sup> et tres XIII dias de [...] en presenza de min Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas Iohan

Fernandes, raçoeyro de Lugo, procurador do cabidoo da iglesia de Lugo, mostrou et feço leer por min notario sobredito ante don Pedro Iacome, [iuys] ordenario de Lugo, huna nota de hun testamento de Urraca Fernandes, que foy, muler d'Affonso Eanes, correeyro , a qual no[ta] do dito testamento eu notario sobredito foy presente a façer, et pediu a o dito iuys que desse auctoridade a min notario sobredito que tornase en publica forma huna clausula que se na nota do sobredito testamento conten, que perteeçe a o cabidoo et aniverssarios d'esa iglesia de Lugo, a qual nota do dito testamento era feyta en esta maneira: «In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo eu Orraca Fernandes, muller d'Affonso Eanes, correeyro, iacendo doente et temendome de morte pero con todo meu sisso et entendemento comprido asy ordeno das minnas cousas et faço meu testamento. Primeiramente mando minna alma a Deus et a Santa Maria sua madre». Eno qual testamento entre las outras cousas se continua esta clausula que se segue: «item mando toda minna herdade que eu aio en San Miguel de Bacorin et en toda essa friigregia a a iglesia de Santa Maria de Lugo para sempre con todas suas dereyturas et pertenenças, et que me faça cada anno por ella hun aniverssario, et que se avenna con aquel que a de min ten [...] para [...] des[...] os novos que rendeu et render d'aqui adeante para seer a herdade quita por elles». A qual clausula et nota do testamento leuda o dito iuys diso que el veendo que o dito Iohan Fernandes pedia dereyto deu auctoridade a que [eu notario] que tornase a dita clausula en publica forma et a posesse no livro do cabidoo signada con meu signal.

Feyto foy esto era et dia sobreditos.

Testemoyas: don Aras Pelaes, thesoreyro da iglesia de Lugo; Affonso Eanes, raçoeyro; Fernando Eanes et Pedro Migueles, clerigos do coro de Lugo.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito dado pe-lla auctoridade do bispo desse mesmo lugar, a esto commo dito he presente foy et por mandado et auctoridade do sobredito iuys a dita clausula trasladey en este livro do cabidoo et puge y meu signal.

### 306

1334, febreiro, 19. Lugo

*Arias Pérez véndelle ao racioneiro Xácome Eanes o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 30 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/16, perg. orix., galego, gótica cursiva, 139x199 mm.

Sabeam quantos esta carta virem, commo eu Aras Peres, fillo de Pedro Peres que foy de Ferreyra, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos Iacome Eanes,



raçoeyro de de (sic) Lugo, et a vosa vos, huna teega de çeveyra cada anno que eu aio pe-llo pe do altar da iglesia de Sant Viçenço de Pedreda, conna vianda et renda et seruiço que eu aio enna dita iglesia, et con todo o iur do padroadigo de presentar, et toda a herdade que me perteeçe por este padroadigo enna dita iglesia a qual herdade me perteeçe por la vos do Villar dos Naraes, et con todas suas dereyturas et pertenenças assy commo me na dita iglesia. A qual erdade se parte con Maria Teega, sacado ende duas cavadas que cavou meu avoo. Et reço de vos en preço por esta vençon triinta moravedis, d'oyto soldos o moravedi, d'esta moneda blanca del rey don Affonso de que me outorgo por entrego et ben pagado; et renunçio a exçeççon do aver non contado et d'engano mays ca da meatade do dereyto preço, et toda outra boa raçon et exçeççon que por min possa aver para contra esta vençon viir, que as non posa por min diser nen alegar en iuyço nen fora del. Et para esto conprir et guardar et para contra esta vençon non viir, faço iuramento a os santos avangeos, corporalmente taniudos con minas maos, et obligo min et todos meus bees de vos faser senpre esta vençon de pas; et logo por esta carta vos meto enno iur et na posison et propiadade do dito iglesia et çeveyra et herdade, et des oie mays este dia todo meu poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo XIX dias de febreiro, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Gonçalvo Peres Alvello; Affonso Lopes, alffayate; Iohan da Vina ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et vi commo o dito Aras Peres feço o dito iuramento et esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

### 307

1334, marzo, 7. Lugo

*O Cabido acorda non recibir cóengos de aniversario durante seis anos.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 77r.

[...] idcirco nos Fernandus Arie, decanus, ac univer[...] capitulum attendentes quod aliqui clerici [...] chori ecclesie lucensis qui canonicis aniverssarium de consuetudine [...] eo de denariis aniverssarium qui distrib[...] eos qui veniunt in ipsa ecclesia ad horas equales cum aliis canonicis eiusdem ecclesie recipiunt porcionnes consueverunt esse [...] nostro videlicet XII pauci [plures vel pauciores] ac ydonei et in facultatibus habundantes; ita quod quibus de predictis canonicis [...] misseriorum habebant competentem provisionem videlicet: VI solidos vel unum morabitanos mone-

te regis donni Fernandi cotidie de [.....]ssariis pro expensis. Et modo in presenti propter dictam importunitatem potencium plures quam XXX<sup>a</sup> et fere quadraginta clerici [...] canonicos aniverssariorum in eadem ecclesia sint [poniti] et recepti et porcio uniuscuiuslibet pro omnibus horis tocus diei, duos dineros eiusdem monete pro dolor non excedat, maxime cum casalia hereditates et possessiones et domus dictorum aniverssariorum sint valde deteriorare in tantum quod summa precii arrendacionis earum qui consuevit ad sumam quinque milium morabitanos ascendere, ad duo millia non attingit. Idcirco nos, decanus, et capitulum supradicti volentes huic intolerabili casici pro ut possumus occurrere, et non tanti dicte ecclesie et servitorum ipsius cum opportuno remedio subvenire, pro nobis et universso dicte ecclesie capitulo, et pro subcessoribus nostris, promittimus, statuimus et etiam ordinamus quod ab ista presenti die usque ad seys annos proximo subsequentes, nullum recipiamus nec ponamus clericum in canonicum aniverssariorum, nec aliquomodo, seu quocumque quesito colore sustineamus, quod pro canonicum aniverssariorum in dicta ecclesia recipiatur, nec pro canonico aniverssariorum et horarum aliqualiter habeatur cum sint ibi modo in dicto officio poniti et recepti, qui possunt congrue sufficere per totum predictum tempus seys annorum ad serviendum in choro ecclesie [praelitate] quam provisionem statutum et ordinacionem, tam quam alias constituciones dicte ecclesie laudabiles et rationabiles promittimus per iuramentum quod super hoc corporaliter prestamus ad santa Dei evngeliam, pro nobis et subcessoribus nostris inviolabiliter observare. Omnes etiam presentes et futuri persone canonici et porcionarii dicte lucensis ecclesie istud statutum prout alias constituciones et statuta dicte ecclesie usque ad predictum tempus servare inviolabiliter teneantur sub pena prestiti et prestandi de observandis constitucionibus dicte ecclesie iuramenti.

Actum in thesauro dicte ecclesie in capitulo ad hoc per pulsationem campane iuxta morem dicte ecclesie celebrato, septima die mensis marcii, era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> septuagesima secundi.

Qui fuerunt presentes in dicto capitulo et corporaliter prestiterunt huiusmodi ad sancta Dei evangelia iuramentum: donus Fernandus Arie, decanus; donus Fernadus de Deo, cantor; Alvarus Didaci, archidiaconus de Sarria; Petrus Roderici, archidiaconus de Decon; Arias Pelagii, thesaurarius; Iohannes Fernandes, Petrus Gualvan, Velascus Didaci, canonici.

### 308

1334, marzo, 8. Lugo

*Afonso García, Afonso Pérez e Pedro Rodríguez vendenlle ao racioneiro Xácome Eanes o que lles corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 200 soldos.*

MADRID, *AHN*, Carp. 1332 D/17, perg. orix., galego, gótica cursiva, 126x363 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Affonso Garçia, et Affonso Peres, et Pedro Rodrigues, moradores en Rimiae, netos de Garçia Carriço, de bon curaçon et de boa voontade vendemos a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vosa vos, sete dineiros et hun purgaes que nos avemos cada anno pe-llo pe do altar da iglesia de Sant Viçenço de Pedreda, con todo o iur do padroadigo et renda et vianda et serviço, que nos perteeçe enna dita iglesia, dos quaes sete dineiros et hun portugaes eu Affonso Garçia vendo os tres dineiros et eu Affonso Peres dous soldos et meo, et eu Pedro Rodrigues hun dineiro et duas partes d'una mealla. Et reçebemos de vos en preço por esta vençon duçentos soldos desta moneda del rey don Affonso de que nos outorgamos por entregos et ben pagados; et renunçiamos a exçeççon do aver non contado et d'engano mays cada meatade do dereyto preço, et toda outra boa raçon et exçeççon que por nos posamos diser nen alegar por nos nen por outren en iuyço nen fora del. Et para esto assy conprir et guardar et para contra esta vençon non viir façemos iuramento a os santos avangeos, corporalmente taniudos con nosas maos, et obligamos nos et todos nossos bees de vos faser sempre esta vençon de pas. Et des oie mays este dia todo nosso poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de nos et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo VIII<sup>o</sup> dias de março, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Pedro Martines, omme do bispo; Fernan Affonso de Muia; Iohan Pelaes, alffayate; Aras Martines de Fargoes ts., et outros moytos testemoyas.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et vi commo os sobreditos feçeron o dito iuramento et esta carta en mina presenza fis escribir et puge en ela meu signal. (+).

### 309

1334, marzo, 10. Lugo

*Mariña Eanes e o seu fillo vén denlle ao racioneiro Xácome Eanes o que lles corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 100 soldos.*

MADRID, *AHN*, Carp. 1332 D/17, perg. orix., galego, gótica cursiva, 126x363 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Marina Eanes de Rimiae, filla de Maria Peres et de Iohan Vello, et neta de Nuno Pego, con meu fillo, Affonso Peres, nos anbos de consuu, de bon curaçon et de boa voontade vendemos a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vosa vos, sete soldos d'esta moneda del rey

don Afonso que nos avemos cada anno pe-llo pe do altar da igreſia de Sant Viçenço de Pedreda con toda a renda et ſerviço et vianda, et iur do padroadigo, que nos perteeçe enna dita igreſia, et con todas ſuas dereyturas et pertenenças. Et reçebe-mos de vos en preço por esta vençon çen soldos da dita moneda de que nos outor-gamos por entregos et ben pagados, et renunçiamos a exçeççon do aver non con-tado et d'engano mays cada meatade do dereyto preço, et toda outra boa raçon et exçeççon que por nos por nos (sic) posamos diſer et alegar que as non posamos por nos diſer nen alegar en iuyço nen fora del. Et para esto aſy conprir et guardar et para contra esta vençon non viir façemos iuramento a os ſantos avangeos, corporal-mente taniudos con nosas maos, et obligamos nos et todos nosos bees de vos faſer ſen-pre esta vençon de pas, et des oie mays este dia avedea ſenpre en pas vos et toda voſa vos pus vos.

Feyta a carta da veçon en Lugo X dias de março, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Iohan Eanes de Muia; Gomes Aras de Boveda; Pedro Martines, omme do biſpo ts., et outros.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he preſſente foy et esta carta fis eſcrivir et puge en ela meu ſignal. (+).

### 310

1334, marzo, 13

*Xoán Domínguez e outros véndenlles a Dominga Ramalla e aos ſeus fillos a oitava parte do caſal e herdade de Barreiros, en San Pedro de Soñar, e o caſal de Burgonovo, en Santa Marta, por 266 soldos e medio.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/18, perg. orix., galego, gótica cursiva, 183x138 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Iohan Domingues de Santa Ouffemea, fillo de Dominga Frada de Villa Moure, et eu Dominga Peres, filla de Pedro Domingues et neta de Dominga Frada, preſſente et outorgante Mayor Fer-nandes minna nana, et eu Mayor Ferrnandes sobredita en nome de Mayor Peres, minna filla, de que aio gaanado por raçon que morreu en meu poder ſen ydade comprida, de bon curaçon et de boa voontade, vendemos a vos, Dominga Ramalla et a vossos fillos, Aras Affonso et Affonso Ferrnandes, a oytava parte do caſſal et herdamento de Barreyros, que he en Villa Moure ſub ſigno de San Pedro de Sonar, et todo o herdamento que avemos enno caſſal de Burgo Novo et en Villa Moure ſub o dito ſigno et ſub ſigno de Santa Marta, con todas ſuas dereyturas et pertenenças, caſſas, arvores et formaes, a monte et a fonte per hu quer que vaa, et reçe-

bemos de vos en preço por esta vençon duçentos et LXVI soldos et meo d'esta moeda del rey don Affonso, de que somos entregos et ben pagados, et renunçiamos a excepçon do aver non contado et d'engano demays cada meatade do dereyto preso, et renunçiamos et façemos iuramento a os santos avangeos, corporalmente taniudos con nossas maos, que nunca contra esta vençon venamos. Et obligamos nos et todos nossos bees de vos fazer senpre esta vençon de pas. Et dessoie mays este dia todo nosso poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de nos et posto en vos.

Feyta a carta XIII dias de março, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Martin Eanes et Fernan Eanes de Bravos; Affonso Eanes de Lamaboa; Iohan Migueles, clerigo de Villachaa; Fernan Affonso de Quinte ts., et outros ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he pressente foy et esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

### 311

1334, marzo, 21. Lugo

*Roi Fernández véndelle ao racioneiro Xácome Eanes o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 100 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/19, perg. orix., galego, gótica cursiva, 117x229 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Roy Ferrnandes morador en Paderne, fillo de Fernan Outao, et yrmao de Maria Ferrnandes de Ruviaes, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vosa vos, triinta et dous soldos d'esta moneda del rey don Affonso que eu aio cada anno pe-llo pe do altar da iglesia de Sant Viçenço de Pedreda con todo o iur do do (sic) padroadigo et con aquela renda et serviço et con o terço da vianda que y avia o dito meu padre, Fernan Outao, et con todas suas dereyturas et pertenenças segundo se conten nas cartas que vos Iacome Eanes ende ia teedes, et con toda a herdade que eu aio en Lama Longa, que he sub o dito signo, chamada da vos do clerigo, et reço-bo de vos en preço por esta vençon çen moraovedis, d'oyto soldos o moravedi, da moeda sobredita de que me outorgo por entrego et ben pagado. Et renunçio a excepçon dos ditos dineiros non reço-budos et d'engano mays cada meatade de dereyto preço, et toda outra boa raçon et excepçon que por min posa aver para contra esta vençon viir, et para esto assy conprir et guardar et para contra esta vençon non viir por min nen por outren en iuyço nen fora del faço iuramento a os

santos avangeos, corporalmente taniudos con minas maos, et oblijo min et todos meus bees de vos faser senpre esta vençon de pas, et logo por esta carta vos meto enno iur et na posison et enna propiedade do dito iglesiario et dineiros et herdade, et des oie mays este dia todo meu poderio et senorio ende seia sacado et removido de min et posto en vos.

Feyta a carta en Lugo XXI dia de março, era de mil et CCC et LXX et dous annos.

Testemoyas: Affonso Eanes, fillo de Iohan Pedreyro; Iacome Eanes, clerigo de Sant Salvador de cabo Sarria; Affonso Lopes, alffayate; Martin Fernandes sobre-dito; Affonso Fernandes, escrivan ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et vi commo o dito Roy Fernandes feço o dito iuramento et esta carta en mina presenza fis escrivir et puge en ella meu signal. (+).

### 312

1334, abril, 6. Lugo

*Afonso Fernández, clérigo, e os seus irmáns vénxenlle ao racioneiro Xácome Eanes o que lles corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda mais cinco leiras de herdade no mesmo lugar por 15 marabedis.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/20, perg. orix., galego, gótica cursiva, 149x163 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Affonso Ferrnandes de Muia, clerigo da iglesia de Santiago de Ruviaes, por min et en nome de minna yrmaa, Tareyia Ferrnandes, et Moor Ferrnandes et Maria Ferrnandes, fillos que fomos de Fernan Eanes de Sande et de Tereyia Eanes, et eu Affonso Eanes de Pedreda, fillo de Iohan Eanes por min, de bon curaçon et de boa voontade vendemos a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vosa vos, dous soldos cada anno que nos avemos pe-llo pe do altar da iglesia de Sant Viçenço de Pedreda con aquela renda et serviço et iantar que nos avemos cada anno enna dita iglesia et con todo o iur do padroadigo que nos perteeçe de presentar a ella. Outrosy vos vendemos cinco leyros d'erdade que son en Pedreda enna agra de sub iglesia os dous, o hu en Lega, et outro en Estiudas, et o outro leyro ias enna cortina de Poeio cabo da cortina de Fernan Affonso, et os outros dous leyros son enna agra de Caschamaria, o hun d'elles fere enna leyra de Pedro Escudeiro et na do Freyre que van contra Sabugueyro, et o outro leyro ias enno Valle do Sabugueyro; os quaes leyros nos perteeçen por prestamo que tragian os ditos nosos padres da dita iglesia. Et reçebemos de vos en preço por esta vençon quince moravedis, d'oyto soldos cada moravedi, desta

moeda del rey don Affonso de que nos outorgamos por entregos et ben pagados. Et renunçiamos a exçeççon do aver non contado, et obligamos nos et todos nosos bees de vos faser senpre esta vençon de pas, et espeçialmente eu o dito Affonso Ferrnandes obligo de vos faser esta vençon de pas por min et po-llas ditas minnas yrmaas, et des oie mays este dia todo noso poderio et seniorio ende seia casado (sic) et removudo de nos et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo VI dias d'abril, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Duran Moniis, mercador; Gonçalvo Peres d'Avoyñ; Affonso Savasches, clerigo da dita iglesia; Roy Martines Tarego; Affonso Martines et Fernan Affonso de Muia, ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et esta carta fis escribir et puge en ella meu signal. (+).

### 313

1334, abril, 21. Lugo

*Pedro Outeiro véndelles a García Fernández e á súa muller unha leira en Santa María de Alta por 60 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/21, perg. orix., galego, gótica cursiva, 145x111 mm.

Sabeam quantos esta carta virem, commo eu Pedro Outeyro de Santa Maria Alta, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos, Garçia Ferrnandes et a vosa muler Aldara Eanes, huna leyra d'erdade que he en Santa Maria Alta, a os Forcoes da Riba, a qual leyra ias de huna parte cabo huna leyra que foy de Fernan Aras, et da outra testa fere na carreyra da iglesia, et da outra testa na leyra que foy de Fernan Aras, sub signo de Santa Maria Alta. Et reço de vos en preço por esta vençon sesaenta soldos d'esta moneda del rey don Affonso de que me outorgo por entrego et ben pagado, et obligo min et todos meus bees de vos faser esta vençon de pas, et desoie mays este dia todo meu poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo XXI dia d'abril, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Affonso Eanes de sam Viçenço dos Muros; Iohan Affonso de Teyxeyro; Aras Gonçalves ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he pressente foy et esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 314

1334, maio, 8. Lugo

*Intercambio de propiedades entre o Cabido de Lugo e Xoán Afonso, veciño do Burgo Novo.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 3r, traslado ao Libro do Cabido polo notario Roi Fernández.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo de Lugo con outorgamento de Fernan Afonso, coengo dese lugar, teente a amiistraçon do mes de ianeyro, da huna parte, et Johan Afonso, escudeyro, morador en Burgo Novo, con outorgamento de sua muller, Maria Peres, da outra, façemos entre nos tal escanbea valledeyra por senpre, conven a saber que nos dayam et cabidoo sobreditos damos et outorgamos a vos, Johan Afonso et Maria Peres sobreditos, hun terreo que he enna cortina da Regoa, o qual he d'esta dita amiistraçon, commo se começa enno canto da cassa que foy de Savaschan Domingues et vay a dereyto para a carreyra que ven das cortinas de San Romao et se vay a dereyto por ella para a Porta de San Pedro, et se volve en chave contra o canto da cassa que foy de Martin Pelaes, carniçeyro, sub a cappella de Santiago. Et eu, Johan Afonso sobredito, con outorgamento da dita minna muller, Maria Peres, dou et outorgo a vos, dayan et cabidoo sobreditos, huna leyra de herdade que he huna mea oytava de çeveyra semente que iaz iuntada con outra herdade que y ha esta dita amiistraçon en Sayoane de Pena, et iaz enno lugar que chaman o Escaayro da Silva, et fere de testa enna carreyra que vay do casal da See para o camino de Sarria, et da outra testa vay contra a villa de Fontao, et sobre ella iaçen tres sucos d'erdade que foron de Marina Amada, et da outra parte iaz outra tamana herdade que se parte con ella por vara, sub signo de Sayoane de Pena. Et nos as partes sobreditas outorgamos esta escanbea por nos et por nosos susçesores et prometemos a a boa fe de non viir contra ella en ninhuna maneyra. Et que esto seia çerto et non vena en dulta rogamos a Pedro Iacome, iuys et publico notario de Lugo, que faça desto hun publico estrumento en testemoyo de verdade.

Que foy feyto VIIIº dias de mayo era de mill et CCC LXXª et dous annos.

Testemoyas que foron pressentes: don Fernan Aras, dayan; don Fernan de Deus, chantres de Lugo; don Alvar Diaz et don Pedro Roys, archidiagos; don Aras Pelaes, thesoreyro; Andres Peres, Pero Galvan, Johan Ferrnandes, Vaasco Dias, coengos; Afonso Eanes et Johan Ferrnandes, raçoeyros de Lugo; Gomes Pelaes, escudeyro; Fernan Peres, notario de Lugo, et outros ts.

Et eu Pero Iacome, iuys et notario sobredito, presente foy et de commo por ante mi pasou a rogo destas partes sobreditas fige escribir esta carta et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.



Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, vi a carta sobredita escrita en pulgameo et signada da signal de Pero Iacome, iuys et notario sobredito, et a rogo de Johan Affonso sobredito vervo por vervo esta carta en este livro do cabidoo fis trasladar et puge y meu signal.

315

1334, maio, 10. Lugo

*Roi Martíns e a súa muller véndenlle ao racioneiro Xácome Eanes o que lles corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 560 soldos.*

MADRID, *AHN*, Carp. 1332 D/22, perg. orix., galego, gótica cursiva, 189x385 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Ruy Martines de Barbaym con minna muler, Moor Domingues, filla de Luca Rodrigues, de bon curaçon et de boa livre voontade vendemos a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vosa vos, duas teegas et mea de çenteo cada anno pe-llo pe do altar da igrexa de San Viçenço de Pedreda con todo o iur do padroadigo et renda et iantar et vianda que nos a nos perteeçe enna dita igrexa et con todas suas dereyturas et pertenenças a qual renda sobredita nos perteeçe por nos et compra que conpramos et gaanamos de Fernan Fernandes, filo de Fernan Eanes de Barbaym. Et reçebemos de vos en preço por esta vençon quinentos et sesaenta soldos d'esta moeda del rey don Affonso de que somos entregos et ben pagados, et renunçiamos a exçeççon do aver non contado, et obligamos nos et todos nossos bees de vos faser senpre esta vençon de pas, et renunçiamos et prometemos que nunca contra esto venamos, et para conprir et guardar façemos iuramento a os santos avangeos, corporalmente taniudos con nossas maos, et des oie mays este dia todo noso poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de nos et posto en vos.

Feyta a carta en Lugo des dias de mayo, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Pedro Eanes de Pedreda, ortorao do bispo; Iohan Migueles, clerigo de Villachaa; Fernan Rodrigues, albergueyro; Fernan de Quinte ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presente foy et vi commo os ditos Roy Martines et Moor Domingues feçeron o dito iuramento, et esta carta escrivi et puge en ella meu signal. (+).

## 316

1334, maio, 15

*Sancha Eanes véndelle ao racioneiro Xácome Eanes o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 12 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/22, perg. orix., galego, gótica cursiva, 189x385 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Sancha Eanes de Ruviae, filla de Iohan Ferrnandes do Tellado, de boa livre voontade vendo a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, et a vossa vos, hun dineyro coroado d'esta moeda del rey don Affonso que eu aio de cada anno pe-llo pe do altar da igrelesia de San Viçenço de Pedreda, con toda a renda et vianda et serviço que me perteeçe enna dita igrelesia, et con todas suas dereyturas et pertenenças, et con todo o iur do padroadigo que eu aio en esta igrelesia. Et reço de vos en preço por esta vençon doce soldos desta moeda del rey don Affonso de que me outorgo por entrega et ben pagada, et obli-go min et todos meus bees de vos fazer de pas esta vençon, dessoie mays este dia todo meu poderio et seniorio ende seia sacado et removido de min et posto en vos.

Feyta a carta XV dias de mayo era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Sancho Peres d'Avoyñ; Iohan Eanes carneyro; Fernan Affonso de Quinte; Affonso Peres, escrivan, ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he presen-te foy et esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 317

1334, maio, 17

*Sancha Miguez véndelle ao racioneiro Xácome Eanes o que lle corresponde na igrexa de San Vicente de Pedreda por 50 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/22, perg. orix., galego, gótica cursiva, 189x385 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Sancha Migueles, filla de Migeel Ferrnandes de Pedreda, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos Iacome Eanes, raçoeyro de Lugo, hun quartal de çeveyra cada anno pe-llo pe do altar da igrelesia de San Viçenço de Pedreda, con todo o iur do padroadigo et renda et iantar que eu aio enna dita eglelesia et con todas suas dereyturas et pertenenças. Et reço de vos en preso por esta vençon çinquenta soldos d'esta moneda del rey don Affonso de que me outorgo por entrega et ben pagada, et obli-go min et todos

meus bees de vos faser esta vençon de pas. Et renunçio et prometo en boa fe que nunca contra esta vençon venna en maneira que seia, et para esto comprir et guardar faço iuramento a os santos avangeos, corporalmente taniudos con minas maos. Et desoie mays este dia avedea senpre en pas vos et toda vossa vos pus vos, todo meu poderio et senorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta XVII<sup>e</sup> dias de mayo, era de mill et CCC LXX et dous annos.

Testemoyas: Fernan Affonso d'Outeiro; Iohan Domingues de Castro de Santo Andre; Affonso Savaschaes, clerigo ts., et outros moytos ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto como dito he presente foy et esta carta escrivi, et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade, et vi commo a dita Sancha Migueles feço o dito iuramento. (+).

### 318

1334, maio, 26

*Roi Vázquez vëndelle a Pedro López o igrexario que ten en Santa María de Cela e o quinhón do castiñeiro no mesmo lugar por 200 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/23, perg. orix., galego, gótica cursiva, 144x90 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Roy Vaasques dito Coyra de bon curaçon vendo a vos, Pedro Loples de Rodeyro, o meu igregareo que aio na eyra de Santa \Maria/ de Çelle con padroadigo d'apresentar, o qual igregareo aio por meu padre Vaasco Oveques; et mays vendo o meu quinon do castineyro en Gercoce pena Carvall, sub o dito sino. Et reçebo de vos en preço por esta vençon duçentos \soldos/ da moeda del rey don Affonso de que me outorgo por ben pago et entrego, et obligo min et todos meus bees gaanados et por gaanar a vos façer esta vençon de pas.

Feyta a carta viinte et VI dias andados de mayo, era de mill et CCC<sup>os</sup> et LXX<sup>a</sup> et dos annos.

Testemoyas que foron presentes: Arreas Eanes et Fernan Martines et Fernan Eanes, moradores en Brea, ts.

Et eu Fernan Ferrnandes, notario plupico (sic) dado por lo bispo de Lugo en terra de Pallares et no couto de Ferreyra, a esto presente foy et a rogo das partes esta carta escriyv et puge y meu nome et meu signal.

Entreliney esta carta hu diçe Maria que foy erro, et hu diçe soldos.

## 319

1334, xuño, 6. Lugo

*Fernando Pais e a súa filla vénndenlle a Dominga Ramalla unha leira de herdade na freguesía de Santiago de Saa por 60 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/24, perg. orix., galego, gótica cursiva, 206x89 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Fernan Pelaes de Lama con minna filla, Luca Ferrnandes, nos anbos de consuu de bon curaçon et de boa vooontade vendemos a vos, Dominga Ramalla, et a vosos fillos: Aras Affonso et Affonso Ferrnandes, huna leyra d'erdade que he en Saa, enna agra de Buiae, que ias d'ylar-ga na leyra das Quintaas, da huna parte a leyra do bispo de Sobrado, et fere de testa en huna leyra d'Affonso Ramallo, et da outra parte no leyro do clerigo; a qual leyra se parte de por meo con huna leyra de Tareyia Aras, a qual leyra he de huna mea teega semente, sub signo de Santiago de Saa. Et reçebemos de vos en preço por esta vençon sesaenta soldos desta moneda del rey don Affonso de que nos outorgamos por entregos et ben pagados. Et obligamos nos et todos nosos bees de vos faser senpre esta vençon de pas, et desoie mays este dia avedea senpre en pas vos et toda vosa vos pus vos.

Feyta a carta de vençon en Lugo VI dias de iuyo, era de mill et CCC LXXII annos.

Testemoyas: Martin Chaupin; Pedro Peres de Varçea; Roy Ferrnandes de Belsar; Affonso Peres et Asenxo dy ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, a esto commo dito he pressente foy et esta carta fis escrivir et puge en ella meu signal. (+).

## 320

1334, xullo, 4

*O deán e o Cabido de Lugo outórganlle a Fernando Arias unha leira en Pazos e reciben a cambio dúas leiras de herdade na freguesía de San Pedro de Soñar.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 D/25, carta part. por a.b.c., perg. orix., galego, gótica cursiva, 270x159 mm.

A..B..C.....E. Sabeam quantos esta carta virem commo nos dayam et cabidoo da iglesia de Lugo da huna parte, et eu Fernan Aras de Moesteiro, comendador da barra da outra, fasemos entre nos tal escanbea valedeyra por senpre.

Conven a saber que nos dayam et cabidoo con outorgamento de Iohan Aras, fillo de Aras Pelaes de Peyteeyros, que esta presente et outorgante, damos et outorgamos a vos Fernan Aras para senpre por iur de herdade, huna leyra de herdade que a nos perteesçe por parte de Pedro Suares, a qual ias ena agra de Paaços entre la leyra de Festos da huna parte, et a leyra de Pedro Martines de Perrela, que comprou Maria da Penna, da outra, et fer de huna testa na cortina da Avelayra, et da outra testa na leyra que chaman dos de Perrela que ias contra a Lamela. Et eu Fernan Aras, comendador, dou et outorgo a vos, dayam et cabidoo sobredito, para senpre por iur de herdade duas leyras de herdade, das quaes a huna ias na agra de Peyteeyros a Avelayra entre duas leyras de fillos de Pedro Ferrnandes de Sonar, et fere de huna das testas en huna leyra do bispo que ias contra o souto d'Onega, et da outra testa no caminno que ven para Lugo; et a outra leyra d'estas ias na agra chamada de Valinas entre las leyras de Maria Peres de Paaços da huna parte, et a de Maria Domingues de Perrela da outra, et fer de huna das testas en huna leyra do bispo que ias parado de Fonteela, et da outra testa na leyra de Elvira Pellaes que vay para a iglesia. As quaes ditas leyras son sub signo de Sant Pedro de Sonar. Et cada huna de nos estas partes prometemos et obligamos a faser senpre de pas estas leyras sobreditas de que fasmus esta escanbea commo dita he por todos nossos bees. Et que esto seia çerto et non vena en dulta, rogamos a Fernan Peres, notario publico de Lugo, que fasa desto faser duas cartas en hun tennor partidas por A.B.C. et ponna en cada huna d'ellas seu nome et seu signal en testemoyo de verdade.

Feyto foy esto quatro dias de iulio, era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et dous annos.

Testemoyas que a esto presentes foron: dom Fernan Aras, dayam; dom Pedro Ruys, arçidiago de Deçon; dom alvar Dias, arçidiago de Sarrea; dom Pedro Iacome, iuus; dom Aras Pelaes, thesoreyro; Iohan Ferrnandes, Andres Peres, coengos de Lugo; Affonso Anes, rasoeyro, Françisco Guillelmes, sanchristan; et Iohan Aras, fillo de Aras Pelaes de Peyteeyros que foy, ts.

Eu Fernan Peres, sobredito notario publico de Lugo, que a esto chamado et rogado presente foy con as ditas testemoyas, et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna presenza fige scrivir et puge y meu nome et meu signal. (+).

### 321

1334, xullo, 17. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao cóengo Xoán Fernández, mentres viva, o casal de Castello. O primeiro ano deberá pagar unha renda de 70 marabedis e o viño; despois, 80 marabedis.*

MADRID, *AHN*, *Cód. 416 B*, fol. 25v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Rui Fernández.

Era millesima CCC<sup>a</sup> LXX<sup>ta</sup> secunda et quotum XVII<sup>a</sup> die mensis iullii.

Sabeam quantos esta carta viren commo en presenza de min Pedro Iacome, juys et publico notario da iglesia de Lugo, et das testimonias adeante escriptas, sendo no thesouro da dita iglesia, hu se acostuma a façer o cabidoo, aiuntados por canpaa taniuda os omes boos do cabidoo da dita iglesia, arrendaron o casal de Castello, que conpraron o dayam et cabidoo da dita iglesia a o thesoreiro, don Aras Pellaes, a Iohan Fernandes de Valdayo, coengo de Lugo, por en toda sua vida con todas las casas et herdades et sopinoramentos et dereytos, asy commo o conpraron a o dito thesoreiro, et con sete armentios que son taes: un boy et dous almallos et huna beçerra que pasan por dous annos, et tres vacas parideyras. Por lo qual arrendamento o dito Iohan Fernandes ha de pagar este primeiro anno seseenta moravedis d'esta moneda que ora corre del rey don Affonso et o vino; et ennos outros annos seguintes ha de pagar cada anno oyteenta moravedis da dita moneda, os quaes moravedis ha de pagar a os que acadaren os aniversarios da iglesia de Lugo, a os terços do anno. Et o dito cabidoo han de fazer de paz o dito casal a o dito Iohan Fernandes segundo que llo arrendan et receber-le en conta toma ou grandou geada, asy commo he huso et custume da iglesia de Lugo dos outros casares et rendas que ha. Et o dito Iohan Fernandes recebeu o dito casal et gaado sobredito, et obrigou si et seus bees a pagar a dita renda cada anno commo dito he; et a sua morte leyxar o dito casal livre et desenbargado con todos los boos paramentos que y feçer et con outro tanto gaado et tal commo o reçebia. Et para o asi conprir deu por fiador: don Fernan de Deus, chantre da dita iglesia de Lugo, que foy presente et outorgante-se por fiador. Et de commo esto pasou por ante min notario as ditas partes rogaron-me que feçese ende duas cartas en hun tenor.

Testemoyas que foron presentes: o dito chantre; don Alvar diaz, archidia-go de Sarrea; don Pedro Royz, archidiago de Deçon; don Aras Pellaes, thesoreiro; Andres Peres, Pedro Aras et Vasco Diaz, coengos; Françisco Guillelmes, Pedro Miguellas et Domingo Eanes, coengos de universaria, et outros.

Et eu Pedro Iacome, iuyz et publico notario de Lugo, presente et notei et fige escribir esta carta et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado per auctoridade do bispo desse miismo lugar, vi et ley a carta sobredita signada de signal de don Pedro Iacome, iuyz et notario sobredito, et a rogo de Fernan Affonso, coengo de Lugo, procurador do sobredito cabidoo, et por mandado et auctoridade do sobredito iuys vervo por vervo a dita carta en mina presenza fiz trasladar et puge en ella meu signal.

## 322

1335, febreiro, 12

*Aldara Rodriguez vëndelles a Diego Fernández e á súa muller a terceira parte da súa herdade en Sobrado, freguesía de San Pedro de Santa Cruz, e dúas partes dunha casa en Recesende por 50 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/1, perg. orix., galego, gótica cursiva, 230x67 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aldara Rodrigues, filla que fuy de Gonçalvo Rodrigues de Recesende et de Maria Eanes, vendo a vos, Diego Ferrnades de Neyra et a vosa muller Tareyia Ferrnades, a terça de quanta herdade et vos avia este meu padre, Gonçalvo Rodrigues et Maria Eanes mia nana, en Sobrado, a montes et a fontes, et en todos los lugares que a vos posades achar, asy commo vay su syno de San Pero de Santa Clus, et vendo-vos as duas partes da casa que foy de Gonçalvo Rodrigues en Recesende, a qual casa he do abango, que he meu quinon et de Sancha Rodrigues. Et reçebi de vos en preço por esta vençon sobredita L<sup>a</sup> maravedis dos dyneyros da moneda del rey don Affonso, dos quaes me eu outorgo por ben pagada et outorgo por min et por todas minnas boces a fazervo-la de pas a todo tempo.

Feyta a carta XII dias de frebeyro, era de mill et CCCLXXXIII anos.

Testemoyas: Lopo Aras de Furis; et Vasco Rodrigues, morador en Castro Verde; et Fernan Ferrnades d'Escouto; et Aras Peres d'Arroyo; et Affonso Rodrigues de Gondian et outros.

Et eu Garcia Tello, notario na Prova de Neyra en lugar de Françisco Martines, notario publico del rey en esta Prova sobredita, a esto fuy presente et por mandado das partes escrivi esta carta et puge en ella meu synal que he tal semelaville a de Françisco Martines, en testemoyo de verdade. (+).

## 323

1335, febreiro, 28. Lugo

*Estatuto sobre os arrendamentos de aniversarios.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 77v.

[...] importunitatem peten[...] conceduntur et hiis [...] redditus casalium hereditatum domum [...] pertinencium per tales ambiciosas [...] et iniustas concessiones factas per capitulum [...] perssonis dampnabiler in maximum dicte ecclesie

decimen [...] multorum tam concedentium quam recipiendum per [...] redditus qui fuerunt averis defunctis fidelibus christianis dicte lucensis ecclesie reliti pro aniverssariis supradictis qui debebant pro animabus dictorum fidelium defunctorum ad servicium divini cultus expendi in usus alias expeditur. Et aliqui contractus de aliquibus de dictis casalibus, domibus, possessionibus et iuribus facti similis quibus perssonis pro se et aliis duabus alter tribus vocibus successive aliqui vervo facti sint perssonis nobilibus et petentibus ad longum tempus a quibus recuperari poterunt vix vel nunquam, et tales contractus ad genus perpetue alienacionis possunt maxime cum aliquales penssiones eis inpossitas solvere contradicunt per lapsum temporis pro dolor devenire dicti redditus videlicet sicut adeo atenuati et etiam diminuti qui porcio dictarum aniverssariorum qui consuevit valere VII vel X denarios, istius monte cotidie in presenti ad duos denarios vix attingit. Et tam periculosa tanquam intolerabilia dampna preteriti temporis, nos cauciones esse promoneant in futurum. Idcirco nos Petrus Roderici, archidiaconus de Deçon, ac reverendi patris donni Iohanes, divina providencia lucensis episcopi, vicarius, et lucensis ecclesie capitulum congregati per pulsacionem campane in thesauro dicte ecclesie ut est moris, vollentes prout permitit possibilitas super talibus et similibus contractibus precavere et eis in futurum racionabiler obviare. Statuimus, constituimus et etiam ordinamus, per iuramentum ad santam Dei evangeliam, pro nobis et successoribus nostris prestitum aliquibus aliis constitucionibus dicte ecclesie inherentes quod super arrendacionibus casalium, hereditatum, domorum, possessionum et iurium quorum libet ad dicta aniverssaria pertinentium, nulli et nullis fiat gratia de cetero per decanum et capitulum lucensis nec per aliquod seu aliquos de capitulo, nec dent dicta casalia, hereditates, domus, possessiones et alia iura et bona ad dicta aniverssaria pertinencia seu aliqua pars seu partes eorum cuicumque seu quibuscumque perssonis nec de ipsis fiant contractus dampnoso ecclesie et capitulo quocumque modo seu quocumque quesito colore, directe vel indirecte, nec decanus et capitulum seu aliquis vel aliqui de capitulo consentiant nec assentiant publice vel occulte, mediate vel inmediate, directe vel indirecte, quod aliqui contractus dampnosi ecclesie et capitulo fiant super hoc aliqua ratione, scilicet pure et simpliciter dicta casalia, hereditates, domus, possessiones, iura et bona ad dicta aniverssaria pertinencia quando fuerint arrendanda arrendentur omni acceptione perssonarum parte vel partibus amore oido vel timore pospositis plus offerentibus et pro maiori precio quod potitur commniter inveniri, omnia fraude dolo et cuicumque se quorumcumque interventu, subtilitate, seu similito ingenio pro culpulssis et securis conditoribus qui securam et sufficientem prestant caucionem de precio bene integre et secure solvendo in terminis asignatis et cum secundam iuris regulam quod omnes tangit debeat ab omnibus approbari quod vocentur ad dictas arrendaciones faciendas omnes canonici aniverssariorum qui fuerint in civitate vel ecclesia tempore quo fieri debuerint pro ut vocari debent alii canonici ecclesie supradicte, et quicumque conductor seu arrendator vel arrendatoris qui



aliqua receperint de dictis bonis a capitulo arrendata teneatur instrumentum arrendationis per publicum notarium poni et scribi facere in libro nostro expensis suis ad memoriam futurorum taliter arrendationes non procedant nec valeant si in contrarium fuerint attentate. Et si aliquando comode non potuerit arrendari per administratores et collectores reddituum dictorum aniverssariorum administrentur, reparentur, et colligantur prout melius capitulo iussu fuerit expedare. Et hoc statutum et constitutionem facimus tam de omnibus bonis ad dicta aniverssaria pertinentibus iam habitis et aquisitis quam etiam in posterum acquirendis. Et ordinamus, statuimus et constituimus quod omnis qui presenti recepti sunt in ecclesia lucensis, et etiam recipiendi qui ex nunc in posterum recipientur in ea teneantur istud statutum et istam constitutionem in perpetuum observare per iuramentum prestitum et prestandum de constitutionibus dicte ecclesie observandis. Et rogamus Rodericum Fernandi, notarium publicum lucensis, ut istud statutum et constitutionem et ordinacionem scribat in libro nostro et signum suum assuetum apponat in testimonium promissorum.

Actum in dicto capitulo ultimo die februarii, era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LXX<sup>a</sup> tercia.

Qui fuerunt presentes in dicto capitulo: dictus vicarius donni episcopi; donus Petrus Iacobi, iudex et vicarius decani; donus Fernandus de Deo, cantor; donus Gundisalvus Garsie, scolasticus; donus Arias Pelagii, thesaurarius; Andrea Petri, cantor de Armentia; et Iohanes Fernandi de Valdayo, canonici dicte ecclesie. Testes: Alfonsus Iohannis, porcionarius dicte ecclesie; Alfonsus Ianeyro, clericus chori et Iohanes Petri, hostiarius dicti capituli, et aliis pluribus.

Et ego Rodericus Fernandi, publicus notarius lucensis, vocatus et rogatus per dictos vicarium et capitulum pressens fui et dictum statutum seu constitutionem de mandato ipsorum in isto suo [livro manu] propria scripsi, ac signum meum consuetum appono in testimonium veritatis. (+).

### 324

1335, marzo, 7. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalles a Xoán Martins e á súa muller, Maior Pérez, durante cinco anos, un casal en Suylae, freguesias de Santiago de Meilán, San Lourenzo de Albeiros e Santiago de Saamasas, por 80 marabedís anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 1v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo [da iglesia de Lugo] con outorgamento de don Pedro Iacome, iuys et vigario de don Fernan Aras, dayam desse lugar, arrendamos a vos, Iohan Martines dito Maçaas, et a vossa muller Mayor

Peres, o nosso casal d'erdade que he en Suylae et en seus terminos, quaes de vos compramos, que he sub signos de Santiago de Meylae et de Santiago de Samassas et de San Lourenço d'Alveyros, con suas dereyturas et pertenenças, deste ianeyro que passou ata çinco annos primeyros que veen. Et avedes nos a dar cada anno en renda a nos o cabidoo para nos et para os aniverssarios d'esta iglesia oyteenta moravedis, d'oyto soldos o moravedis d'esta moneda del rey don Affonso, en salvo de toda cousa por dia de sam Migeel de setembre. Et aquel que morar enno dito noso casal ha de seer deffeso et anparado segundo o foren os outros serviçaes da iglesia de Lugo. Et nos o cabidoo [debemos] de vos fazer esta renda de paz enno tempo sobredito. Et estes çinco annos passados novos alçados avedes nos a leyxar esta casal livre et quito et desembargado con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et nos, Iohan Martines et Mayor Peres, assy reçebemos de vos o cabidoo sobredito esta renda do dito casal enno tempo sobredito, et obligamos nos et todos nossos bees de vos pagar cada anno os ditos oytaenta moravedis por dia de Sant Migeel segundo dito he. Et prometemos et outorgamos de vos leyxar o dito casal livre et quito et desenbargado estes çinco annos passados. Et por que esto seia çerto et non venna en dulta nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçesse desto duas cartas tal huna commo outra.

Que foy feyta VII<sup>e</sup> dias de março, era de mill et treçentos et LXX et tres annos.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantre; don Gonçalvo Garçia, mestrescolla; don Aras Pelaes, thesoreyro; Aras Peres et Gomes Pelaes da Cruz.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito, dado pe-lla auctoridade do bispo desse miismo lugar a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta escrivi en este livro do cabidoo et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 325

1335, marzo, 11. Lugo

*Domingo Pérez recibe do tesoureiro os bens pertencentes aos seus fillos; asemade, ratifica a venda realizada polo propio tesoureiro ao Cabido dunhas propiedades en Castelo.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 3r.

Sabeam quantos esta carta viren, commo eu Domingo Peres dito das Castineyras, morador en Villalva, marido que foy de Maria Eanes, filla de Johan Eanes da Cruz que foy, conosco et outorgo que reçebi de vos Aras Pellaes, theso-

reyro da iglesia de Lugo, boa conta et entrega et paga verdadeyra de todos los bees movelles et rayz que eu avia d'aver et me perteeçian et perteeçer devian por parte d'Affonso Domingues et Clara Domingues, meus fillos et da dita Maria Eanes, os quaes bees vos tinades en guarda para os dar a os ditos meus fillos quando fosen d'ydade para os poderen receber, dos quaes bees que de vos reçebi en nome dos ditos meus fillos conosco et outorgo que soo entrego et ben pagado et douvos de todo por livre et por quito a vos et a todos vossos bees que nunca sobre esta raçon faça ninhuna demanda en iuyso nen fora del. Outrosi outorgo et dou por firme et por estavelle para senpre a vençon que vos, Aras Pelaes, feçestes a o cabidoo da iglesia de Lugo do herdamento que lle vendestes en Castello sub signo da capella de Santiago de Lugo que perteeçia a os ditos meus fillos por parte da dita sua nana Maria Eanes, conosco et outorgo que soo entrego et ben pagado do preso que vos Aras Pelaes, thesoreyro, reçebestes po-llo dito herdamento, et prometo de non viir contra ello per min nen per outrem en iuyso nen fora del en nihun tempo en maneyra que seia. Et porque esto seia çerto et non vena en dulta ruguey a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que foy feyta en Lugo XI dias de março, era de mill et CCCLXXIII annos.

Testemoyas que foron presentes: Pero Peres dito Gago mercador; Pero Martines, carniçeiro, Vaasco Peres seu fillo; Gomes Eanes de Deça; Affonso Fernandes; Lopo Peres ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, dado pe-lla auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et esta carta fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 326

1335, abril, 3

*Afonso Eanes, racioneiro, executor do testamento de María Eanes, pidelle ao vigairo do bispo, don Pedro Ruiz, arcediago de Dozón, que autorice o traslado.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 15r, traslado polo notario Rui Fernández: 1337-V-24; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 15.

Era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et çinco annos, XX<sup>ta</sup> III<sup>o</sup> dias de mayo. Estando ante don Pedro Roys, archidiago de Deçon, et vigario geeral do moyto onrrado padre et sennor don Iohan, por la gracia de Deus obispo de Lugo, en presenza de min Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas, Affonso Eanes, raçoeyro de Lugo, exsecutor do testamento de Maria Eanes, muller d'Affonso Peres Merchan que foy, mostrou et feço leer ante o dito vigario huna carta de hun testamen-

to da dita Maria Eanes, escripta en pulgameo et signada de signal d'Aras Peres, notario de Lugo, segundo por el pareçia, a qual carta de testamento se començava asy: «Enno nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta viren commo eu Maria Eanes, muller d'Affonso Peres dito Merchan, que Deus perdoe, iaçendo doente et temendome de morte pero con todo meu sisso et entendemento comprido qual mo Deus mellor quiso dar das minnas cousas asy ordino et faço meu testamento que seia valioso despoys de minna morte. Primeyramente mando mina alma a Deus et a Sancta Maria sua madre, et o meu corpo sepultar a a beyra de Sancta Maria». Enno qual testamento entre las outras cousas se continua esta clausula que se segue: «Item mando todo o herdamento que aio en Montedoo a Affonso Eanes, raçoeyro, et a Maria Domingues, minna sobrina, que o tennan et aian por en todos seus dias, et a seu finamento que o dito herdamento fique livre et quitto a a iglesia de Sancta Maria de Lugo, et os coengos et pessoas da iglesia de Lugo que me façan cada anno aniverssario en outro dia de Sancto Estevo por mina alma et de Affonso Peres, meu marido, et façan proçisson este dia a a onrra de Sancto Estevo, que Sancto Estevo rogue por nos a Deus que nos perdoe». Et o dito testamento fiiçiasse asy: «Et que esto seia çerto rogey a Aras Peres, notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta de testamento. Que foy feyta tres dias d'abril, era de mill et CCC<sup>os</sup> LXXIII annos. Testemoyas que foron presentes: Domingo Peres, beyneyro; Pero de Santa Ougea, correeyro; Fernan Martines et Iohan Martines de Çella: et Françisco Peres, Pay Martines, correeyros, moradores en Lugo; et Fernan Domingues, criado de Maria Eanes sobredita ts., et outros.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo, dado por lo bispo desse miismo lugar a esto foy presente, et a rogo de Maria Eanes sobredita esta carta de testamento en mina presença fis escribir, et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade». O qual testamento et clausula que se en el continna leuda Affonso Eanes sobredito pediu a o sobredito vigario que mandasse et desse auctoridade a min notario que tornasse a dita clausula en publica forma et a possesse no livro do cabidoo. Et o dito vigario tomou o dito testamento en suas maos et examinouho ben et diligentemente et achouo sen sospeyta, et deu a min, notario sobredito, auctoridade et poder que trasladasse a clausula sobredita en publica forma, et a possesse con meu signal no livro do cabidoo, por que valuese et podese fazer fe du pareçese tan ben commo no dito testamento. Et Affonso Eanes, raçoeyro sobredito, diso et protestou que por quanto don Fernan de Deus, chantre de Lugo, façia diçer cada anno en dia de Sancto Estevo hun aniverssario que salvo ficasse a dita Maria Eanes para llo façeren diçer cada anno o dito aniverssario en dia de Sancto Estevo ou aquel dia que entendesen que mayns conprise et fose proveyto de sua alma.

Feyto foy esto era et dia sobreditos. Testemoyas: don Aras Pellaes, thesoreyro; Iohan Fernandes, raçoeyro de Lugo; Affonso Eanes, clerigo do sobredito thesoreyro; Affonso Aras, Iohan Sanches, et Lopo Peres, ome do dito thesoreyro ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito, dado por la auctoridade do bispo desse miismo lugar a esto commo dito he presente foy et vi a dita clausula enno

dito testamento et a rogo et a pidimento do sobredito Affonso Eanes et por mandado et auctoriade do sobredito vigario esta clausula con estas que ditas son escrivi en este libro do cabidoo et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

327

1335, agosto, 6. Lugo

*O tesoureiro Arias Pais vëndelle ao Cabido de Lugo o casal do Outeiro, en Castelo, freguesía de Santiago de Lugo, por 1300 maravedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 2v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aras Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo, de bon curaçon et de boa livre voontade vendo a vos, don Fernan Aras dayan, et a o cabidoo da iglesia de Lugo en nome do sobredito cabidoo et dos aniversarios et para o dito cabidoo et para os aniversarios, o meu casal do Outeyro que he en Castello, sub signo da capella de Santiago de Lugo, con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores et formaes, a monte et a fonte, per hu quer que vaan. Et reço de vos en preço por esta vençon mill et treçentos moravedis, d'oyto soldos o moravedi, d'esta moneda del rey don Affonso de que me outorgo por entrego et ben pagado et renuço a exçeççon do aver non contado. Et oblige meus bees de vos façer o dito casal et vençon sobredita de paz, et dessoie mays este dia avedea senpre en paz, todo meu poderio et seniorio onde seia sacado o removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo enno thesouro da iglesia de Lugo, VI dias de agosto, era de mill et CCC LXX et tres annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan Aras, dayan, don Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; don Fernan de Deus, chantre de Lugo; Vaasco Dias et Johan Ferrnandes, coengos de Lugo; Iohan Guterres, raçoeyro dy.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, dado pe-lla auctoridade do bispo desse miismo lugar a esto commo dito he rogado chamado presente foy et a rogo de don Aras Pellaes, thesoreyro sobredito, esta carta en este libro do cabidoo da iglesia de Lugo escrivi con minna mao et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

328

1335, agosto, 15. Lugo

*Xoán Miguez e a súa muller véndenlle ao cóengo Xoán Fernández, que representa o Cabido, unha leira en Castelo, freguesía de Santiago de Lugo, por 60 soldos.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 2v.

Sabeam quantos esta carta viren, commo eu Iohan Migueles de Castello con minna muller Moor Domingues nos anbos de consuu de boa livre voontade vendo a vos, Iohan Fernandes, coengo de Lugo, en nome do cabidoo da iglesia de Lugo et para os aniverssarios da iglesia de Lugo, huna leyra d'erdade que he en Castello en Agro Mayor sub signo da capella de Santiago de Lugo, a qual leyra iaz cabo outra leyra do casal do Outeyro et da outra parte outra leyra de fillos de donna Maria. Et esta leyra atravesa o camino. Et reçebemos de vos en preço por esta vençon sesaenta soldos d'esta moneda del rey don Affonso de que somos entregos et ben pagados, et obligamos nos et todos nossos bees de vos fazer esta veçon de paz. Et desoie mays este dia todo nosso poderio et seniorio ende seia sacado et removudo de nos et posto enno dito cabidoo et aniversarios.

Feyto foy esto en Lugo XV dias d'agosto, era de mill et CCC LXX et tres annos.

Testemoyas que foron presentes: Affonso Eanes, clerigo do coro de Lugo; Martin Eanes, home do thesoreyro; don Aras Peales, Fernan Peres de Castello, morador no casal do Outeyro; Lopo Rodrigues ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, dado pe-lla auctoridade do bispo desse miismo lugar a esto commo dito he connas testemoyas sobreditas presente foy et esta carta escrivi en este livro do cabidoo et puge en ella meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

Esta leyra sobredita comprou Johan Fernandes, coengo, dos seus dineiros para a dar a o cabidoo iuntadoa a o casal do Outeyro.

### 329

1335, setembro, 20.

*María Rodríguez e Martiño Pais entréganlle en peñor a Pelaió Pérez, durante cinco anos, a herdade de San Miguel de Constante e San Xurxo por 20 soldos e media oitava de pan.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/2, perg. orix., galego, gótica cursiva, 128x118 mm.

Notum sit omnibus qui presens scriptura inspecturint, quod ego Maria Ruderici et Martinus Pelagii, coniux suus, mittimus Pelagio Petri in pignore totam

hereditatem Marie Ruderici quam habet sub signo Sancti Michaelis de Constanti et Sancti Georgii, et in casali Munionis [...] pro XX solidis legionensis monete. Et de illa hereditate debet nobis dare annuatim medietatem unius octatvi panis, et ipse Pelagio Petri debet eam tenere et possidere in istis V<sup>e</sup> annis, et nos quamvis velle-  
mus in illos V<sup>e</sup> annis non possemus illam ab illo extrahere, quia ita facimus pac-  
tum cum illo transactis istis V<sup>e</sup> annis nos persolvatis predictis denariis et habea-  
mus hereditatem nostram sine contradictione aliqua. Et si post illud tempus, V<sup>e</sup>  
annorum transactum, noluerimus sibi persolvere predictos denarios ipsi Pelagio  
hereditas remaneat pro vendita et [...]notaat duo boni homines et aprecient heredi-  
tatem et si aliquid plus apreciatum fuerit in ipsa hereditate ego redda[...] et si vero  
plus fuerit apreciatum nos, Maria Ruderici et Martinus Pelagii, illam hereditatem ei  
dimittamus in pace, et si minus apreciatum fuerit nos reddamus ipse Pelagio Petri.

Facta carta sub era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LXXIII<sup>a</sup> et quotum XII<sup>o</sup> kalendas obtobris.

Qui presentes fuerunt: Iohannis Martini, canonicus lucensis, ts.; Magister  
Iohanes qui tenet scholas ts.; Petrus Mathei ts.; Iohanes Martini, clericus ts.

### 330

1335, decembro, 28. Lugo

*O deán don Fernando Arias dóalle ao Cabido un casal en Santa María de  
Vileiriz e reserva para si o usufruto mentres viva e págalles 25 maravedís anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 3v; Libros, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 3v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernan Aras, dayam da iglesia de  
Lugo, dou et outorgo por iur d'erdade para senpre iamays a o cabidoo da dita iglesia  
de Lugo et a os coengos d'aniversario, o meu casal d'erdade do Prado Lama que he su  
signo de Santa Marina de Villaheriz, et con suas dereyturas et pertenenças et casas,  
a monte et a fonte, per hu quer que vaan, con tal condiçon que o dito cabidoo que  
me faça cada anno huna priçon por dia de Santa Oufemea, que he enno mes de  
setembre, et dous aniversarios: hun por min en outro dia de Santa Oufemea, et  
outros aniversario por meu padre et por mina madre no seguinte dia d'este depus  
dia de Santa Oufemea cada anno. Et eu o dito dayam en meus dias que tena et  
pesuya et aia o huso froyto do dito casal, et de cada anno por la dita priçon  
et aniversarios viinte et çinquo moravedis por dia de Santa Oufemea, et despoys  
de meus dias que fique o dito casal livre et quito et desenbargado a o cabidoo  
sobredito con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et por que esto seia  
çerto meto por esta carta enno iur et na propiedade do dito casal a Iohan  
Ferrnandes, raçoeyro da dita iglesia, en nome do dayam et cabidoo cuio procura-

dor he, que o requeira por elles con aquellas condicións que ditas son. Et nos, o cabidoo sobredito, et pessoas, archidiago et coengos del, que estamos presentes por nos et por nosos sucesores, prometemos de faser cada anno a dita priçion et aniversarios enno tenpo sobredito, et rezebemos esta doaçon que vos dayan façedes a nos et a dita iglesia. Et por que esto seia çerto nos, dayam et cabidoo sobreditos, rogamos et mandamos a Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta et posese en ella seu signal.

Que foy feyta en Lugo enno thesouro da dita iglesia XXVIII<sup>o</sup> dias de deçembre, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et tres annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego Ferrnades, archidiago de Neyra; don Alvar Dias, archidiago de Sarria; don Pero Royz, arçidiago de Deçon; don Gonçalvo Garçia, mestrescolla; don Pero Iacome, iuys; Iohan Ferrnandes et Fernan Affonso, coengos da dita iglesia de Lugo; don Aras Pellaes, thesoreyro da dita iglesia ts.

### 331

1335, decembro, 28. Lugo

*O tesoureiro Arias Pais dóalle ao Cabido de Lugo unhas casas no Burgo Novo, freguesia de Santiago, reserva para si o usufruto e paga 30 marabedís o día de San Tomé e 15 marabedís en San Xoán.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 4r; Libros, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 4.

Sabeam quantos esta carta viren, commo eu Aras Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo, dou por iur de herdade para senpre iamays a o cabidoo et a os coengos d'aniversario da dita iglesia, hunas casas que eu ey en Burgo Novo sub a capella de Santiago de Lugo, con sua cortina et con seu seydo et con todas suas pertenenças et dereyturas que son entre la casa do bispo que ten en prestamo Garçia Prego, et entre la outra casa que he de Maria Pellaes minna yrmaa, as quaes casas foron de meu padre, Pay Rodrigues, et de minna madre, Moor Eanes, et que eu conrpey a meus yrmaos et yrmaas segundo se conten ennas cartas que eu di a o dito cabidoo en esta raçon, con tal condiçon que o dito cabidoo que faça cada anno duas proçissoes solempnes: huna en dia de Santo Thome apostolo et outra en dia de Sant Iohan evangelista terçer dia depouys de Natal; et dous aniversarios por las almas dos ditos meus padre et minna nana, et por aquelles a que soo tenuto. Et hun destes aniversarios que se diga en outro dia de San Thome que seia dia de requien et outro aniversario en outro dia de San Iohan sobredito. Et eu en meus dias que tena et aia o usso froyto das ditas casas, et de cada anno por las ditas



proçissoes et aniversarios triinta moravedis desta moneda branca a VIIIº soldos o moravedi, conven a saber: los XV moravedis por dia de Sant Thome et os outros XV moravedis por dia de Sant Iohan. Et depoyos de meus dias que fiquen as ditas casas livres et desenbargadas a o cabidoo sobredito con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et porque esto seia mays çerto meto enno iur et enna propiedade das ditas casas a Iohan Fernandes, raçoeyro da dita iglesia, en nome do dayam et do cabidoo, cuio procurador he, que as reçiba por elles con aquellas condiçoes que ditas son. Et nos Fernando Aras, dayam, et cabidoo sobreditos, por nos et por nossos suçessores, prometemos de faser cada anno as ditas proçissoes et aniversarios enno tempo sobredito, et reçebemos esta doaçon que vos, o dito thesoreyro, façedes a nos et a a dita iglesia. Et por que esto seia çerto rogamos et mandamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta en este livro do cabidoo.

Que feyta en Lugo enno thesouro da dita iglesia XXVIIIº dias de dezenbre, era de mill et CCC LXX et tres annos.

Testemoyas que foron presentes: o sobredito dayam, don Fernan Aras; don Diego Fernandes, archidiago de Neyra; don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; don Pedro Roys, archidiago de Deçon; don Gonçalvo Garçia, meestrescolla; don Pedro Iacome, juys; Iohan Fernandes et Fernan Affonso, coengos de Lugo; Pedro Fernandes, clerigo ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, sobredito dado pe-lla auctoridade do bispo desse miismo lugar a esto commo sobredito he presente fuy et a rogo dos sobreditos dayam et cabidoo et thesoreyro esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 332

1336, xaneiro, 15. Lugo

*Xâcome Eanes, clérigo do coro, xura o seu cargo de despenseiro e nomea fiador o arcediago de Sarria, Álvaro Díaz.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 6v.

Era de mill CCC LXX et quatro annos, XV dias de ianeyro.

Sabeam quantos esta carta viren commo en presença de min Pedro Iacome, iuys et notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas don Fernan Arias, dayam, et os omes boos do cabidoo da iglesia de Lugo, seendo en cabidoo enno thesouro desa iglesia, disseron a Iacome Eanes, clerigo do coro da dita iglesia, que se queria husar do offiçio da sua despensaria d'aqui adiante que lle feçes-

se iuramento ennos santos avangeos que o feçesse ben et verdadeyramete, et que cuntasse et destribuyssse os dineiros das rendas da sua mesa en tal maneira commo cada huna das pesoas et coengos et raçoeyros et coengos d'aniversario ouvessen suas raçoas segundo que lles perteeçer de cada dia, et de cada huna coussa des que en seu poder fosse. Et outrosi que lles desse hun fiador sufiçiente que todos los dineiros et outras cousas das suas amiistraçoas et rendas que en seu poder foren que se non pergan en seu poder, et que aia cada hun dos do dito cabidoo sua raçon d'ellas. Et se por ventura alguna coussa das rendas do cabidoo se perdesse des que en seu poder fosen que el et seu fiador por sy et por seus bees fosen delo teudos a cada hun dos do cabidoo et a todos. Et Iacome Eanes disse que lle praçia de husar da dita despensaria poys a os do cabidoo praçia, et logo enno livro avangeliorum da iglesia posso suas maos et iurou que complisse ben et verdadeyramente o que sobredito he. Et demays o dito Iacome Eanes disse que el tinna a alguas veçes de yr recadar as rendas da amiistraçon do mes de fevreyro que tiina et non podia viir a todas las oras para destribuyr et contar estes dineiros de cada dia das oras, et que rogaria et faria tanto do seu a hun clerigo dos do coro de boa fama, qual os do cabidoo mandassen, que o escusase et rogavaos que lles prouvesse. Et os do cabidoo mandaronlle que fosse o clerigo Affonso Eanes que vive con o thesoreyro, et que lles praçia, et el prometeu apararlo y; et deu logo fiador en aquello que lle o cabidoo demandava segundo he de suso scripto a don Alvar Dias, archidiago de Sarria, que estava presente que se outorgou por fiador commo sobredito, et con esta condiçon que se a algun o dito Iacome Eanes non pagasse o que lle coubesse da sua raçon que o dissese a o dito archidiago ante que se feçesse outra conta. Et os do dito cabidoo receberam-no por fiador et outorgaron a dita condiçon. Et de commo esto passou por ante min, sobredito notario, o dito dayam et cabidoo pidiron-me d'ello este testemoyo con meu nome et con meu signal et eu dyllo.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantre de Lugo; don Pedro Roys, archidiago de Deçon; don Gonçalvo Garçia, mestrescola de Lugo; don Aras Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo; Johan Ferrnandes et Andres Peres, coengos de Lugo; Françisco Guilelmes et Pedro Migueles, clerigos do coro de Lugo ts.

Et demays prometeu sub pena d'este iuramento sobredito que a a fin de cada hun mes terçer dia despoys da conta feyta que desse en scripto a o cabidoo aquelles amiistradores que lle non pagasen os terços. Testemoyas et dia sobreditos, ts.

Et eu Pero Iacome, iuyç et notario sobredito, rogado presente fuy et de commo por ante min pasou fige ende fazer este escrito que se aqui suso conten et puge en el meu signal en testemoyo de verdade.

*Xoán Domínguez e a súa muller renuncian aos novos da viña de Rubiás en favor do racioneiro Afonso Eanes.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/3, perg. orix., galego, gótica cursiva, 192x270 mm, traslado polo notario Xoán López: 1372-X-9.

Era de mill et tresentos et seteenta et quatro annos, triinta dias de ianeiro. Commo eu Iohan Domingues, çapateiro, et minna muller, Mayor Domingues, non constrengudos nen por outro engano enduzidos mays de nosso prazer et de nossa boas proprias voontades, fazemos tal pleito et tal pustura con vosco Affonso Yanes, raçoeyro de Lugo, a qual outorgamos que valla para senpre sobre razon dos novos que nos vos demandavades da vinna de Ruviaes, que perteesçe a o casal [...] do Loyo que vos teedes, et do dereito se o nos en ela avemos que o renunçiamos [...] en vos, o dito Affonso Eanes, que nunca nin en nihun tempo [...] dos novos que dela ouvermos ata aqui ouveremos de vos [...] mia de Portomarin que ven, çinquo quarta de vinno pe-lo cantaro dereyto de Portomarin et nove quartilloes cada cantaro. Et contra esto renunçiamos que nunca por nos nen por outren contra esto vennamos, nen digamos ende o contrario en ninhuna maneira en iuyzo nen fora del, nos nen outren que venna en nossa vos. Et querendoo tentar en alguna maneira que peytemos a vos por pena çen moravedis da moeda del rey don Affonso, et a carta fique firme et en seu revor. Et que esto seia çerto et non venna en dulta rogamos a Tomes Eanes, notario publico de Portomarin, que vos desse ende esta carta et pousse en ela seu nome et seu signal.

Testemoyas: Pedro Rorigues, iuys; Estevo Rodrigues, clerigo de San Pedro de Portomarin; frey Fernando, balio da obra; Lourenço Peres, moordomo; Afonso Martines, clerigo de San Christovoo.

Et eu Tome Eanes, notario sobredito, a todo esto presente fuy et esta carta en minna fis escribir (sic), et puge en ela meu nome et meu sinal que tal he. (+).

Et eu Iohan Lopes, notario publico de Lugo, por lo sennor obispo desse lugar vi et lii esta carta feyta enno tenor sobredito escripta en pulgameo de coyro, et subscripta et signada por Tome Eanes, notario publico de Portomarin, segundo por ella pareçia, a qual non era rassa nen chançelada, nen viçiada, nen sopuntuada, nen sospeyta en alguna parte dessy. Et a pidimento de Lopo Affonso do Campo que diso que lle compria a dita carta et que se temia de a perder por fogo ou por agoa et por que envelleçia et que a non poderia aver quando-lle comprisse, et por mandado et autoridade de Lourenço Eanes de Lamas, iuys geeral enno temporal por lo onrrado sennor dom frey Pedro Lopes, por la gracia de Deus obispo de Lugo, que vio et examinou ben et diligentemente ante sy a dita carta et deu sua autoridade a este traslado que eu d'ella saquei que valuesse et fesesse fe ennos lugares hu paresçesse assy commo o principal oreginal, a dita carta de vervo a vervo aqui en minna presença fige trasladar non tollendo nen mingoando dela alguna

coussa por que a sustançia da verdade della podesse seer mudada. Et en este traslado puge meu nome et meu signal que tal he en testimonio de verdade.

Feyto foy este traslado en Lugo, nove dias d'outubre, era de mill et quatroçentos et des annos.

Testemoyas que foron presentes et que viron a dita carta onde este traslado foy sacado et que oyron dar a dita autoridade a o dito vigario: Fernan Aras do Portal et Martin Martines da Ferraria; Iohan Ferrnandes dito do Burgo, alffayate, moradores en Lugo; Pedro Rorigues, escripvan ts., et outros. (+).

### 334

1336, febreiro, 4

*Afonso XI confirma un privilexio polo que don Sancho limitaba o dereito de Mannino (mañería).*

LUGO, AC, *Tumbillo Nuevo*, fol. 106r-108v, con referencia ao lib. 10, n.º 46.- CAÑIZARES: pp. 1013-1014.

### 335

1336, febreiro, 5. Lugo

*Renuncia do cóengo Fernando Afonso á administración de xaneiro.*

MADRID, AHN, *Cód. 416 B*, fol. 5r.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernan Affonso, coengo de Lugo, teente a amiistraçon do mes de ianeiro enna iglesia de Lugo, porque eu entendo que non posso teer nen hussar desta amiistraçon tan compridamente commo devo por raçon de gran doença que aio, et outrosy por quanto soo embargado d'outros negocios et non posso conpridamente hussar desta amiistraçon nen pagar a o cabidoo de Lugo commo devia, et por esta raçon temendome d'encorrer escandallo con este cabidoo de Lugo et as pennas que se conteen ennas suas constituyçoes, de mina boa livre voontade sen constringemento de nehun, renunçio a esta amiistraçon sobredita et o dereyto que en ella avia por raçon d'amiistrador en maos et en poder do dayam et cabidoo que ordenen desta amiistraçon et arrenden a quen teveren por ben. Et que esto seia çerto et non vena en dulta roguey a Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta.

Que foy feyta çinco dias de fevreiro, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: Rodrigo Affonso, alcayde del rey; Johan Affonso de Burgo Novo; Pedro Peres et Fernando Martines et Fernan Peres, moradores en Santa Coonba; Gonçalvo Peres de Booçello, escudeyro de Ruy Pellaes ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, sobredito dado pe-lla auctoridade do bispo desse miismo desse miismo (sic) lugar a esto commo dito he presente foy et a rogo de Fernan Affonso, coengo, esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 336

1336, febreiro, 6. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle a Vasco Rodriguez, cóengo, a administración de xaneiro por 250 maravedís anuais e as obrigas de costume.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 5r.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta virem, commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo por canpaa taniuda enno thesouro da dita iglesia segundo que o avemos de huso et de custume, arrendamos a vos Vaasco Rodrigues, coengo de Lugo, por en todos vossos dias, a amiistraçon do mes de ianeyro que he da dita iglesia de Lugo, con todas suas dereyturas et pertenenças commo mays compridamente perteeçe a a dita amiistraçon et segundo commo a agora tragemos husada. Et avedes nos a dar por la dita amiistraçon cada anno duçentos et çinquaenta moravedis d'oyto soldos o moravedi desta moeda del rey don Affonso, et avedes amiistradar et conprir et proveer o mes de ianeyro de pan et de vino, conven a saber: quatro paes a o coengo et hun açunbre de vino, et dous a o raçoeyro et hun meo de vino; et façer et conprir et amiistrar todas las cousas et cada huna dellas, segundo se conten no statuto novo. Et se moedas ou serviços lançaren ennos omes dessa amiistraçon, que o cabidoo non seia teudo a collerlas en conta nen a descontar nen quitar por ellas nenhuna cousa do que perteeçe a amiistraçon. Et eu Vaasco Rodrigues, coengo, que estou presente assy reço de vos, dayam et cabidoo sobreditos, a dita amiistraçon et obligo meus bees de conprir et pagar por la dita amiistraçon todas las cousas et cada huna dellas que ditas son, et segundo se conten no statuto novo. Et demays para o todo asy conprir et pagar douvos por fiadores a don Fernan de Deus, chantre de Lugo, et a Pedro Aras de Parrega, coengo de Lugo, elles presentes et outorgante-se por fiadores. Et por que esto seia çerto nos os sobreditos

dayam et cabidoo et Vaasco Rodrigues et fiadores sobreditos rogamos a Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçesse desto duas cartas huna que lançase no livro do cabidoo et outra que desse a o dito Vaasco Rodrigues.

Que foy feyta enno dito thesouro de Santa Maria de Lugo seys dias de freveyro, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Gonçalvo Garçia, meestrescolla; don Pedro Iacome, iuys; don Aras Pellaes, thesoreyro; Andres Peres, Iohan Ferrnandes et Fernan Affonso, coengos de Lugo; Affonso Eanes, Johan Gutierrez, Johan Gomes, raçoeyros de Lugo, ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario sobredito dado pe-lla auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta escrivi et puge en ella meu signal.

## 337

1336, febreiro, 6. Lugo

*Afonso Eanes, clérigo do coro de Lugo, dálle a Fernando Dominguez un soar en Lugo; este entrégalle a cambio unha leira na Porta Nova.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 17v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Affonso Eanes, clérigo do choro de Lugo, et cappellan da cappella de San Martino, que he dentro enna iglesia de Lugo, con outorgamento de don Fernan Aras, dayam da iglesia de Lugo, et do cabidoo dese miismo lugar, da huna parte, et nos Fernan Domingues, cuyteleyro, fillo de Domingo Peres que foy, et Maria Aras, morador na rua da Cruz, filla d'Aras Nunes, da outra, façemos entre nos tal escanbeo valedeyro para senpre. Conven a saber que eu o dito Affonso Yanes, clérigo, veendo et entendendo que he prol da dita cappella dou et outorgo para senpre por jur de herdade a vos Fernan Domingues et Maria Aras, hun formal de casa que he enna çiedade de Lugo sub a cappella de San Pedro, que iaz entre os seydos das casas da Cuytellerya da huna parte, et da outra parte as casas da Rua Minaa. Conven a saber iaz o dito formal da huna parte o seydo da casa de casa (sic) de Pedro Çerdeyras, mercador, que conprou de Iohan de Silvarrey, et da outra parte a cortina de vos Maria Aras et Fernan Domingues, et d'ylarga fere en deryto a cortina de Fernando Rodrigues que foy do Canpo; et da outra parte as cortinas que foron de Fernan Eanes do Canpo, con suas deryturas et pertenenças et con sua parede et porta commo ora esta marcada et commo perteeçe a a dita cappella. Et nos, Maria Aras et Fernan Domingues sobreditos, damos et outorgamos a vos o dito Affonso Eanes, clérigo, para a dita cappella de San Martino que aia para senpre huna

leyra d'erdade de huna mea teega semente, a qual leyra he fora da villa de Lugo da Porta Nova signo da cappella de San Pedro, que iaz da huna ylarga cabo outra leyra de Tareyia Peres de Françisco Martines, et da outra ylarga huna leyra de Pedro Eanes Barbaleda, et da huna testada fere no camino que vay da Porta Nova para o Castineyro, et da outra testada en huna leyra de Iohan Domingues do Puxigoo, que ora ten Pedro Savasches, con suas dereyturas et pertenenças, a qual leyra ora lavra Domingo Yanes, lavrador. Et eu, Affonso Eanes en nome da dita cappella, et nos, Maria Aras et Fernan Domingues por nos, outorgamos et avemos por firme para sempre por nos et por nossos susçesores este escanbeo sobredito que nos damos, et prometemos a a boa fe de non viir contra ellos por nos nen por outren en maneyra que seia. Et nos, Maria Aras et Fernan Domingues, obligamos nossos bees para fazer sempre de paz esta leyra a a dita cappella. Et nos as ditas partes logo por esta carta nos entregamos et metemos no iur et na posison et propiedade dos ditos escambeos que nos damos segundo dito he. Et nos os sobreditos dayam et cabidoo entendendo que este scambeo he proveyto da dita cappella de San Martino outorgamos-lo et avemos-lo por firme en aquela mellor maneira que de dereito devemos. Et nos as ditas partes por que esto seia çerto rogamos et mandamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor, tal huna commo a outra, et a dese a a parte que a quisesse. Et nos o dito dayan et cabidoo por mayor firmidoe mandamos-la seellar de noso seello pendiente.

Que foy feyta en Lugo enno thessouro da dita iglesia, seys dias de fevreiro, era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantre de Lugo; don Gonçalvo Garçia, mestrescolla; don Aras Pellaes, thesoreyro; don Pedro Iacome, juys; Iohan Fernandes, Vaasco Rodrigues, Fernan Afonso, coengos de Lugo; Affonso Eanes et Iohan Gutierrez, raçoeyros; Pedro Migueles et Fernan Eanes et Pedro Ferrnades, clerigo do coro de Lugo, ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas et por mandado et outorgamento dos sobreditos dayam et cabidoo esta carta en minna presença fiz escrivir en este livro do cabidoo et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 338

1336, febreiro, 16. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Rui Vázquez e a dúas voces un casal en Santa Maria de Neira por renda anual de tres terzas de pan e cinco marabedis por foros.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 5v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernan Aras, dayam da igreja de Lugo, et teente amiistraçon do mes de deçembro en terra de Paramo et de Goldrame, con outorgamento do cabidoo desse miismo lugar, dou a vervo et a foro a vos Ruy Vaasques, dito Bicos, por en todos vosos dias et de duas pessoas de tal condiçon commo vos huna a pus outra quaes vos nomeardes en vida ou en morte, o nosso casal da Villa que he sub signo de Santa Maria de Neyra, o qual he da amiistraçon de dezenbre, con todas suas dereyturas et pertenenças per hu quer que vaan; a a tal condiçon que vos et as ditas pessoas que pus vos veeren, que vos nomeardes ou nomear aquela pessoa en que vos poserdes o dito casal, que lavredes et paredes ben este casal et mantenades as casas del en boo estado, et cavedes cada anno huna alançada de monte do casal mentre o y ouver boo para cavar; et dardes del cada anno, a o que tever esta amiistraçon de dezenbre, tres terças de pan por medida dereyta da terra, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, et çinquo moravedis, d'oyto soldos o moravedi, da moeda del rey don Affonso por foros. Et a morte da pustrimeyra pessoa destas duas que vos nomeardes ou d'aquela pessoa que nomear aquel que ficar o dito casal, que este casal fique livre et quitto et desenbargado a esta igreja de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos, et con hun boy et con huna vaca et con huna porca de provo. Et aquela pesoa que vos, Ruy Vaasques, nomeardes en que fique o dito casal, ou nomear a outra pesoa en que o vos leyxardes quando vagar, que o venna receber do cabidoo et d'aquel que for amiistrador do mes de dezenbre et dar fiador que leyxe o dito provo et paguen a renda sobredita, et ata que non veeren receber o dito casal do cabidoo et do amiistrador et dar o dito fiador que non entren nen reçeban o dito casal nen husen del.

Et eu Ruy Vaasques, dito Bicos sobredito, asi reçebo de vos, dayam et amiistrador sobredito, con outorgamento do dito cabidoo, o dito vervo do dito casal, et outorgo todo esto que dito he, et obligo min et todos meus bees de o cumprir en todo por min et por las ditas pessoas. Et por que esto seia çerto et non vena en dulta nos os sobreditos dayam et cabidoo et Ruy Vaasques, dito Bicos, rogamos et mandamos a Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra huna que desse a o dito Ruy Vaasques, dito Bicos, et outra que posese no livro do cabidoo.

Que foy feyta en Lugo enno thesouro da igreja de Santa Maria de Lugo, XVI dias de fevreyro, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantres de Lugo; don Diego Ferrnandes, archidiago de Neyra; don Pedro Iacome, iuys de Lugo; don Aras Pellaes, thesoreyro; Iohan Ferrnandes, Vaasco Rodrigues et Fernan Afonso et Andres Peres, coengos de Lugo; Affonso Eanes et Iohan Gutierrez et Iohan Gomes, raçoeyros; Fernan Ferrnandes de Çedron, Pedro Migueles, Françisco Guillelmes, Pedro Ferrnandes, clerigos do coro ts.



Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado pe-lla auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he pressente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna presenza fiz escribir en este livro do cabidoo da iglesia de Lugo et en ella meu nome et meu signal puge en testemoyo de verdade.

## 339

1336, febreiro, 16. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Maior Arias, monxa de San Fiz de Cangas, e a dúas voces uns casais en Pazos de Sober, Santiago de Gundivós e Santa María de Proendos, por renda anual de cinco soldos. Deseguido, Maior Arias dóalle ao Cabido as súas propiedades en Moutarelle e reserva para si o usufruto destas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 6r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam da iglesia de Lugo, et o cabidoo dese miismo lugar, seendo iuntados en aquel lugar hu he acustumado de se faser cabidoo enna iglesia de Lugo por canpaa taniuda, damos et outorgamos a vos Moor Aras, monia de San Fiis de Cangas, que tenades de nos por en todos vossos dias et por outras duas persoas semelavelles de vos et de tal condiçõn commo vos quaes vos nomeardes en vida ou a tempo de voso finamento, o noso casal dos Paaços de Sober enno qual ora mora Aras Eanes, et conna outra herdade que y trage Pedro luveu, et o noso casal de Gondiboos chamado de Soureyra que he sub signo de Santiago de Gondiboos, et o noso casal de Doade qu he sub signo de Santa Maria de Perendas, enno qual ora mora Iohan Fato; os quaes casares nos deu et mandou don Aras Ferrnandes, chantre que foy de Lugo, con suas dereyturas et pertenenças, a a tal condiçõn que vos et aquellas persoas que vos nomeardes que os façades lavrar et parar ben, et manteerdes as casas deles en boo estado, et dedes ende cada anno vos a dita Moor Aras por en todos vosos dias a nos o dito cabidoo et a os aniversarios por reverença çinco soldos desta moneda del rey don Afonso; et as outras duas pesoas que nomeardes huna a pus outra en que fiquen os ditos casares, ou nomear aquela pesoa en que os vos poserdes, que den cada anno a o dito cabidoo çinco moravedis, d'oyto soldos o moravedis, da moeda sobredita. Et a morte de vos, Moor Aras, et das pesoas que vos nomeardes ou nomear a pesoa en que vos os ditos casares poserdes, que fiquen os ditos casares livres et quitos et desenbargados a o cabidoo da iglesia de Lugo, con todos los boos paramentos que y foren feytos, et con aquel provo que y enton andar, et aquelas pesoas que vos, Moor Aras, nomeardes semelavelles de vos en que fiquen os ditos casares quando vagaren de vos, que os venna reçoer da iglesia de Lugo et ata que

os non veeren receber que non seian poderosos d'entrar os ditos casares. Et eu, Moor Aras sobredita, asi recebo de vos, dayam et cabidoo, os ditos casares por min et por las ditas pesoas et asi o outorgo commo sobredito he. Outrosy eu a dita, Moor Aras, por esta graça que recebo de vos os ditos dayam et cabidoo deste aforamento et vervo dos casares sobreditos dou a vos o dito cabidoo para iglesia de Lugo et para os aniversarios desa iglesia que aian para senpre por iur d'erdade toda a herdade que eu aio en Moutarelle que he sub signo de Santiago de Gondiboos, a qual erdade eu conprey de Afonso Arias de Chan de Villar, a qual herdade foy de Sancha Alvares madre de min Moor Aras, et vos dou et outorgo con todas suas dereyturas et pertenenças et casas en esta maneyra, conven a saber: que eu Moor Aras et as ditas pesoas que tennamos a dita herdade de Moutarelle et casares sobreditos en toda nossa vida, et a tempo do finamento de min Moor Aras et das ditas pesoas que fiquen a dita herdade et casares a a dita iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos livres et quitos et desenbargados para senpre. Et eu Moor Aras prometo et outorgo de faser a abbadesa de San Fiis de Cangas que outorgue et aia por firme este contrauto et vervo en todo segundo que se en el conten tan ben da herdade sobredita que vos dou commo das outras cousas que se en este vervo conten. Et obligo min et todos meus bees de vos faser a dita herdade de Moutarelle de paz, et prometo de vos dar a carta por que aio conprado et gaanado este herdamento de Moutarelle. Et iuro sobre sanctos avangeos, taniudos corporalmente con minnas maos, que o conpra asi en todo sen outra contradicon ninhuna, et que nunca venda, nen ealle, nen supinore, nen malpare por min nen por outrem os ditos casares nen cada hun delles nen a dita herdade de Moutarelle, en morte nen en vida, et que eu et as ditas pesoas que os leyxemos a vos o dito cabidoo commo sobredito he, et se pe-lla ventura eu avia algun dereyto ou outren por min ennos ditos casares ou nos outros herdamentos do dito chantres por qualquer raçon renunçio et quitome del, et prometo pe-llo dito iuramento que nunca o demande por min nen por outrem en nihuna maneyra que seia para senpre iamays. Outrosi se pe-lla ventura me algun demandar os ditos casares que vos que me anparedes a dereyto. Et eu et as ditas pesoas que eu nomear en que fiquen os ditos casares que nos defendamos de força. Et que esto seia çerto et non vena en dulta nos as partes sobreditas rogamos et mandamos a Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo a outra, huna carta que desse a dita Moor Aras et outra que possese no livro do cabidoo sobredito.

Feyto foy esto enno thesouro da dita iglesia de Lugo XVI dias de freveyro, era de mill et CCC<sup>os</sup> LXX<sup>ta</sup> et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantre de Lugo; don Diego Fernandes, archidiago de Neyra; don Pedro Royz, archidiago de Deçon; don Aras Pellaes, thesoreyro; Andres Peres, Iohan Ferrnandes, Fernando Affonso, Vaasco Rodrigues, coengos de Lugo; Affonso Eanes, Iohan Gutierres, raçoeyros de Lugo; Pedro Ferrnandes, Françisco Guillelmes, Iacome Affonso Eanes, Affonso Peres Ianeiro, coengos d'aniversario da dita iglesia de Lugo; Fernan Ferrnandes de Çedron ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito dado pella auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he con as testemoyas sobreditas chamado et rogado presente foy et vi commo a dita Moor Aras feço iuramento sobre sanctos avangeos, corporalmente taniudos [...], enna maneira que sobredita he, et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna presenza fis scrivir en este livro do cabidoo sobredito et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 340

1336, febreiro, 18. Lugo

*Traslado dunha cláusula do testamento de Afonso Rodríguez, clérigo do coro de Lugo.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 7r; Libros, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 7.

Era de mill et CCC LXX et quatro annos, XVIIIº dias de freveyro en presenza de min Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas, estando en Lugo ante don Pedro Iacome, juys de Lugo, Eldonça Rodrigues herel et exsecutor d'Affonso Rodrigues, clerigo do choro de Lugo, que foy, fillo de Ruy Lopes de Burgo Novo, mostrou et feço leer ante o dito juys hun testamento do sobredito Affonso Rodrigues, clerigo, signando (sic) con signal d'Affonso Eanes, notario de Lugo, enno qual testamento se continna entre las outras cousas esta clausula que se segue: «Item mando a os coengos da iglesia de Lugo por aniversario para senpre a minna casa da Triparia en que elles han XVI soldos, depouys que a sacaren de Pedro Çerdeyras que a ten en pinor». O qual testamento leido Fernan Affonso, coengo de Lugo, procurador do cabidoo da iglesia de Lugo, que estava presente, pedio a o dito juys que dese auctoridade a min notario que tornasse a dita clausula en publica forma et a possese no livro do cabidoo. Et o dito juys deu auctoridade a min notario que possese et escrivisse a dita clausula en este livro do cabidoo signada con signal meu.

Testemoyas: don Fernan Aras, dayan de Lugo; Fernan de Deus, chantres desse lugar; Affonso Eanes, raçoeyro; Aras Ferrnandes, alcayde de Lugo; Fernan Peres de Piugos, clerigo, ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, sobredito a esto presente fuy et vi a clausula sobredita enno dito testamento et a rogo et a pidimento de Fernan Affonso, coengo et procurador sobredito, et por auctoridade do dito juys a dita clausula en este livro do cabidoo trasladey et puge y meu signal.

## 341

1336, febreiro, 28. Lugo

*Sentenza pronunciada polo Cabido de Lugo no preito mantido por don Arias Pais, tesoureiro, e don Pedro Eanes, administrador do mes de febreiro, sobre os décimos dos casais de Mangoi e Fingoi.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 7r.

Sabeam quantos esta carta viren commo fose contenda entre don Arias Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo, en nome da iglesia de Santa Maria Magdalena que perteeçe a a thesoureria, da huna parte, et Pedro Eanes, teente la amiistraçon do mes de freveiro, da outra, sobre los diçimos do casal de Maagoe et do de Fingoe que son de Costança Lopes, muller que foy de Fernan Rodrigues do Campo, et de seus fillos, et sobre la herdade da Devesa de que diçia o dito amiistrador que devia aver o diçimo, et o dito thesoreyro diçia que non, salvo da herdade dos Cavalleyros. Nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, por presentar contenda et iuyso de anbas las partes et de seu consintimento acomendamos a don Alvar Dias, archidiago de Sarria, et a Iohan Gonçalves, raçoeyro da nosa iglesia et notario publico de Lugo, que feçese sobre esto enquissa por que cada huna das partes ouvese o seu dereyto. Os quaes archidiago et Iohan Gonçalves tiraron verdade de aquelles de quen mellor et mays compridamente la poderon saber, la qual enquissa tirada et examinados los ditos das testemoyas que sobre estas cousas diseron lo que sabian, estando iuntados en cabidoo julgamos et por sentença mandamos que, la amiistraçon do mes de freveiro aia ben et compridamente todos los diçimos do casal nomeadamente de Maagoe que foy do bispo don Rodrigo de aquellas leyras sabudamente, et que perteeçen a vos dos Caballeyros hu quer que iagan tan ben en Maagoe commo en Fingoe, et de todas las outras herdades de fora parte que non son da vos dos Cavalleyros, mandamos que leve os diçimos ben et conpridamente la iglesia da Madaglena, et os diçimos meudos do casal de Maagoe segunt que ata aqui os levo. Outrosi mandamos que da herdade da Devesa sobre que era contenda entre o dito thesoreyro et o amiistrador que la iglesia da Madaglena leve las duas partes do diçimo, et la amiitraçon la terça. Et mandamos a Iohan Ferrnandes, coengo, et Affonso Eanes, raçoeyro da nosa iglesia, que vaan ppegar et saber las herdades da vos dos Cavalleyros hu quer que iagan por que la dita amiistraçon sabia de quaes herdades deve aaver o diçimo. Et esto mandamos todavia que fique guardado o seu dereyto a as cappellas de Santiago et de San Pedro et de San Marcho. Et por que esto non vena en dulta mandamos a Iohan Gonçalves, raçoeyro et notario sobredito, que feçese ende esta carta et a escrivise no livro do cabidoo. La qual sentença dada los ditos thesoreyro et amiistrador consintiron en ella, et prometeron d'estar a ella.

Feyto foy en Lugo enno thesouro da dita iglesia pustrimeyro dia de freveyro, era de mill et CCC LXX et quatro annos.

Testemoyas: don Fernando Aras, dayam; don Diego Ferrnandes, archidia-  
go de Neyra; don Alvar Dias, archidia-  
go de Sarria; Johan Ferrnandes, coengo;  
Affonso Eanes et Iohan Gutierrez, raçoeyros; Françisco Guilermes ts.

Et yo Iohan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo, a esto que dito he presente fui et a rogo do dito thesoreyro et amiistrador et por mandado dos ditos dayam et cabidoo en este livro fige escrever la sentença sobredita et puge y meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

### 342

1336, marzo, 23. Lugo

*O dean e o Cabido de Lugo afóranlles a Diego Arias e á súa muller e a unha voz o couto de Betote, en San Vicenzo de Betote, por seis marabedis anuais. Deseguido, os foreiros fanlle doazón ao Cabido da oitava do devandito couto e reservan o usufruto.*

MADRID, AHN, Carp. 1335/1, perg. orix., galego, gótica cursiva, 335x225 mm; Cód. 416 B, fol. 34r.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren como nos Fernan Aras, dayan, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo enno thesouro da iglesia de Sancta Maria de Lugo, segundo que avemos de uso et de costume con outorgamento dos coengos do aniversario desa iglesia, avervamos et aforamos a vos, Diego Aras de Betote et a vosa muller Maria Ferrnandes, por en todos vosos dias de anbos et dous et de huna pesoa de tal condiçõn commo vos, que seia do linagem do chantres don Aras, qual o postrimeyro de vos nomear en vida ou a tempo de seu finamento, o noso couto et herdamento de Betote que he sub signo de Sant Viçenço de Betote que vos Diego Aras de nos teedes, con todas suas dereyturas et pertenenças et casas et rendas, a monte et a fonte, per hu quer que vaan et con a herdade d'Oleyros, que foy do chantre don Aras, que he sub signo de San Martino d'Oleyros, en esta maneira, conven a saber que vos et aquela pesoa que nomear o postrimeyro de vos avedes a lavrar et parar ben as herdades do dito couto et herdade sobredita d'Oleyros et manteer as casas deste lugar et couto en boo estado et chantar y das arvores. Et a pus finamento de vos Diego Aras et aquelas pesonas en que ficar este vervo deste couto et herdade que o venna receber do cabidoo da iglesia de Lugo d'aquel dia que vagar d'aquela pesoa que o tener ata hun mes primeiro seguinte. Et de cada anno, por dia de Sancta Maria de setembre, por foro

et en recovençon a o cabiidoo et a os aniversarios da iglesia de Lugo, seys moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Alfonso; et a tempo do finamento de vos anbos, et d'aquela pesoa que vos nomeardes en que fique este couto et herdade, que este couto et herdade deven aficar livres et quitos et desenbargados a o cabiidoo et aniversarios da iglesia de Lugo con todo los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu Diego Aras sobredito que estou presente asy reçebo de vos dayam et cabiidoo et coengos dos aniversarios sobreditos o vervo et foro do sobredito couto et herdade, por min et por la dita mia muller et pesoa que for nomeada en que fique o dito couto et herdade, et obligo meus bees de conprir et pagar todo esto que dito he.

Et demays eu, Diego Aras sobredito por min et po-la dita mia muller Maria Fernandes por que obligo a faser outorgar, por este vervo et graçia que reçebemos de vos o dito cabiidoo et en remiimento de mia alma et da dita mina muller, dou et outorgo a vos o sobredito cabiidoo para a iglesia de Lugo et aniversarios dela, que aian para senpre por iur de herdade a oytava do sobredito couto de Betote et herdade del que eu Diego Aras et a sobredita mina muller Maria Fernandes conpramos et gaanamos de Moor Rodrigues de Vila Sante, filla de Pedro Rodrigues de Chamoso, que foy, et con toda aquela herdade iglesiaria et leygaria que nos y conpramos enno dito couto de Betote desta Moor Rodrigues, con todas suas dereyturas et pertenenças et casas per hu quer que vaan, segundo se conten en huna carta feita por Vaasco Peres, notario da Prova de Sant Iullao, por que nos conpramos a oytava deste couto et herdade sobredita, a qual oytava do dito couto et herdade vos dou en esta maneira: que nos Diego Aras et mina muller Maria Fernandes et aquela pesoa que o postrimeyro de nos nomear, en que fique o dito couto et herdade, que tenamos en todos nosos dias esta herdade et a oytava do couto sobredito que conpramos da sobredita Moor Rodrigues con este outro couto que nos vos o cabiidoo avervades; et a tempo do finamento da postrimeira pesoa de nos que fique a dita herdade et couto que vos damos et este couto que nos avervades a o cabiidoo et aniversarios da dita iglesia de Lugo para senpre por iur d'erdade, livre et quita et desenbargada con todos los boos paramentos que y foren feytos para façeren delo toda sua voontade asy commo de seu proprio.

Et eu, Diego Aras por min et en nome da dita mina muller Maria Fernandes, obligo min et todos meus bees para vos faser senpre de paz esta herdade et oytava do dito couto que dou a vos os ditos cabiidoo et aniversarios, et logo por esta carta vos entrego et meto a vos o dito cabiidoo enno iur et na posison et propiedade da dita herdade et parte do dito couto que se conten na sobredita carta feita por Vaasco Peres, notario sobredito. Et conosco eu, Diego Aras, que eu et a dita mina muller et aquela pesoa que nomearmos, que pesoymos por vos o cabiidoo et aniversarios a dita herdade et couto. Et nos dayam et cabiidoo et coengos d'aniversarios asy outorgamos todo esto que dito he et se conten en esta carta por nos et por nosos succesores. Et por que esto seia çerto et non venna en dulta nos

as sobreditas partes rogamos et mandamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas partidas por A.B.C. tal huna commo outra.

Que foron feytas en Lugo enno dito thesouro dita iglesia XXIII dias de março, era de mill et CCC LXX IIIIº annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan Aras, dayam; don Fernan de Deus, chantre; don Alvar Dias, archidiago de Sarria; Pedro Iacome, iuyz; Aras Pellaes, thesoreyro de Lugo; Andres Peres, Fernan Affonso, coengos; Iacome Eanes, raçoeyro; Iacome Eanes, Affonso Peres laneiro, Affonso Eanes et Iohan Fernandes, coengos d'aniversario; Thomas Gomes, clerigo do coro de Lugo; Iohan Peres, porteiro, ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado per auctoridade do bispo dese miismo lugar, a esto commo dito he con as testemoyas sobreditas chamado et rogado presente fuy et esta carta a rogo do cabidoo sobredito esta carta fiz escribir en mina presenza et puge en ella meu signal.

### 343

1336, abril, 6. Lugo

*Acta notarial referente á entrega dunha casa na rúa da Triparia, realizada por Eldonza Rodríguez ao procurador do Cabido.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 7v.

Era de mill et treçentos et setaenta et quatro annos, seys dias d'abril, en presenza de min Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas, Eldonça Rodrigues herel et executor d'Affonso Rodrigues, clerigo, fillo de Ruy Lopes de Burgo Novo que foy, disso que o dito Affonso Rodrigues mandara en seu testamento a os coengos da iglesia de Lugo por aniversario para senpre huna casa que he en Lugo enna rua da Triparia, en que o cabidoo de Lugo avia d'aver des et seys soldos, enna qual cassa ora mora Marina Pellina. Et logo a dita Eldonça Rodrigues en nome do dito cabidoo meteu corporalmente enna dita casa et posison della a Fernan Affonso, coengo de Lugo procurador desse cabidoo, et deu-lle a dita casa et possison della livre et quita et desenbargada sen ninhuna obrigaçon, et o dito Fernan Afonso assy recebeu a dita casa et a posison della en nome do dito cabidoo et para el, et leyxou y por caseyra en nome do dito cabidoo a a dita Marina Pelina. Et de commo todo esto passou o dito Fernan Affoso, coengo, pediu a min notario sobredito publico instrumento.

Que foy feyto ante a porta da dita casa era et dias sobreditos.

Testemoyas que foron presentes: Fernan Pellaes do forno da Triparia; Vaasco Peres, ome d'Affonso Eanes, raçoeyro de Lugo; Affonso Ferrnandes, escrivan, ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario sobredito, a esto commo dito he rogado et chamado presente foy et esta carta en este livro do cabidoo en minna presenza fis escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 344

1336, setembro, 1. Lugo

*O Cabido de Lugo entrégalle en préstamo tres libros ao cóengo Fernando Afonso e estipulan as condicións deste.*

MADRID, *AHN*, Cód. 416 B, fol. 8r.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernan Affonso, coengo de Lugo, conosco et outorgo que recebi de vos don Fernan Aras, dayam, et do cabidoo da igelesia de Lugo, tres livros enprestados para estudar por elles, os quaes livros de vos recebi en presenza do notario et das testemoyas subscriptas, de que soo entrego et ben pagado, et os quaes livros son estes conven a saber: hun degredo con grosa antigua que non he ordenaria, et hun texto dun digesto vello non capas de grosa. Item outro livro en que se conteen os libellos et a lectura de actionnibus de instituta con outras questiones moytas. Et estes livros sobreditos outorgo et prometo d'entregar et et (sic) dar a o bispo de Lugo ou a vos o dito cabidoo cada que os vos ou cada un de vos pidirdes ou demandardes, et non vos entregando os ditos livros ou cada hun delles, ou perdendoos por caso fortuito, que vos pague por lo degredo çen moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda que ora corre, et po-llo degesto vello oyteenta moravedis, et por lo terçeyro de actionnibus das questiones çento et viinte moravedis. Et para esto conprir commo dito he eu o dito Fernan, coengo, obliigo meus bees para o conprir et pagar en pas et a salvo enna villa de Lugo, et espeçialmente vos obliigo a minna casa da rua da Cruz, que he sub signo da capella de Santiago, pra vos pagar os ditos moravedis non entregando os sobreditos livros. Et por que esto seia çerto eu o dito Fernan Affonso, coengo, roguey a Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta no livro do cabidoo.

Feyta primeyro dia de setenbro, era de mill et CCC LXX et quatro annos.

Testemoyas: don Fernan Aras, dayam; don Fernan de Deus, chantre; don Diego Ferrnandes, archidiago de Neyra; don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; Ruy Ferrnandes, archidiago de Trasancos; don Pedro Iacome, juys; don Aras Pellaes, thesoreyro; don Aras Pellaes, thesoreyro (sic); Vasco Dias et Johan Ferrnandes et Andres Peres, coengos de Lugo, ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario sobredito dado pella auctoridade do bispo desse mesmo lugar, a esto commo dito he presente foy et vi commo o dito Fernan Affonso recebeu en sy os ditos livros, et esta carta escrivi et puge en ela meu signal.



345

1336, outubro, 4. Lugo

*Domingo Pérez dóalle polo seu testamento á igrexa de Lugo a metade dunha casa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 8r. Traslado da cláusula testamentaria correspondente: 1327-II-26; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 8. V. CD n.º 226.

346

1336, outubro, 4. Lugo

*Fernando Fernández e Gómez Pais, procuradores da obra da ponte de Lugo, vénndenlle ao Cabido media casa nesta cidade por 75 maravedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 10r.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Fernandes de Bollanno, frayre da orden de San Françisco, et Gomes Pellaes da Crus, procuradores da obra da Ponte de Lugo, que esta enno rio Minno, con outorgamento de don Pedro Roys, archidiago de Deçon et vigario geeral do onrrado padre et sennor don Iohan, por la gracia de Deus bispo de Lugo, en nome et en vos da dita obra da Ponte de Lugo, de boa livre voontade vendemos para senpre a vos, o cabidoo da iglesia de Lugo, a meatade de huna casa que he enna çidade de Lugo na rua que vay para as Kalendas, que esta cabo as casas altas que foron de don Iohan Longo, thesoreyro que foy, a qual casa foy de Domingo Peres, dito alguaçil, que mandou a obra da dita Ponte de Lugo, da qual casa a outra meatade he de vos o dito cabidoo. A qual meatade da dita casa vos vendemos con todas suas dereyturas et pertenenças et iures et agoas vertes et con los alugeyros que della deven do tempo passado at'aquí. Et reçebemos de vos en preço por esta vençon setaenta et çinquo moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Alfonso, de que nos outorgamos por entregos et ben pagados et en nosso iur et en nosso iur (sic) et en nosso poder son passados do vosso en presença do notario et das testemoyas subscriptas, et renunçiamos a exçeççon do aver non contado. Et os quaes moravedis sobreditos de vos reçebemos para os meter enno lavor et obra da dita Ponte, et obligamos os bees da obra da dita Ponte para vos faser senpre esta vençon de pas. Et logo por esta carta vos metemos no iur et a a possisson et propiedade da meatade da dita casa por la vençon que vos della façemos. Et des oie mays este dia vos et vossos successores avedea senpre en pas.

Feyta a carta da vençon en Lugo enno thesouro da dita iglesia quatro dias d'outubre, era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantre de Lugo; don Alvar Dias, archidiago de Sarria; don Pedro Iacome, iuus; don Aras Pellaes, thesoreyro; Iohan Gomes et Affonso Eanes, raçoeyros de Lugo; Françisco Guilelmes, sanchristan; Pedro Migueles, Affonso Eanes, Pedro Ferrnandes, clerigos do choro de Lugo ts., et outros.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo dado pella auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he con as testemoyas sobreditas chamado et rogado presente foy et a rogo dos sobreditos Gomes Pellaes et frey Fernando, procuradores sobreditos, esta carta por mina propia esrivi en este livro do cabidoo sobredito et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 347

1336, outubro, 17. Lugo

*Afonso Savaschaes, prelado de San Vicente de Pedreda, reconece o que lle corresponde a Xácome Eanes, racioneiro de Lugo, polo padroado da devandita igrex.*

MADRID, *AHN*, Carp. 1332 E/4, perg. orix., galego, gótica cursiva, 185x151 mm.

CAÑIZARES: p. 1015.

PIÑEIRO: *Memorias*, t. IV, fol. 61 con referencia ao lib 4º de Palacio.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Affonso Savaschaes, clerigo et prellado das duas partes de Sant Viçenço de Pedreda, sen costrengemento de ningún nen deçebudo por engano nen por força, de minna [boa vontade] conosco et outorgo et confesso que vos Iacome Yanes, raçoeyro de Lugo, et prestameyro da terça parte da iglesia de San Viçenço de Pedreda, avedes d'aver et de levar cada anno por raçon de padroadigo por toda a iglesia de San Viçenço de Pedreda noventa et seys soldos desta moeda branca del rey don Affonso, et sete teegas de çeveyra minus quarta, os quaes dineiros avedes de levar po-lla doaçon que vos feço Martin Ferrnandes de Ruviaes, clerigo, que y avia os ditos dineiros; et a dita çeveyra avedes enna dita iglesia d'outros herdeyros et padroes que a na dita iglesia avian. Item avedes mays po-lla vianda et iantar avedes de cada dia po-lla doaçon do dito Martin Ferrnandes duas teegas d'erdade sementadura sobre la fonte da dita iglesia, a qual erdade teedes a iur et a mao. Et prometo et outorgo de vos dar cada anno a dita renda en toda minna vida, et despoys de meu finamento os outros prellados et clerigos que foren da dita iglesia que vos den et paguen a dita renda. Et por que esto seia certo eu o dito Affonso Savaschaes roguey a Roy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta.

Que foy feyta en Lugo XVII<sup>e</sup> dias d'outubre, era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et quatro annos.

Testemoyas: Pedro Iohannes de Vilar Queymado; Gonçalvo Peres d'Avoyñ; Diego Tato, çapateyro; Fernan Rodrigues, fillo de Ruy Lopes de Burgo Novo; Affonso Fernandes, escrivan ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito dado pella auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo d'Affonso Savaschaes, clerigo sobredito, esta carta en minna presenza fis escrivir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.(+).

### 348

1336, novembro, 25. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Rui Fernández e á súa muller e a unha voz propiedades en Vilar de Cas, freguesías de Santa María de Moreira e San Salvador de Soutomerille, por dúas terzas de pan anuais, e deben ademais plantar 30 froiteiras e construír unha casa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 10v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo segundo que o avemos de huso et de custume con outorgamento de don Aras Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo, et de Affonso Eanes, raçoeyro desse lugar, procuradores et rendeyros dos bees et rendas que os aniversarios da dita iglesia de Lugo han enna villa et no bispado de Lugo, avervamos a vos, Ruy Fernandes de Souto Meyrille et a vosa muller Maria Peres et a huna pessoa qual o pustrimeyro de vos nomear en vosa vida ou a tempo de voso finamento, o noso casal et herdamento dos aniversarios que nos avemos en Villar de Caes, sub signos de Santa Maria de Moreyra et San Salvador de Souto Meyrille, con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores, a monte et a fonte, per hu quer que vaan, en esta maneyra conven a saber que avedes a lavar et parar ben o dito casal et herdade del et manteer as casas del en boo estado, et avedes a dar cada anno do dito casal, de Santa Maria d'agosto ata San Migeel de vindimias, a os que teveren os aniversarios por nos, duas terças et mea de pan, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, d'aquel mellor pan que Deus der enno dito casal et herdade del posta a semente, et estas duas terças et mea de pan nos avedes a pagar en pas et en salvo enna villa de Lugo por vossa custa, sacado grando ou geado se veer, o que Deus non queyra, que se estime segundo he uso et custume. Et avedes a fazer huna casa feyta de parede et cubrirla segundo son

cubertas as outras casas desse lugar de Vilar de Caes, a qual casa avedes a fazer en estes dous annos primeiros que veen. Et avedes de chantar enna herdade do dito casal trinta arvores que leven froyto. Et avedes a seer defessos et anparados segundo o foren os outros que lavran as herdades da iglesia de Lugo, et vasallos serventes et bedientes da iglesia de Lugo.

Et nos, Ruy Fernandes et Maria Peres, que estamos presentes por nos et por la pessoa que for nomeada, asy recebemos de vos dayam et cabidoo o vervo do dito casal et herdade del et outorgamos todo esto sobredito he, et obligamos nos et todos nosos bees de o cumprir et guardar en todo et pagar cada anno a dita renda enna villa de Lugo a o praço sobredito, sacado ende grando ou geada segundo dito he. Et a o tempo do finamento de nos et d'aquella pessoa que nomearmos deve ficar o dito casal et herdade del conna dita casa feyta et arvores chantados a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y forenn feytos. Et demays qual de nos as ditas partes contra esto passar que peyte a a outra parte en nome de pena çen moravedis desta moneda que ora corre del rey don Affonso, et demays este vervo et contracto fique firme et valioso. Et nos, os ditos Ruy Fernandes et Maria Peres, para o cumprir asy et guardar por nos et por la pessoa que nomearmos, et para pagarmos cada anno a dita renda a o dito praço de San Migeel sen contradiçõn nenhuna et cumprir as cousas sobreditas, damos vos por teudo et fiador Affonso Eanes, noso genrro, morador en San Iullao çerca a dita villa de Lugo, el presente et outorgante seus beens a dita fiadoria. Et prometemos et outorgamos nos, os sobreditos Ruy Fernandes et Maria Peres, et obligamos nossos bees que se este Affonso Eanes fiador et teudo sobredito veer a passar deste mundo, que nos que demos a vos o dito cabidoo outro fiador et teudo enno lugar que este Affonso Eanes entra, que cunpra estas cousas sobreditas et cada huna dellas, por nos et por la dita pessoa que for nomeada.

Et por que esto seia çerto et non vena en dulta nos o sobredito dayam et cabidoo et Ruy Fernandes et Maria Peres et Affonso Eanes fiador et teudo, partes sobreditas, rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor, huna que posese no livro do cabidoo et outra que desse a vos sobreditos Ruy Fernandes et Maria Peres.

Que foy feyta enna casa do thesouro da dita iglesia de Santa Maria XXV dias de novembro, era de mill et CCC LXX et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; don Pedro Roys, archidiago de Deçon; don Aras Pellaes, thesoreyro; Vasco Dias, Andres Peres, Pedro Aras, coengos de Lugo; Affonso Eanes, Iohan Fernandes et Iohan Gonçalves, raçoeyros de Lugo; Pedro Migueles et Françisco Guillemes, Pedro Fernandes, Affonso Eanes, clerigos do choro de Lugo; Affonso Ramallo, clerigo; Gomes Affoso; Johan Domingues, alfayate; Pedro Peres de Felgueira, clerigo, ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por la auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he chamado et rogado

presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta por mina mao propria escri-  
vi en este libro do cabidoo et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

349

1336, decembro, 18

*Aldara Eanes véndelles a Fernando Pérez e á súa muller todo o igrexario  
que lle correspondía ao seu marido en Santa María de Alta por 120 soldos.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/5, perg. orix., galego, gótica cursiva, 140x102 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aldara Eanes, muller que foy de Ruy Gonçalves de San Payo de Giay, vendo a vos, Fernan Peres do Barres et a vossa muller Aldara Eanes, todo ho igleiario que este dito Ruy Gonçalves avia ena iglesia de Santa Maria Alta, con todo seu padroadigo et a presentaçon; o qual igleiario he a sesma de duas oytavas et quarta de çeveyra et de tres soldos et meo cada anno pe-llo pe do altar da dita iglesia de Santa Maria Alta. Et reço de vos en preço por esta vençon cento et viinte soldos desta moneda del rey don Affonso de que soo ben pagada et entrega, et oblige por min et por todos meus bees de vos façer senpre esta vençon de pas. Et demays para vo-lla façer de pas douvos por fiador Affonso Eanes, meu hirmao, morador en Seren, este Affonso Eanes pressente et outorgante-se por fiador.

Feyta a carta XVIII dias de deçembro, era de mill et CCC LXXIII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas: Fernan Martines de Boreeyros; Affonso Peres, selleyro, et Affonso Pellaes de Valverde ts.

Et eu Aras Peres, notario publico de Lugo, a esto pressente foy et esta carta escrivi et puge y meu [signo].

350

1337, xaneiro, 12. Lugo

*Pedro Ruiz, arcediago de Dozón, afóralles a Martiño Pérez e á súa muller  
e a unha voz o casal de Beanna, en Santo Estevo de Eirexalba, pola metade ou o terzo  
do producido anualmente mais 30 soldos por foros.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 11r; incluída en: Lugo. 1346-II-2 (CD 482).

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Pedro Roys, archidiago de Deçon, et amiistrador do mes de março enna Somoça de Lemos et enno Inço et enno Mao, con

outorgamento de don Fernan Aras, dayam, et do cabidoo da iglesia de Lugo, avervo a vos, Martin Peres et a vosa muller Tereyia Garçia, moradores en Iglesia Alva para en todos vossos dias, et a huna pessoa qual o pustrimeyro de vos nomear a tempo de sua morte, o casal que chaman de Beanna que he sub signo de Sant Estevoo de Iglesia Alva, que perteeçe a amiistraçon do mes de março, con todas suas dereyturas et pertenenças, a monte et fonte, per hu quer que vaan. Et vos avedes a lavrar et parar ben as herdades do dito casal, et avedes y a chantar des arvores de levar froyto, et que mantenades as casas en seu estado et as paredes ben, as quaes son duas cassas de paredes et cubertas de lousa, et huna casa pallaça, et huna corte feytas de paredes todo arredor. Et avedes a dar por el cada anno a meatade de quanto Deus y der dando-vos semente, ou o terço en salvo, et triinta soldos por foros. Et a passamento de vos et d'aquela pessoa que vos os sobreditos nomeardes que fique este casal livre et quito con todas las boas paranças que y foren feytas a a dita amiistraçon. Et aquella pessoa que for nomeada en que fique o dito casal que o venna reçeber d'aquel que for amiistrador do dito mes de março et do dayam et cabidoo da dita iglesia, et ata que o non veer reçeber que non seia poderosso d'entrar o dito casal.

Et nos, os ditos Martin Peres et Tereyia Garçia, assy o reçebemos de vos o dito archidiago et amiistrador, et obligamos nos et nossos bees de conprir et pagar todo o que se en esta carta conten asi commo sobredito he. Et demays pormos entre nos que qualquer de nos as partes que contra esto pasar que peyte a a outra parte que o cunprir, çent moravedis desta moneda del rey don Affonso, et o vervo fique valliosso.

Et nos, archidiago amiistrador, porque esto fose mays çerto mando-vos dar esta mina carta seellada con meu seello pendiente. Et nos, o dayam et cabidoo sobreditos, mandamos-la seellar outrosi con nosso seello pendiente.

Dada en Lugo XII<sup>e</sup> dias de janeyro, era de mill et treçentos et setaenta et cinco annos.

### 351

1337, abril, 16. Lugo

*Relación de propiedades que o Cabido de Lugo comprou cos 4000 maravedís obtidos pola venda das propiedades de Vilarpon.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 11v.

Sabeam quantos esta carta viren, commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo seendo iuntados en cabidoo commo avemos de huso et de custume, conosçemos et outorgamos et confessamos que dos quatro mill moravedis por que nos vendemos os herdamentos de Vilarpon a Gomes Peres de

Çervantes et a sua muller Costança Meendes, que ouvemos et compramos destes quatro mill moravedis, hun casal d'erdade en Castello sub a capella de Santiago a don Aras Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo, por mill et treçentos moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso. Et outrosy compramos de Iohan Martines, dito Maçaas, et de sua muller Moor Peres, hun casal d'erdade en Suylae sub signo de Santiago de Meylae et de San Lourenço d'Alveyros, por mill et quinentos moravedis da dita moeda. Outrosy compramos a meatade de huna casa, que foy de Domingo Alguaçil, que he enna çidade de Lugo, cabo as casas que foron do thesoreyro, don Iohan Eanes, por LXX<sup>ta</sup> moravedis. Item compramos herdamento a Pedro Martines de Viveyro et a sua nana Maria Peres, et a Tareyia Peres et a suas yrmaas, en Castello, que iuntamos a o dito casal de Castello, que custou duçentos moravedis, d'oyto soldos o moravedi. Et suman estes moravedis sobreditos tres mill et LXX moravedis, d'oyto soldos cada moravedi. Et asy fican noveçentos et XXX<sup>ta</sup> moravedis para conprarmos possiçoes et herdamentos en elles [...] noveçentos et XXX<sup>ta</sup> moravedis soon et fican no thesouro da dita iglesia para os metermos en possiçoes commo dito he. Os quaes moravedis sobreditos reçoerban por noso mandado don Alvar Dias, archidiago de Sarrea, dos ditos Gomes Peres et Costança Meendes, pagos por noso mandado a o dito thesoreyro et Affonso Eanes, raçoeyro de Lugo, dos quaes quatro mill moravedis sobreditos nos dayam et cabidoo sobreditos conosco et outorgamos que somos entregos et ben pagados tambien do dito archidiago et thesoreyro commo do dito Affonso Eanes. Et os quaes ditos casares et herdades et casa sobredita nos os ditos dayam et cabidoo reçoebemos que foron conprados dos quatro mill moravedis sobreditos que nos deron en preço por los ditos herdamentos de Villarpon os sobreditos, Gomes Peres et Costança Meendes, en permutaçon et en escambeo dos sobreditos herdamentos que de nos conpraron. Et se alguna carta parecer porque os ditos quatro mill moravedis reçoebessen os ditos thesoreyro et Affonso Eanes do dito archidiago, damos-la por nenhuma para senpre et mandamos que non valla, et obligamos nossos bees a quitarlos senpre a salvo et sen seu dampno dos ditos quatro mill moravedis. Et por que esto seia çerto nos, dayam et cabidoo sobreditos, rogamos et mandamos a Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas huna que pose-se no livro este do cabidoo et outra que desse a o dito archidiago de Sarria.

Que foy feyta en Lugo ennas casas do dito dayam XVI dias d'abril, era de mill et CCC<sup>os</sup> LXX et çinquo annos.

Testemoyas que foron presentes don Alvar Dias, archidiago de Sarria; don Pedro Ruys, arçidiago de Dezon; don Pedro Iacome, iuys de Lugo; Vasco Dias et Vaasco Rodrigues, Iohan Ferrnandes, Andres, coengos de Lugo; Affonso Eanes, clérigo do choro de Lugo ts., et outros ts.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario sobredito dado pella auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo dos sobreditos dayam et cabidoo esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 352

1337, maio, 18. Lugo

*O tesoureiro e Fernando Domínguez afóránlles a Pedro Arias e á súa muller e a unha voz unha casa, horto e cortiña por renda anual á igrexa de Valonga da cuarta parte dos novos, a sesma do campo e 12 soldos pola casa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 27r.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aras Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo, et prestameiro da iglesia de Sancta Maria de Valonga, et Fernan Dominguez, prelado desa iglesia, con outorgamento do dayam et cabidoo da iglesia de Lugo, damos avervo et aforamos a vos Pedro Aras et a vos a muller Maria Gonçalves et a huna pesoa semelavele de vos, huna casa et huna cortina et hu orto que esta enno Outeyro de Valonga, que se parte con Diego Rodriguez, et commo se parte da herdade dos Herdeyros et con hun canpo en que estevo a casa d'Alda que se vay ferir a a castineyra d'arriva da iglesia, et commo se parte do terreo do foro et da casa de Garçia Perez. A qual casa et cortina et orto et leyra vos avervamos a tal razon que vos que a lavredes ben et paredes et dedes cada anno a a sobredita iglesia de Valonga a quarta dos novos que Deus der enna cortina et orto, et a sesma do canpo, et cada anno por \la/ casa doze soldos desta moneda del rey don Affonso, que façen quatro dineiros novees tres soldos, et pagarlos por Natal. Et a vos a morte et d'aquella pesoa que vos nomeardes deve afficar as ditas casa, cortina et orto et canpo livres et quitos a a dita iglesia de Valonga con todo los boos paramentos que y foren feitos et con a dita casa feita. Et este vervo non avedes a vender nen a supinorar a nengun home poderoso.

Et eu Pedro Areas, que estou presente, asi reço de vos, thesoreyro et Fernan Domingues, o vervo et foro das ditas casa et cortina et orto et canpo por min et por la dita mina muller et pesoa que for nomeada, et obligo min et todos meus bees para pagar cada anno os ditos dineiros et conprir todo esto que dito he. Et por que esto seia çerto nos as ditas partes con outorgamento do dayan et cabidoo sobreditos rogamos a Ruy Fernandez, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta et posese en ella seu signal. Et eu thesoreyro sobredito por mayor firmidue seeleya de meu seelo pendente.

Feyta en Lugo XVIIIº dias de mayo, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et çinquo annos.

Testemoyas: don Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; don Pedro Roys, archidiago de Deçon; Vaasco Dias, coengo de Lugo; Afonso Eanes et Rodrigo Eanes, cle-rigos do coro de Lugo; Lopo Peres, Iacome Eanes, Iohan Eanes da Cruz.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presenza fis escribir et puge en ella meu signal en tes-temoy de verdade.



## 353

1337, maio, 28. Lugo

*Arias Pais, tesoureiro, e Fernando Domínguez afóránlles a Afonso Fernández e á súa muller e a unha voz unha casa e un celeiro coa súa cortiña por renda anual á igrexa de Santa Maria de Valonga da cuarta dos novos e 12 soldos por foro.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 26v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aras Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo, et prestameyro da iglesia de Santa Maria de Valonga, et Fernan Dominguez, prellado desa iglesia, con otorgamento de don Fernan Aras, dayam de Lugo, et cabidoo da iglesia de Lugo, damos avervo et aforamos a vos, Affonso Fernandez de Picato et a vos a muller Sancha Domingues, et a huna pesoa semellavele de vos qual o postrimeyro de vos nomear a tenpo do seu finamento, huna casa et hun çeleyro con sua cortina et con sua ayra asi commo esta sarrada, que fere de testa no camino que vay do Outeyro para iglesia et para a castineira, et esta cabo a cortinna que ten Diego Rodrigues. A qual casa et çelleyro et cortina et ayra vos avervamos a tal raçon que a lavredes et paredes ben et dedes cada anno, a a dita iglesia de Sancta Maria de Valonga, a quarta dos novos que Deus der na dita cortina, et dedes cada anno por foro en reconoçemento po-la dita casa et çelleyro doze soldos desta moneda del rey don Afonso que ora corre, que façen quatro dineiros por cada tres soldos, et pagarde-los por Natal. Et a vos a morte et d'aquella pesoa que vos nomeardes deve aficar a dita casa et çeleyro et cortina et ayra livre et quita da iglesia de Valonga con todos los boos paramentos que y foren feytos et con a dita casa et çelleyro feytos. Et este vervo et foro non avedes a vender nen supinorar a nehun home poderoso.

Et eu Affonso peres de Pumeda, que estou presente, asi reço de vos, o dito thesoreyro et Fernan Domingues, en nome dos sobreditos Afonso Fernandez et Sancha Domingues et pesoa sobredita, o vervo et foro das ditas casa et çelleyro et cortina et ayra, obligo min et todos meus bees para pagar cada anno os ditos dineiros et conprir todo esto que dito he. Et por que esto seia çerto nos as ditas partes con outorgamento do dito dayam et do cabidoo sobreditos rogamos a Roy Fernandez, notario publico de Lugo, que fezese ende esta carta et posese en ella seu signal. Et por maior firmidue eu o dito thesoreyro seeleya de meu seelo pendiente.

Feyta XXVIIIº dias de mayo, era de mill et CCC LXX<sup>ia</sup> et çinco annos.

Testemoyas: don Alvar Diaz, archidiago de Sarria; don Pedro Royz, archidiago de Deçon; Vaasco Diaz, coengo de Lugo; Affonso Eanes et Rodrigo Eanes, clerigos do coro de Lugo; Iacome Eanes et Iohan Eanes da Cruz.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes

sobreditas esta carta en mina presenza fis escribir et puge en ella meu signal en testimonyo de verdade.

## 354

1337, maio, 28. Lugo

*O tesoureiro e Fernando Domínguez afórannles a Domingo Ferreiro e á súa muller e a unha voz unha casa con horto e cortiña por renda anual á igrexa de Valonga da cuarta parte dos novos e 12 soldos.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 26v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aras Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo et prestameyro da iglesia de Sancta Maria de Valonga, et Fernan Domingues, prelado desa iglesia, con outorgamento do dayam et cabidoo da iglesia de Lugo, damos avervo et aforamos a vos Domingo Ferreyro et a vosa muller Tareysa Eanes, et ha huna pesoa semellavele de vos qual o postrimeiro de vos nomear, huna casa con sua cortina et con seu orto, commo fere na herdade dos Herdeiros, et de testa na herdade que ten Pedro Aras, a qual cortina et casa et orto vos avervamos a a tal raçon que a lavredes et paredes ben, et dedes cada anno, a a sobredita iglesia de Valonga, a quarta dos novos que Deus der enna dita herdade et orto, et cada anno, por la dita casa, doçe soldos desta moneda del rey don Affonso, que façen quatro dineiros novees tres soldos, et pagarlos por Natal. Et a vosa morte et d'aquella pesoa que vos nomeardes deve aficar a dita casa et çelleyro et orto livres et quitos a a dita iglesia de Valonga con todos los boos paramentos que y foren feitos et con a dita casa feita. Et este vervo non avedes vender nen supinorar a nehun ome poderoso.

Et eu Afonso peres de Pumarega, que estou presente,

asy reço de vos, thesoreiro et Fernan Domingues, en nome dos sobreditos Domingo Ferreyro et Tareiya Eanes, o vervo et foro das ditas casa et cortina et orto, et da pesoa que for nomeada, et obligo min et todos meus bees para pagar cada anno os ditos dineiros et conprir todo esto que dito he. Et por que esto seia certo nos as ditas partes con outorgamento do dayam et cabidoo sobreditos rogamus a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que foy feyta en Lugo XXVIIIº dias de mayo, era de mill et CCC LXXVº annos.

Et eu thesoreyro sobredito por mayor firmidoe seeleya de meu seelo pendiente.

Testemoyas: don Alvar Dias, archidiago de Sarra; don Ppedro Roys, archidiago de Deçon; Vasco Dias, coengo de Lugo; Iacome Eanes et Iohan Eanes da Cruz.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presenza fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 355

1337, maio, 28. Lugo

*O tesoureiro e Fernando Domínguez afóránlles a Diego Rodriguez e á súa muller e a unha voz unha casa e un celeiro, e débenlle dar anualmente á igrexa de Valonga a cuarta parte dos novos e 12 soldos por foro.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 27r.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Areas Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo, et prestameyro da iglesia de Valonga, et Fernan Domingues, prellado desa iglesia, con outorgamento de don Fernan Aras, dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo, damos avervo et afforamos a vos Diego Rodriguez de Valonga, morador en Outeyro, et a vosa muller Sancha Aras et a huna pesoa semellavele de vos qual o postrimeyro de vos nomear a tenpo de seu finamento, huna casa et hun çelleyro que esta cabo desta casa que he da dita iglesia de Valonga, con sua cortina commo se vay ferir enna de Pedro Aras et se parte con el et con outra cortina que iaz ante a porta desta casa sobredita et fere nos pumares ççiegueses et fere na casa que foy d'Alda et con outro çelleyro que esta a ausia desta iglesia, que feço Afonso Gago. A qual casa et cortinas et çelleiros vos ora tragedes po-lla dita iglesia, et vos avervamos et afforamos a a tal razon que vos que as lavredes et paredes ben et dedes cada anno, a a sobredita iglesia de Santa Maria de Valonga, a quarta en salvo dos novos que lavrardes nas ditas cortinas, et doze soldos desta moneda del rey don Afonso por foro et en reconoçemento po-las ditas casas et çelleiros, a a dita iglesia, vos et aquela pesoa que nomeardes. Et estos dineiros avedes a pagar cada anno por Natal. Et a vosa morte et d'aquela pesoa que nomeardes deve ficar os ditos çelleyros et casa et cortinas livres et quitas a a iglesia de Valonga con todos los boos paramentos que y foren feitos et con a dita casa et çelleyros feytos. Et este foro et vervo non avedes a supenorar nen vender a nehun ome poderoso.

Et eu Diego Rodriguez, que estou presente, asi reço de vos, os ditos tesoreiro et Fernan Domingues, o vervo et foro das ditas casa et çelleiros et cortinas por min et po-la dita minna muller, pesoa sobredita, et obligo min et todos meus bees para pagar cada anno os ditos dineiros et conprir todo esto que dito he. Et por que esto seia çerto nos as ditas partes con outorgamento do dayam et cabi-

doo sobreditos rogamos a Ruy Fernandez, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que foy feyta en Lugo XXVIIIº dias de mayo, era de mill et CCC LXXV annos.

Et eu thesoreiro sobredito por mayor firmidoe seeleya de meu seelo pendiente.

Testemoyas: don Alvar Dias, archidiago de Sarria; don Pedro Royz, archidiago de Dezon; Vaasco Diaz, coengo; Affonso Eanes et Rodrigo Eanes, clerigos do choro de Lugo; Lopo Peres, Iacome Eanes et Iohan Eanes da Crus ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta escrivi en mina presenza et puge en ela meu signal en testemoyo de verdade.

### 356

1337, maio, 28. Lugo

*O tesoureiro e Fernando Domínguez afóránlles a Afonso Rodríguez e á súa muller e a unha voz un celeiro coa súa cortiña en Pumeda. Débenlle dar anualmente á igrexa de Valonga a cuarta dos novos e 12 soldos.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 27v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aras Pellaes, thesoreyro da iglesia de Lugo, et prestameiro da iglesia de Santa Maria de Valonga, et Fernan Domingues, prellado desa iglesia, con outorgamento do dayam et cabidoo da iglesia de Lugo, damos avervo et afforamos a vos, Afonso Rodrigues da Pumeda et a vosa muller Moor Fernades et a huna pesoa semellavele de vos qual o postrimeiro de vos nomear, hun cellerio con sua cortina et con sua ayra que he en Pumeda, que esta entre los caminos et feren de testa na herdade dos Herdeyros, et feren na cortina que ten Afonso Peres da Pumeda, que he da iglesia sobredita de Valonga, et con outro çelleyro que esta na riba do camino cabo a cortina da Pedreyra. A qual cortina et ayra et çelleyros vos avervamos a a tal raçon que lavredes et paredes ben, et dedes cada ano, a a sobredita iglesia de Valonga, a quarta dos novos que Deus der na dita cortina et ayra; et cada anno por los ditos çelleyros doçe soldos desta moneda del rey don Afonso, que façen quatro dineiros novees tres soldos, et pagalos por Natal. Et a vosa morte et d'aquela pesoa que vos nomeardes deve ficar os ditos çelleiros et cortina et ayra livres et quitos a a dita iglesia de Valonga con todo

los boos paramentos que y foren feitos, et con os ditos çelleyros feitos, et este vervo non no avedes vender ne supynorar a nehun ome poderoso.

Et eu Affonso Rodriguez, que estou presente, asi reçebo de vos, thesoreyro et Fernan Domingues, o vervo et foro dos ditos çelleyros et cortina et ayra, por min et por la dita mina muller et pesoa que for nomeada, et obligo min et todos meus bees para pagar cada anno os ditos dineiros et conprir todo esto que dito he. Et por que esto seia çerto nos as ditas partes con outorgamento do dayan et cabidoo sobreditos rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta et posese en ella seu signal.

Que foy feita en Lugo XVIII<sup>o</sup> dias de mayo, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et çinquo anos.

Testemoyas: don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; don Pedro Roys, archidiago de Deçon; Vaasco Dias, coengo de Lugo; Afonso Eanes et Rodrigo Eanes, clérigos do coro de Lugo; Iohan Eanes et Iacome Eanes de Cruz ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo dese miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presença fiz escribir et puge en ella meu signal en testimonio de verdade.

### 357

1337, maio, 28. Lugo

*Reiteración do documento precedente.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 27v.

### 358

1337, xuño, 10. Lugo

*O Cabido de Lugo entrégalles a Afonso Eanes e á súa muller unha casa no Campo e recibe a cambio a metade doutras situadas no Burgo Novo, Coitelaría e Porta Miñá.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 13r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento dos coengos d'aniversario da dita iglesia, façemos escambio valedeyro para senpre convosco, Affonso Yanes de

Negral, mercador, morador enno Campo de Lugo, et con Aldara Affonso, vossa muller. Conven a saber damos-vos por iur de herdade para sempre iamays, a vos et a toda vos que veer, huna casa dos aniverssarios, que he enno Campo, cabo la casa en que vos ora morades da huna parte, et da outra parte iaz la casa dos aniverssarios que ten afforada de nos Francisco Martines. Ha qual casa vos damos con suas entradas et con suas saydas et con todas suas pertenenças sigundo la nos avemos et posuymos, enna qual vos metemos et damos la posisson et la propiedade. Et vos, los ditos Affonso Eanes et Aldara Affonso, avedes a faser huna parede de pedra por vossa custa entre la dita casa que vos damos et la outra nossa que ten Francisco Martines enno terreo nosso et vosso de por meo, et que non façades y feestra nin porta ninhuna, et que nos dedes pousas en ella si quisermos lavrar enna outra nossa casa, et leixarnos alçar quanto nos quisermos. Et vos, los ditos Affonso Eanes et Aldara Affonso, que façades esso mesmo se vos conprir. Et que ponnades enna dita parede as canaes que reçeban as aguas vertes d'anbas las casas, da nossa et da vossa, en guisa que sean sin danno da dita nossa casa.

Et nos, los ditos Affonso Eanes et Aldara Affonso, por este escambio que vos os sobreditos dayam et cabidoo fasedes, por nos et por toda nossa vos por sempre, damos a vos et a a iglesia de Lugo por iur de herdade meatade de huna casa que avemos en Burgo Novo, de que ha a outra mea Aldara Eanes da Crus, que ias cabo da casa d'Afonso Migueles, fillo desta Aldara Eanes da huna parte, et da outra parte ias la casa de Maria Peres, muller que foy de Johan Rodrigues o bayneyro. Item vos damos meatade de outra casa que avemos enna Coyteleria, enna qual casa an la outra mea Affonso Fernandez bulleriço et Johan Peres da boa ventura, et esta casa iaz entre la casa dos aniverssarios en que mora Lopo Pellaes, alfayate, et da outra parte ias la casa de Pero Çerdeyras, que foy dos andadores. Item vos damos meatade de outra casa a a Porta Minaa en que ora mora Maria Bartholomeu, enna qual casa ha esta Maria Bartholomeu a outra mea, et ias a par da veela que vay a par do muro et da outra parte esta la casa d'Arias Peres da Crus. Et estas tres meas casas vos damos commo dito he con suas entradas et con suas saydas, et con todas suas pertenenças quantas nos en ellas avemos ou poderíamos aver en qualquer maneira. Et metemos-vos logo enno iur et enna propiedade delas para a iglesia de Lugo, et obligamos nos et todos nossos beens, guaanados et por guaanar, de vos faser de pas este escambio que vos damos et de comprir o que sobredito he, et de non viir contra elo en nihun tempo por nos nin por outro.

Et por que esto seia certo et non venna en dulta nos anbas las partes rogamos a Johan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta en que possesse seu nome et seu sinal en testemoyo de verdade, et que possesse outro tal enno livro do cabidoo, et por maior firmidume nos dayam et cabidoo sobreditos mandamos la seelar de nosso seelo pendiente.

Que foy feyta en Lugo enno choro da dita iglesia des dias de iunyo, era de mill et CCC<sup>os</sup> LXX<sup>a</sup> et çinco annos.

Testemoyas: Françisco Guillelmes, Domingo Yanes, Johan Peres, Affonso Yanes, Fernando Eanes, Gomes Ferrnandes, clerigos do choro; Affonso Yanes, mercador da rua Minaa; Gomes Pellaes, Affonso Aras, Gonçalvo Peres, omes de Johan Ferrnandes, coengo; et outros moytos que a esto foron chamados et rogados.

Et yo Johan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo por actoridade do bispo desse lugar, a todo esto que dito he con las testemoyas que ditas son presente fuy et a rogo dos ditos dayam et cabidoo, que sobre esto foron ajuntados, et dos coengos d'aniversarios et dos ditos Affonso Eanes et Aldara Affonso, esta carta scrivi et puge en ella meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

## 359

1337, xuño, 20. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle a Afonso Eanes, racioneiro, como procurador de Arias Fernández e a súa muller, unha porción de casa no Burgo Novo por 15 libras anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 16r.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Affonso Eanes, raçoeyro de Lugo, procurador d'Aras Fernandes de Burgo Novo, por huna procuraçon feyta por Ruy Fernandes, notario de Lugo, en nome do dito Aras Fernandes, et eu Mayor Affoso, muller do dito Aras Fernandes por min, arrendamos de vos don Fernando Aras, dayam, et do cabidoo da iglesia de Lugo, por en todos los dias de min Mayor Affonso et do dito Aras Fernandes, huna casa minus a oytava que he enna rua de Burgo Novo, que foy de Clara Martines, enna qual casa ora mora Affonso Minino, piliteyro, que esta da huna parte cabo a casa en que mora Ruy Peres Leyçon, et da outra parte a casa en que mora Domingo Eanes, piliteyro, con seu seydo et con seu poço et con suas dereyturas. Et arrendamos de vos mays a terça parte de huna casa que he enna rua de Vermun Sanches, sub a capella de Santiago, enna qual casa ora mora Fernado Domingues, freeyro, et con duas leyras d'erdade; huna destas leyras ias dentro na villa de Lugo en dereyto a torre de Milmanda, et fere de testa no muro et no camino que vay da Porta Mina para o Carvalal et fere cabo outra leyra de Françisco Martines et d'Afonso Eanes da rua Minaa; et a outra leyra he aquela que iaz da Chanca contra Castello, que he duas teegas sementadura, sub a dita capella, et fere no Camino Françes, et da outra parte enno [...] chanca et partese con Françisco Martines et con Affonso Eanes. As quaes casas et leyras sobreditas foron de Clara Martines, que nos deu en escambee por la casa et cortina de Burgo Novo, que suya teer Pedro Ferrnandes, clerigo. Et o dito Aras Ferrnandes et eu Mayor Affonso avemos a manteer as casas et leyras sobreditas en boo

estado et adubarlas por nosa custa, et dar cada anno en renda, a o dito cabidoo ou a aqueles que por elles teveren os aniversarios en pas et en salvo enna villa de Lugo, quince libras d'esta moneda del rey don Affonso, que façen XXVII<sup>e</sup> dineiros novees minos terça dun cada libra, et pagar estos dineiros cada anno a meatade por San Iohan Bautista et a outra meatade por dia de Natal.

Et eu, o dito Affonso Eanes, por nome do sobredito Aras Fernandes pe-llo poder que aio del por la dita procuraçon, obligo os seus bees, et eu Mayor Affonso por min obligo meus bees para comprir et pagar cada anno as ditas libras a os praços sobreditos segundo dito he, et para leyxar as casas et leyras sobreditas, a finamento do dito Aras Fernandes et de min Mayor Affonso, livres et quitas a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et nos, dayam et cabidoo sobreditos, con outorgamento dos coengos d'aniversario, que estan presentes, outorgamos esta renda das casas et leyras sobreditas a vos, Affonso Eanes por nome d'Aras Fernandes et a vos Mayor Affonso, que estades presente, et prometemos de non viir contra ella en nenhuna maneyra. Et por que esto seia çerto nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor, huna que posee no libro do cabidoo et outra que dese a os ditos Aras Fernandes et Mayor Affonso.

Que foy feyta en Lugo ennas casas do dito dayam XX dias de iunyo era de mill et CCC LXXV<sup>o</sup> annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, arçidiago de Sarria; don Pedro Iacome, iuys de Lugo; Andres Peres, Iohan Fernandes, Vaasco Dias, Vaasco Rodrigues, Pedro Aras, Affonso Gomes, coengos de Lugo; et Françisco Guillelmes, Domingo Eanes, Iohan Dias, Gomes Fernandes, Pedro Fernandes, Aras Peres de Castro, clerigos do choro de Lugo; Affonso Aras das Cortinas; Ruy Fernandes, yrmao d'Aras Fernandes; Gomes [...], escudeyro ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito dado por auctoridade do bispo dese miismo lugar, a esto commo dito he connas testimunias sobreditas chamado et rogado presente foy et por rogo das partes sobreditas esta carta escrivi en este libro et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 360

1337, xullo, 9. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo acordan conceder os servizos solicitados polo monarca Afonso XI con motivo da guerra contra o Rei de Portugal; asemade, advirtenlle que tales servizos non se deben converter en práctica habitual.*



MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 13v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Rui Fernández: 1337-VII-16.

Sabeam quantos esta carta viren commo en presenza de min Fernan Peres, notario da çidade de Lugo, et das testemoyas que en fin deste instramento son escriptas, seendo don Pedro Roys, archidiago de Deçon et vigario geeral do onrrado padre et sennor don Johan, por la gracia de Deus bispo de Lugo, et don Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, iuntados por canpaa taniuda segundo que o han de uso et de custume ennas casas hu mora o dito dayam, don Fernan Aras; o dito dayam et cabidoo diseron que por non caeren en sana de noso sennor el rey et que fosse servido por elles, et por guardaren a iglesia de Lugo et os que en ella son beneficiados de grant perigoo et de dampno que y acaesçia ou acaesçer podia por raçon das pennoras et afincamentos que Diego Suares, escrivan de nosso sennor el rey, por suas cartas façia et avia feytas ena villa et enno couto et enno bispado de Lugo, por raçon do serviço que nosso sennor el rey demandava a o bispo et a o cabidoo et a os abbades et cleriçia do bispado de Lugo para esta guerra que ha con el rey de Portugal, et por moyto affincamento que lles façia por esta raçon o dito vigario poendo en elles sentença d'escomonyon diçendo que os mandaria denunçiar por escomungados, et os privaria dos seus benefiços, ordinaron et obligaronse en esta maneria: conven a saber que este dayan sobredito ha de pagar a quantia que foy posta nos clerigos no seu dayadigo et das amiistraçoens que el ten por lo cabidoo; et don Fernan de Deus, chantre, por las iglesias de sua amiistraçon de Savinnao et de Sardineira; et don Alvar Dias, archidiago de Sarrea, por las iglesias deste seu arçidiagadigo et das amiistraçoens de iulio et de setembre que ten; et don Pedro Iacome, juys de Lugo, vigario de don Gonçalvo Garçia, meestrescolla de Lugo, por las iglesias desta meestrescollia; et Affonso Eanes, raçoeyro et vigario de don Diego Fernandes, archidiago de Neyra, por los clerigos do dito arçidiagadigo, asy por todas aquelas iglesias que teen os cavalleiros quaesquer ou poderosos commo d'aquelles que teen os clerigos. Et prometeron et outorgaron cada hun dos sobreditos por obrigaçon de seus bees, movelles et rays, guaanados et por guaanar, per hu quer que os oie este dia an, et averan d'aqui adeante, para pagar este serviço de nosso sennor el rey commo sobredito he. Et o dito vigario veendo que os sobreditos dayam et os homes boos do cabidoo da iglesia de Lugo façian a sobredita obrigaçon doendose do dampno et da perda da dita iglesia por las raçoens sobreditas et por cada huna dellas obligou sy et seus bees et os bees do dito sennor bispo, cuio procurador et vigario he, a os sobreditos dayam et omes boos do dito cabidoo por toda a outra quantia que fora posta para este serviço de nosso sennor el rey, et para guardar estes sobreditos dayam et cabidoo de dampno et perda quelles acaesçesse, ou podia viir, con mingoa da paga deste serviço sobredito de nosso sennor el rey pagando elles por las iglesias das suas dignidades et amiistraçoens segundo dito he. Et demays os ditos vigario et dayam et omes boos do cabidoo prometeron a o dito vigario de o ajudar et seer con el en toda cousa que comprisse por que nosso sennor el rey fose pagado do dito serviço,

et se por ventura este serviço non podesse seer pago por la tayxa que para esto he posta enna iglesia et no bispado ou non podesen recadar todo o que era tayxado et comprise en faser mays tayxa, que elles que fossen con el en hun acordo para tayxar en mays segundo entendessen que conpria et feçessen todo seu poder parasse recadar. Et esto prometeron a a boa fe de o atender assy, et protestaron que esto que ora façian et a que se obligavan por conprir serviço de nosso sennor el rey et por las outras cousas sobreditas, et que nunca estiveran en custume de fazerem outro tal ata aqui de [acadar] as tayxas das suas dignidades et amiistraçoes, qu'elles non parasse periudiçio para adeante nen lles podesse allegar custume sobresto.

En testemoyo das quaes cousas o vigario, dayam et os outros deste cabidoo sobredito mandaron seellar esta carta con sellos deste vigario et do cabidoo, et por mayor firmidume rogaron et mandaron a min Fernan Peres, notario sobredito, que feçesse desto faser este publico estromento et possesse en el meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

Que foy feyto nove dias de julio, era de mill et CCC LXX et çinquo annos.

Testemoyas que a esto presentes foron: o vigario, dayam et pessoas sobreditas; don Aras Pellaes, thesoreyro; Affonso Gomes, Vaasco Dias, Johan Ferrnandes et Vaasco Rodrigues, coengos; Affonso Eanes, Johan Gutierres et Johan Ferrandes, raçoeyros de Lugo, ts.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico de Lugo, que a estas cousas sobreditas chamado et rogado presente foy et de commo por ante min passou en mina presenza fige ende escribir esta carta et puge en ella meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado pella auctoridade do bispo desse miismo lugar, vi et ley a carta sobredita escripta en papel enno tenor sobredito et signada de signal de Fernan Peres, notario sobredito, segundo por ella pareçia, et a rogo de Johan Ferrnandes, coengo de Lugo, procurador do sobredito cabidoo, vervo por vervo a dita carta por mina mao trasladey en este libro do cabidoo et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

Feyto XVI dias de julio, era de mill CCC LXXV annos.

Testemoyas: Iohan Eanes da Crus, sobrino de don Aras Pellaes, thesoreyro; [...] Rodrigo Eanes, clerigo do coro de Lugo, Fernando Eanes, alfayate.

### 361

1337, xullo, 12. Lugo

O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle a Xácome Eanes, clérigo, a terceira parte da igrexa de San Vicente de Pedreda e reservan para si a presentación. Debe pagar anualmente tres terzas de pan.

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 14v.

Era de mill et treçentos et LXXV annos, XII dias de iulio.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Fernan Aras, dayam da iglesia de Lugo, et o cabidoo desse lugar, con outorgamento dos coengos do aniverssario, arrendamos todo o padroadigo que os aniversarios da dita iglesia de Lugo am enna iglesia de San Viçenço de Pedreda, salvo presentar clerigo quando acaecer, a vos Iacome Eanes, clerigo da terça parte da dita iglesia, por en toda vossa vida; por la qual renda avedes a pagar cada anno en salvo, a os que recadaren as rendas dos aniversarios por la iglesia de Lugo, tres terças de pam, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, et darlo po-la taega dereyta por que conplaren et venderen na villa de Lugo, na iglesia de Pedreda. A qual renda avedes a pagar cada un anno des dia de Santa Maria d'agosto ata Natal a os ditos recadadores.

Et eu, o dito Iacome Eanes, reçoço a dita renda de vos os ditos dayam et cabidoo por las ditas condiçoens et prometo a a boa fe de gardar et procurar y prol et serviço da iglesia de Lugo. Et oblijo min et todos meus beens, movilles et rays, iglesiarios et leygarios, a pagar a dita renda a os que recadaren os aniversarios por la dita iglesia de Lugo, enno dito praço, sub penna do dobro.

Testemoyas: don Fernan Aras, dayam; don Fernan de Deus, chantres; don Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; don Pedro Ruys, archidiago de Deçon; don Pedro Iacome, juys; don Aras Pellaes, thesoreyro; et Johan Ferrnandes et Andres Peres et Vaasco Diaz, coengos; et Françisco Guillelmes et Pero Miguellles et Afonso Janeyro, coengos d'aniverssario.

Et eu Johan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo por autoridade do bispo desse lugar, a esto que dito he con as testemoyas que ditas son, presente fuy, et a pedimento dos ditos dayam et cabidoo este instramento en este livro en minna presenza fiz escrivir en que puge meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

## 362

1337, xullo, 25. Lugo

*Xuramento feito por Mestre Xoán, físico, perante notario e testemuñas, de servir o deán e todos os do Cabido e os seus familiares cos seus coñecementos e medicinas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 11r.

Era de mill et treçentos et setaenta et çinquo annos, viinte et çinco dias de jullio.

En presenza de min Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas, Maestre Johan, fisico, que agora mora na villa de Lugo, disso et prometeu a a boa fe cun iuramento que feço ennos santos avangeos, que corporalmente tangeu con suas maos, en presenza de min notario et das testemoyas adelante scriptas, que el servisse ben et verdadeyramente de sua fisica en quanto el soubese et podesse a os dayan et a todos los homes boos do cabidoo da iglesia de Lugo et a cada huun de seus familiares en toda sua vida cada que cunplisse et fosse chamado aqui na villa de Lugo et enno bispado; et se alguuns ouvesen mester miçinas das que el tovesse ou podesse aver que el que las desse verdadeyramente assy commo custassen alli hu el enviasse por ellas. Et se por ventura este Mestres Johan morresse [...] que sobredito he, ou fosse morar a outra parte, sen liçençia do dayam et cabidoo da iglesia de Lugo, que o prestamo que os do cabidoo lle davan de çento et çinquenta moravedis cada anno por en sua vida pe-llo seu couto de Ventossella, que [feseran] carta por que lle deran, et sen enbargo del et de sua vos, que posan del ordenar commo for sua voontade. Et da qual cousa o sobredito Mestre Johan rogo a min Roy Fernandes, notario sobredito, que feçese ende este publico instrumento et o posese no livro do sobredito cabidoo.

Que foy feyto era et dias sobreditos ennas casas de don Alvar Dias, arçidiago de Sarrea.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantres de Lugo; don Alvar Dias, archidiago de Sarria; don Pedro Roys, arçidiago de Deçon; don Aras Pellaes, thesoreyro; don Pedro Iacome, juys; Vaasco Dias et Johan Fernandes, coengos de Lugo.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por la auctoridade do bispo dese miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et vi commo o dito iuramento feço o sobredito Mestre Johan, corporalmente taniudos con suas maos, et esta carta a rogo do dito Mestre Johan fis escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 363

1337, setembro, 9. Lugo

*Reunido o Cabido para facer as contas do mes de agosto, o vigairo do deán solicita que, por ausencia deste, non se lle desconte a ración. O Cabido acorda pagarlle aquela baixo certas condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 14r.

Era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et çinquo annos, nove dias de setembre.

En presenza de min Iohan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo, et das testemoyas que adeante son escriptas, sendo aiuntados en cabidoo enno thesouro da iglesia de Lugo por canpaa tangida os omes boos dessa iglesia para faceren conta das suas rações do mes d'agosto que pasara, dom Pedro Iacome, juys de Lugo et vigario de dom Fernan Aras, dayam dese lugar, mostrou huna carta do dito dayam a os omees boos do dito cabidoo por qu'elles enviava demandar que o contasen en toda sua razon eno tempo pasado assy commo a residente, por quanto diçia que andava enno seu deadigo et ennas amistrações que tina acadando os dineiros que nosso senor el rey demandava a as iglesias, por los quales diçia que se el obrigara a pagar a o colledor que os avia a coller por nosso sennor el rey. Et logo os omes boos do dito cabidoo diseron que esto que o non avian por huso nen por custume de o faser a o dito dayan nen a outro ningun da iglesia sobre tal raçon commo esta, mayormente que o dito dayan andava por seu deadigo et por outros lugares do bispado acadando suas procurações et suas devedas, et esto que pararia muy gran periuyzo a a iglesia se se feçesse, ca cada hun dos outros que avian iuridições enna iglesia demandarian esto que demandavan o dito dayan, ca non avian tal a que non devesen alguna coussa deste pedido ennas suas iuridições, et querria que o contassen en ausencia en quanto fose recadar; enpero os omes boos do dito cabidoo acordaron de fazer graçia a o dito dayam por raçon que era fraco et por tal qu'elles pagase ben o qu'elles devia dos seus terços, que era huna grant quantia de dineiros para as rações do mes d'agosto que el amistrava, acordaron de o contar en toda sua raçon ben et conpridamente enno dito mes con protestaçon que esto non parasse periuyzo adeante a o dito cabidoo nen a ningun dos beneficiados da dita iglesia. Et por que esto se tevesse et guardase mellor et mays conpridamente d'aqui adeante, et que non fosse occasion que ningun dos da dita iglesia nen outro ingun les esto demandase nen le fosse outorgado d'aqui adeante.

Don Fernan de Deus, chantres, don Alvar Dias, archidiago de Sarrea, don Aras Pelaes, thesoreyro, Andres Peres, Affonso Gomes, Pedro Galvan, Vaasco Dias, Johan Ferrnandes, Vaasco Rodrigues, Affonso Eanes Johan Ferrnandes, Johan Guterres, raçoeyros da iglesia de Lugo, feçeron iuramento a os santos evangelios, tangeiudos corporalmente con suas maos, que esta graçia que non fosse outorgada por ninhuuns delles a ninhun que a demandasse d'aqui adeante, et que lla cotradisessen a todo seu poder, salvo os seus trinta dias que cada hun dos beneficiados da iglesia ham de huso et de custume desse contar in ausencia quando que ande enno bispado. Et se por la ventura o dito dayam non les pagase o qu'elles devia do tempo passado que en salvo les ficase seu dereito que avian para o descontar a el et a os seus fiadores segunt que mandavan as constituções da iglesia de Lugo, et demyas que a dita gracia que facian a o dito dayam de contarlo no dito mes que fosse nenhuna.

Feyto foy esto dia et era sobreditos testemoyas os omes boos do cabidoo que ditos son.

Et yo Johan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo por auctoridade do bispo desse lugar, a esto que dito he presente fuy et a pidimento dos omes boos do cabidoo sobreditos este instrumto en este livro en minna presença fige scrivir et puge y meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

## 364

1337, novembro, 12. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Pedro Lourenzo e á súa muller e a unha voz o casal da Torre, en San Xulián da Veiga, por renda anual de 33 marabedís, 12 marabedís e medio de loitosa e a obriga, ademais, de construír dúas casas e plantar árbores.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 16v.

Enno nome de Deus amen. Era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et cinco annos, doce dias de novembre.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos dayam et cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo ena iglesia de Santa Maria por canpaa taniuada segundo que avemos de custume de nos iuntar a cabidoo, façemos vervo a vos, Pedro Lourenço de Veyga et a Maria Andres vosa muller et a huna pessoa qual nomear o pustrimeiro de vos en vida ou a a ora de vosa morte, o noso casar chamado da Torre, con suas pertencenças et dereyturas, a monte et a fonte, peru quer que vaa, sub signo de Sant Iullao de Veyga, a a tal razon conven a saber que vos et aquela pesoa que ficar en este dito casal a pus vos que o lavredes et paredes ben as herdades del et façades y duas casas ennos mayores dous formaes que y esteveren, et que ponades y dez arvores que fiquen presas, conven a saber: nugeyras et castineyras, et que metades en este casal tres taegas de herdade semente lavradia da vosa que fique en este casal para senpre por iur de herdae. Et avedes a dar cada anno, vos et a dita vosa muller et aquela pesoa que y veer a pus vos en este vervo, triinta et tres moravedis desta moneda del rey don Affonso, a oyto soldos o moravedi, que façen quatro dineiros tres soldos, por dia de Sant Martino do mes de novembro, a nos ou a aquel que os por nos ouver de receber en paz et en salvo sen desconto nehun eno dito casal. Et a a morte de vos, o dito Pedro Loureço, avedes nos a dar por loytossa doce moravedis et medio, et a outra pessoa que entrar a pus vosa morte, ou da dita vosa muller, en este vervo, a a sua morte que de por loytossa outros doce maravedis et medio, d'oyto soldos o maravedis, da moneda sobredita. Et vos, Pedro Lourenço et a dita vosa muller et aquel que veer a pus vos en este vervo, avedes seer vasallos da iglesia de Lugo serventes et obidientes, et ave-

des a seer quitos et deffessos commo os outros nosos caseyros desta iglesia de Lugo. Et outrosi aquela pessoa que for nomeada para este vervo a pus morte de vos, o dito Pedro Lourenço ou da dita vossa muller Maria Andres, ha de viir a nos o cabidoo a receber este vervo de nos, et pagar esta renda et conprir esta carta en commo se en ela conten. Outrosi vos, o dito Pedro Lourenço, avedes nos a dar boos fiadores en vossa terra se vos los demandarmos para que tenades et paguedes et cumprades este vervo en commo sobredito he. Et a morte da pustrimeira pessoa de vos este dito casal ha de ficar livre et quito de vos et de toda vosa voz con as ditas casas feitas et arvores pressas, et con as ditas tres taegas de herdade semente, et con todos los outros boos paramentos que en este casal foren feitos a a iglesia de Lugo.

Et eu, o sobredito Pedro Lourenço, por min et por la dita dita (sic) mina muller Maria Andres et por la pessoa que en este vervo ficar a pus nosa morte, asi recebo este vervo de vos, os ditos dayam et cabidoo, et obrigo de o conprir et pagar et gardar en todo por min et por todos meus bees, movilles et rays, en commo sobredito he.

Et porque esto seia certo et non venna en dulta nos o dayam et cabidoo et Pedro Lourenço partes sobreditas rogamos et mandamos a Fernan Peres, notario publico de Lugo, que faça desto fazer duas cartas en hun tenor et pona en cada huna delas seu nome et seu signal en testemoyo de verdade.

Testemoyas que a esto pressente foron: don Fernan Aras, dayam; don Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; don Pedro Ruyz, archidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuyz; don Aras Pellaes, thesoreyro; Affonso Gomes, Andres Peres, Iohan Fernandes, Pedro Galvan et Fernan Affonso, coengos de Lugo; Iohan Fernandez, raçoeyro; et Iacome Eanes, despensseyro do cabidoo ts.

Et eu Fernan Peres, sobredito notario publico de Lugo, a o sobredito presente foy et a rogo et por mandado do dayam et cabidoo et Pedro Lourenço, partes sobreditas, esta carta fiz en minna presenza escribir en este livro do dito cabidoo et puge y este meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

### 365

1338, febreiro, 3. Lugo

*O arcediago de Sarria, o tesoureiro e Afonso Eanes, racioneiro, afóránlles a Gonzalo Eanes e á súa muller e a unha voz unha casa próxima á igrexa de San Pedro. Pagarán anualmente 10 soldos por foro e deberán cubrila de lousa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 31r.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Alvar Dias, archidiago de Sarrea, et teente o prestamo de Sant Pedro, por Meestre Iohan Fabre, rezeptor dos bees que perteescen a a camara de noso sennor o Papa, et nos Aras Pellaes, theso-reiro da iglesia de Lugo, et Affonso Eanes, raçoeyro desa iglesia, procuradores dos aniversarios da dita iglesia, con outorgamento do dayam et cabiidoo da iglesia de Lugo, avervamos et aforamos a vos, Gonçalvo Eanes et a vosa muller Tereyia Peres por en toda vosa vida d'anbos et dous et de huna pesoa semelave de vos qual nomear o pustrimeiro de vos en vida ou a tempo de voso finamento, huna praça de huna casa que ora esta cuberta de palla, que he cabo a ausia da dita iglesia de San Pedro, a qual praça fere da huna testa cabo a casa de Iohan Rey, ferreiro, et da outra testa no lenço da parede que esta contra o camino que vay para a Madagnela en dereyto a ayra; con suas entradas et seidas et dereyturas, a a tal raçon conven a saber: que avedes a faser a dita casa de parede et cubrila de lousa et mantella en boo estado. Et avedes a dar cada anno por foro et en reconosçemento, a aquel que tener o prestamo de San Pedro et a os aniversarios, dez soldos desta moeda del rey dom Affonso, que fassen quatro dineyros novees tres soldos, et pagar estes dez soldos en esta maneyra, as tres quartas a o que tener o dito prestamo et a huna quarta a os aniversarios da dita iglesia de Lugo, cada anno, por dia de Sant Martino. Et a o tempo de finamento de vos et d'aquella pesoa que for nomeada deve ficar a dita casa feyta, a o que tener o dito prestamo de Sant Pedro et a os aniversarios, livre et quita con todo-los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, Gonçalvo Eanes sobredito, que estou presente assi rezebo de vos arçidiago et thesoyeyro et Affonso Eanes, o vervo et foro da dita casa por min et polla dita minna muller et pesoa que for nomeada, et oblige meus bees, movelles et rayz, gaanados et por gaanar, para pagar cada anno os ditos dez soldos et comprir as cousas sobreditas. Et que esto seia çerto nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feytas en Lugo tres dias de freveyro, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et seys annos.

Testemoyas que foron presente: don Fernan Aras, dayam; Andres Peres, Iohan Fernandes, coengos de Lugo; Lopo Domingues, Pedro Migees, Pedro Fernandes, Fernan Eanes, Iacome Affonso, Affonso Eanes, clerigos do choro de Lugo; Lopo Peres et Domingo Eanes, homes do sobredito thesoyeyro; Ruy Marroto ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo dese miismo lugar, a esto presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presença fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoy de verdade.



## 366

1338, maio, 14. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle ao racioneiro Xoán González a administración de marzo por 460 marabedis anuais, 124 marabedis de sobreposta e as demais obrigas establecidas no Estatuto Novo.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 73r; Cód. 416 B, fol. 17r.

In Dei nomine amen. Era de mill et CCC<sup>os</sup> LXX<sup>a</sup> et seys annos, quatorçe dias de mayo.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo con outorgamento de don Pedro Iacome, juyz et vigario de don Fernan Aras, dayam desa iglesia, seendo iuntados en cabidoo por campaa taniuda segundo he de uso et de custume, arrendamos a vos Iohan Gonçalves, raçoeyro desa iglesia, amiistraçon do mes de março, que he en terra da Somoça de Lemos et en o Ynço et en o Mao, con todos seus dereytos et pertenenças quantos a nos perteeçen et perteeçer deven de dereyto en qualquer maneira, para en todos vossos dias. Et vos avedes nos a dar cada anno, quatroçentos et sessenta moravedis desta moneda blanca del rey don Affonso, a ooyto soldos cada moraovoedi, et pagarlos segundo que pagaren os outros amiistradores os seus terços. Et demays avedes nos a proveer o dito mes de pan et de vino , conven a saber: dar quatro paes et un quartillon de vino a o coengo, et dous paes et et medeo quartillon de vinno a o raçoeyro, segundo he ordenado enno statuto novo; et çento et viinte et quatro moravedis de sobreposta. Et non avedes a darnos desconto se non se for toma de rey ou de infante ou de ricome que tena o condado ou de merino mayor del rey.

Et eu Iohan Gonçalves, raçoeyro sobredito, asy reçoço esta renda de vos, o cabidoo sobredito, et obligo min et todos meus bees de conprir esto que dito he, et demays douvos por fiador a Affonso Eanes, raçoeyro, el presente et outorgante a a dita fiadoria.

Et por que esto fosse çerto nos as ditas partes rogamos a Fernan Peres, notario publico de Lugo, que feçesse desto un publico instrumento et que o posesse no libro do cabidoo.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantres; don Pedro Iacome, juyz; don Aras Pellaes, thesoreyro; Andres Peres, Pedro Galvan, Affonso Gomes, Vasco Dias, Iohan Fernandes, Vaasco Rodrigues, Fernan Affonso, coengos.

Et eu Fernan Peres, sobredito publico notario de Lugo, a o que sobredito he presente foy con as testemoyas sobreditas et a rogo das partes sobreditas este instrumento [fis en minna presenza escribir] et puge y meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

## 367

1338, agosto, 7. Lugo

*Cláusula testamentaria de Tareixa Pérez pola que lega aos aniversarios de Lugo a cuarta parte dunha casa e cortiña na rúa Miñá.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 68v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando Pérez.

Thereyia Peres muller de Domingo Eanes, mercador, moradores a a Crus, mandou a os aniversarios da igrexa de Lugo, o cuarto da casa en que mora Affonso Ferrnandes Bollahuriço, con sua cortina de-llo çeo ata-lla terra, que esta enna rua Minaa, a qual le perteesçe et perteesçer deve a aver por herança de Thereyia Romyna, sua nana que foy, filla de Romeu Peres, por sua alma, et que lle façan hun aniversario cada anno en tal dia commo se finou.

Eu Fernando Peres, notario de Lugo, que a esto presente foy con as testemoyas subscriptas, esta clausula do testamento da dita Thereyia Peres aqui fis scrivir et minna presenza et puge y meu nome et meu signal.

Feyto o dito testamento en Lugo sete dias d'agosto era de mill CCC<sup>os</sup> et setaenta et seys anos.

Et disto foron testemoyas: Afonso Domingues da [...] Pero Moury, alfayate; Afonso Eanes, Fernando Miguelles et Rodrigo Ares, piliteyro ts.

## 368

1338, agosto, 17. Lugo

*Miguel Eanes e María Rodríguez véndenlle ao Cabido de Lugo as súas propiedades nas freguesías de Santiago de Laxosa e Santa Mariña de Cabreiros por 170 marabedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 17v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Migeel Iohanes de Paradella, filo de Ioha Pellaes de Paradella que foy, et eu Maria Rodrigues, filla de Sancha Iohanes que foy, yrmaa do dito Migeel Iohanes, con outorgamento de Iohan Eanes de Manaa, meu padre, que esta presente et outorgante, nos todos tres de consuu de boa livre voontade vendemos para senpre a vos, o cabidoo da igrexa de Lugo, para os aniversarios dessa igrexa, todo quanto herdamento et vos o dito Iohan Pellaes avia et aver devia a tempo de sua morte, asy de compras commo de gaanças et de patri-

monio et d'outra maneira qualquer, et nos avemos et nos perteeçe de dereyto, enno Lousado et en Ramir et en outros lugares quaesquer que vaan, sub signos de Santiago de Lageosa et de Sancta Maria de Cabreyros, con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores et formaes, a montes et a fontes, per hu quer que vaa, sub os ditos signos, et reçebemos de vos en preço por esta vençon, çento et setenta moravedis, d'oyto soldos cada moravedi, d'esta moneda del rey don Affonso, de que somos entregos et ben pagados, et renunçiamos a exçeçõ do aver non contado; et obligamos nos et todos nossos bees, movelles et rays, para vos fazer senpre esta vençon de paz. Et espeçialmente eu, Migeel Iohanes, para vos faser esta vençon de paz vos obligo todo o herdamento que eu aio et me perteeçe sub signo de San Fiis de Paradella. Et demays eu, a dita Maria Rodrigues, renunçio et prometo a a boa fe que nunca contra esta vençon venna nen passe por raçon de meorydade nen d'engano nen por outra raçon nenhuna. Et para esto conprir et guardar faço iuramento corporalmente taniudos con minas maos. Et estes moravedis sobre ditos que de vos reçebemos por esta vençon foron dos dineiros que vos Gomes Peres de Çervantes deu por los herdamentos que de vos conprou en Vilar Pon.

Feyto foy esto en Lugo XVII dias d'agosto, era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et seys annos.

Testemoyas: Ruy Peres, porteiro do cabidoo; Fernan Peres et Pedro Eanes, pedreyros; Iohan Peres, criado de don Pedro Iacome, iuyz; Rodrigo Aras das Cortinas, clerigo ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo dese miismo lugar, a esto que dito he con has testemoyas sobreditas chamado et rogado presente fuy, et vi commo a dita Maria Rodrigues feço o dito iuramento et esta carta escrivi et puse en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 369

1338, setembro, 15. León

*O bispo de Reus, a través do seu procurador, o racioneiro Martiño González, recibiu do Cabido de Lugo 1900 maravedís curtos polos 60 floríns de ouro que o devandito bispo mandou para o seu proceso.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/6, perg. orix., gótica cursiva, 300x199 mm.

Era de mill et tresientos et setenta et seys annos, quinse dias de setembro.

Sepan quantos esta carta vieren commo yo Martin Gonçales, raçonero en la iglesia [de Lugo], procurador et menssagero del onrrado padre et sennor don Bernaldo, por la gracia de Dios obispo de Reus, menssagero et legado de nuestro

sennor el Papa a [...] entre los nobles reys de Castiella et de Portugal, otorgo et conosco que Martin Gonçalves, mio criado et mio procurador, reçibio por mi et en mio nombre, a quatro dias del mes de setembrio en la era de la data desta carta, de vos los onrrados sennores dean et cabildo de la yglesia de Lugo, mill et novesientos maravedis cortos por los sessenta florines de oro que el dicho sennor obispo nos enbio mandar por su proçesso que diessedes a mi o a mi mandado, cuntando por cada florin treynta maravedis, de los quales florines el dicho sennor obispo tasso al obispado de Lugo los çinquenta florines para su despensa de un anno, et elos dies florines por las costas que yo, Martin Gonçalves, fis ela otra vegada que fuy alla a Lugo en yda et en morada et en venida et con gentes que conmigo ovieron a venir. Et los quales maravedis me el dicho Martin Gonçales, mio criado, dio de que me otorgo por bien pagado. Et porque esto sea firme diemos ende esta carta seellada con mio seello et en que escriví mio nonbre con mia mano. Et por mayor firmedumbre rogue a Iohan Peres, escrivano, teniente las veses por Alffonso Garçia, escrivano del rey et so notario publico en la eglesia de Leon, que la signasse de so signo.

Fecha en Leon anno et mes et dia sobredichos.

Testimonios que fueron presentes: Pedro abbat [...] et Domingo Iohanes, clerigos de Aguilar de Canpos; Gonçalo Peres et Domingo Peres, palmero, et Fernant Peres, clerigos de Cuenca, çerca Villalon, et otros.

Et yo Iohan Peres, escrivan, teniente las veses por Alffonso Garçia, notario sobredicho, fue presente a esto de suso dicho, et a ruego del sobredicho Martin Gonçales, raçionero, fis escrivir esta carta et fis en ella este signo semellante al del dicho Alffonso Garçia que es tal en testimonio de verdat. (+).

### 370

1338, setembro, 18. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Pedro Pérez e á súa muller e a toda a súa voz unha casa na Porta Nova por 40 soldos anuais, e deben, ademais, construíla máis adiante e pagar a soldariza (renda en moeda).*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 18r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo enna casa do thesouro da dita iglesia por canpaa taniuda segundo que he husso et custume de façermos cabidoo, con outorgamento de dom Aras Pellaes, thesoreyro dessa iglesia, et d'Affonso Eanes, raçoeyro, procuradores dos aniversarios da dita iglesia de Lugo, damos et

aforamos a vos, Pedro Peres, dito Ferreiro, morador a a Porta Nova, et a vosa muller Mayor Peres, para vos et para toda vossa voz para senpre por iur de herdade, huna nossa casa con seu seydo que he a a Porta Nova, sub signo da cappella de San Marcho de Lugo, que iaz da [huna] parte cabo a casa que foy de Marina Domingues, et da outra parte outra casa que foy de Pedro Amores et de Maria Domingues, sua muller, con o dito seydo asi commo topa na parede da cortina de fora et commo fere na rua que vay para a Porta Nova; et con todas suas dereyturas et pertenenças, entradas et seydas, iures et agoas vertes. A qual casa con seu seydo vos damos et afforamos en esta maneyra, conven a saber que avedes a fazer a dita casa mays adelante que o que ora esta feyta contra a cortina de çima, por vosa custa vos et vossa voz, et manteer toda a dita casa en boo estado et refaçe-lla et para-la ven; et avedes a dar cada anno en salvo, vos et vosa voz, por foro et en reconoçemento a os aniversarios da dita iglesia de Lugo, ou aquel que por elles ouver de receber, quaraenta soldos d'esta moneda del rey dom Affonso, que façen quatro dineiros novees tres soldos, ou a vallia destes quaraenta soldos se a dita moeda requeçer ou mingoar, os viinte soldos cada anno por Natal, et os outros viinte soldos por San Iohan Bautista, en salvo sen custa do dito cabidoo et aniversarios; et pagardes por vosa custa a soldariça da dita casa cada anno; et manteer et refaser a dita casa vos et vosa voz por vosa custa, et dar os ditos dineiros. Et se vos ou vosa voz non quiserdes pagar os ditos quaraenta soldos, como dito he, que a dita casa con todos los boos paramentos que y foren feytos se torne a os aniversarios et iglesia de Lugo, et que vos et vosa voz seiades et fiquedes teudos para a teer senpre en pe, segudo commo ora esta feyta, et mellor commo ha feçerdes a dita casa endeante enna dita cortina que esta por fazer. Et outrosi que possades fazer da dita casa asi commo de vosa herdade propria a pessoa semellavelle de vos, et non a outro nihun, et que pague ben os ditos dineiros a os aniversarios da iglesia de Lugo, ou a aquel que os ouver de receber por elles. Et se vos, Pedro Peres et Mayor Peres, ou vosa voz, ouverdes de fazer algun contraucto d'aleaçõ da dita casa, que o façades con outorgamento do dayam et cabidoo da dita iglesia de Lugo.

Et nos, Pedro Peres et Mayor Peres, que estamos pressentes, assi reçebe-mos de vos, dayam et cabidoo sobredito, por nos et por nosa voz, a dita casa et foro della, con las condiçoens sobreditas, et obligamos nos et todos nossos bees, movelles et reys, gaanados et por gaanar, por nos et por nossa voz, para conprir estas coussas que ditas son et para pagar os ditos quaraenta soldos et soldariça. Et por que esto seia çerto et non vena en dulta nos, os sobreditos dayam et cabidoo et Pedro Peres et Mayor Peres, rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçesse desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra, huna que possese enno livro do cabidoo et outra que desse a nos Pedro Peres et Mayor Peres.

Que foy feyta en Lugo enna casa do dito thesouro XVIII<sup>o</sup> dias de setenbro, era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et seys annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan Aras, dayam, dom Fernan de Deus, chantres de Lugo; dom Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; dom Pedro Iacome, iuyz de Lugo; dom Aras Pellaes, thesoreyro; Affonso Gomes, Iohan Ferrnandes, Vaasco Dias, Vaasco Rodrigues, Fernan Affonso, coengos de Lugo; Affonso Eanes et Iohan Guterres, raçoeyros de Lugo; Fernan Eanes, clerigo do meestrescolla, don Gonçalvo Garçia. Testemoyas: Pedro Ferrnandes et Pedro Migueles et Iohan Peres et Iacome Afonso, coengos d'aniversario; Rodrigo Eanes, clerigo do coro ts., et outros.

Et eu Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo sobredito dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he con las testemoyas sobreditas chamado et rogado presente foy, et a rogo das partes sobreditas esta carta en este livro do cabidoo en mina presenza fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 371

1338, outubro, 23. Lugo

*O Cabido de Lugo entrégalle a Xoán Eanes unha casa no Burgo Novo; este dálle a cambio outra casa co seu pozo no mesmo lugar, coa condición de que non lle neguen a auga.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 19r.

Sabiam quantos esta carta viren como nos Fernan Aras, dayan, et o cabidoo da yglesia de Lugo, con outorgamento de don Aras Pellaes, thesoreyro, et de Affonso Yanes, rasoeryo desse lugar, procuradores et rendeyros dos beens et rendas que os aniversarios da dita yglesia de Lugo han enna villa et enno bispado de Lugo, fasemos escambyo valioso para senpre con vosco Iohan Yanes, fillo que fostes de Pero Yanes de [Campesso], morador en Burgo Novo, conven a saber que nos vos damos por iur d'ardade para senpre iamays a vos et a toda vosa voz que veer, huna casa dos ditos aniversarios que he enna rua de Burgo Novo, a qual foy de Maria Cabeça, et iaz entre las vossas casas et de vossos yrmaos, a qual casa vos damos con suas entradas et saydas et con todas suas pertenenças, segundo a nos avemos et possuymos, enna qual vos logo metemos et damos a possisson et a propiedade, et avedes nos a pagar cada anno o aniversario que en ela avemos.

Et eu, o dito Iohan Yanes, por esta escanbya et casa que me vos, os ditos dayam et cabidoo, façedes et dades, dou a vos, os sobreditos dayam et cabidoo, por iur d'ardade para senpre iamays a outra casa que eu et meus yrmaos avemos en Burgo Novo, assi commo esta con seu sobrado, a qual casa esta entre esta casa

que me vos dades da huna parte et outra casa de vos o dito dayam et cabidoo sobredito, con suas entradas et saydas et con todas suas pertenenças segundo a eu et meus yrmaos avemos et pussuymos, enna qual vos logo meto et dou a possision et a propiedade della, et o poço que esta enna cortynna desta casa que vos eu dou que non seia vedada a agoa del a min, nin a aquelles que veeren en minna voz para senpre iamays. Et nos, o dayam et cabidoo sobredito, avemos os a faser de paz esta casa que vos damos. Et eu, Iohan Yanes por min et por meus yrmaos, obligo min et todos meus bees de vos fazer de pas esta casa que vos eu dou, et se por ventura cada huna de nos as partes sobreditas quiser fazer parede entre nos que aquel que a quiser faser que a faça enno terreo d'anhas las partes sen custa da outra parte, et aia en ella as pousas. Et que esto seia certo et non venna en dulta rogamos a Françisco Martines, notario de Lugo, que feçesse ende duas cartas tal a huna commo a outra, a huna que tenades vos Iohan Yanes et a outra que a escrivan no noso livro das nosas cartas do cabidoo, et que possese en cada huna dellas seu sinal.

Que foron feytas viinte et tres dias de outubro, era de mill et CCC LXX VI anos.

Testemoyas que presentes foron: o dito dayam; don Fernan de Deus, chantres; don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; don Pedro Iacome, iuys; Iohan Ferrnandes et Vaasco Rodrigues et Fernan Affonso, todos pessoas et coengos de Lugo; o dito thesoreyro et Affonso Yanes, raçoeyros.

Et eu Françisco Martines, notario publico dado pelo bispo de Lugo a o conçello dese miismo lugar, a todo esto que dito he presente foy et esta carta escrivi et notey et a rogo das partes puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

### 372

1339, febreiro, 5. Lugo

*O deán e o Cabido lucenses, de acordo co seu bispo, fan previsións sobre a subministración de meliori vino rubeo aos cóengos.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 78r.

Noverint universi quod congregatis decano et capitulo lucensis ecclesie in loco ubi consuevit capitulum celebrari cum auctoritate et consensu domini Iohannis, eiusdem episcopi, constitutionem ediderunt in hoc modum: quia dignum est ut quos Dei timor a male non revocat salutem pena cohereat temporalis, et licet olim fuerit provide statutum quod administratores mensium tenerentur cotidie providere de meliori vino quod inveniretur ad vendendum publice in pre-

dicta civitate, quia tamen hoc usque nunc perperam extitit observatum propterea, nos Fernandus Arie, decanus, et capitulum lucensis ecclesie, cum consensum et auctoritate donni Iohannis, eiusdem episcopi, statuimus quod quilibet administrator in mense suo provideat et solvat quotidie canonicis et porcionariis, de meliori vino rubeo, quod inventum fuerit in civitate ad vendendum publice in loco scilicet vel taberna ubi hostiarius capituli vel ille quem ebdomarius ad mensem in choro ad hoc deputaverit deficient hostiario duxerint eligendum; et si forte vinum ad vendendum non potuerit in civitate inveniri quod administrator solvat pro eo canonicis et porcionariis quantum fuerit captatum sive taxatum in ipsa, vel si fuerit tempus quo non sit taxatum, solvat pro eo precium pro quo comuniter venditum fuerit in publico, primis quindecim diebus ipsius mensis in quo non potuerit inveniri. Quod si administrator hoc ad implere neglexerit, perdat porcionem suam usque ad quindecim dies primos sequentes, et ex inde ipse cum fideiusoribus quos pro amministrazione dedit, perdant porciones sine speremissionis donec solvant ut superius est expresum. Adicimus etiam quod canonicus vel porcionarii cui vinum non fuerit solutum ut predicatur administratore vel eius locum tenenti premititur requisitus, hoc dicat decano vel eius vicario, et istis deficientibus vel negligentibus dicat episcopo vel eius vicario. Et quod administrator illa die et sequentibus ut prefertur ipso facto sit subpunctatus et careat porciones. Item statuimus quod quilibet administrator quando de civitate receserit quod loco sui vicarium de gremio ecclesie et desidius dimitere teneatur qui computet et redat rationem de mense, et de illis qui venerunt ad ecclesiam vel etiam receserunt, si quis hoc neglexerit ad implere, episcopus vel eius vicarius dent de bonis eius et porcione alicui de supra dictis dicte ecclesie viginti morabitanos qui pro eo huiusmodi officium exsequant quiquidem iuramentum prestare teneatur, quod huius officium exequentur. Et rogamus Rodericus Fernandi, notarius publicum lucensis, ut istud constitutionem et ordinationem scribat in libro nostro, et signum suum asuetum apponat in testimonium promissorum.

Actum fuit hoc in hospicio habitacionis dicti domini episcopi. Era V<sup>a</sup> die mensis februarii, anno Domini M<sup>o</sup> CCC<sup>o</sup> XXXIX<sup>o</sup>.

Qui presentes fuerunt: donnis Fernando Arie, decano; Fernando de Deo, cantore; Alvarus Didaci, archidiacono de Sarria; Velasco Didaci, Fernando Alffonso, Iohanne Fernandi, Alffonso Iohannis, canonicis dicte ecclesie lucensis; Magistum Martino, et aliis.

Et ego Rodericus Fernandi, publicus in civitate lucensis auctoritate episcopali notarius iuratus, vocatus et rogatus per dictis domini episcopi et decano et capitulum, presens fui et dictis constitutiones et ordinationes ipsorum in isto suo libro manu propria scripsi ac signum meum consuetum apposui in testimonium veritatis. (+).



## 373

1339, abril, 8 xoves. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Afonso Fernández e á súa muller e a unha voz o casal e muíño de Pinoucos, en Santiago de Lugo e San Fiz de Muxa, por 160 maravedís anuais de renda.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 19v.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo enno thesouro da iglesia de Santa Maria de Lugo, segundo que o avemos de uso et de custume, con outorgamento dos coengos d'aniverssario, afforamos et avervamos a vos Afonso Ferrnandes, fillo de Fernan Pellaes de Sayoane de Penna, et a vosa muller Tareyia Peres, por en todos vossos dias d'anbos et dous et de huna pessoa semellavele de vos qual o pustrimeyto de vos nomear para esto en vida ou a tempo de seu finamento, o casal de Pinoucos con o moyno de Pinoucos, asy commo Tareyia Lopes do Carvalal tragia o dito casal et moyno, et con aquela herdade de Castello que a dita Tareyia Lopes leyxou a a dita iglesia commo se conten no livro do cabidoo, o qual casal et herdade et moyno, que he sub signos da capella de Santiago de Lugo et de San Fiiz de Muia, vos avervamos con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores et formaes, a montes et a fontes, per hu quer que vaan, en esta maneira conve a saber: que avedes a lavrar et parar ben as herdades do dito casal et moyno et manteer las casal del et moyno en boo estado, et chan-tar y das arvores. Et avedes a dar cada anno, por foro et en renda deste casal et her-dade et moyno, a nos, ou a o que tener os aniversarios da iglesia de Lugo, çento et sessaenta moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso, que façen onze dineyros novees minus terça d'un cada moravedi, o o a vallia delles se a dita moeda mingoar ou montar mays, et pagar estes moravedis cada anno por los terços do anno en paz et en salvo enna villa de Lugo sen contradición et excepçon nenhuna. Et vos ou aquelles que moraren no dito casal han de seer def-fessos et quitos et anparados dos peytos et foros que veeren commo o foren os outros serviçaes da iglesia de Lugo. Et a finamento de vos et d'aquella pessoa, que o pustrimeyto de vos nomear, en que ficar o dito casal et moyno et herdade, deve a leyxar o dito casal et moyno et herdade livre et quito et desenbargado a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et outrosy aquella pes-soa, que nomeardes, en que fique o dito casal quando vagar de vos que o venna receber do dayam et cabidoo da iglesia de Lugo et dar boos fiadores que pague cada anno os ditos moravedis et cumpra as cousas sobreditas que se en esta carta

conteen; et prometemos de vos non coller o dito casal et herdade et moyno que vos avervamos et obligamos para vos faser este vervo et casal de paz a dereyto.

Et nos, Affonso Ferrnandes et Tareyia Peres que estamos presentes, assy reçebemos de vos, o sobredito dayam et cabidoo, a renda et vervo et foro dos sobreditos casal et moyno et herdade por nos et por aquella pessoa que for nomeada en que ficar o dito lugar, et obligamos nos et todos nossos bees movelles et rayçes gaanados et por gaanar para vos dar et pagar cada anno os ditos moravedis et comprir as cousas sobreditas commo dito he; et de mays para vos pagarmos cada anno os ditos çento et sesaenta moravedis commo dito he damos vos por fiadores a cada hun por lo todo conven a saber: Iohan Peres, criado de don Pedro Iacome, iuys de Lugo, Lopo Estevees, alfayate, morador en Lugo enna Cutellaria, et Gonçalvo Eanes, morador en Lugo enna rua do Carvalal, criado de Iohan Peres de Sancta Maria Alta que foy, elles presentes et outorgantes seus bees a dita fiadoria cada hun por lo todo. Et nos os ditos fiadores, Iohan Peres et Lopo Estevees et Gonçalvo Eanes, renunçiamos expresamente a lee et dereyto que diz en quanto o devedor for presente et achado o fiador non deve a seer pinorado nen demandado, et renunçiamos et prometemos a a boa fe de o non allegar por os nen por outren en iuyço nen fora del. Et para contra esto que dito he viir outrosy nos, os ditos Affonso Ferrnandes et Tareyia Peres, prometemos et outorgamos que se estes fiadores sobreditos ou cada hun delles mays veer, de vos dar outros fiadores enno lugar du vos estes damos.

Et que esto seia çerto nos os sobreditos, dayan et partes sobreditas rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçesse desto duas cartas en hun tenor, tal huna commo outra, huna que possesse no livro do cabidoo signada de seu signal, et outra que desse a os ditos Affonso Fernandes et Tareyia Peres signada de seu signal et seellada de seello de nos o cabidoo sobredito.

Que foro feytas en Lugo, enna casa do thesouro sobredito, ioves oyto dias d'abril, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan Aras sobredito; don Alvar Diaz, archidiago de Sarria; don Pedro Iacome, juys de Lugo; Andres Peres, Iohan Fernandes, Vaasco Rodrigues, Fernan Affonso, coengos de Lugo; Affonso Eanes et Iohan Gutierrez, raçoeyros; Pedro Migueles, Pedro Fernandes, Fernan Eanes, Gomes Fernandes, Affonso Eanes, Fernan Peres de Piugos et Affonso Peres Ianeyro, clerigos do choro de Lugo; Iohan Amigo, clerigo; Pedro Agudo, criado do dito dayam; Iohan Tarovio, Affonso Peres de Fontao ts., et outros moytos ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, sobredito dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar a esto commo dito he con as testemoyas sobreditas chamado et rogado presente foy, et a rogo das partes sobreditas esta carta escrivi en este livro do cabidoo et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 374

1339, maio, 7. Lugo

*O Cabido de Lugo dálles a Diego Fernández de Neira e á súa muller todo o seu dereito no couto de San Salvador de Neira; eles entréganlle a cambio ao Cabido as súas propiedades en Santa Cruz de Picato e San Cirilo.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 20r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo enna casa do thesouro dessa iglesia de Lugo segundo que o avemos de uso et de custume da huna parte, et eu Diego Fernandes de Neyra por min et en nome de minna muller, Tereyia Fernandes, por la qual obligo a fazer outorgar da outra parte, façemos entre nos tal escanbeo valedeyro para senpre, conven a saber que nos dayam et cabidoo sobre-dito damos en escanbeo para senpre por iur d'erdade a vos, Diego Fernandes et a dita vosa muler Tereyia Fernandes, que aiades para senpre para vos et para vosa voz, todo o dereyto que nos avemos et aver devemos et nos perteeçe enna iglesia et no couto de don Salvador de Neyra, con todo o iur et dereyto que avemos por padroadigo na dita iglesia et couto et herdade que nos y perteeçe, con todas suas dereyturas et pertenenças et casas per hu quer que vaan, asy commo a vos mays conplidamente perteeçe. Et eu o sobredito, Diego Fernandes, por min et en nome da dita mina muler, Tereya Fernandes, dou et outorgo en escanbeo a vos o cabidoo da iglesia de Lugo que aiades para senpre por iur d'erdade para a dita iglesia de Lugo, todos los herdamentos et casas que eu et a dita mina muler avemos et aver devemos et nos perteeçe et perteesçer deve tanben de conpras commo de gaanças, et de patrimonio et d'outra maneyra qualquer, en todo o couto de Picato et en Sobrado et en todos seus terminos, sub signo de Sancta Cruz de Picato, et en Reçesende et en seus terminos sub signo de San Quiliz et sub outros signos quaesquer que vaan, con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores et formaes, chantados, a monte et a fonte, per hu quer que vaan, asy commo a nos mays compridamente perteeçe.

Et nos, o sobredito dayam et cabidoo, et Diego Fernandes por min et por la dita mina muler, outorgamos estes escanbeos que nos damos huuns a outros, et obligamos nos et nosos bees para nos façermos de pas huuns a outros por nos et por nosos sucesores os ditos herdamentos et couto et padroadigo que nos damos en escanbeo commo dito he, et todo aquel poderio et sennorio et dereyto que nos, o dito dayam et cabidoo, avemos et nos perteeçe enna dita iglesia et couto de don Salvador, seia sacado de nos et posto en vos o dito Diego Fernandes et Tereyia Fernandes para fazer del toda vosa voontade asi commo de voso propio. Outrosi

todo aquel poderio et seniorio que eu, o dito Diego Fernandes et a dita minna muller Tereyia Fernandes, avemos ou podemos aver enno dito herdamento et casas et en todo o couto de Picato et en Reçesende ende seia sacado et removudo de nos et posto en vos, o dito cabidoo, para vos et para vosos sucesores para fazer del toda vosa voontade asi commo de voso propio, tirando ende a comenda deste couto de Picato que tenno de vos. Et para estas cousas que sobreditas son conprir et guardar et para contra ellas non viir eu, o dito Diego Fernandes, faço iuramento sobre sanctos avangeos corporalmente taniudos con mias maos. Outrosi prometo et outorgo et obliigo meus bees para fazer outorgar este escanbeo a a dita mina muller, et estas cousas que se en esta carta conteen. Et por que esto seia çerto nos, os sobreditos dayam et cabidoo et Diego Fernandes, rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra, huna que dese a o dito Diego Fernandes signada de seu signal et seellada de seello de nos o cabidoo, et outra carta que posee no livro do cabidoo.

Que foron feytas enna casa do dito thesouro, sete dias de mayo, era de mill et treçentos et LXX<sup>ta</sup> et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: o sobredito dayam; don Alvar Diaz, archidia-go de Sarrea; don Pedro Iacome, iuyz; don Aras Pellaes, thesoreyro; Johan Fernandes et Fernan Afonso, Vaasco Rodrigues, coengos; Affonso Eanes et Johan Guterres et Johan Fernandes, raçoeyros de Lugo; Lopo Aras de Foriis, Johan Affonso de Burgo Novo, Diego Aras de Betote, Jacome Eanes, despenseyro do cabidoo de Lugo ts., et outros moytos.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado per auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy, et a rogo das partes sobreditas esta carta escribir fiz en este livro do cabidoo sobredito et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade, et pressente foy et vi commo o dito Diego Fernandes feço o dito juramento corporalmente taniudos con suas maos.

### 375

1339, maio, 7. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo outórganlle a Diego Fernández e á súa muller dúas terzas e media de pan anuais polos casais de Vilarello, en San Tomé de Lebruxo, como contrapartida das propiedades por eles cedidas no couto de San Salvador de Neira.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 20v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo juntados en cabidoo commo avemos de uso et de custume enna casa do thesouro desa iglesia, damos et outorgamos a vos, Diego Fernandes de Neyra et a vosa muler Tereyia Fernandes, por en toda vosa vida d'anbos et dous, duas terças et mea de pan cada anno que as aiades por los nosos casares de Vilarello, que son sub signo de San Tome de Labruge; o qual pan vos damos por raçon do escanbeo que connosco feçestes da herdade que aviades, vos et a dita vosa muller, en todo o couto de Picato et en Sobrado et en Reçesende, por lo dereyto et padroadigo et herdade que nos aviamos enna iglesia et couto de don Salvador de Neyra, et mandamos a Pedro Nunes, que ora ten os ditos casares de nos, ou a aquel que os tiver d'aqui adeante, que vos de et pague cada anno as ditas duas terças et mea de pan por los ditos casares de Vilarello como acostuma de pagar o pan dos ditos casares a o dito dayam et a o amiistrador que ten o couto de Picato.

Et nos, o dito cabidoo, obligamos todos los outros dereytos que avemos enno couto de Picato para fos façer pagar cada anno as ditas duas terças et mea de pan por los ditos casares. Et porque esto seia çerto nos, o sobredito cabidoo, seellamos esta carta de noso seello pendiente de çera. Et por mayor firmidug rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese esta carta et posese en ella seu signal.

Que foy feyta en Lugo sete dias de mayo, era de mill et treçentos et setenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan Aras, dayam; Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; don Pedro Iacome, iuyz; don Aras Pellaes, thesoreyro; Johan Fernandes, Fernan Affonso, Vaasco Rodrigues, coengos; Affonso Eanes, Johan Gutierrez, Johan Fernandes, raçoeyros de Lugo; Lopo Aras de Foriis, Johan Affonso de Burgo Novo, Diego Aras de Betote, Jacome Eanes, despenseiro do cabidoo da iglesia de Lugo ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado per auctoriade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo dos sobreditos dayam et cabidoo esta carta en mina presenza fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 376

1339, maio, 7. Lugo

*O deán comprométese ante o Cabido a pagarlles dúas terzas e media de pan a Diego Fernández de Neira e á súa muller mentres teña arrendada a administración de decembro.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 20v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernan Aras, dayam de Lugo, prometo et outorgo a vos o cabidoo da iglesia de Lugo, que eu que pague en todos meus dias mentre tener a amiistraçon do mes de dezenbre, duas terças et mea de pan a Diego Fernandes de Neyra et a sua muller Tereyia Fernandes, por los casares de Villarelo, as quaes duas terças et mea de pan lles ouvestes a dar por raçon de escambeo que con elles feçestes da vosa herdade do couto de Picato et de Sobrado et de Reçesende, que vos elles deron por lo dereito et padroadigo que aviades enna iglesia et couto de don Salvador de Neyra.

Et eu, o dito dayam, obligo meus bees para lles pagar cada anno o dito pan pe-llos ditos casares commo dito he. Et nos, o sobredito cabidoo, por maneira de estatuto prometemos a vos, os ditos Diego Fernandes et Tereyia Fernandes, para vos faser pagar cada anno en todos vossos dias o dito pan a aquel que tener a dita amiistraçon depoyos que vagar do sobredito dayam. Et que esto seia çerto nos, os sobreditos dayam et cabido, rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta et a possesse enno livro do cabidoo.

Que foy feyta en Lugo enno coro da dita iglesia sete dias de mayo, era de mill et treçentos et seteenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan Aras, dayam; Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; don Pedro Iacome, iuyz; don Aras Pellaes, thesoreyro; Johan Fernandes, Fernan Affonso, Vaasco Rodrigues, coengos; Affonso Eanes, Iohan Guterres, Iohan Fernandes, raçoeyros de Lugo; Lopo Aras de Foriis, Iohan Affonso de Burgo Novo, Diego Aras de Betote, Jacome Eanes, despenseyro do cabidoo da iglesia de Lugo ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto presente foy et a rogo dos sobreditos dayam et cabidoo esta carta en mina presenza fiz escribir et puge en ella meu signal en testimonio de verdade.

### 377

1339, maio, 30. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Xoán López e Francisco López e a unha voz propiedades en San Salvador do Mato cando faleza Gonzalo Sánchez, usufrutuario destas, por unha terza de pan anual e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 12v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos o dayan et cabydoo da eglesia de Lugo da huna parte, et eu Iohan Lopes, por min et por Fernando Lopes, meu yrmao, fillo de Lopo Pellaes de Manae que foy, da outra, façemos entre nos tal vervo et pustuura de todo aquel herdamento et voz et casas et arvores con suas pertenenças et dereyturas, peru quer que vaan, sub signo de San Salvador do Mato et sub outros signos peru quer que vaan, a monte et a fonte, que o dito Lopo Pellaes, noso padre, mandou en seu testamento a esta eglesia de Lugo por sua alma, dos quaes herdamentos o dito Lopo Pellaes mandou a Gonçalvo Sanches, fillo de Sancho Fernandes et de Elvira Areas, ho huso fruyto delles en vida dese Gonçalvo Sanches. Os quaes ditos herdamentos eu, o dito Iohan Lopes, conosco et outorgo que os trago et pesuyo pella dita eglesia de Lugo, et os reçebi della en tal maneira, conven a saber que eu, Iohan Lopes et Fernando Lopes, meu hirmao, a pus dias deste Gonçalvo Sanches entremos et pesuymos os ditos herdamentos peru quer que vaan por en toda nosa vida d'ambos, a tal rason que os tiremos onde iouveren mal parados et mantenamos as casas en boo stado. Et avemos de dar cada anno, depus San Miguel de vyndimyas endeante, por renda destes herdamentos a vos, o dito cabidoo, ou aquel que os por vos ouver de recadar, a pus dias do dito Gonçalvo Sanches, huna terça de pan do mellor que ouver enna dita herdade. Outrosy este vervo a de ficar en huna pesoa qual nomear o pustrimeyro de nos, Iohan Lopes et Fernando Lopes, a tempo de sua morte. Et esta pesoa en que ficar que tena et pesuya os ditos herdamentos po-lla iglesia de Lugo et les dia de cada anno, dez oytavas de pan do mellor do mellor (sic) que ouver ena dita herdade, de San Miguel de vyndymias endeante. Et a dita pesoa que cada hun de nos, Iohan Lopes ou Fernando Lopes, nomear a nosa morte para esto, que venna reçeber este vervo et herdamento et casas sobreditas de vos o dito cabidoo; et a a morte d'aquella pesoa que por cada hun de nos asy for nomeada para este vervo os ditos herdamentos et casas deven aficar a eglesia de Lugo livres et quitos de nos et de toda nosa vos, con todos-llos boos paramentos que en elles foren feytos. Et eu, o sobredito Iohan Lopes, por min et po-llo dito meu hirmao Fernando Lopes, et po-lla dita pesoa que cada hu de nos nomear commo sobredito he, asy faço et outorgo este vervo, et obliigo por min et por todos meus beens de o comprir et gardar en todo en commo sobredito he. Et nos, o dayam et cabidoo, asy outorgamos a vos, Iohan Lopes, este vervo en commo sobredito he, et mandamos ende seellar esta carta. Et por que esto fose çerto nos estas partes sobreditas rogamos et mandamos Fernando Peres, notario publico de Lugo, que feçesse ende duas cartas en hun tennor et posese en cada huna dellas seu nome et seu signal en testemoyo de verdade.

Feyto foy esto en Lugo XXX dias de mayo, era de mill et CCC LXX VII<sup>e</sup> annos.

Testemoyas que a esto presentes foron: don Fernando Aras, dayan; don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; don Pero Iacome, iuys; don Aras Pellaes, thesoreyro de Lugo; Iohan Fernandes de Valdayo, Andres Peres, Vaasco Rodrigues,

Fernando Affonso, coengos de Lugo; Afonso Eanes, Iohan Fernandes, Iohan Gutierres, raçoeyros; [Gomes Pellaes et Arias] [...] [ts.].

Et etu Fernando Peres, notario publico da çibdade et do obispado de Lugo dado pe-lla auctoridade do bispo dese lugar, a esto presente fuy et a rogo das partes esta carta scrivi et puge y meu nome et meu signal.

## 378

1339, xuño, 1. Lugo

*Pedro Eanes véndelle ao cóengo Xoán Fernández, que representa o Cabido, media leira en Coynas e un soar en Santiago de Lugo por 85 soldos.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 25v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Pedro Iohanes, dito Beraldo de Castello, de bon curaçon et de boa voontade, vendo a vos Johan Fernandes, coengo de Lugo, en nome do cabidoo da iglesia de Lugo, et para el, a meatade da huna leyra d'erdade que iaz a Coynas en Castello, enna carreya vella, et fere da huna ilarga na herdade do cabidoo et da outra parte na herdade dos aniversarios, et de testa fere na castineira que esta sobre-la carreya. Outrosi vos vendo mays hun formal de casa que esta iuntado con outro formal chamado de don Guterre, que he dos aniversarios, sub signo da capella de Santiago de Lugo. Et reçoibo de vos en preço por esta vençon, oyteenta et çinco soldos desta moneda del rey don Affonso de que me outorgo por entrego et ben pagado, et oblijo min et todos meus bees para vos fazer senpre esta vençon de paz, et des oie mays este dia avedea senpre en paz vos et toda vosa voz pus vos todo meu poderio et senorio ende seia sacado et removudo de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo primeiro dia de junyo, era de mill et CCC LXXVII<sup>e</sup> annos.

Testemoyas que foron presentes: don Aras Pellaes, thesoreyro de Lugo et Fernan Aras, thesoreyro de Mendonedo; Johan Gutierres, raçoeyro de Lugo; Lopo Rodrigues et Fernan de Malle, omes do dito Johan Fernandes ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he rogado pressente foy et esta carta en mina presenza fiz escrivir en este livro do cabidoo et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.



## 379

1339, xuño, 4. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Gómez Pérez e á súa muller e a unha voz o casal de Toande, en Vilachá de Mera, por renda anual de 250 soldos e a obriga de construír unha casa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 21r.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo con outorgamento de don Pedro Jacome, juyz de Lugo et vigario de don Fernan Aras, dayam dese lugar, et con outorgamento dos coengos d'aniversario, afforamos et avervamos a vos Gomes Peres, morador en San Fiiz de Muia, et a vosa muller Aldara Peres, por en todos vosos dias d'ambos et dous, et de huna pesoa semelavelle de vos qual o pustrimeyro de vos nomear en vida ou a tempo de voso finamento, o noso casal de Toande que he dos aniversarios que he e Villachaa de Mera, sub signo de San Iullao de Villachaa de Mera, con aquela herdade que perteeçe a este casal, et con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores et formaes, a montes et a fontes, per hu quer que vaan, a a tal raçon conven a saber que avedes a lavrar ou faser lavrar et parar ben a dita herdade et façer y en este lugar huna casa. Et avedes nos a dar cada anno por foro deste casal, duçentos et çinquenta soldos desta moeda del rey don Affonso, que façen quatro dineiros novees tres soldos, ou a valia delles se a dita moeda creçer ou mingoar. Et avedes a pagar estes duçentos et çinquenta soldos cada anno en paz et en salvo enna villa de Lugo a aquel que recadar os aniversarios da dita iglesia, a meatade por San Johan Bautista et a meatade por Natal. Et aquel que morar no dito casal ha de seer defeso et anparado segundo os serviçaes da iglesia de Lugo, et ha de seer vasallo servente et obediente da dita iglesia. Et quando vagar o dito casal do pustrimeyro de vos, aquela pesoa en que ficar que o vena reçeber do cabidoo da iglesia de Lugo, et ata que o non veer reçeber que non use do dito casal. Et prometemos de vos non coller este vervo que vos façemos do dito casal commo sobredito he. Et a tempo de finamento de vos et d'aquella pesoa que for nomeada, en que fique o dito casal, o dito casal (sic) deve ficar livre et quito et desenbargado a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos et con a dita casa feyta.

Et eu, Gomes Peres sobredito, que estou presente asi reçebo de vos, o sobredito cabidoo, con outorgamento do sobredito vigario do dito dayam et dos coengos d'aniversario, o vervo et foro do dito casal, por min et por la dita mina muller Aldara Peres et por aquela pesoa que for nomeada; et obliigo min et todos meus bees para pagar cada anno os ditos duçentos et çinquenta soldos et conprir as cousas sobreditas. Et porque esto seia çerto et non vena en dulta nos

as ditas partes rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra, huna que posese no livro do cabidoo signada de seu signal et outra que dese a min o dito Gomes Peres signada con seu signal et seellada con seello de nos o cabidoo.

Que foron feytas en Lugo enno coro da dita iglesia, quatro dias de junyo, era de mill et treçentos et seteenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Diaz, archidiago de Sarria; o sobredito juyz; don Aras Pellaes, thesoreyro; Andres Peres, Johan Fernandes, et Fernan Affonso, coengos de Lugo; Affonso Eanes, Johan Gutierres et Johan Fernandes, raçoeyros de Lugo; Pedro Miguellas, Affonso Eanes, Aras Peres de Castro, Afonso Janeiro, Jacome Affonso, Johan Peres, coengos d'aniversario; Martin Peres, Lopo Domingues, Goçalvo Janeiro, clerigos do choro de Lugo ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presenza fis escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 380

1339, xuño, 10. Lugo

*O Cabido de Lugo dálle a Domingo Pérez, clérigo do coro, unha casa na rúa do Burgo Novo; este entrégalle a cambio as súas propiedades en San Vicenzo de Betote.*

MADRID, *AHN*, Cód. 416 B, fol. 21v; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 21.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo seendo juntados en cabidoo enno choro da dita iglesia de Lugo segundo que avemos d'uso et de custume de façermos cabidoo, con outorgamento dos coengos d'aniversario, da huna parte, et eu Domingo Peres de Betote, clerigo do choro de Lugo, da outra, façemos entre nos tal escanbeo valedeyro para senpre. Conben a saber que nos, cabidoo sobredito, damos en escanbeo para senpre por iur d'erdade a vos, o sobredito Domingo Peres, huna casa que he enna çuidade de Lugo enna rua de Burgo Novo, sub a capella de Santiago de Lugo. A qual casa iaz de huna parte cabo a casa que foy d'Andreu Peres, clerigo, en que ora mora Maria Fernandes, et da outra parte iaz outra casa que foy d'Aras Martines Gascon et de Domingo Miguellas; et vos damos con todas suas dereyturas et pertenenças et entradas et seydas et jures et agoas vertes. Et eu, Domingo Peres, dou et outorgo en escambeo por la dita casa a vos, o sobredito cabidoo, para senpre por iur d'er-

dade para vos et para vossos suçesores todo quanto herdamento et voz, iglesiario et leygareo, eu aio conprado et gaanado de Domingo Peres et de Marina Eanes, sua muller, en Betote et en todos seus terminos, con huna casa feyta et con hun formal descuberto mays pequeno, et con a quarta d'outros quatro formaes descubertos, et con un plado que perteçe a este herdamento, et con todas suas dereyturas et pertenças, casas, arvoreds et formaes, a monte et a fonte, per hu quer que vaan, sub signo de San Viçenço de Betote. Et este herdamento sobredito vos dou en escanbea a a tal raçon conven a saber que eu, o dito Domingo Peres, aio a teer por en todos meus dias o dito herdamento, et dar cada anno por dia de San Johan Bautista por foro et en reconoçemento a vos o dito cabidoo et aniversarios desa iglesia, dez soldos desta moeda del rey don Afonso, que façen quatro dineyros novees tres soldos, ou d'outra moeda que os valla. Et a tempo de meu finamento que vos fique o dito herdamento livre et quito et desenbargado. Et a dita casa que me dades en escanbeo devo a husar en meus dias asi commo de mina, et a tempo de meu finamento que fique a mina voz para senpre por iur d'erdade, et a vos, o cabidoo sobredito, o dito herdamento para vos et para vossos suçesores, et que vos o cabidoo me façades por mina alma hun aniversario.

Et nos as ditas partes outorgamos esto que dito he, et obligamos nosos bees para nos façermos de paz huuns a outros estes escanbeos que nos damos por nos et por nosos suçesores. Et logo por esta carta nos entregamos no iur et na posison et propiedade cada huuns de nos da dita casa et herdamento que nos damos en escanbeo huuns a outros commo dito he, et todo aquel poderio et senorio que nos avemos nos ditos escanbeos que nos damos huuns a outros ende seia sacado et removudo et posto enno outro para fazer del toda sua voontade asi commo de seu propio, salvo que eu Domingo Peres aio de teer o dito herdamento en meus dias commo dito he. Et por que esto seia çerto et non vena en dulta nos as ditas partes rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese d'esto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra, huna que posese no livro do cabidoo signada de seu signal, et outra que dese a min, o dito Domingo Peres, signada de seu signal et seellada con seello do cabidoo.

Que foron feytas en Lugo enno choro da dita iglesia, dez dias de junyo, era de mill et treçentos et seteenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; don Aras Pellaes, thesoreyro; Andres Peres, Fernan Affonso, coengos de Lugo; Affonso Eanes, Johan Gutierrez, et Johan Fernandes, raçoeyros de Lugo; Pedro Miguelles, Johan Peres, Affonso Ianeyro, Affonso Eanes, Jacome Afonso, Fernan Eanes et Gomes Fernandes, Jacome Eanes, clerigo de San Salvador de Sarrea, Johan de Lovea, coengos d'aniversario; Rodrigo Eanes, Fernan Afonso, clerigos do coro de Lugo; Fernan Affonso escrivan testimonias et outros.

Et eu Roy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he con as testemoias chamado et roga-

do presente foy, et a rogo das partes sobreditas esta carta en este libro do cabidoo en mina presenza fis escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 381

1339, xuño, 15. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Rui Pérez e á súa muller e a unha voz propiedades en San Vicenzo de Betote cando se produza o falecemento do usufrutuário destas, e fixa como renda anual a cantidade de 100 soldos.*

MADRID, *AHN*, Cód. 416 B, fol. 22r; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 22.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo seendo juntados en cabidoo enno choro desa iglesia de Lugo, segundo que o avemos de huso et de custume, con outorgamento dos coengos d'aniversario desa iglesia, avervamos et aforamos a vos Ruy Peres, peliteyro, morador enna rua de Burgo Novo, et a vosa muller Viviana Peres, por en todos vosos dias d'ambos et dous et de huna pesoa semellavele de vos qual o pustrimeyro de vos nomear en vida ou a tempo de voso finamento, todo o herdamento que nos deu Domingo Peres de Betote, clérigo, en Betote en escambeo por la casa de Burgo Novo, que esta cabo a casa que foy de Dominga Miguelles et d'Aras Gascon. O qual herdamento he en Betote, sub signo de San Viçenço de Betote, o qual herdamento foy de Domingo Peres et de sua muller Marina Eanes, con todas suas dereyturas et pertencças, a monte et a fonte, per hu quer que vaan, con huna casa feyta et con hun formal descuberto mays pequeno, et con a quarta d'outros quatro formaes descubertos et con hun prado que perteeçe a este herdamento. O qual herdamento vos avervamos et aforamos en esta maneyra conven a saber: que o dito Domingo Peres de Betote, clérigo, ha de teer o dito herdamento en toda sua vida segundo se conten na carta do escanbeo porque o escanbeou connosco, et a tempo de finamento do sobredito Domingo Peres, o dito herdamento fique en vos Ruy Peres et Viviana Peres et pesoa que for nomeada, et que lavredes ben o dito herdamento et mantenades as casas del en boo estado, et que nos dedes deste herdamento cada anno en renda, por día de San Johan Bautista, en paz et en salvo enna villa de Lugo, cen soldos desta moeda del rey don Affonso, que façen quatro dineyros novees tres soldos, ou a vallia delles se a dita moeda mingoar ou creçer, et a tempo de finamento de vos et d'aquella pesoa que for nomeada o dito herdamento deve ficar livre et quito et desenbargado a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos, et aquella pesoa que for nomeada, en que fique o dito herdamento quando vagar de vos, que o vena reçeber da iglesia. Et nos o cabidoo prometemos de vos

defender con este herdamento a dereyto. Et nos, Roy Peres et Viviana Peres, que estamos presentes por nos et en nome d'aquella pesoa que for nomeada, asi reçebemos de vos, o sobredito cabidoo, o dito herdamento et foro et vervo del, et outorgamos esto que dito he, et obligamos nos et todos nosos bees, movellles et rayçes, et especialmente por la dita casa de Burgo Novo et por outra casa que esta cabo desta casa, para vos pagar cada anno os ditos çen soldos a o praço sobredito et conprir as cousas sobreditas. Et por que esto seia çerto nos as ditas partes rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feytas en Lugo enno choro da dita iglesia quince dias de iunyo, era de mill et treçentos et seteenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; don Aras Pellaes, thesoreyro; Andres Peres, Johan Fernandes, Fernan Affonso, coengos; Afonso Eanes, Johan Gutierrez, Joha Fernandes, raçoeyros de Lugo; Domingo Peres, Johan Peres, Pedro Miguelles, Gomes Fernande, Jacome Affonso, Aras Peres de Castro, Affonso Eanes, coengos d'aniversario; Gonçalvo Janeyro; Fernan Peres, clerigos do choro de Lugo ts.

Et eu Ruy Fernande, notario publico de Lugo sobredito dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en este livro do cabidoo en mina presenza fiz escrivir puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 382

1339, xuño, 15. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Rodrigo Eanes e á súa muller unha casa na rúa lucense da Triparia por 30 soldos anuais de renda.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 22v.

Eno nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo seendo juntados en cabidoo per campaa taniuda enno choro desa iglesia, segundo que o avemos de uso et de custume, afforamos et avervamos a vos Rodrigo Eanes, sobrino de don Fernan de Deus, chantres de Lugo, et a vosa muller Lionor Rodrigues, por en todos vosos dias d'anbos et dous, huna nosa casa que he enna rua da Triparia, sub a capella de Santiago, con suas dereyturas et pertencças, enna qual casa suya morar Lopo Affonso, sobrino do juyz, don Johan Beçerra, que foy. A qual casa vos avervamos a a tal raçon, conven a saber que ave-des a parar ben et enderençar a dita casa por vosa custa et manteella en boo estado,

et avedes nos a dar cada anno en renda por la dita casa, trinta soldos desta moeda del rey don Affonso, que façen quatro dineyros novees tres soldos, ou a vallia delles se a dita moeda creçer ou mingoar. Et pagar cada anno estes XXX<sup>ta</sup> soldos en paz et en salvo enna villa de Lugo por dia de San Johan Bautista, a o que recadar os aniversarios da iglesia de Lugo, et prometemos de vos non coller a dita casa.

Et e,u Rodrigo Eanes sobredito, que estou presente por min et en nome da dita mina muler, Lionor Rodrigues, asy reço de vos, o sobredito cabidoo, o vervo et foro da dita casa, et oblige meus bees para vos pagar cada anno os ditos trinta soldos, et comprir as cousas sobreditas. Et de mays para vos pagar cada anno os dito XXX<sup>ta</sup> soldos a o praço sobredito, douvos por fiador a don Fernan de Deus, chantres de Lugo, el presente et outorgante seus bees a a dita fiadoria.

Et por que esto seia çerto nos as ditas partes rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra, huna carta que posese no livro do cabidoo et outra que dese a vos o dito Rodrigo Eanes.

Que foron feytas en Lugo, enno choro da dita iglesia, quince dias de junyo, era de mill et treçentos et seteenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; don Aras Pellaes, thesoreyro; Johan Fernandes, coengo; Affonso Eanes et Pedro Fernandes, coengos d'aniversario; Domingó Eanes et Lopo Peres, omes do dito thesoreyro ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presenza fiz escribir en este livro do cabidoo et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 383

1339, xuño, 19. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Xoán Fernández e á súa muller e a unha voz un alpendre próximo á igrexa de San Pedro por renda anual de oito soldos o día de San Pedro.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 22v.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo seendo juntados en cabidoo enno choro desa iglesia de Lugo, segundo que o avemos de uso et de custume, con outorgamento de don Alvar Diaz, archidiago de Sarrea, et procurador de Vaasco Diaz, coengo de Lugo et

prestameyro do prestamo de San Pedro, que he çerca a villa de Lugo cabo a Porta de San Pedro, et con outorgamento de don Pedro Jacome, juys de Lugo, vigario de don Fernan Aras, dayam desa iglesia, avervamos et aforamos a vos, Johan Fernandes, ferreiro, fillo de Fernan Martines, ferreiro, que foy, et a vosa muller Orraca Peres, por en todos vosos dias d'ambos et dous et de huna pesoa semellavele de vos qual o pustrimeyro de vos nomear en vida oua tempo de voso finamento, hun alpendere con seu terreo, que iaz cabo a dita iglesia de San Pedro a par d'ella, asy commo se começa no esteo da pedra marmore en dereyto a porta desta iglesia de San Pedro et ven ferir na cabeça desta iglesia no lenço da parede en dereyto os castineyros que estan chantados cabo o camino en dereyto a casa de Domingo Niellia; en esta maneira conven a saber que avedes a parar ben o dito alpendere et faser parede entre los esteos de cabo a dita porta da dita iglesia et facer porta contra a cabeça da dita iglesia enno dito alpendere. Et avedes nos a dar cada anno en renda, en paz et e salvo enna villa de Lugo, en dia de San Pedro, por lo dito alpendere, oyto soldos de esta moeda del rey don Afonso, que façen quatro dineiros novees tres soldos, ou a valla delles se a dita moeda creçer ou mingoar, et pagar cada anno estes oyto soldos, as tres quartas delles a o que tener o prestamo da dita iglesia de San Pedro, et a quarta a os aniversarios da iglesia de Lugo. Et prometemos de vos non coller este alpendere enno tempo sobredito. Et a tempo de finamento de vos et d'aquella pesoa que for nomeada deve a ficar o dito alpendere a o que tener o prestamo de San Pedro et a os aniversarios da iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, Johan Fernandes sobredito, que estou presente asy reço de vos o dito cabidoo con outorgamento dos sobreditos don Alvar Diaz, archidiago et procurador do sobredito Vaasco Diaz, et do sobredito vigario do dayam, o vervo et foro do sobredito alpendere et terreo del, por min et por la dita mina muller et por aquella pesoa que for nomeada, et oblige min et todos meus bees para vos pagar cada anno a o dito praço os ditos oyto soldos eu et a dita mina muller et pesoa sobredita. Et por que esto seia çerto nos as sobreditas partes rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feytas en Lugo, dez et nove dias de iunyo era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantres de Lugo; don Aras Pellaes, thesoreyro; Andres Peres, Johan Fernandes et Fernan Afonso, coengos; Affonso Eanes, Johan Fernandes, Johan Gutierrez, raçoeyros de Lugo; Pedro Fernandes et Fernan Eanes et Lopo Domingues et Afonso Eanes et Rodrigo Eanes, clerigos do coro de Lugo; Fernan Domingues et Jacome Peres, omes de Fernan Affonso, coengo ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes

sobre ditas esta carta en mina presenza fiz escribir en este libro do cabidoo et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 384

1339, xuño, 26. Lugo

*Rodrigo Eanes, clérigo do coro, afóralles a Xoán Pérez e á súa muller e a toda a súa voz unha cortiña e un soar na porta de San Pedro por renda anual de nove maravedís e a obriga de construír unha casa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 23r.

Eno nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta viren commo eu Rodrigo Eanes, clerigo do choro de Lugo, et capellan da capella de San Martino que esta enna iglesia de Lugo, con outorgamento de don Ferna Aras, dayam, et do cabidoo da iglesia de Lugo, que estan presentes et outorgantes, juntados a cabidoo enno choro da dita iglesia de Lugo segundo que o han de uso et de custume, entendendo que he proveyto da dita capella, dou et aforo a vos Johan Peres, ferreiro, morador a a Porta de San Pedro, et a vosa muller, Tereyia Çibraes, para vos et para toda vossa voz, que aiades para senpre por iur d'erdade huna cortina con huna praça de formal de casa que he da dita capella de San Martino, a qual cortina et formal iaz cabo a Porta de San Pedro sub o camino da huna parte, et da outra parte cabo a iglesia de San Pedro, et de testa fere no camino que vay das casas de cabo o camino para a dita iglesia de San Pedro, et da outra testa fere cerca a dita Porta de San Pedro et nos outros formaes das casas que foron de Feran Bochon, sub signo da capella de Santiago de Lugo, con todas suas dereyturas et pertenenças commo mays conpridamente perteeçe a a dita cortina et formal. A qual cortina con seu formal vos dou et aforo para senpre por iur d'erdade, et en esta maneyra: conven a saber que avedes a lavrar et parar ven a dita cortina et faser casa enna dita praça de formal por vosa custa, et avedes a dar et pagar cada anno en paz et a salvo enna villa de Lugo, vos et vosa voz por foro et en reconoçemento, a aquel capellan que tener a dita capella, nove moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Afonso, que façen onze dineiros novees menos terça del cada moravedi, ou a vallia delles se a dita moeda creçer ou mingoar, et pagar estes moravedis cada anno en dia de San Martino, et pagar por vosa custa a soldariça que perteeçer de pagar a casa alguna se a feçerdes en esta cortina ou praça. Et que vos et vosa voz posades façer da dita cortina et formal de casa, et casa se a y feçerdes, asi commo de vosa herdade propia a pesoa semellavele de vos et que pague ben os ditos dineyros a aquel que tener a dita capella de San Martino et non a outro ningun. Et se vos ou vosa voz ouverdes a vender ou façer algun contrauto d'aleaçon da dita cortina et formal ou



casa se a y feçerdes que o façades con outorgamento d'aquel capellan que tener a dita capella. Et nos, dayam et cabidoo sobreditos, et Rodrigo Eanes, capellan, prometemos de vos non coller a dita cortina et praça de casa que vos damos et outorgamos commo dito he por iur d'erdade, nen viir contra esto que dito he.

Et eu, Johan Peres sobredito, que estou presente por min et en nome da dita mina muller et por toda nosa voz, asi recebo de vos o sobredito Rodrigo Eanes, capellan, con outorgamento dos sobreditos dayam et cabidoo, a dita cortina et formal de casa et foro delles con as condiçoes sobreditas, et obligo min et todos meus bees, movelles et rayz, gaanados et por gaanar, et espeçialmente po-lla casa en que eu Johan Peres moro, que he a a Porta de San Pedro, para pagar cada anno a o praço sobredito os sobreditos nove moravedis, et conprir as cousas sobreditas. Et que esto seia çerto nos as ditas partes rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que fecese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feytas en Lugo enno choro da dita iglesia viinte et seys dias de junyo, era de mill et treçentos et seteenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: o sobredito dayam; don Alvar Diaz, archidia-go de Sarrea; don Fernan de Deus, chantres de Lugo; don Aras Pellaes, thesoreyro; Andres Peres; Johan Fernandes, Fernan Affonso, Afonso Gomes, Vaasco Rodrigues, coengos; Affonso Eanes, Iohan Gutierrez, Johan Fernandes, et Johan Gomes, raçoeyros de Lugo; Pedro Miguellas, Pedro Fernandes, et Fernan Eanes, Afoso Eanes, clerigos do coro de Lugo; Ruy Peres, porteyro do cabidoo ts., et outros moytos.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por aucto-ridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presença fiz escribir en este livro do cabidoo et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 385

1339, xullo, 16. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao cóengo Xoán Fernández a administración de maio por 150 marabedís anuais, as obrigas sinaladas no Estatuto Novo e 124 marabedís de sobreposta.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 25r.

Era de mill et CCC<sup>os</sup> LXX<sup>a</sup> VII<sup>o</sup> annos, XVI dias de iulio. Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Arias, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados per campaa taniuda enno tessouro da dita iglesia, segundo que he huso et cus-tume, arrendamos a nosa amiistraçon do mes de mayo a Iohan Ferrnandes de Valdayo,

coengo da dita iglesia de Lugo, con todas las rendas, et diçimos, et dereyτος et padroa-degos, iuridiçon et sennorio espiritual et temporal en qualquer maneyra que lle perteesca et deve perteesçer de dereyto et de huso, segundo que husarom et levaron os outros amiistradores que teveron a dita amiistraxon ante del. Et mandamos a todos los homes, clerigo et leygos et d'outra condiçon qualquer, que moraren enna dita amiistraçon et nos outros lugares que a nos son tiudos po-la dita amiistraçon do mes de mayo, que lle obedescan et paguen todos los nossos dereyτος ben et compridamente des este dia de San Iohan Bautista de iunyo que agora foy endeante por en toda sua vida, et non a outro nihun sem seu mandado. Et ha de pagar este Iohan Ferrnandes cada anno, çento et çinquenta moravedis desta moneda que ora core, a oyto em soldos o moravedi, conven a saber: çem soldos cada mes, et amiistrar enno dito mes de mayo de pan et de vino segundo o estatuto novo, et pagar çento et viinte et quatro moravedis de sobreposta. Et obligamos nos et nosos bees a fazerle de paz a dita renda et todos los dereyτος della et reçeber hu[...] segundo e huso da dita iglesia de Lugo.

Et eu, o dito Iohan Ferrnades ,assi reço bo a dita renda de vos, os ditos dayan et cabidoo, con todas las ditas condiço es, et obli go min et meus bees a pagar cada anno os ditos CL moravedis, cada mes cem soldos, commo he huso da dita iglesia, et cumprir o mes de pan et de vino, et pagar a sobreposta. Et demays dou por fiador Pedro Arias de Parega, coengo de Lugo, o qual fiador estava presente et obligouse por fiador.

Testemoyas que presentes foron: o dito daya, o chantre, don Fernan de Deus; don Alvar Diaz, arçidiago de Sarea; don Aras Pellaes, thesoreyro; Affonso Gomes, Andres Peres, Vasco Diaz, Vasco Rodrigues et Fernan Affonso, coengos; Afonso [...], raçoeyros.

Et yo Iohan Gonçales, raçoeyro et notario publico de Lugo por auctoridade do bispo desse lugar, a rogo dos ditos dayan et cabidoo esta carta en minna presença fige scrivir et puge aqui meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

### 386

1339, xullo, 27. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle a Vasco Díaz, cóengo, a administración de febreiro en Farnadeiros por 500 marabedís anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 23v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam de Lugo, et o cabidoo desse lugar, seendo juntados en cabidoo por campaa taniuda enno thesouro da iglesia de Santa Maria hu acostumamos de fazer cabidoo, arrendamos

a vos Vaasco Diaz, noso coengo, a amiistraçon do mes de freveiro, que he en terra de Farnadeyros, con todas suas rendas et pertenenças et dereyturas que a ela perteeçen, por en todos vosos dias asi commo a de nos tinna arrendada Jacome Eanes, noso raçoeyro. Et avedes nos de dar cada anno de renda desta amiistraçon quinentos moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda branca del rey don Affonso, et pagarde-los segundo pagan as outras amiistraçoens do cabidoo. Et avedes a teer o mes sobredito de pan et de vino segundo o estatuto novo en esta maneira: dardes quatro paes a o coengo et dous a o raçoeyro, et pagar a sobreposta deste mes.

Et eu Vaasco Diaz, coengo sobredito, reçoibo de vos, o dayam et cabidoo, esta renda sobredita en min et oblijo min et todos meus bees a conprir et pagar commo dito he, et demays para o conprir et pagar a dita renda doubos por fiadores: Affonso Gomes et Fernan Afonso, coengos de Lugo, elles presentes et outorgantes-se por fiadores a a dita renda et fiadoria.

Et nos, dayam et cabidoo sobreditos, outorgamos esta renda a vos Vaasco Diaz et avemos-vos a defender con ella segundo as outras amiistraçoens da nosa igreja. Et que esto seia certo nos as ditas partes rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas, huna que posese no livro do cabidoo et outra que dese a vos o dito Vaasco Diaz.

Que foron feytas viinte et sete dias de julio, era de mill et treçentos et setenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: o sobredito dayam; don Fernan de Deus, chantres de Lugo; don Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; Vaasco Rodrigues, coengo de Lugo; don Aras Pellaes, thesoreyro; Affonso Peres Janeyro, Pedro Migueles, clérigos do choro de Lugo; Fernan Rodrigues, fillo de Roy Lopes ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto presente foy et a rogo dos sobreditos dayam et cabidoo et Vasco Diaz, esta carta en mina presenza fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 387

1339, setembro, 5. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranelles a Rodrigo Afonso e á súa muller e a unha voz o casal de Don Grande, na freguesía de San Cosmede, por renda anual de cinco terzas de pan e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 23r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo juntados en cabidoo enno choro da dita iglesia commo avemos de uso et de custume de faser cabidoo, con outorgamento d'Aras Pellaes, thesoreyro, et d'Affonso Eanes, raçoeyro, procuradores dos aniversarios dessa iglesia, afforamos et avervamos a vos, Rodrigo Affonso de Castro de don Grade et a vossa muller Marina Fernandes, por en todos vosos dias d'anbos et dous et de huna pesoa semellavele de vos qual o pustrimeyro de vos nomear en vida ou a tenpo de vosso finamento, o noso casal et herdamento de don Grade, que foy de Nuno Martines, coengo que foy de Lugo, que he sub signo de San Cosmede, con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores et formaes, a monte et a fonte, per hu quer que vaan, a a tal raçon conven a saber que avedes a lavrar et parar ben as herdades et casas do dito casal et manteerlas en boo estado, et chantar y das arvores enna herdade do dito casal. Et avedes nos a dar cada anno, por foro et renda do dito casal et herdade, çinco terças de pan as duas partes de tenporao et a terça de serodeo, do mellor pan que ouver enno dito casal posta a semente, et pagarnos este pan enno dito lugar cada anno en paz et en salvo de toda cousa que podesse acaesçer, por dia de San Migueel de setembre, a nos ou a aquelles que teveren os aniversarios da dita iglesia de Lugo, medido pe-lla teega dereyta desse lugar de don Grade commo acostuman de pagar o pan deste casal. Et seerdes vasalos serventes et obedientes da dita iglesia de Lugo. Et han vos a dar semente logo este primeiro anno para sementar o dito casal. Et quando vagar da pesoa pustrimeira de vos todos tres avedes a leyxar o dito lugar sementado et leyxar y do voso gaado: hun boy et huna vaca boos para provo que seia nosso, et o dito casal livre et quito a nos para a dita iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos et con o dito boy et vaca et con casas feytas. Et non avedes de vender nen supinorar nen fazer nehun contrauto do dito casal, salvo a pesoa semelavelle de vos et con outorgamento do dayam et cabidoo. Et aquella pesoa que for nomeada en que fique o dito casal que o vena receber do dayam et cabidoo sobredito et ata que o non receber que non seia teudo de o entrar.

Et nos, Rodrigo Affonso et Marina Fernandes sobreditos, asy recebemos de vos, o dayam et cabidoo, con outorgamento dos sobreditos thesoreyro et Affonso Eanes, por nos et por la pesoa que for nomeada o vervo et foro do dito casal, et obligamos nos et todos nosos bees para conprir esto que dito he et pagar cada anno a dita renda. Et por que esto seia çerto nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feytas en Lugo enno coro da dita iglesia çinco dias de setembre, era de mill et CCC LXX VII<sup>e</sup> anos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; don Aras Pellaes, thesoreyro; don Pedro Jacome, juyz; Fernan Affonso, Affonso Gomes et Vaasco Diaz, Vaasco Rodrigues, coengos de Lugo; Affonso Eanes, Johan

Fernandes, raçoeyros; Fernan Eanes et Affonso Ianeiro, Pedro Miguelles, Pedro Fernandes, Lopo Domingues, Thomas Gomes, clerigos do coro de Lugo; Iohan Cego, Roy Teymande, Martin Peres de Nodar, clerigo ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito dado por auctoridade do bispo dese miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobre-ditas esta carta en mina presenza fiz escribir en este livro do cabidoo et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 388

1339, setembro, 5. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Fernando Pérez e á súa muller e a unha voz a herdade de Santa María de Lugo, nas freguesías de San Xillao de Bocamaos e San Pedro de Taboi, por renda anual de seis oitavas de pan.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 23v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo seendo juntados en cabidoo enno choro da dita iglesia, segundo que avemos de uso et de custume de façer cabidoo, avervamos et afforamos a vos, Fernan Peres de Castrillon et a vosa muller Orraca Diaz, por en todos vosos dias d'ambos et dous et de huna pesoa semellavele de vos qual o pustrimeyro de vos nomear en vida ou a tempo de voso finamento, toda a herdade chamada de Santa Maria de Lugo que a iglesia de Lugo et aniversarios della han et aver deven et lles perteeçe sub signos de San Jullao de Bocamaos et de San Pedro de Tavoe, con todas suas dereyturas et pertenenças, a monte et a fonte, per hu quer que vaa sub os ditos signos; en esta maneira conven a saber que avedes a lavrar et parar ben a dita herdade, et avedes nos a dar della cada anno en renda seys oytavas de pan, as duas partes de tenporao et a terça de serodeo, por dia de San Migeel de setembre, en paz et a salvo de toda cousa, do mellor pan que ouver ena dita herdade posta a semente, et este pan avedes a pagar a nos, ou a os que teveren os aniversarios da iglesia de Lugo, enno lugar hu a dita herdade he, medido pella teega dese lugar commo se acostuma de pagar o pan desta herdade, et sacar a dita herdade onde iouver mal parada a todo voso poder. Et quando vagar este vervo de vos que aquela pesoa que for nomeada a que fique a dita herdade que a vena receber da iglesia de Lugo et ata que a non veer receber que non seia teudo de husar da dita herdade; et que non seiades teudos de vender, nen arrendar, nen supinorar, nen allear o vervo da dita herdade a nehun se non a pesoa semellavele de vos que nos pague ben a dita renda. Et a tempo de finamento de vos ambos et d'aquella

pesoa que for nomeada que fique a dita herdade livre et desenbargada a a dita igre-  
sia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, Fernan Peres sobredito, asy reço de vos, dayam et cabidoo, por  
min et por la dita mina muller Orraca Dias et pesoa que for nomeada, o vervo et  
foro da dita herdade, et oblige meus bees para vos pagar cada anno as ditas seys  
oytavas de pan commo dito he et conprir as cousas sobreditas por min et por la  
dita mina muller et pesoa que for nomeada. Et por que esto seia certo nos as ditas par-  
tes rogamos a Roy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en  
hun tenor tal huna commo outra, huna que dese a os ditos Fernan Peres et Orraca Diaz  
signada de seu signal et seellada de seello de nos o dito cabidoo, et outra que posese  
enno livro do cabidoo.

Que foron feytas en Lugo enno choro da dita igrelesia, çinquo dias de seten-  
bre, era de mill et treçentos et seteenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, archidiago de Sarrea; don  
Pedro Jacome, juyz; don Aras Pellaes, thesoreyro; Vaasco Diaç, Fernan Affonso, Affonso  
Gomes, coengos de Lugo; Affonso Eanes, Johan Fernandes, raçoeyros; Affonso Peres  
Janeyro et Fernan Eanes, Pedro Miguellas, Johan Peres, Lopo Domingues, Roy Gomes,  
clerigos do choro de Lugo; Johan Eanes, tangedor dos sinos; Affonso Gomes et Roy  
Dias ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do  
bispo dese miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes  
sobreditas esta carta en este livro do cabidoo en mina presenza fiz escribir et puge  
e ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 389

1339, outubro, 18

*Mariña Eanes vendelle ao clérigo Pedro Fernández toda a súa herdade en  
Santo Estevo de Trasulfe por 300 marabedis.*

MADRID, *AHN*, Carp. 1332 E/7, perg. orix., galego, gótica cursiva, 157x123 mm.

Saban quantos esta carta viren commo Maryna Eanes, filla que foy de Iohan  
Domingues de Trastullfe, con outorgamento de meu marido, Iohan Eanes, que esta pre-  
sente et outorgate, por min et por toda mina vos a vos, Pedro Ferrnandes, clérigo de  
Santiago d'Entrambas Aguas, et a toda vosa vos, vendo firmemente toda quanta herda-  
de et vos eu aio por por (sic) parte do dito meu padre, Iohan Domingues de Trastullfe,  
sub syno de Santo Estevo de Trastullfe, a monte et a fonte, peru quer que vaa con  
todos seus dereyros et pertenenças. Et reço de vos en preço por esta vençon sobredi-

ta, treçentos maravedis da moneda del rey don Affonso, de que me eu logo outorgo por ben pagada, et por ben entrega, et oie este dia tiro a min, a dita Marina Eanes, do iur et da posison da dita herdade et meto en el a vos o dito Pedro Ferrnandes, clerigo, et a toda vosa vos. Et se algen da mina parte ou da estraya [esta sobredita] vençon quiser embargar ou demandar, aia a mia maldiçon et a de Deus poderoso, et peyte a vos a dita herdade en doblo. Et eu por min et por todos meus bees que aio obligo de vos amparar con esta vençon a todo tempo.

Feyta a carta XVIIIº dias d'outubro, era de mill et CCC LXX VIIº annos.

Testemoyas: Vaasco Rodrigues [...] Roy Peres, viçino de Lugo; Gomes (O resto ilexible). (+).

### 390

1339, outubro, 24. Lugo

*O bispo e o Cabido de Lugo solicitan a presenza en Lugo do Mestre Martiño, físico, e comprométense ao pagamento de 500 marabedis; asemade, reclaman a súa axuda para buscar dous bachareis en gramática.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 59r.

Conosçuda coussa seia a todos commo nos Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo de Lugo, conven a saber: Fernando de Deus, chantres, Alvar Dias, arçidiago de Neyra, Arias Pellaes, arçidiago de Deçon, Vaasco Dias, tesoreyro, Affonso Gomes, Vaasco Peres, Fernando Affonso, Iohan Diaz, coengos; Iohan Ferrnandes, Lopo Domingues, Diego Gomes, Rodrigo Affonso, raçoeyros, iuntados por campaa taniuda enno coro da dita iglesia çertificados da composiçon et obrigaçon que fesemos a vos Mestre Martino, físico, porque morasedes en Lugo [...]sede de nos, segundo esto mays compridamente se conten en huna carta scripta en papel et seellada con seello de noso sennor obispo et noso, et outrosy en hun estromento ñeito/ por Fernando Peres, notario de Salamanca, en que se conten a obrigaçon, sobre esta razon, feita entre nos et vos por Tomas Gomes, clerigo do coro de Lugo, et noso procurador, que o feso por noso mandado, da qual carta et estromento se en fin desta carta conten o traslado. Por fasermos graçia a vos, Mestre Martino iadito, et por que seiades mays çerto da dita obrigaçon et rason da medea coensia de que vos proveemos ata aqui por la dita composiçon, quanto a nos tange et en nos he, nos todos et cada hun de nos por nos et por nossos suçesores confirmamos a dita composiçon et obrigaçon que vos foy feita por lo dito Tomas Gomes et iuramos a os santos avangeos, corporalmente taniudos con nosas maos, que nos que vos proveamos en toda vosa vida da dita medea coensia de pan et de vinno et de dineyro, segundo que se conten na dita carta et estromento et vos proveemos ata aqui segun-

do que se na dita composiçon contén. Et outrosy prometemos-vos de vos dar o pan da coenga et o vinno en dineiros desta medea raçon, segundo que valuer por los tempos dos meses et que nos soyamos pagar a os meseyros por vos que vos la amiistravan; outrosy vos damos mays de graçia huna raçon de aniversario que vos provean dela en presenza et en ausencia segundo que vos proveen da dita medea coensia. Et vos que nos guardedes todavia as condiçoens que se nas ditas carta et instrumento conteen et que na vossa vida seiades vos obrigado a nos segundo nos a vos obligamos. Et outrosy que visitedes os coengos de aniversario da iglesia segundo seu estado.

Et eu o dito Mestre Martino asi o outorgo a cumprir. O tenor da carta et instrumento sobreditos he este que se sigue: «Mestre Martino, nos lo bispo de Lugo et o dayan et cabidoo desse lugar, vos enviamos moyto seudar. Fasemos vos a saber que Afonso Gomes et Vaasco Diaz, nossos coengos, nos disseron moyto ben de vos et de vossa sciencia et de vosa maneira, et a nos comprianos aqui moyto hun bon fisico et queriamos ante y a vos que sodes natural d'aqui ca a outro estrayo. Et por estas rasoes enviamos ala a vos Tomas Gom,s noso clerigo et noso procurador, et rogamos vos que o creades do que vos disser de nosa parte. Et a creença que vos ha de diser he esta: Nos o bispo prometemos-vos que vos demos de cada anno quinentos moravedis et que vos proveamos de beneficio que os valla quan çedo nos lo Deus guisar et vos demos de vistir et de comer et çevada para huna bestea et casas en que moredes. Et nos lo dayan et cabidoo darvos hemos logo raçon da medea coensia ata que ela vagar para a poernos en vos mays quando acaesçer en esta iglesia. Et todo esto vos faremos en tal guisa que fiamos de Deus que passaredes ben et onrradamente en esta terra onde sodes natural, et rogamos-vos outrosy que aiudedes a este noso procurador a catar hun bacheler ou dous, ben sutiis et suficietes, en gramatica et o avenades con elles enno preço que virdes que he cumunal, et lle seiades tiudo do dito preço en maneira que o tragades convosco ou nos lo enviedes logo se vos tan agina non poderdes viir. Et nos nos obligamos por esta nossa carta a cumprir todo esto que sobredito he et a pagar todo esto que se en ela contén. Outrosy vos rogamos que traigades quantas peças poderdes aver et espeçialmente as do Especulo et as do arçidiago. Et nos o bispo vos rogamos que nos traigades hun libro sexto boo, se o avedes ou o achardes a comprar, et nos voa daremos aquilo que entenderdes que val. Et que desto seiades çerto enviovos esta carta aberta seellada con nossos seellos en costa.

Que fuy feita en Lugo XXIII<sup>o</sup> dias d'outubre, era de mill CCC<sup>os</sup> LXX<sup>a</sup> et sete annos. Johannes episcopus.

Sepan quantos esta carta viren commo yo Tomas Gomes, clerigo del coro de la iglesia de Lugo, et procurador del onrrado [...] don Iohan, por la graçia de Dios et della santa apostolical, obispo de Lugo, et del dean et del cabildo desa iglesia, por el poder que yo ey dellos por huna procuraçon fecha por Ruy Fernandes, notario publico en la dicha çibdat en Lugo por la autoridade del obispo, et signada con su signo et otorgada et signada del signo de Arias Peres, notario publico en la dicha çibdade, el thenor de la qual es este que se sigue:



## 391

1339, novembro, 1. Lugo

*O bispo e o Cabido de Lugo chegan a un acordo definitivo con Vasco e Fernán Gómez no preito que mantiñan sobre os décimos e froitos da igrexa de Santa María de Castelo de Asma.*

MADRID, *AHN*, Carp. 1332 E/8, perg. orix., carta partida por a.b.c, galego, gótica cursiva, 310x224 mm; atado 733; *Tumbo Nuevo*, fol. 230r e v.

PIÑEIRO: *Memorias*, t. III, fol. 780-781.

Ed., VÁZQUEZ SACO: «Iglesias...», Papeleta 70, *BCML*, 1946, II, 19, pp. 215-217.

RISCO: *ES*, t. XLI.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta virem commo nos don Iohan, por la gracia de Deus et da Santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, con outorgamento do dayam et cabidoo da nossa iglesia de Lugo, da huna parte, et nos Vaasco Gomes et Fernan Gomes de Castello d'Asma, que estamos presentes por nos et por Martin Gil, et por toda nosa vos porque obligamos a façer outorgar todas estas cousas que se en esta carta conteen, da outra parte, façemos entre nos tal composiçon et inovaçon sobrela iglesia de Santa Maria de Castello d'Asma, et sobre los diçimos et froytos della, sobre que entre nos era contenda que nos, o dito sennor obispo, diçiamos que nos perteeçia et era nossa de dereyto. Et nos, os sobreditos Vaasco Gomes et Fernan Gomes, diçendo que vos non perteeçia mays que perteeçia a nos et a o dito Martin Gil et a nosa vos por que somos padroes verdadeyros della et he nosa pra a teer et usar della segundo que a ata aqui tevemos. Nos as ditas partes aveemosnos en esta maneria: conven a saber que nos, Vaasco Gomes et Fernan Gomes, por nos et por Martin Gil et por toda nosa vos por partir iuyço et escandalo d'entre nos et vos, o dito sennor obispo, damos et outorgamos a vos, o dito sennor obispo, pra vos et pra vossos sucessores por aquel dereyto que aveades na dita iglesia de Santa Maria de Castello, que aiades pra senpre cada anno por la dita iglesia de Santa Maria de Castello et froytos dela viinte moyos de pan, as duas partes de çenteo et a terça de serodeo, do mellor pan que ouver na dita iglesia medidas per la teega dereyta desa terra por a que conpran et venden, et todas las outras dereyturas et froytos et diçimos et padroadigo et dereyto que a dita iglesia perteeçen et perteeçer deven de dereyto que o aiamos nos et toda nosa vos sen embargo de vos, o dito sennor obispo, et cabidoo, segundo que a mellor et mays conpridamente ouvemos et pessuymos ata aqui. Et nos avemos a dar hun clerigo, capellan perpetuo, ydoneo por nos na dita iglesia con sete moyos de pan et con toda a offerta manual, que diga y missa et as horas, et serva a dita iglesia dos offiços divinaes et este y residente por estes sete moyos de pan et offerta manual que o aia pra senpre. Et que presentemos ante vos et ante vossos sucessores aquel

capellan que quisermos que tenna a dita capellania, et vos que lla dedes a a nosa presentaçon et o façades della capellan perpetuo. Et nos, os sobreditos Vaasco Gomes et Fernan Gomes por nos et por Martin Gil et por toda nosa vos, obligamos nos et todos nossos bees, movelles et rays, gaanados et por gaanar, et os bees et froytos da dita iglesia, et especialmente os nossos casares et herdades da Pousa et da Soureyra et de Cova, et o casal d'Eder, et dous casares en San Thome de Carvalo, que son enna dita friigregia, pra pagarmos cada anno a vos, o dito sennor obispo, et a vossos succçsores os ditos viinte moyos de pan des Santa Maria d'agosto ata San Migeel de setembre dentro enna dita iglesia de Castelo, et darmos o dito capellam commo dito he. Et se falleçermos nos ou nossa vos de vos pagar os sobreditos viinte moyos de pan por dous annos segundo o dereyto manda, que cayaamos do dereyto et o perçamos que avemos et nos perteeçe d'aver na dita iglesia de Castelo de los ditos dous annos endeante.

Et nos, o dito sennor obispo, con outorgamento dos sobreditos dayam et cabidoo, outorgamos esta composiçon et inovaçon que vos, os sobreditos Vaasco Gomes et Fernan Gomes por vos et por lo sobredito Martin Gil et por vosa vos, con nos façades sobre la dita iglesia et froytos della et partimos nos de todo aquel dereyto que en ella avemos et nos perteeçe, salvo dos viinte moyos de pan que nos avedes a dar commo dito he, et a presentaçon da capellania de que avemos a fazer collaçon a aquel clerigo que vos presentardes. Et de mays nos as ditas partes outorgamos esta composiçon et inovaçon et avenença que entre nos façemos sobrela dita iglesia et froytos della por nos et por nossos succçsores, et prometemos a a boa fe de non viir contra esto que dito he en nehuna maneira. Et por que esto seia çerto et non venna en dulta os as sobreditas partes rogamos et mandamos a Ruy Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra partidas por A.B.C. et que posese en cada huna dellas seu signal. Et por mayor firmidoe nos, obispo et cabidoo, seellamos-las de nosos seellos pendentés.

Que foron feytas en Lugo ennas casas do dito sennor obispo, primeyro dia de novembre, era de mill et treçentos et seteenta et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan Aras, dayam; dom Alvar Dias, arçidiago de Sarria; Andres Peres, Pedro Aras, Vaasco Dias, Vaasco Rodrigues, Fernan Affonso et Iohan Dias, coengos de Lugo; Rodrigo Aras, abbade de Couro; Iohan Migueles, clerigo de Villa Chaa de Chamoso; Fernan Roys, escudeiro do dito sennor obispo; Diego Alvares de Boveda, yrmao do sobredito arçidiago; Lopo Garçia, escrivan do sobredito sennor bispo ts., et outros moytos.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he con as ditas testemoias sobreditas chamado et rogado presente foy et a rogo et por mandado do sobredito sennor bispo et Vaasco Gomes et Fernan Gomes sobreditos escrivi desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra partidas por A.B.C. et en cada huna dellas puge meu nome et meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 392

1339, novembro, 4. Lugo

*Don Vasco Díaz, côengo, afóralles a Afonso Arias e á súa muller e a unha voz unha herdade nas freguesias de San Xoán de Cela e Santiago de Camposo e medio caneyro por renda anual de terza e media de pan e catro ducias de anguias.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 24r.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Vaasco Diaz, coengo de Lugo, et amiistrador do mes de febreiro en terra de Farnadeyros, con outorgamento de don Fernan Aras, dayam de Lugo, et do cabidoo desse lugar, afforo a vos Affonso Aras de [Caçaes], et a vossa muller Maria Affonso, a herdade que a iglesia de Lugo ha a o Canpo, sub signos de Sayoane de Çella et de Santiago de Canposo, segundo a vos trouxestes en renda de Jacome Eanes ata ora; et con esta herdade vos afforo o meo do caneyro da seara que esta na Neyra entre a Ponte de Çella et o moyno de [Cercada], para en todos vosos dias d'anbos et de huna pesoa qual o postrimeyro de vos nomear a tempo de seu finamento, que vos que a lavredes et paredes ben et me dedes della cada anno huna terça et mea de pan en renda, as duas partes de tenporao et a terça de serodeo, do mellor que y ouver posta a semente, et por lo caneyro quatro duçecas d'anguias coseyras, secas et salgadas. Et o dito pan et anguias me avedes a dar et pagar en Paaços, et pagardes o dito pan des Sancta Maria d'agosto ata San Migueel, et as anguias ata Natal. Et esta herdade et caneyro vos afforo con todas suas pertenenças et dereyturas, arvores et formaes, montes et fontes. Et a morte da pustrimeyra pesoa de vos o dito Affonso Aras et Maria Affonso et da pesoa que nomeardes que fique a dita herdade et caneyro livre et quito a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et se po-lla ventura non pagardes o dito pan et anguias cada anno, que por lo primeiro anno que non pagardes, que pergades o dito foro.

Et eu, Affonso Aras por min et por la dita mina muller et por la pesoa, asy recebo de vos o dito Vaasco Diaz a dita herdade et caneyro sobredito, et obbligo min et meus bees et da dita mina muller para pagar a dita renda. Et nos, o dito dayam et cabidoo, porque achamos que este he boo paramento para a iglesia de Lugo outorgamos este foro. Et porque esto seia çerto et non vena en dulta nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçesse d'esto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra, huna que desse a o dito Affonso Aras signada do seu signal et seellada con seello do dito cabidoo, et outra carta que posesse enno libro do cabidoo, signada de seu signal.

Que foron feytas en Lugo quatro dias de novembre, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan Aras, dayam; don Fernan de Deus, chantres; don Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; don Pedro Jacome, juyz; don Aras Pellaes, thesoyeyro; Andres Peres, Vaasco Rodrigues, Fernan Affonso, Johan Diaz, Johan Fernandes, coengos de Lugo; Johan Fernandes, raçoeyro desse lugar ts., et outros moytos.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por aucto-ridade do bispo desse miismo lugar, a esto presente foy et a rogo das partes sobre-ditas esta carta en este livro do cabidoo en mina presenza fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 393

1339, novembro, 28. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Afonso Pérez, prelado de San Salvador de Vileiriz, ao seu criado e a unha voz o casal de Pazos de Lama, nesta freguesía, e deben pagar, cando o deán faleza, 25 marabedis anuais para a procesión de Santa Eufemia.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 25r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados no coro desa iglesia con outorgamento de don Fernan Arias, dayam dese lugar, que y estava presente, aforamos a vos Afonso Peres, prelado da iglesia de sam Salvador de Villariz, et a Arias Affonso, voso criado, fillo de Mayor Lopes, en vossos dias et a huna pesoa qual o pustrimeyro de vos nomear a tempo de seu finamento o noso casal \de Paaços/ da Lama, que e en esa fiigregia de San Salvador; o qual casal nos deu o dito dayan para a procison que aavemos a faser cada anno en dia de Santa Oufemia enno mes de setembro, por tal condiçon que vos lavredes et paredes ben as herdades do dito casal, et deste novembro primeyro que ven a çinco annos primeyros segentes façades as casas do dito casal, et chantedes cada hun de vos dez arvores que den froyto ennas herdades deste casal, et nos dedes cada anno, depouys de finamento do dito dayan, por dia de Santa Oufemea XXV moravedis desta moneda del rey dom Afonso, et se por la ventura no pagardes estes dineiros en este dia, ou enno outro segente, que por ese miismo feyto perdades este foro. Et quando aquaeszer de vagar este casal que qualquer de vos en que ouver a ficar que o vena receber de nos, et a pasamento da pustrimeyra pesoa que fique este casal livre et desenbargado a nos et a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos, et demays con hun boy et con sete rexellos et huna porca de provo.

Et eu, o dito Afonso Peres por min et polas ditas pesoas, asi reço de vos este foro et oblijo min et meus bees a comprir esto que se aqui contem. Et por que esto seia certo nos, o dito cabidoo, rogamos a Iohan Gonçalves, noso raçoeyro et notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta a qual mandamos a seelar de noso seelo pendiente.

Feyta en Lugo XXVIIIº dias de novembro, era de mill et CCC LXXª VIIº annos.

Testemoyas: Gomes Pellaes, Pedro Arias das Cortinas et Afonso Arias et Gomes Afonso, homes do dito dayan.

Et eu Iohan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo por autoridade do bispo desse lugar, a rogo dos ditos dayam et cabidoo, esta carta en minna presença fige escribir et puge aqui meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade.

### 394

1340, xaneiro, 3. Lugo

*Carta do bispo de Lugo aos fregueses de Santalla de Quinte pola que lles manda pagar os dous terzos dos décimos e outros dereitos ao administrador do Cabido.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 24v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Rui Fernández: 1340-1-8.

Don Johan por la graça de Deus et da Sancta iglesia de Roma, obispo de Lugo, a todos los fiigreges da iglesia de Sancta Alla de Quinte seude. Sabeades que o dayam et cabidoo da nossa iglesia nos amostraron et feçeron certos por instrumentos et escriptura autentica et con homes boos dignos de fe que esa iglesia de Quinte, que era anexa de longo tempo a aca a amiistraçon do mes de mayo, que perteeçe a a sua mesa, salvo huna capellania que avian della a fazer a hun capellam que disese y as oras et feçese beneficio de sancta iglesia a os fiigreges della. Et que os amiistradores da dita amiistraçon que feçeran capellania con la terça dessa iglesia, segundo ante nos amostraron pollos tidoos della, et levavan as duas terças en salvo. Et agora os ditos dayam et cabidoo et Johan Fernandes, coengo da nosa iglesia, seu amiistrador do mes de mayo, querellaronse-nos que alguuns omes leygos, contra dereito et en perigoo de suas almas, que lles tomavan contra sua voontade os dereytos da huna das terças dessa iglesia, et pediron-nos sobre ello deffendimento et justiça de sancta iglesia. Por que vos diçemos et mandamos, en virtude de sancta obediência et sub pena d'escomonion, a todos et a cada huuns de vos que dedes et paguedes ben et conpridamente as duas terças dos deçimos et outros

dereytos dessa iglesia de Quinte a o dito Johan Fernandes et a os outros amiistradores do dito mes d'aqui adeante, et non a outro nehun sen seu mandado. Et demays diçemos et mandamos, sub a dita pena d'escomonion, a os alcalles de Adae, en cuio alfoz esta a dita iglesia de Quinte, que deffendan de força a aquel ou aquelles que por lo dito cabidoo ouveren a recadar os diçemos et dereitos das ditas terças da dita iglesia. Et vos nen os ditos alcalles non façades ende al se non sabe-de que nos pasariamos contra vos et contra cada huuns de vos quantos achasemos por dereyto. A carta leuda dadella.

Dada en Lugo tres dias de janeiro, era de mill et CCC LXX<sup>a</sup> et oyto annos. Johan Sanches.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado per auctoridade do bispo desse miismo lugar, vi et ley a carta sobredita escripta en papel enno tenor sobredito et seellada de seello do dito sennor bispo segundo por ella pareçia et a rogo de Johan Fernades, coengo sobredito, et por mandado et auctoridade de don Pedro Jacome, juyz de Lugo, vervo por vervo a dita carta en este livro do cabidoo en mina presença fiz trasladar et en este traslado puge meu signal en testemoyo de verdade.

Que foy foy (sic) feyto en Lugo VIII<sup>o</sup> dias de janeiro, era sobredita.

Testemoyas: don Aras Pellaes, thesoreiro; Fernan Affonso et Affonso Eanes, coengos de Lugo; Lopo Domingues, clerigo; Fernan Affonso, escrivan ts.

### 395

1340, xaneiro, 15. Lugo

*Acta notarial na que Afonso Rodríguez reconece o dereito da igrexa de Lugo sobre o décimo do casal de Santa Marta nas Camoiras. Deseguido, o arcediago de Sarria entrégalle en préstamo o devandito casal.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 24r.

Sabeam quantos esta carta viren commo en presenza de mi Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado per auctoridade do bispo desse miismo lugar, et das testimonias subscriptas, estando en Lugo ante don Alvar Dias, archidiago de Sarria, et teente a amiistraçon do mes de jullio en terra de Parrega et de Narlla et de Goyos, Affonso Rodrigues de Mourençe, morador ennas Camoyras, outorgou et confessou que o diçimo do casal de Sancta Marta, que he en terra das Camoyras, que he da iglesia de Lugo et que o ha d'aver et lle perteeçe a o amiistrador do mes sobredito. O qual casal este Affonso Rodrigues diso que el tinna, et conosçe u et outorgou que tinna o dito diçimo do dito casal do dito archidiago

et prometeu de-lo desenbargar quando fosse sua voontade de o receber. Et logo o dito archidiago disse que dava o dito diçimo do dito casal a o dito Affonso Rodrigues en prestamo mentre fosse sua voontade. Et Affonso Rodrigues asy recebeu o dito diçimo. Et d'estas cousas en commo passaro o sobredito archidiago et Affonso Rodrigues cada hun delles pidiron a min, notario sobredito, publico instrumento.

Que foy feito en Lugo ennas casas do dito archidiago XV dias de janeyro, era de mill et CCC LXX et oyto annos.

Testemoyas que foron presentes: Gomes Alvares de Boveda; Vasco Dias, coengo de Lugo; Lopo Lopes d'Aguiar; Fernan Aras, Lourenço et Diego Rodrigues, omes do dito archidiago ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito, a esto commo dito he rogado presente foy et esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 396

1340, febreiro, 3. Lugo

*O tesoureiro e Fernando Domínguez afóránlles a Fernando Domínguez e á súa muller e a unha voz as leiras de Pedreira e Negraes por renda anual á igrexa de Valonga da cuarta e décimo dos novos, décimo do liño, 12 soldos por foro e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 28r.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aras Pellaes, thesoreiro da iglesia de Lugo, et prestameiro da iglesia de Sancta Maria de Valonga, et eu Fernan Domingues, prellado da quarta desa iglesia de Valonga, con outorgamento do cabidoo de Lugo, avervamos a vos, Fernan Domingues de Sant Martino de Lua et a vosa muller Moor Rodrigues, por en toda vosa vida d'anbos et dous et de huna pesoa semellavele de vos qual o postrimeyro de vos nomear en vida ou a tempo de voso finamento, duas leyras de herdade que son da dita iglesia de Valonga; huna destas leyras he a leyra da Pedreyra commo se ven a o porto de Pumeda et vay pella antiga d'entre os Cavaleiros et da iglesia, et a casa de Diego Rodrigues de Pumeda, et da outra parte a casa d'Elvira Gaça a dereyto a a ponte da iglesia; et a outra leyra he a leyra das Negraes commo se começa na herdade de Valonga de Sussaa et se vay a a barreyra da portilla d'entre Valonga de Susaa et a iglesia et a fonte dos Salgueiros a dereito a o Sabugueiro detras-llo çelleiro de Mayor Fernandes. As quaes leyras vos avervamos a a tal razon conven a saber, que avedes a lavrar et parar ben as ditas leyras et avedes a dar cada anno, a dita iglesia de

Valonga ou aquel que o ouver d'aver por el, a quarta et o dizimo en salvo por lo moollo d'aquelles novos que Deus en elles der, salvo huna teega de linaça que avedes a sementar cada anno en estas leyras de que avedes a dar o diçimo et o mays lino seer voso. Et outrosy avedes a faser una casa et hun çelleiro en huna destas leyras sobreditas; et a dar cada anno por foro dellas doçe soldos desta moneda del rey don Afonso, que façen quatro dineiros novees tres soldos, et as outras casas que estan na riba destas leyras sobreditas que paguen dellas a a dita iglesia de Valonga segundo que renderon ata aqui. Et nos, o sobredito thesoreiro et Fernan Domingues, clerigo prellado, outorgamos vos o foro do vervo das ditas leyras commo dito he a vos, o sobredito Fernan Domingues et Mayor Rodrigues et a pesoa que nomeada for.

Et eu, Fernan Domingues de San Martin de Lua que estou presente, por min et en nome da dita minna muller Mayor Rodrigues et da pesoa que for nomeada, asy recebo de vos o dito thesoreiro et Fernan Domingues, prellado, con outorgamento do dito cabidoo, o vervo et foro das ditas leyras commo he et obligo min et todos bees para pagar cada anno a dita renda et foro commo dito he, et para leyxar as ditas leyras et casa et çelleyro feitos o sobredito tenpo pasado, livre et quito a a dita iglesia de Valonga, con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et por que esto seia çerto nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que foy feyta en Lugo III dias de freveiro, era de mill et CCC<sup>os</sup> LXX VIII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas: don Fernan de Deus, chantres; don Pedro Iacome, iuys; Andres Peres, Iohan Fernandes, Pedro Galvan, Iohan Dias, Fernan Afonso et Afonso Eanes, coengos de Lugo. Testemoyas: Iohan o Carval, clerigo de Moreda; Domingo Eanes et Lopo Peres et Fernan Fernandes, omes do thesoreiro; Pedro Cabeça de Valonga; Diego do Outeyro ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo dese miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presenza fiz escribir et puge en ella meu signal en testimonio de verdade.

### 397

1340, febreiro, 4. Lugo

*O tesoureiro e Fernando Domínguez afóránlles a Diego Rodríguez e á súa muller e a unha voz a leira da Cuadra e outras propiedades. Deberanlle pagar, como renda anual, á igrexa de Valonga a cuarta e décimo do producido.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 29v.



Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aras Pellaes, thesoreiro da iglesia de Lugo et prestameiro da iglesia de Sancta Maria de Valonga, et eu Fernan Domingues, prellado da quarta desa iglesia de Sancta Maria de Valonga, con outorgamento do cabidoo de Lugo, avervamos a vos, Diego Rodrigues de Outeyro de Valonga, et a vossa muller Sancha Aras por en toda vossa vida d'ambos et dous et de huna pesoa semelavele de vos qual o postrimeyro de vos nomear en vida ou a tempo de voso finamento, huna leyra d'erdade chamada da Quadra con outra leyra que iaz sobre la carreyra a a sobrestaleyra. Et demays vos avervamos tres teegas semente d'erdade enna agra de Giestedo, que iaz a par do comaro, que departe de Belsende et da iglesia sobredita, a qual leyra et herdade sobredita son da dita iglesia de Valonga. Et vos avervamos esta maneira: conven a saber que as avedes a lavrar et parar ben, et avedes a dar cada anno, a a dita iglesia de Valonga, ou a aquel que por el ouver de receber, a quarta et o diçimo en salvo pello moollo, do que Deus der nas ditas leyras. A tempo de finamento de vos et d'aquella pesoa que for nomeada deven a ficar a dita herdade a a dita iglesia de Valonga con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, Diego Rodrigues que estou presente, asy recebo de vos o dito thesoreyro et Fernan Domingues con outorgamento do dito cabidoo, o vervo et foro da dita herdade por min et po-lla dita minna muller Sancha Aras et po-lla pesoa que for nomeada, et oblige meus bees para vos dar cada ano o quarto et o dizimo en salvo dos novos que Deus der na dita herdade, et para conprir as cousas sobreditas. Et que esto seia çerto nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que fezesse ende esta carta.

Que foy feita en Lugo, quatro dias de freveiro, era de mill et CCC<sup>os</sup> LXX<sup>a</sup> et oyo annos.

Testemoyas: Iohan do Carvalal, clerigo; Pedro Cabeça de Valonga; Fernan Domingues de Sant Martino de Lua; Domingo Eanes, Lopo Peres, don Fernan de Deus, chantres; don Pedro Iacome, iuys; Andres Perez, Iohan Fernandes, Pedro Galvan, Iohan Diaz, Fernan Affonso et Affonso Eanes, coengos de Lugo ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presenza fiz escrivir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 398

1340, febreiro, 13. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Rodrigo e a Fernando Afonso de Silvarrei dous casais en Castro Tourón, freguesía de San Martiño de Guillar, por 10 terzas de*

*pan anuais, 12 marabedis por foros e a obriga de construir dous celeiros e plantar 40 árbores.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 28v.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo seendo iuntados en cabidoo per campaa taniuda enno choro da dita iglesia segundo que avemos de uso et de custume de façer cabidoo, con outorgamento de don Pedro Iacome, iuys et vigario de don Ferna Aras, dayam desa iglesia de Lugo, avervamos a vos, Rodrigo Affonso et Fernan Afonso de Silvarey, en toda vosa vida d'ambos et dous et de cada hun de vos, os nosos dous casares anbos do Castro de Touron, que son sub signo de San Martino de Guilar, con todas suas dereyturas et perteneças, casas, arvores et formaes, a montes et a fontes, per hu quer que vaan, a a tal raçon conven a saber que avedes a lavrar et parar ben as herdades dos ditos casares et tirarlas de monte et onde iouveren ealeadas ou mal paradadas, et façer dous çelleyros lousados enos dous formaes que estan cabo duas casas lousadas que son desta herdade destes casares, et avedes a poer enna herdade destes casares en estes dez annos primeyros que veen, cada anno quatro arvores que fiquen presas, a meatade castineyras et a outra meatade maçineyras et pereyras. Et avedes nos a dar cada anno en renda, en paz et en salvo enna villa de Lugo, sen desconto nehun, por dia de San Migeel de vindimias, dez terças de pan: as duas partes de temporao et a terça de serodeo. Et estas dez terças de pan nos avedes a dar do mellor pan que ouver nos ditos casares posta a semente; et cada anno por foro, por dia de Natal, doçe moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso, que façen quatro dineyros novees tres soldos, sacado grando ou geadá se veer, o que Deus non quyra, que se estime segundo he uso et custume. Et avedes a seer vasallos serventes et obedientes da iglesia de Lugo et seer quitos et defessos commo os outros caseyros desta iglesia de Lugo. Et esta renda sobre dita et foro et cousas sobreditas avedes a façer et pagar et comprir sub pena de çen moravedis da boa moneda, que nos los peytedes por nome de pena et interee non conprindo esto que se en esta carta conten. Et demays que fiquedes teudos a conprir esto que dito he. Et a o tenpo do finamento do pustrimeiro de vos deve afficar os ditos casares livres et quitos a a iglesia de Lugo, de vos et de toda vosa voz, con todos los boos paramentos que y foren feytos et con as ditas casas et çelleyros feytos et arvores presas. Et nos, Rodrigo Affonso et Fernan Affonso sobreditos, que estamos presentes, asy reçebemos de vos, o dito cabidoo con outorgamento do sobredito vigario do dayam, o vervo dos ditos casares, et obligamos nos et todos nossos bees, movelles et rays, gaanados et por gaanar, cada hun de nos por lo todo, para conprir et pagar as cousas sobreditas et cada huna dellas et sub a dita pena de çen moravedis da boa moneda. Et demays para o asy conprir et guardar en todo commo dito he façemos iuramento sobre sanctos avangeos, corporalmente taniu-

dos con nosas maos. Et por que esto seia certo nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feitas en Lugo enno choro da dita iglesia XIII dias de freveiro, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et oyto annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantres; don Pedro Iacome, juys et vigario sobredito; don Aras Pellaes, thesoreiro; Andres Peres, Johan Fernandes, Pedro Gualvan, Fernan Affoso, Iohan Dias, Vaasco Peres de Rodeyro, et Affonso Eanes, coengos de Lugo; Iohan Fernandes et Iohan Gutierres, raçoeyros; Pedro Migueles, Pedro Fernandes, Jacome Affonso, Affonso Eanes et Rodrigo Eanes, clerigos do choro de Lugo, et Domingo Eanes et Lopo Peres, omes do thesoreiro ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et presente foy (sic) et vi commo os sobreditos Rodrigo Affonso et Fernan Affonso feçeron o dito iuramento, corporalmente taniudos con suas maos, et a rogo do sobredito cabidoo et partes sobreditas esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 399

1340, febreiro, 14. Lugo

#### *Cláusula testamentaria de Maior Domínguez.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 29v.

Era de mill et treçentos et LXX VIII<sup>o</sup> annos, XIII<sup>e</sup> dias de freveiro.

Estando enno choro da iglesia cathedral de Sancta Maria de Lugo, estando presentes huna peça dos homes boos do cabidoo desa iglesia, en presenza de min Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, dado por auctoridade do bispo dese miismo lugar, et das testemoyas subscriptas, Affonso Eanes, clerigo do choro da dita iglesia de Lugo, mostrou et feço leer hun testamento de Mayor Domingues, muller de Iohan Domingues dito Baboula que foy da rua Minaa, escripto en pulgameo et signado de signal de Fernan Peres, notario publico de Lugo, segundo por el pareçia, enno qual testamento entre las outras cousas se continua esta clausula que se segue: «Item mando et dou por aniversario a a iglesia de Sancta Maria de Lugo por mina alma et do dito Iohan Domingues, meu marido, a minna quarta de toda a casa que esta a rua Minaa, enna qual ora mora Pedro Eanes Barbaleda, con suas pertencças et dereyturas, et que a aian con aquella carrega que ya an en ella os aniversarios,

segundo que perteeçe a esta casa». A qual clausula leuda os sobreditos homes boos do cabidoo que y eran presentes mandaron a min notario sobredito que a escrivise en este livro do cabidoo, et prometeron de fazer cada anno hun aniversario por the alma da dita Mayor Domingues, en outro dia de kalendas marças.

Testemoyas: don Fernan de Deus, chantres; don Aras Pellaes, thesoreiro; don Pedro Iacome, iuыз; Iohan Fernandes, Pedro Gualvan, Affonso Eanes et Iohan Dias, coengos, et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario sobredito, a esto commo dito he presente foy et a rogo do sobredito cabidoo et a pidimento do dito Affonso Eanes, clerigo, et por mandado et auctoridade de don Pedro Iacome, iuыз de Lugo, esta clausula escriví con esto que dito he en este livro do cabidoo et puge y meu signal.

#### 400

1340, febreiro, 20. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalles, durante quince anos, a Xoán Martins e á súa muller o casal de Suyllae, en Santiago de Meilán, por 60 maravedís anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 29r.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo, sendo iuntados en cabidoo enno choro da dita iglesia segudo que avemos de uso et de custume de fazer cabidoo, con outorgamento de don Pedro Iacome, iuыз et vigario de don Fernan Aras, dayan desa iglesia de Lugo, arrendamos a vos Iohan Martines, fillo de Martin Peres dito Coroa de Milleyroos, et a vosa muller Aldara Afonso, o noso casal de Suyllae que he dos aniversarios, que he sub signos de Santiago de Meyllae et de Sant Lourenço d'Alveyros et de Santiago de Santmasas, con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores et formaes, a montes et a fontes, peru quer que vaan, et con tres casas que son do dito casal. A qual renda vos façemos deste ianeyro que agora pasou ata quince annos compridos primeyros que veen en esta maneira, conven a saber que avedes a lavar et parar ben as herdades do dito casal et tirarlal onde iouveren ealeadas et mal paradal a todo voso poder et trager as herdades deste casal aiuradas por nos o cabidoo, et manteer as casas feytas en boo estado commo vos las ora dan, et mellor se vos mellor poderdes. Et avedes nos a dar cada anno en renda po-lo dito casal, em paz et em salvo enna villa de Lugo, sem desconto nehun, sesaenta moravedis, d'oy-to soldos o moravedi, desta moeda del rey dom Affonso, que façen onze dineiros novees minos terça dun cada moravedi, os trinta moravedis cada anno por dia de Sant Martin et os outros trinta moravedis por dia de Pascoa de Resureyçon, saca-

do grando ou geadá se veer, o que Deus non queyra, que se estime segundo he uso et custume. Et vos ou aquel que morar no dito casal seer quito et defeso commo os outros caseyros desta iglesia de Lugo. Et esta renda sobredita avedes a pagar a nos, ou a os que re beren os aniversarios da dita iglesia, en paz et en salvo enna villa de Lugo sen desconto nehun commo dito he, sub pena de dusetos moravedis da dita moeda, que nos los peytedes por nome de pena et interee, non conprindo esto que se en esta carta conte. Et demays que fiquedes teudos a conprir todo esto que dito he. Et estes quinze annos pasados devedes nos a leyxar o dito casal et herdades del commo ora anda aiurados po-lla iglesia de Lugo, et mellor se vos mellor poderdes, con as ditas casas feytas, livres et quitas a a iglesia de Lugo de vos et de toda vosa voz con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et nos, cabidoo sobredito, obligamos para vos defender con esta renda a dereito. Et nos, Iohan Martines et Aldara Afonso sobreditos, asi re bemos do dito cabidoo con outorgamento do sobredito vigario do dayam, a renda do dito casal et herdade et obligamos nos et todos nosos bees, moveles et rayz, gaanados et por gaanar, para vos pagar cada anno os ditos sesaenta moravedis et para conprir todas las outras cousas sobreditas et cada huna dellas et sub a dita pena dos du entos moravedis. Et demays para o asi conprir et guardar en todo commo dito he eu, o dito Iohan Martines, fa o iuramento sobre sanctos avangeos corporalmente taniudos con minas maos. Et por que esto seia  erto nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que fe ese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feitas en Lugo enno choro da dita iglesia viinte dias de freveiro, era de mill et CCC LXX<sup>ta</sup> et oyto annos.

Testemoyas que foron presentes: don Pedro Iacome, iuyz; don Aras Pellaes, thesoreyro; Andres Peres, Pedro Galvan; Affonso Eanes, Fernan Affonso, Iohan Dias, coengos de Lugo; Iohan Fernandes, Iohan Gutierrez, ra eyros de Lugo; Pedro Migueles, Pedro Fernandes, Affonso Eanes da Pugada et Afonso Eanes et Rodrigo Eanes et Iohan Peres, Iohan de Lovea, clerigos do choro de Lugo, ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he con las testimonias sobreditas chamado et rogado presente foy et vi commo o dito Iohan Martines fe o o dito iuramento, et esta carta en mina presen a fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 401

1340, febreiro, 24

*María Afonso v ndelle ao cl rigo Pedro Fern ndez media herdade en Santo Estevo de Trasulfe por 400 marabed s.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/9, perg. orix., galego, gótica cursiva, 175x125 mm.

Sabiam quantos esta carta virem commo eu Maria Afonso, filla que foy d'Affonso Pellaes de San Viçenço dos Muros, et mançeba de Pedro Eanes, clerigo de Santa Maria de Villa Fiis, fillo que foy de Johan Domingues et de Maria Peres, et neto de Pero Peres et de Maria Martines que foron da villa de Trastullffe, de bon curaçon et de boa voontade, a vos Pero Ferrnandes, clerigo d'Entrambas Agoas, et a toda vossa vos, por min et por toda mina vos, vendo a meatade de toda quanta herdade et vos avia et aver devia o dito Johan Domingues na villa de Trastullffe, sub sino de Santo Estevo, et en todo seu termino con todas suas pertenenças et dereyturas, cassas, arvores, formaes. Et outrossy vos vendo a quarta parte de toda quanta herdade et vos avia et aver devia, o dito Johan Domingues et sua muller Maria Peres, filla de Pero Peres et de Maria Martines, sub o dito sino de Santestevo de Trastullffe et sub sinos de de (sic) Santiago de Ferrarredo et de San Martino de Villamea et de Santiago d'Entrambas Agoas, et mays se a eu aio su os ditos sinos en qual maneyra quer que me perteeçesse d'aver, cun todas suas pertenenças et dereyturas, cassas, arvores, formaes, a montes et a fontes, per hu quer que vaan. O qual herdamento et vos eu compley a frey Affonso, meu yrmao, que el comprou a o dito Pero Eanes, clerigo, a parte dos sobreditos Johan Domingues et de Maria Peres, et outrossy de Pero Peres et de Maria Martines, sub os dito sinnos. Et reço de vos en preço por la dita vençon quatroçentos moravedis desta moneda del rey don Affonso de que me outorgo por ben pagada et ben entrega, et oblijo min et todos meus bees de vo-lla façer de paç a todo tempo, todo meu poderio et seniorio dela seia remuvudo et posto en vos et en toda vossa vos.

Feyta a carta de vençon viinte et quatro dias andados de febreYRO, era de mill et CCC et LXX et oytto annos.

Testemoyas que foron presentes: Fernan Domingues de Villachaa de Mera et Johan Gerra de Treyllan, et Garcia Martines, fillo de Martin Affonso de Villamea ts.

Et eu Fernan Ferrnandes, notario publico dado por lo bispo de Lugo en terra de Pallares et couto de Ferreyra, a rogo das partes a esto pressente foy et esta carta escripvi et puge y meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 402

1340, marzo, 20. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle a Arias Fernández e a dúas voces unha porción das súas propiedades en Santa María de Carlin por renda anual de 20 soldos. Deseguido, o clérigo Xoán Fernández, irmán do foreiro, faille doazón ao Cabido das súas propiedades na citada freguesía.*

MADRID, *AHN*, *Cód. 416 B*, fol. 30v; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 30.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo eno choro da dita iglesia segundo que avemos de usso et de custume de faser cabidoo con outorgamento de dom Pedro Iacome, juys et vigario de dom Fernan Aras, dayam desa iglesia, avervamos a vos Aras Fernandes, fillo de Fernan Fernandes de Castro, morador em Ruymir, por en todos vosos dias et de duas pesoas hunas a pus outras, huna qual vos nomeardes em vida et a o tenpo de voso finamento, et outra pesoa qual nomear aquel que vos nomeardes, a setima da meatade da herdade de toda a fiigregia de Sancta Maria de Carrillim con todo iur do padroade go que nos avemos et nos perteeçe enna iglesia de Sancta Maria de Carrillim, et con todas suas dereyturas et pertenenças, a monte et a fonte, peru quer que vaa su o dito signo de Santa Maria, a a tal raçon conven a saber que vos, Aras Fernandes et a aquellas pesoas que foren nomeadas, avedes a lavar et parar ben a dita herdade et tragela aiurada po-llo cabidoo da iglesia de Lugo, et tirarla donde iouver ealleada et mal parada. Et avedes-nos a dar cada anno, por dia de Sant Miguell, vos o dito Aras Fernandes, por foro et en reconoçemento viinte soldos desta moneda del rey dom Afonso, que façen quatro dineiros novees tres soldos. Et as outras pesoas, que ficaren depouys de vos, que foren nomeadas en que fique a dita herdade, am de pagar cada ano a o dito cabidoo, ou a aquel que o por el ouver de receber, viinte et quatro soldos da dita moneda, et pagarlos en pas et en salvo en Lugo, a o praço de Sant Migeel sen desconto ningun. Et este foro desta herdade non avedes a vender, nen a supynorar, nen dar, nen eallar se non a pesoa semellavele de vos que nos page ben a dita renda.

Et eu Johan Fernandes, clerigo do choro de Lugo, yrmao do dito Aras Fernandes, que estou presente, por esta graça et aforamento que vos, o dito cabidoo, façedes deste herdamento, que aforades a o dito Aras Fernandes, meu yrmao, dou a vos, o dito cabidoo, que aiades para senpre por iur d'erdade, todo o herdamento igligario et leygario, que eu aio et me perteeçe por parte do dito meu padre, Fernan Fernandes, en toda a fiigregia sobredita de Sancta Maria de Carrillim, et juntoa logo a est'outra herdade que vos aforades a este dito meu yrmao, et que a tena el et estas pesoas en toda sua vida, et a tenpo de \vosol/ finamento et da pos-trimeira pesoa que vos fique a dita herdade con esta outra vosa que aforades livre et quita et desenhargada con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu Aras Fernandes, que estou presente, asy reço de vos, o dito cabidoo, con outorgamento do dito dayam, o vervo et foro da dita herdade, por min et por las pesoas que foren nomeadas, et obligo min et todos meus bees para vos pagar cada ano os ditos dineiros en pas et en salvo en Lugo a o praso sobredito, et comprir as cousas sobreditas so pena de hun moravedis da dita moneda, que vos pague et peyte por nome de pena et interee non vos pagando os ditos dineiros a o praço sobredito, eu et as ditas pesoas. Et demays que vos fique teudo a pagar os

ditos dineiros et comprir as cousas sobreditas. Et que esto seia certo nos, o dito cabidoo et Aras Fernandes, rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que fezese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feytas en Lugo viinte dias de março, era de mill et CCC LXX VIII anos.

Testemoyas: don Fernan de Deus, chantres de Lugo; don Aras Pellaes, thesoreiro; Fernan Affonso et Afonso Eanes, Andres Peres, Iohan Dias, coengos da iglesia de Lugo; Pedro Miguellas, Fernan Eanes, Iohan Peres, Afonso Eanes, clerigos do choro de Lugo, ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas et con outorgamento do dito vigario do dayam esta carta en este livro do cabidoo en mina presenza fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 403

1340, abril, 1. Lugo

*O deán de Lugo anula a doazón de diversas propiedades en Meixente, Santa María de Belante e Paradela, que outorgara a favor de Aldara Fernández, muller de Lope Rodríguez, por mor do comportamento deste.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/11, perg. orix., galego, gótica cursiva, 173x209 mm.

Sabean quantos esta carta viren commo eu Fernando Arias de Paramo, dayan de Lugo, por quanto Lopo Rodrigues de Paradela, escudeyro, tomou a min et ten forçadamente tomado rendas et dereyturas de alguuns prestamos et iglesias que a min perteesçen en Paradela sen rason et contra dereito et contra minna voontade, et por que el colle et defende malfeytores que collen a min o que ey, et a os meus omes et meus parentes por força et en gran meu despreçamento en toda a terra en que el vive, por ende eu Fernando Ares, dayam sobredito, revogo toda aquela doaçon que eu fige a Aldara Fernandes, minna criada, moller do dito Lopo Rodrigues, de todos los herdamentos igleiarios et leygarios que lle eu fige. Conven a saber en Meyxente et con o casal da Vila Erma que eu posuyo po-la iglesia de Vilar Moesteyro cuiu he, et que llo non podia dar de dereito sen perigo de minna alma, et o couto et dereyto que eu aio en Puristallo peru quer que vaa sub signo de Santa Maria de Belante, et con os outros herdamentos que a min perteesçen de aver en Sabadelle et en Vilar Nasin et en toda a terra de Paradela, asi iglesiarios commo leygarios, con suas pertenenças et dereyturas peru quer que vaan, os quaes



ditos herdamentos et cada hun delles eu reço et tomoos en min para senpre con o iur et possison delles en que eu senpre estiven et estou de reçoer as rendas et ho husso et froyto delles paçifficamente por min et por meu mandado. En testemoyo das quaes coussas rogo et peço a Fernan Peres, notario publico, que fesese ende publico estromento.

Feyto en Lugo o primeiro dia d'abril, era de mill et tresentos et seteenta et oyto annos.

Testemoyas que a esto presentes foron chamados et rogados: Ioha Affonso de Burgo Novo; Vaasco Fernandes de Paramo; Fernan Vaasquez, clerigo de Deade; et Iohan Amigo, capelan do choro de Lugo ts., et outros.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario da çibdade de Lugo dado pella autoridade do bispo dese lugar, que a esto presente foy et a rogo de don Fernando Arias, dayam sobredito, fis escrivir et puge y meu nome et meu signal en testemoyo de verdade. (+).

#### 404

1340, maio, 28. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo concédenlles en precario a Tareixa Pais e María Pérez media leira do monte de Avelaedo e unha porción da herdade do Pazo, en Santa María de Marei. Os beneficiarios, asemade, fanlle doazón ao Cabido da outra metade da leira mencionada.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 30r.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, damos et avervamos a vos, Tereyia Pellaes et Maria Peres, fillas de Orraca Martines et de Pay Neves que foron do Paaço de Maaree, por en todos vosos dias d'anbas et duas, a meatade da leyra do monte de Avelaedo, fora o quinon de Tereyia Rodrigues. A qual leyra iaz entre a leyra de Pedro Çibraes o vello, et a leyra de Pedro Çibraes de Maaree o nino, assi commo vay con sua presa et con seu monte, sub signo de Sancta Maria de Maaree. Et avedes a lavar et parar ben a dita leyra et manteela en boo estado. Outrosi vos damos mays et desenbargamos a quinta de toda a herdade chamada do Paaço que he en Maaree, que foy de don Rodrigo, que a aiades et tenades segundo se conten no vervo porque a dita Orraca Martines tina avervado a quinta da dita herdade do Paaço.

Et eu, a dita Tereia Pellaes, asi reçoer de vos, os ditos dayan et cabidoo, a dita leyra et quinta da dita herdade sobredito, por min et po-lla dita mina yrmaa, et dou et

outorgo a vos, o dito cabiidoo, que aiades para senpre por iur d'erdade por min et en nome da dita mina yrmaa, por la qual obligo a faser de paz, a outra meatade da a leyra sobredita do monte de Avelaedo. Et esta meatade desta leyra vos dou por minna alma et po-lla alma desta mina yrmaa po-llos novos que poder render a meatade da dita leyra que nos avervades. Et a tempo de finamento de min et da dita mina yrmaa deve afficar toda a dita leyra d'Avelaedo et quinta do dito casal a vos, o dito cabidoo, para amiis- traçon do mes de deçembro, con todos los boos paramentos que y foren feitos. Et se algun dereyto han os aniversarios na dita leyra salvo lles fique para o aver.

Et nos dayan et cabidoo outormos (sic) esto que dito he. Et por que esto seia certo nos as ditas partes rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feitas en Lugo viinte et oyto dias de mayo, era de mill et CCC LXX VIIIº annos.

Testemoyas que foron presentes: o sobredito dayam; don Aras Pellaes, the- soreiro; Iohan Fernandes, raçoeyro de Lugo; Affonso Peres Ianeyro et Affonso Eanes, clerigos do choro de Lugo ts., et outros.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en mina presensa fis escribir et puge en ella meu signal en tes- temoyo de verdade.

## 405

1340, maio, 30. Santiago

*Carta de titulo outorgada polo arcediago de Abeancos, Gonzalo Vázquez, a favor de Pedro Eanes, clérigo.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 71r, traslado polo notario Fernando Pérez: 1350-X-29.

Noverint universsi quod ego Gundisalvus Valasci, canonicus compostellanus, reverendi in Christo patri ad domini domni Gillelmi, Dei et apostolice sedis gratia sancte romane ecclesie cardinali, et archidiaconi de Aveanciis in ecclesia lucensis, vicarius generalis sextam partem totis ecclesie Sancti Iuliani de Saas de Rey in dicto archidiaconatum de Aveancis, vacantem ad presens per mortem Nunni Alfonsi de Pineda quondam [...] ipsius ad presentationem venerabilis viri domni Didaci Fernandi, decanni dicte ecclesie lucensis, nomine dicte ecclesie lucensis et anniversariorum ipsius ecclesie, conffero Petro Iohannis, clerico Sancti Petri de Salaya sine cura, et ipso per presentes instituo clericum in eadem in cuius rey testimonium hac inde sibi literam fieri feci et sigili mei asseseione canonica.

Presentibus testibus: Alfonsus de [...], Alfonsus Dominici, Fernandi Arie, omibus dicti Gundisalvus Valasci et aliis.

Datur in civitate compostellane tregesima diem mensis madii, era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LXX octava. Gundisalvus Veallat. Rodericus Freyre.

Este he o traslado duna carta de tidoo escripto en pulgameo et seellado con seello pendiente de Gonçalvo Vaasques, coengo sobredito, segundo en el aparisia, o qual era feyto eno thenor sobredito, o qual eu Fernando Peres, publico notario del rey en Lugo, vi et lii et a pidimento do dayam et cabidoo da iglesia de Lugo vervo por vervo aqui fige trasladar et en este traslado puge meu nome et meu signal.

Vynte et nove dias d'ouctubre, era de mill et CCC LXXX VIII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; don Fernando de Deus, chan-tre; don Garçia Dias, arçidiago de Sarea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Vasco Dias, iuys de Lugo; don Lopo Domingues, thesoreyro; Iohan Dias, Iohan Ferrnandes et Tomas Gonçalves, coygos de Lugo; Lopo Peres, portey-ro et Pero Coyra [...].

## 406

1340, xuño, 7. Lugo

*Carta de Pedro Giraldo, nuncio, sobre unha contía de marabedís dunha coenxía vacante.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 48r. Traslado ao lib. do Cabido polo notario Fernando García: 1345-XI-8.

Notum sit omnibus presentes litteras inspecturis quod nos Petrus Giraldi, canonicus Burdegalensis in regnis Castelle et legionis, sedis apostolice nuncius, et in veritate recognoscimus habuisse et integraliter recepisse a venerabilis viris dominus decano et capitulo ac subcolletoribus virium camere apostolica ecclesie lucensis quadringentos morabetinos quos receperunt pro fructibus canonicus et prebende vacantium in lucensis ecclesia predicta per promocionem domini archiepiscopi compostellani qui nunc est de anno videlicet M<sup>o</sup> CCC<sup>o</sup> XXXIX<sup>o</sup> de quibus IIII<sup>a</sup> morabetinos decanum et capitulum et subcollectoribus prefatos nomine camere supradicte absolvimus liberamus perpetuo et quitamus sub eos renunciacionem viris p[...].

Datum sub sigilio nostro in civitate Lucensis die VII<sup>a</sup> mensis junii, anno domini M<sup>o</sup> CCC<sup>o</sup> quadragesimo. Petrus Giraldi.

Eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, vi huna carta scrip-ta en papel et seellada en costa con seello de sobredito Pedro Giraldo, et firmada

de seu nome segundo por ella pareçia feita eno tenor sobredito et a rogo de Iohan Ferrnandes, procurador do cabidoo de Lugo, et por mandado et auctoridade de don Pedro Iacome, iuys de Lugo, trasladeya en este libro do cabidoo vervo por vervo et puge y meu sinal.

Feyto oyto dias de novembre, era de mill et treçentos et oyteenta et tres annos.

Testemoyas que viron a dita carta: Fernando Peres, notario de Lugo; Gomes Pellaes; Iohan Peres, criado do iuys; Gonçalvo Eanes, clerigo do coro de Lugo.

### 407

1340, xullo, 7. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle, durante oito anos, ao clérigo Fernando Vázquez os aniversarios por oito maravedís diarios e indican como se deben distribuir.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 33r.

Eno nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, arrendamos a vos Fernan Vaasques, clerigo, moordomo do dito dayam, todos os anniversarios que a iglesia de Lugo ha, et os que se vagaren en este tenpo desta renda d'aqueles que ia son et foron mandados a a iglesia de Lugo, conven a saber deste Sant Iohan Baptista que agora passou ata oyto annos compridos segundo commo se sempre husaron en renda, conven a saber que aqueles casares que o dito Fernan Vaasques achar pobrados ou avervados en que aian de ficar pobro que el que os leyxe assy pobrados commo os achar et que non tome ende pobro, et se o ende tomar que o entregue ata aquel tenpo que se conprir esta renda, et quantos boos paramentos el feses assy nos casares commo nas outras cousas que perteesçen a os ditos aniversarios han de ficar a a dita iglesia de Lugo compridos estes oyto annos. Et o dito Fernan Vaasques ha de dar por esta renda sobredita oyto moravedis menos quarta, d'oyto soldos cada moravedi, desta moneda del rey don Affonso, et pagarnos de cada dia os ditos oyto moravedis menos quarta. Logo asignaron o dayam et os omes boos do cabidoo que se pagassen en esta guisa: conven a saber dez et seys soldos a os matiis, et XVI soldos a a prima, et quatorçe soldos a a terça, et XVI soldos a a vespera. Et esta paga faserdes-la sub pena de çinquo moravedis da dita moneda de cada dia. Et esta pena que se leve ante que o cabo. Et o cabidoo halle a coller en conta tomas et forças de rey et de infante et de ricome et do bispo et de merino

segundo commo se senpre acostumou ennas outras rendas da iglesia de Lugo. Et este sobredito Fernan Vaasques ha de leyxar en boo estado et reparadas aquelas casas que agora estan feytas segudo commo agora estan, et a o de meos que non fiquen en peor estado do que ora estan, salvo se caeren de pe ou arderen. Outrossy ha de pagar as proçisoes et letanias et os dineiros de Natal, et os XX soldos da missa da luz, et a palla para o choro por tres festas do anno, et ha de dar por sua custa o dito Fernan Vaasques quen distribuya os dineiros a aqueles que mandar o [camaayro], et o cabidoo halle de dar as cartas que lle compriren para prol dos aniversarios cada hun na sua iurisdicçon sen chançellaria, et ajudarenno et chegarenlle dereito d'aquelles que o forçar quiseren en quanto elles poderen. Outrossy o cabidoo tira desta renda aquelas cousas que o cabidoo agora trage aiuntadas a sua mesa commo quer que esten scriptas no livro dos aniversarios, et tira ende a casa da rua Minaa que ten do cabidoo Ruy Fernandes, notario. Outrossy se obispo non der escambo por la casa do forno que ten que os descuenten cada anno por ella XV moravedis.

Et eu, o sobredito Fernan Vaasques, que estou presente assy recebo de vos, os sobreditos dayam et cabidoo, a dita renda, et oblige meus bees para pagar et cumprir todo esto commo dito he. Et demays para vos pagar a dita renda et cumprir et gardar todo esto como dito he douvos por fiadores a todos en senbra et a cada hun por lo todo a Vaasco Diaz et a Fernan Afonso, coengos de Lugo, et Iohan Fernandes do Campo, razoeyro desa iglesia de Lugo, elles presentes et outorgantes seus bees a a dita fiadoria. Et se por la ventura cada hun destes fiadores mays veer que vos de outro fiador en lugar del para cumprir et guardar todo o que sobredito he. Et por que esto seia çerto nos, os sobreditos dayam et cabidoo et Fernan Vaasques et fiadores sobreditos, rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçesse desto duas cartas en hun tennor tal huna commo outra huna que desse a o dito cabidoo et outra a min Fernan Vaasques.

Que foron feytas enna casa do thesouro da dita iglesia seendo iuntados o dito dayam et cabidoo en cabidoo por campaa taniuda, sete dias de iullio, era de mill et CCC LXX VIIIº annos.

Testemoyas que foron presentes: Andres Peres, Iohan Fernandes, Pero Galvan, Iohan Diaz, Affoso Eanes, coengos; Pero Fernandes, Fernan Eanes, Affonso Eanes, Affonso Ianeiro, Johan de Lovea, coengos d'aniversario; Fernan Peres, notario de Lugo; Iohan Peres, seu irmao; Gomes, omme do dito dayam; Sancho Dias, irmao do dito Iohan Diaz; Domingo Eanes, ome do thesoeyro, ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he con as testemoyas sobreditas chamado et rogado presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna presença fiz escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 408

1340, xullo, 26. Lugo

*Os cóngos rendeiros dos aniversarios inhibense en todo o relativo á percepción das rendas bracarenses.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 32r.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernan Vaasques, rendeiro dos aniversarios da igreſia de Lugo, con meus conpanoes da dita renda: Fernan Affonso, coengo, et Affonso Aras das Cortinas et Affonso Fernandes dito do Campo, presentes et outorgantes todos en senbra et cada hun de nos po-lo todo obligamos por nos et por todos nosos bees a vos don Fernan Aras, dayam, et a o cabidoo da dita igreſia de Lugo, que se por raçon de huna procuraçon que vos feçestes a min o dito Fernan Vaasques para demandar, arrendar et recadar os bees, froytos, rendas dos ditos aniversarios, et para anullar et desfazer os contractos, segundo se en ella conten, en iuyso et fora del, que foron feytos sen forma de dereyto ou en dampno do dito cabidoo requeçeren custas algunas que nos que as façamos por nos et por nosos bees et as non demandemos a vos o dito dayam et cabidoo por raçon da dita procuraçon salvo que se acaesçer que algun pleyto que nos tomemos sobre feito dos ditos aniversarios que vaa para Bragaa, que vos que o tomedes a o avogado se o teverdes en Bragaa segundo que acomendades os outros vossos pleytos et nos que façamos a custa que acaesçer et nos dedes vossas cartas para el que o procure segundo procurar os outros vossos pleytos. Et nos pagaremos as outras custas que y requeçeren. Et que esto seia çerto nos os sobreditos Fernan Vaasques, Fernan Affonso, Affonso Aras et Affonso Fernandes, dito do Campo, rogamos a Ruy Fernandes, notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta.

Que foy feyta en Lugo XXVI dias de julio, era de mill et CCC LXX VIIIº annos.

Testemoyas que foron presentes chamadas et rogadas: Pedro Fernandes, Iohan Peres, et Iohan Amigo, clerigos do choro de Lugo; Iohan Affonso de Burgo Novo; Gomes Affonso, ome do dayam don Fernan Aras; Ruy Fernandes yрмаo d'Aras Fernandes; Iohan Eanes, que tange os sinnos; Aras Affonso, mercador; Pedro Raspallo; Affonso Peres, andador ts.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado per auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto commo dito he con las testemoyas sobreditas chamado et rogado presente foy et esta carta escrivi en este livro do cabidoo sobredito et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 409

1340, xullo, 29. Lugo

*Sentenza do bispo de Lugo no preito mantido polo Cabido con Rui e Xil Fernández sobre a igrexa de San Cristovo de Novelúa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 32v. Traslado ao Libro do Cabido polo notario Rui Fernández: 1340-8-12.

In Dei nomine amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Johan, por la gracia de Deus et da Santa iglesia de Roma obispo de Lugo, apareçeron da huna parte don Fernan Aras, dayam de Lugo, et da outra parte Ruy Fernandes et Gil Fernandes Nugeyroes, en raçon de contenda que era entre estes sobreditos sobre la iglesia de San Christovoo de Novelua, que he eno dayadigo, diçendo o dito dayam que a dita iglesia de Novellua que perteesçia a o dito dayadego et que era aneyxa a el. Et os ditos Ruy Fernandes et Gil Fernandes diçendo que a dita iglesia que era d'outros herdeyros porque elles diçian que a husavan et a devian a teer. Et estas partes de seu praçer et por amor de pas et de concordia et por quitamento de juyço poseron a preyto desta contenda en nosas maos et en noso poder que conoscesemos del syne strepitu et figura iudicii, sabendo verdade chaamente onde a mellor podeseamos saber se a dita iglesia de Novellua era da iglesia de Lugo et aneyxa a o dito dayadego, ou se era d'aqueles herdeyros porque os ditos Ruy Fernandes et Gil Fernandes diçian que a usavan et que a devian a teer, et pe-lla verdade que soubesemos et achasemos sobr'esta raçon que nos, asy commo omme boo arbidro ou juyz ordinario, julgaseamos a dita yglesia por sentença a qualquer das ditas partes que achasemos que a avia d'aver de dereito, et as ditas partes prometeron d'estar a a sentença que nos y desemos et de a gardar en todo, et de non viir contra ela en nehun tempo por sy nen por outren en juyço nen fora del, et qual das partes atentase de viir contra ella prometeu de pagar a a outra parte por nome de pena et de interee mill moravedis da boa moneda, et a pena pagada ou non pagada a sentença que nos desemos ficase firme et valiosa en todo. Et nos reçebemos este pleito en nos et mandamos dar nosa carta a as ditas partes por que chamasen as testemoyas que quisesem dar sobr'esta raçon a çerto termino. Et otrosy feçemos çitar a termino çerto todos aqueles que se diçian herdeyros da dita iglesia, ou que y avian dereito, que o veeesen mostrar et defender ante nos; a os quaes terminos as ditas partes pareçeron ante nos et deron en prova cartas et testemoyas quantas et quaes quisieron ata que diseron que non querian dar mays; et pidiron a nos que vysemos et exsaminasemos o que elles avian dado et mostrado ante nos et livrasemos entre elles o que achasemos por dereito. Et nos asinamos termyno parentorio a as ditas partes a que paresçesen ante nos a oyr sentença enno dito pleito. A o ual termino apareçeron as ditas partes ante nos, et por quanto nos foramos enbargado d'outros negoçios et non poderamos livrar o dito

pleyto, asignamos-les outro termino parentorio a que veesen ante nos oyr sentença. A o qual termino pareceu ante nos o dito dayam et outra parte non pareceu, nen procurador por ella, et o dito dayam acusou a contumaçia da parte avera et pidionos que a pronunciasemos por contumaç, et a condinasemos nas custas dereitas, et non enbargando a sua contumaçia que husasemos enno dito pleyto aqueilo que achasemos por dereito. Onde nos vysto et exsaminado o dito preyto et a prova que cada huna das partes ante nos fez, avudo sobre todo acordo en nos et en conselo con ommes boos et letrados, porque achamos que o dito dayam provou ben sua entençon asi por privilegio commo por cartas et estormentos commo por testemoyas, conven a saber que a dita iglesia de Sant Christovoo de Novelua he livremente quita da iglesia de Lugo et he aneyxa a o dito dayadigo. O dito dayam, presente, et os ditos Ruy Fernandes et os outros que se diçian herdeyros da dita iglesia, absentes por contumaçia, seendo en lugar de julgar, en scripto por sentença julgamos a dita iglesia de Sant Christovoo de Novelua a a iglesia de Lugo et por aneyxa a o dito dayadego, et poemos perpetuu silencio a os ditos Ruy Fernandes et a os otros que se diçian herdeyros della en raçon da dita demanda, condanandoos nas custas dereytas et reservamos en nos a tayxaçon dellas, em testemoyo da qual cousa mandamos faser esta carta de sentença seelada de noso sello pendiente.

Et eu Ruy Fernandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, vi et ley a carta sobredita escripta en pulgameo enno tenor sobredito et seellada con seello do sobredito sennor obispo et firmada de seu nome, segundo por ella parecia et a rogo de don Fernan Aras, dayam sobredito, et por mandado et auctoridade de don Pedro Iacome, iuyz de Lugo, vervo por vervo a dita carta en mina presenza fiz trasladar et en este traslado puge meu signal en testemoyo de verdade.

Que foy feito en Lugo XII dias d'agosto era sobredita.

Testemoyas: Affonso Eanes, coengo de Lugo; Lopo Domingues et Fernan Eanes, clerigos.

## 410

1340, xullo, 30. Sevilla

*Testamento de Vasco Fernández, pai de Pedro Arias, cóengo de Lugo.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/12, perg. orix., gótica cursiva, 420x275 mm.

En el nombre de Dios amen. Sepan quantos esta carta vieren commo yo Vasco Fernandes de Parraga, estando sano et con salud et en mi acuerdo et en mi buena memoria, et creyendo firmimiente en la santa Trinidat assy commo todo fiel



In Dei nomine amen. Era M<sup>a</sup> CCC LXXX<sup>a</sup> feria tertia XXI<sup>a</sup> prima die mensis madii. Quem secundum doctrinam sacre scripture vigillare debemus quia nescimus horam qua dominus noster venturus sit.

Idcirco ego Gundisalvus Garsie de Incrovis, iudex de Luou et lucensis ac civitatis eclesiarum canonicus, sanus mente et corpore debilis prout in presenti dominus permitit ordino et dispono de rebus et benis meis qualiter post obitum meum remaneant ordinare. In primis igitur mando et confero do et concedo animam meam creatori suo Deo et meo domino Ihesu Christo et suplico humiliter beatissime et gloriose senper Virgini Marie matri eius ac beato apostolo Iacobo et omnibus sanctis ut dignentur sua benevola pietate pro ea de precari et preces porrigere eidem omnipotenti domino Ihesu Christo, mando corpus meum sepelli in monasterio Sancti Pelaii de Ante Altaris in ilo monumento seu sepulcro quod ibi parari et fieri feci in eclesia prope cappellam beati Thome apostoli, quod monumentum ibi collocavi et fieri feci de mandato et voluntate abbatis et conventus monasterii memorati etc<sup>a</sup>... et inter alia que continebantur in notula seu protocolo testamenti dicti iudicis per me notarium infrascriptum confecti continerentur ibi iste clausule: «item lego operi fabrice eclesie Sancte Marie cathedralis lucensis centum morabitanos. Item lego domos meas, capitulo lucensis, illam domum meam quam emi de Orraca Alfonsi qui stat prope domos meos ad superiorem portam, pro aniversario pro anima mea annuatim faciendo in die videlicet beati Pelaii martiris que occurrit tertia die post festum Nativitatis beati Iohannis Baptiste, sub ista condiciones qui annuatim predicta die celebrent missam de requie et in vigilia huius diei matutinas de requie solepniter ut est moris celebrandi anniversaria quando in dicta ecclesia solepniter celebrantur, et in die predicta dicti anniversarii redditus dicte domus distribuatur pro vino prout consueverit distribui redditus qui dantur ad certum anniversarium in tercia die in dicta ecclesia celebrandum, et dicta domus non detur alicui a tenendum in prestimonium nec ad vitam alicuius pro minori precio quam ab ea singulis annis singulariter arrendata haberi possit sed quolibet anno arrendetur plus offerenti si tamen aliquis de canonicis anniversariorum eam arrendare voluerit ad vitam et pro ea equum bonum pretium dederit quod ab ea her[...] posset [...] annuatim singulariter diversis personis arrendata hoc fieri possit si de omni canonicorum anniversariorum processerit voluntatem et similiter annuatim de consesi eorum et non aliter arrendetur et si aliter factum fuerit non valeat et teneantur capitulo et dictis canonicis

aniversariorum et eorum cuilibet et ecclesia Ihesu Christo qui non istam meam voluntatem venerit sint ille tenetur qui contra voluntatem domini rem alienam acapit contrahendam et nichilominus super predicto [...] suis [...] eneantur dictam domum manu tenere in eo statu in quo eam invenerint tempore obitus mei vel etiam meliori etc... Et facio executores sive completos dicti mei testamenti Nicolau Dominici, canonicum compostellanum, amicum meum, et Gundisalvum Iohannis de Rama, campssorem. Et si unus eorum hoc facere non possit vel nolit qui aliter faciat etc... Item solutis meis debitis et legatis integraliter prout superius omnia sunt expressa instituo heredem meum generalem in aliis bonis meis dictum Fernandum Roderici conthado et prohibeo ei et mando sub pena benedictionis mei qui non recipiat falcidiam nec partem aliqua de legatis sed permitat libere ad impleri omnia et singula que in isto meo testamento superius sunt expressa et hoc volo et mando qui sit meum testamentum et revoco omnia alia testamenta et quodicillos quos feci usque in istam presentem diem et hoc valeat in perpetuum pro meo testamento et pro mea ultima voluntate, et si non valuerit ut testamentum valeat ut codicillus et si no valuerit ut codicillus valeat ut ultima mea voluntate omni modo iure et tam quibus melius et validus valere possit quisquis autem quam dictum meum testamentum vel ultima voluntatem venerit pectet mill morbetinos in quibus illud cauto medietatem voti mee et medietatem ecclesie compostellane etc...

Factum, firmatum et concessum fuit dictum testamentum dicti domni Gundisalvum Garsie, iudicis de Luou in ecclesia compostellana, per eundem dominum iudicem in presencia mei Pelagii Facundi, publici notarii concilii compostellani iurati pro ecclesia compostellana, et testium infrascriptorum ad hoc specialiter vocatorum et rogatorum, Compostelle in ospicio dicti iudicis, era mense et die predictis quod testamentum dictus iudex claudi et sigillari fecit quinque sigillis in dorso quorum unum erat dicti iudicis et aliud erat mei notarii, reliqua vero tria sigilla, unum erat videlicet domni Iacobi Petri, cardinalis compostellani, et aliud Iohannis Alfonsi, et reliquum Iohannis Sancii, canonicorum compostellanorum, qui iudex manu sua propria nomen suum suscripsit in dicto testamento sub hiis verbis hoc est testamentum mei Gundisalvi Garsie, iudicis de Luou, in quo sigillum meum apponi facio et manu propria subscribo. Qui iudex predictus rogavit dominum Iacobum Petri, cardinalem, et Iohannem Alfonsi et Iohannem Sancii, canonicos supradictos, nec non et Iohanem Petri, clericum de Busto, et Iohanem de Ispania, clericum de Marroços, qui presentes erant qui essent testes et qui in dicto testamento nomina sua manu propria scribentur qui cardinal donus Iacobus Petri, Iohanes Alfonsi, Iohanes Sancii, canonici, Iohanes Petri et Iohanes de Ispania clerici ad partes et rogatum dicti iudicis nomina sua subscripserunt manibus propriis in hunc modo: ego Iacobus Petri, cardinalis compostellanus in isto testamento dicti iudicis sigillum meum appossi et manu propria subscribo; ego Iohanes Alfonsi, canonicus compostellanus, in isto testamento dicti iudicis sigillum meum apponi facio et manu propria subscribo; ego Iohanes Sancii, canonicus compostellanus, in isto testamento dicti iudicis sigillum meum apponi facio et manu propria

suscribo. Ego Iohanes Petri, clericus de Busto, suscribo. Ego Iohanes de Yspania, clericus Sancte Marie de Marroços, suscribo, quie domnus Gundisalvus Garsie, iudex predictus, dixit in presencia mei notarii et testium supra et infraescriptorum qui instituebat heredem suum et exsecutores dicti sui testamenti illos qui in dicto testamento continebantur et revocabay omnia alia testamenta et codicillos quos fecerat usque in istam ei presentem diem. Presentibus testibus: venerabilibus viris donno Iacobo Petri cardinali, Iohanne Alffonsi et Iohanne Sancii, canonicis in ecclesia compostellana, Iohanne Petri, clerico de Busto, et Iohanne de Yspania, clerico ecclesie de Marroços, supradictis, nec non et Fernando Iohannis, clerico ecclesie Sancte Crucis de Montaos, Gundisalvo Garsie et Petro Martini, nepotibus dicti iudicis, ac Alvaro Dominici, scriptore mei notarii, ad promissa vocatum specialiter et rogatum.

Ego Pelagius Facundi, notarius concilii compostellani iuratus pro ecclesia compostellana, predictas clausulas hic estrahi feci de notula seu protocollo testamenti dicti iudicis per me notarium confecti et in hanc publicam formam redegei de mandato et auctoritate Nicolai Dominici, canonici compostellani, reverendi patris et domini donmi Martini Dei gratia, archiepiscopi compostellani, vicarii generalis, et nomen et signum meum appossui in testimonium veritatis et de mandato meo Alfonsus Martini scripsit.

Ego Alfonsus Martini de mandato dicti notarii scripsit.

Eu Fernan Garçia, notario publico de Lugo dado per auctoridade do bispo desse lugar, vi hun publico instramento feyto eno tenor sobredito scripto en pulgameo et signado con signal do dito notario, Pay Fagundez, segundo por el pareçia et trasladeyo de vervo a vervo en este livro do cabidoo de Lugo, viinte et seys dias de iulio, era de mill et treçentos et oyteenta annos.

Testemoyas que viron o dito estromento: don Fernan de Deus, chantres; don Diego Ferrnandes, arçidiago de Neyra; don Alvar Dias, arçidiago de Sarrea; don Pedro Iacome, iuys de Lugo; Affonso Eanes et Iohan Dias, coengos de Lugo.

## 425

1342, maio, 22. Lugo

*O deán funda un aniversario sobre o casal de Saa e establece algunhas condicións adicionais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 35v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernan Aras, dayam de Lugo, dou et outorgo, a o cabidoo de Lugo, todo o herdamento et voz que eu aio et aver devo que conprey a Aras Peres, meu padre, enno cassal chamado de Saa, con todas

suas pertencenças et dereituras per u quer que vaa, sub signo de Sayoane de Penna, por lo qual herdamento me avedes a façer cada anno huna proçissçon et hun anniversario por dia de Sancta Oufemea. Do qual herdamento eu retenno en min os fructos del por en todos meus dias, et por estes fructos que en min reçoço obbligo por todos meus bees a vos pagar cada anno por raçon desta proçissçon et anniversario viinte moravedis desta moneda del rey don Affonso que ora corre, a oyto soldos o moravedi, ou d'outra moneda que os valla. Et a pus meu finamento para vos façerdes esta proçissçon et anniversario, commo dito he, este herdamento de Saa sobredito vos fique livre et quito de min et de toda mina voz para sempre por iur de herdade. Et por esto que non aiades outra aççon nen demanda, nen poder para demandardes estes XX moravedis sobreditos por lo cassal chamado de Paaço de Lama, que he sub signo de San Salvador de Villa Eyriç porque vos los eu avia asignados et postos de dar cada anno por esta proçissçon et aniversario sobredito. Et eu dayam et cabidoo partes sobreditas prometemos a a boa fe de conprir et façer todo esto que sobredito he. Et que esto seia çerto rogamos et mandamos a Fernan Peres, publico notario da çebdade de Lugo, que feçesse ende esta carta.

Feyta XXII dia de mayo, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> annos.

Testemoyas: Iohan Fernandes de Valdayo, coengo; Iohan Fernandes, raçoeyro de Lugo; Gil Fernandes, Gomes Fernandes de Villar de Penas et Gil Fernades, filo de Fernan Pas de Lamas, homes deste dayam ts., et outros.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario da çibdade de Lugo dado pella actoridade do bispo dese lugar, a esto que sobredito he chamado et rogado presente foy et esta carta fiz en mina presença escribir et puge y meu nome et meu signal.

## 426

1342, xuño, 3. Saa

*Vasco Díaz, cóengo, concédelle a Xoán Fernández, racioneiro, a posesión de todo o pertencente ao deán en Saa, freguesia de San Xoán de Pena.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 36v.

Sub era de mill et treçentos et oyaenta annos, tres dias de iunyo.

Sabeam quantos esta carta viren commo en presença de min notario et das testemoyas subscriptas, estando na villa de Saa, que he ena fiigregia de Sayoane de Pena, Vaasco Dias, coengo de Lugo, procurador para esto do dito Fernando Areas, dayam de Lugo, meteu en posison et deu o iur de todo ho erdamento et voz que o dito dayam avya et lle perteesia aaver ena dita villa de Saa con suas perte-

nenças et dereyturas, a monte et a fonte, peru quer que fose sub signo de Sayoane de Pena a Iohan Fernandes, raçoeyro de Lugo, que o logo entrou et recebeu para o cabidoo de Lugo cuio procurador he. O qual herdamento o dito dayan avya dado et outorgado a o dito cabidoo por senpre iamays por iur de herdade que lle feçesen cada anno a pus de sua morte hun aniversario et huna proçison por dia de Santa Oufemea, et mandou a Duran Peres, lavrador desta herdade, que recudese con ela a o dito cabidoo, et non recudise con ella a outro ningun, salvo ende do huso fruyto que avya de levar o dito dayan por en toda sua vida. O qual, Duran Peres, confesou et diso que tragia este herdamento sobredito por lo dito cabidoo de Lugo, et lle recudiria con el segundo que o dito Vaasco Dias mandava. Et de todo esto en commo pasou o dito Iohan Fernandes, raçoeyro procurador do dito cabidoo, rogou a min Fernando Peres, notario publico da çibdade de Lugo, que fezese ende este publico stromento.

Testemoyas que presentes foron: Iohan Fernandes; Rodrigo Eanes de Sayoan de Pena; Pero Garzea, ome de Lopo Diaz de Boveda; Duran Peres, lavrador, morador en Saa ts., et outros.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario da çibdade de Lugo dado pella auctoridade do bispo dese lugar, a esto chamado et rogado presente fuy con as ditas testemoyas et este estromento escrivi et puge y meu nome et meu signal.

## 427

1342, xuño, 12. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Fernando Fernández e a dúas voces o monte de Puio, que pertence ao casal de Ponte de Lor, por renda anual da terceira parte do viño, cuarta do pan, un marabedí e a obriga de plantar vide e construír unha casa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 36v.

Sabeam quantos esta carta viren, commo nos Fernan Aras, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento de Fernan Vaasques, raçoeyro et procurador dos anniversarios da iglesia de Lugo, damos afforo et avervo a vos, Fernan Fernandes de Puriscallo et a duas pessoas a pus vos huna qual vos nomeardes en vida ou a tempo de vosso finamento, et outra qual nomear aquela pessoa que vos nomeardes, et se por la ventura a vos non nomeardes que fique a aquel que herdar vossos beens, que seian pessoas semellaveles de vos. Conven a saber o monte de Puio, que he do cassal de Ponte de Lor, commo departe por lo baçelo do souto que he do dito cassal, et do outro cabo por la vinna que ora ten Pedro Eanes que

iaz en Ribafeyta, et vay ferir do outro cabo de fondo no baçelo que chantou o abba-de, que iaz sobre las avelayras de Puio, et d'outra testa fer no monte de Ribafeyta. Outrosi vos damos un formal de cassa a a Ponte de Lor con a sesma do cassal da Ponte que ora esta por lavar, o qual perteeçe a o cassal da Ponte. Outrossi vos damos o foro do Rigueyro que teve Fernan Peres. Et este monte et foros sobreditos vos damos a a tal pleito et vervo que vos que briedes o dito monte de Piuo et o chantedes de vinna en aquelles lugares hu for para cantar en guissa que ata seys annos primeiros seia chantada toda, et a mayor parte dela avinada, et o lavredes et paredes ben con os foros sobreditos, et façades huna cassa eno dito formal, et dedes cada anno, vos et aquelas pesoas que eno dito vervo ficaren, a o que recadar os aniversarios da iglesia de Lugo, a terça parte do vino et a quarta do pan que Deus y der, o pan ena eyra et o vinno a a bica do lagar; et por orto et por fruyta et por las outras coussas que dedes cada anno, por dia de San Miguel de vindimias, hun moravedi. Et cada huna das pesoas que for nomeada en este vervo, commo dito he, que vena receber este vervo et afforamento quando o quiser entrar. Et se por la ventura vos ou aquelas pesoas que eno dito vervo foren nomeadas quissedes vender ou eallear o dito vervo que seian primeyramente frontado o cabidoo de Lugo, et que o vendades ante a el et a a iglesia de Lugo ca a outren, por tanto commo outren der, sen malicia. Et a morte da pustrimeyra pessoa que ficar no dito vervo que o monte et foros et vervo sobreditos fiquen livres et quitos a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, o dito Fernan Fernandes por min et por las pesoas sobreditas, assy recebo de vos, dayam et cabidoo sobreditos, o vervo et foro do dito monte et coussas sobreditas, et oblige todos meus bees por min et por ellas de conprir et pagar todo esto commo sobredito he. Et por que esto seia certo et non venna en dulta nos as partes sobreditas rogamos a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que fizesse ende esta carta.

Que foy feyta en Lugo doze dias de junyo, era de mill et trezentos et oyte-enta annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Diaz, archidiago de Sarria; dom Pedro Jacome, juyz; don Aras Pellaes, thesoyeyro; Vaasco Diaz, Fernan Affonso, Johan Diaz, Affonso Eanes, coengos; Johan Gutierres, raçionero; Gonçalvo Peres, Fernan Eanes, Johan Peres et Aras Peres, clerigos do coro de Lugo ts.

Et eu Fernan Garçia, notario sobredito dado por autoridade do bispo de Lugo, a esto commo sobredito he presente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta scripvi en este livro do cabidoo et puge y meu signal en testemoyo de verdade.



*Lope Rodríguez pon como fiador o seu irmán, o cóengo Vasco Pérez, no arrendamento dos décimos de Pallares e Val de Gommele.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 37r.

Era de mill et CCC<sup>os</sup> LXXX<sup>a</sup> annos, veynte et hun dias de julio. Estando en Lugo en los paaços de nuestro sennor obispo en presenza de min Johan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas, Lopo Rodrigues de Rodeyro, escudeyro, disso que el que tenia arrendado do dayam et do cabidoo de Lugo os disimos das iglesias de Pallares et a meatade das de Val de Gommele por cinquenta maravedis desta moneda cada anno. Et esta renda que avia a teer en seus dias, et por quanto non dera fiador que pagasse esta renda que dava por fiador et principal pagador a Vaasco Peres, coengo de Lugo, seu yrmao, que y estava presente et outorgate esta fiadoria. Et o dito Vasco Peres outorgosse por tal fiador et obligou todos os seus beens et os fructos da sua coonsia a pagar estos cinquenta maravedis por terços, segundo que os pagaron ata aqui. Et logo Iohan Fernandes, raçoeyro da dita iglesia, et procurador do dito cabidoo en seu nome, assi recebeu o dito fiador et pidiu a mi que le desse delo un publico instramento.

Testemoyas: don Aras Pellaes, thesoureyro; Ruy Ximenes et Affonso Gomes, escudeyros do bispo et Fernan Peres de Rodeyro, et outros muytos.

Et eu Johan Gonçalves, raçoeyro et notario publico de Lugo, a esto que dito he presente fuy con las testemoyas sobreditas, et a pitiçon de Iohan Fernandes, raçoeyro, et procurador sobredito, este instramento aqui escrivi et puge meu sinal.

## 429

1342, agosto, 5. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle a Diego Fernández, arcediogo de Neira, o casal de Castello por 80 marabedís anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 37r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o cabidoo da iglesia de Lugo, sendo iuntados en cabidoo eno coro da dita iglesia segundo que o avemos de husso et de custume arrendamos a vos don Diego Fernades, archidiago de Neyra, o nosso cassal de Castello, que nos compramos do thesoureyro, don Aras Pellaes, que de nos teve arrendado Iohan Fernandes de Valdayo, coengo que fuy de nosa iglesia, por en toda vosa vida con todas las cassas et herdades et supinno-ramentos et dereyturas del et con sete armentios que vos y avemos a perfaçer con

outro gaaado que y leyxou o dito Iohan Fernandes, conven a saber: hun boy et dous almallos et huna beserra que passen por dous annos, et tres vacas parideyras. Por lo qual cassal et renda del nos avedes a dar en renda en cada hun anno, oyteenta moravedis, d'oyto soldos o moravedis, desta moneda del rey don Afonso, et pagarlos a os que recadaren os aniversarios da iglesia de Lugo en esta maneira, a terça parte por dia de Todos Santos et a outra terça parte por Santa Maria de março, et a outra terça parte por dia de Santo Spiritus. Et nos, o dito cabidoo, avemos-vos a faser o dito casal de paz segundo que vos-lo arrendamos, et reçebemos en conta grandando ou geada se acaesçer commo he usso et custume.

Et eu, o dito archidiago, assy reço de vos o dito cabidoo o dito cassal et renda del, et oblijo todos meus beens a pagar a dita renda cada anno commo dito he. Et a meu finamento de leyxar o dito cassal livre et desenbargado a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feitos, et con outro tanto gaaado et tal commo dito he. Et demays para o assy conprir douvos por fiador Iohan Gomes, coengo de Lugo, que esta presente et outorgante-se por fiador, commo dito he. Et que esto seia çerto nos las partes sobreditas rogamos a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que feçesse ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo çinquo dias d'agosto, era de mill et treçentos et oyteenta annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Diaz, archidiago de Sarrea; don Pedro Aras, mestrescola de Lugo; don Aras Pellaes, thesoreyro; Fernan Affonso, Affonso Eanes, Iohan Diaz, coengos; Iohan Fernandes et Iohan Gutierrez, raçoeyros de Lugo; Gonçalvo Peres et Affonso Eanes, clerigos do coro de Lugo, ts.

Et eu Fernan Garçia, notario sobredito, a esto commo dito he presente fuy et a rogo das ditas partes esta carta scripvi en este livro do cabidoo et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 430

1342, agosto, 26

### *Testamento do deán don Fernando Arias do Páramo.*

MADRID, *AHN*, Cód. 417 B, fol. 11r.

PIÑEIRO: *Memorias*, t. IV, fol. 42.

CAÑIZARES: pp. 1041-1042.

In Dei nomine amen. Sabean quantos esta carta viren como eu Fernan Arias de Paramo, dayan de Lugo, sendo doente e temendome de morte pero con todo meu sisso e con todo o meu entendemento, que Deus mellor quisso dar, orde-

no en esta maneyra das minnas cousas, et faço meu testamento que seia valiosso despoys de minna morte para senpre. Primeiramente mando minna alma a Deus que ma meteu eno corpo et a a Virge Santa Maria sua madre, et mando sepultar meu corpo ena iglesia de Santa Maria de Lugo ena cappella de San Miguel ut ias meu padre. Item mando a os coengos dessa iglesia para pitaça aquel dia que me suterraren cem moravedis. Item mando a o moesteyro de San Domingo çinquenta moravedis. Item mando a o moesteyro de San Françisco çinquenta moravedis. Item mando a todos aquelles que viven et andan conmigo en minna casa cumuadamente huna capa et huna saya de valançina, a cada hun home, et a as mulleres senllas sayas. Item mando a os pobres d'ospital dos pobres vergonçossos des moravedis. Item mando a os outros pobres dos outros ospitales da villa de Lugo des moravedis. Item mando que oferescan por minna alma a des dias a todos los altares da iglesia de Lugo a tres dobrados et a tres paes grandes et a tres taças de vinno cada altar cada dia. Item mando a meu sennor obispo hun marco de prata que el ha d'aver de min por loytossa. Item mando a minna cama con seus cabeças et allfameres et destallos a o mestrescola por condiçon que el de por ella a o cabidoo aquilo que el ha d'aver de custume por ella. Item mando que paguen a Affonso Eanes, coengo, aquilo que veer en verdade que lle eu devo por las degretaes, descontados çent et çinquo moravedis que me el deve da yglesia de Canedo, et que as den a o cabidoo de Lugo cuias son. Item mando que hun breviario que de min ten Lopo Domingues que lle pagen o que lle por el devo et que vendan el et os outros livros da cappella que eu aio et den aquilo que valueren por minna alma, salvo que mando que entreguen o Custume a o cabidoo cuiu he. Item mando a o mestrescola a mina caldeyra con seus guissamentos da coçinna. Item mando que digan dous anaes por minna alma aly ut viren meus exsecutores que sera mellor. Item mando que se algun ome ou muller de boa fama disser por sua verdade que lle eu alguna coussa devo ata çinquenta moravedis mando que lle los paguen. Item mando que todos los tidoos et cartas que eu teno que perteeçen a alguuns omes, assy de iglesias commo d'outras cousas, que os paguen a aqueles a quen perteeçen, et mando que meus exsecutores et compridores deste meu testamento que o cumplan todo por lo meu et sen seu danno et que paguen minnas devedas et minnas mandas et façan minna mixon a meu sennor obispo de Lugo et a frey Gomes de Sonnar, frade da orden de San Françisco. Et mando a este frey Gomes por seu travallo çento moravedis. Et rogo et peço por merçee a meu sennor obispo que o queyra cumprir, et apodero estes meus exsecutores sobreditos en todos los meus beens que eu aio et doulles comprido poder que possan demandar, vender et debaratar [...]tos delles por cumplan (sic) este meu testamento et paguen minnas mandas et minnas devedas et façan minna mixon. Et meu testamento cumprido et mina mixon feyta, et as devedas et mandas pagadas, faço herel a obra da iglesia de Santa Maria de Lugo en todos meus bees que ficaren remanentes et tollo poder et vos a todos omes et mulleres, asy de minna parte commo da estraya, que non possan yr contra este

meu testamento nen enbargarlo en todo nen en parte. Et seu aio feyto outro testamento ou manda ou codiçillo ante deste eu os revogo et dou por ninhuus et mando que non vullan salvo este que mando que valla compridamente; et se non valuer como testamento que valla commo codiçillo, et se non valuer commo codiçillo que valla commo aquel que he minna postrimeyra voontade. Et que esto seia çerto et non venna en dulta roguey a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que fesesse ende esta carta de testamento.

Que fuy feyta en Lugo viinte et seys dias do mes d'agosto, era de mill et quatroçentos et oyteenta annos.

Testemoyas que foron presentes: don Pedro Aras, mestrescola de Lugo; Vaasco Rodrigues, coengo dese lugar; frey Johan de Meyra, frade da orden de San Françisco; Fernan Vaasques, clerigo de Deade; Gil Fernandes, chamereyro do dito dayan; Johan Amigo, clerigo do coro de Lugo; Gil Oares, clerigo; Afonso Aras das Cortinas, ts.

Et eu Fernan Garçia, sobredito notario publico de Lugo dado por autoridade do bispo desse lugar, a esto commo dito he con as ditas testemoyas pressente fuy et a rogo do dito dayam esta carta de testamento scripvi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

### 431

1342, agosto, 31. Lugo

*O Cabido ordena que os racioneiros teñan as porcións íntegras de todas as distribucións cotiás e do viño como os cóengos de aniversario.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 81v.

[...] et auctoritate reverendi patris ac domini domni Iohannis Dei et apostolice sedis gratia, episcopi lucensis, infrascriptos novem clericis aniversariorum ecclesie praelibate ducimus admittendos videlicet: Iohanem Fernandi, Gunsalvum Petri, Rodericum Iohanis, Fernandum [...], Gundissalvum Iohannis, et Fernandum Arie, presbiteris; ac Alfonsum Iohanis, Alfonsus Fernandi, Gundisalvum Petri acolitos et clericos chori [...] ecclesie, qui de cetero in ibi deserviant laudabiliter in divinis et portionis sibi sunt aliis canonicis aniversariorum quam diure [...] non fecerint ministrentur. Ita tamen quod de cetero nullum clericum admitamus nec recipiamus ad huiusmodi gratia faciendum [...] canonici aniversariorum ad numerum XVIIim deducantur per iuramentum quod super hoc prestamus ad santa Dei evangelia pro [nos] et successoribus nostris inviolabiliter observare.

Actum est hoc Luci in capitulo supradicto ultima die menssis agusti anno domini M<sup>o</sup> CCC<sup>o</sup>X<sup>o</sup>LII<sup>o</sup>.

Qui presentes fuerunt in dicto capitulo: donnus Didacus Fernandi, decanus; donnus Fernandus de Deo, cantor; Alvar Didaci, archidiaconus de Neyra; Petrus Fernandi, archidiaconus de Sarrea; Arias Pelagii, archidiaconus de Deçon; Petrus Aris, scolasticus; Petrus Iacobi, iudex; Alffonsus Iohannis, thesaurarius; Andreas Petri, Velascus Didaci, Velascus Roderici, Fernandus Alffonsi, Iohanes Didaci, Velascus Petri et Iohannis Gundisalvi, canonici ecclesie supradicte ts.

Et ego Iohannis Gunssalvi, canonicus et publicus notarius lucensis auctoritate reverendi patris et domini domni Iohannis divina miseratione eiusdem episcopi, et publicationi preffati statuti et vidi qualiter preffati decanus et capitulum prestiterunt ad sacra Dei evangelia corporaliter sacramentum, et episcopy instantiam hoc statutum in mei presencia scribi feci et quia omnibus et singulis una cum dictis testibus dum agerentur intergui hoc et signum meum apposui in testimonium promissorum. (+).

## 432

1342, agosto, 31. Lugo

*O Cabido acorda que os racioneiros perciban íntegras as distribucións de cada día e o viño.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 81v.

In Dei nomine amen. Statuit reverendus pater ac dominus, donnus Iohannes, Dei et apostolici sedis gratia episcopus lucensis, una cum venerabili viri donni Didaco Fernandi, decano, et capitulo lucensis, qui super hoc per sonum campane ut est moris fuerunt in capitulo congregatis, quod de cetero omnes porcionarii ipsius ecclesie habeant portiones integras omnium distributionum cotidianarum et vini quod ex arrendationes et gra[...] ulterius faciendo largite, sicut canonici aniversariorum ipsius ecclesie hactenus habere consueverunt.

Actum est hoc in capitulo ultima die menssis agusti, anno domini millesimo CCC<sup>o</sup>X<sup>o</sup>LII<sup>o</sup>.

Qui presentes fuerunt in dicto capitulo: donnus Didacus Fernandi, decanus; donnus Fernando de Deo, cantor; Alvarus Didaci, archidiaconus de Neyra; Petru Fernandi, archidiaconus de Sarrea; Arias Pelagii, archidiaconus de Deçon; [Petrus] Arie, scolasticus; Petrus Iacobi, iudex; Alffonsus Iohannis, thesaurarius; Andreas Petri, Velascus Petri, Velascus Didaci, Velascus Roderici, Fernandus Alffonsi, Iohannes Didaci et Iohannes Gunsalvi, canonici ecclesie supradicte.

Et ego Iohannis Gunssalvi, canonicus ac publicus in civitate et diocesis lucensis auctoritate episcopali notarius iuratus, lectioni et publicationi preffati statuti presens interfui, et ad instantiam dictorum decani et capitulo hoc statutum in presenti libro in mei presencia scribi feci et nomen et signum apposui in testimonium promissorum.(+).

## 433

1342, agosto, 31 sábado. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao coengo Vasco Díaz os froitos, rendas e dereitos de San Pedro de Farnadeiros por 200 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 39v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Diego Fernades, dayan, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo por canpaa taniuda segundo que o avemos de huso et de custume, arrendamos a vos Vaasco Dias, coengo da dita iglesia, todo-los fruytos et rendas et dereituras et das duas partes da iglesia de Sant Pedro de Farnadeiros, que he da nosa messa, segundo que as tinna et possuuya don Fernando Aras, dayan que foy da dita iglesia, por en todos vosos dias, por tal condiçõn que nos dedes cada anno en renda dusetos moravedis desta mone-da del rey don Affonso, a oyto soldos o moravedi, et que nos los paguedes por los terços do anno segundo que se pagan as rendas das amiistrações da dita iglesia de Lugo. Et eu o dito Vasco Dias, coengo, assy reçoço a dita renda segundo dito he. Et demays para o assy conplir douvos por fiador a Vasco Pees, coengo de Lugo, el presente et outorgante-se por fiador. Et por que esto seia çerto et non venna en dulta nos, dayan et cabidoo et Vasco Dias sobreditos, rogamos a Iohan Gonçales, coengo et notario publico de Lugo, que fesese ende esta carta.

Que foy feyta sabado pustrimeyro dia do mes d'agosto, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantres; don Alvar Diaz, archidiago de Neyra; don Aras Pellaes, archidiago de Deçon; don Pedro Aras, mestrescola de Lugo; don Pedro Iacome, iuyz; don Affonso Gomes, thesoreyro; Andres Peres et Fernan Affonso, Vasco Rodrigues, Iohan Diaz, coengos da dita iglesia de Lugo.

## 434

1342, setembro, 7. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao cóengo Vasco Rodríguez a administración de decembro por 3250 maravedís anuais e as obrigas de costume.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 38v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Diego Fernandes, dayan de Lugo, et o cabidoo desse lugar, seendo iuntados en cabidoo por campaa taniuda enno thesouro da iglesia de Lugo, segundo que he husso et custume de nos iuntarmos a cabidoo, arrendamos a vos Vaasco Rodriguez, coengo de Lugo, a amiistraçon do mes de dezenbro en Paramo et Gondrame et Sant Iullao de Eyree et con o arçiprestadigo do Val de Ferreira et con Picato et con todas suas pertenenças et dereyturas, segundo que agora tinna arrendado et hussava en renda don Fernan Areas, dayam que foy, et con duzentos moravedis que Vaasco Diaz ha a dar de renda por la iglesia de Sant Pedro de Farnandeyros. A qual renda vos fazemos por en todos vossos dias. Et avedes-nos a dar de renda cada anno en salvo enna villa de Lugo, tres mill et duzentos et çinquenta moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso, et pagarlos commo he acostumado desse pagaren as outras rendas da iglesia de Lugo. Et outrossy avedes a proveer enno dito mes a os coengos do pan et do vinno segundo o estatuto novo desta iglesia. Et non nos avedes a descontar desta renda çinquo terças de pan que teen Diego Fernandes et Fernan Aras de Neyra. Et nos, os ditos dayam et cabidoo, avemos-vos a receber en conta tomas de rey ou de infante et de ricohome et do bispo et de meyrino, segundo se acostumaron a receber en conta ata aqui enas outras rendas da iglesia de Lugo.

Et eu Vaasco Rodriguez, coengo sobredito, assy reço a dita renda de vos, os ditos dayam et cabidoo, et obbligo min et todos meus beens, movelles et rayz, eclesiasticos et seglares, para conplir et pagar cada anno a dita renda segundo sobredito he, et as outras cousas que se en el conteen. Et demays para o todo assi conplir et pagar dou-vos por fiadores: don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra, et Vaasco Diaz, coengo de Lugo, anbos de consuun et cada hun delles por lo todo. Et nos los ditos arçidiago et Vaasco Diaz, que estamos pressentes, nos outorgamos por fiadores, segundo dito he por tal condiçon que se nos ou cada hun de nos formos descontados con mingoa da paga que o dito Vaasco Rodriguez ha de faser que por la primeyra vez, ou cada que nos ou cada hun de nos formos descontados, que a dita renda da dita amiistraçon seia logo tornada en nos et en cada hun de nos se a nos quisermos tomar con todas suas dereyturas et pertenenças et iuridiçoës, segundo a ten o dito Vaasco Rodriguez. Et que vos, los ditos dayam et cabidoo, dedes a nos et a cada hun de nos vosas cartas sobr'esto, quaes conpiren, por que

nos recudan con as dereyturas della, et que o dito Vaasco Rodriguez seia theudo a pagar toda las perdas et custas et dapnos et descontos que nos ou cada hun de nos por esta razon reçebermos.

Et eu, o dito Vaasco Rodrigues, assi o outorgo, et nos, o dayam et cabidoo sobreditos, assy outorgamos a dita renda a vos, o dito Vaasco Rodriguez, segundo dito he, et obligamos nossos beens para vos-lo fazer de paz. Et outorgamos outrossy as condiçoes sobreditas porque vos os ditos fiadores entrades a a dita fiadoria, et prometemos de vos-la conplir et guardar en todo. Et demays eu o dito Vaasco Rodriguez, coengo, para quitar en paz et en salvo da dita fiadoria a vos, los ditos arçidiago et Vaasco Diaz, et cada hun de vos, oblijo todos meus beens, moviles et rayzes, eclesiasticos et seglares, et espeçialmente vos oblijo para esto a minna raçon que eu aio de ave por rason da dita coensia enna iglesia de Lugo, et renunçio que non possa alegar que me non deven descontar a dita minna raçon por rason de me reçeberen a amiistraçon, ou d'outro custume algun, ou constituyçon se os ha enna iglesia de Lugo, nen reçaeba della nenhuna cousa por min nen por outro ata que vos ou cada hun de vos fordes entregos de todo-los dapnos et perdas que con mingoa da paga que ouverdes a faser por la dita renda da dita amiistraçon en esta amiistraçon et nos dereytos della non achardes para pagar a dita renda en quanto ha vos teverdes. Et que esto seia çerto nos las partes sobreditas rogamos a Ferna Garçia, notario publico de Lugo, que fezese ende esta carta.

Que foy feyta enno dito cabidoo a a seyda da prima, sete dias de setembro, era de mill et trezentos et oyteenta annos.

Testemoyas que foron pressentes: don Diego Fernandes, dayam sobredito; don Fernan de Deus, chantres de Lugo; don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaez, archidiago de Deçon; don Pedro Aras, mestrescola; don Pedro Iacome, iuyz; don Affonso Eanes, thesoreyro; Andres Peres, Vasco Diaz, Fernando Affonso, Vasco Rodrigues, Vaasco Peres et Iohan Dias, coengos de Lugo.

Et eu Fernan Garçia, notario publico dado por autoridade do bispo de Lugo, a esto commo sobredito he presente fuy et a rogo das ditas partes esta carta en minna pressença fiz scripvir en este livro do cabidoo, et puge en ela meu nome et meu et meu (sic) signal en testemoyo de verdade.

## 435

1342, setembro, 7. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao cóengo Vasco Rodríguez a administración de xuño por 3800 marabedis anuais e as obrigas acostumadas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 39r.



Sabeam quantos esta carta viren, commo eu Diego Fernandes, dayan, et o cabidoo da igreja de Lugo, seendo iuntados en cabidoo por campaa taniuda, enno thesouro da dita igreja de Lugo, segundo que avemos de husso et de custume arrendamos a vos Vaasco Rodriguez, coengo de Lugo, por en todos vossos dias, amiistraçon do mes de iunyo, que he da dita igreja de Lugo, con todas suas dereyturas et pertenenças assy commo mayns compridamente perteesçen a a dita amiistraçon et segundo que a agora tragia et husava por nos o dayan, don Fernan Aras, que foy. Et avedes-nos a dar por la dita amiistraçon cada anno tres mill et oytocentos moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moeda del rey don Affonso, et avedes amiistrar et conprir enno dito mes de iunyo de pan et de vinno a os coengos en esta maneira: conven a saber quatro panes de coenga et hun açumbre de vinno a o coengo, et dous paes et hun meo de vinno a o raçoeyro, et faser et complir et amiistrar toda-las cousas et cada huna dellas segundo se conten eno estatuto novo; et avedes demays a pagar a sobreposta, et non nos avedes a descontar desta renda triinta moravedis dos novos da terra d'Aguiar. Et obligamos todos nossos bees de vos faser a dita renda de paz et avemos-vos a receber en conta tomas ou forças de rey ou de ynfante ou de ricohome et do bispo et de merino se acaesçeren segundo acostumaron a receber en conta ata aqui ennas outras rendas da igreja de Lugo.

Et eu, o dito Vaasco Rodriguez, assy reço de vos los ditos dayan et cabidoo a dita renda da dita amiistraçon, et obligo min et todos meus beens, movelles et rayses, ecclesiasticos et seglares, gaanados et por gaanar, et a minna raçon da coensia que eu aio enna igreja de Lugo. Et para conprir et pagar todas estas cousas sobreditas et cada huna dellas segundo que se en esta carta conteen, et demays para o assy complir douvos por fiadores a don Pedro Aras, mestrescolla de Lugo, et a Vaasco Peres, coengo desse lugar, cada hun delles por lo todo. Nos los ditos fiadores que estamos presentes outorgamos-nos por fiadores segundo dito he a dita fiadoria. Et que esto seia çerto et non venna en dulta nos, dayan et cabidoo et Vaasco Rodriguez et fiadores sobreditos, rogamos a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que fesese desto este publico instrumento en hun tenor huna que lançasse no livro do dito cabidoo et outra que a desse a o dito Vaasco Rodrigues.

Que foron feytas en Lugo, sete dias de setembro, era de mill et trezentos et oytaenta annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego Fernandes, dayam sobredito; don Fernan de Deus, chantres de Lugo; dom Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Affonso Eanes, thesoreyro; Andres Peres et Vaasco Diaz et Fernan Affonso, coengos de Lugo, ts.

Et eu Fernan Garçia, notario publico de Lugo dado por autoridade do bispo desse lugar, a esto commo dito he presente fuy et a rogo das ditas partes esta carta en minna preença fiz scripvir en este livro do cabidoo et puge y meu nome et meu signal en testemoyo de verdade. Que fuy feita era et dia sobredito a a seyda da terça.

## 436

1342, setembro, 13. Lugo

*Arias Pérez da Cruz e a súa muller dóanlle ao Cabido de Lugo unha casa en San Pedro de Lugo e reciben a cambio 20 soldos anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 40r.

*Galicia Histórica*, t. I, n.º 6, 1902, p. 361.

En nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam et o cabidoo de Lugo, da huna parte, et nos, Aras Peres da Cruz et Tareyia Pellaes myna muller, da outra, fasemos entre nos tal escambeo, vervo et pleito valedeyro para senpre. Coven a saber que nos, Aras Peres et Tareyia Pellaes, damos et outorgamos a vos, o dayam et cabidoo sobreditos, huna nosa casa que esta na çiu-dade de Lugo, que iaz entre huna nosa casa do canto per ut va para a rua Minaa da huna parte, et a casa de San Laçero que esta na rua chamada de Paysages per ut vam para o espital dos proves vergonçosos da outra; et esta dita casa vos damos et outorgamos asi commo esta demarcada entre-llas ditas casas commo vay dello por-tal desta dita casa que vos damos topar en fondo da casa de Iohan Scripván que foy, con suas pertenenças et dereyturas, entradas et seidas, iures et agoas vertes, per ut quer que vaan sub a capella de San Pedro.

Et nos, o dayam et cabidoo sobreditos, damos et outorgamos et quitamos a vos, os ditos Aras Peres et a vosa muller Tareia Pellaes, et a toda vosa voz, viinte soldos de cada ano dos quareenta et çinco soldos a que nos avemos de cada anno por ani-versarios en outra nosa casa que esta enna dita çiu-dade de Lugo enna rua Minaa, entre-llas casas de Fernan Martines, alfayate, et de Dominga Peres, sua muller, da huna parte, et da outra parte, a nosa casa en que ora mora Fernando Peres, dito da Madanella; et revellamos estes viinte soldos sobreditos desta nosa casa para senpre iamays que nunca vos seian demandados en nihun tempo a vos nen a vosa vos.

Et nos as partes sobreditas reçebemos estas escambeas de casa et de dinei-ros sobreditos commo dito he, et outorgamos et obligamos a a boa fe por nosos bees de as faser de pas et de nunca viir contra ellas en todo nen en parte, en iuyço nen fora del, nen en outra maneira qualquer. Et que esto seia çerto nos, o dayam et cabidoo, rogamos et mandamos a Fernando Peres, notario publico de Lugo, que feçese ende duas cartas en hun tenor et posese en cada huna dellas seu nome et seu signal en testemoyo de verdade. Et por mayor firmidoe nos, o dayam et cabi-doo sobreditos, mandamos seellar esta carta de noso seello.

Feyta em Lugo XIII dias de setenbro, era de mill et CCC LXXX<sup>ta</sup> annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernan de Deus, chantre; don Alvar Diaz, archidiago de Neyra; don Aras Pellaes, archidiago de Deçon; don Pedro

Iacome, iuyz; don Afonso Eanes, thesoreyro; Gonçalvo Peres de Mondonedo et Aras Peres, Vasco Rodrigues, Fernan Afonso, Johan Dias, coengos de Lugo; Johan Fernandes, raçoeyro; Fernando Garçia, notario de Lugo; Aras Peres, fillo do dito Aras Peres; Gomes Pellaes; Affonso Miguellas da Crus; Martin Lopes, fillo de Lopo Rodrigues ts., et outros.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario da çibdade de Lugo dado polo bispo dese lugar, que a esto chamado et rogado presente fuy con as ditas testemoyas et fis escrivir esta carta et puge y meu nome et meu signal.

## 437

1342, setembro, 16. Lugo

*Acta notarial na que Fernando Pérez recoñece ter recibido de Xoán Fernández, cóengo xa falecido, os sete armentíos que este debía deixar no casal do Outeiro.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 25v.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> annos, XVI dias de setembro, en presenza de min Fernan Garçia, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas estando enno coro da igrexa de Santa Maria de Lugo a a seyda da missa da terça, Fernan Peres, morador en Castello, disso que dos sete armentios que Iohan Fernandes de Valdayo, coengo que fuy de Lugo, avia a leyxar eno cassal do Outeyro que tina avervado do cabido de Lugo, que el avia en sy os seys armentios et con CXL<sup>a</sup> soldos que lle logo pagou Pedro Arias para huna beserra en nome do dito Iohan Fernandes. Outorgousse por ben entrego dos VII<sup>c</sup> armentios que o dito Iohan Fernandes requeira et ouvera a leyxar no dito lugar, et diso o dito Fernan Peres [...] aquel que Iohan Fernandes requeira, et el que o requeira para o dayan, don Diego Fernandes, que tina aforado o dito cassal et para lle dar del renda.

Testemoyas: don Fernan de Deus, chantres; don Arias Pelaes, arçidiago de Deça; Iohan Dias, coengo; Fernando Peres, notario de Lugo; Afonso [...], Lopo Domingues, clerigos do coro.

Et eu Fernan Garçia, notario sobredito, fuy presente a esto et scripvi et puge meu sinal.

## 438

1342, setembro, 26. Portomarín

*O bispo de Lugo outorga un novo foro do couto de Betote a favor de María Fernández e incrementa a renda a 15 maravedís.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 40v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando García; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 40.

Sabeam quantos esta carta virem, commo nos don Iohan por la gracia de Deus et da santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, fosse mostrado por Maria Fernandes, muller de Diego Aras que fuy de Betote, hun testemoyo feito por Fernan García, notario de Sarrea, segundo por ela pareçia, o qual era traslado de huna carta do dayam et cabidoo et coengos d'aniversario da nosa iglesia, per lo qual pareçia que don Ferna Aras, dayam, et o cabidoo et coengos sobreditos, afforaron a o dito Diego Aras de Betote et a dita Maria Fernandes, sua muller, por en toda sua vida d'anbos et dous et de huna pessoa de tal condiçon commo elles, que fose do linagem do chantres don Aras, qual o pustrimeyro delles nomeasse en sua vida ou al tempo de sus finamento, o seu couto et herdamento de Betote que he sub signo de San Viçenço de Betote, que el dito Diego Aras tinna deles con todas suas dereyturas et pertenenças et coussas et rendas, a monte et a fonte peru quer que vaa, et con la herdade que elles an en Oleyros, que fuy do chantres don Aras, sub signo de San Martino d'Oleyros en esta maneira que se sigue: conven a saber que los ditos Diego Aras et Maria Fernandes et la pessoa que o pustrimeyro delles nomeasse que lavrassen et parassen ben as herdades do dito couto et herdade de Betote et herdade d'Oleyros sobreditas et mantevesen as cassas destes lugares en boo estado et chantassen das arvores. Et a finamento de Diego Aras que aquelas pessoas en que ficasse este vervo deste couto et herdamento et herdade sobreditos que o veessen tomar et receber do cabidoo da iglesia de Lugo do dia que vagasse, d'aquela pessoa que o tevesse, ata hun mes primeyro seguinte, et que dessen de cada anno por dia de Santa Maria de setembre por foro et en reconosçemento a o cabidoo et a os aniversarios da iglesia de Lugo seys moravedis, d'oyto soldos o moravedi. Et que a o tempo do finamento delles anbos et da dita pessoa que o couto et herdamento et herdades sobreditas ficassen livres et quitas et desenbargadas a o cabidoo et aniversarios da iglesia de Lugo, con todos los boos paramentos que y fossen feitos. Et os ditos Diego Aras et Maria Fernandes por sy et pola dita pesso, a que desspoy delles veesse, que davan et outorgavan a o dito cabidoo et aniversarios po-la gracia et merçee que-lles façian, por iur de sua herdade para senpre iamyas, a oytava do sobredito couto de Betote et herdade del que os ditos Diego Aras et Maria Fernandes compraron et guaanaron de Moor Rodrigues de Vilasante, filla de Pedro Rodrigues de Chamosso que fuy, et con toda aquela herdade, iglesia-ria et leygaria, que elles compraron eno dito lugar de Betote desta Moor Rodrigues, con todas suas dereyturas et pertenenças et cousas per u quer que vaan en tal maneira que os ditos Diego Aras et Maria Fernandes et pessoa sobredita que o pus-

trimeyto deles nomeasse en que ficasse o dito couto et herdade que tevesen en todos seus dias esta oytava do dito couto et herdade del que compraron da dita Moor Rodrigues commo dito he, con lo outro couto et herdamento et herdade sobreditos qu'elles o dito cabidoo et coengos sobreditos afforavan, et a passamento da dita pessoa que o pustrimeyro delles nomeasse que ficasse o dito couto et herdade que elles davan et o couto et herdamento et herdade qu'elles afforavan o dito cabidoo et coengos a o cabidoo et aniversarios sobreditos para senpre iamays por iur d'erdade livre et quita, con todos los boos paramentos que y foren feitos para faseren della toda sua voontade assy commo de suyo proprio. Et obligaron a si et a todos seus beens para faser senpre senpre (sic) de paz la dita oytava do dito couto et herdade del que davan a os ditos cabidoo et anniversarios commo dito he, segunt que todo esto mellor et mays compridamente se continna eno dito testemoyo.

Et agora a dita Maria Fernandes pidionos que por raçon que nos non foramos presente quando se este dito vervo fez nen no outorgamos, et outrossy porque el dito Diego Aras era ia finado, que tevesemos por ben d'elle outorgar este dito afforamento segunt dicho es et lle dessemos autoridade que o tevese ella por sua vida et de huna pessoa qual ella nomeasse en sua vida ou a seu passamento segunt llo outorgaron los ditos cabidoo et coengos d'aniversarios. Et por que nos acharamos que este afforamento fora feito en dampno da dita igreja de Lugo et dos aniversarios della, a que perteeçe, et lle davan pequena pensson por ende nos auto-riçamos et outorgamos o dito afforamento a a dita Maria Fernades por en toda sua vida et de huna pessoa qual ela nomear en sua vida ou a seu passamento segundo sobredito es, en tal maneira que a dita Maria Fernandes et a pessoa que despoys dela tever este vervo que den en cada hun anno a os ditos cabidoo et aniversarios quinse moravedis, d'oyto soldos cada moravedi, po-lo dito dia de Santa Maria de setembre.

Et eu, a dita Maria Fernande, por min et po-la pessoa sobredita que despoys de min este vervo ouver, reço de vos o dito sennor obispo et cabidoo et coengos este foro ena maneira et condiço es que ditos son, et outorgo por esta carta a doaçon que o dito Diego Aras et eu fesemos a os ditos cabidoo et aniversarios da oytava do dito couto et herdade del, que compramos et guaanamos da dita Moor Rodrigues segundo de susso se conten; et obligo min et todos meus beens, movilles et reyses, ut quer que os eu aia por min et po-la dita pessoa que depoy de min veer, de leyxar a o passamento de min et della o dito couto et herdade et herdamento que nos vos, o dito sennor obispo et cabidoo, afforades et outorgades et a oytava do dito couto et a herdade del que o dito meu marido et eu demos et ora eu dou commo dito he a o cabidoo et aniversarios sobreditos, livres, quitos et desenbargados con todos los boos paramentos que y foren feitos, et de faser saa et de paz esta oytava sobredita do dito couto et herdade del de quenquer que-lla deman-

de ou embargue en qual maneira quer, et de pagar os ditos quinse moravedis de cada anno segundo sobredito he.

E testemoyo desto nos, o dito sennor obispo, mandamos ende dar esta nossa carta seellada con noso seello pendiente et por mayor firmidue nos, o dito sennor obispo, firmamos-la de nosso nome con nossa mao, et enviamos mandar a o cabidoo sobredito que a seellassen outrossy de seu seello pendiente.

Dada en Portomarin viinte et seys dias de setembre, era de mill et trezen-tos et oyteenta annos.

Ellohannes episcopus.

Eu Fernan García, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse lugar, vi a carta sobredita scripta en pulgameo et firmada do nome do dito sennor obispo et seellada con seu seello et do dito cabidoo feyta no tenor sobredito, et a pidimento do dito cabidoo trasladeya en este seu livro de vervo a vervo nin-huna coussa caduda en mingoadá por que a sustançia da verdade dela podesse seer mingoadá, et puge en este traslado meu sinal en testemoyo de verdade.

Testemoyas: don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidia-go de Deçon; don Affonso Ares, thesoreyro; Andres Peres, Vaasco Dias, Fernan Affonso, Iohan Diaz et Johan Gomes, coengos de Lugo; et Johan Gutierrez, raçoey-ro desse lugar; Ruy Peres, porteyro; Lopo Domingues, clerigo do coro de Lugo.

### 439

1342, outubro, 4. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle a Maior Rodríguez, durante a súa vida, o casal do Outeiro, en Santiago de Ferroi, por 25 marabedis anuais a véspera de Santiago.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 41r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o cabidoo da iglesia de Lugo, arrendamos a vos, Moor Rodrigues de Santiago de Ferroe, por en todos vossos dias, o casal chamado d'Outeyro, que he sub signo de Santiago de Ferroe, con todas suas dereyturas et pertenenças segundo que o dayam, don Fernan Aras, que Deus perdoe, tinna arrendado. O qual cassal o bispo, don [Fernan] Peres que foy, mandou a a iglesia de Lugo. Et vos avedes a lavrar et parar ben as herdades do dito casal et manteer as casas del en boo estado. Et avedes-nos a dar cada anno de renda en salvo por lo dito casal, viinte et çinquo moravedis desta moneda del rey on Affonso, a oyto soldos cada moravedi. Et estes moravedis avedes a pagar cada anno ena villa de Lugo en vespera de Santiago d'agosto. Et a vosso finamento deveades a

leyxar o dito casal a a iglesia de Lugo livre et quito et desenbargado con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, a dita Moor Rodrigues que estou presente, assy reçoibo de vos, o dito cabidoo, o dito casal, et oblijo min et todos meus beens, movilles et rays, para comprir todo esto et pagar os ditos moravedis cada anno segundo dito he. Et demays para o assy conprir et pagar dou-vos por fiadores a dom Pedro Aras, mestrescola de Lugo, et a Iohan Peres, criado de don Pedro Iacome, iuyz, cada hum delles por lo todo. Nos os ditos fiadores que estamos presentes et outorgantes nos por fiadores commo dito he. Et que esto seia certo et non venna en dulta nos las ditas partes rogamos a Fernan García, notario publico de Lugo, que fezesse desto duas cartas en hun tenor.

Que foron feitas en Lugo quatro dias de outono, era de mill et trezentos et oyteenta annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Aras Pelaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuyz; don Afonso Eanes, thesoreyro de Lugo; Andres Peres, Vaasco Dias, et Vaasco Rodrigues, Fernando Affonso, Iohan Diaz, coengos de Lugo; Iohan Fernandes, raçoeyro de Lugo; Lopo Domingues, Affonso Eanes, Iohan Fernandes et Ruy Gomes, clerigos do coro.

Eu Fernan García, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse lugar, a esto commo dito he presente fuy et a rogo das ditas partes esta carta scripvi en este livro do cabidoo et puge en ela meu signal en testemoyo de verdade.

## 440

1342, outubro, 17. Lugo

*Gonzalo Pérez véndelle a Afonso Eanes a sexta parte de media casa na rúa Miñá de Lugo por 32 marabedis e medio.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 42v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando García.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu, Gonçalvo Peres, fillo de Pedro Affonso demandador, et de Maria Bertolameu que foy, de bon curaçon et de boa vooatade vendo a vos Afonso Eanes, mercador, morador eno Campo, a sesma parte da meatade de huna cassa que esta ena çibdade de Lugo na rua Minaa, a o canto que esta entre la cassa de Areas Peres da Cruz da huna parte, et da outra parte vay o camino para a rua Travessa et para o muro, da qual cassa a meatade he da iglesia de Lugo, ena qual cassa suya morar a dita minna madre, Maria Bertolameu, et agora mora Fernando Fernades, criado de don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon. A qual sesma da dita meata-

de da dita cassa me a min perteesçe por parte da dita minna nana, Maria Bertolameu, et vos vendo con todas suas dereituras et perteenças et entradas et seydas et con seu seydo et agoas vertes et iures et pertenenças, sub a cappella de San Pedro, et reço de vos en preço por esta vençon, triinta et dous moravedis et medeo de esta moneda del rey don Affonso, a oyto soldos cada moravedi, de que me outorgo por entrego et ben pagado, et obligo todos meus beens, movilles et reys, guanados et por guaanar, para vos faser esta vençon de pas a todo tenpo, des oie may este dia avedea senpre en pas vos et toda vosa vos pus vos todo meu sennorio et poderio onde seia sacado et removido de min et posto en vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo XVII<sup>e</sup> dias de [outubre], era de mill et CCC LXXX<sup>ta</sup> annos.

Testemoyas que foron presentes: Miguel Peres, mercador; Afonso Aras et Rodrigo Aras, correeyros, moradores na rua da Coytelaria [...] Lopo Peres [...] ts.

Et eu Fernando Garçia, notario publico de Lugo dado por autoridade do bispo dese lugar, a esta vençon presente foy et esta carta scripvi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

Este he o traslado da dita carta feyta por Fernando Garçia, notario sobre-dito, a qual trasladey de vervo a vervo en este livro do cabidoo a pedimento [...] en este traslado meu signal en testemoyo de verdade.

#### 441

1342, outubro, 27. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Fernando Eanes, a Pedro Rodríguez e ás súas esposas e a dúas voces un pallar próximo á igrexa lucense de San Pedro, por renda anual de 20 soldos e a obriga de construír unha casa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 41r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo eno thessouro desa iglesia segundo que avemos de husso et de custume, con outorgamento de Vasco Dias, coengo de Lugo, teente o prestamo de San Pedro que he çerca da villa de Lugo cabo a Porta de San Pedro, avervamos et afforamos a vos, Ferna Eanes dito [Domenico] ferreiro, et a vossa muller Maria Peres, et a vos Pedro Rodrigues, lavrador, et a vosa muller Tareyia Peres, por en todos vossos dias et de duas pessoas semellaveles de vos, huna qual nomear o pus-trimeyro de vos Fernan Eanes et vosa muller Maria Peres, et outra qual nomear o pus-trimeyro de vos los ditos, Pedro Rodrigues et vossa muller Tareyia Peres, en vida ou a tenpo de voso finamento, o pallar que esta a par da dita iglesia de San Pedro, commo



sen começa a o canto desa iglesia des contra a Madanella et ven ferir enna bobeda dessa iglesia que esta contra a porta, et ven ferir enna eyra de fillos et netos de Pedro Martines, lavrador que foy, et de seus hirmaos; en esta maneira, conven a saber que vos façades no dito lugar huna cassa de pedra cuberta de loussa, et dedes cada anno por foro et renda della, a o prestameyro de San Pedro, en pas et en salvo ena villa de Lugo viinte soldos, a quatro dineiros novees por cada tres soldos, desta moneda del rey don Affonso, et pagardes cada anno a meatade por dia de San Iohan Bautista, et a outra meatade por dia de Natal, segundo he husso et custume de se pagaren as rendas et alugueiros das outras cassas da villa de Lugo. Et a finamento de vos los sobreditos et d'aquellas duas pessoas que enno dito vervo foren nomeadas, commo dito he, a dita cassa deve ficar livre et quita a o prestameyro que tener o dito prestamo de San Pedro, et a iglesia de Lugo, con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et nos, los sobreditos Fernan Eanes et Pedro Rodrigues, que estamos presentes por nos et por las ditas nossas mulleres et por las pessoas que enno dito vervo foren nomeadas, assy recebemos de vos lo dito cabidoo con outorgamento do dito Vasco Dias, o dito vervo et foro do dito pallar et terreo del, et obligamos todos nossos beens, por nos et por ellas, para faser a dita casa enno dito lugar et pagar cada anno os dito viinte soldos segundo dito he. Et que esto seia çerto et non venna en dulta nos as ditas partes rogamos a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que fezesse ende esta carta.

Que foy feita viinte et sete dias do mes d'outubro, era de mill et CCC LXXX<sup>ta</sup> annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, arçidiano de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuys de Lugo; don Afonso Eanes, thesoreyro; Andres Peres, Fernando Affoso, Vasco Rodrigues et Iohan Dias et Iohan Gomes, coengos de Lugo; Ruy Peres, porteyro do cabidoo.

Et eu Fernan Garçia, notario publico de Lugo sobredito dado por auctoridade do bispo dese lugar, a esto presente foy et a rogo das ditas partes esta carta en minna presenza fiz scripvir en este livro do cabidoo et puge en ela meu sinal en testemoyo de verdade.

## 442

1342, outubro, 27. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Xoán Fernández e á súa muller e a unha voz un terreo en Lugo próximo á igrexa de San Pedro por catro soldos anuais de renda.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 41v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo eno thesouro da dita iglesia, segundo que o avemos de husso et de custume, con outorgamento de Vasco Dias, coengo de Lugo, teen-te o prestamo de San Pedro, que he çerca a villa de Lugo a Porta de San Pedro, avervamos et afforamos a vos Iohan Fernandes, ferreiro da Porta de San Pedro, et a vossa muller, Orraca Peres, por en todos vossos dias d'anbos et de huna pessoa semellavele de vos qual o pustrimeyro de vos nomear en vida ou a tempo de vosso finamento, hun terreo que esta a par da dita iglesia de San Pedro, que se começa eno çeleyro que vos Iohan Fernandes y fezeistes que [teedes] avervado de nos commo se vay per çima per sobre-la porta et vay ferir enno outro çeleyro que y teen Fernan do Couto et Pedro [Fernandes] en quanto esta a bobeda; et avedes-lo a çercar de parede da huna parte, et da outra cabo a porta dessa iglesia et sobre-la porta faserdes sobrado en guissa que a entrada da porta dessa iglesia fique livre. Et avedes a dar cada anno de renda, a aqueles que teveren o dito prestamo de San Pedro et levaren a renda dessa iglesia, quatro soldos, a quatro dineiros novees por cada tres soldos, desta moneda del rey don Affonso, et avedes-los a pagar cada anno por dia de San Iohan Babtistia, en paz et en salvo enna villa de Lugo. Et a finamento de vos anbos et d'aquela pessoa que for nomeada eno dito vervo o dito terreo con o sobrado et lavor que vos y feserdes deve ficar a o prestameyro de San Pedro et a iglesia de Lugo, livre et quito con todo-los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, Iohan Fernandes sobredito, que estou presente por min et por la dita mina muller et po-la pessoa sobredita assy reço de vos o dito cabidoo con outorgamento do dito Vasco Dias o dito vervo, et oblijo todos meus beens para vos pagar cada anno a o dito praço os ditos quatro soldos eu et a dita minna muller et pessoa sobredita. Et que esto seia çerto nos as partes sobreditas rogamos a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que fesese ende esta carta.

Que foy feita en Lugo viinte et sete dias d'outubro, era de mill et CCC LXXX<sup>ta</sup> annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuys; don Affonso Eanes, thesoreyro; Andres Peres, Fernando Affonso, Vasco Rodrigues et Iohan Dias et Iohan Gomes, coengos de Lugo; Ruy Peres, porteyro do dito cabidoo.

Et eu Fernan Garçia, notario sobredito dado por autoridade do bispo de Lugo, a esto commo dito he presente fuy et a rogo das ditas partes esta carta en minna presença fis scripvir en este livro do cabidoo et puge y meu sinal en teste-moyo de verdade. Et nos lo dito cabidoo por mayor firmidue mandamos seelar esta carta con noso sello pendiente.

*O deán e o Cabido de Lugo concédenlle o oficio da despensa a Lope Domínguez, clérigo do coro, e sinalan as súas funcións.*

MADRID, *AHN*, Cód. 416 B, fol. 55v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando García: 1347-XII-10.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, con consello et outorgamento do moyto onrrado padre et sennor don Iohan por la gracia de Deus et da santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, seendo aiuntados por canpaa taniuda enno lugar du se acostuma de faser o cabidoo, entendendo que he proveyto et serviço da nossa iglesia et que as nosas raçoes seian mellor paradas et destribuidas entre nos enna maneyra que comprir, et veendo que Lopo Domingues, clerigo do coro dessa iglesia, he hombre liberal et industrioso para partir et destribuir as ditas raçoes, et convenavel para este offiço, et por lle faser gracia et ben por tal que seia mays solliçito para esto, damos-lle ho offiço da despensaria, segundo commo o tevo lacome Eanes d'ante, o qual perdeu por sua culpa e negligencia. Coven a saber que aia et leve mea raçon de pan et de vinno et de dineiros de cada dia do [condoiyo] et das terças quando con ellas veer, et das outras cousas que acaesçeren desse partir entre los coengos et raçoeyros do noso cabidoo, asy commo leva et ha destas cousas sobreditas hun raçoeyro da nossa iglesia residente. Et esto que o aia et leve ben et compridamente en seus dias. Et prometemos a a voa fe que a primeyra mea raçon que se vagar da dita iglesia, por qualquer maneyra que vague, que entendemos de iuntar et aneyxar a este offiço da despensaria, et que seia senpre aneyxada et aiuntada a o dito offiço. Et o dito Lopo Domingues ha de servir ben et verdadeiramente en este offiço et de contar et scripvir os residentes et absentes, tan ben estudantes commo outros quaesquer, quando se d'aqui partisen, et dar a conta terçeyro dia depus de cada hunas kalendas, et reçoer a paga dos dineyros dos terços et da sobreposta d'aquelles quantos han a dar; et pagar enno termino que he posto eno statuto, et os que o non pagaren enno dito termino que os de en scripto a o cabidoo por que elles et seus fiadores seian descontados segundo que se mays compridamente contenenno statutos que son feitos sobr'esta rason.

Et eu, o sobredito Lopo Domingues, assy reçoer esta gracia et iuro a os santos avangeos et prometo a a boa fe de gardar et comprir todas estas condiçoens et cada hunas delas que se en esta carta conteen ven et fielmente o mellor que eu poder. Et que esto seia çerto et non possa viir en dulta nos, os sobreditos dayam et cabidoo, damos ende a o dito Lopo Domingues esta nosa carta seellada do nosso seello et por mayor firmidume rogamos a don Pedro lacome, iuys et notario publico de Lugo, que posese en ella seu signal.

Feyto fuy esto en Lugo no thesouro da dita iglesia des et oyto dias do mes de novenbre, era de mill et treçentos et oyteenta annos.

Seendo presntes: don Diego Ferrnandes, dayam de Lugo; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Arias Pellaes, arçidia-go de Deçon; Andres Peres, Vaasco Diaz, Vaasco Rodrigues, Fernando Affonso, Iohan Diaz, Vaasco Peres, coengos; Iohan Ferrnandes, Iohan Gutierrez, Affonso Suares, Rodrigo Affonso, raçoeyros et outros.

Et eu Pero Iacome, sobredito iuyz publico notario de Lugo, presente fuy et de commo por ante min passou a rogo destes dayam et cabidoo et Lopo Domingues sobreditos fige scripvir esta carta en minna presença et puge en ella meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

Eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, vi huna carta do dito cabidoo scripta en pulgameo et seellada con seu seello pendiente, et signada con signal do iuyz et notario sobredito, et a rogo do dito cabidoo et con autorida-de de don Martin Peres, juyz de Lugo, figea trasladar en mina presença vervo por vervo et en este traslado puge meu sinal. A qual carta era feita no tenor sobredito.

Feyto este traslado dela X dias de desembre, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et çinquo annos.

Et foron presentes: don Diego Ferrnandes, dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Peres, arçidiago de Deçon; don Vaasco Dias, thesoreyro de Lugo et outros.

## 444

1343, xaneiro, 23. Lugo

*Acta notarial relativa á toma de posesión, por parte do racioneiro Xoán Fernández, representando o Cabido, de varias casas na cidade de Lugo doadas por Afonso Eanes e Afonso Fernández.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 42r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento dos coengos de aniverssario da dita iglesia, façemos escamboe valedeyro para senpre convosco Affonso Eanes de Negral, mercador, morador enno Campo de Lugo. Coven a saber: damos por iur de herdade para senpre iamays a vos, o dito Affonso Eanes et a toda vossa vos, huna cassa travessa que he dos aniverssarios da dita iglesia que esta tras a nossa cassa do campo, que de nos ten afforada Françisco Martines, et do outro cabo esta a vinna et o oliveyro de Nuno Pellaes. A qual casa vos damos con seus iures et con suas pertenenças segundo a nos avemos et pessuymos, et metemos-vos logo por esta carta enno iur et enna propiadade della para vos et para toda vossa voz, et obli-

gamos todos nossos bees para vos-la fazer de paz. Et se quiserdes deste lugar tirar as agoas vertes que as tiredes por vossa custa.

Et eu, o dito Affonso Eanes, por este escambeo que me vos, os sobreditos dayam et cabiidoo, façedes por vos et por toda vossa voz por senpre, dou a vos et a iglesia de Lugo para senpre por iur de herdade, a meatade de huna cassa que eu aio a a Porta Minaa, a qual cassa foy de meu padre et de minna madre, et a outra meatade he de Iacome Eanes da Cruz, sobriño do arçidiago de Deçon, que iaz cabo a meatade d'outra cassa dos ditos aniverssarios, et a outra meatade he de Maria Franca, muller de Affonso Eanes, sobriño do dito arçidiago, et do outro cabo iaz outra cassa de Maria Affonso, muller de Pedro Mouro, escipvam. Item vos dou mays a disima parte de huna casa que esta a o poço da Porta Minaa a o quanto, enna qual cassa ora mora Pedro Viviaes, carniçeyro, et do outro cabo esta a cassa dos aniverssarios en que mora Domingo Catarran, a qual disima parte eu et Aldara Affonso, minna muller que foy, que Deus perdoe, compramos a Maria Fernandes, filla de Fernan Çaçã, et a Affonso Arias, seu marido. Item vos dou mays a sesma da meatade da cassa en que mora Fernando, home do arçidiago de Deçon, ena qual vos avedes a meatade, a qual sesma eu comprey a Gonçalvo Peres, fillo de Pedro Affonso et de Maria Bertolameu. Outrossy vos dous mays a quarta parte de huna cassa que esta enna rua da Correaria, enna qual cassa vos avedes a meatade, en que ora mora Affonso Bochon; et mays vos dou outro quinom que aio enno outro quarto desta cassa que ha Iohan Peres da Boaventura. Et estes quinoes destas cassas vos dou con todas suas entradas et seydas et agoas vertes et con todas suas pertenças et dereyturas quantas en elas ey o dia d'oiẽ, et meto-vos logo por esta carta eno iur et enna propiedade delas para senpre para a iglesia de Lugo. Et obligo min et todos meus bees, moviles et reys, gaanados et por gaanar, de vos faser de pas este escambeo que vos dou, et de comprir o que sobredito he, et de non viir contra ello en nehun tempo por min nen por outren.

Et nos, dayam et cabiidoo sobreditos, assy o outorgamos. Et he posto entre nos as partes que do seydo que esta cabo a dita cassa travessa que nos vos damos que aia-des vos Affonso Eanes des la feestra pequena que esta enna camara da casa, en que mora Arias Affonso, contra a vossa cassa, et que possades y faser parede se quiserdes ficando a dita feestra en salvo et hun palmo segundo foy medida por nos, o cabiidoo, porque leixedes correr et caer as agoas per u acostumaron a correr et caer. Et por que esto seia certo et non venna en dulta nos anbalas partes rogamos a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que fezese ende esta carta en que possese seu nome et seu signal en testemoyo de verdade et que possese outra tal enno livro do cabiidoo, et por mayor firmidue nos lo cabiidoo sobredito mandamos seelar esta carta de noso seello pendiente.

Que foy feyta en Lugo, viinte et tres dias de ianeyro, era de mill et treçen-tos et oyteenta et hun annos.

Testemoyas que foron presentes: don Arias Pellaes, arçidiago de Dezon; don Pedro Iacome, iuys; don Affonso Eanes, thesoreyro; Fernan Affonso, Iohan Diaz, coen-

gos; Iohan Fernandes, raçoeyro de Lugo; Lopo Domingues, Pedro Fernandes, Affonso Ianeyro, Fernan Eanes, Affonso Eanes, Gonçalvo Peres, Iohan Ferrnandes, Gomes Fernandes, Ruy Gonçalves, coengos de aniverssario da dita iglesia; Fernan Peres, notario de Lugo, ts.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a esto commo dito he presente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna pressença fige escripvir en este livro do cabidoo et puge y meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

## 445

1343, xaneiro, 25

*Afonso Fernández confirma o intercambio dunha casa na cidade de Lugo que Afonso Eanes de Negral realizou co Cabido.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 42r.

Era sobredita viinte et çinquo dias do dito mes de ianeyro. En presenza de min Fernan Garçia, notario sobredito, et das testemoyas subscriptas, Affonso Ferrnandes da rua Minaa, exsecutor et herel de Oliva Romina sua muller, outorgou et ouvo por firme para senpre a escanbea que o dito Affonso Eanes de Negral deu a o dito cabidoo et a a iglesia de Lugo da dita quarta parte da cassa sobredita que esta a rua da Correaria, en que mora Affonso Bouchon, a qual quarta parte fora da dita Oliva Romina. Et obrigou todos seus bees con o dito Affonso Eanes, que estava presente, para a faser senpre de paz a a iglesia de Lugo, et disse que se tirava do iur et propiedade della et o poyna no dito cabidoo para senpre.

Testemoyas que foron presentes: Vaasco Rodrigues, coengo; Iohan Ferrnandes, raçoeyro de Lugo; Arias Peres, fillo de Lourenço Peres; Iohan Affonso, fillo d'Affonso Doçe; Fernan Leal.

Eu Fernan Garçia, notario sobredito, a esto fuy presente et scripvi et puge meu signal.

## 446

1343, xaneiro, 26

*Acta notarial relativa á toma de posesión por parte do racioneiro Xoán Fernández, representando o Cabido, de varias casas na cidade de Lugo doadas por Afonso Eanes e Afonso Fernández.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 42v.

Era de mill et treçentos et oyteenta et hun annos, viinte et seys dias de ianey-ro. En pressença de min Fernan Garçia, notario publico de Lugo por autoridade do bispo desse lugar, et das testemoyas subscriptas, estando ena rua da Correaria, Affonso Eanes de Negral, mercador do Campo, et Affonso Ferrnandes da rua Minaa, herel de sua muller Oliva Rominna que fuy, meteron corporalmente a Iohan Ferrnandes, raçoey-ro, procurador do cabidoo de Lugo, en nome do dito cabidoo et da iglesia de Lugo, ena possisson da quarta parte da casa que esta na Correaria, en que mora Affonso Bochon, et eno outro quinion que avian no outro quarto da dita cassa de Iohan Peres da Boaventura. Et outrossy logo esta ora, estando ena rua Minaa, Affonso Eanes sobredito meteu o dito Iohan Ferrnandes, en nome da dita iglesia de Lugo, corporalmente en possisson da meatade de huna cassa en que mora Fernando Domingues, carniçeyro, en que Iacome Eanes da Cruz ha a outra meatade, el et sua muller Costança Moniis, que esta cabo a cassa en que mora Pedro Mouro, scripvan. Estando presente o dito Iacome Eanes et outorgandoo por sy et en nome da dita sua muller, et renunciou que el nen a dita sua muller non podessen demandar nen enbargar a iglesia de Lugo sobre la dita meatade da dita cassa nen parte della mays outorgou que a ouvesen livre et desenbargada para senpre. Et logo o dito Affonso Eanes meteu outrossy a o dito Iohan Ferrnandes, en nome da iglesia de Lugo, en corporal possisson da disima parte de huna cassa que esta na rua Minaa a o canto cabo o poço, en que mora Pedro Viviaes, carniçeyro, et ena meatade de huna sesma da cassa en que suya morar Maria Bertolameu, en que ora mora Fernando, home do arçidiago de Deçon, que esta a o canto sub o dito poço da rua Minaa. Os quaeos das ditas cassas o dito Affonso Eanes deu en escanbea a o cabidoo et a iglesia de Lugo po-la cassa Travessa que esta no Campo tras la cassa que Françisco Martines ten afforada do dito cabidoo. Et tirou o dito Affonso Eanes assi miismo do iur et da propriadade deles et meteu y, commo dito he, o dito Iohan Ferrnandes, en nome da iglesia de Lugo. Et obrigou todos seus bees para los fazer de paz a todo tempo. Et o dito Iohan Ferrnandes assi os reçebeu en nome da dita iglesia et para ella. Et de todo esto o dito Iohan Ferrnandes pidio a min, notario sobredito, hun testemoyo.

Testemoyas que a esto todo foron presentes: Affonso Ferrnandes da rua Minaa et Iacome Eanes da Crus; Affonso Eanes, seu hirmao; Fernan Peres, pilitey-ro da rua Minaa; Lopo Pelaes, alffayate ts.

Et eu Fernan Garçia, notario sobredito, a esto todo commo dito he con as ditas testemoyas et a pidimento do dito Iohan Ferrnandes este testemoyo scripvi en este livro do cabidoo et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

*Aldara Eanes véndelles a Arias Fernández e á súa muller media casa na rúa lucense do Burgo Novo por 200 marabedís.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/16, perg. orix., galego, gótica cursiva, 145x146 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Aldara Eanes, morador en Lugo enna rua da Crus, de bon curaçon et de boa voontade vendo a vos, Areas Ferrnandes de Lugo, et a vossa muller Mayor Affonso, a meatade de huna cassa que ha enna rua de Burgo Novo, sub a cappella de Santiago de Lugo, que esta cabo outra casa de vos Aras Ferrnandes et Mayor Affonso, que vos comprastes de meu fillo, Affonso Migueles, et da outra parte outra cassa de Maria Peres, filla de Nicolao Peres, ferreyro, en que ora mora Maria Grola, et partesse por meo con os aniverssarios. Et esta dita meatade da dita cassa que vos vendo a min perteesçe por compra que fige a mia tia, Aldara Eanes, muller de Migeel Cabrito. Et vendovos-la con suas dereyturas et pertenenças, et reço-bo de vos en preço por esta vençon duçentos moravedis, d'oyto soldos o moravedi, de que me outorgo por entrego et ben pagado. Et os quaes moravedis de vos reço-bi en prata lavrada, que os montou en pressença do notario et das testemoyas subscriptas. Et obli-go min et todos meus bees para vos faser senpre esta vençon de pas. Et logo por esta carta en pressença do dito notario et testemoyas vos meto enno iur et possisson et propiedade da dita meatade da dita cassa et tiro ende a min, et des oie mays este dia avedea senpre en pas vos et vossa vos pus vos.

Feyta a carta da vençon en Lugo XXVI dias de março, era de mill et CCC<sup>os</sup> LXXX<sup>ta</sup> et hun anos.

Testemoyas que pressentes a esto foron: Affonso Peres de moesteyro d'Aguiar, freyre; Iohan Sancloyo, piliteyro; Affonso Rodrigues et Iohan Eanes, omes d'Aras Ferrnandes; Fernando Çego d'Outeyro; Iohan Martines, açemereyro.

Et eu Affonso Ferrnandes, notario publico de Lugo dado por la ouctorida-de do bispo desse lugar, a esta vençon et a todo esto commo dito he con as ditas testemoyas presente foy et esta carta escrivi et puge en ella meu signal. (+).

## 448

1343, marzo, 27

*O bispo e o Cabido de Lugo intercambian con Arias Fernández e Maior Afonso unhas casas na rúa do Burgo Novo.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/17, perg. orix., galego, gótica cursiva, 290x144 mm.

Enno nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta virem commo nos don Iohan por la gracia de Deus et da santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, con



outorgamento do dayan et cabiido da nossa iglesia de Lugo, da huna parte, et eu Areas Fernandes de Lugo et mina muller Moor Affonso, da outra, façemos entre nos tal escanbea valledeyra para senpre, conven a saber que nos, o dito senhor obispo, damos en escanbea a vos, o dito Aras Fernandes et Moor Affonso, para vos et para vossa vos para sepre iamays, huna cassa que he enna dita çidade de Lugo enna rua de Burgo Novo, sub signo da cappella de Santiago de Lugo, que esta cabo a casa de vos Areas Fernandes et Moor Affonso, et vay topar de testa ennas cassas travessas de vos Aras Fernandes et Moor Affonso que estan contra o vosso vergeu da huna parte, et da outra parte esta cabo a casa dos aniverssarios en que an quinon os mallates, enna qual casa ora mora Iohan d'Aldvar, allfayate. A qual casa vos damos con todas suas dereyturas et pertenenças. Et nos Aras Fernandes et Moor Affonso damos et outorgamos en escanbeo a vos, o dito sennor obispo, por la dita casa outra casa que esta enna dita rua de Burgo Novo, a qual conpramos d'Affonso Migueles da Crus, que esta da huna parte cabo outra casa de vos, o dito sennor obispo, et da outra parte outra cassa en que ora mora Marina Grola, que he de Maria Peres, filla de Nicolao Peres, ferreyro; as quaes cassas son sub o dito signo da cappella de Santiago, et van ferir ennas ditas nossas cassas travessas; et vos damos con todas suas dereyturas et pertenenças.

Et nos as ditas partes outorgamos-nos estes escambeos que nos damos huuns a outros, et obligamos nossos bees para nos lo faser senpre de pas por nos et por nossos suçcessores et prometemos de non viir contra esto huuns contra outros por ninguna maneira por nos nen por outren. Et logo por esta carta nos metemos huuns a outros enno iur et enna possisson et propriadade dos ditos escambeos, et mandamos et outorgamos que d'aqui adeante faça cada huun de nos dos ditos escambeos toda sua voontade para senpre. Et por que esto seia çerto nos as ditas partes mandamos et rogamos a Iohan Sanches, notario publico de Lugo, que feçesse desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra. Et por mayor firmidome nos, o dito sennor obispo, et cabidoo mandamos-las seellar de nossos seellos pendentos.

Que foy feyta XXVII<sup>e</sup> dias de março, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et hun annos.

Testemoyas que a esto foron pressentes: Ruy Martines de Cortinas; Martin Peres, clerigo do dito sennor obispo; Pedro Dias de Boveda; Affonso Fernandes Coquin; Gomes Peres de Boveda; Migeel Sanches, ts..

Et demays nos, o dito sennor obispo, firmamos-la de nuestra mano. Frey Iohannes episcopus.

Et eu Iohan Sanches, notario publico da çidat et del obispado de Lugo dado por auctoritat del obispo desse lugar, a todo lo sobredito et con as ditas testemoyas presente fuy et por mandado del dito senhor obispo esta carta en mi presencia fis escribir et pus y mi signo en testemoyo de verdat. (+).

## 449

1343, maio, 26. Lugo

*O Cabido de Lugo dóalles a Arias Fernández e a Maior Afonso unha casa na rúa do Burgo Novo coa súa carga anual e reciben a cambio outras casas situadas na rúa Nova, baixo certas condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 41v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Fernandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento dos coengos d'aniverssario da dita iglesia, fasmus escambeo valedeyro para senpre con vosco Aras Fernandes de Burgo Novo et con vossa muller Moor Affonso. Conven a saber damos et outorgamos para senpre iamays por iur de herdade a vos, los ditos Aras Fernandes et Moor Affonso et a toda vossa voz, huna cassa que he dos aniverssarios da dita iglesia que esta enna rua de Burgo Novo, sub a cappela de Santiago, entre la vossa cassa que foy do bispo da huna parte, et outra cassa que he de Maria Perez, filla de Nicolao Perez, ferreiro, que foy da Porta de San Pedro, da outra. A qual cassa vos damos con suas entradas et seydas et iures et con todas suas pertenenças et dereyturas, et metemos-vos logo por esta carta no iur et enna propiedade della. Et a qual cassa vos damos con sua carrega que ela ha de pagar de cada ano. Et obligamos todos nossos beens para vos-la faser de paz salvo da carrega que ella ha de pagar.

Et nos, os ditos Aras Fernandes et Moor Affonso, por esta escanbea que nos vos, os ditos dayam et cabidoo, fasedes por vos et po-la iglesia de Lugo, damos a vos et a dita iglesia de Lugo para senpre por iur de herdade a meatade de hunas cassas que estan enna çibdade de Lugo enna rua Nova, sub a cappela de Santiago, en que mora Affonso Pelaes, carpenteyro, que esta entre la cassa que foy de Ruy Fernandes, notario da huna parte, et outra cassa de Fernan Affonso, demandador da outra; das quaes a outra meatade he vossa. A qual meatade das ditas casas nos compramos do dito Affonso Pelaes, et vos damos con sua cortina et con suas entradas et seydas et agoas vertes et iures, et con todas suas pertenenças et dereyturas, livres et quitas de toda carrega, salvo de soldariça se y ha ouveren a pagar. Et metemos-vos logo por esta carta no iur et na possisson et na propiedade dellas para vos et para a iglesia de Lugo para sempre, et obligamos todos nossos beens para vos fasmus esta escanbea sobredita de paz. Et que esto seia çerto nos las partes sobreditas rogamos a Fernan García, notario publico de Lugo, que feçesse desto duas cartas en hun tenor et escrivisse huna delas enno livro do cabidoo et desse esta carta a os ditos Aras Fernandes et Moor Affonso.

Que foron feytas en Lugo viinte et seys dias de mayo, era de mill et trecentos et oyteenta et hun annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego Fernandes, dayam sobredito; don Fernan de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuys; don Affonso Eanes, thesoreyro; don Andres Peres, chantres d'Armenta; Vasco Dias, Affonso Gomes et Fernan Affonso, coengos; Iohan Fernandes et Iohan [Gutierrez], raçoeyros; Pedro Fernandes, Lopo Domingues, Fernando Eanes, Afonso Eanes, Iacome Eanes, Iohan Afonso, Gonçalvo Eanes, coengos d'aniversario; Affonso Ramallo, ts.

Eu Fernan Garçia, notario publico de Lugo sobredito dado por autoridade do bispo dese lugar, a esto commo dito he fuy presente et esta carta fis escriptur en ete libro do cabidoo et puge y meu signal.

## 450

1343, maio, 28

*Acta notarial relativa á toma de posesión dunha casa na rúa Nova polo racioneiro Xoán Fernández en representación do Cabido.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 42r.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et hun annos, viinte et oyto dias de mayo. En presenza de min Fernando Garcia, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas, Arias Ferrnandes de Burgo Novo, en seu nome et de sua muller, Mayor Afonso, meteu corporalmente a Iohan Ferrnandes, raçoeyro, procurador do cabidoo de Lugo, en seu nome et da iglesia de Lugo, ena meatade da cassa que esta en rua Nova en que mora Affonso Pellaes, carpenteyro, con sua cortinna et con todas suas pertenenças et dereyturas. A qual meatade o dito Aras Ferrnandes comprara do dito Affonso Pellaes, estando presentes este Affonso Pellaes et [...] tirousse do iur et posison dela. Et o dito Iohan Ferrnandes asi a reçebeu en seu nome et do dito cabidoo et da iglesia de Lugo.

Testemoyas: [Fernando Peres], clerigo do coro de Lugo; Fernando Afonso, demandador; Domingo Ferrnandes, freeyro; Vaasco [...]; Iohan [...].

Eu Fernan Garçia, notario sobredito, a escriptvi et fuy presente et puge y meu signal.

## 451

1343, xuño, 24. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle ao deán don Diego Fernández a administración de setembro por 1200 maravedís anuais, 120 maravedís de sobreposta e as obrigas establecidas no Estatuto Novo.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 43r.

In Dei nomine amen. Era de mill et tresentos et oyteenta et hun annos, viinte et quatro dias de iunyo.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo seendo iuntados en cabidoo per canpaa taniuda segundo que o avemos de husso et de custume, arrendamos a nossa amiistraçon do mes de setembro, que he no couto de Lugo, a dom Diego Ferrnandes, dayam da dita iglesia de Lugo, con todas suas dereyturas et pertenenças quantas a nos perteesçen et perteesçer deven de dereyto en qualquer maneyra por en todos vosos dias. Et avedes-nos a dar cada anno mill et duzentos moravedis desta moneda del rey don Affonso, a oyto soldos o moravedi, ennos terços de cada kalendas, segundo que pagaren os outros amiistradores os seus terços; et demays nos avedes a proveer o dito mes de pan et do vinno, conven a saber: quatro panes et hun quartillon de vinno a o coengo, et dous panes et meo quartillon de vinno a o raçoeyro, segundo he ordinado enno estatuto novo; et çento et viinte moravedis da sobreposta, et o vinno de San Martino. Et non nos avedes a dar desconto se non for toma de rey, ou de inffante, ou de rícome que tenna o condado, ou de merino mayor del rey.

Et eu o dito assy reçoeba a dita renda de vos o cabidoo sobredito, et oblijo min et todos meus beens para comprir esto que dito he, et para o assy comprir enna maneyra que sobredita he, dou-vos connmigo por fiadores Affonso Gomes, coengo de Lugo et Iohan Guterres, raçoeyro dese lugar, elles presentes et outorgantes-se a a dita fiadoria. Et por que esto seia çerto et non posa viir en dulta nos, o cabidoo et dayan sobreditos, rogamos et mandamos a vos Fernan Peres, notario publico de Lugo, que fezesse ende scripvir esta carta et possese en ela seu nome et seu signal en testemoyo de verdade.

Testemoyas que a esto pressentes foron: don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Arias Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuys; don Affonso Eanes, thesoreyro; don Andres Peres, chantres d'Armentia, Vaasco Dias, Fernan Affonso, coengos de Lugo, Iohan Ferrnandes, raçoeyro ts., et outros moytos.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico de Lugo dado pello dese lugar (sic), a esto presente foy et por rogo das partes sobreditas fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

*Cláusula do testamento de don Fernando Pérez, bispo de Lugo.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 43r, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando García: 1343-VII-10; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 43.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Fernando Garçia, notario publico de Lugo, vi hun testamento do bispo, don Fernando Peres, que fuy, signado con signal de Fernando Rodrigues, notario que fuy de Lugo, segundo por el pareçia, enno qual testamento entre las outras coussas se continna huna clausula que diçia assy: «Item mandamos quanto herdamento iglesiario et leygario avemos ena fiigligia de Santa Coonba et en essa iglesia de Santa Coonba de nosso patrimonio, et quanto herdade iglesiaria et leygaria conpramos en Outeyro, sub signo de Santiago de Ferroe, a Fernan Aras, coengo, fillo de Aras Peres de Paramo, en esta guissa que o tena en sua vida et que de cada anno duçentos soldos a os coengos de Lugo para faser a festa et a proçisson dos X mill marteres, et outros duçentos soldos cada anno en dia de Santiago. Outrossi que façan a festa et a proçisson na iglesia esse dia de Santiago, segundo commo he acostumbrado desse faser. Et a sua morte estes herdamentos sobreditos fiquen livres et quitos a a iglesia de Lugo, et façan cada anno por elles estas duas festas dos X mill marteres et de Santiago». Da qual clausula Johan Fernandes, raçoeyro, procurador do cabidoo de Lugo, pidio a min, notario sobredito, que possesse o traslado en este livro do cabidoo por mandado et autoridade de don Pedro Iacome, juys de Lugo, et o dito iuys deu autoridade a min, notario sobredito, que a trasladasse sub meu signal en este livro.

Que fuy tirada do dito testamento X dias de julio, era de mill et treçentos et oyteenta et hun annos.

Testemoyas que viron o dito testamento et foron presentes quando o iuys deu esta autoriadade: don Affonso Eanes, thesoreyro; Lopo Domingues, clerigo do coro de Lugo; Pedro Domingues, scripvan do iuys; Fernando Eanes, correeyro; Pedro Domingues, sobrinno do thesoreyro.

Eu Fernando Garçia, notario sobredito, trasladey aqui a dita clausula do dito testamento, et por mandado et autoridade do dito iuыз, et puge en ela meu signal.

453

1343, setembro, 15. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Xoán Afonso e á súa muller e a unha voz propiedades en Saa, freguesía de San Xoán de Pena, que pertenceran ao deán don Fernando Arias. Deberán pagar 100 soldos anuais como renda.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 43v.

Sabeam quantos esta carta virem, commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo avervamos a vos, Iohan Affonso de Burgo Novo et a vossa muller, Maria Peres, por en todos vossos dias et a huna pessoa a pus vossa morte, qual nomear o pustrimeiro de vos en sua vida ou a tempo do seu finamento, todo o herdamento et voz que o dayam, don Fernando Aras, que fuy, avia en Saa, sub signo de Sayoane de Penna, con todas suas pertenenças et dereyturas, cassas, arvores et formaes, a monte et a fonte, peru quer que vaam; o qual herdamento el comprou a Aras Peres, seu padre, et o qual se parte con outra herdade que fuy de Orraca Sanches, a qual o dito dayam mandou a a iglesia de Lugo. Et vos et aquella pessoa que y for nomeada avedes a lavrar, por vos ou por outren, o dito herdamento et manteer las casas del, se y estam ou as y feserdes, en boo estado. Et avedes a dar de renda a o dito cabidoo en salvo en Lugo, por vespera de Santa Oufemea, çent soldos desta moneda del rey don Affonso, a quatro dineyros novees por cada tres soldos. Et a finamento da pustrimeyra pessoa que enno dito vervo for nomeada, commo dito he, o dito herdamento deve ficar livre et quitto a a iglesia de Lugo con todo los boos paramentos que y foren feitos.

Et nos, los ditos Johan Affonso et Maria Peres, assy reçebemos o dito herdamento de vos, lo dito cabidoo, et obligamos todos nosos beens, por nos et por la pessoa sobredita, de conprir todo esto que dito he. Et nos, lo dito cabidoo, obligamos nosos beens para vos faser o dito herdamento de pas a dereyto. Et que esto seia çerto nos las partes sobreditas rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fesese desto duas cartas tal huna commo outra.

Que foron feitas en Lugo quinse dias de setenbro, era de mill et treçentos et oyteenta et hun annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarria; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuys; don Affonso Eanes, thesoreyro de Lugo; Vasco Dias, Fernando Affonso, Vasco Rodrigues et Johan Gomes, coengos; Johan Fernandes et Johan Gutierres, raçoeyros de Lugo; Johan Amigo et Fernando Affonso, clerigos do coro; Romeu Fernandes, home do arçidiago de Neyra, et outros testemoyas.

Eu Fernando Garçia, notario publico de Lugo dado por autoridade do bispo desse lugar, a esto pressente foy et esta carta fige scripvir en este livro do cabidoo et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

*Fundación de aniversario, realizada por Pedro Lourenzo, sobre as herdades de San Salvador de Calde.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 43v; Libros, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 43.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et dous annos, XI dias de ianeyro. Pero Lourenço, çidádano de Lugo, exsecutor et herel de Johan Fernandes, que fuy de Papoe, deu a os aniversarios da iglesia de Lugo toda quanta herdade o dito Johan Fernades avia con suas cassas et formaes, arvores, a monte et a fonte, peru quer que vaam sub signo de San Salvador de Calde, en Papoe et en toda essa fiigregia, a qual herdade da a os ditos aniversarios po-la alma do dito Johan Fernandes, et que lle façan aniversario cada anno en outro dia de Santa Maria de febreyro.

Testemoyas: don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Fernando de Deus, chantres; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Aras Pelaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuys: don Affonso Eanes, thesoreyro; Fernando Affonso, coengo, et outros.

Eu Fernando Garçia, notario publico de Lugo, a esto pressente fuy et a rogo do dito Pedro Lourenço esta carta scripvi en este livro do cabidoo et puge y meu sinal.

455

1344, setembro, 14. Lugo

*Tareixa González dóalle á súa filla Leonor unha porción do couto de Vilariño mais todo o que posúe en Santalla de Bóveda, couto de San Pedro de Narla e As Camoiras, freguesias de San Salvador, San Pedro e Santo Estevo de Vilalvite.*

MADRID, AHN, Cód. 417 B, fol. 50v, traslado polo notario Afonso Fernández: 1347-VIII-8, traslado polo notario Arias Pérez: 1360-I-30.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Tareyia Gonçalves, muller que fuy de Ruy Vaasques de Baamonde, de minna propia voontade dou et outorgo para senpre por iur de herdade a vos minna filla, Lionor Rodrigues, en casamento con Ruy Lopes d'Aguiar, cavalleyro, en aquela maneyra que mellor pode et deve valer de dereyto, a quarta parte do couto de Villarinno et a disima d'outra quarta con todos los herdamentos outros que eu y aio et me perteesçen et perteesçer deven por parte de minna avoa, dona Tereyia Rodrigues de Paradela, et que eu y comprey et gaaney con o dito meu marido, Ruy Vaasques, que son sub signo de Santa Alla de Bobeda de Goyos. Outrossy vos dou mays, en casamento con o dito Ruy Lopes, todo o quinon que eu aio et me a min perteesçe por parte da dita minna avoa, dona

Tareyia Rodrigues, enno couto de Sant Pedro de Narla, et ennas Camoyras, sub signos de Sant Salvador et de Sant Estevo et de Sant Pedro de Villalvite; os quaes herdamentos sobreditos vos dou, commo dito he, con seus iglesiarios et sennorio et con suas casas et arvores et con todas suas dereyturas et pertenenças, a montes et a fontes, per ut quer que vaan, segundo que as eu aio et me mellor et mays compridamente perteescen, et renunço et prometo a a boa fe et faço juramento a os santos avangeos, que tango corporalmente con minnas maos, que nunca esto revoque nen venna contra ello por min nen por outren en juysio fora del, et se o faser ou tentar de o faser outorgo et mando que me non valla nen seia oydo sobrelo en ninhuna maneyra, et demays que vos peyte por nome de pena mill moravedis desta moneda del rey don Afonso, et esta carta fique valiosa; et por pagar a dita penna se a perder vos obligo todos meus bees. Et que esto seia certo roguey a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que fesese ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo quatorse dias de setembre, era de mill et tresentos et oyteenta et dous annos.

Testemoyas que foron presentes: Aras Peres de Santa Martha; Affonso Domingues da Crus, visinno de Lugo; Johan Vermues, clerigo de Carral; Pedro Gomes de Carral, freyre da orden de Santiago; Estevo Rodrigues et Andres Aras, piliteryos, visinnos de Lugo.

Et eu Fernan Garçia, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo dese lugar, a esto presente fuy et vi a dita Tareyia Gonçalves faser o dito juramento sobre santos avangeos, commo dito he, et a seu rogo esta carta scrivi et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

Et eu Afonso Fernandes, notario publico del rey enna çibdade de Lugo, vy et lii a dita carta escrita en pulgameo enno tenor sobredito et signada con signal de Fernan Garçia, notario de Lugo sobredito, et a rogo de Ruy Lopes sobredito et con auctoridade de Domingo Martines, alcalle de Lugo, que vvy a dita carta et me deu auctoridade que a trasladasse et que este traslado valuesse et fesesse fe du parescesse asy commo o original dela, a dita carta en minna presenza fis trasladar et en este traslado puge meu signal.

Feyto o dito traslado oyto dias de agosto, era de mill et CCC LXXXV annos.

Testemoyas: Johan Domingues et Françisco Fernandes, escrivaes, et Pedro Mourin, alfayate.

Et eu Aras Peres, notario publico enna audiencia do onrrado padre et senor dom frey Pedro Lopes da orden dos preegadores por la gracia de Deus et da santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, dado por auctoridade do dito senor obispo, vy et lii o dito traslado da dita carta scrivo en pulgameo et signado con signal de Afonso Fernandes, notario de Lugo, et a rogo do dito senor obispo et con auctoridade de dom Lopo Domingues, juys, que vvy o dito traslado et o examinou diligemente, o dito traslado vervo por vervo aqui trasladey, a o qual traslado



o dito juys deu auctoridade que valuesse et feçesse fe ut quer que paresçesse assy commo o original del.

Que fuy feyto en Lugo triinta dias de janeyro, era de mill et treçentos et noventa et oyto annos.

Testemoyas: dom Alvar Rodrigues, thesoreyro; Johan Dias; Thomas Gonçalves; Diego Martines; Ruy Gonçalves, coengos de Lugo.

## 456

1344, decembro, 20. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Pedro Afonso e a unha voz o casal de Trigaes, en San Vicente de Deade, e unha viña no lugar de Casa Nova, por renda anual da metade do viño, a terça do pan e 24 soldos o día de San Martiño.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 44r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo, avervamos et afforamos a vos, Pedro Affonso de Deade, et a huna pessoa qual vos nomeardes en vida ou a tempo de vossa morte, o nosso cassal chamado de Trigaes, que he sub signo de San Viçenço de Deade, con suas herdades, vinas, cassas, et con suas pertenenças et dereyturas, et con a vinna que iaz enno lugar chamado Casa Nova, que fere na seara do bispo, et ias cabo outra de Domingo Ferreyro se esta vinna non esta avervada por carta; a tal pleito et vervo que a lavredes et paredes ben as herdades et vinnas do dito casal, et esta outra vinna sobredita, et mantenades as cassas del en boo estado, et nos dedes cada anno en salvo a meatade do vinno et a terça do pan que Deus y der, o pan enna eyra et o vinno a a bica do lagar por ollo do home que o por nos ouver a recadar, et viinte et quatro soldos cada anno desta moneda del rey dom Affonso, por dia de San Martino. Et vos et a dita pessoa seerdes vassalos serventes et obedientes a a iglesia de Lugo. Et a a morte da pessoa que por vos for nomeada, commo dito he, o dito casal et vinna fiquen livres et quitos a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Pedro Affonso, por min et por la pessoa que no dito vervo for nomeada, assy reço de vos, o dayam et cabidoo sobredito, o dito cassal et vinna, et oblige meus beens et seus para conprir esto que dito he. Et por que esto seia certo nos, dayan et cabidoo et Pero Affonso partes sobreditas, rogamos et mandamos a Fernando Peres, notario publico de Lugo, que fesesse ende duas cartas en hun tenor, et possese en [cada] huna delas seu nome et seu signal en testemoyo de verdade.

Feyto foy esto en Lugo XX dias de desenbre, era de mill et tresentos et oyteenta et dous annos.

Testemoyas que foron pressentes: dom Diego Fernandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; Garcia Dias, arçidiago de Sarrea; Arias Pellaes, arçidiago de Deçon; Pero Iacome, iuys; Vasco Dias, Vasco Rodrigues, Iohan [Gomes], coengos de Lugo ts.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico de Lugo dado pella autoridade do bispo dese lugar, que a esto que sobredito he chamado et rogado presente foy et a rogo das partes sobreditas fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

### 457

1344, decembro, 31. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle ao cóengo Xoán Gómez e a unha voz o casal de Garabolos, na freguesía de San Lourenzo de Albeiros, por 30 maravedís anuais o día de San Martiño.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 44v. Libros, lib. 6289.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Fernandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados enno thessouro da dita iglesia hu acustumamos faser cabidoo afforamos a vos Johan Gomes, coengo da dita iglesia, para en vosos dias et de huna pessoa qual vos nomeardes en vida ou enno tempo de vosso passamento, o nosso cassal de Garavolos, que he enna fiigrigia de Sant Lourenço de Alveyros, con todas suas pertenenças et dereyturas, a monte et a fonte, per hu quer que vaan, por lo qual cassal vos et aquella pessoa que ficar en el depus vos, avedes a dar a nos ou a aquel que recadar os beens dos aniversarios da nossa iglesia, triinta maravedis desta moneda del rey don Alfonso, a oyto soldos cada moravedi, por dia de Sant Martino de novenbro cada anno, et que façades et reparedes as cassas do dito cassal, et as mantenedes en boo estado, et a o passamento de aquella pessoa en que vos leyxardes este cassal que fique o cassal provado de dous boys et de huna vaca et de çinco rexellos et de huna porca, et con todos los outros boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Johan Gomes, assy reço o dito este foro. En testemoyo desto nos, o dayam et o cabidoo sobreditos, mandamos-vos dar esta nossa carta aberta et aseellada de nosso seelo pendiente.

Que foy feyta en Lugo pustrimeyro dia de desembro, era de mill et CCC LXXX<sup>ta</sup> et dous annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego Fernandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Garcia Dias, arçidiago de Sarrea; don Aras Pellaes,

arçidiago de Deçon; don Pedro Arias, mestrescolla; don Pedro Jacome, juys; don Afonso, thesoreyro; Andres Peres, Affonso Gomes, Vasco Dias, Vasco Rodrigues, Fernando Affoso, Johan Dias, Vasco Peres, Johan Gutierrez, canonigos de Lugo.

Ego Iohannes Goterres, canonicus lucensis, hoc ratum habeo et prout continetur ad implere promito.

## 458

1345, xaneiro, 9. Lugo

*O cóengo Vasco Rodríguez afóralles a Afonso Pérez e á súa muller e a unha voz unha herdade na freguesía de Santa María de Teixeiro por terza e media de pan, dous carros de leña e outras obrigas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 44v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Vaasco Rodrigues, coengo de Lugo, et amiistrador do mes de iunyo en terra d'Aguiar, con outorgamento de don Diego Fernandes, dayam, et do cabiidoo dese lugar, avervo a vos, Afonso Peres de Teixeiro et a vossa muller Viviana Peres, et a huna persoa qual nomear o postrimeyro de vos, a herdade que a dita amiistraçon ha en Teixeiro, sub signo de Santa Maria de Teixeiro, con suas dereituras et pertenenças segundo que aora tragia Alvar Peres Gomes, po-la qual herdade avedes de dar cada anno a min, o dito Vaasco Rodrigues, ou a quen tener a dita amiistraçon, huna terça et medea de pan do mellor que y ouver et dous carros de lenna, et dous capoes boos, et avedes y a faser huna casa cuberta de geestas et de palla, et seer serventes et hobedientes da iglesia de Lugo. Et a pus pasamento de vos et da dita perssoa ha de ficar a dita herdade livre et quita a a dita amiistraçon con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et a dita perssoa postrimeyra ha de leixar a dita herdade provada de hun boy et de huna vaca et de seys rexellos.

Et eu, o dito Affonso Peres, por min et pola dita mina muller et por la persoa, asi reçoibo dos sobreditos a dita herdade, et obliigo min et meus beens et da dita perssoa para o conprir et guardar en todo commo sobredito he. Et por que esto seia çerto nos, os sobreditos dayan et cabidoo, mandamos seellar esta carta con nuestro seello colgado, et por mayor firmiedoe rogamos et mandamos a Domingo Peres, notario publico de Lugo, que feçesse ende duas cartas en hun tenor et posesse en cada huna delas seu nome et seu signal en testemoyo de verdade.

Feyto foy esto en Lugo nove dias de ianeyro, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et tres annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pero Iacome, iuys; don Affonso Eanes, the-

soreyro; Iohan Gomes, Vasco Rodrigues, Fernando Affonso, coengos de Lugo; Gonçalvo Peres, sacristan.

Et eu Domingo Peres, notario publico de Lugo sobredito, dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto que sobredito he chamado et rogado presente foy et a rogo das partes sobreditas sobreditas (sic) esta carta escrivi et en ella meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

## 459

1345, xaneiro, 14. Aviñon

*Carta de poder outorgada polo cóengo Afonso Gómez a favor do clérigo Xoán Eanes e o cóengo Fernando Afonso.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 75r, incluída en: 1345-V-14, CD 463.

In nomine Domini amen. Anno a nativitate eiusdem millesimo trecentesimo quadragesimo quinto, indictione XIII die, XIII die mensis ianuarii, pontificatus sanctissimi in Christo patris et domini nostri domni Clementis divina providencia, Pape VI, anno tercio. In presencia mei, notarii publici, et testium infracriptorum ad hoc specialiter vocatorum et rogatorum, personaliter constitus venerabili vir Alffonsus Gunsalvi, canonicus lucensis, clericus domesticus commenssalis reverendissimi patris et domini domni Petri Dei gratia, episcopi Sabinensis sacrosante romane ecclesie cardinalis, non revocando alios procuratores suos, fecit constituit ac ordinavit suos veros legitimos procuratores ac nuncios speciales venerabili viri domni Fernandum Alfonsi, canonicum lucensis, ac discretos viros Iohanem Iohannis de Berroca, Laurencium Iohannis de Meosende, clericos, ac Gometiu Roderici, laicum, consobrinum suum, tudensis diocesis latorem seu latores presentis procuratorii omnes in simile et qualibet eorum in solidum itaque non sit melior condicion primicus ocupantis ad presentandum intimadum et notificandum pro eo et eius nomine venerabili in Christo patri domino Dei gratia, episcopo lucensis, ac venerabili et discretis viris domnis decano et capitulo omnibusque singulis canonicis et perssonis ecclesie lucensis ac universsis et singulis aliis quorum inter est processum commenssalitatis dicti domini cardinalis privilegium super fructibus dicte sue prebende lucensis in absencia percipiendis continentem et ad requirendum subdelegatos in dicto processu contentos et deputatos et qualibet eorundem qui ad executionem mandati dicti domini cardinalis in dicto processu contenti procedant seu procedat et sub pennis ibidem contentis et executionem faciant prout eis et eorum culibet conmititur et mandatur et de presentacione, notificacione et requisicionibus supradictis sibi fieri unum sive plura instrumenta nec non ad petendum exigendum colligendum et recipiendum eius nomine et pro ipso omnis

et singulos fructus redditus et proventus obvenciones et iuradictorum canonicus et prebenda eidem Alfonso debitos et debendos et eos locandum administrandum arrendandum prout eisdem vel eidem videbitur expedire et faciendum de hiis que receperunt [fane] quitacionem, reffutacionem et pactum de ulterius non petendo et si necessario fuerit pro predictis vel aliquo predictorum ad agendum, deffendendum, petendum, recipiendum, reconveniendum, recusandum et contradicendum, exceptionem seu exceptiones proponendum, libellum dandum, littere contestandum, probandum reprobandum, alegandum, concludendum sententiam seu sententias, audiendum, appellandum apelos petendum, appellacionem seu appellaciones prosequendum, iuramentum de calumpnia et de veritate dicenda in anima sua prestandum alium seu alios procuratorem seu procuratores ad omnia et singula supradicta vel aliqua singularia substituendum vel substituendos ipsosque revocandum et procuracionem ipsam in se ipsos et eorum alterum resumendum quociens ei vel eorum alteri videbitur expedire et generaliter omnia et singula faciendum, gerendum et exercendum que in promissis et circa promissa ac quodlibet promissorum fuerint opportuna, etiam si mandatum exigant speciale et que venerabili et legitimi procuratores facere possunt et debent et quia ipsem et constituens faceret et facere posset specialiter interest etiam si maiora essent quem presenti mandato contineatur promittentes se ratum et gratum perpetuo habiturum quidquid per dictos suos procuratores vel eorum alterum vel substitutum seu substitutos ab eis vel eorum alterum actum factum gestum vel ordinatum fuerit in promissis et circa promissa et quodlibet promissorum et volens idem constituentes dictos procuratores suos eorum quilibet ac substitutum seu substitutos ab eis vel eorum altero ab omni satisfacionis onere relevare promisit michi, notario infrascripto, ut perssone publice legitime stipulanti vice et nomine quorum interest vel interesse poterit iudicio sisti et iudicatum solvi cum omnibus suis clausulis oport[...]  
sub ypotheca et obligacionem omnium bonorum suorum.

Acta fuerunt hac Avinnion in operatorio mei, notario publici infrascripti, prope palacium apostolicum, anno indictione die mensse et pontificato quibus supra.

Presentibus: discretis viris domno Iohanne Ferrici, presbitero, canonico Rosenten, et Christiano Stephani, clerico, publico notario laudimensis et tulensis diocesis, testibus ad promissa vocatus specialiter et rogatus.

Et ego Guillelmus Ducroc, clericus Rothomagensis diocesis, publicus imperiali auctoritate notarius, promissi omnibus et singulis dum sic agerentur una cum predictis testibus presens fui eaque omnia et singula publicavi et scripsi et in hanc publicam formam redegí signoque meo solito signavi requisitus et rogatus. G. Ducroc.

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Gonzalo Fernández e á súa muller e a unha voz o casal de San Xulián, próximo á cidade de Lugo, por renda anual de 20 maravedis.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 44v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, avervamos a vos Gonçalvo Ferrnandes, fillo de Fernando Alvares, coengo de Lugo, que foy, et a vossa muller Maria Pasqual, et a huna perssoa qual nomear o postrimeyro de vos en vida ou en morte, o noso casal de Sant Iullao çerca da villa de Lugo, que he dos aniverssarios, con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores et formaes, a monte et a fonte, per hu quer que vaan, con tal condiçõn que vos et a dita perssoa que lavredes et paredes ben as herdades do dito casal, et dedes cada anno a quen tiver os ditos aniversarios, viinte moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Alfonso, et o que lavar o dito casal ha a seer defeso et anparado commo os outros serviçaes da iglesia de Lugo. Et a pus passamento de vos et da dita perssoa ha de ficar o dito casal livre et quito et desebargado a os ditos aniverssarios con todo los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Gonçalvo Ferrnandes, por min et po-la dita Maria Pasqual et po-la dita perssoa, asy reço de vos, os ditos dayam et cabidoo, o vervo do dito casal, et oblige meus beens por min et po-la dita perssoa para o conprir en todo, et demays para o conprir commo dito he et para vos pagar os ditos moravedis dou-vos por fiador a Vaasco Dias, coengo de Lugo, el presente et outorgante. Et por que esto seia çerto nos, os ditos dayam et cabidoo, mandamos seellar esta carta de nosso seello, et por mayor firmiedue rogamos et mandamos a Domingo Peres, notario publico de Lugo, que posesse en ella seu signal.

Que foy feyta en Lugo doçe dias de março, era de mill et CCC LXXX<sup>ta</sup> et tres annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Pedro Aras, meestrescola; Vaasco Rodrigues, coengo de Lugo.

Et eu Domingo Peres, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse miismo lugar, a esto presente foy et a pedimento dos sobreditos esta carta scrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

*O Cabido de Lugo dóalles a Domingo Martíns e á súa muller o quiñón dunha casa na rúa da Cruz e recibe a cambio outra casa situada na rúa Miñá.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 45r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Fernandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento dos coengos d'aniversario da dita nosa iglesia juntados en cabidoo por canpaa taniuda segundo que o avemos de usso et custume, da huna parte, et eu Domingo Martines, mercador, morador enna rua da Cruz, et mina muler Tareyia Peres, da outra, fasemos entre nos tal escambeo valledeyro para senpre: conven a saber que nos, dayam et cabidoo, damos a vos, Domingo Martines et Tareyia Peres, para vos et para vossa voz que aiades para senpre por iur d'erdade, hun quinon de huna casa que esta enna rua da Cruz, so signo da cappella de Santiago de Lugo, enna qual casa mora Fernando Eanes et sua muler Maria Domingues, o qual quinon que vos damos da dita casa fere de testada enna casa que foy de Pedro Domingues, odreyro, et da huna ylargada esta outra nosa casa et dos cappellaes, que ten de nos en vervo Eynes Lopes, et da outra parte fere enno cural da casa de vos o dito Domingo Martines; et este quinon da dita casa vos he dado pe-lla trave que esta travesa a a entrada da camera, segundo que vos lo marcaron et espaçificaron por noso mandado Johan Diaz, coengo, et Johan Fernandes, raçoeyro, et Affoso Eanes, coengo d'aniversario.

Et nos, Domingo Martines et Tereyia Peres, damos et outorgamos-vos en escanbeo por lo dito quinon da dita casa a vos, dayam et cabidoo, para vos et para vosos sucesores que aiades para senpre por iur a meatade d'una casa que esta enna rua Minaa, sub signo da cappella de san Pedro, con todas suas dereyturas et pertenças et entradas et seydas, enna qual casa mora Affonso Ferrnandes, carniçeyro, que esta da huna parte entre outra casa d'Affonso Rodrigues da rua Minaa, en que mora Marina Garçia, et da outra parte esta outra casa de Francisco Martines, notario de Lugo, en que mora Lopo de Paris, carniçeyro.

Et nos, dayam et cabidoo et coengos d'aniversario que estamos presentes, et Domingo Martines et Tereyia Peres, outorgamos estes escambeos que nos damos huuns a outros, et obligamos nos et todos nossos bees para nos los faser senpre de paz por nos et por nossa voz et por nossos sucesores, et prometemos de non viir contra esto por nos nen por outren; et logo nos damos huuns a outros o iur et a posison et a propiedade que avemos ennos ditos escambeos, que nos damos huuns a outros, et por que esto seia çerto nos, dayam et cabidoo et coengos d'aniversario, que estamos presentes, et Domingo Martines et Tareyia Peres, rogamos et mandamos a Affonso Ferrnandes, notario publico de Lugo, que feçese ende desto duas cartas en hun tenor, huna que pona no livro de nos o cabidoo signada con seu signal, et a outra que de a o dito Domingo Martines signada con seu sigal et seellada de noso seello do cabidoo.

Que foron feytas viinte et nove dias d'abril, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et tres annos.

Testemoyas: o dito dayam, et don Fernando de Deus, chantres, et don Garçia Diaz, arçidiago de Sarrea, et don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra, et don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon, et don Affonso Eanes, thesoreyro; Vaasco Diaz et Affonso Gomes et Fernando Affonso et Johan Gutierrez et Johan Dias, coengos de Lugo; Fernando Peres de Piugos, et Fernando Eanes et Pedro Fernandes et Iohan Fernandes et Ruy Gomes et Gonçalvo Peres et Gonçalvo Rodrigues et Affonso Eanes, coengos d'aniversario ts.

Et eu Affonso Fernandes, notario publico de Lugo sobredito dado por auctoridade do bispo dese lugar, a esto commo dito he con as ditas testemoyas presente foy et a rogo et por mandado das ditas partes esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

## 462

1345, abril, 29. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo eximen o racionero Lope Domínguez do pagamento da sobreposta ao tempo que lle outorgan 150 maravedís da renda do couto de Ventosela baixo certas condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 45r e 46v; Libros, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 46.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos lo dayam et cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados por canpaa taniuda eno thessouro dessa iglesia segundo que he husso et custume, por rason que vos Lopo Domingues, raçoeyro da dita iglesia, teedes de nos arrendada a amiistraçon do mes de mayo por en todos vossos dias et nos avedes a proveer enno dito mes de pan et de vinno, segundo he custume desta iglesia, et nos avedes a pagar mays cada anno çento et viinte et quatro moravedis de sobreposta, enna qual renda vos disedes que fasedes gram mas-cabo por quanto por las rendas que a dita amiistraçon ha o non podeades conprir. Nos, commo quer que teudos non heramos a ello, mays por vos faser merçee et graçia speçialmente, quitamos-vos os ditos moravedis que nos aviades cada anno a dar da sobreposta, et damos-vos mays que tenades con a dita amiistraçon o nosso couto de Ventossela en çento et çinquenta moravedis que ora esta arrendado cada anno, et se por la ventura acaesçer que nos do dito couto fesermos alguna escan-bea, ou renda, o vendermos et conprarmos outras possisoes por el para a iglesia que renda cada anno mays ca estos çento et çinquenta moravedis, que aquilo que mays render ou por que mays for arrendado que se torne en nos para a sobrepos-



ta do dito mes, et vos que proveades o mes de mayo do pan et do vinno, segundo he custume da nossa iglesia, por en todos vosos dias, et paguedes mays os terços que son çent soldos cada mes.

Et eu, o dito Lopo Domingues, assy outorgo a proveer o dito mes de pan et de vinno cada ano, segundo he husso et custume, et pagar os ditos çen soldos dos terços cada mes, et obligo para ello meus beens, et para o assy conprir douvos por fiadores don Fernando de Deus, chantres, et dom Affonso Eanes, thesoreyro de Lugo. Nos, los sobreditos chantres et thesoreyro, que estamos presentes et outorgantes, et obligamos nossos beens a a dita fiadoria. Et que esto seia çerto nos las partes sobreditas rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fesesse ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo viinte et nove dias d'abril, era de mill et treçentos et oyteenta et tres annos.

Testemoyas: don Diego Fernandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarria; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuys; Vaasco Gomes, Vaasco Dias, Fernando Affonso, coengos; Iohan Ferrnandes, raçoeyro de Lugo; Fernando Peres, notario ts.

Et eu Fernando Garçia, notario publico de Lugo dado por autoridade do bispo desse lugar, a esto presente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna pressença fis scripvir en este libro do cabidoo et puge y meu signal.

### 463

1345, maio, 14. Lugo

*Xoán Eanes, como procurador do cóengo Afonso Gómez (inclúe carta de poder: 1345-I-14, CD 459), arréndalle ao Cabido de Lugo, durante un ano, as rendas da súa coenxia por 300 marabedis, que deben pagar o 4 de maio de 1347, e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 75r.

Era de mill et CCC LXXX et [...] anos, quatorse dias de mayo.

Sabeam quantos esta carta viren commo [...] de Lugo et das testemoyas subscriptas Iohan [Eanes], clerigo retor de Berroca, et procurador de Affonso Gomes, coengo de Lugo, por huna procuraçon que por ende presentou scripta en pulgameo et signada con signal de notario publico segundo por ela paresçia da qual o tenor he este que se sigue:

A continuación insire a carta de poder expedida en Aviñon 1345-I-14, CD 459.

Guillelmus Ducroc arrendou, a o dayam et perssoas et coengos et raçoeyros da iglesia de Lugo, des dez et seys dias deste mes d'abril que ora passou da era desta carta ata hun anno comprido, todo los froytos et dereyturas que a o dito Affonso Gonçalves perteescem et perteescer deven por raçon da coengia et prebenda que ha en esta iglesia de Lugo, por tresentos moravedis desta moneda del rey don Affonso que ora corre, a oyto soldos o moravedi, os quaes moravedis sobreditos am de pagar a o dito Affonso Gonçalves, ou a seu procurador, ata tres dias andados do mes de mayo primeyro que ven da era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et cinco annos en pas et en salvo na villa de Lugo, sen desconto ningun, et que os ditos dayam et perssoas et coengos et raçoeyros paguen toda las carregas et pedidos que a o dito Affonso Gonçalves perteesceren de pagar o dito tempo por raçon da dita coengia et sirvan por el as semannas no dito anno; et o dito Iohan Eanes, procurador, deu por livres et por quitos os ditos dayam et cabiidoo de todo los froytos et rendas da dita coengia et prebenda que perteescian a o dito Affonso Gonçalves por ela do tempo passado ata os ditos des et seys dias d'abril. Outrosi os ditos dayam et cabidoo obligaronse de quitar o dito Affonso Gonçalves, coengo, de toda las carregas et devedas et serviços a que era teudo de faser na dita iglesia et a os offiços dela, de dereyto ou de custume, por raçon de entrada et recebimento da coengia et prebenda sobredita. Outrossi poseron entressy que viindo o dito Affonso Gonçalves a Lugo en este dito anno que lle dem sua raçon entrega commo a coengo mentre y estiver, descontando dos ditos tresçentos moravedis quanto couber cada dia, partindo estes tresentos moravedis por todo o anno prorrata. Et os sobreditos dayam et perssoas et coengos et raçoeyros assy receberam a dita renda do dito Iohan Eanes, procurador, commo dito he, et obligaron sy et seus bees a comprirla et pagala en todo, commo sobredito he, et non viir contra ella en nenhuma maneyra. Et o dito Iohan Eanes, procurador sobredito, en nome do dito Affonso Gonçalves, outorgou esta renda et rogou et mandou a todo los amiistradores da iglesia de Lugo et a todo los outros que algunas dereyturas et froytos am de pagar por rason da dita coengia que recudan ben et compridamente con ellas a os ditos dayam et cabiidoo, ou a quen elles mandaren. Et por que esto seia çerto os ditos Iohan Eanes, procurador, et dayam et cabiidoo, rogaron et mandaron a min Fernando Peres, notario sobredito, que feçesse ende scrivir duas catas de renda et posesen en ellas meu signal.

Que foy feyta en Lugo enno thesouro da dita iglesia anno et era et mes et dia sobreditos.

Testemoyas: don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuys; don Vaasco Dias, thesoreyro; Fernando Affonso, Iohan Dias, Iohan Guterres, coengos; Iohan Fernandes, raçoeyro; Gonçalvo Peres, sanchristan; Gonçalvo Eanes, notario do couto; Domingo Eanes, omme do arçidiago de Deçon sobredito; Ruy Peres, porteyro do cabiidoo ts., et outros.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico por el rey na çibdade de Lugo, que a esto que sobredito he presente foy con as ditas testemoyas et por mandado et rogo das partes sobreditas fis escribir et puge y meu nome et meu signal e testemoyo de verdade.

## 464

1345, xuño, 12. Lugo

*O vigairo Pedro Xácome e o Cabido afóranlle a Fernando Díaz, clérigo, e a unha voz as propiedades de Vilapedre, nas freguesías de San Fiz, San Miguel de Goián e San Salvador de Calleiros, por renda anual de 12 oitavas de pan, a obriga de construír unha casa, un muíño e plantar 15 árbores.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 45v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Pero Iacome, iuys, vigario de don Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento de Vaasco Rodrigues, coengo desse lugar, teente a amiistraçon do mes de desemebre en terra de Santa Alla Alta, avervamos et afforamos a vos Fernando Diaz, clerigo de San Sanyoane de Muro, et a Elvira Gonçalves, filla de Gonçalvo Peres de Supena, por en todos vosos dias d'ambos et de huna pessoa qual nomear o pustrimeyro de vos, todo quanto herdamento a iglesia de Lugo ha en Tremeado de Villapedre, sub signos de San Fiiz et de San Miguel de Goyan et de San Salvador de Qualleyros, con suas cassas et arvores et con todas suas dereyturas et pertencças; o qual herdamento trouxo por la iglesia de Lugo Maria Ferrnandes et seu fillo, Iohan Castello, a a tal pleito et vervo que vos et aquela pessoa que ficar o dito vervo lavredes et façades lavrar et parar ben o dito herdamento, et que saquedes de monte aqueles [ca fuy] lavrado, et façades y huna cassa cabo das outras que y estan, et hun moyno enno rigueyro de Goyam aly ut el suya estar, et mantenades as ditas cassas et moyno feytas en boo estado. Et avedes y a chantar quinse arvores que prendan. Et avedes a dar cada ano en salvo, a o amystrador que tever a dita amiistraçon por la iglesia de Lugo, dose oytavas de pan por teega dereyta de Sarria, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, do mellor pan que y ouver posta a semente. Et demays avedes a dar, a a dita amiistraçon et a a iglesia de Lugo, huna oytava et mea de herdade semente, sub os ditos signos, para senpre por iur de herdade, et avedes-la logo de mostrar et pegar a o dito Vasco Rodrigues, amiistrador, que a reçaeba en nome da iglesia, et vos et a dita pessoa teerdes-la con este outro herdamento et vervo sobredito en vossos dias, et a morte de vos anvos et de pessoa que no dito vervo for nomeada deveades a leyxar o dito herdamento et cassas

et moyno feitas et a dita oytava et mea de herdade semente a a iglesia de Lugo, livres et quitas con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Fernando Dias, que estou pressente por min et por la dita Elvira Rodrigues et por la pessoa que for nomeada, commo sobredito he, assy recebo de vos, lo vigario, dayam et cabidoo et amiustrador sobreditos, o dito vervo et foro, et obligo todos meus beens et seus para o conprir en todo segundo sobredito he. Et que esto seia certo et non venna en dulta nos las partes sobreditas rogamos a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que fezesse desto duas cartas tal huna commo outra, huna no livro do cabidoo et outra a o dito Fernando Dias, et por mayor firmidue nos lo cabidoo mandamos seellar esta carta de noso seello.

Que fuy feyta en Lugo XII dias de junyo, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et tres annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernando de Deus, chantres; don Garçia Dias, arçediano de Sarria; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Affonso Eanes, thesoreyro; Vaasco Rodrigues, Fernando Affonso, Iohan Dias, coengos; Iohan Fernandes, Lopo Domingues, raçoeyros de Lugo; Iacome Eanes, Fernando Peres, Afoso Peres, clrigos do coro de Lugo ts.

Et eu Fernan Garçia, notario publico de Lugo, dado por autoridade do bispo desse lugar, a esto que sobredito he pressente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna pressença fiz scripvir en este livro do cabidoo et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 465

1345, xuño, 12. Lugo

*Elvira Rodríguez dóalle ao Cabido de Lugo as súas propiedades no couto de Picato, reserva para si o usufruto mentres viva e recibe do Cabido anualmente seis oitavas de pan e 12 marabedis.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 45v.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Elvira Rodrigues, morador en Cacavelos, que he no couto de Picato, muller que fuy d'Areas Martines de Sobrado, por salvamento de minna alma et porque soo muy teuda a a iglesia por erros que lle tenno feitos, et en remiemento de meus pecados, dou et outorgo para senpre, a a iglesia de Lugo, para a amistraçon do mes de dezembro, todos quantos herdamentos eu aio et me perteeçem en qualquer maneira enno couto de Picato, sub signo de Santa Cruz, con todas suas pertenenças et dereyturas et iures et cassas et arvores, peru quer que vaan en esta maneira: que eu aio de peegar et mostrar o dito herdamento a o amiustrador do

mes de deçembro, ou a aquel que y por el andar, et aio-os de teer en todos meus dias et lavrarlo et pararlo ben et levar os novos et rendas deles, et a meu finamento que fiquen livres et quitos para sempre a a dita amiistraçon por iur de herdade, et vos, lo cabidoo da dita iglesia de Lugo, avedes-me a dar cada anno, en meus dias, seys oytavas de pan enno dito couto de Picato, por teega dereyta de Lugo, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, et dardes-me logo dose moravedis desta moneda. Et obli-go min et todos meus beens et faço iuramento sobre santos avageos, que tango corporalmente con minnas maos, que nunca contra esta doaçon venna en ninhuna maney-ra nen na revogue, et que faça outorgar esta doaçon, que faço do dito herdamento a a iglesia de Lugo, a minna filla, Marina Eanes, et a seu marido, Iohan Lourenço.

Et nos, lo cabidoo sobredito, assy reçebemos o dito herdamento et doaçon de vos, la dita Elvira Rodrigues, para a iglesia de Lugo et outorgamos de vos faser dar cada anno, a o amistrador do mes de desembro, as ditas seys oytavas de pam en todos vosos dias enno couto de Picato, segundo sobredito he. Et que esto seia certo nos, lo cabidoo et Elvira Rodrigues sobreditos, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fesesse ende esta carta.

Que foy feita en Lugo dose dias de junyo, era de mill et treçentos et oyteenta et tres annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernando de Deus, chantres; don Garçia Dias, arçidiago de Sarria; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; Vaasco Rodrigues, Fernando Affonso, Iohan Dias, coengos de Lugo; Fernando Dias, clerigo de Sayoane de Muro; Iohan Affonso do Burgo Novo; Ruy Peres, porteyro do cabidoo, ts.

Et eu Fernando Garçia, notario publico de Lugo por autoridade do bispo desse lugar, a esto pressente fuy segundo sobredito he et esta carta en minna presença fiz scrivir en este livro do cabidoo et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

## 466

1345, xuño, 27. Lugo

*Título de Santo Estevo de Benade.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 46r, traslado ao Libro do Cabido polo notario Afonso Fernández: 1345-VII-8.

Noverint universi qui vacantibus duabus partibus ecclesie Sancti Stebani de Benade cum cura per mortem Iohannis Fernandi, rectoris earundem, ego Didacus Fernandi, decanus lucensis, gerens vices archidiaconi in cauto lucensis racione aministracionis menssis septembris, ad presentacionem domini Arie Pelagii, archidiaconi de Deçon in dicta ecclesia lucensis, habentis [potestate] pre-

sentandi ad eas ratione prestimonii de Benade et patroni earundem duarum partium dictas duas partes sit vacantes cun cura, Petro Fernandi, clerico, filio Fernandi Petri dicti Alvello, conffero et concedo et ipsum rectorem perpetuum instituo in eisdem excepiione prestimonio patroni supradicti in cuius rey testimoium presentem cartam sibi concessi sigili mei munimine roboratam.

Datus Luci quinto kalendas iulii, era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LXXX<sup>a</sup> tertia.

Presentibus: Fernando Alfonsi, Velascus Petri, Alfonsus Gomeni, canonici lucensis; Velasco Roderici, Gunsalvo Didaci, armigeris dicti decani, et aliis.

Et eu Affonso Ferrnandes, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse lugar, vi et ley o dito tidoo escripto en pulgameo enno tenor sobredito et seellado con seello pendiente do dito dayam et amiistrador sobredito, et a rogo do dito don Areas Pellaes, arçidiago sobredito, teente o dito prestamo de Benade, et por mandado et auctoridade de don Pedro Iacome, iuyz de Lugo, o dito tidoo por mina mao trasladey en este livro et puge en este traslado meu signal.

Feito o dito traslado VIII<sup>o</sup> dias de jullio, era sobredita.

Testemoyas: don Affonso Eanes, thesoreyro, et Lopo Domingues, raçoeyro, et Iohan Ferrnandes, clerigo do chantres.

## 467

1345, xullo, 8. Lugo

*O bispo de Lugo concédelles permiso de trinta días ao ano a todos os membros do Cabido para que poidan atender os asuntos da súa xurisdición e indica as racións que poderán percibir no devandito tempo.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 83r.

[...] por ende nos con outorgamento [...] padre et sennor don Iohan por la gracia de Deus, bispo de Lugo, ordinamos et estabescemos d'aqui adeante que todas las personas, canonigos et racioneros da dita eglesia, que quisseren y andar por la suas iuridiciones, ou a librar seus negocios enno bispado de Lugo, que cada hun delles aia XXX<sup>ta</sup> dias, et estes XXX<sup>ta</sup> dias que los aia una veç no anno, que los tome todos aiuntados que por parte do anno. Et que estes XXX<sup>a</sup> dias que aia la racion del condoyto ben et compridamente, asi commo se personalmente estevesse residente enna dita iglesia, et demays que aia la meatade da sua racion del pan et del vino, et aquel que se quiser contar en estes XXX<sup>a</sup> dias que lo diga, ou lo envie diçer, a o destrubuydor quando feceren la conta e quantos dias se manda contar, et non no facendo asy, des que for feyta la conta et feytas las raçoes, que non possa mandarsse contar nos dias passados, nen que por esta racion se desfaça la conta. En testemoyo desto nos, obispo et dayam et cabi-

doo sobreditos, mandamos a Iohan Gomes, coengo et notario publico de Lugo, que fecesse desto hun publico estrumento.

Feyto fuy esto en Lugo VIIIº dias de iulyo, era de mill et CCC LXXXª et tres annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego Fernandes, dayam; et don Fernan de Deus, chantres; don Alvar Dias, archidiago de Neyra; don Aras Pellaes, archidiago de Deçon; don Pedro Aras, maestrescola; don Pedro Iacome, iuyz; don Affonso Eanes, thesoyero; Andres Perez, Affonso Gomes, Vaasco Dias, Vaasco Rodrigues, Fernan Affonso et Iohan Dias, Iohan Guterres, Vaasco Peres, coengos; Iohan Ferrnandes et Lopo Domingues et Martin Peres, raçoeyros.

Ego Iohan Gunssalvi, canonicus ac publicus notarius lucensis auctoritate episcopale capitulo ipsius ecclesie datus, premissis interfui, et de mandato dominy decani et capituli supradicti hoc instrumentum in presenti carta scribi feci et meo signo consueto signavi.

#### 468

1345, xullo, 10. San Lourenzo de Albeiros

##### *Decreto verbo das porcións capitulares.*

CAÑIZARES: p. 1043, con referencia ao Lib. D, fol. 82v.  
Ed., VILLAAMIL, *Estudio histórico...*, ap. XVII.

[Ilexibles as sete primeiras liñas]. Actum est hoc apud ecclesiam Sancti Laurentii de Alveyros, decima die julii, anno Domini Mº CCCº XLº quinto.

Presentibus: Didaco Fernandi, decano; Fernando de Deo, cantore; Alvaro Didaci, archidiacono de Neyra; Garcia Didaci, archidiacono de Sarria; Aria Pellagii, archidiacono de Deçon; Petro Arie, scolastico; Alfonso Gometii, Velasco Roderici, Fernando Alfonso, Johan Didaci, Velasco Petri, Johan Guterii, canonicis nostre ecclesie, et pluribus aliis testibus.

Ego Johannes Gunssalvi, canonicus et publicus notarius lucensis auctoritate episcopali capitulo eiusdem ecclesie datus, premisis interfui de mandato domini episcopi et capitulo predicti hoc instrumentum in presenti carta scripsi feci et meo signo consueto signavi.

#### 469

1345, xullo, 12. Lugo

*Afonso XI, como consecuencia da morte violenta no Palacio Episcopal de dous veciños de Lugo que eran persoeiros do Concello no preito que este sostíña co bispo por cuestións de señorío, desterra o bispo don Xoán, priva o dos seus bens e quitalle a administración de xustiza na cidade.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 82v.

LUGO, AC, extr. *Tombo Nuevo*, fols. 237v-238r; CAÑIZARES: pp. 1044-1046.

SÁNCHEZ BELDA: *Docs...*, n.º 1106, p. 467, copia notarial coetánea en pergamiño

LUGO, AC, atado 5.

RISCO: *ES*, t. XLI, pp. 115-116.

Ed., LÓPEZ PELÁEZ: *El señorío...*, II, pp. 131-137.

Saban quantos esta carta viren como nos dom Alfonso por la gracia de Dios rey de Castella, de Leon, de Toledo, de Gallisa, de Sevilla, de Cordova, de Murcia, de Jahen, del Algabe, de Algesira et sennor de Molina, porque era contenida entre dos Johan obispo de Lugo por si et polo cabido de sua iglesia, et otrosi el conceio de la dicha ciudat de Lugo sobre rason della justicia et jurdiçion et sennorio de la dicha ciudat, que disia el dicho obispo que era et devia ser suya et de su iglesia, et de las llaves de la villa que disia que devia tener. Et los del dicho conceio disian contra esto que pertenencia a nos e que lo non devia aver el dicho obispo. Aparecieron ante nos en Segovia el dicho obispo de la una parte, et Rodrigo Afonso en nombre del conceio de la dicha villa de la otra. Et el obispo mostro ante nos algunos privilegios que tinna en esta rason, et el dicho Rodrigo Afonso diso que llos privilegios et recabdos que lla dicha villa havia que llos non tenia ali nin los podia y mostrarm et pidionos que lle dessemos plazo en que llos mostrasse et nos por esta rason posaramos plazo al dicho obispo por sy et po su iglesia et al dicho Rodrigo Alfonso por parte del dicho conceio que parescesse ante nos con los privilegios et cartas et recabdos que [...] fasta primer dia de março que passo de la era desta carta. Et otrosi porque el dicho obispo non dixo que Alvar Rodriguez de la Rocha al tiempo que era nuestro merino en Gallisia que lle desapoderara del sennorio della dicha ciudat por huna quantia de maravedis que el dicho obispo et su iglesia nos avian a dar por el servicio que era tenudos de nos faser al tiempo que estavamos en la cerca de sobre Algesira, et nos pidio merced que le mandasemos entregar la posicion segunt que estava al tiempo que el dicho Alvar Rodriguez lo desapodera della. Et nos tenemos por ben et mandamos los tornar en la posion de la dicha ciudat como estava al tiempo que el dicho Alvar Rodriguez lo desapodera dela. Et por que el dicho Rodrigo Alfonso nos dixo que poys mandaramos tornar al dicho obispo la posicion della dicha ciudat que se recelava que querian ser contra el dicho conceio e contra el dicho Rodrigo Afonso, e contra algunos visinos dende, et nos pidio merced que fezessemos seguros a el e al dicho conceio de Lugo. Nos por esta rason assegoramos al dicho Rodrigo Alfonso del dicho obispo que lle non fara mal nen dampno nen passase contra el por ninguna



cossa delo que avian fecho fasta aqui, nin feciesen daqui adelante fasta el primer dia de março. Et mandamos al dicho obispo que lo asegorase et el segurolo ante nos. Otrosi mandamos dar nuestra carta de seguramento para el dicho conceio en que los asegoramos del dicho obispo, estando el dicho obispo delante. Et despues disto fuenos querellado que el dicho Rodrigo Alfonso et Ares Fernadez de la dicha ciudat que foron mortos en la dicha ciudat nel mes de decembre que era antes del dicho plazo del mes de marzo, et que los matara Ruy Xuarez, que era comendero del conde don Enrique mio fijo, en la dicha ciudat de Lugo en las casas del dicho obispo con gentes armadas del dicho obispo, estando y el dicho obispo delante, et por su mandado, o qual Ruy Xuarez nos mandamos matar por justicia por esta rason. Et depouys viniendo en romaria a Santiago de Gallisia venimos a la dicha ciudad de Lugo, et las mugeres et los fijos et los otros parentes del dicho Rodrigo Alfonso et Ares Fernandez deronnos esta mysma querella, estando el dicho obispo delante. Et nos dixemos al dicho obispo que era lo que disia a esto. Et el dicho obispo dixo que por estos dichos Rodrigo Afonso et Ares Ferrnandes foran contra el et le tiraran con pedras venindo el a la dicha ciudat, et le fue dada una pedrada en sub corpo et que el que llo querello al dicho Ruy Xuarez comendero. Et el dicho Ruy Xuarez los mato que llo feso por esto mas non por su mandado nen por su conseio. Et nos dixemosle que ben sabia en commo nos aviamos asegorado al dicho Rodrigo Alfonso del dicho plazo del mes de março que avian seer connosco. Et otrosi que aviamos asegurado todo el conceio de que avian levado nuestra carta en esta rason. Et el dicho obispo dixo que quanto el conceio que llo asegoramos nos, mas del seguramento de Rodrigo Alfonso que se non acordava. Nos sobre esto preguntamos et sopiemos verdat de homes, que son de creer que se acaesceron y al tiempo que nos seguramos al dicho Rodrigo Alfonso et el obispo lo aseguro ante nos. Et fallamos por ellos que era verdat que nos que asseguramos al dicho Rodrigo Alfonso estando el dicho obispo delante que llo aseguro el dicho obispo. Et otrosi sopemos por verdad en qual maneira acaesceron las mortes de los dichos Rodrigo Alfonso et Ares Ferrnandes, et fallamos que llos dichos Rodrigo Alfonso et Ares Ferrnandes foron llamados a sua casa del dicho obispo pro su mandado et que estava y en las cassas obispo et el dicho Ruy Xuarez con compania del dicho obispo armadas en presencia del dicho obispo que llos dichos Rodrigo Alfonso et Ares Ferrnandez dezendo [...] que los dichos Ruy Xuarez et los omes del dicho obispo que estavan armados llos mataron en su pallacio que estava en jusso de la camara del dicho obispo en lugar du lo el oya et podia veer et deffender se quisiera. Et nos abuda la verdat destas [...] et beendo que el dicho obispo fue en culpa della morte del dicho Rodrigo Alfonso et Ares Ferrnandes que quebranto el nuestro aseguramiento, et fallamos que cayeu en tal casso po lo que meresçe perder lo corpo et lo que avia por que quebranto el nuestro aseguramiento, et porque era prellado et por onrra de la yglesia, et de Dios, et del estado que tinna non quissemos passar contra el a le dar pena e el corpo asi commo se fuesse lego pero que el fecho era en sy grave et

non devia ficar sen pena, et porque seia enxemplo de [...] otro [...] et por esto mandamos que el dicho obispo salga fora de nuestros reynos para toda su vida et que non entre iamays aunque el mude a otro estado qualquier. Et que non use por sy nen por outro dela jurdiçion temporal nen del sennorio de la dicha ciudat, nen poda outro usar dela por nome della dicha yglesia en quanto [...] obispo della dicha ciudat. Et otrosi que perda los benes patrimoniales que ha en nuestro sennorio, et que sean para la nuestra camara porque cayeu en casso que los deve perder. Et por esta rason della dicha contenda que era entre lo bispo et lo conceio et non era aun deliberado en rason de la jurdiçion ordinaria et della justicia se perteescia al dicho obispo ou a su iglesia por quella villa non ficasse sin justiça tenemos por ben poner y oficialles que livren los pleitos et fagan la justiça en la terra. Et nos veremos los recabdos que tienen los della iglesia. Et otrosi los recabdos que tienen los da villa et mandarlos hemos guardar su decreto. Et mandamos que se guarde et cumpla esta sentencia en todo segunt dicho es. Et porque esto sea firme en todo et baledera mandamos seellar esta carta de noso seello de plomo.

Dada en Lugo dose dias de jullio, era de mill et CCC et oyteenta et tres annos.

Yo Mathias la fis escribir por mandado del rey.

Garcia Fernandes, Johan Estevez.

Este he traslado duna carta scripta en pulgameo seelada con seello de plomo [colgado] en fillos de seda de noso sennor el rey [...] segun por ella apparisia a qual carta eu Fernando Peres publico notario del rey en Lugo vi et lii et de vervo a vervo aqui fize trasladar et puge y meu nome et meu signal, XXX dias de novembro era de mill et CCC LXXXIII annos.

Testemoyas que viron a dita carta: don [Diego] Ferrnandes dayan; don Alvar Dias archidiacono de Neyra; Vaasco Rodriguez, Fernando Ares, Johan Dias coengos de Lugo; [...], Afonso Eanes, Johan Afonso clerigos de Lugo; F Martines, Johan Martines [...] de Luho; Aras Peres, Afonso [...] moradores.

## 470

1345, agosto, 6. Lugo

*Alvaro Díaz, arcediago de Neira, afóralles a Lope Ares e á súa muller o vilar de San Pedro de Cerdeiras por tres terzas de pan anuais á igrexa de San Fiz de Cerdeiras e a obriga de construír unha casa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 46r.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Alvar Dias, arçidiago de Neyra, et amiistrador do mes de iulio en terra de Narla et de Parrega et de Goyos, con outorgamento de don Pedro Iacome, iuyz, et vigario de don Diego Ferrnandes,

dayam, et do cabidoo de Lugo, avervamos a vos, Lopo Aras de Sant Pedro de Cerdeyras, et a vossa muller, Sancha Rodrigues, por en toda vossa vida d'ambos, o villar de Sant Pedro de Cerdeyras, con suas dereyturas et pertenenças et herdades et terminos, que a o dito villar perteesçen, tirado ende os disimos persoas et de quanto se y tirar et gaanar, con tal condiçõn que lavredes et paredes ben as herdades do dito villar, et dedes de cada anno, a a iglesia de Sant Fiis de Çerdeyras, tres terças de pan, as duas partes de temporaõ et a terça de serodeo, do meyor pan que ouver na dita herdade do dito villar, et avedes a faser huna casa na herdade do dito villar feita sen malicia, et a pus passamento de vos ambos ha de ficar o dito villar livre, quito et desenbargado a a dita iglesia de Sant Fiis de Çerdeyras con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et nos, os ditos Lopo Ares et Sancha Rodrigues, assy reçoemos o vervo do dito villar, et obligamos nos et nossos bees para o comprir et guardar en todo commo dito he.

Et por que esto seia çerto nos, o dito arçidiago et cabiidoo, mandamos seellar esta carta de nossos seellos pendentos.

Que foy feyto en Lugo seys dias d'agosto, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et tres annos.

## 471

1345, agosto, 12. Lugo

*Don Gonzalo Gutiérrez, procurador do cardeal don Guillén, arcediago de Abeancos, arréndalle ao deán e ao Cabido de Lugo, durante seis anos, as rendas que lle corresponden pola súa coenxia e prebenda por 300 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 47r.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Goçalvo Gutierrez, coengo de Santiago, procurador do muyto onrrado padre et sennor don Guillen por la gracia de Deus, cardeal da Santa iglesia de Roma do titulo de Santa Maria in Cosmedin, et arçidiago de Aveancos et coengo ena iglesia de Lugo, en nome et en voz do dito cardeal, de que aio poder para esto, arrendo a vos, lo dayam et persoas et coengos et rasoeyros da iglesia de Lugo, todos los fruytos et dereyturas que a o dito sennor cardeal perteesçen et perteeçer deven por rason da coensia et prebenda que el ha en esta iglesia de Lugo, deste San Iohan Baptista que ora passou ata seys annos conpridos primeyros seguintes, por treçentos moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso, cada hun anno, os quaes moravedis sobreditos avedes a pagar en paz et en salvo ena villa de Lugo, cada anno, por dia de San

Iohan, sen desconto nihun a min, ou a mandado certo do dito sennor cardeal, sub penna de cinco moravedis da dita moneda cada dia, que mos peytedes por custas et por nome de pena et interesse quantos dias passaren des cada hun dos ditos prazos endeante. Et nos, lo dayam et pessoas et coengos et raçoeyros da iglesia [de Lugo], assy reçebemos esta renda de vo,s lo dito Gonçalvo Gutierres, commo dito he, et obligamos por todos nossos beens a comprirla et pagarla en todo, commo sobredito he, et non viir contra ella en ninhuna maneira.

Et eu, o dito Gonçalvo Gutierres en nome do dito sennor cardeal, outorgo esta renda et digo et mando a todos los amiistradores da iglesia de Lugo, et a todos los outros que algunas dereyturas ou fruytos an de pagar por rason dessa coensia que recudan ben et conpridamente con ellas a vos, ou a aqueles que vos mandardes. Et que esto seia certo nos, las ditas partes, rogamos et mandamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fesesse ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo XII<sup>e</sup> dias d'agosto, era de mill et treçentos et oytenta et tres annos.

Testemoyas os que a esto pressentes foron: don Diego Ferrnandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Affonso Eanes, thesoyeyro; Johan Diaz, coengo, et Johan Ferrnandes, raçoeyro enna iglesia de Lugo.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto que dito he presente fuy et esta carta scrivi en este livro do cabidoo et puge en ella meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

## 472

1345, agosto, 12. Lugo

*O procurador do cardeal don Guillén, arcediago de Abeancos, fai contas co Cabido.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 47r.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Gonçalvo Gutierres, coengo de Santiago, procurador do muyto onrrado padre et sennor don Guillen por la gracia de Deus, cardeal da santa iglesia de Roma do titulo de Santa Maria in Cosmedin, et arçidiago d'Aveancos et coengo ena iglesia de Lugo, outorgo et conosco que fige conta conosco o dayam et cabidoo da iglesia de Lugo de todos los fruytos et rendas que vos deviades a o dito sennor cardeal et lle perteeçian aaver por rason da dita coensia et prebenda, des que el fuy coengo dela ata este San Iohan Baptista que ora passou, et achey en conta descontado aquello que por rason da dita coensia perteeçia de pagar, que lle

deviades treçentos moravedis desta moneda del rey don Affonso, a oyto soldos cada moravedi, os quaes treçentos moravedis de vos reçebi, en nome do dito sennor cardeal, et outorgome delles por ben pagado. Et que esto seia çerto rogo a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que faça ende esta carta.

Feyta en Lugo XII<sup>e</sup> dias d'agosto, era de mill et treçentos et oyteenta et tres annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pelaes, arçidiago de Deçon; don Affonso Eanes, thesoreyro; Johan Diaz, coengo; Johan Fernandes, raçoeyro ena iglesia de Lugo.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto pressente fuy et esta carta scrivi en este livro do cabidoo et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 473

1345, [agosto], 12. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao racioneiro Lope Dominguez a administración de novembro baixo as condicións habituais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 47r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos lo dayam et cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados por campaña taniuda eno thessouro desa iglesia segundo que o avemos de husso et de custume, arrendamos a vos Lopo Domingues, raçoeyro de Lugo, por en todos vossos dias, a amiistraçon do mes de novembre con todas suas pertenças et dereyturas, et vos que proveades o mes de pan et de vinno a os coengos et a os raçoeyros, et paguedes os terços et a sobreposta, segundo he custume, et que a o thesoreyro, don Affonso Eanes que fuy, agora quando finou de nos tinna arrendada et a pagava et amiistrava, [et con as outras condiçoens] que a el de nos tinna.

Et eu, o dito Lopo Domingues, assy reçebo de vos, lo dayam et cabidoo sobreditos, a dita renda da dita amiistraçon, et obligo min et todos meus beens para comprir et pagar todas las coussas et cada huna delas, segundo que o dito thesoreyro cumplia et pagava, por la dita amiistraçon do dito mes. Et demays para o assy conprir dou-vos por fiadores: Affonso Gomes et Vaasco Rodrigues, coengos de Lugo. Nos los ditos Affonso Gomes et Vaasco Rodrigues que estamos presentes et outorgantes damos-nos por fiadores et obligamos nosos beens a a dita fiadoria. Et nos ,los dayam et cabidoo sobreditos, mandamos a quaes quer pessoas que [...] dar ou son teudas a a dita amiistraçon que recudan con elo a vos, lo dito Lopo Domingues, ou a quen vos mandardes.

Et por que esto seia çerto nos, as partes sobreditas, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que fuy feita en Lugo XII dias de [agosto], era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et tres annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; don Fernando de Deus, chantes; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras [Pellaes, arçidiago de Deçon]; don Pedro Iacome, iuys de Lugo; Vaasco Dias, Vaasco Peres, Fernando Affonso, Johan Dias, coengos; Johan Ferrnandes, raçoeyro, et outros.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a todo esto [presente fuy et esta] carta scrivi en este livro do cabidoo et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 474

1345, agosto, 21. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle ao côengo Afonso Gómez a administración de xuño por 3800 marabedis anuais e as obrigas sinaladas no Estatuto Novo.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 46v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo seendo iuctados en cabidoo por canpaa taniuda, segundo he de husso et de custume, con outorgamento de don Pedro Iacome, juys, et vigario de dom Diego Ferrnandes, dayam dessa iglesia, arrendamos a vos Affonso Gomes, coengo de Lugo, por en todos vossos dias, amiistraçon do mes de iunyo que he da dita iglesia, con todas suas dereyturas et pertenenças assi commo mays complidamente perteeçen a a dita amiistraçon, segundo que a agora husava et tragia por nos Vasco Rodrigues, nosso coengo; et avedes-nos a dar por a dita amiistraçon, cada anno, tres mill et oytocentos moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Alffonso, et avedes a amiistrar et complir enno dito mes de iunyo de pan et de vino a os coengos en esta maneyra conven a saber: quatro paes de coenga et hun açumbre de vinno a o coengo, et dous paes et hun meo de vino a o raçoeyro; et faser et conprir et amiistrar todas las coussas et cada huna delas segundo se contenen enno estatuto novo, et avedes demays a pagar a sobreposta, et non nos avedes a descontar desta renda trinta moravedis dos nobos da terra d'Aguiar; et obligamos todos nossos beens de vos fasser a dita renda de pas, et avemos-vos a receber en conta tomas ou forças de rey, ou de infante, ou de ricoome et do obispo et do meyrino, se acaçere, segundo acostumaron a receber en conta ata aqui ennas outras rendas da iglesia de Lugo.

Et eu, o dito Affonso Gomes, assi reço de vos, lo dito cabidoo, a dita renda da dita amiistraçon, et obligo min et todos meus beens, mobeles et reyços, eclesiasticos et seglares, gaanados et por gaanar, et a minna raçon da coengia que eu aio enna iglesia de Lugo, para conprir et pagar todas estas coussas sobreditas et cada huna delas segundo que se en esta carta conten. Et demays conprir dou-vos por fiadores a Vasco Dias et Vasco Rodrigues, coengos de Lugo, et a cada hun deles pe-lo todo; et nos, los ditos fiadores, que estamos presentes, outorgamos-nos por fiadores, segundo dito he, a a dita fiadoria. Et que esto seia certo et non vena en dulta rogamos nos, lo cabidoo et Affonso Gomes et os fiadores sobreditos, rogamos (sic) a Iohan Gonçalves, coengo et notario publico da nossa iglesia, que fezesse desto este publico instramento.

Que foy feyto en Lugo XXI dias de agosto, era de mill et tresentos et oyte-enta et tres annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Arias Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pero Arias, mestrescola; don Pero Iacome, juys; don Affonso Yanes, thesoreyro; Vasco Dias, Vasco Rodrigues, Fernando Affonso, Johan Dias, Johan Gutierrez, canonigos; Johan Ferrnandes et Lopo Domingues, raçioneyros de Lugo.

Ego Iohannes Gunssalvi, canonicus et publicus notarius lucensis auctoritate episcopali capitulo ipsius ecclesie datus, premissis omnibus presens interfui et ad instranciam capituli memorati hoc publicum instrumentum in mei presencia scribi feci et meo signo consueto signavi in testimonium premissorum.

## 475

1345, setembro, 7. Lugo

*O Cabido de Lugo solicita do côengo Xoán Gómez o nomeamento dun novo fiador por mor do falecemento de don Afonso Eanes, tesoureiro.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 47v.

Era de mill et CCC LXXX<sup>ta</sup> et tres annos, sete dias de setembro. En pre- sença de min Fernando Garçia, notario publico de Lugo por el rey, et testemoyas subscriptas, seendo o cabidoo de Lugo iuntados eno thessouro dessa iglesia disse- ron a Iohan Gomes, coengo de Lugo, que ben sabia commo delles tina arrendada a amiistraçon do mes de março et lle avia dado por fiador dela don Affonso Eanes, thesoreyro, o qual se ora finara, et por esta rason que lles desse fiadores por la dita renda da dita amiistraçon, que a pagasse et cumplisse, segundo que a tina arren- dada. Et logo o dito Iohan Gomes en lugar do thesoreyro, que avia dado por fia- dor po-la dita amiistraçon, deu fiadores que cumplisse et pagasse aquilo que se no

contracto da renda conten, a Iohan Gutierres, coengo, et a Martin Peres, raçoeyro de Lugo, os quaes estavan presente et outorgantes por fiadores, por tal condiçon que se Iohan Gomes for negligente, seendo ena terra, en non pagar a dita amiistraçon, que o cabidoo de suas cartas a estes fiadores porque lle recudan con as rendas da dita amiistraçon porque se quiten da dita fiadoria, et seendo eles entregos et pagos do que pagaren por ella, que leyxen a o dito Iohan Gomes a dita amiistraçon. Et outrosy se Iohan Guterres for negligente en pagar a dita amiistraçon en quato a ouver a amiistrar que o cabidoo de suas cartas a o dito Martin Peres porque lle recudan con as dereyturas da dita amiistraçon dando el fiadores que a pague. Et Iohan Gomes obrigou seus bees de faser en pas et en salvo et sen dampno os dito Iohan Gutierres et Martin Peres da dita fiadoria.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pelaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuyz; don Vaasco Diaz, thesoreyro; Affonso Gomes, Fernado Affonso, Johan Dias, coengos; Johan Ferrnandes, Lopo Domingues, raçoeyros.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a esto pressente fuy et esta carta scripvi et puge y meu sinal [...].

#### 476

1345, setembro, 10. Lugo

*O Cabido de Lugo prohibe celebrar missa no altar maior, salvo ao capelán do bispo, ou doutro bispo, ou arcebispo visitante.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 75v.

Era de mill et treçentos et oyteenta et tres anos, des dias de setenbro. Seendo o dayam et cabidoo da iglesia de Lugo, juntados en cabidoo por campaya taniuda, eno thesouro desa iglesia, segundo an de custume, stabelesçeron et ordinaron que d'aqui adeante non reçeban nen consintan a nihun clerigo, nen cappellam, diser missa nova nen outra missa nihuna a o altar mayor desa iglesia de Lugo aynda que seia clerigo do bispo ou do dayam, ou d'outras pessoas algunas, salvo se for cappellam do bispo, ou d'outro bispo, ou arçobispo algun que aqui veer, que queyra eno altar diser missa privada a o bispo ou arçobispo ou a ricome ou endeantado. Et esto prometeron assy a comprir et gaardar por juramento de santos avangeos, corporalmente taniudos con suas maos.

Testemoyas que foron presentes et feson dito juramento: don Diego Ferrnandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pelaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Aras, mestrescolla; don Pedro Jacome, juyz; Vaasco Dias,



Vasco Rodrigues, Fernan Affonso, Iohan Dias, Iohan Gutierrez, coengos ts.; Iohan Ferrnandes, raçoeyro; Martin Peres, alfayate; Gonçalvo Peres, sanchristan da igelesia de Lugo, ts.

Et eu Fernan Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto como dito he pressente fuy et por mandado dos ditos dayam et cabidoo esta constituyçon scripvi en este libro et puge y meu nome et meu sinal en testemoyo de verdade. (+).

## 477

1345, setembro, 10. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao cóengo Xoán Díaz, durante un ano, a renda do altar por 700 maravedís e o viño nas festas de Santa María.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 75v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos lo dayam et cabidoo da igelesia de Lugo arrendamos a vos Iohan Dias, coengo dessa igelesia, a renda do altar dessa igelesia segundo sol andar en renda, desta Santa Maria de setembro que ora passou ata hun anno; por la qual renda avedes a dar seteçentos moravedis, de oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Afonso, et os vinos a as festas de Santa Maria, segundo he custume. Et demays vos et os outros, que esta renda arrendaren d'aqui adeante, avedes a dar o vino da festa da Concepçon de Santa Maria que estabeseçemos ora novamente que dessen. Et os ditos moravedis avedes a pagar a os terços deste anno a o procurador da obra. Et se por la ventura el rey de França et el rey de Inglaterra ouveren guerra en este anno, des kalendas fev-reiras ata kalendas [mayas], que vos descuenten desta renda çen moravedis.

Et eu, o dito Iohan Dias, assy reçoço esta renda, et oblijo meus beens para a pagar segundo dito he. Et demays para o asy comprir doubos por fiador: Vasco Dias, coengo de Lugo, el presente et outorgante-se por fiador.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pelaes, archidiago de Deçon; don Pedro Arias, mestrescola; don Pedro Iacome, iuys; Vasco Dias, Vasco Rodrigues, Fernan Affonso, Iohan Dias, Iohan Gutierrez, coengos; Iohan Ferrnandes, raçoeyro de Lugo; Gonçalvo Peres, sanchristan, ts.

Et eu Fernan Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto foy presente et a rogo das ditas partes esta carta scripvi et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

Que foy feyta des dias de setenbro, era de mill et treçentos et oyteenta et tres anos. (+).

## 478

1345, setembro, 12. Lugo

*Cláusulas testamentarias de don Afonso Eanes, tesoureiro de Lugo, polas que lle lega ao Cabido diversas rendas para aniversarios e procesións.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 47v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando García: 1345-IX-12. *Libros*, lib. 6289.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Fernando García, notario publico de rey en Lugo, vi et ley o testamento de dom Affonso Eanes, thesoreyro que fuy de Lugo, qual era scripto por mina mao et sinnado con meu signal, eno qual testamento entre las otras coussas se continnan estas clausulas que se siguen: «Item mando que me digan cada anno por senpre hun anal de missas de sacrificio con oras de mortos et metan y Vaasco Peres et meu padre et minna madre, et que o façan diser por los fruytos do meu cassal de Marçelle et das herdades que eu aio en Giae, asy de patrimonio commo de compras et de guaanças, et por estas herdades de que eu leyxo a Lopo Affonso o husso fruyto, commo dito he, que se iunten todas a sua morte para conprir esto. Et esto mando que cunplan Lopo Domingues, et faça cumprir a os que ficaren en ello, et non no comprindo que o thesoreyro, que for de Lugo, que os possa vissitar et constrenger, segundo Deus et sua alma, que o cunplan, et rogolle que o queyra faser por sua alma et que aia parte da oraçon que se aly faser. Et se y tanto non ouver por que digan o dito anal que o façan diser segundo a quantia que y ouver de cada anno mays ou minos. Et este anal que o digan na villa ou fora commo acaesçer tanto que seia presentado a home de boa fama. Item mando a Lopo Affonso, meu criado, toda a herdade que eu aio arredor da villa de Lugo, que a tenna en sua vida et aia o husso fruyto dela, et a sua morte que fique para se dar por ella algunas cousas que eu mando dar a pobres, ou dar por missas ou anaes asy commo se adeante recontara, et se lle esta manda non posso mandar et el non poder aver de dereyto mando que se torne en Lopo Domingues, meu sobriño et meu herel, que a aia. Item mando a Diego, fillo de Marina Affonso, si lla posso mandar ou a el pode aver de dereyto, a herdade que eu comprey de Fernando Peres de Paes et de Domingo Peres das Cortinnas con seu gaanado, por tal condiçon que viva por ella et se morrer sen semede, que seia legitima, que esta herdade que se torne con estas outras do anal que o façan diser cada anno, et mays quanto y ouver, tomando o que procurar et vir et visitar, cada anno, des moravedis para calças por seu traballo. Et se o dito Diego non podese aver esta manda de dereyto mando que se torne eno dito Lopo Domingues que a aia commo se susso conten. Item mando que o cabidoo et clerigos da iglesia de Lugo me façan huna proçisson cada anno por dia de San Martino, et logo en outro dia de San Martino ou en outro dia seguinte, se aquel for de neçesidade, hun aniversario con missa cantada, et mandolles

por ende quinse moravedis, et mando que os aian cada anno por las cassas anbas de rua Nova, en que mora Lopo Peres et Fernando Ferrnades, meu cunado, et por la cortinna do Merleu. Et este dia aquel que tever as cousas sobreditas dia ben de comer a tres pobres. Et non facendo esto cada anno avendo embargo algun enna iglesia, porque se non possa ou non queyra faser, mando cada que o assy non conpriren, por lo anno et dia sobreditos, que den os ditos quinse moravedis a pobres vergonçossos en pan et en vinno et en carne aquel dia a aqueles que viren que o an mester et que os abastara, et que Maria Eanes, muller de Affonso Merchan, seia amentada no aniversario commo eo quando fenesçere. Et esto que o cumpla Lopo Domingues et tenna as cousas sobreditas en sua vida, et a sua morte que as leyxe a hun propinco do linagen, que el vir que he para ello, et que seia quantiosso, et se o non for que de fiadores que o cumplan assy commo dito he. Et esto mando en carrega et consciencia do sobredito thessoreyro, que for, que o veia por sy ou por homme digno segundo sua alma, que seia por carregar sua consciencia.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, trasladey as ditas clausulas do dito testamento en este libro do cabidoo por mandado et autoridade de don Pero lacomé, iuyz de Lugo, et puge y meu signal.

Que foron tiradas do dito testamento XII dias de setembre, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et tres annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Aras, mestrescola, et outros muytos que viron o dito testamento.

## 479

1345, novembro, 14. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Lope Pérez e a un fillo lexítimo propiedades no Bierzo por renda anual de 500 marabedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 48v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos lo dayam et cabidoo da iglesia de Lugo seendo iuntados por canpanya taniuda, segundo que o avemos de huso et de custume de nos iuntar a cabidoo en esta iglesia, arrendamos et avervamos a vos Lopo Peres de Castello, morador en Vilafranca, por en todos vosos dias et de hun voso fillo legitimo et baron, qual vos nomeardes a tempo de voso finamento ou en voso testamento para esto, todos quantos herdamentos nos avemos et devemos aver et de nos tinna arrendados Alvar Peres, que foy de Vilafranca, des la Fava endeante et en Vilafranca, na Portela, en Valteyll de Susso et de Iusso, en Peeyros, en Loquia, en

Naraya et en Moyna Seca et en Vilalivre et en outros lugares quaes quer en todo Beres, asy d'aquel cabo o Sil commo aquende del, vinnas, cassas, cassares, formaes, paaços et ortos et outros herdamentos et foros quaes quer, et avedes a faser lavrar et parar ven os ditos herdamentos et vinnas et manteer las cassas feitas en boo estado. Et vos, lo dito Lopo Peres, avedes-nos a dar de renda, cada anno en salvo por en todos vosos dias, quinentos moravedis, de oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso. Et aquel voso fillo que vos nomeardes no dito vervo et renda a-nos a dar, cada anno despoys de voso finamento, seysçentos moravedis da dita moneda. Et estes moravedis sobreditos vos et o dito voso fillo avedes a pagar cada anno por Natal, segundo dito he en salvo en Lugo, et se por la ventura ouvermos mester os ditos moravedis enviarnos por elles a Vilafranca, que os dedes a noso mandado çerto, que vos mostre nosa carta seellada con seello de nos lo cabidoo et sinada con signal de notario publico. Et esta renda vos fazemos con aquelas condiçoens que a de nos tevo arrendada Nuno Martines salvo que os avedes a fazer la paga commo sobredito he. Et do dia do finamento de vos, lo dito Lopo Peres, a quatro messes seguintes aquel fillo que vos nomeardes deve a viir a nos, lo dayam et cabiido sobreditos, a reçoer de nos este vervo et renda, et pidirnos que llo outorguemos, et que nos de fiadores quantiossos da igreja ou da villa de Lugo, que pague a dita renda cada anno et cumpla o que sobredito he. Et se non fezer que o dito vervo et foro non lle fique dende adeante outorgado. Et a finamento de vos, lo dito Lopo Peres et de voso fillo que para esto nomeardes, os ditos herdamentos et cassas et vinnas et cousas sobreditas deven ficar livres et quitos a a igreja de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feitos, novo alçado et renda pagada.

Et eu, o dito Lopo Peres por min et por lo meu fillo sobredito que para esto nomear commo dito he, assy reçoer a dita renda et vervo de vos, lo dayam et cabidoo sobreditos, et obligo todos meus beens para o comprir assy et vos pagar cada anno os ditos quinentos moravedis por en todos meus dias segundo dito he, et demays para o assy comprir dou-vos por fiadores don Alvar Dias, arçidiago de Neyra, don Vaasco Dias, thesoreyro de Lugo. Et nos sobredito arçidiago et thesoreyro que estamos presentes et outorgantes por fiadores segundo dito he. Et eu, o dito Lopo Peres, outorgo que se por la ventura eu a dita renda non pagar a o dito cabidoo en guissa que deslo dia de Natal, a que se a paga ha de faser, ata hun anno comprido non fosse pagada, que logo a cabo desse primeyro anno que esto acaescer vos, los ditos arçidiago et thesoreyro sobreditos, ou qual quer de vos, posades tomar et reseber a dita renda et vervo en vos, et arrendarla a outren que vos quisserdes, et reçoer os fruytos dela por que vos quiteades da dita fiadoria, et que eu non seia poderosso de vos-la enbargar por min nen por outrem. Et se por la ventura enos ditos herdamentos et vinas et cassas sobreditas non achardes, de cada anno, cumplimento da dita quantia para vos quitardes da dita fiadoria, eu obligo meus beens para o pagar en guissa que vos livre ende a salvo et sen dampno. Et nos, lo dayam et cabidoo sobreditos, assi o outorgamos. Et eu, o dito Lopo Peres, prometo a a boa fe et por juramento que ende faço sobre santos avangeos, que todas las herdades, cassas et vinnas et ortos et coussas que perteesçen a este afforamento que

me vos, dayam et cabidoo, fasedes que eu que os mostre a hun voso mandadeyro que vos alo enviardes et os faça scripvir et por notario publico et enviavros por scripto quantos et quaes et en quaes lugares son et entre quaes iazen o mellor et mays fielmente que eu poder.

Et por que esto seia certo et non venna en dulta nos, lo dayam et cabidoo et Lopo Peres sobreditos rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fezesse desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra et as signasse de seu signo, et por mayor firmidue nos, lo cabidoo sobredito, mandamos seellar esta carta de nosso seello pendiente.

Feyto fuy esto en Lugo quatorse dias de novenbre, era de mill et treçentos et oyteenta et tres annos.

Testemoyas que foron presentes et son testemoyas: don Diego Fernandes, dayam; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Arias Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, juyz; don Vaasco Diaz, thesoreyro; Affonso Gomes, Vaasco Rodrigues, Fernando Affonso, Johan Dias et Johan Gutierres, coengos; Johan Fernandes et Lopo Domingues, raçoeyros; Pedro Fernandes, clerigo do coro de Lugo.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto presente fuy et vy a o sobredito Lopo Peres faser o dito juramento sobre santos avangeos, segundo he, et a rogo das partes sobreditas esta carta scripvi en este livro do cabidoo et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 480

1346, xaneiro, 2. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Rodrigo Arias e á súa muller e a unha voz os casais de Bande e Susao, en Santa Maria de Alta, pola metade do labrado e criado cada ano, especificando as condicións, mais 10 marabedis e dous capóns de foro.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 49v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento de don Pedro Jacome, juys de Lugo, vigario de don Diego Fernandes, dayam de Lugo, et de Vaasco Rodrigues, coengo de Lugo, teente amystraçon do mes de decembre en terra de Santa Alla Alta, damos afforo et avervo a vos Rodrigo Aras, morador en Bande, et a vossa moller, Maria Fernandes, et a huna pessoa qual nomear o postrimeyro de vos, por en toda vossa vida et da dita pessoa, os cassares de Bande et de Sussao que son da dita amystraçon, a a tal condiçon que lavredes et paredes ben as erdades dos cassares sobreditos, et mantenades las cassas en boo estado et façades o çeleyro que esta formado sobre la cassa que vos

feçestes, et cubrades a cassa que esta sub a dita cassa de queyçes et de terra, et ave-des a dar a meatade de quanto lavrardes et criardes, cada anno, por omme do amystrador, dando-vos semente et promeando-vos do gaado, salvo d'orto et de nabal et de lyno et froyta de que non avedes a dar a meatade. Et non vos promeando de todo o gaado que dedes a meatade de quanto vos for promeado; et avedes a dar por todo foro dez moravedis desta moneda et dous capoes, cada anno, por dia de Sant Miguel, et avedes a tomar cada ano quatro oytavas de pan de consuum para mallar et para segar. Et a finamento de vos, o dito Rodrigo Aras et da dita vossa moller, que a pessoa que for nomeada de vos para o dito vervo et foro, que venna reçeber de nos o dito foro et vervo.

Et eu, o dito Rodrigo Aras por min et po-la dita mina moller et po-la dita pessoa, assi outorgo et reço o dito vervo et foro, et obrigo todos meus beens de o comprir et abreger.

Et por que esto seia çerto et non venna en dulta nos las ditas partes rogamos a Johan Martines, notario publico del rey en Lugo, que feçesse ende esta carta et a desse a o dito cabidoo et desse outra tal carta a o dito Rodrigo Aras, et por mayor firmedume mandamos-la seelar con nosso seelo de nos los dito cabidoo.

Que fuy feyta en Lugo dous dias de janeyro, era de mill et CCC<sup>os</sup> et oyta-enta et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Vaasco Diaz, thesoreyro; don Aras Pelaes, arçidiago de Deçon; Iohan Dias et Affonso Gomes, coengos; Rodrigo Affonso, raçoeyro; Martin Peres, clerigo, ts.

Et eu Johan Martines, notario sobredito, a esto que dito he con las ditas testemoyas pressente fuy et a pedimento das ditas partes esta carta escrivi et puge y meu nome et meu signal en testimonio de verdade.

## 481

1346, xaneiro, 22. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Pedro Cabeza, á súa muller e a un fillo o casal de Carude, próximo a Monforte, por 32 marabedís anuais de renda.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 48r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos lo cabidoo da iglesia de Lugo con outorgamento de don Pedro Jacome, juyz, et vigario de don Diego Ferrnandes, dayam de Lugo, avervamos a vos Pedro Cabeça et Tareyia Cabeça, vossa muller, criados de dom Fernando, por en todos vossos dias d'ambos et de hun vosso fillo ou filla qual o pustrimeyro de vos nomear para esto en vida ou a tempo de seu

finamnto, o nosso cassal de Carude que he cabo Monfforte, que de nos ten Ruy Peres, nosso porteyro, con todas las vinnas et herdades et dereyturas et pertenenças del, a a tal pleito et vervo que vos et a pessoa que y for nomeada, commo dito he, lavredes et paredes ben os herdamentos et vinnas do dito cassal, et façades as cassas del que y iasen derribadas et as mantenades feitas en boo estado, et dedes del, cada anno, de renda en salvo sen desconto nihun, a aquel que o dito cassal por nos tener, triinta et dous moravedis, d'oyto soldos o moravedis, desta moneda del rey don Affonso, et façades a paga delle de cada anno en salvo en Monfforte por dia de San Martino, sub pena das custas que feseser o que os ouver a recadar con mingoa da paga des-lo dito praso endeante; et a pessoa que eno dito vervo for nomeada a de viir a nos, lo dito cabidoo, receber o dito vervo de nos et obligarssse a conprir, do dia do finamento da pustrimeyra de vos anbos a hun mes primeyro seguinte, et non no fasendo assy que o dito vervo que lle non fique outorgado; et vos et a pessoa que y for nomeada commo dito he deveades a seer serventes et obedientes a a iglesia de Lugo. Et a finamento da pustrimeyra pessoa que no dito vervo for nomeada o dito cassal deve ficar livre et quito a a iglesia de Lugo con as cassas del feitas et con todos los outros boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, a dita Tareyia Cabeça que estou presente por min et por lo dito meu marido et pessoa sobredita, assy reço de vos, lo cabidoo sobredito, o dito cassal et vervo del, et obliigo todos meus beens et seus para conprirmos todo o que sobredito. Et que esto seia certo nos las parte sobreditas rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fezesse ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo viinte et dous dias de janeyro, era de mill et treçentos et oyteenta et quatro annos.

Testemoyas que foron pressentes: don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuyz; don Vaasco Dias, thesoreyro; Vaasco Rodrigues, Iohan Dias, Iohan Gutierrez, coengos; Johan Fernandes, Rodrigo Affonso, Lopo Domingues, rasoeyros de Lugo; Fernando Eanes, Fernando Peres, Pedro Fernandes, Diego Gomes, clerigos do coro de Lugo; [...] Peres, notario; Ruy Peres, porteyro do cabidoo ts.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto presente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta scripvi en este livro do cabidoo et puge en ela meu sinal en testemoyo de verdade.

## 482

1346, febreiro, 2. Lugo

*O cóengo don Xoán Gutiérrez solicita do Cabido unha nova carta de foro do casal de Beanna, en Eirexalba, alegando a perda do documento primitivo.*

MADRID, *AHN*, Cód. 416 B, fol. 50r.

Era de mill et treçentos et oyteenta et quatro annos, dous dias de fevreyro.

Estando eno coro da iglesia cathedral de Lugo os omes boos do cabidoo dessa iglesia et Iohan Gutierrez, coengo dese lugar, et vigario de Iohan Gomes, coengo de Lugo et teente a amiistraçon do mes de março na Somoça de Lemos, no Inço et no Mao, Martin Peres, morador en Iglesia Alva disso, a o cabidoo et Iohan Gutierrez sobreditos, que el tynna deles avervado o cassal, que chaman de Beanna, que he ena fiigligia de Iglesia Alva, et que perdera a carta por que o avervara, et pidiolles que tevessen por ben delle dar outra tal carta que iazia eno seu livro. Et os omes boos do dito cabidoo mandaron catar ante sy o seu livro en que estan os foros et vevros que façen, enno qual livro iazia scripta huna carta da qual o tenor he tal:

A continuación insire o documento expedido en Lugo: 1337-1-12, (CD 350).

Feito foy esto en Lugo dous dias de fevreyro, era de mill et CCC LXXX IIIIº annos.

Os que foron presentes et son testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pelaes, arçidiago de Deçon; Vaasco Rodrigues, Fernando Affonso, Johan Dias, coengos; Lopo Domingues, rasoeyro; Fernando Peres, Arias [...], clerigos do coro.

Et eu Fernando Garçia, notario publico sobredito, a esto pressente fuy et esta carta scripvi en este livro do dito cabidoo por rogo das partes, et puge y meu sinal.

### 483

1346, febreiro, 16. Lugo

*Título de Santa María de Carlin.*

MADRID, *AHN*, Cód. 416 B, fol. 49v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando García: 1346-IX-20.

Noverint universi qui vacante medietate ecclesie Sancte Marie de Carlim ex eo videlicet qui Iohanes Iohannis qui eande [...] non posset possedebat medietatem ecclesie Santi Pelaii de Seyxo cum cura fuit addeptus cum predictam medietatis secundum constitutionem lucensis ecclesie [...] vacabat preterea predictus Iohannis maiorem Alffonsi duxit in uxorem de qua Gundisalvum Iohannis et Urracam Iohannis filios procreavit, et eos de sua propria domo tam que filios suos uxoravi et omicidia et plura cri-



mina similiter commissit. Qua propter ego Alvarus Didaci, archidiaconus de Neyra, contra administrator mensis iulii in terras de Naral, et de Parrega, et de Gaudioso, virtute constitutionis domini Sabinensis cardinalis ac constitutionis lucensis ecclesie et ob negligenciam ipsium patronorum qui in tempore a iure sibi statuto ad ipsam coram me clericum noluerunt presentare predictam medietatem ecclesie Sancte Marie de Carlindo et offero Lupo Pelaii, presbitero rectori predictae ecclesie, alteri medietati qua ipse obtinet cum cura vinendo iure patronorum in posterum semper salvo videlicet lucensis ecclesie in VII<sup>a</sup> parte dicte medietatis ipsius ecclesie qua dicta ecclesia a domna Aldoncia Fernandi ipsius loci obtinuisse dignoscitur patronisque aliis in illis partibus qui sibi de iure vel consuetudine in ipsius presentacione competere dignoscuntur in cuius rei testimonium presentem cartam sibi dedi sigilli mei appensione [...].

Datus Luci XVI<sup>a</sup> die mensis februarii, era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LXXXIII<sup>a</sup>.

Eu Fernan Garçia, notario publico del rey en Lugo, vi o tidoo sobredito scripto en pulgameo et seellado con seu seello pendiente feyto no tenor sobredito, non rasso, non cancelado, nen en ninhuna parte sospeyto, segundo por el pareçia, et a pidimento do dito cabidoo de Lugo, et por mandado et autoridade de don Pedro Iacome, iuyz de Lugo, trasladeyo vervo por vervo en este livro, et en este traslado puge meu sinal.

Feyto XX dias de setembre, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Vaasco Diaz, thesoreyro; Fernando Affonso, Vaasco Rodrigues, coengos; Lopo Domingues, raçoeyro de Lugo; Iohan Fernandes, raçoeyro; Iohan Fernandes, Fernando Peres, clerigos; Lourenço Yanes de Lamas.

#### 484

1346, abril, 25. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Xoán López e á súa muller e a unha voz unha casa en Palas de Rei por 10 marabedís anuais e a obriga de reparala.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 76r.

In Dei nomine amen. Era de mill et CCC LXXXIII<sup>a</sup> annos, viinte et çinquo dias d'abril.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos o dayam et cabiidoo da iglesia de Lugo damos et avervamos a vos Iohan Lopes de Pallas de Rey, et a vossa muller, Tareyia Solssa, et a huna pessoa qual vos en vida o en vosso passamento o pustremeyro de vos nomear para esto, a nossa cassa que esta en burgo de Pallas de Rey no Caminno Françes, que he desta nossa iglesia, enna qual cassa mora agora Iohan

Miguelles, alfayate; a qual cassa esta en dereyto da cassa que he do moesteyro de Villar de Donas, con todas suas pertenenças et dereyturas, entradas et seydas, a a tal pleito et vervo conven a saber que vos, os ditos Iohan Peres et vossa muller Tareyia Solssa, refaçades en esta cassa de paredes et de madeyra do que estiver por façer, et de sobrados que lle perteneçen semelantes das outras cassas que estan en esse burgo, semelantes que estan cabo della. Et esta dita cassa avedes assi de refaçer con seus sobrados deste sam Iohan primeyro que ven ata tres annos compridos que se segue da era desta carta; et avedes a dar, cada anno, vos et a dita pessoa que asi para este vervo for nomeada, des moravedis, d'oyto soldos cada moravedi, desta moneda del rey dom Affonso, por dia de sam Iohan Bautista, en Lugo en salvo, a aquel que ovuer por nos de recadar os aniversarios da iglesia de Lugo. Et a morte de vos et da dita pessoa avedes a leyxar esta cassa livre et quita de vos, de vossa vos, et feyta et con todos os outros boos paramentos que en ella foren feytos a a dita iglesia de Lugo.

Et eu, o dito Iohan Lopes por min et por la dita minna muller Tareyia Solssa et por la dita pessoa que para este vervo for nomeada, asi recebo este vervo desta cassa de vos, o dayam et cabiidoo sobreditos, et oblige por min et por todos meus bees de faser et comprir et pagar este vervo commo sobredito he. Et para o comprir et pagar estos ditos dineiros et comprir o vervo da dita cassa dou-vos por fiador et devedor a dom Diego Ferrnades, dayan de Lugo, este dayan presente et outorgante a a fiadoria et deveda sobredita. O qual fiador Iohan Ferrnades, raçoeyro et procurador, recebeu en nome do dito cabidoo, cuiu procurador he, o dito fiador (sic).

Et por que esto seia çerto nos estas partes sobreditas rogamos a Fernan Peres, notario publico del rey na çibdade de Lugo, que feçese ende escripvir duas cartas en hun thennor.

Testemoyas que foron pressentes: dom Diego Ferrnades, dayam; dom Alvar Dias, archidiago de Neyra; don Aras Pellaes, archidiago de Deçon; don Pedro Iacome, iuys; don Vasco Dias, thesoreyro; Iohan Dias, Ioha Gutierres, coengos de Lugo; Iohan Ferrnades, raçoeyro; Gonçalvo Eanes, Afonso Domingues, coengos d'aniversario.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico del rey na çibdad de Lugo, que a esto que sobredito he presente foy et por rogo das partes fis escribir et puge y meu nome et meu signal. (+).

## 485

1346, abril, 30. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Álvaro Gómez de Bóveda e á súa muller e a unha voz o casal e o muíño de Pinoucos, polo que deben pagar anualmente como renda 60 marabedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 50v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Diego Ferrandez, dayam de Lugo, et o cabidoo desse lugar, con outorgamento dos coengos do aniversario da dita iglesia de Lugo, afforamos et avervamos a vos, Alvar Gomes de Bobeda et a vossa muller, Maria Peres, por en toda vossa vida d'ambos et de cada hun de vos, et a huna pessoa qual o pustrimeyro de vos nomear en sua vida ou a tempo de seu finamento, o cassal de Pynoucos con seu moyno, con todas suas dereyturas et pertenças, segundo que o de nos tinna don Vaasco Dias, iuys, con tal condiçõ que façades lavrar et parar ben as herdades do dito casal et mantenades as cassas et o moyno en boo estado; o qual afforameto vos façemos con outorgamento do dito iuys que o de nos tinna et que o renunciou. Et avedes a dar de renda do dito casal et moyno, cada anno, a o que recadar os ditos aniversarios, en salvo en Lugo, vos et a dita pessoa, sesseenta moravedis, a VIII<sup>o</sup> soldos o moravedi, desta mone-da del rey don Affonso, a meatade destes ditos moravedis por dia de San Martino, et a outra meatade por dia de Natal. Et a pessoa que y for nomeada que vena receber o vervo del por nos, o cabidoo, do dia que se o pustrimeyro de vos finar ata un mes et vena dar fiador que pague cada anno os ditos moravedis et compra esto que sobredito he, et non no fazendo asy que perga o dito vervo.

Et nos, Alvar Gomes et Maria Peres, por nos et en nome da dita pessoa, asy recebemos o vervo et foro do dito casal et moyno de vos, o dito dayam et cabidoo, enna maneyra que sobredito he, et obrigamos a nos et a todos nosos beens mobeles et rays, gaanados et por gaanar, para pagarmos cada anno a os ditos prasos os ditos LX<sup>a</sup> moravedis segundo dito he. Et para o comprirmos todo asy, segundo sobredito he, damos-vos por fiadores Aras Peres de Castro, clerigo da dita igreja, et a Iacome Peres, çapateyro de Burgo Novo, fillo de Pedro, çapateyro que fuy. Et nos Aras Peres, clerigo, et Iacome Peres, çapateyro, fiadores sobreditos, asi nos outorgamos por fiadores segundo dito he, et obligamos todos nosos beens a a dita fiadoria. Et nos, Alvar Gomes et Maria Peres, obrigamos por todos nosos beens para quitar a vos, os ditos fiadores, da dita fiadoria a pas et a salvo. Et a finamento de nos ambos et da dita pessoa ha o dito casal et moyno a ficar a os ditos aniversarios con as casas feitas et ben reparadas et o moyno ben reparado et con todos los outros boos paramentos que y foren feitos.

Et nos, dayam et cabidoo, asy vos outorgamos o dito vervo segundo dito he. Et que esto seya çerto nos las ditas partes rogamos a Jacome Guillelmes, notario publico de Lugo, que fesesse desto duas cartas en hun tenor huna para vos, Alvar Gomes et Maria Peres, seellada con noso seello colgado, et a outra que a deytase no livro do cabidoo.

Feyto fuy esto en Lugo pustrimeyro dia d'abril, era de mill et CCC LXX-XIV annos.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; [Afonso Eanes], arçidiago de Deça; Garçia [...], arçidiago de Sarrea; Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; Vaasco Dias, juys; Lopo Domingues, thesoreyro; Johan Dias, Johan Ferrnandes, Tomas Gomes, [...] Gomes, raçoeyros; Affoso Eanes, Affonso Yanes, Fernando Eanes, Johan Peres, Johan Ferrnandes, Gonçalvo Rodrigues, coengos do aniversario, et outros.

Et eu Jacome Guillelmes, notario publico de Lugo, a esto presente fuy et esta carta scrivi et puge [...].

## 486

1346, agosto, 10. Lugo

*O Cabido de Lugo dóalles a Lope Rodríguez e á súa muller as súas propiedades en Papoi, freguesia de San Salvador de Calde, e reciben a cambio tres oitavas de centeo anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 43v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos o dayam et cabidoo da iglesia de Lugo, seendo juntados en cabidoo enna dita iglesia, segundo que o avemos de huso et de custume, en nome da dita nossa iglesia damos et outorgamos a vos, Lopo Rodrigues de Papoe et a vosa muller, Serra Arias, para vos et para toda vossa vos para senpre, todo quanto herdamento et vos Iohan [Fernandes], fillo de Fernando Rodrigues et de Tereyia Pellaes, que foron de Papoe, avian a dia de sua morte en Papoe, sub signo de San Salvador de Calde, con todas suas perteenças et dereyturas, casas, arvores et formaes, a montes et a fontes, peru quer que vaan; o qual herdamento Pedro [...] [vesino] de Lugo, herel do dito Iohan Ferrnandes, deu a dita iglesia de Lugo por la sua alma del.

Et nos, os ditos Lopo Rodrigues et Serra Arias sobreditos, por nos et por toda nossa vos por este herdamento sobredito, que vos nos dades, damos et outorgamos a a iglesia de Lugo para senpre por iur de herdade, tres oytavas de çenteo, cada anno, por lo nosso casal de Santa Eufemea et por lo dito herdamento que vos nos dades que vos para ello obligamos. Et se por la ventura nos, ou nossa vos, vendermos ou supinnorarmos ou eallearmos en alguna maneyra o dito casal et herdamento, que vaan senpre en esta carrega sobredita. Et para todo esto assy conprir obligamos nosos beens. Et que esto seia çerto nos as partes sobreditas rogamos a Fernado Garçia, notario publico de Lugo, que fesese ende duas cartas tal huna commo outra, huna no livro do cabidoo, et outra a os sobreditos Lopo Rodrigues et Serra Arias.

Que foron feytas en Lugo des dias d'agosto, era de mill et CCC LXXX et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego [Fernandes, dayam]; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Arias Pelaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Jacome, juys; don Vasco Dias, thesoreyro; Vasco Rodrigues, Fernando Affonso, Johan Dias, coengos; Johan Fernandes et Lopo Domingues, raçoeyros de Lugo.

Et eu Ferando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto presente fuy et a rogo das ditas partes esta carta en minna presença fis escrivir en este livro do cabidoo et puge y meu nome et meu signal.

### 487

1346, setembro, 9 sábado. Lugo

*O Cabido de Lugo reconece ter unha débeda co cóengo Rui Sánchez, que deberá saldar antes do dia de San Lucas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 50r.

Era de mill et treçentos et oyteenta et quatro annos, sabado nove dias de setembro.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Pedro Jacome, iuys, et vigarrio de don Diego Fernandes, dayam de Lugo, et o cabidoo desse lugar conosçemos et outorgamos que devemos a vos Ruy Sanches de Moscosso, nosso coengo, [...] maravedis desta moneda del rey dom Alfonso, a oyto soldos o moravedi, os quaes vos demos de vossa raçon que avedes d'aver deste que passou que se fiiçeu por dia de kalendas setenbras, que ora foron da era desta carta, que vos tinamos arrendada que avedes d'aver por rason do privilegio do estudio de Lisboa en que estudiastes et que vos a avedes aaver do dia que vos perteesçe a seer contado por la gracia do dito privileio. Et estes ditos [...] vos avemos de pagar en paz et en salvo na villa de Lugo sen condiçon, contradiçon et exçeççon nenhuna ata dia de San Luca primeyro que ven da era desta carta, sub pena de tres moravedis da dita moneda cada dia por quantos dias passarem dello dito prazo endeante por nome de pea et de interee, et a qual pea et interee et pustura non vos pagando assi esta deveda commo dito he nos obligamos a dar commo principal por nos et por todos nossos beens, et prometemos a a boa fe que contra esto al non digamos por nos nen por outro, et se o quisermos diser ou acontar mandamos et outorgamos que nos non valla nen seiamos oydos sobrelo en juyso nen fora del.

Testemoyas: don Fernado de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; o juys; don Vaasco Dias, thesoreyro; Andres Peres, Vasco Rodrigues, Fernando Affonso, Johan Dias, Johan Gutierres, coengos de Lugo; Johan Ferrnandes et Lopo Domingues, raçoeyros ts.

Eu Fernando Peres, notario publico del rey enna çiudade de Lugo, a esto [que sobredito he presente fuy et a rogo das partes] sobreditas esta carta fiz scriver.

## 488

1346, setembro, 25. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle a Arias Rodríguez e a dúas voces o casal de Lagoas en San Miguel de Bande, polo que deben pagar anualmente, como renda, a metade do labrado e criado; polo horto e froita cincuenta soldos e outras obrigas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 50v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos lo cabidoo da iglesia de Lugo con outorgamento de don Pedro Jacome, juys do dito lugar, et vigario de dom Diego Ferrnandes, dayam de Lugo, et outrossi con outorgamento de Vaasco Rodrigues, coengo desse lugar, et amiistrador do mes de dezembro en terra de sata Alla Alta et enno couto de Picato, afforamos a vos, Aras Rodrigues de Bande, et a outras duas pesoas a unna qual vos nomeardes a vosso passamento et a outra pessoa qual nomear aquella pessoa que vos nomeardes en sua vida ou a seu passamento, o cassal de Lageas, que he da iglesia de Lugo da amystraçon do mes de dezembro, que iaz sub signo de Sant Miguel de Bande, con suas pertenenças et dereyturas, a monte et a fonte, per ut quer que vaa a a tal condiçon que vos et as ditas pesoas que lavredes et paredes bem as herdades do dito cassal, et mantenades las cassas que y estam feitas en boo estado, et dedes, cada anno, a o amystrador do mes de dezembro, a meatade do que lavrardes, dando-vos a meatade da semente, et a meatade do que criardes, promeando-vos de gaado, et por orto et por nabal et por fruyta avedes a dar, cada anno, çinquenta soldos por dia de Natal. Et avedes a faser unna cassa en hun formal que y esta derribado, et fazer outra cassa de novo de paredes et de madeyra terradas et cubertas de palla; et avedes a chantar arvores enno dito lugar; et seerdes vos et as ditas pesoas vassallos serventes et obedientes da iglesia de Lugo; et quando finar cada unna das ditas pesoas que a pessoa a que ficar o dito foro que o venna receber do dito cabidoo.

Et eu, o dito Aras Rodrigues, assi reçoibo o dito foro de vos, los ditos cabidoo et juyz et amystrador sobreditos, por min et por las ditas pesoas, et prometo et outorgo de o comprir et abreger, segundo dito he, por obrigaçon de todos meus beens.

Et nos, los ditos cabidoo et juys et amystrador sobreditos, assy vos outorgamos o dito foro segundo dito he. Et por que esto seia certo mandamos-vos ende dar esta carta seelada con seelo de nos, lo dito cabidoo, et por mayor firmedume rogamos a Johan Martines, notario publico del rey enna çidade de Lugo, que feçesse ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo XXV<sup>o</sup> dias de setembro, era de mill et CCC<sup>os</sup> et oytaenta et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: dom Fernando de Deus, chantres; dom Alvar Dias, arçidiago de Neyra; dom Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; dom Pedro Jacome, juys; Vaasco Rodrigues et Johan Gutierres et Johan Dias, coengos de Lugo, et outros moytos ts.

Et eu Johan Martines, notario sobredito, a esto que dito he con las ditas testemoyas presente fuy et esta carta escrivi et puge y meu signal en testimonio de verdade que tal he.

## 489

1346, setembro, 28. Lugo

*Cláusula testamentaria de Dominga Pérez, que lega á igrexa lucense o quíñon dun muíño para a celebración do seu aniversario.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 51r, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando Pérez: 1346-IX-28; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 51.

Eu Fernando Peres, notario publico por el rey ena çidade de Lugo, con as testemoyas subescriptas, vi et lii hun testamento de Dominga Peres, dita cozi-neyra, signado con signal d'Areas Peres, notario de Lugo, enno qual se continna entrellas cousas que en el iazian escriptas huna clausulla feita en esta maneyra: «Item mando o meu quinon do moyno, que foy de Pedro Ferrnandes, a os aniversarios da igrexa de Lugo, et que me façan cada anno aniversario».

Et eu Fernando Peres, notario sobredito, a pitizon do cabidoo desa igrexa et de mandado de Lourenço Peres et d'Afonso Ferrnandes, dito do Campo, exsecutores et herees da sobredita Dominga Peres, tirey esta clausula do dito testamento de vervo a vervo et escrivi no thenor sobredito.

Feyto foy esto XXVIII<sup>o</sup> dias de setembro, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> IIII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas: Johan Ferrnandes, raçoeyro de Lugo; Gonçalvo Peres, sacristan; Estevo Martines, clerigo de San Pero de Portomarin ts.

Et eu Fernando Peres, notario sobredito, a esto que sobredito he presente foy et escrivi et puge y meu nome et meu signal.

## 490

1346, outubro, 2. Lugo

*Don Pedro Xácome, vigairo, e o Cabido afórannles a Rui Pérez e á súa muller e a unha voz dous casais en San Xoán de Pena polos que deben pagar anualmente como renda seis terzas de pan, unha porca e dous capóns.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 51v.

Eno nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta virem commo nos Pedro Iacome, iuys, et vigario de dom Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo desse mysymo lugar de Lugo, seendo iuntados en cabidoo commo avemos acostumado et por consitemento et outorgamento de Afonso Ferrnandes, dito de Bayona, et de Moor Gomes, sua muller, et con outorgamento de Vaasco Rodrigues, coengo de Lugo, teente a amystraçon do mes de ianeyro, que esta pressente, avervamos et afforamos a vos, Ruy Peres dito Leyton et a vossa muller, Viviana Peres, por en todos vossos dias d'ambos et dous et dua pessoa qual o pustrimeyro de vos nomear en sua vida ou a tempo de seu finamento, dous cassares d'erdade que son en San Yoan de Pena, que son da dita amystraçon, con todas suas pertenenças, dereyturas, cassas, arvores, formaes, a montes et a fontes, peru quer que vaan, sub signo de San Yoane de Pena, en esta maneyra: conven a saber que avedes a lavrar et parar ben, por vos ou por outren, as herdades dos ditos cassares et tirallas de monte hun a ouveren o mellor que vos poderdes, et manteer as cassas delles en boo estado; et avedes a dar, cada anno, por foro et renda destes casares a o que tener a dita amystraçon do mes de ianeyro, seys terças de pam, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, do mellor pam que ouver nos ditos casares posta a semente; et pagar este pam, cada anno, commo he usso et costume desse pagar o pam desta amystraçon, cada anno, en Lugo. Outrosi avedes a dar, cada anno, huna marraa por San Miguel de vendimias, et dous capoes por Natal, a o dito amystrador; et aquel ou aquelles que mroaren nos ditos cassares han de seer deffessos et quitos et amparados commo o foren os outros serviçaes da iglesia de Lugo, et seer vasalos serventes, obidientes da iglesia de Lugo ou d'aquel que tener a dita amystraçon. Et vos, Ruy Peres dito Leyton et Viviana Peres, et aquela pessoa que o pustrimeyro de vos nomear, avedes a teer et manteer as herdades dos ditos cassares et as cassas delles en boo estado, et a o tempo de vosso finamento et d'aquella pessoa que o pustrimeyro de vos nomear, en que fiquen os ditos cassares, deve a leyxar en cada hun



destes cassares para provança hun boy et huna vaca et VI rexellos et huna porca; et prometemos de vos non coller, nen rezeber os ditos cassares, nen veruo delles, enno tempo sobredito; et a cabo da pustrimeyra pessoa de vos estes ditos cassares han de ficar livres et quitos, de vos et de toda vossa voz, a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feitos, et con huna cassa feita et lousada a sua beyra de sua cassa grande que y esta, et con XL<sup>a</sup> arvores pressas; et a pesoa que para este veruo for nomeada que venna demandar outorgaçõ deste veruo a o cabidoo et o cabidoo que lla outorguen.

Et eu, Ruy Peres por min et por la dita minna muller Viviana Peres et pola pessoa que para esto assi for nomeada, assi rezebo de vos vigario do dayam et cabidoo et Vaasco Rodrigues, amystrador, sobreditos, o veruo et foro dos ditos cassares, et oblijo min et todos meus beens, movelles et reys, de pagar cada anno as ditas VI terças de pam et marraas et capoes commo sobredito he. Outrosi prometo et oblijo de leyxar nos ditos cassares o dito provo, et a dita cassa feyta, et os ditos arvores pressas, et de comprir todo esto que dito he por min et por la dita Viviana Peres et por aquella pessoa en que ficaren os ditos cassares a o tempo de nosso finamento. Et por que esto seia çerto et non vena en dulta nos, os sobreditos Vaasco et cabidoo et Vaasco Rodrigues coengo et amystrador et Ruy Peres partes sobreditas, rogamos a Fernando Peres, notario publico de Lugo, que fesesse disto escripvir duas cartas en thenor, et a huna dellas seellada con seello do dito cabidoo.

Feito foy esto en Lugo dous dias de outubro, era de mill et CCC LXXX IIIII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Vaasco Dias, thesoreyro; Andres Peres, Fernando Afonso, Iohan Dias, Iohan Gutierrez, coengos; Iohan Ferrnandes, raçoeyro, procurador do dito cabidoo, et Fernando Garçia, notario de Lugo, ts., et outros moytos.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico del rey ena çibdade de Lugo, que a esto que sobredito he presente foy con as ditas testemoyas, et por rogo das partes sobreditas fis escribir et puge y meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

## 491

1346, outubro, 6. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afórallle a Pedro Eanes e a dúas voces unha cortiña na cidade pola que deben pagar anualmente como renda 10 marabedis. Deben, ademais, pechala de tal xeito que a auga non pase ás casas do deán.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 51r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Fernandes, dayam de Lugo, et o cabidoo desse lugar, con outorgamento de Vaasco Rodrigues, coengo de Lugo, amystrador do mes de janeyro, afforamos a vos Pedro Eanes, çapateyro, morador en Burgo Novo, por en toda vossa vida et d'outras duas pessoas, a huna qual vos nomeardes et a outra qual nomear aquela que vos nomeardes en sua vida ou a seu passamento, a cortina que esta enna çiudade de Lugo entre a cortinna da Regoa et as cassas de min o dito dayam, segundo que estava çarrada enno tempo que a tevo Gomes Affonso que fuy, a qual he da dita amystraçon do mes de janeyro, et vos que a çarredes et lavredes et paredes bem et façades y unna carcava, assi commo ven do muro da dita çiudade arredor da parede do vergeu et das cassas de min o dito dayam, ou do meo da dita cortina, ou quando avondar, que non entre a agoa da dita cortina ennas minas cassas, et dedes, cada anno, a o amystrador do dito mes de janeyro, dez maravedis por dia de Natal.

Et eu, o dito Pedro Eanes por min et po-las ditas pessoas, assi reçoibo o dito foro et obliço min et todos meus beens de o comprir et abreger todo assi commo dito he.

Et nos, los ditos dayam et cabidoo et amystrador sobreditos, assi vos outorgamos o dito foro, et por que seia çerto mandamos ende dar-vos esta carta seellada con nosso seello de nos lo dito cabidoo, et por mayor firmedume rogamos a Johan Martines, notario publico del rey enna dita çiudade de Lugo, que fesese ende esta carta et possese en ella seu signal.

Que fuy feyta en Lugo VI dias de outubro, era de mill et CCC<sup>os</sup> et oyaenta et quatro annos.

Testenoyas: o dito dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; dom Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Vaasco Dias, thesoreyro; Vaasco Peres et Vaasco Rodrigues et Affonso Gomes et Johan Dias, coengos ts.

Et eu Johan Martines, notario sobredito, a esto que dito he con las ditas testemoyas pressente fuy et esta carta escrivi et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

## 492

1346, outubro, 13. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo concédenlle a Catalina Pérez o forno da Cóenga, o muíño do xuíz e unha casa para vivenda, e sinalan como obriga facer o pan e entregalo cada dous días, segundo o peso fixado polo propio Cabido.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 38r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Diego Fernandes, dean, et o cabidoo da iglesia de Lugo da huna parte, et eu Cathalia Peres, filla d'Orraca Peres que fuy, da outra, fasemos entre nos tal pleito conven a saber que nos, dayan et cabidoo sobreditos, damos et outorgamos a vos, a dita Cathalina Peres, o forno da coenga et o moyno chamado do iuys, aquelo que nos y avemos, et avemos-vos a dar huna casa en que moredes, coven a saber a casa en que mora Iacome Eanes, dito Troxel, piliteiro, des que seyr o tempo que a el ten alugada, et entre tanto darvos o alugueiro dela et vos que busquedes en que moredes. Et avemos-vos a dar, cada anno, quareenta moravedis para touçinnos, et darvos cada hun amiistrador enno seu mes medea terça de bon çenteo, et dar-vos triigo escolleyto a a mao, que non seia podre nen nadiço nen furado, para o pan da coenga. Et vos, Chatalina (sic) Peres, avedes a faser bon pan et darlo cada dous dias fresco et bon cozudo, commo he custume de o dar, et faser viinte paes de cada teega de triigo, que aia viinte et quatro onças cruu et viinte et duas onças cozudo cada pan, et esto sen escusança dereita et subida. Et se o assy non faserdes, conven a saber, dando pan non tan boo, a mandado do dayan ou de seu vigario con outro ome boo do cabidoo, ou que non seia do peso sobredito, ou fresco commo sobredito he, que vos tornen o pan, et que dedes logo en outro dia pan de coenga cozido commo lles non mingue pan para o jantar. Et vos, a dita Cathalina Peres, deveades d'adubar o moyno et o forno et aparellar-los et dar-los reffeytos, commo vos los damos, et se caeren de rey z sen bossa culpa que o cabidoo seian tiudos de os faser.

Et eu, a dita Cathalia Peres, assi o reço bo commo sobredito he. Et nos, o dayan et cabidoo sobreditos et eu a dita Cathalina Peres, obligamos por todos nosos beens de conprir esto que sobredito he et non viir contra ello. Et que esto seia certo nos as partes sobreditas rogamos a Fernan Garçia, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feytas en Lugo trese dias d'outubre era de mill et tresentos et oyteenta et quatro annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego Fernandes, dean; don Fernan de Deus, chantres; don Alvar Dias, archidiago de Neyra; don Aras Pellaes, archidiago de Deçon; Vasco Rodrigues, Fernan Affonso, Johan Dias, Johan Gomes, coengos; Johan Fernandes, Martin Peres, Lopo Domingues, raçoeyros; Jacome Yanes, Affonso Peres, clerigos do choro; Rodrigo Rodrigues, ome do archidiago de Deçon; Ruy Peres, porteiro do dito cabidoo, et outros muytos testemoyas.

Et eu Fernan Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto pressente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna presença fiz scripvir et puge y meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

## 493

1346, decembro, 27. Lugo

*Álvaro Díaz, arceidiago de Neira, afóralles a Xoán Fernández e á súa muller e a unha voz unha leira en Santiago de Lugo, que pertence ao préstamo de San Román, pola que deben pagar anualmente, como renda, unha tega e media de cebada.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 52r.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Alvar Dias, arçidiago de Neyra, teente o prestamo de Sant Romao, con outorgamento de dom Diego Fernades, dayam, et do cabidoo da iglesia de Lugo, afforo et avervo a vos Iohan Fernandes, ferreiro da Porta de Sant Pedro, et a vosa muller, Orraca Peres, en todos vosos dias d'anbos et d'una pesoa semellavele de vos, qual nomear o pustrimeyro de vos, huna leyra de herdade, que he do dito prestamo de Sant Romao, que he sementada huna teega et medea de çeveyra, que ias fora da villa de Lugo, enna agra de cabo os ortos, que iaz contra a Ponte da chanca, sub signo da capella de Santiago de Lugo; a qual leyra ias cabo outra leyra que foy de Fernando Martines, voso padre, et da outra parte ias outra leyra de Aldara Eanes et de Maria Miguelles, muller de Fernando Garçia, notario, et topa en outra leyra que foy do dito Fernando Martines que topa na riba de Paris, et da outra parte ias outra leyra de Miguel de Sant Croyo. Et vos et a dita vosa muller et a dita pesoa que façades lavar et parar ben a dita leyra et dedes cada anno, de renda della, a min ou a aquel que tener o dito prestamo, huna teega et medea de çeveyra por la teega dereyta de Lugo. Et nos, o dito dayam et cabidoo et arçidiago, prometemos de vos non toller nen enbargar este foro et vervo, nen viir contra esto; et logo por esta carta vos damos a posison da dita leyra et vos metemos en ella. Et a tempo da dita pesoa pustrimeyra que for nomeada ha de ficar a dita leyra livre et quita et desenbargada a a iglesia de Lugo ou a aquel que tener o dito prestamo.

Et eu, o dito Iohan Fernandes, que estou presente, por min et po-la dita minna muller et pesoa que for nomeada, assi recebo de vos, o dito arçidiago et dayam et cabidoo, este vervo et foro da dita leyra et a posison dela, et obligo min et todos meus beens para pagar cada a dita teega et mea de çeveyra et conprir et gardar todo esto que dito he.

Et por que esto seia çerto nos, as ditas partes, rogamos et mandamos a Affonso Fernandes, notario publico del rey en Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tennor, huna para o dito Iohan Fernandes seellada con seello do dito cabidoo et signada con /seu/ signal, et outra que ponna no livro do dito cabidoo.

Que foron feitas en Lugo XXVII<sup>e</sup> dias de deçembro, era de mill et tresentos et oytaenta et quatro annos.

Testemoyas que estavan presentes: don Fernando de Deus, chantres de Lugo; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; Vaasco Dias, thesoreyro; Afonso Gomes et Vaasco Rodrigues et Martin Peres et Johan Fernandes et Rodrigo Afonso, raçoeyros de Lugo, ts.

Et eu Affonso Ferrnandes, notario publico del rey enna çidade de Lugo, a esto que dito he con as ditas testemoyas presente foy et a rogo do dito arçidiago et partes sobreditas fiz escribir et puge aqui meu signal.

## 494

1347, xaneiro, 27 sábado. Lugo

*O bispo de Lugo anexiona a igrexa de Santalla de Mazoi á xudicatura lucense.*

MADRID, AHN, Cód. 1042 B, fol. 84r.

In nomine sancte et individue Trinitatis, Patris et Filii et Spiritus sancti qui a fidelibus colitur ac etiam adoratur. Nos Iohannis Dei et apostolice sedis gratia, lucensis episcopus, una cum venerabilibus et discretis viris donno Didaco Fernando, decano, ac universo eiusdem lucensis ecclesie capitulo, attendentes pauperitatem et tenuitatem dignitatis iudicatus \in/ ecclesie lucensis cum eius iudex ut fertur conitur magna fulget et dignitate licet paucos habet redditus ad dignitatis huiusmodi pertinentes cum tamen obtemptu huismodo dignitatis habeat magnus sumptus iadicto huiusmodi dignitati iudicatus adneptimus ecclesias Sancte Eulalie de Mazoe qui est sita in capto lucensis in amistracione mensis septembris predictam auctoritatem ecclesiam cum iuribus agnetimus seu etiam unimus. Ita tamen qui in ea divinus cultus seu divina officia non fraudulentur. Reservantes etiam in eadem ecclesia ius episcopale tam legis diocesane qua iurisdictionis qua subsidii prestandi si necessitas exigeret et procuraciones et visitaciones et quocumque sit aliud ius qui ad episcopum et ad capitulum spretare debeat consuetudine vel de iure hoc autem dicti iudicatus et iudicibus qui in eodem iudicatu fuerint pro tempore concedentes qui fructus redditus et proventus ipsius ecclesie in utilitatem ipsius et preffate dignitatis de cetero convertantur.

Actum fuit hoc in choro ecclesie lucensis die sabbati, XX<sup>a</sup> VI die mensis ianuarii, era millesima CCC LXXX<sup>a</sup> quinta.

Presentibus: venerabilibus et discretis viris donnis Didaco Fernando, decano; Fernando de Deo, cantore; Aria Pelagii, archidiacono de Deçon; Velasco Roderici, Fernando Alffonso, Alffonso Iohanne, Didaci, canonicis; Iohanne Fernandi, Didaco Gomecii, portionariis, et pluribus aliis.

## 495

1347, febreiro, 28. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Vasco Fernández o lugar de Mangoeiro cos seus casais, no couto de Santo Antonino, freguesía de San Tomé, por 50 marabedis anuais de renda e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 38r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o dayan, et cabidoo da igrlesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo no coro da dita igrlesia, segundo avemos acostumado, avervamos afforo et avervo a vos, Vaasco Fernandes d'Aveancos, por en toda vossa vida, o nosso lugar de Mangoeiros, que he no couto de Santo Antonino, na fiigrigia de Santome, con seus cassares que son dos aniverssarios, con suas pertenenças et dereyturas, conven a saber que avedes a lavrar et parar ben as herdads dos ditos cassares et a refaçaer as cassas do dito lugar et manteellas en boo estado, et avedes a dar cada ano, de renda desta herdade, en salvo na villa de Lugo, a os rendeyros dos aniverssarios, çinquenta moravedis desta moneda del rey don Affonso, a oyto soldos o moravedi, et estes dineiros avedes a pagar, cada anno, des dia de Natal ata dia d'Entroydo sen malliça, et avedes a leyxar no dito lugar a vosso finamento dez armentios boos, os tres d'arada et as sete vacas, et o dito lugar fique livre et dessenbargado a a igrlesia con os ditos armentios, et con todos los outros boos paramentos que en el foren feytos. Et non pagando vos, cada anno, os ditos çinquenta moravedis, segundo dito he, que este afforamento et vervo, que nos vos façemos, que non valla nen aya nihuna firmiday et seya nihun, et o dito lugar que se torne a a igrlesia con os ditos armentios et con todo-llos boos paramentos que en el foren feytos.

Et eu, o dito Vaasco Fernandes, assy outorgo et reço o dito vervo con as ditas condiçoens, et oblijo min et todos meus bees de o cumprir assy, et de mays dou-vos por fiadores et devedores et prinçipaes pagadores, cada hun po-llo todo a Roy Gonçalves de San Salvador et a Pedro Fernades, clerigo de San Pedro de San Romao, os quaes fiadores estan pressentes et outorgantes. Et, eu o dito Vaasco Fernandes, oblijo min et meus bees de a dar en paz et en salvo da dita fiadoria estes fiadores, et demays por mayor avondamento elles et eu [...] metemo-nos a a iuridiçon da igrlesia de Lugo, que o bispo o seus vigarios nos possan costrenger et poer en nos et en cada hun de nos sentença d'escomonyon, se o assy non conprirmos. Et que esto seya çerto nos, as partes sobreditas, rogamos a Fernando Peres Moreyra, notario publico del rey na çibdat de Lugo, que fezesse desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Que foron feytas en Lugo, viinte et oyto dias de febreyro, era de mill et trezentos et oytaenta et çinquo anos.

Testemoyas que foron presentes: [don Diego] Fernandes, dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Areas Pellaez, arçidiago de Deçon; Fernado Affonso, coengo, et Iohan Fernandes, raçoeyro, et Iohan Fernandes et Roy Gonçalves, coegos de aniverssario, et Iohan de Lovea, clerigo, et Affonso Ramallo et Rodrigo Eanes de [...] ts., et outros.

Et eu Fernando Peres, notario sobredito, a esto presente foy et a rogo das partes sobreditas esta carta escriptvy et puge y meu nome et meu signal en testemoyo de verdade.

## 496

1347, abril, 8. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle a Garcia Fernández e a dúas voces un casal e a herdade no lugar de Pipín, freguesía de San Pedro de Bulso, por renda anual de 200 soldos, unha freama que valla dous marabedís, dous capóns, dez marabedís de loitosa; e as voces, a mellor loitosa viva.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 52v; Libros, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 52.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos o cabidoo da iglesia de Lugo avervamos a vos, Garcia Fernandes do Outeyro, et a duas persoas a pus vosa morte, huna qual vos nomeardes en vida ou a tempo de vosso finamento et outra qual nomear aquela persoa que vos nomeardes, o noso casal et herdamento, que nos avemos en Bulso, enno lugar chamado Pipin, con todas suas pertencenças et dereyturas, sub signo de San Pedro de Bulso, o qual casal et herdamento de nos teveron avervados voso padre et vosa madre, Fernando Fernandes et Marina Fernandes, et vos et aquelas persoas que foren nomeadas enno dito vervo avedes a lavar et parar ben as herdades do dito casal et manteer as casas que y estan feytas en boo estado, et avedes a dar, cada anno, de renda en salvo por dia de Natal, a aquel que tever os aniversarios desta iglesia, duçentos soldos desta moneda del rey don Affonso et huna freama que valla dous moravedis, ou estes dous moravedis por ela, et dous capoes ou duas galinas. Et vos et aquel que morar no dito casal et herdamento avedes a seer vasalos serventes et obedientes a a iglesia de Lugo et a aquel que tever os aniversarios dela. Et vos avedes a dar dez moravedis por loytosa a voso finamento, et as duas persoas an a dar a mellor loytosa viva que ouveren.

Et eu, o dito Garçia Ferrnades, asi resçebo de vos, o sobredito cabidoo, o dito casal et vervo del por min et por las persoas sobreditas, et por esta graçia que

me vos, o dito cabidoo, façedes et por mina alma dou et outorgo para senpre a a dita iglesia de Lugo, para os aniversarios dela, hun quarteyro et hun almude semente de herdade que son seys leyras das quaes huna iaz cabo a vosa leyra da Cruz, et outra leyra iaz a Subreyra iuntada con outra leyra vosa, et outra iaz a o Souto Novo iuntada con outra leyra vosa, et outra iaz en Pipim iuntada outrossi cabo outra leyra vossa, et outra iaz a o couto Melo entre duas leyras do moesteyro de Lovios, que son sub signo de San Pero de Bulsso; et outra leyra iaz enno lugar que chaman a Rigueyra entre outras leyras da iglesia de Bulso, que he sub signo de San Iullao de Lovios, segundo que as eu mostrey et peeguey a Fernando Vaasques, rendeyro dos ditos aniversarios; as quaes vos dou con seus soutos, que en elas estan, et con todo o quinon que eu aio ennos seydos da dita villa de Bulso, a montes et a fontes, hu quer que vaan. Et estas leyras et herdamentos sobreditos que vos dou avemos eu et as persoas sobreditas a teer en nosos dias por vos con este outro vervo sobredito. Et a finamento da pustrimeyra persoa que en este vervo for nomeada o dito casal et herdamento de Pipim con estas leyras et soutos et voçes da villa deven ficar livres et quitos a os aniversarios da iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos con hun armentio boo et quatro rexelos para pobrança do dito lugar. Et para todo esto comprir eu, o dito Garçia Ferrnades, obligo todos meus beens et das persoas sobreditas.

Et que esto seia çerto nos, o dito cabidoo et Garçia Ferrnades rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que feçese ende duas cartas tal huna commo outra et as signase de seu signal, et por mayor firmidume nos o dito cabidoo mandamos seelar a carta que o dito Garçia Ferrnades leva de noso seelo et mandamos lançar esta en este noso livro.

Que foron feytas en Lugo oyto dias de abril, era de mill et treçentos et oyteenta et çinquo annos.

Testemoyas que foron presentes: don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Aras Paes, arçidiago de Deçon; Affonso Gomes, Vaasco Rodrigues, Fernando Affoso, Iohan Diaz, coengos; Iohan Fernandes et Lopo Domingues, raçoeyros; Ruy Gomes, Fernando Afonso, Afonso Eanes, clerigos do choro; Gomes Paes da Cruz, Ruy Peres, porteyro do dito cabidoo, ts., et outros muytos.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto pressente fuy et esta carta en mina pressença fis scripvir en este livro do cabidoo et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.



*Xoán Eanes, procurador do cóengo Afonso González, arréndalle ao Cabido de Lugo, durante cinco anos, todos os froitos e dereitos que lle corresponden á súa coenxia e prebenda por 300 marabedís anuais, especificando as condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 53r.

Sabado çinquo dias de mayo, ena era de mill et trezentos et oytaenta et çinquo annos.

Sabeam quantos esta carta viren que en presenza de min Fernando Peres, notario publico de Lugo, et das testemoyas subscriptas Iohan Yanes, clerigo rector de Beroça, et procurador de Affonso Gonçalves, coengo de Lugo, por huna procuraçom que logo ende amostrou escripta en purgameo signada con signal de notario publico segundo se en ella continna, arrendou a as pessoas et coengos et razoeyros do cabidoo desa iglesia de Lugo, de las kalendas mayas que ora passaron da era desta carta a çinquo annos conpridos, todos los froytos et dereyturas que a o dito Affonso Gonçalves perteesçen et perteesçer deven por razon da coenxia et prebenda que ha em esta iglesia de Lugo, em ausencia por razon da comensalia do cardenal, dom Pedro de Sabina et do privilegio dela, por trezentos moravedis desta moneda del rey dom Affonso, a oyto soldos o moravedi, em cada hun destes annos, os quaes moravedis sobreditos am pagar a o dito Affonso Gonçalves, ou a seu procurador, em cada hum destes annos sobreditos por kalendas mayas en paz et em salbo ena villa de Lugo sem desconto nehun. Et que o dito cabidoo pague todas las carregas et pedidos que a o dito Affonso Gonçalves perteesçeren de pagar eno dito tempo por razon da dita coenxia, et sirvan por el as semanas et dos offiços devinaes que a el acaesçeren enos ditos annos. Outrosy posseron entressy que viindo o dito Affonso Gonçalves em cada hun destes annos que lle diam sua razon entrega, commo a coengo, mentre y estiver, descontando dos ditos trezentos moravedis quanto couber cada dia partindo estes trezentos moravedis por todo o anno prorrata. Et pessoas, coengos et razoeyros assy reçeberon a dita renda do dito Iohan Yanes, procurador, em commo sobredito he, et obligaron sy et seus beens a cumprirla et pagarla en todo em commo sobredito he et non viir contra ella en nenhuma maneyra. Et o dito Iohan Yanes, em nonme do dito Affonso Gonçalves, cuio procurador he, assy outorgou a dita renda et rogou et mandou a todos los amys-tradores da iglesia de Lugo et a todos los outros que algunas dereyturas ou froytos am de pagar por razon da dita coenxia que recudan ben et conpridamente con elas a os ditos pessoas, coengos et razoeyros ou a quen elles mandarem. Outrossy o dito Iohan Yanes, en nome do dito Affonso Gonçalves, coengo, confessou et disso que era entrego et ben pagado da renda dos annos passados, que se fiiçeron por estas kalendas mayas, que ora passaron da era desta carta, que llo pagara o cabidoo sobredito todo bem et conpridamente. Et por que esto seia çerto et non podesse viir em outra dulta Iohan Ares, procurador, et pessoas coengos et razoeyros et cabi-

doo que y estavam presentes rogaron et mandaron a min Fernando Perez, notario sobredito, que fezesse ende escripvir duas cartas desta renda et pagar em conmo sobredito he, et posesse en cada huna delas meu nome et meu signal en testemo-yo de verdade.

Feyto foy esto en Lugo eno choro da dita iglesia, anno et era et mes et dia sobreditos. Testemoyas que a esto presentes forom: don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; dom Aras Pellaes, arçidiago de Dezon; dom Vaasco Dias, thesoreyro; Affonso Gomes, Fernando Affonso, Vaasco Rodrigues, Iohan Diaz, Iohan Gutierrez, Pedro Galvan, coengos de Lugo; Pedro Torto, clerigo do choro; Iohan Peres da Vinna, Rodrigo Yanes, omes de Iohan Gutierrez.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico del rey ena çibdade de Lugo, que a esto que sobredito he presente foy con as testemoyas sobreditas et de rogo et de mandado das partes sobreditas fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

## 498

1347, xuño, 2. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao xuíz don Martiño Pérez a administración de agosto, por 328 marabedís anuais, 123 marabedís de sobreposta e demais pagamentos acostumados.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 53v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo por canpaa taniuda enno coro da dita iglesia, arrendamos a vos don Martin Perez, iuyz de Lugo, deste San Iohan Baptista primeyro que ven endeante por en todos vossos dias a amiistraçon do mes d'agosto, que he da dita iglesia de Lugo, con todas suas pertenenças et dereyturas segundo que mays compridamente perteesçen a a dita amiistraçon et segundo que a agora tinna et husava don Diego Ferrnandes, dayam de Lugo, et avedes-nos a dar por la dita amiistraçon, cada anno, en salvo treçentos et viinte et oyto moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso, et avedes amiistrar et comprar et proveer enno dito mes de pam et de vinno a os coengos en esta maneyra: dar quatro paes et hum quartillon de vinno a o coengo, et dous paes et hun medeo de vinno a o raçoeyro, et pagar çento et viinte et tres moravedis de sobreposta, et comprar et amiistrar todas las cousas et cada huna delas que se conteen enno estatuto novo. Et obligamos todos nosos beens para vos faser a dita renda de pas, et avemos-vos a reçeber en conta tomas de rey, ou de

infante, ou de ricome, et do bispo, ou de meryno se acaesçeren, segundo se acostumaron a resçeber ata aqui ennas outras rendas da iglesia de Lugo.

Et eu, o dito iuyz, assi resçebo de vos, o dito dayam et cabidoo, a dita renda da dita amiistraçon, et obligeo min et todos meus beens, eclesiasiticos et segrares, para comprir et pagar a dita renda et as cousas sobreditas, segundo sobredito he, et demays para o asy conprir dou-vos por fiadores Vaasco Peres de Rodeyro, coengo, et Diego Gomes, raçoeyro da iglesia de Lugo. Nos, os ditos Vaasco Peres et Diego Gomes, que estamos presentes et outorgantes, et obligamos todos nosos beens a a dita fiadoria, segundo sobredito he. Et por que esto seia çerto et non venna en dulta nos, o dayam et cabidoo et juyz sobreditos, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo, dous dias de iunyo, era de mill et treçentos et oyteenta et çinquo annos.

Testemoias que foron presentes: don Diego Ferrnandes, dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Pedro Aras, mestrescola; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Vaasco Dias, thesoreyro; Pero Galvan, Vaasco Rodrigues, Fernando Afonso, Iohan Dias, coengos de Lugo; Iohan Ferrnandes, Lopo Domingues et Rodrigo Affonso, raçoeyros ts., et outros.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a esto pressente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna pressença fiz scripvir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade.

#### 499

1347, xuño, 6. Lugo

*Diego e Álvaro Gómez véndenlle ao Cabido o seu dereito sobre o casal de Fondo de Vila en Albeiros por 300 marabedis, que se suman aos 1200 pagados anteriormente polo deán don Martiño Eanes, tío dos vendedores.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 54r; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 54.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Gomez et Alvar Gomez, hirmaos, fillos de Gomez Ferrnandez Esquerdo, escudeyro de Lea que foy, et de Orraca Rodrigues, hirmaa de Vasco Rodrigues de Santa Ougea, coengo que fuy de Lugo, fillos que somos de dom Roy Vaasques de Santa Ougea et de dona Tareya Lopez de Saavedra, por nos et por todo noso linagem, porque obligamos a fazer, de bon curaçon et de boa voontade, commo herees mays chegados do dito Vaasco Rodriguez, por nos et por todos nosos parentes, a que perteesçe et pode perteesçer por razon de huna clausula do testamento de don Martin Yanes, noso

tio, dayam que foy de Lugo, que tal he: «Mando etiam eidem capitulo pro aniversario meo illa tria casalia mea qui emi de Petro Velasci, archidiacono cumsanguineo meo, quorum duo sunt in Giae et unum in Alveyros prope civitatem lucensis et istud ad anniversarium dividatur hoc modo ita videlicet quod faciant mihi tria anniversaria in anno unum videlicet in festo Sancti Martini, aliud in festo Sancti Nicolai, aliud in festo Sancti Iohannis quodlibet illorum cum celebracione missarum specialiter celebratarum pro anima mea et parentum meorum; et ista duo casalia de Giae constiterunt mihi duo milia morabitorum Alfonsi de guerra et illud de Alveyros seyscentos eiusdem monete. Et si forte aliquis quisit heres Velasci Roderici, quondam canonici lucensis, vellit extraherae istud casale de Alveyros, quod fuit suum, mando quod redetur ei et ipse det capitulo istos seyscentos morabetinos vel valorem monete et ponantur in aliquibus possessionibus pro capitulo ad faciendum dictum anniversarium statutis temporibus et hoc quam cito potuerint», commo parentes mays chegados a a herança do dito Vaasco Rodrigues vendemos para senpre, a o dayam et cabidoo da igreja de Lugo, todo o dereyto et auçon et demanda que nos et os sobreditos nosos parentes, ou cada hun delles, avemos ou podemos aver por la dita clausula ou em outra maneyra qualquer, eno dito casal d'Alveyros, chamado de Fondo de Villa, que esta cabo do casal do Poonbar, por trezentos moravedis desta moneda del rey don Affonso, a onse novees minos terças dum por cada moravedi, de que nos outorgamos por entregos et ben pagados, con mill et duzentos moravedis que ia recebera o arçidiago, don Pedro Vaasques, do dito dayam, don Martin Yanes, a quen fora vendido, et mandou o dito casal a o dito cabidoo segundo se conten enna carta da vençon et clausula sobredita; et renunçiamos a exçeççon dos dineiros non contados nen recebudos et do engano mays ca da meatade do dereyto prezo et d'outro enganno mao, et prometemos a a boa fe de nunca yr contra vençon, por nos nen por outren, en juyzo nen fora del, et obligamos per nos et per todos nossos beens et espeçialmente por las herdades que avemos en Castelo, sub a capella de Santiago de Lugo, para fazer a dita vençon senpre de paz, et de vos deffender con ella a dereyto, por nos et por los ditos nosos parentes, a quen perteesçen por lo dito Vaasco Rodriguez ou em outra qualquer maneyra, des oie mays a aiades senpre en paz vos et toda vossa voz pus vos todo nosso poderio et sennorio ende seia removudo et posto en vos.

Feita a carta da vençon en Lugo seys dias de junyo, era de mill et trezentos et oytenta et çinquo annos.

Testemoyas que a esto presentes foron: dom Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; dom Aras Pellaez, arçidiago de Dezon; don Martin Peres, juyz; Fernando Affonso, coengo de Lugo; Iohan Fernandez, razoeyro, procurador dese cabidoo; Affonso Ianeyro, clerigo de Maree; Fernando Aras, clerigo de Sant Pedro de Mera; Pedro Ferrnandes de Nirno, clerigo do coro et Romeu Ferrnandes, clerigo deste arçidiago de Nerya, et Domingo Eanes, omme do arçidiago de Dezon ts.

Eu Fernando Peres, notario publico del rey ena çibdade de Lugo, que a esto chamado et rogado presente foy con as testemoyas sobreditas et esta carta fis escrivir et puge y meu nome et meu signal.

## 500

1347, xuño, 10. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a don Pedro Arias, mestrescola, e a unha voz o casal de don Broollo, na freguesía de San Martiño de Cotá, polo que deben pagar anualmente, como renda, 30 marabedís, tendo ademais a obriga de construír unha casa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 53v; Libros, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 53.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Fernandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, avervamos a vos don Pero Aras, meestrescola de Lugo, por en todos vossos dias et a huna perssoa qual vos nomeardes para esto, et non nomeando perssoa que seia aquela persoa que herdar vosos beens, o nosso casal de don Broollo, que he sub signo de San Martino de Cotan, con todas suas pertencas et dereyturas, a a tal pleyto et vervo que vos façades y huna casa boa et a mantenades con as outras que y estam feytas en boo estado, et façades lavrar et parar ben as herdades do dito casal, et dedes, cada anno, en salvo en Lugo por Natal a nos, ou a aquel que tiver os aniverssarios da iglesia de Lugo, triinta moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moeda del rey don Affonso, et aquela persoa que vos nomeardes et ficar enno dito vervo seia vassalo da iglesia de Lugo, et a tempo de vosso finamento que venna de nos resçeber o dito vervo, et a finamento d'aquela persoa, que ficar enno dito vervo, o dito casal deve ficar livre et quito a a iglesia de Lugo con as ditas casas feitas et con huna vaca et huna porca et çinquo rexelos para pobrança, et con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, o dito meestrescola que estou presente por min et por la persoa sobredita, assi resçebo o dito vervo do dito casal et obligo meus beens et seus para comprimos o que sobredito he. Et que esto seia çerto nos, as partes sobreditas, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que foy feyta en Lugo dez dias de junyo, era de mill et treçentos et oyte-enta et çinquo annos.

Testemonias que foron presentes: don Diego Fernandes, dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Martin Peres, iuys; don Vaasco Dias, thesoreyro; Andres Peres, Pedro Galvan, Vaasco Rodrigues, Vaasco Peres, Fernando Affonso, Johan

Dias, coengos de Lugo; Affonso Peres, Gomes Ferrnandes, clerigos do coro de Lugo; Fernando Peres, notario, ts., et outros muytos.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto pressente fuy et a rogo das ditas partes esta carta en minna pressença fiz scripvir et puge en ela meu signal en testemoyo de verdade.

## 501

1347, xuño, 11. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Afonso Fernández e a dúas voces un casal en Santa María de Tuimil polo que deben pagar anualmente como renda o cuarto do pan e viño, 15 soldos, mais a obriga de plantar vide e árbores.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 54r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, damos afforo et avervo a vos Afonso Ferrnandes de Tuymir, clerigo de Santa Alla de Burdaos, fillo de Fernan Moogo, et a duas pesoas depus vos, huna qual vos nomeardes et outra que nomear aquel que ficar depus vos en este vervo, o noso casal de Tuymir, que perteesçe a a portaria dese noso cabidoo; o qual casal teve Pedro Iohanes de Lama, con suas pertenenças et dereyturas, a monte et a fonte, peru quer que vaa, sub signo de Santa Maria de Tuymir, presente et outorgate Roy Peres, noso porteyro; a a tal preito que vos et as ditas pesoas que o lavredes et paredes ben et matenades as casas en boo estado, et que chantedes et provedes de novo o terreo da vinna vella do estremadoyro, et que façades y das arvores que fiquen presas as que poderdes, et avedes-nos a dar vos, et a pessoa que veer depus vos, o cuarto do pan et do vinno que Deus y der, et a postremeyra pessoa desta en que ficar este vervo que dia o cuarto do pan et o terço do vinno, conven a saber o pan ena ayra et o vinno a a bica do lagar, en paz et en salvo; et \por/ todas las outras cousas, que y ouver, que dedes de cada anno quinze soldos por dia de Sant Martino, et a o pasamento da pustrimeyra pessoa de vos o dito casal ha de ficar a a iglesia de Lugo livre et quito de vos et de vosa vos con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, Affonso Ferrnandez sobredito, por min et por las pesoas que para esto assy foren nomeadas, asy reçoibo este foro et vervo de vos, o dayam et cabidoo, et obliigo por min et por todos meus bees de o comprir em commo sobredito he. Et que esto seya certo et non vena en dulta nos, o dayam et cabidoo et Affoso Ferrnandes, mandamos a Fernando Peres, notario publico de Lugo, fazer duas cartas en hun tenor a huna para nos, o dito cabidoo, et a outra para vos, o dito Affonso

Fernandes, que seia seellada con noso sello et signadas con signal de vos o dito Fernando Peres.

Feyto foy esto en Lugo onçe dias de iunyo, era de mill et treçentos et oytenta et cinco annos.

Testemoyas: don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; dom Aras Pelaes, arçidia- go de Deçon; Pedro Galvan, Iohan Guterres, Iohan Dias, coengos; [...], clerigo d'Atan; Roy Gonçalves, Gonçalvo Rodrigues, clerigos do chro; Roy Peres, porteyro do cabidoo.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico del rey ena çibdade de Lugo, a esto presente foy con as ditas testemoyas et por rogo das partes fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

## 502

1347, xullo, 2. Fontenova

*O bispo e o Cabido de Lugo afóranlle a Afonso Díaz e a unha voz o lugar de Buide por renda anual de 150 marabedis curtos e outras obrigas. Deseguido, o foreiro doa a herdade de Alloy, na freguesía de Santa María de Saavedra.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 54v, incluída en: 1347-VIII-23, Lugo, (CD n.º 503).

Sabeam quantos esta carta viren commo nos don Iohan por la gracia de Dios et da Santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, con outorgamento de dom Diego Fernandes, dayam, et do cabidoo da nosa iglesia de Lugo, et otrosy a pitiçon de Ruy Sanches de Moscoso, canonigo de nosa iglesia de Lugo, et teedor do prestamo de Boyde, por moyto serviço que vos, Afonso Dias de Germar, fesiestes a nos et a dita nosa iglesia de Lugo, aforamos-vos el lugar sobredito de Boyde con todas suas herdades, rendas et dereyturas, peru quer que vaan, a monte et a fonte, para en todos vosos dias et de una persona a pus vos, qual nomeardes al tempo de voso pasamento, en tal maneyra et con tal condiçon que vos que labredes et paredes ben as herdades do dito lugar, et fagades ata dous annos primeyros seguintes, enna herdade do dito lugar, huna casa boa con seu sobrado cuberta de tella, et avedes a dar cada anno en renda vos et a dita persona que nomeardes, çento et çinquenta moravedis curtos, los quales çento et çinquenta moravedis sobreditos ha de aver o dito Ruy Sanches en seus dias en quanto teverdes o dito prestamo, et depouys que os aia otro qualquier que o tenna; et depouys de voso pasamento et da dita persona ha de ficar o dito lugar livre et quito a nos et a nosa iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feitos, et avedes a leyxar ennos ditos casares do dito lugar de Boyde oyto vacas et viinte rexellos et quatro boys por provo, et vos ave-

des a ser vasalo servente et obediente a nos et a nosa iglesia de Lugo de Lugo (sic), et eso miismo a persona que pus vos venier.

Et eu, o dito Afonso Diaz en nome de min et da dita persona, asy reço de vos, o dito sennor obispo, deam et cabidoo, o dito foro et obligo min et meus beens de tener et cumprir lo sobredito, et de pagar cada anno los ditos çento et çinquenta moravedis en paz et en salvo enna villa de Lugo. Et por este foro et merçed que me fasedes do eu a vos, lo dito sennor obispo, dayam et cabidoo et a vosa iglesia de Lugo, toda a herdade que eu ey en Alloy, a qual foy de meu padre, que he sub signo de Santa Maria de Saavedra, que a aiades depouys de meu pasamento et da dita pesoa livre, quita et desenbargada para senpre sen contradición ninguna.

Et nos, los ditos sennor obispo, dayam et cabidoo et eu o dito Ruy Sanches asy vos lo outorgamos, et en testemoyo desto vos damos esta nosa carta seellada de nosos seellos.

Dada en Fontenova dous dias de jullio, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et çinquo annos.

Iohannes episcopus. Roderici Sancii.

### 503

1347, agosto, 23. Lugo

*O Cabido de Lugo acepta o foro outorgado a favor de Afonso Díaz e unha persoa do lugar de Buíde coas mesmas condicións e renda, engadindo agora que a herdade doada polo foreiro se una ao préstamo.*

MADRID, *AHN, Cód. 416 B*, fol. 54v, inclúe carta de foro expedida en Fontenova: 1347-VII-2, (CD n.º 502).

Era de mill et treçentos et oyteenta et çinquo annos, viinte et tres dias do mes d'agosto. Seendo don Diego Fernandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, iuntados en cabidoo enno coro dessa iglesia en presença de min Fernando Garçia, notario publico de noso sennor el rey, et das testemoyas subscriptas, Affonso Dias de Germar mostrou et feso leer ante o dayam et cabidoo sobreditos, huna carta de vervo escripta en pulgameo, seelladas con seellos pendentes do moyto onrrado padre et sennor don Iohan por la gracia de Deus, obispo de Lugo, et de Ruy Sanches, coengo desa iglesia, et firmada de seus nomes segundo por ela paresçia, da qual o tenor he tal:

A continuación insire o documento expedido en Fontenova: 1347-VII-2 (CD n.º 502).



a qual liuda, o dito, Affonso Dias pidio, a o dayam et cabidoo sobreditos, que tevessem por ben de outorgar este vervo sobredito, et o dayam et cabidoo sobreditos disseron que elles que a outorgavan con esta condiçõ: que a dita herdade que o dito Affonso Dias dava por rason do dito vervo que se iuntasse a o dito prestamo de Boyde et este prestamo et esta herdade fiquen livres et quitos a a iglesia de Lugo para se dar, segundo se acostumou ata aqui a dar, o dito prestamo a perssoas, ou a coengos, ou a raçoeyros desta iglesia. Et outrossy que a pessoa que no vervo for nomeada que a finamento do dito Affonso Diaz venna receber o dito vervo da iglesia de Lugo. Et logo o dito Affonso Dias disse que a dita herdade, que el dava a a iglesia de Lugo, que se susso na dita carta contem, que a dava et iuntava logo a o dito prestamo et que a pessuyan et pessuyrian d'aqui endeante el et a pessoa sobredita con o dito prestamo et por el. Et outrossy prometeu por sy et por la pessoa sobredita de pagar os sobreditos çento et çinquenta moravedis, cada anno, por dia de Pascoa de Resurreçõ en salvo enna villa de Lugo, et obrigou todos seus beens que el et a pessoa que fose nomeada, commo dito he, cumplisen todas las cousas et cada huna dellas que se enna dita carta et aqui conteen.

Et por que esto fose firme o dito dayam et cabidoo mandaron seellar a dita carta con seello do dito cabidoo. Et outrossy os ditos dayam et cabidoo et Affonso Dias sobreditos rogaron a min Fernando Garçia, notario sobredito, que fezesse ende este publico estromento, con o traslado da dita carta, enno livro do cabidoo, signado con meu signal.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; don Fernando de Deua, chantes; don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçõ; don Vaasco Diaz, thesoreyro; Pero Galvan, Fernando Affonso, Vaasco Rodrigues, coengos de Lugo; Ruy Peres, arçipreste de Riba de Neyra; Aras Gomes, scudeyro do dayam, Ruy Gomes, seu yrmao; Ruy Ferrnandes de Riasco, ts.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a estas cousas sobreditas presente fuy, et a rogo dos sobreditos dayam et cabidoo et Affonso Diaz esta carta en mina presença fiz scripvir en este livro do cabidoo et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 504

1347, agosto, 31. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Xoán Eanes e á súa muller, por espazo de trinta anos, o casal de Cabo de Vila, na freguesía de Santa Cruz de Picato; deben pagar anualmente como renda a metade do labrado e criado, 40 soldos por foros e outras obrigas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 55r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento de Vaasco Rodrigues, coengo de Lugo, teente a amiistraçon do mes de desembre en terra de Santaalla et do couto de Picato, avervamos et afforamos a vos, Iohan Eanes, et a vosa muller, Maria Ferrandes, moradores en Santa Cruz, para vos et para vosa voz, deste ianeyro primeyro que ven a triinta annos conpridos primeyros seguintes, o casal chamado de Cabo de Vila, que he da dita amiistraçon, sub signo de Santa Cruz de Picato, con todas suas pertenenças et dereyturas et casas et arvores, a montes et a fontes, ut quer que vaan, et vos ave-des a lavrar et parar ben as herdades do dito casal, et reffaser as casas que y estam et manteelas feitas en boo estado, et chantardes y das arvores aquelas que o amiistrador entender que comprehen, et ave-des a dar a o dito Vaasco Rodrigues, amiistrador, ou a outro qualquer amiistrador que que (sic) y for, a meatade de todas las coussas que vos lavrardes nas herdades do dito casal et o amiistrador que vos de a meatade da semente, et ase promear convosco de boys aquelles que cumpliren, et d'outro ganado algun se o promear convosco que seian de per meo os cabos et as crianças del. Et se vos y trouxerdes mays gaado que non seia promeado, que seia voso os cabos et as crianças. Et ave-des a dar, cada ano, quareenta soldos por foros por dia de sam Martino de novembre. Et se por la ventura vos, los ditos Iohan Eanes et Maria Ferrandes, finardes ante dos trinta annos, que aquel que en vosa vos ficar no dito vervo que seia pessoa vosa semellavel et que o venna receber de nos, lo cabidoo, a tempo do finamento do postrimeyro de vos. Et ave-des a seer vasalos serventes et obedientes da iglesia de Lugo et do amiistrador.

Et nos, los ditos Iohan Eanes et Maria Ferrandes, que estamos pressentes, assy reçebemos o dito vervo et foro de vos, et obligamos nos et nossos beens para comprir todas estas cousas sobreditas et cada huna delas. Et que esto seia çerto nos, las partes sobreditas, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fezesse ende duas cartas, tal huna commo outra, huna no livro do cabidoo et outra para os ditos Iohan Eanes et sua muller signadas con seu signal. Et por mayor firmidume nos, lo dito cabidoo, mandamos seellar esta carta de noso seello pendiente.

Que foron feitas en Lugo postrimeyro dia d'agosto, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et çinquo annos.

Testemoyas que foron presentes: don Fernando de Deus, chantres de Lugo; don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Vaasco Diaz, thesoreyro de Lugo; Andres Peres, Iohan Dias, Iohan Gutierres, coengos de Lugo; Gomes Ferrnandes, Ruy Gomes, clerigos do coro; Gomes Pellaes da Cruz et outros.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto pressente fuy et esta carta fiz scripvir en minna presenza et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

505

1347,outubro, 18. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle a Einés López e a unha voz diversas propiedades nas freguesias de San Martiño de Río, San Pedro de Seteventos e San Vicente de Toldaos, por renda anual de quinze maravedís, e a obriga de construír unha casa en caso de non habela.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 55r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento dos coengos de aniverssario dessa iglesia avervamos a vos Eynes Lopes, filla de Lopo Diaz de Sanyoane de Penna, por en todos vosos dias et a huna pessoa a pus vossa morte qual vos para esto nomeardes, todo quanto herdamento os aniversarios da dita iglesia de Lugo han en Rio et en sam Martino et en Toldaos et en Guymir, con todas suas dereyturas et pertenenças, cassas, arvores et formaes, a montes et a fontes, peru quer que vaam, sub signos de San Martino de Rio et de San Pero de Seteventos, et de San Viçenço de Toldaos; o qual herdamento teveron afforado da dita iglesia de Lugo Marina Peres de Rio et seu fillo, Lopo Garçia, et sua neta, Maria Lopes, que ora finou; a a tal pleito et vervo que vos et a pessoa sobredita lavredes et paredes ben o dito herdamento, et se y esta cassa ou cassas algunas feitas que as mantenades en boo estado, se non que façades y huna cassa et a mantenades feita en boo estado, et dedes cada anno a aquel que tever os aniversarios da dita iglesia quinse moravedis, d'oyto soldos o moravedi, da moneda del rey don Affonso que ora corre en salvo en Lugo por dia de San Briço; et a morte d'aquela pessoa que for nomeada no dito vervo o dito herdamento fique livre et quito a a iglesia de Lugo, et a dita cassa feita con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu Alvar Dias, arçidiago de Neyra, que estou pressente en nome da dita Eynes Lopes, minna sobrinna, et pessoa sobredita, reço de vos, lo dito cabidoo, o dito vervo do dito herdamento et oblige meus beens et seus que elles cumplan esto que sobredito he. Et que esto seia certo nos, las ditas partes, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fezesse ende esta carta.

Que fuy feita en Lugo des et oyto dias d'outubre, era de mill et trezentos et oyteenta et çinquo annos.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago sobredito; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Pedro Aras, mestrescola de Lugo; Affonso Gomes, Vaasco Rodrigues, Iohan Diaz, Iohan Gutierrez, coengos; Rodrigo Affonso, raçoeyro de Lugo; Affonso Eanes, Iohan Ferrnandes, Gomes Ferrnandes, Rodrigo Eanes, Ruy Gomes, clerigos do coro.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey enna çibdade de Lugo, a esto pressente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna presença fiz scripvir et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 506

1347, novembro, 27. Lugo

*Cláusula testamentaria de Maior Pais, que lega á igrexa lucense, para o seu aniversario, unhas leiras de herdade en Pipín.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 56r; traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando García: 1347-XI-27; *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 56.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et çinco annos, viinte et sete dias de novembre. En presença de min Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, et das testemoyas subscriptas, dom Arias Pellaes, arçidiago de Deçon, mostrou ante don Martin Perez, iuyz de Lugo, hun testamento de Moor Pelaes, sua hirmaa que fuy, o qual era signado con signal de min notario sobredito, enno qual testamento entre las outras coussas se continna esta clausula que se sigue: « Item mando por aniversario por minna alma a a iglesia de Lugo as minnas leyras de herdade que iasen en Pipin, yndo para Alveyros, que eu aio et se partem con outra de Iohan Tempo, que me façan cada anno un aniversario etc...». D'aqual clausula o dito arçidiago pidio a o dito iuyz que desse autoridade a min notario que a trasladasse aqui en este livro do cabido porque fezesse fe para senpre, et a signasse con meu signal. Et o dito iuyz deu autoridade a min, notario sobredito, que a trasladasse aqui sub meu signal.

Testemoyas que foron presentes: Domingo Martines, alcalle de Lugo; Rodrigo Eanes, Pedro Ferrnandes, Affonso Yanes, clerigos do coro, et outros moytos testemoyas.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a dita clausula do dito testamento saquey con autoridade do dito iuyz et pugea en este livro do cabidoo et puge y meu sinal.

## 507

1347, decembro, 11. Lugo

*O Cabido de Lugo acepta a renuncia presentada polo racioneiro Lope Domínguez ao seu cargo de despenseiro baixo certas condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 55v.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et çinquo annos, onse dias de desenbre.

En presenza de min Fernando García, notario publico del rey en Lugo, et das testemoyas subscriptas, sendo don Diego Fernandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, iuntados en cabidoo por campaa taniuda enno thesouro desa iglesia segundo que he huso et custume de se iuntaren en cabidoo, Lopo Dominguez, raçoeyro de Lugo, monstrou et fezo leer ante o dito dayam et cabidoo huna carta seelada con seello do dito cabidoo et signada con signal de don Pedro Iacome, iuyz et notario que fuy de Lugo, d'aqual o traslado he este que aqui suso esta scripto signado don signal de min notario sobredito, a qual carta mostrada o dito Lopo Domingues pidio a o dayam et cabidoo sobreditos que tevesen por ben delle receber o dito ofiçio da despensaria, ca el que non podia husar del por razon de outros ofiços en que avia a servir seu sennor obispo, segundo elles sabian et lles el enviara diser et rogar; et logo o dayam et cabidoo sobreditos disseron, que a rogo do dito sennor obispo et por faser gracia a o dito Lopo Domingues, que lle recebían o dito ofiçio que el tinna da despensaria deste cabidoo, et que el ficasse con sua raçon que el tinna asi commo raçoeyro que el he, con esta condiçon que vagando a dita raçon do dito Lopo Domingues en qualquer maneyra, que esta carrega da despensaria fique con a dita raçon segundo que a ela esta aneyxada por lo dito cabidoo, et con outorgamento do dito sennor obispo, a aquel a que a dita raçon for dada que seia tiudo a a dita despensaria et carrega dela segundo era o dito Lopo Domingues. Et iuraron a os santos avangeos de non mudar as ditas carregas da dita raçon; et logo cometeron o dito ofiçio da despensaria segundo que a tinna o dito Lopo Domingues a Ruy Gomes, clerigo do coro de Lugo, que estava presente, que o tenna en quanto Lopo Domingues tiver a dita raçon. Et asignaronlle cada anno por seu selario çento et çinquenta moravedis desta moneda del rey don Affonso, d'oyto soldos o moravedi. Et receberam del iuramento sobre santos avangeos que el husase do dito ofiçio ben et lealmente et desse a cada hun as suas raçoens et seu dineyro. Et o dito Ruy Gomes assi recebeu o dito ofiçio et prometeu de cumprir esto que sobredito he por lo dito iuramento. Et demays para o asy cumprir deu por fiadores: don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra, et don Vaasco Diaz, thesoreyro de Lugo, elles presentes et outorgantes-se por fiadores en esta raçon que dita he. Et

desto que sobredito he o dayam et cabidoo sobreditos pidiron a min, notario sobredito, que lles dese ende este publico estromento.

Et foron presentes: don Diego Fernandes, dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Martin Peres, iuyz; don Vaasco Diaz, thesoreyro; Fernando Affonso, Iohan Diaz, Iohan Gutierrez, coengos; Iohan Fernandes, raçoeyro de Lugo, et outros testemoyas.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a esto presente foy con os ditos dayam et pesoas et coengos et raçoeyros et Ruy Gomes faser o dito iuramento sobre santos avangeos et a rogo das partes fis scripvir et puge y meu sinal.

## 508

1348, xaneiro, 10. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle ao cóengo Fernando Afonso e a unha voz o casal de Barbain por renda anual de 11 fanegas toledanas de pan, un carro de palla e outras obrigas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 56v.

Era de mill et CCC<sup>os</sup> LXXX<sup>a</sup> et seys annos, dez dias de ianeyro.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Fernandez, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, por faser ben et merçee a vos Fernando Affonso, coengo dessa iglesia, por serviço que de vos reçebemos, avervamos et afforamos a vos, o dito Fernando Affonso, o casal de Barbaym de cabo da fonte, que tevo o arçidiago de Deçon, en que ora mora Pedro Martines, con suas pertenenças et dereyturas, por tempo de vossa vida et de huna pesoa qual nomeardes a pus vosa morte, por onse fanegas toledaas de pan por esta medida que ora el rey mandou andar, ou a estimaçon dellas se outra medida veer, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, et hun carro de palla en salvo en Lugo. Et avedes a refaser as cassas et manteerlas en boo estado. Et a pus la pessoa sobredita deve a dar XVI fanegas por la medida sobredita. Et que leyxedes as cassas refeitas, et o dito cassal a a dita iglesia livre con todos los boos paramentos que y foren feytos a os ditos aniversarios et a a iglesia de Lugo, et probado de hun boy et de huna vaca et de çinquo rexellos et huna porca.

Et eu, o dito Fernando Affonso, asi reçoibo de vos dayam et cabidoo sobreditos este verovo, et oblijo por min et por la dita pesoa et por todos meus bees a comprirlo. Et que esto seia çerto mandamos a Fernando Peres, notario publico de

Lugo, que fezesse ende duas cartas tal huna commo outra, et por mayor firmidume mandamos y poer nosso seello.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; dom Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Aras Pellaes, arçidiago de Deçon; don Martin Peres, iuys; don Vaasco Dias, thesoreyro; Andres Peres, chantre d'Armentea; Affonso Gomes, Iohan Dias, Iohan Gutierrez, coengos; Diego Gomes, Iohan Ferrnandes, raçoeyros da dita igelesia de Lugo, et Fernando Garçia, notario dese lugar.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico del rey ena çidade de Lugo, que a esto pressente foy con as ditas testemoyas et de mandado et rogo das partes sobreditas fiz escribir et puge y meu nome et meu signal.

## 509

1348, xaneiro, 12. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndalle ao xuíz don Martiño Pérez, durante seis anos, as rendas e dereitos dos aniversarios, polo cal debe pagar diariamente 8 maravedís e 7 soldos, mais as procesións, ladaíñas e diñeiros de Nadal, 20 soldos para a misa da luz, palla para o coro en tres festas e outras obrigas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 57v.

Eno nome de Deus amen. Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da igelesia de Lugo, juntados en cabidoo por canpaa taniuda segundo que o avemos de husso et de custume, arrendamos a vos don Martin Perea, iuyz de Lugo, todos los aniversarios que a igelesia de Lugo ha con todas las rendas et dereyturas et pertenenças delles et con todos los aniversarios et padroadigos que vagaren et vagan, ou se mandaren d'aqui adeante en este tempo, deste San Johan Babtista primeyro que ven ata seys annos compridos, segundo commo se senpre husaron en renda. Conven a saber que aquelles cassares que vos achardes pobrados ou avervados, en que aia de ficar pobro, que vos que os leyxedes asy pobrados commo os achardes, et que non tomedes ende o pobro, et se o ende tomardes que o entreguedes ata aquel tempo que se comprir esta renda, et quantos boos paramentos vos feserdes, asy nos cassares commo nas outras coussas que perteesçen a os ditos aniversarios, an de ficar a a dita igelesia de Lugo compridos os ditos VI annos; et avedes de dar por esta renda sobredita oyo moravedis et sete soldos, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso, et pagardes-os de cada dia os ditos VIIIº moravedis et VII soldos, et asigñamos-vos logo que os paguedes en esta guissa: conven a saber XIXº soldos a os matins, et XVIIIº soldos a a prima, et XVI soldos a a terça, et XVIIIº soldos da ves-

pera. Et esta paga fazerdes-la sub pena de çinquo moravedis, da dita moneda, cada dia. Et esta pena que se leve ante que o cabo. Et nos o cabidoo avemos-vos de coller en conta tomas et forças de rey et de inffante et de ricome et do bispo et de meyrino, segundo commo se senpre acostumou nas outras rendas da iglesia de Lugo. Et vos avedes de leyxar en boo estado et reparadas aquellas cassas que ora estan feitas segundo commo ora estan, et a o de minus que non fique en peor estado do que ora estan, et se por la ventura algunas cassas caeren de pe ou arderen ou caeren mays ca a terça delas, que o cabidoo seia tiudo de as faser, salvo se fordes frontado do casseyro da cassa, ou do procurador do cabidoo que as façades endereçar et o non faserdes fasendo tempo en que se possa faser et despoys caeren alguas, todas, ou parte delas, que vos fiquedes tiudo de as faser poys caeren por vossa culpa. Outrosy avedes de pagar as proçissoes et letanias et os dineiros de Natal, et os XX soldos da missa da lus, et a palla para o coro para tres festas do anno; et avedes a faser duas proçissoes cada anno de XV moravedis longos cada priçisson, das quaes se ha de faser huna a o dayan, don Arias Pardo, por dia de San Miguel de mayo, por la cortina da Madanela que deu a a iglesia, et outra por dia de San Viçenço a o chantres, don Arias, por lo couto de Betote et outras coussas que mandou a a iglesia. Et avedes de dar por vosa custa quen destrubuya os dineiros aqueles que mandar o domaayro. Et nos, o cabidoo, avemos-vos de dar as cartas que vos compriren para prol dos aniversarios cada hun na sua iurdiçon sen chancellaria, et ajudarnos-vos et chegarvos quanto d'aqueles que vos forçar assy et en quanto nos podermos. Outrosy tiramos-vos desta renda aquellas cousas que o cabidoo ora trage ajuntadas a a sua messa, commo quer que estan scriptas no livro dos aniversarios, et tiramos-vos ende a cassa do campo que ten de nos Fernando Garçia, notario, et duas terças de çenteo cada anno que avedes de dar a Fernando Peres, notario, et quinse moravedis cada anno da cassa da orta do bispo. Et non avedes a demandar mays ca VIII<sup>o</sup> moravedis cada anno a Rodrigo Eanes da cassa de Cruz, que lle avervamos, et onse fanegas de pan cada anno no cassal de Barbayn que avervamos a Fernando Affonso, coengo.

Et eu, o sobredito iuys, que estou presente asy reço de vos, o dayan et cabidoo sobreditos, a dita renda, et obligo todos meus bees para pagar et comprir et gardar todo esto que dito he. Et demays para vos pagar a dita renda et comprir et gardar todo esto que dito he dou-vos por fiadores a don Diego Fernandes, dayan sobredito, et Iohan Gutierres, coengo de Lugo, anbos de consuun et cada hun por lo todo; nos, o dayam et Iohan Gutierres sobreditos, que estamos presentes et outorgantes et obligamos nosos beens a a dita fiadoria. Et se por la ventura cada hun deste fiadores mas veer que eu, o dito iuys, que vos de otro fiador en lugar del para comprir et pagar todo o que sobredito he, et outrosy se por la ventura en este tempo eu, o dito iuys, finir que se os ditos fiadores quiseren esta renda, segundo que a eu tenno, que lles fique, se non que vos, o dayam et cabidoo, que a reço-



des et metades a prol \comprido/ aquel enno que andar, et elles seian tiudos de conprir aquel anno.

Et nos, lo dayan et cabidoo sobreditos, asy o outorgamos, et que esto seia certo nos, os sobreditos dayam et cabidoo et iuyz et fiadores sobreditos, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fesesse ende esta carta.

Que fuy feyta enno coro da dita iglesia de Lugo dose dias de janeyro, era de mill et treçentos et oyteenta et seys annos.

Et foron presentes: don Diego Ferrnandes, dayam; et don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Arias Pellaes, arçidiago de Deçon; don Vaasco Dias, the-soreyro; Affonso Gomes, Fernando Affonso, Iohan Dias, Iohan Gutierrez, coen-gos; Rodrigo Afonso, Diego Gomes, raçoeyros; Affonso Eanes, Iohan Ferrnandes, Iacome Yanes, Gomes Ferrnandes, clerigos do coro de Lugo; Fernando Peres, notario; Pedro Freyre; Diego [...] Peres Alvares; Ruy Peres, porteyro do cabidoo, ts., et outros.

Et eu Fernando Garçia, notario publico de nosso sennor el rey na çibda-de de Lugo, a esto pressente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna presença fiz scripvir et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 510

1348, xaneiro, 15. Lugo

*Cláusula testamentaria de Mariña Domínguez, que lega aos cóengos lucen-ses, para o seu aniversario, unha casa na rúa Travesa.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 56r, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernan-do Pérez a petición de Pedro Mouro, executor do testamento.

Eu Fernando Peres, notario de Lugo, vy et ley hun testamento signado con meu signal, o qual testamento era de Marina Domingues, muller d'Affonso Peres da Rua Minaa, mercador que foy, enno qual se continua entre as outras coussas que en el iaçian huna clausulla feita en tal maneyra: «Item mando a minna casa que esta enna rua Travesa, que esta cabo aquella que o dito meu marido mandou a os aniversarios, por meu aniversario, a os coengos, et que me façan hun aniversario cada anno por ella etc...».

Testemoyas que viron a dita clausulla do dito testamento: Fernando Domingues et Affonso Eanes, alfayates; Iohannes Ferrnandes, raçoeyro; Rodrigo Gomes, clerigo; Affonso Rodrigues, mercador da rua Minaa.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico del rey en Lugo, que a esto presente fuy et fiz escribir esta clausulla sobredita tirada do dito testamento

por rogo de Pedro Mouro, exsecutor da dita Marina Domingues, et puge y meu nome et meu sinal.

Quinse dias de ianeyro, era de mill et CCC LXXX VI annos.

## 511

1348, xaneiro, 26. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Lope Afonso e á súa muller, Tareixa Fernández, catro leiras na agra de Arnela, lugar de Noosende, freguesía de Santalla de Sisoí, por renda anual de tres maravedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 58r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, lo cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento de Iohan Ferrnandes, raçoeyro desse lugar, et vigario de don Diego Ferrnandes, dayam de Lugo, et dos coengos de aniversario da dita iglesia, avervamos a vos Lopo Affonso, fillo de Rodrigo Affonso de Saavedra, et a vosa muller, Tareyia Ferrnandes, por en todos vosos dias d'anbos, quatro leyras de herdade que iasen na agra de Arnela ut chaman Noosende, sub signo de Santa Alla de Susoy, que son dos aniversarios da dita iglesia de Lugo; as quaes leyras feren de testa no rio do Minno et da outra testa feren en huna herdade et en hunas casas que foron de Fernando Varela, et de huna yllarga iasen cabo herdade da iglesia de Santa Alla et da outra yllarga cabo a herdade de Matocovo; as quaes leyras o dito Rodrigo Affonso tragia et agora conosçeiu et desenbargou a a dita iglesia de Lugo, a a tal pleito et vervo que vos façades lavrar as ditas leyras et pararlas ben, et dedes, cada anno, por renda et reconosçemento delas a a iglesia de Lugo, tres moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso en salvo en Lugo, por dia de San Martino, a aquel que tiver os aniversarios desta iglesia. Et a finamento de vos anbos as ditas leyras an de ficar livres et quitas a a dita iglesia de Lugo para senpre con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Lopo Affonso, que estou presente por min et en nome da dita minna muller, Tareyia Ferrnades, asy reçoibo de vos, o dito cabidoo, as ditas leyras, et obligo todos meus beens et seus para pagar os ditos tres maravedis cada anno, et vos leyxar livres et desenbargadas as ditas leyras, commo sobredito he. Et que esto seia certo nos, lo cabidoo et Lopo Affonso sobreditos, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que feçesse desto duas cartas tal huna commo outra, huna no livro do cabidoo et outra a o dito Lopo Affonso.

Que foron feitas en Lugo viinte et seys dias de janeyro, era de mill et treçentos et oyteenta et seys annos.

Testemoyas: don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Arias Pellaes, arçidiago de Deçon; Affonso Gomes, Vaasco Peres, Fernando Affonso, Iohan Dias, coengos; Iohan Ferrnandes, Fernando Peres et Affonso Eanes, coengos de aniversario; Fernando Vaasques, clerigo; Affonso Eanes, alfayate da rua de Vermun Sanches; Rodrigo Peres, porteyro do dito cabidoo, ts.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto pressente foy et a rogo do cabidoo et Lopo Affonso sobreditos esta carta en minna presença fiz scripvir et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

## 512

1348, xaneiro, 26. Lugo

*Afonso de Saavedra entrégalle ao Cabido de Lugo catro leiras na agra de Arnela, freguesia de Santalla de Sisoi, pertencentes aos aniversarios.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 58r.

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Rodrigo Affonso de Saavedra, por salvamento de alma de meu padre, Afonso Lopes, et de Iohan Affonso, meu hirmao, et da minna, conosco et outorgo que quatro leyras de herdade que os ditos, Affonso Lopes et Iohan Affonso, et eu trouxemos ata aqui, que iasen na agra de Arnela ut chaman Noosende, sub signo de Santa Alla de Susoy, que son dos aniversarios da iglesia de Lugo; as quaes leyras feren de testa no rio do Minno, et da outra testa feren en huna herdade et en hunas casas que foron de Fernando Varela, et de huna yllarga iasen cabo herdade da iglesia de Santa Alla, et da outra yllarga cabo a herdade de Matocovo; et outorgo et desenbargo as ditas leyras, por esta presente carta, a a iglesia de Lugo que as aia para senpre livres et quitas de min et de toda minna vos et dos ditos Affonso Lopes et Iohan Affonso.

Et nos, lo cabidoo da iglesia de Lugo, reçebemos as ditas leyras para a dita iglesia de Lugo et conosco et outorgamos que somos entregos et pagados dos novos delas do tempo pasado ata aqui; et damos delas por livre et por quitos para senpre a vos et a os ditos Affonso Lopes et Iohan Affonso, et a todos vosos beens et seus. Et que esto seia çerto nos, lo cabidoo et Rodrigo Affonso sobreditos, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que fesesse desto duas cartas tal huna commo outra, huna no livro do cabidoo et outra a o dito Rodrigo Affonso.

Que foron feitas en Lugo viinte et seys dias de ianeyro, era de mill et tresentos et oyteenta et seys annos.

Testemoyas: don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Arias Pellaes, arçidiago de Deçon; Affonso Gomes, Vaasco Peres, Fernando Affonso, Iohan Dias,

coengos de Lugo; Iohan Ferrnandes et Rodrigo Affonso, raçoeyros; Arias Peres, Iohan Ferrnandes, Fernando Peres et Affonso Eanes, coengos de aniversario; Fernando Vaasques, clerigo; Affonso Eanes, alfayate da rua de Vermun Sanches; Ruy Peres, porteyro do dito cabidoo, ts.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto foy presente, et a rogo do cabidoo et Rodrigo Affonso sobredito esta carta en minna presenza fiz scripvir et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

### 513

1348, xaneiro, 31. Lugo

*Rui Fernández, que recibira en foro do Cabido de Lugo unhas herdades en Vilar de Cas co compromiso de construír unha casa, pide agora que se lle prorrogue o prazo para a construción desta.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 10v.

Era de mill et CCC LXXXVI annos, pustrimeyro dia de ianeyro.

En presenza de min Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, et das testemoyas subscriptas, estando na iglesia catedral de Lugo a a seyda da vespera, os omes boos do cabidoo desa iglesia, que eran presentes, estando y presente Ruy Ferrnandes, morador en Villar de Caes, feçeron leer hun vervo que iaçia scripto no livro do cabidoo, signado con sinnal de Ruy Ferrnades, notario que foy de Lugo, enno qual se continna entre las outras cousas que o dayam et cabidoo de Lugo avervaran a o dito Ruy Ferrnandes, et a sua muller Maria Peres, et a huna pesoa qual o pustrimeyro deles nomeasse, o casal et herdamentos dos aniversarios desta iglesia, que he en Vilar de Caes, por duas terças et medea de pan cada anno, et demays que feçessen y huna casa feyta de parede et cuberta commo as outras do dito lugar ata dous annos primeyros que se siguiran, et chantasen y XXX<sup>a</sup> arvores que leven froyto; et o dito vervo fora feyto XXV dias de novembre, era de mill et CCC LXX IIIII annos, et continase en el que qual das partes non comprisse o que se no dito vervo conten que peytasse a a outra parte cen moraovedis da moneda del rey don Affonso, et o vervo ficase valiosso. Et o dito Ruy Ferrnandes diso que el comprira ata aqui o dito vervo eno que se en el conten, salvo que non podera aynda façer a dita casa, et que iuntava guisamento agora para a faser quanto podia, et por quanto ha non feçera ata o dito tempo dos dous anos, que os rendeyros dos aniversarios que lle reçebian et querian reçeber o dito casal et lle diçian que perdera a dita pena, et diso que el era presente para façer a dita cassa et dar aynda

mays renda se os omes boos do cabidoo teveran por ben; et pidiolles que lle outorgasen o dito vervo.

Et os omes boos do cabidoo, que eran presentes, diseron que por quanto o dito Ruy Ferrnandes lavrara o dito lugar et o parara ben et por lo [...] que y [...]jara que lle outorgavan o dito vervo do dito casal segundo que estava feyto, et con a condiçon que el et a dita sua muller et pesoa sobreditas desen mays en quanto durase o dito vervo duas oytavas [de pan] cada anno con as outras duas terças et medea que an de dar. Et demays que façan a dita cassa ata deste San Iohan Baptista primeyro que ven a hun anno comprido, et chantasen os ditos arvores [...] chantados; et se o asy non feçessen que perdessen o dito vervo et fosen tiudos da dita penna.

Et o dito Ruy Ferrnandes assy recebeu o dito vervo et outorgou todo esto que dito he por sy et por la dita sua muller et pesoa sobredita.

Et Iohan Ferrnandes de Loveos et Affonso Eanes, alfayate, rendeyros dos aniversarios deste San Iohan que ven a seys annos, por sy et por lo iuys outorgaron esto que dito he;

et Fernan Vaasques, clerigo, rendeyro dos aniversarios que ora he, diso que quanto en el era se o dito Ruy Ferrnandes ata aqui perdera a dita pena que el que lla quitava. Et Iohan Ferrnandes, raçoeyro de Lugo, vigario de don Diego Ferrnandes, dayam de Lugo, diso que el asy commo vigario do dito dayam protestava que non consintia en esto sobredito.

Et desto commo pasou Ruy Ferrnandes pidio a min, notario sobredito, hun testemoyo.

Et foron presentes: don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Vaasco Dias, thesoreyro; Affonso Gomes et Pedro Gualvan, Iohan Dias, coengos de Lugo; Rodrigo Affonso, raçoeyro; Fernando Peres, Fernando Yanes, Ruy Gonçalves, clérigos, et outros.

Et eu Fernando Garçia a esto pressente foy et este testemoyo scripvi et puge en el meu sinal.

## 514

1348, marzo, 19. Salamanca

*Rui Fernández, cóengo de Lugo, arréndalle ao mestrescola durante cinco anos as rendas da súa coenxia, por 300 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 58v, traslado ao Libro do Cabido polo notario Fernando García: 1348-VI-14.

Sean quantos esta carta vieren commo yo Ruy Ferrnandes, canonigo de la iglesia de Lugo, arrendo a vos Pedro Arias, mestrescola de la dicha iglesia, las rentas que renderen la dicha mi calongia del dicho lugar de Lugo, asy de granado commo de menudo, en qualquier manera. Et esta dicha mi calongia vos arrendo yo, segundo dicho es, desde el dia de San Lucas que agora passo fasta çinquo annos compridos, en tal manera que ayades ende çinquo frutos et paguedes çinquo rentas; et avedes-me a dar en renta por la dicha mi calongia, cada anno, treçientos moravedis desta moneda que agora corre, que fazen diez dineros el moravedi, et es el prasio a que me avedes a dar et pagar los dichos tresentos moravedis en cada anno destes çinquo annos, bien et compridamente, sin escatimar et sin otra rebuelta alguna por dia de San Iohan de iunio primeiro que venra, cada anno, aqui en Salamanca en salvo, mientras que vos el dicho mestrescola estudiardes en el estudio de aqui de Salamanca; et sy por la ventura vos non estudiardes aqui en el dicho estudio que me los dedes en el dicho lugar de Lugo, so pena de çinco moravedis dela dicha moneda, cada \dia/, quantos dias pasaren de mas del dicho prazo endeante. Et otorgo et prometo de vos non tirar esta dicha renta por mas nen por menos nin por al tanto que me otro de por ella, nin por otra razon alguna. Et me obligo por min et por todos mios bienes, muebres et rayzes, ganados et por ganar, de vos arredrar et defender et faser sana esta dicha renta de quien quier que vos la demandar o enbargar o contrariar, toda o parte della, en qual maneira quier que sea, so pena dellos dapnnos et de las costas et menoscabos que por esta rasion fizierdes o recebiardes, vos et otro por vos, et todavia faservos-la sana.

Et yo, el dicho mestrescola, asy otorgo que reço de vos, el dicho Ruy Ferrnandes, esta dicha renta en la manera que dicha es, et me obligo por min et por mis bienes, muebres et rayzes, ganados et por ganar, de vos dar et pagar los dichos treçientos moravedis al dicho prasio del dicho dia de San Iohan de iunio primeiro que venier, en cada unno de los dichos çinquo annos, so la dicha pena de los dichos çinquo moravedis de la dicha moneda cada dia, quantos dias pasaren de mas del dicho prasio en delante, cada ano. Et esta dicha renta que se entienda mientras que vos estudiardes aqui en el dicho estudio de Salamanca o en otro estudio general qualquie,r que ayan los privilegios que ha el dicho estudio de Salamanca, que vos que devades aver la dicha renta en absseñcia.

Et para esto todo asy tener et comprir et pagar et gardar anbas las dichas partes pidimos et rogamos et damos poder a qualquier sennor obispo o a qualquier de sus vicarios de qualquier villa o logar \que sea/, asy a los que agora son commo a los que seran d'aqui adelante, ante quien esta carta paresçier et fuer mostrada, que sin se nos o qualquier de nos llamados nin çitados nin oydos nin vençidos por derecho que nos fagan esto todo asy tener et comprir et gardar et pagar fasiedo luego entrega et secuçion desta dicha deuda en nos et en todos nuestros bienes o de qualquier de nos, et que den carta o cartas de suspensson et de d'escomonion contra nos, o contra qualquier de nos, aquellas que compriren et mester feseren en esta razon, et que

nos non alçen la sentençia de santa iglesia fasta que llo tengamos et lo compramos esto todo, que dichos es et en esta carta se contien, a tan bien et a tan compridamente commo sy lo elos mismos o qualquier dellos lo oviessen oydo et julgado et dado por sentençia contra nos o contra qualquier de nos, para lo tener et comprir et gardar et pagar segundo dicho es. Et contra esto todoo que dicho es renunçiamos [ferias] et carta et merçee de rey et de reyna et de infante et de ricome et de ricadonna et de arçibispo et de obispo et de todo outro sennor qualquier, et prasio de conseio et de avogado, prasio mudados et dias feriadados, la demanda en escripto et el traslado desta carta et todas aquellas cossas asy en general commo en speçial que a min podian aproveitar et a vos, el dicho maestrescola, empeeçer por esta rason. Et por que esto seia firme et non venga en dulta rogamos a Iohan Lourenço, notario publico por nosa senora la reyna en la çibdade de Salamanca, que mande faser desto dos cartas anbas fechas en hun tenor et ponga en cada una dellas su signo.

Fecha en Salamanca dies et nove dias de março, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et seys annos.

Testemoyas: Vaasco Rodrigues, canonigo del dicho lugar de Lugo, et Alvar Rodrigues, su yrmano, et Arias Alfonso, omme del abbade de Monforte; Rogiada, escudeyro de Men Suares; et Affonso Gomes, omme del dicho Vasco Rodrigues.

Et yo Iohan Lourenço, notario publico sobredito, por que fuy a esto que dicho es presente, fis scripvir esta carta et pus en ella mio signo a tal en testemoyo de verdade.

Eu Fernando Garçia, notario publico de nosso sennor el rey enna çibdade de Lugo, vi a carta sobredito scripta en pulgameo et sinada con signal do dito notario, segundo por ela pareçia feita no tenor sobredito, et a rogo do cabidoo de Lugo et con autoridade de Iohan Eannes, alcalde de Lugo, figea trasladar en minna presença en este livro do cabidoo vervo por vervo, et puge y meu sinal.

Feito XIII dias de iunyo, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> VI annos.

Testemoyas que viron a dita carta et foron pressentes quando o dito alcalle de deu esta autoridade: Ruy Gomes, clérigo; Iohan Fernandes, Ruy Gomes, Johan dos Santos, alfayates, moradores na rua Minaa.

## 515

1348, xuño, 28. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranelle a Álvaro Fernández, clérigo do coro, e a unha voz unha casa próxima á rúa Nova, por 30 soldos anuais como renda mais a obriga de facela e cubrila.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 56r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Diego Ferrnandes, dayam de Lugo, et o cabidoo desse lugar, con outorgamento de don Martin Peres, iuys, et de Iohan Ferrnandes, clerigo do coro, rendeyros dos aniversarios, et outrosi con outorgamento dos capellaes da dita iglesia, avervamos a vos Alvar Ferrnandes, clerigo do coro da dita iglesia, prelado de San Martino dos Condes, por en toda vossa vida et a huna pessoa qual vos nomeardes a vosso finamento semellavel de vos, huna cassa que he no carril cabo rua Nova, a qual cassa he as duas partes dela dos aniversarios et a terça dos capellaes, por tal condiçõn que vos façades a dita cassa et que a cubrades et ha dedes feyta et acabada ata hun anno primeyro seguinte; et que dedes dela por alugueyro triinta soldos, as duas partes a os aniversarios et a terça a os capellaes; et a pessoa que vos nomeardes que de cada XL<sup>a</sup> soldos enna maneyra que sobredita he en salvo, et que tenades a dita cassa ben reparada et en boo estado.

Et eu, o dito Alvar Ferrnandes, asy reçoibo o vervo da dita cassa de vos, dayam et cabidoo, enna maneyra que sobredita he, et obrigo a min et a todos meus bees para faser et comprir esto que sobredita he. Et por que esto seya çerto nos las partes rogamos a Iacome Guillelmes, notario de Lugo, que feçese desto duas cartas.

Feytas enno coro da dita iglesia XXVIII dias andados de iunyo, era de mill et CCC LXX VI annos.

Testemoyas: Alvar Dias, arçidiago de Neyra; Arias Pelaes, arçidiago de Deçon [...] Fernando Afonso, Iohan Dias, Iohan Guterres, Iohan Ferrnandes, coengos; Diego Gomes, raçoeyro.

Et eu Iacome Guillelmes, notario publico de Lugo, a esto presente foy et esta carta escripvi et puge y meu sinal.

## 516

1348, xullo, 18. Pobra de San Pedro

*María Castaña e os seus fillos dóanlle á catedral de Lugo canto posúen no couto de Cereixa, freguesía de San Pedro de Cereixa.*

MADRID, *AHN*, Cód. 417 B, fol. 9v, traslado polo notario Afonso Tourón: 1387-V-3; Ext. *Tumbo Nuevo*, fol. 232v.

RISCO: *ES*, t. XLI, pp. 126 e 127.

Era de mill et trezentos et oyteenta et seys annos do nasçemento de noso Salvador Ihesu Christo, dez et oyto dias de julio.

Sabam quantos esta carta virem commo eu Maria Castanna, muller de Martin Çego, que foy, et eu Gonçalvo Çego et Afonso Çego, fillos dos ditos Martin Çego et Maria Castanna, moradores en San Pedro, por nos et por todas nosas vozes



para senpre damos, por Deus et por nosas almas, por iur de herdade para senpre toda quanta herdade et casas et arvores nos avemos et nos perteeçen et perteeçer deven de dereyto en qualquer maneyra enno couto de Çereyxa, a montes et a fontes, peru quer que vaan, sub signo de San Pedro de Çereyxa, a a igrlesia cathadral de Santa Maria de Lugo, que a aia de aqui endeante para senpre; et esta doaçon et esmola fazemos a a dita igrlesia por emenda et corregeto de mal, injuria et herro que fezemos enno dito couto de Çereyxa eu, o dito Gonçalvo Çego et (espazo en branco) por quanto fomos en ferir a Françisco Fernandes, moordomo do sennor obispo de Lugo, de feridas de que veo a morte, et por esta carta nos os sobreditos nos tiramos do iur et posison et propiadade da dita herdade et poemos en ela a dita igrlesia de Santa Maria de Lugo, et a o dito sennor obispo et a aquelles et a aquel que a por la dita igrlesia ouberen de posuyr et teer et husar, et prometemos a Deus de non yr nen pasar contra esto que sobredito he en alguna maneyra, et se o fesermos nos, ou cada hun de nos, outorgamos que nos non valla nen seiamos sobrelo oydos en alguna maneyra, et demays que preçamos por pena, a o dito sennor obispo et a a dita sua igrlesia, mill moravedis desta moneda usavel, et outrosy por ripintemento et dapno et sen rason que enno dito lugar fesemos nos, os ditos Fernan Çego et Gonçalvo Çego, et por seer ovidientes a merçee et misericordia que contra nos ha feyta don frey Pero Lopes, obispo de Lugo, prometemos et outorgamos de seer senpre en toda nosa vida en seu serviço et da dita sua igrlesia et en ajuda dos seus familiares, et ajudar enno seu ben et enna sua onrra en quanto noso poder for, et estorvar o seu dapno a todo noso poder, se o viirmos ou sobermos, en qualquer maneyra, et a non yr contra el nen contra sua igrlesia en nenhuma maneyra; et se contra esto fomos ou pasarmos en alguna maneyra outorgamos que preçamos por nome de pena et intereese a a dita igrlesia et a o dito sennor obispo, por cada begada que contra elo fomos, os ditos mill moravedis da dita moneda, et a a vos del rey outros tantos. Et esta carta et todo o que se en ela conten valla et fique firme para senpre.

Feyta a carta enna Pobra de San Pedro enno dia et era sobreditos.

Testemoyas que foron presentes: Roy Gomes, Roy de Quiroga, Pedro Are, Afonso Fernandes da Porta, Estevo Eanes, moradores enna Pobra; Iohan Çereyxa, et outros.

Et eu Vaasco Rodrigues, notario publico enna Pobra de San Pedro por noso sennor o infante dom Fernando, a esto foy presente et o escripvi por mandado das partes et fis aqui meu signo en testemoyo da verdade que tal he.

Eu Affonso Touron, notario publico de Lugo por la auctoridade do dito sennor obispo, vi et lii a carta de doaçon sobredita scripta en papel enno tenor sobredito et signada de signal do dito Vaasco Rodrigues, notario enna dita Prova de Sant Pedro, et a rogo et petiçon do dito sennor obispo, que diso que lle compria, et de liçençia et auctoridade de don Aras Peres, arçidiago de Deçon, et vigario geeral enno spiritual do dito sennor obispo, que viu et examinou a dita carta original, et por que a achou sen sospeçta deu sua auctoridade et degredo a o tras-

lado et traslados que eu dela sacase et signase de meu signal, que valuese et fesese fe ut quer que parescese asy commo o verdadeyro original, aqui a fis trasladar en minna presenza et en este traslado puge meu signal en testemoyo de verdade.

Que fuy feyta en Lugo tres dias de mayo, anno da naçença de noso Salvador Ihesu Christo de mill et CCC LXXX et sete annos.

Testemoyas que viron et oyron leer a dita carta original ante o dito vigario et estavan presentes quando lle el deu a dita auctoridade: Aras Fernandes, coengo de Lugo; Rodrigo Eanes d'Outeyro; Johan Lopes do Felgar; Ares Nunes, scripvan [...].

## 517

1348, novembro, 9. Lugo

*O Cabido de Lugo cédelle unhas decretais ao deán a condición de que este as devolva cando faleza, ou ben entregue 600 marabedís. Así mesmo, o deán comprométese a entregar no devandito prazo unhas clementinas ou 200 marabedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 58v.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et seys annos, IX dias de novembre.

Seendo o cabidoo de Lugo iuntados por campanya tannuda no thesouro desa iglesia deron a don Diego Fernandes, dayam, hunas Degretaes que tinna Iohan Gonçalves, arçidiago de Deça, por tal condiçon que o dito dayam que as tenna en sua vida, et a sua morte que as leyxe a o dito cabidoo, ou seysçentos moravedis desta moneda del rey don Affonso. Et o dito dayam por esta gracia que lle o cabidoo fasia prometeu a leyxar a o dito cabidoo con as ditas Degretaes hunas suas Clementinas, deste dayam, que el ora ha con seu aparado, ou duçentos moravedis por elas. Et se acaesçer que Deus faça merçee a o dito dayam de bispado ou arçibispado que el entregue as ditas Degretaes et Clementinas a o dito cabidoo ou a dita cuantia de moravedis por ellas. Et para o assy comprir obrigou seus beens et demays deu por fiador: don Garçia Dias, arçidiago de Sarria, el presente et outorgante, et se o arçidiago finar ou acaesçer de non seer beneficiado en esta iglesia, que o dito dayam de outro fiador en seu lugar, et asi o outorgou.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Vaasco Dias, arçidiago de Deçon; o mestrescola, o iuys, thesoreyro, Iohan Fernandes, Iohan Dias, coengos de Lugo, et outros.

Et eu Fernan Garçia, notario publico del rey en Lugo, a esto foy pressente et esta carta scripvi et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 518

1348, novembro, 15. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao arcediago de Sarria, García Díaz, a administración de marzo e reducen a renda respecto á do seu antecesor no devandito cargo.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 59v.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et seys annos, quinse dias de novembre.

Seendo don Diego Fernandes, dayam, et o cabidoo da Lugo, iuntados por campaya taniuda eno thessouro desa iglesia, arrendaron a don Garçia Dias, arçidiago de Sarria, deste San Iohan Babtista que ora pasou endeante por en seus dias, a amiistraçon do mes de março con suas pertenenças et dereyturas, segundo que a Iohan Gonçalves tinna arrendada por minus treçentos moravedis cada anno ca a el tinna arrendada, et anlle a descontar estes treçentos moravedis cada anno dos terços que ha de dar por esta amiistraçon, et o arçidiago non deve a demandar relaxaçon da dita renda salvo por casso superveniente se acaesçer por que lle devan faser relaxaçon ca lle relaxaron, cada anno, os ditos treçentos moravedis da dita amiistraçon por la pestilençia que ora acaesçeu na terra. Et o arçidiago sobredito reçebeu a dita renda et amiistraçon, et obrigou seus bees para pagar, et demays deu por fiadores: don Diego Fernandes, dayan, et Vaasco Peres de Rodeyro, coengo, cada hun por lo todo, elles presentes et outorgantes.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; meestrescola; o iuys; o thesoreyro [...] Galvan; Iohan Dias, Iohan Fernandes, coengos de Lugo.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, foy presente et scripvi esta carta et puge y meu sinal.

## 519

1348, decembro, 26. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Fernando Vázquez, clérigo do coro, e a unha voz o casal de Trigaes, na freguesía de San Vicente de Deade, por 16 maravedís anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 62v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayan, et o cabidoo da iglesia de Lugo, avervamos et arrendamos a vos Fernado Vaasques, clerigo do coro de Lugo, por en todos vosos dias et de huna pessoa qual vos nomeardes en vosa vida ou a tempo de voso finamento, o cassal et herdamento de Triigares, que he dos aniversarios desta iglesia, con todas suas dereyturas et pertenenças peru quer que vaan, sub signo de San Viçenço de Deade, et sub outro signo qualquer que vaan, et con a vinna d'entre vinnas, o qual ora ten afforado Pedro Affonso; et vos et a dita pesoa ave-des a faser lavrar et parar ben as herdades do dito casal et manteer las cassas del en boo estado, et dardes, cada anno, de renda en salvo en Lugo, a aquel que tever os aniversarios desta iglesia, XVI moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Affonso, por dia de Pascoa, et a finamento de vos, o dito Fernando Vaasques, a pesoa que por vos for nomeada para esto venna receber o vervo de nos, lo dito cabidoo, do dia que vos finardes ata hun mes primeyro. Et a finamento da dita pesoa o dito cassal et herdamento et vinna, fiquen livres et quitos a os aniversarios desta iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Fernando Vaasques, que estou presente por min et por la pesoa sobredito assy recebeo o dito vervo do dito cassal de vos, los ditos dayan et cabidoo, et oblige meus beens et seus para faser et conprir todo o que sobredito he. Et por que esto seia çerto et non venna en dulta nos, dayam et cabidoo et Fernando Vaasques sobreditos, rogamos a Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, que fezese desto duas cartas tal huna commo outra, huna no livro do cabidoo et outra a o dito Fernando Vaasques.

Que foron feytas en Lugo viinte et seys dias de dezembre, era de mill et CCC LXXX et seys annos.

Et foron pressentes: don Diego Ferrnandes, dayan; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pedro Arias, mestrescola; don Affonso Gomes, iuys; don Vaasco Dias, thesoreyro; Iohan Dias, Thomas Gomes, Rodrigo Affonso, coengos; Diego Gomes, raçoeyro; Gonçalvo Peres et Iohan Ferrnandes, clerigos do coro de Lugo, ts.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, fuy presente et fis scripvir et puge y meu sinal.

## 520

1348, decembro, 30. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Lope Arias e á súa muller e a unha voz os casais de Vilarpunteiro, na freguesia de Santa Marta, por renda anual de 50 marabedís, a obriga de construír dúas casas cubertas de palla e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 61v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayan, et o cabidoo de Lugo, con outorgamento dos coengos d'aniversario dessa iglesia, avervamos et arrendamos a vos, Lopo Arias de Segeree, et a vosa muller, Tareyia Lopes, por en todos vosos dias de anbos et de huna pesoa qual o pustrimeyro de vos nomear en sua vida ou a tempo de seu finamento, os cassares de Villar Ponteyro, que son dos aniversarios desta iglesia de Lugo, con todas suas dereyturas et pertenenças, sub signo de Santa Marta de Villar Ponteyro; et avedes a lavrar et parar ben as herdades dos ditos casares et chantar y das arvores, et faserdes y duas cassas boas segundo as outras desa terra, cubertas de palla, et faserdes-las ata III annos primeyros, se non que pergades o vervo, et manteerlas feytas. Et vos et a dita vosa muller avedes a dar, cada anno, de renda en salvo en Lugo, a aquel que recadar os aniversarios desta iglesia, çinquenta moravedis desta moneda del rey don Affonso, d'oyto soldos o moravedi, por dia de kalendas janeyras. Et aquela persoa que y for nomeada ha de dar, cada anno, çinquenta et çinco moravedis da dita moneda a o dito prazo. Et a finamento da persoa que for nomeada no dito vervo os ditos cassares deven aficar livres et quitos a os aniversarios desta iglesia con as ditas cassas feytas, et con todos los outros boos paramentos que y foren feytos, et avedes y demays a leyxar de poblo nos ditos lugares quatro armentios boos et duas porcas. Et aquela pesoa que y for nomeada deve a viir receber este vervo do cabidoo do dia que o pustrimeyro de vos finir ata hun mes. Et avedes a seer serventes et obedientes a a iglesia de Lugo.

Et eu, o dito Lopo Arias, que estou presente por min et por la dita minna muller et pesoa sobredita, asy reçoibo este vervo et renda de vos, dayan et cabidoo sobreditos, et obligo todos meus beens et seus para conprir todo esto que sobredito he, et demays para o asy conprir et pagarmos os ditos moravedis, cada anno, commo dito he, et faser as ditas cassas, et manteer las outras que y estan, dou-vos por fiadores a Gonçalvo Peres, sanchristan da iglesia de Lugo, et Diego Lopes, clerigo de Santiago de Cova, anbos et cada hun deles por lo todo. Nos los ditos Gonçalvo Peres et Diego Lopes que estamos presentes et outorgantes a a dita fiadoria. Et eu, o dito Lopo Arias, obligo meus beens, et o dito vervo et renda del, para vos quitar en salvo desta fiadoria, et se por la ventura estes fiadores, ou algun deles finir, que de outro fiador a vos, lo dito cabidoo, en seu lugar en aquel anno que finir. Et que esto seia çerto et non venna en dulta nos, las partes sobreditas, rogamos a Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, que feçesse desto duas cartas tal huna como outra, huna no livro do cabidoo et outra a o dito Lopo Arias.

Que foron feytas en Lugo, triinta dias de dezembre, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et seys annos.

Et foron presentes: don Diego Ferrnandes, dayan sobredito; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Garçia Diaz, arçidiago

de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pedro Arias, mestrescola; don Vaasco Dias, thesoreyro; et Andres Peres, Iohan Dias, Iohan Ferrnandes, Lopo Domingues, Rodrigo Affonso, Alvar Rodrigues, coengos; Gonçalvo Peres, Iohan Ferrnandes, Ruy Gomes, Afonso Yanes, clerigos do coro; Fernando Peres, notario de Lugo, et Fernando Peres, seu fillo, ts., et outros.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a esto fuy pressente et fiz scrip-vir et puge y meu sinal.

## 521

1348, decembro, 30. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Arias Gómez e a unha voz o casal de Souto, en Santiago de Ferroi, coa renda dos aniversarios en vila de Arriba, freguesía de Santa María de Ferroi, por renda anual de dúas terzas e media de pan mais outras obrigas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 62r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, dayan, et cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento dos coengos d'aniversario desa iglesia, avervamos et afforamos a vos Arias Gomes de Santiago de Ferroe, scudeyro, et a huna pesoa qual vos nomeardes a tempo de voso finamento, o casal chamado do Souto que he en Santiago de Ferroe, o qual he dos aniversarios desta iglesia de Lugo, con todas suas pertencas et dereyturas, a monte et a fonte, peru quer que vaan, et con a renda que os aniversarios an na Villa d'Arriba, que he sub signo de Santa Maria de Ferroe, et vos avedes a lavrar et parar ben as herdades do dito cassal et manteer la casa que y esta feyta en boo estado. Et avedes a dar de renda, cada anno, en salvo a aquel que recadar os aniversarios desta iglesia, duas terças et medea de pan, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, do mellor pan que y ouver posta a semente, por la teega vella que andava ante que entrasse Affonso. Et este pan avedes a dar enno dito casal commo he uso et custume; et aquela pesoa que y for nomeada ha de leyxar a seu finamento de poblo no dito casal, hun boy et huna vaca et huna porca, et o dito cassal livre et quito a os ditos aniversarios, con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et eu, o dito Arias Gomes, que estou presente por min et por la pesoa sobredita, assy reço o dito vervo de vos, dayam et cabidoo sobreditos, et obliigo a min et \todos/ meus beens et seus para o comprir asy, et demays para o asy comprir dou-vos por fiador don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea, eu o dito arçidiago que estou presente et outorgante obliigo todos meus beens a a dita fiadoria. Et por que esto seia çerto nos, lo

dayan et cabidoo sobreditos, rogamos a Ferando Garçia, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo triinta dias de desembre, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et seys annos.

Et foron presentes: don Diego Ferrnandes, dayam sobredito; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pedro Aras, mestrescola; don Vaasco Dias, thesoyeyro; Andres Peres, Iohan Dias, Iohan Ferrnandes, Lopo Domingues, Rodrigo Affonso, Alvar Rodrigues, coengos; Gonçalvo Peres, Iohan Ferrnandes, clerigos.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a esto fuy presente et fiz escrip-  
vir esta carta et puge y meu signal.

## 522

1349. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralles a Ares Afonso, Gómez Afonso e a unha voz o casal de Villapedre e cinco tegas de herdade na freguesía de Santalla de Devesa por renda anual de catro terzas de pan e dúas libras de cera.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 66v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgameto de don Alvar Dias, arçidiago de Neyra, teente a amystraçon do mes de iulio en Narla et en Parrega et en Goyos, a vos Ares Affonso de Villapedre, fillo d'Afonso Ares, et a Gomes Affonso, fillo d'Afonso Ferrnandes de Villapedre, et a huna pessoa qual o pustrimeyro de vos nomear en vida ou a ora da morte, damos et outorgamos a a tal vervo et foro, o casal de Villapedre, que he da iglesia de Lugo, que perteesçe a a dita amystraçon, con suas pertenenças et dereyturas, peru quer que vaan, sub signo de Santa Alla da Devessa, et mays con as çinquo teegas d'erdade en outra que y ha de leyxar Affonso Ferrnandes et Gonçalvo Peres que este casal teveron; a a tal condiçon conven a saber, que vos et a pesoa que para este vervo for nomeada lavredes et paredes ben estas ditas herdades assy commo perteeçen a o dito casal; et que dedes, cada anno, a o dito arçidiago en quanto for amystrador ou a o que tever a dita amystraçon por nos, quatro terças de pan, duas partes de temporao et a terça de serodeo por teega dereyta, et duas libras de cera; et a morte de vos ambos et d'aquela pesoa, que este casal et herdade sobreditos fiquen livres et quitos a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos et provados de II armentios.

Et nos, cabidoo et arçediano sobreditos, asi o outorgamos [...]nos de non viir contra esto en ninguna maneyra. Et outrosy nos, Ares Afonso et Gomes Afonso et por la pesoa que para esto asy for nomeada [...] outorgamos este vervo et obrigamos por nosos beens de o comprir en commo sobredito he, et rogamos a Fernando Peres, notario de Lugo, que fesese [...].

Feyto foy en Lugo X [...], era de mill et CCC LXXX VII annos.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Vaasco Rodrigues [...] Andres Peres, Iohan Dias, Alvar Rodrigues, Tomas Gomes, coengos de Lugo, ts.

Et eu Fernando Peres, notario sobredito, a esto presente foy con as ditas testemoyas.

### 523

1349, xaneiro, 3. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle ao cóengo Xoán Fernández e a unha voz unha casa situada ante a Carnizaría de Lugo, por 60 soldos anuais de renda.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 62r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayan, et o cabidoo da iglesia de Lugo, afforamos a vos Iohan Ferrnandes, coengo de Lugo, et a huna pesoa qual vos nomeardes a tempo de voso finamento, huna cassa que he dos aniversarios desta iglesia que esta ante la Carniçaria de Lugo, enna qual cassa suya morar Gonçalvo Peres, dito [...quino], a qual esta entre la casa en que ora mora Lopo Affonso, mercador, da huna parte, et da outra, entre la cassa en que mora Arias Peres, notario; por tal condiçõn que vos façades morar en voso nome a dita cassa, et manteerla en boo estado, et avedes a dar, cada anno, por renda et alugeyro dela, a aqueles que por nos recadaren os aniversarios, seseenta soldos desta moneda del rey don Affonso, commo he usso et custume de se pagaren os alugeyros das outras cassas que nos avemos en Lugo. Et a passamento de vos et da dita pesoa que fique a dita casa livre et quita a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que en ela foren feitos.

Et eu, o dito Iohan Ferrnandes por min et por la dita pesoa, asy reço de vos, o dayan et cabidoo sobreditos, a dita cassa, et obliigo min et meus beens de pagar cada anno a dita renda et alugeyro commo dito he. Et nos, o dayan et cabidoo, asy vos la outorgamos, et por que esto seia çerto mandamos-vos ende dar esta nosa carta seellada con noso seello pendiente, et por mayor firmidue mandamos a Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, que posesse en ela seu sinal.



Que fuy feyta en Lugo tres dias de ianeyro, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego Ferrnandes, dayan sobredito; don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Garçia Diaz, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pedro Arias, mestrescola; don Vaasco Diaz, thesoreyro; Iohan Diaz, Lopo Domingues et Rodrigo Affonso, coengos de Lugo, ts.

Eu Fernando Garçia, notario sobredito, que fuy pressente et fiz scripvir et puge y meu sinal.

## 524

1349, febreiro, 18. Lugo

*O Cabido de Lugo outórgalle ao notario Fernando Pérez unha herdade en Saamasas, por dúas terzas de pan anuais, que o devandito notario ten en préstamo do Cabido.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 111v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayan, et cabidoo da iglesia de Lugo, seendo juntados en cabidoo por canpaa tanjudada commo avemos de uso et de costume de nos ajuntar, damos et outorgamos a vos Fernan Peres, notario de Lugo, por en toda vosa vida, toda a nossa herdade dos aniversarios, que de nos tevo en renda Pedro Fernandez, dito Trialas, clerigo do noso choro; a qual herdade he et iaz en Samassas et enredor da villa d'Avoyñ et en Rianpro, et des-la fonte de Santa Maria a o caminno do castineyro commo ven a a Porta Nova, et da Porta Nova commo ven a a Porta Minaa por lo caminno que desçende a Pousadella et a Pumarinno contra o vao de Samassas, segundo a tragia et usava o dito Pedro Fernandez, con suas pertenenças et dereyturas et casas sub quaesquer signos que vaan; as quaes herdades vos damos por renda de duas terças de pan que de nos teedes en prestamo cada anno, et que as aiades por toda vossa vida et se mays renderen as ditas herdades ca as ditas duas terças de pan d'aqui endeante damos-vos lo que o tennades de nos en prestamo, outrossi por en toda vosa vida, por moyto serviço que nos fezestes et fazedes a nos et a a dita nossa iglesia. Et a vossa morte esta dita herdade ha de ficar a nos et a os aniversarios da dita iglesia livre et quita con todos los boos paramentos que en ella foren feytos. En testimonio desto mandamos-vos dar nossa carta seelada con noso seello.

Feyta en Lugo dez et oyto dias de febreyro, era de mill et trezentos et oyte-enta et sete annos.

Testemoyas que presentes foron: don Diego Fernandez, dayan; don Fernando de Deus, chantres; don Afonso Gomez, arçidiago de Deça; don Alvar Diaz, arçidiago de Neyra; don Pedro Aras, meestreescolla; don Vaasco Rodriguez, arçidiago de Deçon; Iohan Diaz, Lopo Domingues, Thomas Gonçalvez, coengos; Iohan de Lovea, Gonçalvo Peres, coengos d'aniverssario da iglesia de Lugo; Rodrigo Eanes, sobrinno do dito chantres; Aras Fernandez de Villagonte; Alvar Diaz de Moesteyro ts., et outros moytos.

## 525

1349, febreiro, 28. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Gonzalo Pérez, sancristán, e a unha voz unha casa no Campo de Lugo, por renda de 20 marabedis anuais.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 59v.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et sete annos, pustrimeyro dia de febreyro.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Diego Ferrnandes, dean, et o cabidoo da iglesia de Lugo, afforamos et avervamos a vos Gonçalvo Peres, sanchristan da dita iglesia, por en toda vossa vida et de huna pessoa semellavel de vos qual vos nomeardes en vida ou a tempo de vosso finamento, a nossa cassa que esta no Campo de Lugo, entre la cassa en que morava Affonso de Negral, mercador, da huna parte, et outra cassa que foy de Affonso Rodrigues, mercador da rua Minaa, da outra parte; a qual cassa sobredita de nos tinna avervo por sua vida Françisco Martines et Maria Ferrnandes, moradores que foron en Chantada; et esta cassa sobredita vos afforamos con todas suas dereyturas et pertenenças en tal maneyra conven a saber que avedes a parar ben a dita cassa, et adubarla d'aquel adubeyro que ouver mester, et manteerdela en boo estado vos et a dita pessoa, et avedes a dar, cada anno, en renda por alugeyro dela en salvo a a iglesia de Lugo, vos et a dita pessoa que vos nomeardes segundo dito he, viinte moravedis, a onçe dineiros minos terça de hun por cada moravedi, desta moneda del rey don Affonso; et a tempo de finamento de vos et da dita pessoa que a dita cassa fique livre et quita a a iglesia de Lugo, con todos los boos paramentos que en ella foren feitos.

Et eu, o dito Gonçalvo Peres sanchristan que presente estou, asy reço de vos, o dito dean et cabidoo, o vervo et foro da cassa sobredita por min et por la dita pessoa que for nomeada, et obligo min et todos meus beens para pagar, cada anno, en salvo os ditos viinte moravedis eu et a dita pessoa. Et por que esto seya çerto nos, las ditas partes, rogamos a Iacome Guillelmes, notario publico del rey en Lugo, que fezesse desto duas cartas en hun tenor tal huna commo outra.

Feitas en Lugo dias et era et mes sobreditos.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Vaasco Dias, thesoreyro; Lopo Domingues; Tomas Gomes, Iohan Dias, Rodrigo Affonso, coengos de Lugo, ts.

Et eu Iacome Guillelmes, notario publico sobredito, a esto presente foy et por rogo das ditas partes esta carta escripvi et puge aqui meu signal en testemoyo de verdade.

## 526

1349, febreiro, 28. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Diego López e á súa muller e a unha voz o casal da Ponte, en Santa Mariña e Santa María de Quintá, por 250 marabedís anuais de renda, e deben, ademais, construír tres casas de pedra e dous lagares.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 60v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o dayan, et cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados por campaa taniuda commo avemos de husso et de costume de nos iuntarmos a cabidoo, damos et outorgamos afforo et avervo a vos, Diego Lopes de Somoça, et a vossa muller, dona Tareyia, et a huna pessoa qual nomear o pustrimeyro de vos en sua vida para esto, o nosso cassal chamado da Ponte, que he sub signos de Santa Marina et de Santa Maria de Quintaa, con todas suas pertencenças et dereyturas, segundo o vos ora tragiades, a a tal rason conven a saber que façades lavrar et parar ben, et que façades y tres cassas de pedra et de madeyra et cubertas, et dous lagares, en estes primeiros dous annos, et estas cassas et lagares han a seer feitas a a boa fe et sen maliciã, a vista do amystrador do mes de junyo, que as ha de veer por nos; et avedes-nos a dar mays por renda do dito cassal, dusementos et çinquenta moravedis desta moneda del rey dom Affonso, a oyto soldos o moravedi, ou a valia delles, en pas et en salvo na villa de Lugo, cada anno, a meatade por dia de Natal et a outra meatade por dia de Pascoa seguentese, sen outra condiçõn et excepçõn ninhuna, sub pea das custas que posta (sic) rason reçoissemos, et non nos pagando assy a dita quantia que nos diades por nome de pena et pustura tres moravedis, cada dia, quantos dias pasaren dello praso endeante, et a pena se y creçer que nos la paguedes ante que o cabo. Et outrosy aquella pessoa que vos para este vervo nomeardes, ou a dita vossa muller, que o vena pedir a nos, o dayan et cabidoo da iglesia de Lugo, ennos primeiros triinta dias que os ouver a entrar, et o dayam et cabidoo que llo outorguen, et non o querendo el assy viir demandar et pedir a dita pessoa que para esto for nomeada que dellos XXX<sup>ia</sup> dias endeante pasados nos, o dayan et cabidoo sobreditos, possamos reçoiser o

dito vervo en nos et ussemos del et darlo-lo a quen for nossa voontade. Et outroo-ssy este vervo comprido, commo dito he, este cassal ha de ficar livre et quito de vos, o dito Diego Lopes, et de vossa muller et de vossa voz con as cassas et lagares sobreditos; et outrossy con tantas cubas feitas de madeira et saas que leven seteen-ta moyos de vinno que han de ficar no dito cassal, et con todos los outros boos paramentos que y foren feitos a nos et a a iglesia de Lugo.

Et eu, o dito Diego Lopes, por min et por la dita minna muller, et por la pes-soa que para esto for nomeada, assy recebo este vervo et foro de vos, os ditos dayam et cabidoo, et obligo todos meus beens, movilles et reyz, para teer este vervo et comprir estas cousas sobreditas et pagar a dita renda en commo sobredito he, et sobre todo esto meto-me sub a iurdiçõn ecclesiastica da iglesia de Lugo, que vos ou outren en vosso lugar me possades por ella ou por meu foro demadar, ou peru a vos mays aprouver, que de min et de meus beens possades mays agina aver comprimento de dereito, et recudir a vossa escomonyon et sentença se en min for posta sobresta rason, et non me chamar a outro foro nen a outro sennorio nihun. Et prometo a a boa fe de non yr con-tra \vesto/ por min nen por outren en iuyso nen fora del.

Et por que esto seia çerto nos, estas partes sobreditas, rogamos a Fernando Peres, notario publico de Lugo, que feçesse ende escribir duas cartas en hun the-nor a huna no livro do cabidoo et a outra para min, o dito Diego Lopes, et pon-a en cada huna dellas seu nome et seu signal en testemoyo de verdade.

Feita XXVIIIº dias de frebeiro, era de mill et CCC LXXX VIIº annos.

Testemoyas: dom Diego Ferrnandes, dayan; don Fernando de Deus, chan-tres; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçõn; don Pedro Arias, mestrescolla; Iohan Dias, Lopo Domingues, Thomas Gomes, coengos de \Lugo/; Iohan de Lovea, Gonçalvo Peres, coengos dos anivers-arios da dita iglesia de Lugo; Rodrigo Eanes, sobrinno do dito thesoreyro; Alvar Ferrnandes de Villar et Alvar Dias de Moesteyro, escudeyros.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario de noso sennor el rey, que a esto presente foy et a dita carta a rogo das ditas partes fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

## 527

1349, marzo, 2. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Rui Pérez e á súa muller e a unha voz unha casa na rúa do Campo e parte doutra próxima a esta por renda anual de 30 marabedis.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 60r.

Era de mill et tresentos et oyteenta et sete annos, dous dias dias (sic) de março.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dean, et o cabidoo da iglesia de Lugo, afforamos et avervamos a vos Ruy Peres, piliteyro, dito Leyton, morador en Burgo Novo, et a vossa muller, Viviana Peres, por en todos vossos dias et seus et de huna pessoa qual o pustrimeyro de vos nomear a tempo de seu finamento, a nossa cassa que esta na rua do Campo a par da cassa que foy de Moor Peres, nana de Lopo Domingues, nosso coengo, na qual cassa ora morava quando finou Marina Franca do Campo. Outrosy vos avervamos a vos et a dita vossa muller et a a dita pessoa a outra meatade minus a oytava da cassa que esta enna dita rua don Campo, a par desta cassa sobredita en en (sic) que a dita Marina Franca morava, enna qual cassa sobredita an a outra meatade et mays a oytava, fillos d'Aras Peres da Crus et de Afonso Martines do Campo, enna qual cassa outrosy morava ora quando finou Tareyia Ferrnandes, yrmaa que foy de Afonso do Campo, as quaes cassas sobreditas son sub a capella de San Pedro; et esta cassa et mea minus oytava sobreditas vos avervamos con suas dereyturas et pertenças et entradas et saydas et iures et agoas vertes en tal maneira et con tal condiçõn que vos et a dita pessoa que as reffaçades et reparedes d'aquel dubeyro que ouverem mester, et que as mantenades en boo estado, et que dedes a a dita iglesia de Lugo, cada anno, por alugueyro dellas trinta moravedis, d'oyto soldos o moravedi desta moneda en salvo, ou a vallia delles, et a a morte d'aquela pessoa que o pustrimeyro de vos nomear que esta dita cassa et media minus oytava fiquen livres et quitas a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Ruy Peres, que presente estou por min et por la dita minna muller et en nome da dita pessoa, assy recebo de vos, o deam et cabidoo, o dito vervo, et obrigo min et todos meus beens et da dita minna muller para pagar, cada anno, os ditos triinta moravedis en salvo, et comprir esto que dito he. Et por que esto seya certo et non vena en dulta nos, deam et cabidoo et Ruy Peres partes sobreditas, rogamos a Iacome Guillelmes, notario publico del rey en Lugo, que fezesse ende desto duas cartas en hun tenor tal huna commo a outra.

Feitas en Lugo dias et era et mes sobreditos.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres de Lugo; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pero Aras, mestrescolla; don Vaasco Dias, thesoreyro; Lopo Domingues, Alvar Rodrigues, coengos; Diego Gomes, Gonçalvo Eanes, raçoeyros; Fernando Garçia et Fernando Peres, notarios de Lugo, ts.

Et eu Iacome Guillelmes, notario publico sobredito, a esto presente foy et por rogo das partes sobreditas esta carta escripvi et puge aqui meu signal en testemoyo de verdade.

## 528

1349, abril, 11. Lugo

*O bispo e o Cabido de Lugo intercambian con Arias Pérez unhas casas na rúa da Cruz pola metade doutras na Pinguela e na rúa Miñá.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/20, perg. orix., galego, gótica cursiva, 200x221 mm.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos don frey Pedro Lopes por la gracia de Deus et da Santa iglesia de Roma, eslecto confirmado en bispo enna iglesia de Lugo, et confesor do moy noble infante don Pedro, con outorgamento de don Diego Ferrnandes, dayan, et cabidoo da iglesia de Lugo, façemos escanbea valledeyra para senpre convosco Aras Peres da Crus. Conven a saber que vos damos en escanbea por iur de vossa herdade para senpre as nossas casas que estan enna rua da Crus, sub a cappella de Santiago, as quaes son estas: des-la vossa casa en que suya morar Affonso Domingues, mercador, ata o poço do Promiçeyro con suas seydas, vergeu et cortina et arvores, et con suas entradas et seydas, et pertenenças et dereyturas, et con la carrega do aniverssario que ellas son teudas de pagar.

Et eu, o dito Areas Peres, dou a vos, os ditos esleito et cabidoo, en escanbeo por esto que me vos dades por iur de vossa herdade para senpre a meatade de huna casa que eu ey a a Pingeella, enna qual casa ora mora Fernan Preto, et a qual casa esta entre a casa da Albergaria que foy d'Affonso Rodrigues da rua Minaa, da huna parte, et da outra parte, a casa que foy d'Affonso de Negral; et dou-vos a mea d'outra casa que he enna rua Minaa, enna qual ora mora Tereyia Dona, et esta a par d'outra vossa casa en que mora Fernando Peres da Madagnela da huna parte, et da outra parte, a casa que foy de Dominga Peres Bonas Agullas; et dou-vos mays as medias de tres cassas que eu ey enna dita rua Minaa a su o poço, as quaes estan todas tres a par, et esta a par della da huna parte, a cassa que foy de Lourenso Peres da rua Minaa, et da outra parte a a cassa que foy de Duran Moniis. Et estas ditas casas vos dou con suas cortinas et seydos, et con suas entradas et iures et pertenenças et dereyturas et agoas vertes por iur de vossa herdade para senpre commo dito he; as quaes son sub a cappella de San Pedro, et douvos-las sen carrega de ninguna peyta, salvo de soldariça, et de dose soldos et medio desta moneda que ha de cada anno para o aniverssario por la dita media casa que vos dou en que mora a dita Tareyia Dona.

Et nos, estas partes sobreditas, asi damos et reçebemos as ditas escanbeas huuns d'outros commo dito he, et obligamos nossos bees para as faser senpre de pas huuns a outros, et de non passar nunca contra ellas nen contra parte dellas por nos nen por outren en iuyso nen fora del. Et por que esto seia çerto nos, as ditas

partes, rogamos et mandamos a Affonso Ferrnandes, notario publico del rey enna çiuidade de Lugo, que fesese ende duas cartas en hun tenor et possese en ellas seu signal por testemoyo de verdade, et por mayor firmidoe nos, o dito eslecto conffirmado et cabidoo, mandamos-las seellar de nossos seellos.

Que foron feytas na dita çiuidade onse dias d'abril, era de mill et treçentos et oytaenta et sete annos.

Et nos, o dito señor eslecto, firmamos esta carta de nosso nome escripto con nossa mao.

Testemoyas: frey Affonso Galvan et frey Iohan de Pallares, et Pedro Sanches, escrivan do dito sennor eslecto, et frey Iohan de Castrello, ts. O dito dayan, et don Fernando de Deus, chantres; et don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; et don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; et don Pedro Aras, mestrescolla; et don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; et don Vaasco Dias, thesoreyro; Andres Peres et Iohan Dias et Iohan Ferrnandes et Alvaro Rodrigues, coengos; Fernando Peres, notario de Lugo; et Aras Gomes, escudeiro do dayam, ts.

Electus confirmatus.

Et eu Affonso Ferrnandes, notario publico de nosso sennor el rey enna çiuidade de Lugo, a esto que dito he con as ditas testemoyas pressente fuy et por mandado do dito sennor esleito et dayam et cabidoo et a rogo do dito Aras Peres esta carta escrivi et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 529

1349, abril, 14. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Arias Gómez e a unha voz a herdade de Porto Outeiro, en Santiago de Ferroi, e outra herdade en San Román de Pallares por renda anual de 15 marabedis e unha oitava de cebada, respectivamente.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 62v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayan, et o cabidoo da iglesia de Lugo, estando iuntados no coro desa iglesia, avervamos a vos Arias Gomes de Santiago de Ferroe, escudeyro, morador en Lugo na rua da Crus, et a huna persoa qual vos nomeardes a tempo de vos a morte, toda a herdade que a iglesia de Lugo ha enno Porto Outeyro, sub signo de Santiago de Ferroe, et a herdade que os aniversarios desta iglesia de Lugo an sub signo de San Romao de Pallares, con todas suas pertenenças et dereyturas, a monte et a fonte, ut quer que vaan as ditas herdades, sub os ditos signos, a a tal pleito et vervo que vos façades lavrar et parar ben as ditas herdades, et nos dedes, cada anno, vos en vos a vida

en salvo en Lugo por la dita herdade de Porto Outeyro, XV moravedis desta mone-  
da del rey don Affonso, a oyto soldos o moravedi. Et a pesoa que vos nomeardes  
de, cada anno, dela en sua vida viinte moravedis. Et avedes a dar por la herdade,  
que he sub signo de San Romao, a os aniversarios cada anno en vosa vida  
huna oytava de çeveyra, et a pesoa que vos nomeardes de cada anno en sua  
vida duas oytavas de çeveyra, por la teega dereyta que andava ante que entrase  
Affonso. Et a finamento da persoa, que vos en este vervo nomeardes, as ditas herda-  
des deven ficar livres et quitas a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que  
y foren feytos.

Et eu, o dito Arias Gomes, que estou pressente por min et por la persoa  
sobredita, asy reço o dito vervo das ditas herdades de vos, los ditos dayan et  
cabidoo, et oblijo min et todos meus beens para conprir et pagar a dita renda, cada  
anno, commo sobredito he. Et nos, lo dayan et cabidoo sobreditos, asy vos outor-  
gamos o dito vervo. Et por que esto seia çerto et non venna en dulta nos, las ditas  
partes, rogamos a Ferrnando Garçia, notario publico del rey en Lugo, que feçese  
ende esta carta.

Que foy feyta no coro da dita iglesia de Lugo XIII<sup>a</sup> dias de abril, era de  
mill et CCC LXXX et sete annos.

Et foron presentes: don Diego Ferrnandes, dayan; don Fernando de Deus,  
chantres; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Alvar Dias, arçidiago de  
Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Dias, thesoreyro; Iohan  
Dias, Thomas Gomes, coengos; Diego Gomes, Gonçalvo Yanes, raçoeyros de Lugo;  
Fernando Eanes et Affonso Ferrnandes, Gonçalvo Peres, clerigos do coro, et Lopo  
Peres, porteyro, ts.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a esto fuy pressente et fis scrip-  
vir et puge y meu signal.

## 530

1349, abril, 14. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Fernando Rodríguez, á súa primei-  
ra muller e a un fillo un casal de herdade en Vilar de Cas, freguesías de Santa María  
de Moreira e San Salvador de Soutomerille, por renda anual de dúas terzas de pan  
mais a obriga de construír unha casa e plantar árbores.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 63r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayan, et  
o cabidoo da iglesia de Lugo, avervamos et arrendamos a vos, Fernando Rodrigues



de Vilar de Caes, et a vosa muller aquela con que primeiramente cassardes, por en todos vosos dias de anbos et de hun voso fillo qual o pustrimeyro de vos nomeardes a tempo de voso finamento, hun cassal de herdade dos aniversarios desta iglesia que he en Villar de Caes, sub signos de Santa Maria de Moreyra et de San Salvador de Souto Meyrille, con todas suas pertenenças et dereyturas, casas, arvores, a monte et a fonte, ut quer que vaan, o qual cassal voso padre, Ruy Ferrnandes, tevo avervado; a a tal pleyto et vervo que vos et o dito voso fillo lavredes et paredes ben as herdades do dito cassal, et façades y huna cassa cuberta de palla ata quatro annos primeyros et manteerla en boo estado, et façades y des arvores ut virdes que compre, et avedes a dar, cada anno, en salvo en Lugo, a aquel que tener os aniversarios desta iglesia, duas terças de pan, as duas partes de temporao et a terça de serodeo do mellor pan que y ouver posta a semente et pagardes-lo ata San Martino, cada anno, por la teega dereyta que andava ante que entrase Affonso. Et a finamento de vos et da dita vosa muller et do dito voso fillo, o dito cassal et herdades del et a dita casa feyta deven ficar livres et quitas a a dita iglesia de Lugo et a os aniversarios dela, con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Fernando Rodrigues que estou presente por min et por la dita minna muller, asy reço o dito casal et renda et vervo del de vos, lo dito dayan et cabidoo, et obligo min et meus beens et seus para o comprir asy en todo commo dito he.

Et nos, los ditos dayan et cabidoo, asy vos outorgamos o dito vervo et prometemos a a boa fe de non viir contra el. Et que esto seia certo nos, las ditas partes, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que feçese ende duas cartas tal huna commo outra no livro do cabidoo et outra a vos lo dito Fernando Rodrigues.

Que foron feytas en Lugo quatorse dias de abril, era de mill et CCC<sup>os</sup> LXXX et sete annos.

Et foron presentes: don Diego Ferrnandes, dayan; don Fernando de Deus, chantres; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Dias, thesoreyro; Iohan Dias, Thomas Gomes, coengos; Diego Gomes, Gonçalvo Eanes, raçoeyros de Lugo; Fernando Yanes, Affonso Ferrnandes, Gonçalvo Peres, clerigos do coro; Arias Gomes, scudeyro; Lopo Peres, porteyro.

Et eu Fernando Garçia, notario publico sobredito, a esto fuy presente et fiz scripvir et puge y meu signal.

## 531

1349, abril, 17. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Maria Domínguez e a dúas voces unha casa na Porta de San Pedro por renda anual de 40 soldos.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 61r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo, damos et outorgamos afforo et avervo a vos Maria Domingues, filla de Domingo Mellio et de sua muller, Eynes Ferrnandes, que foron, a nossa cassa que esta a a Porta de Sant Pedro con sua cortinna, que he dos aniverssarios, a qual de nos tinan os ditos vosso padre et vossa nana en vervo, et vos ora avedes a teer en vossos dias. Et esta dita cassa vos damos por tal condiçõn que en vossa vida ou a ora de vossa morte nomeedes huna pessoa que fique en esta cassa de pus vossa morte por en toda sua vida, et aquella pessoa que vos para esto nomeardes que en sua vida ou en sua morte que nomee et faça outra pessoa que fique na dita cassa por en toda sua vida, por tal condiçõn que estas duas pessoas que dian por foro dela, quareenta soldos desta moneda del rey don Affonso, cada anno, ou a valia delles, et a outra pessoa de pus esta que dia, cada anno, por en toda sua vida çinquenta soldos da dita moneda, ou a quen a recadar os aniverssarios por nos; et a morte da pustrimeira pessoa destas a dita cassa et cortina ha de ficar livre et quita a nos et a nossa iglesia con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, a dita Maria Domingues, pressente et outorgante meu marido, Pedro Anes, assy reçoibo este vervo et foro de vos, o dayam et cabidoo sobreditos, et oblige por min et por todos meus beens de o comprir et guardar en commo sobredito he. Et por que esto seia çerto nos, estas partes sobreditas, rogamos a Fernando Peres, notario de Lugo, que fezesse ende escrivir duas cartas en hun thenor.

Feyto foy esto en Lugo XVII<sup>e</sup> dias d'abril, era de mill et CCC LXXX VII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; don Fernando de Deus, chantes; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; Iohan Dias, Lopo Domingues, Iohan Ferrnandes, Rodrigo Affonso, coengos de Lugo; Gonçalvo Peres, sanchristan; et Lopo Peres, porteyro, ts.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario de noso sennor el rey en Lugo, que a esto presente fuy et por rogo das partes fis escrivir et puge y meu nome et meu signal.

## 532

1349, abril, 17. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a García Fernández un casal en Santa Maria de Alta por renda anual de 20 marabedis o día de Entroido.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 61r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam, et cabidoo da igelesia de Lugo, avervamos a vos Garçia Ferrnandes, fillo de Fernando Affoso de Rimaris, o nosso cassal, que he dos aniverssarios, que he en Santa Maria Alta, con suas pertenenças et dereyturas por en toda vossa vida, a a tal rason conven a saber que o lavredes et paredes ben et manteades as cassas en booo estado, et façades y çinquo arvores que fiquen feytas et pressas, et avedes-nos a dar por renda do dito cassal, cada anno, viinte moravedis desta moneda del rey don Affonso, a oyto soldos o moravedi, por dia d'Entroydo, et non nos pagando asy os ditos moravedis a o dito praso, commo dito he, que nos diades por nome de pena et pustura dous moravedis da dita moneda, cada dia, quantos dias pasaren dello praso endeante. Et a morte de vos, o dito Garçia Ferrnandes, que o dito casal fique livre et quito a nos et a nosa igelesia con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Garçia Ferrnandes, assy reço de vos dayam et cabidoo sobreditos o dito cassal, et obligo por todos meus bees de comprir esto et pagar a dita renda commo sobredito he. Et por que esto seia çerto nos, estas partes sobreditas, rogamos a Fernando Peres, notario de Lugo, que fesese ende escribir duas cartas en hun thenor.

Feita en Lugo XVII dias d'abril, era de mill et CCC LXXX VII<sup>e</sup> annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayan de Lugo; don Fernando de Deus, chantres; don Vaasco Dias, thesoreyro; Iohan Dias, Iohan Ferrnandes, Rodrigo Afonso, coengos de Lugo; et Gonçalvo Peres, sanchristan, ts.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico de noso señor el rey ena çiudade de Lugo, a esto presente foy con as ditas testemoyas et por rogo das partes fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

### 533

1349, xuño, 17. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle a Pedro Freire, clérigo do coro, a administración de agosto en Paradela por 20 marabedis mensuais e as obrigas de costume.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 71v.

Era de mill et tresentos et oyteenta et sete annos, des et sete dias de junyo.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos don Diego Ferrnandes, dayan de Lugo, et o cabidoo dese lugar, seendo juntados en cabidoo por campaa tanguda enno coro desa igelesia, arrendamos a vos Pedro Freyre, clerigo de Santa Maria da Lama et clerigo do noso coro, por en toda vosa vida a amiistraçon do mes

d'agosto que he en terra de Paradela, et avedes a dar por ella viinte moravedis de cada mes, et o pan et o vino et a sobreposta, conven a saber quatro paes de coenga et hun quartillon de vinno cada dia a o coengo, et hun medeo de vinno et dous paes a o raçoeyro, segundo he custume das outras amiistrações. Et esto avedes a faser et furnir a a dita amiistraçon de cada anno sen desconto et grando et geadá et fallas ninguas.

Et eu, o dito Pedro Freyre, que presente soio, assy reçoebó a dita renda da dita amiistraçon por en toda minna vida de vos, dayan et cabidoo, enna maneyra et por las condições sobreditas, et obliço a min et a todos meus beens, eclesiasticos et seglares, para a pagar et furnecer, cada anno et cada mes, segundo dito he. Et demays para todo asy cumprir dou-vos por fiadores a don Vaasco Dias, thesoreyro, et Diego Gomes, raçoeyro, os quaes fiadores seen presentes. Et nos, Vaasco Dias, thesoreyro, et Diego Gomes, raçoeyro, que presentes seemos, outorgamosnos por fiadores segundo dito he, et obligamos nossos beens a a dita fiadoria, por condiçon que se a o dito Pedro Freyre non demandaren o pan et o vinno de cada anno ata o mes de setembro foren quitos et des y adeante que nos nen nosos beens non seamos a elo teudos, et se llo demandaren cada anno ata o dito praso que o dito Pedro Ferrnandes que o page, segundo he custume das outras amiistrações. Et eu, Pedro Freyre, obliço a min et a todos meus beens para quitar a vos os ditos fiadores da dita fiadoria sen voso dampno.

Et nos, dayan et cabidoo, assy outorgamos a dita renda a vos, o dito Pedro Freyre, enna maneyra que sobredita he. Et por que esto seia çerto nos, las ditas partes, rogamos a Iacome Guillelmes, notario publico de Lugo, que fesese ende duas cartas en hun tenor.

Feyta era et dias et mes sobreditos.

Testemoyas: Affonso Gomes, arçidiago de Deça; Alvar Dias, arçidiago de Neyra; Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; Iohan Dias, Iohan Ferrnandes, coengos; et Tomas Gomes, Vaasco Rodrigues presentes et outorgantes, outrosy coengos; Iohan Afonso et Gonçalvo Yanes, raçoeyros; Fernando Garçia et Fernando Peres, notarios; Lopo Peres, porteyro, ts.

Et eu Iacome Guillelmes, notario publico del rey en Lugo, a esto presente foy et a rogo das ditas partes esta carta fis scripvir en este livro do cabidoo et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Lopo Afonso e a dúas voces os lugares de Vilaúxe e A Ermida, na freguesía de San Salvador de Vilaúxe, por renda anual de 50 maravedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 63r.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos Diego Ferrnandes, dayan de Lugo, et o cabidoo dese mysmo lugar, seendo iuntados en cabidoo por campaya taniuda no coro desa iglesia, segundo he husso et custume de nos iuntarnos a cabidoo, damos et outorgamos et avervamos a vos Lopo Affonso, criado de don Affonso Yanes, thestoreyro que fuy, por en todos vosos dias, et a duas persoas a pus vosa morte, huna qual vos nomeardes para esto et outra qual nomear aquela persoa que vos nomeardes, os nosos lugares que Françisco Martines, natural de Paramo, morador en Chantada, et sua muller, Maria Ferrnandes, de nos teveron en veruo; os quaes son en terra de Villahuxe, que foron de don Pedro Yanes Marinho; et damos-vos mays o noso lugar da Hermida, que chaman de Santa Maria de Cavaayro, que he sub signo de San Salvador de Villahuxe, a qual herdade se parte por meo con o moesteyro de Santa Maria de Osseyra. Os quaes vos damos con todas suas pertenenças et dereyturas, a a tal pleyto et veruo que vos paredes et façades parar ben estes lugares sobreditos, et mantenades as casas en boo estado. Et vos avedes a dar, cada anno, en vosa vida, a aquel que tener os aniversarios desta iglesia, çinquenta moravedis desta moneda del rey don Affonso, a oyto soldos cada moravedi. Et as pesoas que a pus vos veeren no dito veruo, commo dito he, daren cada anno seseenta moravedis da dita moneda. Et estos moravedis sobreditos pagardes-los, cada anno, en salvo en Lugo por dia de Pascoa de Resureççon a aquel que tener os aniversarios commo dito he. Et a voso finamento et das pesoas sobreditas deven ficar estes lugares et hermida sobreditas a os aniversarios desta iglesia de Lugo livres et quitos con todos los boos paramentos que en eles foren feytos.

Et eu, o dito Lopo Affonso, que estou presente, asy reço o dito veruo de vos, lo dayam et cabidoo sobreditos, por min et por las persoas sobreditas, et obli-go min et todos meus beens de o comprir asy en todo commo sobredito he. Et que esto seia çerto nos, las ditas partes, rogamos a Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, que fezesse ende esta carta et posesse en ela seu signal, et por mayor firmidue mandamos-la seellar de noso sello pendiente.

Que fuy feyta no coro da iglesia de Lugo XXVII<sup>o</sup> dias de iunyo, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et sete annos.

Testemoyas que foron presentes: don Diego Ferrnandes, dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pedro Arias, mestrescola; Iohan Dias, Lopo

Domingues, Rodrigo Affonso, coengos; et Diego Gomes, raçoeyro; Iacome Yanes, Iohan Ferrnandes et Gonçalvo Peres, clerigos do coro da dita iglesia; Fernando Peres, notario; Romeu Ferrnandes, omme do arçidiago de Neyra, ts.

Eu Fernando Garçia, notario sobredito, fuy presente et fis scripvir et puge y meu signal.

## 535

1349, xuño, 27. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle ao arcediago de Sarria, don García Díaz, a administración de xaneiro coas condicións acostumadas e exímemo do pagamento da sobreposta.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 70v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo por campanya taniuda enno coro desa iglesia, arrendamos a vos don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea, a nossa amiistraçon do mes de ianeyro, por en todos vosos dias con todas las rendas et dereyturas et pertenenças dela, et nos avedes de proveer o mes de pam et de vinno, segundo he custume, et dar mays cada mes por las terças seys moravedis desta moneda del rey don Affonso, et non avedes a dar sobreposta. Et arrendamos-vos-la por la dita quantia con aquelas condiçoens que se arrendan as outras amiistraçoens da iglesia de Lugo.

Et eu, o dito arçidiago, assy reçoibo a dita renda da dita amiistraçon et obli-go todos meus beens para o comprir assy, et demays para o assy conprir dou-vos por fiadores: don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon, Diego Gomes, raçoeyro de Lugo. Nos los ditos fiadores que estamos presentes et outorgantes et obligamos nosos beens a a dita fiadoria en commo dito he.

Feyta viinte et sete dias de junyo, era de mill et tresentos et oyteenta et sete annos.

Testemoyas: o dito dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Pedro Arias, mestrescola; Johan Dias, Lopo Domingues, Rodrigo Afonso, coengos; Iacome Eanes, Iohan Ferrnandes, clerigos do coro; Fernando Peres, notario, ts.

Et eu Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, fuy presente et fis scripvir et puge meu sinal.

## 536

1349, xullo, 3. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afórannlle a Fernando Arias e a unha voz os casais de Santa Marta e Regueiro, en San Fiz de Cerdeiras, co de Vilamor, en San Vicente de Pena, por renda anual de 10 marabedis.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 63v.

Sabam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da igrlesia de Lugo, avervamos a vos Fernando Arias, fillo de Arias Peres de Santa Marta, por en todos vosos dias et de huna pesoa qual vos nomeardes para esto, os nossos tres cassares de herdade que foron do arçidiago don Mateu, et que el mandou a a igrlesia de Lugo; dos quaes o hun chaman o cassal de Santa Marta et o outro do Regueyro, que son sub signo de San Fiis de Çerdeyras; et o outro o cassal que chaman de Vilamor, sub signo de San Viçenço de Penna, con todas suas dereyturas et pertenenças, casas, arvores et formaes, peru quer que vaan; os quaes casares teveron Vaasco Peres de Vaamonde et sua muler Maria Anes, filla que fuy do dito arçidiago don Matheu, et despoys o dito voso padre, Arias Peres. Et os quaes arrendamos a vos por vos faser graçia por quanto aqueles do linagem onde vos virdes os mandaron et deron a esta igrlesia; et avedes a faser lavrar et parar ben os ditos casares et herdades deles, et manteer las casas deles en boo estado, et dardes, cada anno, de renda et reverença deles en salvo en Lugo por dia de Natal, a aquel que recadar et tever os aniversarios desta igrlesia, des moravedis desta mone-da del rey don Affonso, a oyto soldos o moravedi. Et aquela pesoa, que vos nomeardes, deve aviir reçeber do dayam et cabidoo de Lugo o dito vervo dos ditos casares do dia que vos finardes, ou ela de-lo souber, ata hun mes primeyro. Et a finamento de vos et d'aquela pesoa, que vos para esto nomeardes, os ditos casares et herdades deles deven ficar livres et quitos a a igrlesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos, et quitamos-vos os novos et rendas deles do tempo pasado ata aqui.

Et eu, o dito Fernando Arias, que estou presente por min et por la pesoa que eu no dito vervo nomear, asy reçebo os ditos casares et vervo deles de vos, lo dayam et cabidoo sobredito, et conosco que son vossos et da igrlesia de Lugo, et obligo min et todos meus beens para vos pagar os ditos X moravedis, cada ano, de renda deles, et que eu et a pesoa sobredita leyxemos livres et quitos os ditos casares a vos, lo dayam et cabidoo et igrlesia de Lugo, commo sobredito he.

Et que esto seia çerto nos, lo dayam et cabidoo et Fernando Arias sobreditos, rogamos a Fernando Garçia, notario publico de Lugo, que feçese desto duas

cartas tal huna commo outra, huna no livro do cabidoo et outra a o dito Fernando Arias. Et por mayor firמידue mandamos seellar esta carta de noso seello.

Que foron feytas en Lugo tres dias de iulio, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et sete annos.

Et foron presentes et outorgantes: don Diego Ferrnandes, dayan; don Fernando de Deus, chantres; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pedro Arias, mestrescola; don Vaasco Dias, thesoreyro de Lugo; Andres Peres, Iohan Dias, Tomas Gomes, Ruy Ferrnandes, coengos; Diego Gomes, raçoeyro de Lugo, ts.

Eu Fernando Garçia, notario publico sobredito, fuy presente et fiz scrip-vir et puge y meu sinal.

## 537

1349, xullo, 30. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles ao notario Fernando Garcia e á súa muller e a unha voz unha casa na rúa do Campo. O primeiro beneficiario quedará libre de renda, mentres que o segundo pagará 60 soldos.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 64r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayan de Lugo, et o cabidoo dese mysmo lugar, seendo iuntados en cabidoo por campanya taniuda enno coro desa iglesia segudo que he usso et custume de nos iuntarmos a cabidoo, por faser graçia a vos Fernando Garçia, notario de Lugo, et por serviço que fesestes et fasedes a nos et a nosa iglesia, et faredes d'aqui adeante, damos et avervamos a vos et a vos muller, Maria Migueles, por en todos vosos dias de anbos et de huna persoa qual o pustrimeyro de vos nomear para esto, a nosa cassa que he dos aniversarios desta iglesia, que vos ia de nos teedes, que esta na rua do Campo, en que ora mora Pedro Andreu et Estevo Yanes, çapateyros, con suas per-tenças et dereyturas, que esta entre la cassa de Nuno Pellaes da huna parte, et da outra parte a casa en que morou Iohan, consineyro, et sua muller Dominga Peres; a a tal pleito et vervo que vos et a dita persoa façades huna parede que y esta começada contra a rua Minaa et mantenades a dita casa en boo estado, et por rason da dita feytura que y avedes a faser et do serviço que nos vos, Fernando Garçia, fesestes et faredes, que vos et a dita vosa muller tenades a dita cassa en todos vosos dias d'anbos sen penson nihun, et aquela persoa que vos para esto nomeardes de, cada anno, en salvo sen desconto nihun a a dita iglesia de Lugo, seseenta soldos



desta moneda del rey don Affonso, ou a valia deles, et pagardes-los a aquel que recadar os aniversarios da dita iglesia, commo he custume de se pagaren os outros alugeyros das suas casas desta villa. Et a finamento d'aquela pessoa que o pustrimeyro de vos nomear para esto, a dita casa deve ficar livre et quita a a iglesia de Lugo con a dita parede feyta et con todos los outros boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Fernando Garçia, que estou presente por min et por la dita minna muller et pesoa sobreditas, asy recebo a dita casa de vos, lo dayam et cabidoo sobreditos, et obligo todos meus beens et seus para comprimos esto que sobredito he.

Et nos, lo dayam et cabidoo sobreditos, prometemos a a boa fe de non viir contra esto. Et por que esto seia çerto nos, lo dayam et cabidoo et Fernando Garçia sobreditos, rogamos a Fernando Peres, notario publico del rey en Lugo, que fese-se ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo triinta dias de iulio, era de mill et CCC LXXX et sete annos.

Et foron presentes: don Diego Fernandes, dayam sobredito; don Fernando de Deus, chantres; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; Andres Peres, Iohan Dias, Lopo Domingues, Rodrigo Affonso, Alvar Rodrigues, Ruy Fernandes, coengos; Ruy Gomes, raçoeyro; Affonso Yanes, Iohan Fernandes, Iohan de Loveos, Iacome Yanes, Affonso Eanes, Gonçalvo Peres, coengos de aniversario da dita iglesia; Afonso Ferrnandes, notario; Fernando Domingues, yrmao de Lopo Domingues, ts.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario de Lugo, que a esto presente fuy con as ditas testemoyas et por rogo das partes sobreditas fis scrivir et puge y meu nome et meu signal.

## 538

1349, xullo, 30. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle a Afonso Rodríguez, clérigo do coro, e a unha voz unha casa situada entre a do bispo e a do hospital por 20 marabedís anuais de renda.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 73v.

VILLAAMIL Y CASTRO: «Primeros hospitales lucenses». *Galicia Histórica*, t. I, n.º 6, 1902, p. 357.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo, damos et outorgamos avervo a vos Afonso Rodrigues, clerigo do coro,

et a huna pessoa qual vos nomeardes en vida ou a a ora de vossa morte, a nossa cassa en que morou Affonso do Campo, que esta entre la cassa do bispo da huna parte, et ha do Espital da outra; a a tal condiçõn conven a saber que refaçades a dita cassa do que esta por faser, et a mantenedes en boo estado, et que nos diades, cada anno, por renda della vos et a dita pessoa, vinte moravedis desta moneda del rey don Affonso, a VIII<sup>o</sup> soldos o moravedi, en salvo sen outro desconto ningun; et a morte da dita pessoa, que vos asy nomeardes, a dita cassa ha de ficar feyta a nos et a nossa iglesia con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Affonso Rodrigues, asy reço bo este vervo, et obli go por min et por la dita pessoa de o comprir assy, commo sobredito he, por todos meus beens. Et demays para o comprir mellor, en commo sobredito he, vos dou por fiador a don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deça, este fiador presente et outorgante.

Et por que esto seia çerto nos, dayam et cabidoo et Affonso Rodrigues partes sobreditas, rogamos a Fernando Peres, notario publico del rey en Lugo, que fesesse ende escrivir duas cartas en hun thenor signadas con seu signal, a huna no livro de nos lo dito cabidoo et a outra para vos, o dito Affonso Rodrigues, et seellada con nosso seello.

Feyto fuy esto en Lugo triinta dias de iullo, era de mill et CCC LXXX VII annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayam; don Fernando de Deus, chantres; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; Andres Peres, Iohan Dias, Lopo Domingues, Rodrigo Affonso, Alvar Rodrigues, coengos; Gonçalvo Janeyro, Ruy Gomes, clerigos do coro de Lugo; Affonso Ferrnandes, notario; Fernando Domingues, dito Vidal; et Lopo Peres, porteyro do dito cabidoo, ts.

Et eu Fernando Peres, notario sobredito, a esto que sobredito he presente foy et con as ditas testemoyas, et a rogo das ditas partes esta carta en minna presença fis escrivir en este livro do cabydoo et puge y meu signal.

## 539

1349, agosto, 8. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle a Fernando Vázquez, clérigo do coro, e a unha voz unha casa na rúa do Burgo Novo por renda anual de 45 soldos e a obriga de amañala e facer unha cocíña.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 63v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayan, et o cabidoo da iglesia de Lugo, sendo iuntados en cabidoo por companya taniuda no

coro desa igreia segundo que avemos de uso et de custume de nos iuntar a cabidoo, avervamos et afforamos a vos Fernando Vaasques, clérigo do coro de Lugo, por en todos vosos dias et de huna pesoa qual vos nomeardes en vida ou a tempo de voso finamento, huna casa que he dos aniversarios desta igreia, que esta na rua de Burgo Novo, en que suya morar Ruy Peres dito Leyton, con seu saydo et con suas pertencenças et dereyturas, a qual esta entre outra casa do dito Ruy Peres, da huna parte, et da outra parte, esta outra casa de Moor Affonso, muller de Gomes Arias de Pallares. A a tal pleito et vervo que vos reparedes ben a dita casa et façades y huna cocinna de taula, ut suya estar, contra a cortinna, et a mantenades en boo estado, et dedes de renda et de alugeyro dela en salvo, a aquel que recadar os aniversarios desta igreia, en vosa vida quareenta et cinco soldos cada anno, et aquela pesoa que vos nomeardes para esto de quareenta et oyo soldos, cada anno, desta moneda del rey don Affonso. Et a voso finamento et da dita pesoa a dita casa deve ficar livre et quita a a dita igreia de Lugo, con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Fernando Vaasques, que estou presente, asy recebo a dita cassa et vervo et alugeyro dela de vos, lo dayan et cabidoo sobreditos, por min et por la pesoa sobredita, et oblijo todos meus beens et seus para reparar a dita cassa et pagar o dito alugeyro, cada anno, en salvo commo dito he, et demays para reparar asy a dita casa dou-vos por fiador don Alvar Dias, arçidiago de Neyra. Eu o dito arçidiago que estou presente et outorgante et oblijo todos meus beens a a dita fiadoria. Et que esto seia certo nos, las ditas partes, rogamos a Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, que feçese ende esta carta.

Que foy feyta enno dito lugar VIII<sup>o</sup> dias de agosto, era de mill et CCC LXXX et sete annos.

Et foron presentes: o dito dayan; don Fernando de Deus, chantres; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Alvar Dias, arçidiago de Neyra; don Vaasco Dias, mestrescola; Iohan Dias, Lopo Domingues, Rodrigo Affonso, coengos; Ruy Peres, raçoeyro; Iacome Guillelmez, notario de Lugo, ts.

[Et eu Fernando Garçia, notario publico sobredito, fuy presente et fis] scripvir et puge y meu signal.

## 540

1349, setembro, 22. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle a Rui Pérez, clérigo, e a unha voz o casal de Vila, na freguesía de San Miguel de Vilapedre, por renda anual de 40 marabedis e outras obrigas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 64v.

Era de mill et tresentos et oyteenta et sete annos, viinte et dous dias de setembre.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento de Iohan Ferrnandes, coengo de Lugo, vigaryo de don Diego Ferrnandes, dayam desse lugar, damos et outorgamos aforo et avervo a vos Ruy Peres, clerigo de Santa Maria de Villar, por en toda vossa vida et d'una pessoa qual vos nomeardes en vida ou a ora de vosa morte para esto, que seian simples et que non seia cavalleyro, nen escudeyro, nen dona, o nosso casal dos aniversarios, que he na fiigregia de sam Miguel de Villapedre, chamado o casal da Villa, con suas pertencas et dereyturas asy commo o tragia Gonçalvo Sanches, por tal condiçon conven a saber que lavredes as herdades del, et saquedes onde iuoveren mal paradadas, et refaçades as casas et mantenades en boo estado, et avedes-nos a dar por renda et foro del, vos et a dita pesoa, a aquel que recadar os aniversarios por nos, quarenta moravedis desta moneda del rey dom Afonso, a oyto soldos o moravedi, cada anno, en pas et en salvo na villa de Lugo sen outro desconto nihun, por dia de Natal, sub pea de çinquo moravedis da dita moneda quantos dias pasaren dello praso endeante, non pagando asi commo dito he. Et aquella pesoa, que vos para esto asi nomeardes a pus de vosa morte, que vena demandar et reçeber de nos este vervo, et nos que lo otorguemos dando fiador que o cumpla et que o pague commo sobredito he. Et a morte d'aquella pesoa que vos para este vervo asi nomeardes o dito casal ha de ficar a nos et a nosa iglesia livre et quito de vos et de toda vosa vos, con todos los boos paramentos que y foren feytos, et con duas oytavas sementadura d'outra vosa herdade enno dito casal, que seia boa herdade que valla de CL<sup>a</sup> moravedis a a çima.

Et eu, o dito Ruy Peres por min et por la dita pesoa, asi reçobo este casal de vos o dito cabidoo, et obligo por min et por todos meus beens de o comprir, et para o comprir asi enna maneyra que sobredita he vos dou por fiador a dom Garçia Dias, arçidiago de Sarrea, presente et outorgante. Et por que esto seia çerto nos, as partes, mandamos ende escribir duas cartas en hun thennor.

Que foy feyto en Lugo, era et dias sobreditos.

Testemoyas: dom Fernando de Deus, chantres; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Vaasco Dias, iuyz; Iohan Dias, Iohan Ferrnandes, Thomas Gomes, coengos de Lugo; Afonso Eanes, Afonso Eanes (sic), coengos d'aniversario; Afonso Ferrnandes, criado do dito Iohan Dias; et Lopo Peres, porteyro, ts., et outros moytos.

Eu Fernando Peres, publico notario de noso sennor el rey ena ciudade de Lugo, que a esto chamado et rogado presente foy con as ditas testemoyas et fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

541

1349, outubro, 12. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóránlle a Xoán Pérez e a dúas voces unha casa na rúa Nova por renda anual de 20 soldos.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 56v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayam de Lugo, et o cabidoo desse lugar, afforamos et avervamos a vos Iohan Peres d'Ovedo, morador en Lugo, para en toda vossa vida et de outras duas persoas pus vos, a huna delas qual vos nomeardes en vossa vida ou a tempo de vosso finamento, et a outra qual nomear esta pessoa que vos nomeardes, huna cassa que Affonso Rodrigues, mercador que fuy da rua Minaa, mandou a os nosos aniversarios, a qual casa he en rua Nova et esta dun cabo outra cassa que foy do dito Affonso Rodrigues, a qual el mandou a Maria Tortosa, et do outro cabo he o poço de rua Nova, sub a capella de San Pedro; a qual casa vos afforamos con todas suas dereyturas et pertenenças et entradas et saydas, a a tal condiçon que vos que façades y de novo hun sobrado de trava sobre-la rua, et vos et as ditas persoas que a reffaçades et agusedes do reparamento et adubeyro que ouver mester; et que dedes dela, cada anno, en salvo a a quen de nos tener os ditos aniversarios, viinte soldos, a quatro dineiros novos por cada tres soldos; et a finamento da pustrimeyra pessoa, das ditas duas persoas que na dita cassa foren nomeadas, que a dita cassa fique livre et quita et desenbargada a os ditos aniversarios de vos et de toda vosa vos con todos los boos paramentos que y foren feitos.

Et eu, o dito Iohan Peres, por min et en nome das ditas duas persoas, assy reço o vervo da dita casa de vos, o dito dayan et cabidoo, enna maneyra que sobredita he, et obrigo a min et a todos meus beens para faser o dito sobrado na dita casa et para pagar, cada anno, a quen tener os ditos aniversarios, os ditos viinte soldos da dita moneda en salvo.

Et nos, dayam et cabidoo, asy vos lo outorgamos segundo dito he. Et para que esto seia certo nos, las ditas partes, rogamos a Iacome Guillelmes, notario publico del rey en Lugo, que fesese desto duas cartas en hun tenor, huna dellas see-llada con noso seello pendiente et a outra que a deytase no livro do cabidoo.

Que foron feytas en Lugo XII dias de ouctubre, era de mill et CCC LXXX VII annos.

Testemoyas: don Fernando Peres, chantre; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Vaasco Dias, juys; don Lopo Gonçalves, thesoreyro; Iohan Ferrnandes, Iohan Dias, coengos, ts.

Eu Jacome Guillelmes, notario sobredito, a esto presente fuy et esta carta scripvi et puge y meu signal.

## 542

1349, outubro, 24. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranelles a Ares Fernández e á súa muller e a unha voz un casal en Vilapedre, freguesías de San Fiz, San Miguel de Goiás e San Salvador de Calleiros, por renda anual de dúas terzas de pan a unha man e doce oitavas á outra, mais a obriga de construír dúas casas, un muiño e plantar 20 árbores.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 66r.

Era de mill et trezentos et oyteenta et sete annos, viinte et quatro dias d'outubre.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo, con outorgamento de don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon, teente a amystraçon do mes de desembre en Santa Alla Alta, damos avervo et aforo a vos Ares Ferrnandes, fillo de Fernando Peres que foy de Valladares, et a vossa muller, Viviana Peres, por en todos vossos dias d'anhos et a huna pessoa qual nomeardes o pustrimeyro de vos en vossa vida ou a a ora de vossa morte, todo quanto herdamento et vos chamado do cassal de Treminado que he en Villapedre, peru quer que vaa sub signos de San Fiis et de Sant Miguel de Goyaes, et de San Salvador de Coleyros, con suas cassas, arvores et con todas suas pertenenças et dereyturas, asi commo perteeçe a a dita iglesia de Lugo, a a tal foro et vervo que vos et a dita pesoa que para este vervo for nomeada lavredes et façades lavrar et parar ben o dito herdamento et saquedes de monte aquello que foy ia lavrado, et façades y duas cassas, a huna en este primeyro anno cabo das outras que y estan, et a outra cassa que a façades con hun moyno en estes primeyros dous annos, o moyno no regueyro de Goyos ali hu el suya estar, et mantenades y as cassas et moyno feytas en boo estado; et avedes y a chantar viinte arvores que sean pereyras et maçineyras et castineyras, que fiquen feytas et presas, et mays se y mays poderdes faser; et avedes a dar, cada ano, en salvo a a huna das maos duas terças de pan et a a outra mao, doze oytavas de pan en salvo, a o amystrador que tener a dita amystraçon por la iglesia de Lugo, por la teega dereyta vella de Sarrea, as duas partes de temporao et a terça de serodeo, do mellor que y ouver posta a semente. Et a morte de vos anbos et da pesoa que o dito vervo for nomeada avedes a leyxar o dito cassal et herdamento et cassas et moyno et arvores feytos a a iglesia de Lugo, livres et quitos de vos et de vossa vos, con todos los boos paramentos que y foren

feytos. Et esto avedes a comprir, asy commo dito he, por obrigaçon de vosos bees et so la pea de çent moravedis da moneda usual.

Et eu, o dito Ares Ferrnandes que estou presente por min et por la dita minna muller et por la pesoa que for nomeada, commo dito he, asi reço de vos, dayam et cabidoo et amystrador sobreditos, o dito vervo et foro, et obrigo todos meus bees et seus para comprir en todo segundo sobredito he. Et por que esto seia çerto nos, las partes sobreditas, rogamos a Fernando Peres, notario publico de Lugo, que feçese desto duas cartas en hun tenor a hunna en este livro et a outra a o dito Aras Ferrnandes. Et por mayor firmidue nos, lo cabidoo sobredito, mandamos seellar esta carta de noso seello.

Feyta en Lugo era et dias sobreditos.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Afonso Gomes, arçidiago de Deça; don Vaasco Dias, iuys; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; Iohan Dias, Iohan Ferrnandes, Tomas Gomes, Andres Peres, coengos de Lugo; Lopo Peres, porteyro do cabidoo; et Ruy Eanes, scudeyro.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico del rey en Lugo, que a esto presente fuy et por rogo das partes fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

### 543

1349, outubro, 25. Lugo

*O Cabido de Lugo arréndalle ao chanfre don Fernando de Deus a administración de xullo por 950 marabedis anuais e as obrigas sinaladas no Estatuto Novo.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 67r.

Era de mill et tresentos et oyteenta et sete annos, viinte et çinco dias d'outubre.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam, et cabidoo da igelesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo enno coro da dita igelesia, arrendamos a vos dom Fernando de Deus, chantres de Lugo, deste San Iohan Bautista primeyro que ven endeante por en todos vossos dias, a amystraçon do mes de julio, que he da dita igelesia de Lugo, con todas suas pertenenças et dereyturas, segundo que mays compridamente perteesçe a a dita amystraçon, segundo que a agora tinna et usava don Alvar Dias, arçidiago de Neyra que foy. Et avedes a dar por la dita amystraçon, cada anno en salvo, noveçentos et çinquenta moravedis, a oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey dom Afonso, et avedes a amystrar et comprir et proveer enno dito mes de pan et de vinno a os coengos en esta maneyra: dar quatro paes et hun quartillon de vinno a o coengo et dous paes et hun meo de vinno

a o raçoeyro, et pagar C XX III<sup>o</sup> moravedis de sobreposta, et comprir et amystrar todas las cousas et cada huna delas, que se conteen enno estituto novo. Et obligamos todos nossos beens para vos faser a dita renda de paz, et avemos-vos a receber en conta tomas de rey ou de infante ou de ricoome ou de bispo ou de merino se acaesçeren, segundo que costumaron a receber ata aqui ennas outras rendas da iglesia de Lugo.

Et eu, o dito chantres, asi recebo de vos, dayam et cabidoo sobreditos, a dita renda da dita amystraçon, et obrigo min et todos meus beens, ecclesiasticos et segrares, para comprir et pagar a dita renda et as coussas sobreditas, segundo sobredito he. Et demays para o comprir asi dou-vos por fiadores a dom Affonso Gomes, arçediano de Deça, et a don Ruy Ferrnandes d'Aguiar, coengo de Lugo. Nos, os ditos arçidiano et Ruy Ferrnandes, que estamos presentes et outorgantes et obrigamos todos nossos bees a a dita fiadoria. Et por que esto seia çerto nos, dayam et cabidoo et chantres sobreditos, rogamos a Fernando Peres, notario de Lugo, que fesese escrivir esta carta.

Feyta en Lugo era et dias sobreditos.

Testemoyas: don Diego Ferrnades, dayam; don Vaasco Dias, iuys; Iohan Dias, Tomas Gomes, Andres Peres, coengos; Iohan Afonso, Gonçalvo Eanes, raçoeyros de Lugo; Iohan Afonso de San Iullao, scudeyro; Iohan Ferrnandes, criado do chantres; et Lopo Peres, porteyro do dito cabidoo.

Et eu Fernando Peres, sobredito notario publico del rey en Lugo, que a esto que sobredito he chamado et rogado presente foy con as ditas testemoyas et fiz escrivir et puge y meu nome et meu signal.

## 544

1349, novembro, 16. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles a Afonso Arias e á súa muller e a unha voz herdades en Rubín e Pedrafita, freguesías de Santa María de Rubín e Santiago da Veiga, por renda anual de 100 soldos e outras obrigas.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 65r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da iglesia de Lugo, avervamos a vos Affonso Arias, visinno de Sarrea, et a vosa muller, Tareyia Afonso, por en todos vosos dias d'anhos et a huna persoa qual o pustrimeyro de vos nomear para esto, toda quanta herdade os aniversarios desta iglesia an en Ruvín et en Pedrafita, sub signos de Santa Marina de Ruvín et de Santiago da Veyga, con todas suas pertenenças et dereyturas peru quer que



vaan, a qual herdade tragia Iacome Eanes, clerigo de Sant Salvador de Sarrea, et avedes a lavrar et parar ben a dita herdade, et dardes cada anno en salvo en Lugo C soldos desta moneda del rey don Affonso, ou d'outra moneda que os valla, a o procurador ou rendeyro dos ditos aniversarios, por dia de Natal, et vos et a dita vosa muller et a dita persoa avedes a leyxar demays a os ditos aniversarios a tempo de vosa morte huna teega de boa herdade semente da vosa enno dito lugar de Pedrafita, en guissa que fique con esta outra a os ditos aniversarios livre et quita et con todos los boos paramentos que en elas foren feytos.

Et eu, o dito Affonso Arias, que estou presente por min et por la dita minna muller et pesoa sobredito, asy recebo de vos, lo dayam et cabidoo sobreditos, a dita herdade, et obligo todos meus beens et seus para comprimos todo o que sobredito he, et leyxar a os ditos aniversarios a dita teega semente de herdade con a outra sua herdade sobredito et livre et quita a finamento da pustrimeyra persoa que y for nomeada, commo dito he. Et por que esto seia certo nos las partes rogamos a Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, que feçese ende duas cartas tal huna commo outra et posese en cada huna delas seu sinal.

Que foron feytas en Lugo XVI dias de novenbre, era de mill et CCC<sup>os</sup> LXXX<sup>a</sup> et sete annos.

Et foron presentes: don Diego Ferrnades, dayan sobredito; don Fernando de Deus, chantres; don Afonso Gomes, arçidiago de Deça; don Vaasco Dias, iuyz; Tomas Gomes et Iohan Diaz, coengos de Lugo; Gonçalvo Peres, sanchristan desa iglesia, et outros. Et por mayor firmidue mandamos seellar esta carta de noso seello pendiente.

Et eu Fernado Garçia, notario sobredito, fuy presente et fis scripvir esta carta et puge y meu sinal.

## 545

1349, novembro, 26. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo concédennles en precario a Vasco Fernández e á súa muller as propiedades da confraría de Santa María, en San Martiño de Furoes, baixo certas condicións. Deseguido, os beneficiarios dóanlle á devandita igrexa o casal de Porto, no Miño, e reservan para si o usufruto.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 65v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos Diego Ferrnades, dayan, et o cabidoo da iglesia de Lugo, seendo iuntados en cabidoo por campaña taniuda no coro desa iglesia, por faser ben et gracia a vos, Vaasco Ferrnades de Mera, por serviço que

feçestes a esta iglesia, damos a vos et a vosa muller, Costança Meendes, que tenades por en todos vosos dias d'ambos, a meatade de todo quanto herdamento et vos Vaasco Peres, que fuy morador en Onbreyro, fillo de Arias Peres de Ruveaes et de Tareyia Vaasques d'Onbreyro, avia et lle perteesçia a tempo de sua morte, en qual maneyra quier, sub signo de San Martino de Furoes, con suas casas et con todas suas pertenenças et dereyturas peru quer que vaan, sacado ende o seu quinon da leyra de Segin et dos sucos de Nespereyra, que el mandou a a dita iglesia de San Martino; a qual meatade do dito herdamento o dito Vaasco Peres mandou a a confraria de Santa Maria, que se agora feço novamente en esta iglesia de Lugo; et vos damos en tal maneyra que vos que o tenades et o façades lavar et parar ben et mantenades as casas del en boo estado, et aiades et levedes os fruytos et rendas del en toda vosa vida d'ambos. Et outrosy se acaesçer que Eynes Gomes, muller que fuy do dito Vaasco Peres, finar ante ca vos Vaasco Ferrnandes et a dita vosa muller, que a herdade que ela comprou no dito lugar de San Martino de Furoes con o dito seu marido, que ela mandou a a dita confraria a seu finamento, que vos ou a dita vosa muller, Costança Meendes, a finamento da dita Eynes Gomes, que reçebades en nome da dita confraria a dita herdade que lle ela mandou, et a tenades et posuyades con a outra herdade sobredita enna maneyra que avedes a teer essa outra sobredita da dita confraria; et outrosy se Aldara Peres, ymaa do dito Vaasco Peres, ou seu fillo, Lopo Arias, por raçon de manda que lle o dito Vaasco Peres feço, acaesçer de teeren en seus dias a meatade da herdade que o dito Vaasco Peres comprou de Ruy Vaasques, et finaren ante ca vos, que pus morte deles que a reçebades et iuntedes et tragades et tenades con esta outra en vosos dias d'ambos, commo sobredito he. Et a finamento de vos, los ditos Vaasco Ferrnandes et Costança Meendes, que todos vlos/ herdamentos sobreditos fiquen livres et quitos a a dita confraria con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Vaasco Ferrnandes, que estou presente por min et por la dita minna muller, asy reço de vos, lo dayam et cabidoo sobreditos, a dita herdade, et demays por esta graçia sobredita, que me vos fasedes, dou logo a a dita confraria para senpre por iur de herdade a meatade de hun casar, chamado do Porto, que esta na agoa do Minno et veen ferir as bocas del enna Ponte d'Onbreyro, o qual foy de Vaasco Peres d'Onbreyro, meu coyрмаo, et aiunto logo a esta outra herdade sobredita que me vos dades commo dito he, et meto logo por esta presente carta a dita confraria et vos, en seu nome, enno iur et posisson del, et conosco que o tragemos et pesuymos por vos et por la dita confraria eu et a dita minna muller con a outra herdade sobredita, et avemos a levar en nosos dias os fruytos del. Et a finamento del et da dita minna muller avemos a leyxar a a dita confraria os ditos herdamentos et a dita meatade do dito nasseyro feytos, livres et quitos con todos los boos paramentos que y foren feytos. Et para o assy conprir todo obligamos todos meus beens et da dita minna muller, movilles et rayses, gaanados et por gaanar.

Et nos, o dayan et cabidoo sobreditos, asy outorgamos todo esto commo sobredito he. Et por que esto seia çerto nos las ditas partes rogamos a Fernando

Garçia, notario publico del rey en Lugo, que feçese ende duas cartas en hun tenor a cada huna das partes a sua.

Que foron feytas en Lugo XXVI dias de novenbre, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et sete annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayan sobredito; don Fernando de Deus, chantre; don Afonso Gomes, arçidiago de Deça; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Vaasco Dias, iuys; Lopo Domingues, thesoyeyro; Iohan Ferrnandes, Iohan Dias, Tomas Gomes, Rodrigo Afonso, Gonçalvo Yanes, coengos. Et por mayor firmidue nos, lo dayan, et cabidoo mandamos seelar esta carta de noso seello pendiente para o dito Vaasco Ferrnandes.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, a esto que sobredito he presente fuy et a rogo das partes sobreditas esta carta en minna presença fis escrivir et puge y meu sinal en testemoyo de verdade.

## 546

1349, novembro, 27. Lugo

*O Cabido de Lugo reconsidera o arrendamento feito ao deán do casal de Castello.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 37r.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et sete annos, viinte et sete dias do mes de novenbre.

En presença de min Fernan Garçia, notario publico del rey en Lugo, et das testemoyas subscriptas, seendo don Diego Ferrnandes, dayan, et o cabidoo de Lugo iuntados en cabidoo por canpanya taniuda eno coro desa iglesia, por quanto acharon que o dito dayam tinna deles arrendado o cassal de Castello por LXXX<sup>a</sup> moravedis cada anno, en seus \dias/, et que era enganado enna dita renda de mays cada meatade, por ende deron a dita renda por ninhuna et arrendaronlle agora o dito cassal por quareenta moravedis, cada anno, en seus dias, con aquelas condiçoes que o antes tinna, et que de et pague a o procurador dos aniversarios. Et o dito dayam assi o outorgou et obligou seus beens a comprir.

Testemoyas: don Fernan de Deus, chantres; don Affonso Gomes, archidiago de Deça; don Garçia Dias, archidiago de Sarria; don Vasco Rodrigues, archidiago de Deçon; don Vasco Dias, iuys; don Lopo Domingues, thesoyeyro; Iohan Ferrnandes, Iohan Dias, Thomas Gomes, Rodrigo Affonso, coengos.

Et eu Fernan Garçia, notario sobredito, fuy pressente et scripvi et puge y meu signal.

## 547

1349, decembro, 3. Lugo

*O testamenteiro do cóengo, Fernando Afonso, entrégalle ao Cabido tres libros que o devandito cóengo tivo en préstamo. Deseguido, o Cabido entrégallelos ao deán, ao mestrescola e ao arcediago de Neira.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 64v.

Era M<sup>a</sup> CCC<sup>a</sup> LXXX<sup>a</sup> VII, tres dias de decembre.

En presenza de min Fernando Peres, notario publico de noso señor el rey enna çibdade de Lugo, et das testemoyas subscriptas, Iacome Peres, exsecutor do testamento de Fernando Afonso, coengo de Lugo que foy, entregou a o dayam et a o cabidoo de Lugo os tres libros que o dito Fernando Afonso delles tinna segunt se conten en huna \carta/ que ias escrita en este libro, dos quaes se outorgaron por pagos dos tres libros. Don Diego Fernandes, dayam, reçebeu en si hun Degredo et don Alvar Dias, arçidiago de Neyra, reçebeu hun libro d'un Digesto Vello, et don Pedro Ares, mestrescolla, reçebeu outro libro que se conteen os libellos et a le[...] de [...]. Os quaes reçeberon deste cabidoo en gracia, obrigando por seus bees cada hun deles de os tornar a a iglesia.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; Iohan Dias, Lopo Domingues et Tomas Gomes, coengos de Lugo.

Et eu Fernando Peres, notario sobredito, a esto que sobredito he presente foy con as ditas testemoyas et fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

## 548

1349, decembro, 11. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle ao arcediago de Sarria, don García Díaz, durante a súa vida, a metade do casal de Aveledo, en Santa María de Bóveda, por renda anual de 20 marabedis.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 66v. *Libros*, lib. 6289 con referencia ao Lib. A, fol. 66.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos o cabidoo de Lugo seendo iuntados en cabidoo por campaya taniuda no coro desa iglesia, con outorgamento de Iohan Fernandes, coengo, vigario de don Diego Fernandes, dayan de Lugo, avervamos a vos don García Dias, arçidiago de Sarrea, por en todos vosos dias, a meatade do casal de Aveledo que he da amistraçon do mes d'outubre, con suas per-

tenenças et dereyturas. Et vos avedes a faser lavrar et parar ben as herdades del et manteer las cassas en boo estado, et dardes, cada anno, del en salvo por dia de San Miguel, XX moravedis, d'oyto soldos o moravedi, desta moneda del rey don Afonso, a o amiistrador do mes de outubro, et non vos avedes atender a lavrar no monte contra Coeu salvo ata o lugar ut ora estevo a sebe. Et este vervo sobredito vos fasemos por la dita quantia por quanto non achamos quen nos por el tanto de, nen mays ca vos.

Et eu, o dito arçidiago, asy reço de vos, lo dito cabidoo, a dita renda da dita meatade do dito casal, et obligo todos meus beens para pagar os ditos XX moravedis, cada anno, commo dito he. Et que esto seia çerto nos las partes sobreditas rogamos a Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, que feçesse ende esta carta.

Que fuy feyta enno dito lugar XI dias de deçembro, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et sete annos.

Et foron presentes et testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Vaasco Dias, iuys; don Lopo Domingues, thesoreyro; Iohan Dias, Iohan Ferrnandes, Thomas Gomes, coengos de Lugo; Afonso Peres Janeyro, clerigo, ts.

Et eu Fernando Garçia, notario iadito, presente fuy et fis scripvir et puge y meu signal.

## 549

1349, decembro, 11. Lugo

*O Cabido de Lugo outórgalle poder ao xuíz don Vasco Díaz para que nomee unha persoa no foro do casal de Salgueiros.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 66v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos o cabidoo de Lugo seendo juntados en cabidoo por campaya taniuda no coro desa iglesia et con outorgamento de Iohan Ferrnades, coengo, et vigario de don Diego Ferrnandes, dayam, et de don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea, amiistrador do mes de janeyro, damos poder a vos don Vaasco Dias, juys de Lugo, que vos posades nomear en vosa vida, quando quiserdes, huna persoa en que fique o vervo do casal de Salgueiros a pus vosa morte, enno qual cassal don Alvar Dias, arçidiago de Neyra que fuy, vos a vos nomeou por persoa, et que o tenades vos et a dita persoa segundo que o o dito arçidiago tinna, dando cada anno del en salvo çen soldos, segundo que ata aqui del acostumaron a dar, a meatade del a o amiistrador do mes de janeyro, et a meatade a o amiistrador do mes de outubro; a qual amiistraçon do mes de outubro agora

esta en nos lo cabidoo por quanto Affonso Peres Janeyro, que a tinna arrendada, se partio dela.

Et eu, o dito juys et a dita persoa, avemos a faser las casas do dito casal et manteelas feytas et leyxarmos no dito casal para pobrança del hun boy et huna vaca, et V roxelos et huna porca, en guissa que fiquen no dito lugar a finamento da dita persoa. Et para o asy comprir obligo meus (sic). Et que esto seia çerto nos, las partes sobreditas, rogamos a Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, que feçese ende esta carta.

Que fuy feyta no dito lugar XI dias de desembre, era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et sete annos.

Et foron presentes et testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Vaasco Dias, juys; don Lopo Domingues, thesoreyro; Johan Dias, Johan Ferrnandes, Thomas Gomes, coengos de Lugo, et Affonso Peres Janeyro, clerigo ts., et outros.

Et eu Fernando Garçia, notario sobredito, pressente fuy et fis scripvir et puge y meu signal.

## 550

1349, decembro, 24. Lugo

*O bispo fai saber a todos os clérigos e capeláns da cidade e bispado de Lugo que Pedro Afonso do Campo foi absolto da excomuñón.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 76r, traslado polo notario Fernando Pérez a petición do tesoureiro.

Don frey Pedro Lopes da orden dos preygadores, por la gracia de Deus et da Santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, et confesor do moy noble infante don Pedro, a todos los clerigos et cappellaes da çibdade et do bispado de Lugo a que esta carta for mostrada, et a cada hun de vos, saude et ben.

Fasemos-vos a saber que nos posemos sentença d'escomonyon en Pedro Afoso do Campo, fillo d'Afonso Eanes de Negral que foy, por rason de nove onças de inçenço que el devia et era teudo de pagar a a iglesia de Lugo, de cada anno, per u agro que esta fora da villa, a a Porta Minaa, indo para Avoyñ, et mandamos a vos et a cada hun de vos que o denunciasedes por escomungado ata que pagasse o dito inçenço et veese estar a mandamento de Santa iglesia. Et ora o dito Pedro Afonso veo a nos et confessou et disso que devia o dito inçenço et o avia de pagar, cada anno, por lo dito agro, et ofreçeuse de pagar \de/ cada anno commo dito he, tan ben deste anno pasado, que o devia, commo d'aqui endeante cada anno, por

dia de Çena Domini, ou por dia de Pascoa, et pidiu-nos que o soltasemos da dita escomonyon et mandasemos a vos et a cada hun de vos que o ouvesedes por asolto. Et nos vista a sua obidiencia et a confesson que feso ante nos en commo avia a pagar o dito inçenço, cada anno, et en commo se obrigou a pagarlo, mandamos por sentença a o dito Pedro Afonso que o pagasse de cada anno segunt dito he, asy commo deveda confesada que he devida a a dita iglesia, el et outro qualquer que depouys veer del que tena este dito agro. Et nos vista a sua obidiencia mandamos a Iohan Dias, coengo da nossa iglesia, que lle dese aquella penitençia que entendesse que era seude da sua alma et o asoltasse da dita escomonyon en que sobresta raçon caera. Por que vos mandamos que o aiades por asolto et le façades benefiçio de santa iglesia. Et en testemoyo desto mandamos le dar nossa carta seellada con noso seello.

Feyta en Lugo XXIII<sup>o</sup> dias de desembre, era de mill et CCC<sup>os</sup> et oyteenta et sete annos. Ruy Gomes.

Eu Fernando Peres, publico notario del rey ena çiudade de Lugo, vi et lii huna carta scripta en papel et seellada con seelo do bispo sennor sobredito segunt por ela appariçia a qual era feyta no thenor sobredito, et a pidimento de don Lopo Domingues, thesoreyro de Lugo, fis trasladar vervo por vervo, et en este traslado puge y meu nome et meu signal.

Testemoyas que viron a dita carta: don Fernando de Deus, chantres; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Vaasco Dias, iuys de Lugo; Gonçalvo Peres, sancristan; Lopo Peres, porteyro, ts.

## 551

1350, xaneiro, 6. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlle ao racionero Rui Gómez e a unha voz o casal de Barbaín, nas freguesias de San Fiz de Muxa e Santa María de Bóveda, por renda anual de dúas terzas de pan.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 72r.

Era de mill et tresentos et oyteenta et oyto annos, seys dias de janeyro.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos don Diego Ferrnades, dean de Lugo, et o cabidoo dese lugar, seendo iuntados en cabidoo enno coro desa iglesia, avervamos a vos Ruy Gomes, raçoeyro da dita iglesia, para en toda vosa vida et de huna pesoa semellavel de vos qual vos nomeardes en vosa vida ou a tempo de voso finamento, o casal de Barbeyn que he dos aniverssarios da dita iglesia, con todas suas dereyturas et pertenenças, a montes et a fontes, peru quer que vaa sub signos de sant Fiis de

Muia et de santa Maria de Bobeda et sub outros signos quaes quer; o qual casal soya teer de nos avervado Arias Pellaes, arçidiago que fuy de Deçon; o qual casal vos avervamos por tal condiçon que façades lavrar et parar ben as herdades do dito casal et manteer as casas del en boo estado. Et avedes a dar, cada anno, vos et a dita persoa que para esto for nomeada, de renda a aquel que tever os aniversarios/ da dita iglesia arrendados, duas terças de pan, as duas partes de temporaio et a terça de serodeo en salvo. Et a finamento de vos et da dita persoa o dito casal que fique livre et quito a os ditos aniversarios con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu, o dito Ruy Gomes, que presentes estou assy reçoibo o foro et vervo do dito casal de vos o dean et cabidoo sobreditos para min et en nome da dita persoa, et obligo todos meus beens para o conprir et para pagar cada anno as ditas duas terças de pan enna maneyra que sobredita he.

Et nos, dean et cabidoo sobreditos, asy vos lo outorgamos, et por que esto seia certo et non venna en dulta nos las ditas partes rogamos a Iacome Guillelmes, notario publico de Lugo, que fesesse desto duas cartas en hun tenor, huna para vos seelada con seello colgado de nos o cabidoo, et outra que deytase no noso livro do cabidoo, anbas signadas con seu signal.

Feytas en Lugo, era et dias et mes sobreditos.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Lopo Domingues, thesoreyro, et Iohan Ferrnandes, Tomas Gomes, Gonçalvo Yanes, coengos da dita iglesia; Iohan Affonso, raçoeyro, et outros ts.

Et eu Iacome Guillelmes, notario publico del rey en Lugo, a esto fuy presente et a rogo das ditas partes esta carta fis scripvir en este livro do cabidoo et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

## 552

1350, xaneiro, 15. Lugo

*O Cabido de Lugo decide anular a orde que lles permitia aos administradores, por mor das perdas ocasionadas pola peste negra, entregar as súas administracións e establece agora unha redución proporcional nas rendas que cada un debe pagar.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 68r.

Era de mill et CCC LXXX<sup>a</sup> et oyto annos, esta feyra quince dias de janyero.

En presenza de min Fernando Garçia, notario publico del rey en Lugo, et das testemoyas subscriptas estando don Diego Ferrnandes, dayam, et o cabidoo da



iglesia de Lugo juntados en cabidoo por canpaya tanjuda, enno thesouro desa iglesia segundo he husso et custume de se juntar a cabidoo, et seendo y o moyto onrrado padre et sennor don frey Pedro Lopes por la graçia de Deus et da santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, et o dayan et cabidoo diseron que por rason que o ganno aqueles que tinnan as amiistraçoes desta iglesia se querelaran que avian en elas gran mascabo por rason da pestilencia da mortandade que acaesceu, que elles feçeran entre sy pustura et avenencia que aqueles que as quizeren leyxar ata san Iohan Babtista primeyro que ven, que o podesen faser, et o cabidoo que as reçebia a aqueles que as quisessen leyxar. Et agora que achavan que esto era gran dampno desta iglesia et moscabarian por ende moyto das rendas das amiistraçoes, et por esta rason o dito dayam et cabidoo, con outorgamento et consintimento do dito sennor obispo, revogaron a dita ordinaçon que feçeran, et mandaron et outorgaron que cada huuns tenna as suas amiistraçoes, segundo que as ante tinna, et por rason da pistilencia et da perda quelles acaesçera por ela ennas amiistraçoes poseron por omes boos: don Garçia Diaz, arçidiago de Sarrea, don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon, et Iohan Diaz, coengo, et deronlles poder que eles vissen a perda que cada hun amiistrador fasia enna sua amiistraçon, por la rason sobredita, et que o tenperasen segundo Deus et suas consciencias, tollendo a cada hun amiistrador de aquelo que avian a pagar de cada anno aquelo que entendesen que era con Deus et con rason, en guissa que os amiistradores non perdesen nas amiistraçoes tanto quanto perdian, fasendo esta relaxaçon a cada hun commo vissen que conpria, et ata aquel tempo que vissen que era guisado. Et prometeron todos en hun de estar a todas las cousas que os ditos omes boos sobre esto mandaren et tenperaren et relaxaren. Et se por la ventura alguuns de aqueles que non teen amiistraçoes non quizeren estar a o que mandaren et relaxaren os ditos omes boos, que do dia que o mando for dado a terçer dia possan consintir enno mando, ou tomar a amiistraçon con aquela relaxaçon que for feyta aquel que non quiser consintir, et que os posan costrenger o cabidoo por la sua raçon que a tome et de fiadores para ello.

Et foron presentes: o sobredito dayan; don Fernando de Deus, chantres; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Garçia Dias, arçidiago de Sarria; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pedro Aras, mestrescola; don Lopo Domingues, thesoreyro; Iohan Ferrnandes, Iohan Dias, Tomas Gomes, coengos; Gonçalvo Eanes, Iohan Afonso, Ruy Gomes, raçoeyros de Lugo, ts.

Et depouys desto era sobredita, lues XVIII<sup>o</sup> dias do dito mes de janeyro, en presenca de min Fernando Garçia, notario sobredito, seendo o sobredito dayan et cabidoo juntados por canpaya taniuda no dito thesouro et seendo y presente o dito sennor obispo, os ditos arçidiago de Sarrea, et de Deçon, et Iohan Dias, coengo, por lo poder sobredito que lles era dado por lo dito cabidoo, feçeron esta remision et relaxaçon a estas amiistraçoes et amiistradores que se sigue: primeiramente quitaron a o dayam por la amiistraçon do mes de setembro que ten, por quatro annos XXV<sup>ve</sup> moravedis cada mes, et assy ha de pagar por los terços cada

mes seteenta et çinquo moravedis, item lle quitaron mays a o dayan a sobreposta destes dous annos primeyros. Item o mes de outubro esta por arrendar. Item quitaron a o thesoreyro por lo mes de novenbre, triinta et seys moravedis et çinquo soldos e medeo cada mes, et fica de pagar XXX<sup>a</sup> moravedis cada mes, et esta remision lle feçeron por çinquo annos, item lle quitaron mays por estos dous primeyros que veen hun pan et hun medeo açunbre de vinno de cada dia por cada raçon et a sobreposta. Item o mes de deçembre tenno o arçidiago de Deçon et quitaronlle cada mes çinquaenta et quatro moravedis, et ha de pagar dusetos moravedis cada mes, et esta remision lle feseron por quatro annos. Item o mes de fevreyro ten o juys et quitaronlle XVIII<sup>o</sup> moravedis et dous coroados cada mes, et ha de pagar XL<sup>a</sup> moravedis cada mes, et esta remision lle feseron por quatro annos, item lle quitaron por estes primeyros dous annos que veen medeo açunbre de vinno cada dia de cada raçon, et este anno primeyro XI moravedis de cada raçon de pan, et o outro anno seguinte hun pan cada raçon, item lle quitaron mays la sobreposta en estos dous annos sobreditos. Item o mes de abril tenno o chantres, et quitaronlle a sobreposta por quatro annos. Item o mes de mayo tenno o thesoreyro et quitaronlle os terços por VI annos, item quitaronlle por estos primeyros quatro annos que veen a meatade da raçon do pan et hun medeo açunbre de vinno de cada raçon. Item o mes de juyo tenno o arçidiago de Deça et quitaronlle cada mes çinquaenta et seys moravedis et V<sup>o</sup> soldos et medeo, et ha de pagar dusetos et sesenta moravedis cada mes, et esta remision lle feçeron por quatro annos. Item o mes de julio tenno o juys por este anno, et quitaronlle por estes VIII<sup>o</sup> meses quarenta et seys moravedis cada mes, et ha de pagar XLV moravedis cada mes. Et cumplidos estes tempos sobreditos desta relaxações que fasen, segundo se \suso/conten, que cada hun dos amiistradores pague des y endeante aquellas contias por que teen arrendadas as amiistrações, asy commo pagavan ata aqui en pan et en vinno et en dineyros.

A qual remision et relaxaçõn feyta todos consintiron en ela enna maneyra que era feyta et demays outorgaron et mandaron que d'aqui adeante a nehun amiistrador por casso nehun que d'aqui adeante acaesca, nen por pestilençia, nen por grandio, nen por geada, nen por outra coussa nehuna, non façan mays relaxaçõn nen quitamento en estas amiistrações en que se agora esta relaxaçõn fas, nen posan leyxar as amiistrações, nen o cabidoo non lle las reçeba.

Et foron presentes a esto: o dito sennor obispo, dayan et cabidoo, et os arçidiagos de Deça et de Neyra et de Sarrea et de Deçon, o mestrescola, o juys, o thesoreyro; Iohan Ferrnandes, Iohan Dias, Alvar Gomes, Rodrigo Affonso, coengos; Diego Gomes, Gonçalvo Yanes, Ruy Gomes, Iohan Affonso, raçoeyros de Lugo, ts.

Eu Fernando Garçia, notario sobredito, fuy presente et fis scripvir et puge y meu signal.

553

1350, xaneiro, 25. Lugo

*O Cabido de Lugo afóralle a Ares Eanes e a unha voz o casal de Vilar de Coyra, nas freguesias de San Salvador de Toirán e San Xoán de Trastulfe, por renda anual de dúas terzas de pan e outras condicións.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 39v.

Era de mill et CCC LXXX VIIIº annos, XXVº dias de janeiro.

O dayam et cabidoo da iglesia de Lugo con outorgamento de don Vasco Rodrigues, arçidiago de Deçon, teente a amystraçon de desembre en terra de santa Alla Alta, avervaron, a Ares Eanes por en toda sua vida et d'una pesoa depouys de sua morte, o cassal de Villar de Coyra commo o tevera Ares Peres do Mato, asi commo perteeçe a a dita amystraçon, con suas pertenenças et dereytura peru quer que vaan, sub signos de san Salvador de Toyrae, et de Sayoane de Trastulfe; et ha de manteer as casas en boo estado et faser as outras que y estan por faser, et cantar y XXX arvores que fiquen presas et feitas no dito casal, et a dar por renda del duas terças de pan, do mellor que y ouver posta a semente, en salvo por teega dereyta, cada anno, por san Martino, enno dito casal, a o dito Vasco Rodrigues ou a quen tever a dita amystraçon por lo dito cabidoo, et a morte da pustrimeyra pesoa delles, o dito casal ha de ficar a a dita iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos, et con hun boy et con huna vaca que an de ficar de provança no dito casal, segundo que se todo esto mays compridamente conten enna carta do vervo que ende tomou o dito Aras Eanes.

Testemoyas: don Fernando de Deus, chantres; don Afonso Gomes, arçidiago de Deça; don Lopo Domingues, thesoreyro; Johan Fernandes, Johan Dias, Tomas Gomes, coengos de Lugo.

Eu Fernan Peres, notario publico del rey en Lugo, que a esto que de suso se conten presente fuy con os ditos testemoyas et fis escrivir et puge y meu nome et meu signal.

554

1350, marzo, 3. Lugo

*O bispo e o Cabido de Lugo afóranlle a Lope López e a dúas voces o casal de Sernande, en San Salvador de Camoira, e reciben a cambio o casal e pazo de Santa María de Teixeira, cuxo usufruto reservan para si o beneficiario e as dúas voces.*

MADRID, *AHN*, Cód. 417 B, fol. 48r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos don frey Pedro Lopes da orden dos pregadores por la gracia de Deus et da santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, et confessor do moy nobre inffante don Pedro, con outorgamento do cabidoo da nossa iglesia de Lugo, et de Johan Ferrnandes, nosso coengo, vigario de don Diego Ferrnandes, dayan desse lugar, avervamos a vos, Lopo Lopes d'Aguiar para en toda vossa vida et d'outras duas pessoas pus vos, semellaveis de vos, a huna delas qual vos nomeardes en vossa vida ou a tempo de vosso finamento, et a outra qual nomear a pessoa que vos nomeardes, o noso casal de Sesnande que he ennas Camoyras, con todas suas dereyturas et pertenenças, a montes et a fontes, per ut quer que vaan, sub signo de san Salvador de Camoyra, por tal condiçõ que vos et as ditas pessoas que façades lavrar et parar ben as herdades do dito casal en maneyra que se non pergan con mingoa de lavorio et mantendaes as cassas en boo estado.

Et eu, o dito Lopo Lopes, que pressente estou, assy reço o vervo do dito cassal para min et para as ditas pessoas de vos o dito sennor obispo et cabidoo, et por esta graçia et merço que me fasedes para min et para as ditas pessoas dou eu logo, a a iglesia de Lugo, para senpre por iur de sua herdade, o meu casal et herdamento que eu aio en Teyxeyro, con o paaço del que y esta, et con todas suas dereyturas et pertenenças, a montes et a fontes, peru quer que vaa, sub signo de santa Maria de Teyxeyro, a a tal condiçõ que eu et as ditas pessoas que en ellas foren nomeadas que aiamos anbos os ditos cassares en nossa vida, et a finamento da pustrimeyra pessoa que for nomeada en elles, segundo dito he, que o dito cassal de Sessnande, que me vos dades enna maneyra que sobredita he, et este outro casal et herdamento et paaço de Teyxyeyro, que vos eu dou enna maneyra que sobredita he, que fiquen anbos livres et quitos et desenbargados de min et de toda minna vos, a a iglesia de Lugo con todos los boos paramentos que y foren feytos, et con dous boys et duas vacas et huna porca de provo en cada hun dos ditos cassares.

Et nos, o dito sennor et cabidoo et vigario do dayam, assy vos outorgamos o dito vervo dos ditos cassares et recebemos logo para a dita nosa iglesia o dito cassal de Teyxeyro con seu paaço, que nos vos dades, enna maneyra que sobredita he. Et eu, o dito Lopo Lopes, assy o reço et oblijo min et todos meus beens para o comprir enna maneyra sobredita.

En testemoyo desto nos, o dito sennor obispo, rogamos a Jacome Guillelmes, notario publico del rey en Lugo, que fesese desto duas cartas en hun tenor et possesse en cada huna delas seu signal, et por mayor firmidue mandamos-las seallar con sellos de nos, o dito sennor obispo et cabidoo, colgados.

Feytos enno coro da nossa iglesia de Lugo, tres dias de março, era de mill et tresentos et oyteenta et oyto annos.

Testemoyas: don Fernan de Deus, chantre; don Affonso Gomes, arçidiago de Deça; don Ruy Fernandes, arçidiago de Neyra; don Garçia Dias, arçidiago de Sarrea; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Vaasco Dias juys; Johan Dias, Thomas Gonçalves; Alvar Rodrigues, Rodrigo Affonso, coengos, et outros.

Et eu Jacome Guillelmes, notario publico de noso sennor el rey enna çibdade de Lugo, a esto pressente foy con as ditas testemoyas, et a rogo do dito sennor obispo et vigario do dayan, et cabidoo et Lopo Lopes esta carta escrivi et puge y meu signal en testemoyo de verdade.

## 555

1350, marzo, 19. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo modifican as condicións baixo as cales lle foi arrendada a administración de outubro a Afonso Pérez, clérigo do coro.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 67v.

Era de mill et CCC LXXX VIII<sup>o</sup> annos, XIX dias março.

O dayan et cabidoo de Lugo seendo iuntados por campaa taniuda commo han de uso dese iuntaren a faser cabidoo deron et outorgaron a Afonso Peres, clérigo do coro, do ianeyro que ora pasou da era desta carta a amystraçon do mes d'outubre, asi commo ha el tinna arrendada d'ante do dito cabidoo, salvo ende en este primeyros çinquo annos que lle quitan a sobreposta et hun pan et hun meo açumbre de vinno, que lle quitan por estes V<sup>o</sup> annos primeyros que veen, por rason da pistilencia da morteydade da jente que foy, segundo que quitaron a os outros amystradores que teen as outras amystraçoas, et asi fican que ha de dar et pagar o dito Affonso Peres de los çinquo annos endeante segundo que se conten enna carta da primeyra renda que ten do cabidoo. Et outrossy o dito Affonso Peres ha de dar enno dito mes vinno vello achandoo a vender na villa, et se por la ventura o non achar a vender ha de dar a quantia commo mays valuer o vinno ennos XV dias primeyros desse mes. Et o dito Afonso Peres asi recebeu a dita amystraçon, et para comprir et gardar estas cousas sobreditas et cada huna delas, iurou a os santos avangelos de Deus, corporalmente taniudos con suas maos, et para seer obidiente et pagar ben et compridamente as raçoas a as pesoas et coengos et raçoeyros commo dito he, et d'estar a qualquer ordinamento que o dayan et cabidoo feseren sobre rason das ditas raçoas. Et para comprir o que sobredito he obrigou a si et a seus beens, iglesiarios et leygarios, et demays pra o comprir na maneyra que dita he deu por fiador a don Lopo Domingues, thesoreyro de Lugo, presente et outor-

gante a a dita fiadoria, a o dito cabidoo que o recebeu. Outrosi o dito Afonso Peres obrigou por todos seus beens de quitar o dito fiador a salvo desta fiadoria.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayan; don Fernando de Deus, chantes; don Afonso Gomes, arçidiago de Deça; don Ruy Ferrnandes, arçidiago de Neyra; don Vaasco Dias, juys; Iohan Dias, Iohan Ferrnandes, Tomas Gomes, coengos; Iohan Afonso, Ruy Gomes, raçoeyros de Lugo; et Iohan Aras, clerigo do coro.

Eu Fernando Peres, publico notario del rey ena çidade de Lugo, que a esto que sobredito he presente foy con as ditas testemoyas et por rogo das partes sobreditas fis escribir et puge y meu nome et meu signal.

## 556

1350, abril, 7. Lugo

*Aldara Eanes dóalles a Frei Xoán de Meira e ao mosteiro de San Francisco de Lugo a metade dun casal e herdade en San Miguel de Berbetouros.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/21, perg. orix., galego, gótica cursiva, 153x283 mm.

Sabeam quantos esta carta viren commo eu Aldara Eanes de Santa Maria Alta, muller que foy de Garcia Ferrnandes de Santa Maria Alta, de boa livre voontade sen constringimento de ningun, dou et outorgo en smola et en pura doaçon para senpre por iur de herdade, a vos frey Iohan de Meyra gaardan, et a o convento do moosteyro de Sant Françisco de Lugo, a meatade de todo o casal et herdamento et vos que o dito meu marido, Garcia Ferrnandes que foy, avia et lle perteesçia et lle perteesçer devia por parte de seu padre, Fernant Garcia, et de sua madre, Aldara Garcia, et de compras, et de gaanças, et de outra maneyra qualquer, en Vigo, que he en terra de Berbetouros, sub signo de Sant Miguel de Berbetouros, et sub outro signo qualquer que vaa a voz do dito casal, con todas suas dereyturas et pertenenças, et ygregario et leygario, et casas, et arvores, et formaes, a monte et a fonte, peru quer que vaan, et esta meatade do dito casal et herdamento vos dou et outorgo en doaçon et en esmonla commo dito he porque rogades et rogedes a Deus por la minna alma et do dito meu marido, et por las almas de Affonso Garcia, et de Ruy Garcia, et de Fernant Garcia, et de Mayor Garcia, et de Costança Garcia, meus fillos, que oyve do dito Garcia Ferrnandes, de que aio gaanado o dito herdamento, porque morreron en meu poder sen ydade comprida, et logo por esta presente carta vos dou o iur et a possisson et propiedade do dito herdamento, et tiro ende a min et a minna vos, et oblige meus bees para vos faser o dito herdamento de pas, et tollo vos et poder a todo omme et muller de minna parte et de estraya que vos non possa enbargar nen contrariar, nen toller este dito herdamen-

to que vos eu dou, et qualquer que vos lo contrariar que lle non valla nen seian sobre elo oydos en iusio nen fora del, et que peyten por nome de pena çent moravedis da boa moneda, a meatade a vos o dito convento et gardian, et a outra meatade a a vos del rey. Et esto fique firme en todo, et dou-vos poder que por vos ou por vossos frayres possades entrar et resçeber o dito herdamento et venderlo, et desbaratalo, et faser del todo contratu d'alieçon que quiserdes, et que vos comprir, et toda vençon et cousas que do dito herdamento feserdes eu o outorgo et aio por firme, et mando et rogo a aquel ou a aqueles que o dito herdamento tragen et teen que vos lo leyxen et desenbarguen et entreguen, et renunçio et prometo a boa fe, et faço iuramento a santos avangeos, que tango corporalmente con minnas maaos, que nunca vos esta doaçon et esmonla que vos dou tolla nen revogue nen venna contra ela en ninguna maneyra por min nen por outren en iusio nen fora del.

Et eu, o dito frey Iohan de Meyra gardian, assi resçebo o dito herdamento et doaçon et smonla que vos a dita Aldara Eanes dades a min et a o dito convento.

Et porque isto seia çerto eu, a dita Aldara Eanes, roguey a Affonso Fernandes, notario publico del rey en Lugo, que fesese ende esta carta.

Que foy feyta en Lugo, sete dias d'abril, era de mill et tresentos et oytenta et oyto annos.

Testemoyas: frey Ruy Fernandes da Mota et Lopo Pellaes et Iohan d'Alvaz, alffayates; et Pero Eanes, piliteyro, morador ena rua Minaa; et Rodrigo Ares, coytelleyro, et Pero Ferrnandes, fillo de Fernant Peres.

Et eu Affonso Fernandes, notario publico de nosso sennor el rey enna çiu-dade de Lugo, a esto que dito he con as ditas testemoyas presente fuy, et vy commo a dita Aldara Eanes feço o dito iuramento et a seu rogo esta carta en mina pressença fis escribir et puge en ella meu signal en testemoyo de verdade. (+).

## 557

1350, maio, 12. Rocha de Narla

*Acta notarial na que se recollen determinadas precisións sobre a compra efectuada por Fernán Gómez no couto de Xiá.*

MADRID, AHN, Carp. 1332 E/22, perg. orix., galego, gótica cursiva, 131x135 mm.

Era de mill et tresentos et oytenta et oyto annos, dose dias do mes de mayo.

Estando no canpo da Rocha de Narrla, en pre[sencia de] min Gonçalvo Varela, notario, et das testemoyas que iuso son escritas, feso pregunta Feran Gomes das Seyxas a Gonçalvo Sorrdo, se separavan o sesto do couto de Giae, et as herda-

des et moynos et parte do dito couto que o dito Gonçalvo Sordo avia vendudo a Iohan Eanes d'Ansiryrs, que o dito Fernan Gomes avia comprado a o dito Iohan Yanes, et o dito Gonçalvo Sordo diso que se non paravan o dito sesto et cousas do dito couto de Giae, nen das herdades et casas, moynos, igarios nen leigaryos, que os ey vendidos a Yohan Yanes d'Ansyritz et prazme moyto de os vos avedes et todo dereyto que eu avya enno couto douvo-lo en pura doaçon, a que acharen mays valedeyra. Et eu, o dito Fernan Gomes, asy dyguo a este notario que mo de synado para garda de meu dereyto.

Testemoyas que foron presentes: Estevoo Rodrigues de Graregal et Vasco Peres de Rodeyro et Roy Foçynes.

Et eu Gonçalvo Varela, notario publico enno couto da Comenda da Rocha de Narrla por lo mestre da orden de Santyago, a esto foy presente, este testemoyo escrivi, aqui puge meu nome et sinal que tal he en testemoyo de verdade. (+).

## 558

1350, xuño, 18. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo outórganlles a Fernando Pérez e á súa muller e a toda a súa voz un terreo e terzo doutro na rúa de Batitalas por dous marabedís anuais para aniversario.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 69v.

Sabeam quantos esta carta viren commo nos, o dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo aiuntados en cabidoo commo avemos de custume, da huna parte, et eu Fernando Peres Moreyra, mercador, por min et por minna muller, Maria Peres, et por nosa vos, da outra parte, fasemos vervo et instrumento entre nos que seya firme et valedeyra para senpre, conven a saber que nos, dayam et cabidoo, entendendo que he nosa prol et da iglesia de Lugo damos a vos, o dito Fernando Peres et a vosa muller, Maria Peres, et a vosa vos, hun noso terreo dos aniversarios da dita iglesia, que ias ena rua de Baticalas, dentro na villa de Lugo a par [...] noso terreo, sub a capella de Santiago, et en par d'outro terreo dos malates; et outrosi vos damos outro terreo que he dos aniversarios da dita iglesia que se parte con os andadores da villa de Lugo, en que nos avemos o terço et os andadores as duas partes, o qual terreo esta a par deste noso et en par d'outra casa que foy d'Aldara Cavalleyra, que ora ten Pedro Eanes, clerigo, sub signo da dita capella; enos quaes terreos estevero casas, et vos damos con sua lousa et madeyra et seydas et entradas et aguas vertes, pertenenças et dereyturas, por tal condiçon que o dayam et cabidoo da iglesia de Lugo que aian para senpre iamays por aniversario, por estes nosos



terreos que vos damos et pella casa et boos paramentos que en estes terreos feçerdes, dous moravedis desta moneda del rey don Alfonso, a oyto soldos o moravedi, cada hun anno por Sant Iohan Bautista, ou contia que os valla.

Et eu, o dito Fernando Peres por min et por minna vos, asi reço de vos, dayam et cabiidoo, os ditos terreos para senpre, et obligo-vos os ditos terreos con as casas et boos paramentos que en elles feses eu et minna vos, a vos pagar por elles, cada anno, por Sant Iohan os ditos dous moravedis. Et por que esto seia çerto nos, as ditas partes, rogamos a Fernando Peres, notario de Lugo, que fesese ende duas cartas en hun tenor.

Feyta XVIIIº dias de iunyo, era de mill et CCC LXXX VIIIº annos.

Testemoyas: don Diego Fernandes, dayam; don Fernando de Deus, chantes; Iohan Dias, Iohan Fernandes, Tomas Gomes, coengos; Gonçalvo Eanes, Iohan Afonso, raçoeyros; Affonso Ferrnandes, clerigos; Gonçalvo Peres, sacristan; Lopo Peres, porteyro, ts., et outros.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario del rey en Lugo, que a esto presente foy con as ditas testemoyas, et por rogo das ditas partes fis scrivir et puge y este meu nome et meu signal.

## 559

1350, agosto, 6. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo afóranlles ao notario Afonso Eanes e á súa muller e a unha voz unha casa na rúa de Bermudo Sánchez por renda anual de 10 marabedis.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 70r.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo, seendo juntados en cabidoo por campaa taniuda, segundo que avemos de custume, damos et outorgamos a vos Afonso Eanes, notario de Lugo, et a Moor Peres, vossa muller, por en vossos dias d'anbos, et a huna pesoa qual o pustremeyro de vos nomear en vida ou en morte, aforo et avervo huna nossa cassa dos aniverssarios que esta na rua de Vermun Sanches, entre outra nosa cassa dos aniverssarios, en que ora mora Rodrigo Eanes, freeyro, et da outra parte a cassa do bispo, que ora ten aforada Affoso Eanes, alfayate; a qual cassa a dita Moor Peres tinna de nos en prestamo, a a tal condiçon que a refaçades das paredes et da madeyra et de tavoados et d'aquelo que lle perteesçe et le feses mester. Et vos, o dito Affonso Eanes, et a dita vosa muller avedesnos a dar, cada anno, en vosa vida por foro para os aniverssarios, dez moravedis desta moneda, a VIIIº soldos o moravedi, por dia de Natal, et a pesoa que vos ou cada hun

de vos para esto nomeardes, que a tena depouys de vosa morte en sua vida, et anos de dar para os ditos aniversarios, dose moravedis et meo da dita moneda, cada anno a o dito praso, ou a vallia delles. Et a morte da dita pesoa que vos ou Moor Peres nomeardes, commo dito he, ha de leyxar a dita cassa con huna camera de tenda a a rua, segundo que ora esta, et con todas las outras camaras et reparamentos que y foren feytos a os aniversarios da nossa iglesia.

Et eu, o dito Affonso Eanes por min et por la dita minna muller et por aquella pesoa que eu ou ella nomear commo dito he, asi recebo este veruo et foro de vos, dayam et cabidoo sobreditos, desta dita casa, segunt que sobredito he, et obligeo min et meus bees d'estar a ello et o comprir en commo dito he. Et outrosy nos estas partes sobreditas obligamos de comprir et guardar estas cousas sobreditas huuns a outros et de non contra esto, et a parte de nos que contra esto for que peyte a outra parte çen moravedis da moneda usavel, et a carta et foro et veruo fique firme et valiosa en todo. Et por que esto seia çerto nos estas partes sobreditas rogamos a Fernando Peres, notario de Lugo, que fesese ende faser duas cartas en hun tenor, et as signase de seu sinal, et demays nos, dayan et cabidoo sobreditos, mandamos seellar de nosso seelo a carta de vos o dito Afonso Eanes.

Feyto foy esto en Lugo, seys dias d'agosto, era de mill et CCC LXXX VIII<sup>o</sup> annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayan; don Fernando de Deus, chantres; don Afonso Gomes, arçidiago de Deça; don Ruy Ferrnandes, arçidiago de Neyra; don Vaasco Rodrigues, arçidiago de Deçon; don Pedro Ares, mestrescolla; don Vaasco Dias, iuys; Iohan Ferrnandes, Iohan Dias, Tomas Gomes, coengos de Lugo, ts.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario del rey en Lugo, que a esto que sobredito he presente fuy con as ditas testemoyas et por rogo das partes fis escrivir et puge y meu nome et meu signal.

## 560

1350, agosto, 11. Lugo

*O deán e o Cabido de Lugo arréndanlle, durante cinco anos, a Afonso Fernández, clérigo de San Vicente de Ulloa, o couto de Maceda, agás o casal de Ulloa, por renda anual de 70 marabedís.*

MADRID, AHN, Cód. 416 B, fol. 70v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos, o dayam, et cabidoo da iglesia de Lugo, seendo juntados en cabidoo segundo que avemos de huso et de custume, arrendamos a vos Affonso Ferrnandes, clerigo de sam Viçenço de Hulloa, o nosso couto

de Mançeeda, que he dos aniversarios, con suas pertenenças et dereyturas, segundo que o ora tragia et husava por nos Lopo Sanches de Hulloa, sacado ende o casal de Hulloa, deste janeyro primeyro que ven da era desta carta a çinquo annos, por tal condiçõ que paredes ben o dito couto et mantenades as casas del en boo estado, et que nos dedes, en cada hun destes annos, por renda et reverença del seteenta moravedis desta moneda que ora corre, a oyto soldos o moravedi, a quen ouver de recadar os aniversarios, en pas et en salvo enna villa de Lugo, sen outro desconto nehun, por dia de San Martino, sub penna das custas et de çinquo moravedis cada dia, quantos dias pasaren deslo praso endeante, non o comprindo asy commo dito he, et a cabo destes çinquo annos compridos o dito couto ha de ficar a nos et a nosa iglesia livre de vos et de vos a voz, con todos los boos paramentos que y foren feytos.

Et eu o dito Affonso Ferrnandes, clerigo, asy reço bo esta renda do dito couto de vos, dayam et cabidoo sobreditos, et obli go por todos meus beens, iglesiarios et leygarios, de o conprir asy et pagar esta dita renda commo sobredito he. Et para o mellor conprir commo dito he vos dou por fiadores et devedores et prinçipaes pagadores conmigo de mancumun et cada hun por lo todo a Iohan Gomes, clerigo de Santa Marina de Coyna, et a Lopo Rodrigues de San Miguel de Gallineyros, et a Iohan Eanes, prelado de San Çibrao da Respostaria, presentes et outorgantes a esta fiadoria et deveda commo sobredito he, por sy et por seus beens iglesiarios et leygarios. Et por que esto seia çerto nos, las partes sobreditas, rogamos et mandamos a Fernando Peres, notario publico de Lugo, que feçese ende esta carta.

Que fuy feyta en Lugo, onse dias de agosto, era de mill et tresentos et oyteenta et oyto annos.

Testemoyas: don Diego Ferrnandes, dayan; don Fernando de Deus, chantres; Iohan Dias, Iohan Ferrnandes, Thomas Gomes, coengos de Lugo; Gonçalvo Eanes, raçoeyro; Afonso Lopes, prelado de San Fiis de Çerdeyras; et Lopo Peres, porteyro, ts., et outros.

Et eu Fernando Peres, sobredito publico notario del rey en Lugo, que a esto que dito he presente foy con as ditas testemoyas et por rogo das partes fis escrivir et puge y meu nome et meu signal.

## 561

1350, setembro, 13. Lugo

*O bispo e o Cabido de Lugo outórganlles a Vasco Fernández e á súa muller e a unha voz as herdades e rendas de Santalla de Bóveda, e reciben a cambio o pazo e propiedades de Vilar, na devandita freguesia, cuxo usufruto reserva o beneficiario para si e a voz.*

MADRID, *AHN*, Cód. 417 B, fol. 48v.

Sabeam quantos esta carta virem commo nos don frey Pedro Lopes da orden dos preegadores por la gracia de Deus et da Santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, et confessor do moyto alto et moy noble sennor rey don Pedro, con outorgamento de don Diego Ferrnandes, dayan, et do cabidoo da nossa iglesia, enprasamos et damos a vos, Vaasco Ferrnandes de Mera, et a vossa muller Costança Meendes et a huna pessoa pus vos, todas quantas herdades et rendas nos avemos enna iglesia de Santa Alla de Boveda et en toda essa dita friigregia con todos seus jures, segundo que ellas perteesçen et perteesçer deven a nos, tirando ende o yantar et o padroadigo dessa dita iglesia que fica en nos.

Et nos, os ditos Vaasco Ferrnandes et Costança Meendes, damos logo a vos, o dito sennor obispo, et a vosos susçesores por iur de herdade para senpre, o nosso paaço de Villar que foy do mestrescolla, don Vaasco Peres, con as outras cassas todas et herdades, a montes et a fontes, per ut quer que vaam, que o dito mestrescolla avia enno dito lugar de Villar, et con todas las outras herdades que nos et a dita pessoa pus nos agora avemos et ouvermos et comprarmos et gaanarmos en qual maneyra quer enno dito lugar de Villar, et en toda a frigregia da dita iglesia de Santa Alla, por tal condiçõ que nos, os ditos Vaasco Ferrnandes et Costança Meendes et a dita pessoa, tenamos en toda nosa vida o dito paaço et cassas et herdades con as outras ditas herdades et rendas que nos vos, o dito sennor obispo, dades; et a morte nosa et da dita pesoa que estas ditas cassas et paaço et outros herdamentos fiquen libres et quitos et desenbargados a vos, o dito sennor obispo, et a vosos susçesores con o dito paaço et cassas feytas et endereçadas et con todos los outros boos paramentos que y foren feytos, et con todas las outras herdades et rendas sobreditas que vos nos dades.

Et por que esto seia çerto nos, o dito sennor obispo, et Vaasco Ferrnandes et Costança Meendes mandamos et rogamos a Jacome Guillelmes, notario publico de Lugo, que fesese ende duas cartas partidas por a.b.c. en hun tenor, et possesse en elas seu signal, et por mayor firmidue nos, o dito sennor obispo, mandamos-las seellar estas cartas con noso seello et con seello do dito cabidoo colgados.

Que foron feytas en Lugo, trese dias de setembro, era de mill et CCC et oyteenta et oyto annos.

Testemoyas: don Ruy Ferrnandes, arçidiago de Neyra; Lopo Lopes d'Aguiar; Garsia Peres das Ribeyras; Ruy Dias de Teyxeyro et Martin Ruibal d'Outeyro et outros.

Et eu Jacome Guillelmes, notario publido del rey en Lugo, a esto presente foy et a rogo do dito sennor obispo et cabidoo esta carta escrivi et puge y meu signal.



